




COLECCIÓN **BASE**

Serie
Lingüística

A ESTANDARIZACIÓN DO LÉXICO



MARÍA ÁLVAREZ DE LA GRANJA
ERNESTO XOSÉ GONZÁLEZ SEOANE

EDITORES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

SECCIÓN DE LINGUA

A ESTANDARIZACIÓN DO LÉXICO

A estandarización do léxico / María Álvarez de la Granja, Ernesto Xosé González Seoane (editores). — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega : Instituto da Lingua Galega, 2003. — 605 p. : 22 cm. — (Colección Base. Serie Lingüística ; 2)

DL 2566/2003. — ISBN 84-95415-75-5

1. Lingua galega-Lexicografía. I. Álvarez de la Granja, María. II. González Seoane, Ernesto Xosé. III. Consello da Cultura Galega. IV. Instituto da Lingua Galega

Serie Lingüística nº. 2

Directores: Rosario Álvarez Blanco
Henrique Monteagudo

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 957 202 Fax 981 957 205
correo@consellodacultura.org

© INSTITUTO DA LINGUA GALEGA
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 563 100 Fax 981 572 770
ilgsec@usc.es

Proxecto gráfico e deseño de cubertas
Manuel Janeiro

ISBN: 84-95415-75-5
Depósito legal: C-2566/2003

Imprime: Grafisant, S.L.

A ESTANDARIZACIÓN DO LÉXICO

MARÍA ÁLVAREZ DE LA GRANJA
ERNESTO XOSÉ GONZÁLEZ SEOANE
(editores)

Esta obra reúne os relatorios presentados no Simposio *Léxico e estandarización en Galicia* que tivo lugar na Universidade de Santiago entre o 5 e o 28 de novembro de 2002. A súa celebración foi posible mercé ó financiamento fornecido polo Vicerrectorado de Investigación e Innovación (Universidade de Santiago de Compostela), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia) e a Secretaría de Estado de Política Científica y Tecnológica (Ministerio de Ciencia y Tecnología).

ÍNDICE

Limiar	9
<i>M. Teresa Cabré</i>	
A neoloxía, inevitable e necesaria para as linguas	15
<i>Johannes Kabatek</i>	
¿En que consiste o <i>ausbau</i> dunha lingua?.....	37
<i>Antón Santamarina</i>	
O <i>Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLG)</i> . Criterios de elaboración	53
<i>Benigno Fernández Salgado</i>	
Pureza e contaminación na estandarización da lingua.....	93
<i>Xulio Sousa Fernández</i>	
Léxico dialectal e estandarización.....	129
<i>María Álvarez de la Granja</i>	
Fraseoloxía e estándar	147
<i>Ernesto Xosé González Seoane</i>	
A estandarización do léxico en Galicia: perspectiva histórica	163
<i>Henrique Monteagudo</i>	
Sobre a norma léxica do galego culto: da prosa ficcional de Nós ao ensaio de galaxia	197
<i>María do Carme González Bueno e María dos Anxos Sobriño Pérez</i>	
O léxico agrícola como fonte de ampliación semántica	255
<i>Francisco Fernández Rei</i>	
<i>Moita costa, 'pouco' mar</i> : o léxico mariñeiro e a construción do estándar galego.....	285
<i>Moisés Barreiro Comedeiro e Fátima Rodríguez Ruibal</i>	
O recurso ó léxico medieval no galego moderno	349
<i>María Dolores Sánchez Palomino</i>	
O papel dos dicionarios na conformación e difusión da variedade estándar da lingua.....	387

<i>Xusto A. Rodríguez Río</i>	
Os préstamos na produción lexicográfica, terminográfica e enciclopédica galega actual	419
<i>Luís Daviña Facal</i>	
O tratamento do léxico científico e tecnolóxico nos dicionarios galegos	447
<i>Eloi Gestido de la Torre e Xosé María Gómez Clemente</i>	
Neoloxía, neoloxismos e dicionarios	475
<i>Xosé M. Carballeira Anllo, Manuel González González e Xosé A. Pena Romay</i>	
Mesa redonda “Proxectos lexicográficos en curso”	499
<i>Ernesto Xosé González Seoane</i>	
Palabras de clausura do simposio “Léxico e estandarización en Galicia”	551
Índice de voces citadas.....	555

LIMIAR

Das diversas tarefas que implica a planificación do corpus dunha lingua minorizada, a codificación e estandarización do léxico é seguramente unha das máis complexas e problemáticas, e o galego é un exemplo abondo ilustrativo a este respecto. A pesar disto, foron moitos os avances conseguidos ó longo dos últimos vinte anos. As *Normas Ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1982), aínda que centradas na codificación da ortografía e da morfoloxía, contribuíron enormemente á estandarización do léxico ó contemplaren cuestións que afectan de cheo a este dominio (como o tratamento dos cultismos ou dos afixos derivativos). Máis trascendencia tivo aínda a realización do *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (1989), que axiña se converteu na fonte principal de que se nutiron os dicionarios de corte prescritivo que foron vindo a lume a partir da segunda metade da década dos oitenta. Fundamentais foron tamén as contribucións dos textos terminográficos publicados neste período.

Con todo, e malia estes avances, é moito o camiño que queda por percorrer: existen evidentes deficiencias na codificación do léxico científico, na planificación e difusión neolóxica ou mesmo na comprensión por parte dos usuarios do verdadeiro valor do concepto léxico estándar.

Vista esta situación, pensamos que tal vez era chegado o momento de abrir un proceso de reflexión que nos permitise realizar un balance dos logros atinxidos e das tarefas aínda pendentes. Foi este o obxectivo que moveu á celebración do Simposio *Léxico e estandarización en Galicia*, celebrado en novembro de 2002 na Universidade de Santiago de Compostela e no que numerosos especialistas foron convidados para expoñer e debater as súas ideas sobre diversos aspectos relacionados coa estandarización do léxico. Este volume reúne as contribucións presentadas no citado Simposio, coas revisións e ampliacións que os autores consideraron necesarias para a edición dos textos.

O volume ábrese cunha reflexión xeral sobre a neoloxía léxica a cargo de María Teresa Cabré, directora do Institut Universitari de Lingüística Aplicada (IULA) da Universitat Pompeu Fabra de Barcelona. Despois de presenta-lo marco no que se desenvolve actualmente o traballo neolóxico, a autora introduce o concepto de neoloxía e sobrancea a necesidade de introducir elementos de planificación neste dominio como requirimento imprescindible para garantir a supervivencia das linguas minorizadas nun mundo globalizado. Finalmente, a profesora Cabré presenta as distintas fases e actividades do traballo neolóxico.

A contribución de Johannes Kabatek (Universidade de Friburgo) é unha reflexión sobre o *ausbau* lingüístico, entendido como o conxunto de “procesos de creación lingüística e textual que fan que unha lingua poida ser usada en tódolos ámbitos da sociedade e que sexa medio de expresión de tódolos tipos textuais imaxinables”. Tras presenta-lo concepto klossiano de *lingua ausbau*, o autor estudia os diferentes procesos que conducen á elaboración dunha lingua, nos niveis textual, sintáctico e léxico e explora a relación entre *ausbau*, sistema e norma.

Antón Santamarina, director do Instituto da Lingua Galega da USC, presenta na súa contribución os criterios de elaboración do *Vocabulario Ortográfico da lingua galega (VOLG)* (1989), fonte principal de que se serviron os dicionarios “normativos” modernos para a súa nomenclatura. Santamarina sinala dunha parte cómo se adaptaron as voces cultas e cántas se introduciron no *VOLG* e doutra, cómo se depuraron as voces vulgares. A análise do *VOLG* vén precedida dun estudio do tratamento dos cultismos e das palabras patrimoniais nos dicionarios anteriores á década de 1980.

O traballo de Benigno Fernández Salgado, profesor de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo, é unha reflexión sobre o papel xogado por ideas tales como “purismo” e “contaminación” no proceso de estandarización da lingua galega. A súa contribución ábrese cunha análise sobre o valor do concepto “pureza” en distintas áreas da realidade para centrarse a seguir na pureza lingüística. Esta reflexión introduce o estudio do autor sobre o *Diccionario de dúbidas da lingua galega* (1991), no que se analizan cáles foron os criterios que se seguiron á hora de colocar marcas de incorrección ou impureza nas entradas da obra.

Xulio Sousa, profesor de Filoloxía Galega na Universidade de Santiago, céntrase no tratamento da diversidade léxica dialectal no proceso de conformación dun estándar composicional. Tras consta-

tar a inexistencia de áreas xeográficas que destaquen pola súa diferenciación lexical, analiza diversos exemplos de concorrencia de solucións dialectais diferentes para a designación dun mesmo concepto, para a partir deles indagar nas razóns da selección e da implantación dunha ou de varias delas.

María Álvarez de la Granja, profesora de Filoloxía Galega na Universidade de Santiago, presenta as principais tarefas que debe afrontar o estandarizador ó planifica-la fraseoloxía dunha lingua e sinala as peculiaridades das expresións pluriverbais que deben ser tidas en conta á hora de levar a cabo tal tarefa. O traballo remata cunha reflexión sobre a especial significancia das unidades fraseolóxicas como transmisoras e reveladoras da cultura que as sustenta.

O artigo de Ernesto González Seoane, profesor de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago, presenta unha perspectiva histórica do proceso de estandarización da lingua galega. González Seoane revisa as opinións vertidas por diferentes autores entre mediados do XIX e os primeiros anos da década de 1980 verbo da relación entre a conformación do galego culto e (1) o galego popular, (2) o castelán, (3) o portugués, (4) o galego antigo, mostrando a evolución ideolóxica que tivo lugar ó longo do período indicado.

Henrique Monteagudo, profesor de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago, analiza e compara a importancia de Otero Pedrayo e Ramón Piñeiro na conformación dunha variedade culta galega a través da análise do vocabulario de *A romaría de Xelmírez* e *Olladas no futuro*. O autor conclúe que, malia a significancia de Otero na recreación literaria da lingua, o seu contributo para a modernización e intelectualización do idioma non é comparable coa achega de Ramón Piñeiro, autor fundamental na constitución do galego culto contemporáneo. A análise das obras citadas vén precedida dunha extensa reflexión sobre as características da variedade culta das linguas e sobre o proceso de estandarización, no que a modernización e a autenticación se presentan como dous aspectos necesarios, complementarios e, en certa medida, contrapostos.

Carme González Bueno e Anxos Sobriño Pérez, bolsieras do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago, analizan a importancia do recurso ó arrequentamento semántico do vocabulario agrícola como mecanismo modernizador do léxico galego. As autoras ofrecen unha clasificación elaborada a partir de dous criterios: o predominio no uso do significado recto ou do significado ampliado e a (in)existencia dunha liña cronolóxica definida no proceso de ampliación semántica. Como as mesmas autoras conclúen, os numero-

os exemplos ofrecidos testemuñan a contribución dos procesos de enriquecemento semántico do léxico agrícola á elaboración dun estándar culto galego.

Francisco Fernández Rei, profesor de Filoloxía Románica na Universidade de Santiago, analiza o tratamento do léxico mariñeiro na elaboración do estándar galego. A súa contribución ábrese cun repaso ós vocabularios e estudos específicos; a seguir, analiza o tratamento do léxico do mar na literatura, poñendo especial atención naqueles textos que serviron para introducir ou popularizar no galego escrito determinadas palabras do ámbito mariñeiro. O artigo remata cun estudo da presenza (e tamén da ausencia) do mar no *VOLG*.

Co obxecto de determinar a importancia do recurso ó patrimonio léxico medieval na conformación do estándar galego, Moisés Barreiro Comedeiro e Fátima Rodríguez Ruibal, bolseiros do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago, analizan a presenza na tradición escrita moderna de medio cento de voces recuperadas dos textos antigos, desde as primeiras documentacións modernas ata os usos actuais. O traballo remata cun estudo sobre o aproveitamento de arcaísmos para o léxico xurídico-administrativo e cunha reflexión sobre as posibilidades que ofrece o léxico militar medieval para o anovamento de certos campos lexicais do galego actual.

O traballo de María Dolores Sánchez Palomino, profesora de Lingüística Xeral da Universidade da Coruña, céntrase na vinculación entre os dicionarios e o estándar léxico. A autora analiza, de modo xeral e con aplicación concreta ó caso do galego, o seu papel tanto de conformadores como de difusores da variedade culta dunha lingua. Tralo seu estudio, no que aborda tamén a función dos repertorios terminolóxicos, a autora conclúe que as obras lexicográficas son “un instrumento de primeira magnitude no proceso global de estandarización lingüística”.

Xusto Rodríguez Ríó, lingüista do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago, tras presentar unha definición e tipoloxía do préstamo lingüístico, aborda o tratamento dos préstamos léxicos nos dicionarios galegos actuais. O seu obxectivo é determinar cáles son os criterios que regulan a súa incorporación (ou o seu rexeitamento) no estándar léxico. O autor conclúe que tanto a selección como a presentación dos préstamos nos dicionarios galegos actuais está rexida pola asistematicidade e que cómpre potenciar a súa naturalización, ben a través do uso de préstamos por substitución, ben a través do uso de préstamos léxicos no canto de estranxeirismos.

O profesor Daviña Facal, catedrático de Xeoloxía e Bioloxía de Ensino Secundario, aborda o tratamento lexicográfico do vocabulario científico e tecnolóxico e pon de relevo as principais eivas que presentan os dicionarios galegos e o *VOLG* a este respecto (ausencias rechamantes, erros nas definicións, problemas na adaptación de cultismos...). A contribución do autor remata cunha serie de suxestións que teñen por obxecto paliar-las deficiencias expostas.

O obxecto do traballo de Eloi Gestido de la Torre e Xosé María Gomez Clemente, membros do Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo, é estudar a relación entre neoloxía e dicionarios. Tras presentar-las características máis salientables do proxecto que se está a levar a cabo no Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo e tras ofrecer unha definición e tipoloxía dos neoloxismos, os autores abordan o tratamento e a posición de catro dicionarios galegos actuais verbo dos neoloxismos léxicos. Gestido de la Torre e Gómez Clemente conclúen que, malia que a relación entre os neoloxismos e os dicionarios non é fluída, pode percibirse nos últimos tempos un cambio, “unha reacción máis positiva fronte ós fenómenos de creación espontánea”.

Na seguinte contribución, representantes de tres dos proxectos lexicográficos actualmente en curso –Xosé Manuel Carballeira Anllo (Edicións Xerais), Manuel González González (Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega) e Xosé Antonio Pena Romai (Edicións do Cumio)– analizan distintos aspectos relativos á vinculación entre dicionarios e estandarización. Os tres lexicógrafos estudian as mudanzas operadas nos últimos anos nos dicionarios galegos e reflexionan sobre a maior ou menor adecuación de tales mudanzas ós cambios sufridos pola lingua galega, tanto desde o punto de vista do seu corpus como do seu status.

O volume péchase coas palabras pronunciadas no acto de clausura do Simposio por Ernesto González Seoane, responsable do seu comité organizador.

A NEOLOXÍA, INEVITABLE E NECESARIA PARA AS LINGUAS

M. Teresa Cabré

Institut Universitari de Lingüística Aplicada. UPF

Antes de iniciar esta exposición desexaría agradecerlles ós organizadores deste Simposio, e moi especialmente ós profesores Ernesto González Seoane e María Álvarez de la Granja, a confianza que depositaron na miña persoa encomendándome a conferencia de apertura deste Simposio con que se celebra o vixésimo aniversario da publicación e oficialización das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. E agardo coa miña intervención contribuír ó obxectivo fundamental deste encontro: facer un balance reflexivo sobre o acadado na elaboración e difusión do léxico estándar da lingua e a partir desta reflexión establecer qué temas semellan cubertos e qué outras parcelas da lingua ou do seu tratamento e implantación quedan aínda por facer.

A miña intervención, sen embargo, non se pode centrar na análise da situación do galego, e xa que logo, vou tratar o tema da neoloxía en xeral, da neoloxía como recurso sempre presente nas linguas e totalmente indispensable para as linguas en estado de minorización, quer por cuestións de índole social ou política, históricas ou non, quer por razón da súa demografía.

E aínda que me propoña tratar de modo xeral a neoloxía como fenómeno lingüístico motivado social, psicolóxica e politicamente, e como recurso imprescindible para a actualización de todo sistema dunha lingua, heime centrar fundamentalmente na neoloxía léxica, isto é, no vocabulario, concibido como o conxunto das unidades léxicas de todo tipo, incluídas as de valor especializado, tamén denominadas termos. A razón paréceme obvia: a neoloxía léxica é o caso máis frecuente de innovación lingüística e o exemplar máis prototípico da creatividade nas linguas.

Intentarei xustificar por qué a neoloxía en xeral é necesaria e valorar a planificación neolóxica como factor de estabilización e identificación lingüísticas nun mundo en que a denominada “globalización” empurra cara a unha uniformidade na que algunhas linguas e culturas teñen moito que perder.

Propóñome tamén argumentar sobre a lexitimidade da planificación lingüística dentro dunha visión da linguaxe que non se reduza á simple gramática e abranga os aspectos psicolóxicos e sociais das linguas naturais.

E finalmente tratarei de valorar as posibilidades desta planificación aplicada ó léxico e amosar cómo un tratamento sistemático no marco dun proceso planificado para a lingua no seu conxunto garante unha estabilización máis eficiente do léxico, para rematar presentando as fases de traballo en neoloxía e os instrumentos de que se serve este traballo na época actual na que a tecnoloxía pode axudar a levalo a cabo.

Dividín a miña exposición, tras unha breve introducción, en tres grandes partes: a primeira sobre o marco da neoloxía, a segunda sobre o concepto e a utilidade da neoloxía, e unha terceira parte sobre o traballo neolóxico.

0. INTRODUCCIÓN

A neoloxía, como campo de coñecemento e de traballo aplicado, adquiriu importancia a partir dos anos setenta, sobre todo relacionada co léxico especializado.

Esta evolución pódese explicar por varios motivos:

(a) En primeiro lugar, polo proceso de desenvolvemento da ciencia e a técnica, que fixo xurdir unha gran cantidade de conceptos novos que necesitan unha denominación.

(b) En segundo lugar, pola evolución da sociedade no seu conxunto, que conduciu a unha situación aparentemente contradictoria entre un recoñecemento da pluralidade e unha necesidade de procurar estratexias de comunicación universal.

(c) En terceiro lugar, pola intervención dos gobernos nas linguas, que conduciu á formulación de orientacións sobre o uso lingüístico dirixidas ós falantes e sobre todo ós axentes de difusión máis representativos: a administración, o ensino e mais os medios de comunicación.

(d) Finalmente, pola proliferación de escenarios de comunicación pluri-lingüe, coa abertura de espazos comúns de transacción económica e cultural que requiren unha regulación dos usos lingüísticos. Se se supón que nestes espazos as linguas deben ter un nivel de igualdade, teñen que dispoñer dos mesmos recursos para expresar e intercambiar todos os conceptos en todas as situacións de comunicación. Na consecución desta igualdade a neoloxía xoga un papel fundamental.

En síntese, podemos dicir que a neoloxía é un dos recursos que utilizan as linguas para a súa continuidade, e as linguas en proceso de normalización ou en estado de minorización, para a súa supervivencia.

Para linguas coma o galego ou o catalán, a neoloxía é moito máis transcendente ca para linguas coma o francés ou o alemán. A razón parece básica: só se unha lingua é quen de se adaptar ás mudanzas sociais pode subsistir como lingua *apta para todos os usos*. En caso contrario, isto é, se non é quen de lles dar resposta ás necesidades cada vez máis diversificadas da sociedade, está destinada a se converter progresivamente nunha lingua familiar e coloquial, perdendo primeiro o seu *status* de lingua de cultura e, co tempo, está condenada a ser substituída.

A neoloxía, pois, en tanto que obxecto de estudio e de aplicación, non se limita a unha soa faceta, a lingüística, senón que presenta polo menos tres facetas diferentes:

(a) Unha faceta lingüística: todo código lingüístico dispón de recursos suficientes para expresar a novidade.

(b) Unha faceta cultural: a neoloxía reflicte a cultura dunha sociedade ou dun grupo social e, asemade, amosa o estado de desenvolvemento técnico e cultural dunha sociedade.

(c) Unha faceta política: para asegurar a subsistencia dunha lingua hai que activar espontaneamente ou conscientemente recursos que a actualicen permanentemente.

1. O MARCO DA NEOLOXÍA

1.1. O papel das linguas na sociedade actual

É evidente que a neoloxía, malia a tripla faceta que acabo de presentar, é un fenómeno basicamente lingüístico e, como tal, hai que o situar no marco das linguas: dos seus sistemas e dos seus usos, das súas peculiaridades e das súas converxencias, da súa realidade individual e social.

E nesta faceta social ninguén nega que a sociedade actual vive unha época de mudanzas, e que as linguas se ven afectadas por elas. As transformacións demográficas, sociais, políticas e económicas que se están producindo desde hai xa unhas décadas xeraron unha serie de necesidades comunicativas nas que as linguas exercen un papel de primeira magnitude. A evolución das linguas está fortemente condicionada por estes cambios. Ó mesmo tempo, o desenvolvemento destas necesidades suscitou unha diversidade comunicativa descoñecida ata hai pouco e a resolución técnica destas necesidades obrigou a formar profesionais adecuados para cubrilas con rigor.

Neste panorama de mudanzas, mentres as sociedades que lideran a economía de mercado impoñen de xeito natural as súas propias normas (incluída a

imposición de lingua), as sociedades economicamente dependentes, se que-
ren conservar a súa especificidade lingüística e cultural, deben arbitrar políti-
cas orientadas a lograr que a lingua propia sexa de uso normalizado, que poi-
da e sexa utilizada para todas as funcións de comunicación. Para isto
necesitan dispoñer dunha lingua estabilizada gramaticalmente, lexicamente ac-
tualizada, e suficientemente flexible para se adaptar ós diferentes tipos de
comunicación.

Emporiso, esta necesidade non adoita resolverse espontaneamente. Nunha
situación óptima para a normalización dunha lingua, o principal instigador
do cambio lingüístico é a propia sociedade que utiliza unha lingua e, nesta
situación, a administración unicamente asume a función de coordinar e or-
denar o proceso. Pero como a realidade demostra, deixar o proceso de
normalización dunha lingua ó arbitrio dos factores continxentes que se pro-
duzan de maneira natural non parece ser o mellor camiño para acadar resul-
tados positivos. Ante unha situación así, as institucións deben asumir o pa-
pel de xestores do cambio lingüístico e contar con lingüistas, asesores,
xornalistas, administradores e ensinantes para a súa execución.

1.2. Linguas, desenvolvemento e cambios sociais

Que a linguaxe é o medio máis representativo de relación entre os
dous piares definitorios dunha sociedade, o cultural e o económico, seme-
lla doado de xustificar: desde o punto de vista cultural, é o medio máis
global de expresar e afirmar unha cultura particular; desde o punto de vis-
ta económico, é unha peza indispensable porque lles ofrece ós seus falan-
tes a posibilidade de se desenvolveren e melloraren económica e social-
mente, e vehicula a relación entre a cultura propia e a que se percibe
como dominante.

Se estes son os dous esteos dunha sociedade, unha planificación lingüís-
tica adecuada debe integrar nunha mesma estratexia dous obxectivos:

- (a) Culturalmente, debe propoñerse que a lingua sexa utilizada en todos
os ámbitos de actuación vehiculando un mundo xenuíno, mais cambiante.
- (b) Economicamente, debe asegurarse de que dispón dos recursos sufi-
cientes e adecuados para unha comunicación eficaz en todo tipo de transac-
cións.

Unha operación complexa deste tipo require esclarecer previamente qué
se entende por desenvolvemento e qué consecuencias ten participar nel pa-
ra unha comunidade falante, xa que a noción de desenvolvemento nace vin-
culada á industrialización, e con ela os países industrializados encabezan un
expansionismo económico que, sen dúbida ningunha, ten repercusións cul-
turais e lingüísticas para os países menos desenvolvidos.

As repercusións lingüísticas da integración neste concepto de desenvolvemento son notorias. Xorden novas necesidades comunicativas que hai que cubrir superando as barreiras lingüísticas, xa que cómpre comunicarse cada vez con máis países de linguas diferentes. Para isto pódese optar por unificar a lingua de relación, fundamentalmente en determinados ámbitos e para determinados usos, coa perda de espazos de comunicación para unhas linguas, ou utilizar a lingua propia recorrendo á axuda humana (tradutores e intérpretes) ou tecnolóxica (traducción automática, xeración de resumos, etc.). En ambos os dous casos a lingua en cuestión debe posuír os recursos expresivos necesarios.

As repercusións culturais son tamén evidentes. As novas necesidades lingüísticas que proceden das demandas sociais causan alteracións de orde cultural e social porque a comunicación internacional e o prestixio de determinados modelos culturais provoca unha tendencia á homoxeneización, e, polo tanto, á perda dos valores xenuíños. A través da neoloxía léxica é fácil rastrexar estes valores importados.

1.3. Cambios sociais e novas necesidades lingüísticas

Con todo, semella razoable asumir que as linguas só sobreviven se se adaptan ós tempos e responden ás necesidades das sociedades en que se falan e dos individuos que as utilizan. Isto é, que só se cumpren os requisitos de *modernidade*, *flexibilidade* e *intercambio* teñen minimamente asegurada a súa supervivencia.

Unha lingua ancorada nun único rexistro é unha lingua condenada a morrer. Unha lingua non actualizada ó ritmo que se actualiza a sociedade está destinada a desaparecer por falta de eficacia. Unha lingua illada do escenario multilingüe que se impón hoxe é tamén unha lingua con poucas posibilidades de sobrevivir. E ademais, nun mundo en que a tecnoloxía se atopa no primeiro plano das actividades de comunicación e intercambio, as linguas deben poder ser tratadas tecnoloxicamente, xa que unha lingua que non estea á altura das demais linguas concorrentes no plano tecnolóxico non pode participar nos sistemas de intercambio do futuro.

Neste complicado panorama social e político, varios parecen ser os factores que contribuíron prioritariamente ós cambios, e semella que cada factor abriu un camiño evolutivo que afectou á situación e á concepción da linguaxe.

1.3.1. Primeiro factor: o paso do monolingüismo ó plurilingüismo

As relacións internacionais, tanto políticas como culturais e económicas, medraron de xeito espectacular nas últimas décadas. Economicamente pasouse do mercado local á *aldea global*.

Nestas circunstancias as linguas que non participan en primeira liña da comunicación internacional (e son moitísimas as que están nesta situación) sofren un proceso de minorización que as coloca nunha situación non equitativa canto á creación espontánea de recursos destinados ó intercambio interlingüístico. A neoloxía xoga un papel de primeira magnitude na superación deste desequilibrio.

1.3.2. Segundo factor: o paso do xeral á especialización

A ciencia e mais a técnica coñecen hoxe un desenvolvemento sen precedentes. Este rápido crecemento do coñecemento, coa aparición de novos campos de investigación, provocou o nacemento de campos conceptuais novos que requiren novas denominacións.

A información multiplicouse e os datos adquiriron un carácter cada vez máis especializado. A esta situación contribuíron de maneira decisiva os medios de comunicación de masas, difundindo amplamente a información especializada, coa conseguinte interacción entre o léxico xeral e a terminoloxía, e a vulgarización do coñecemento, ata hai pouco restrinxido exclusivamente ós profesionais.

Os recursos neolóxicos son esenciais para lles atribuír ós novos conceptos denominacións espontáneas, moitas veces non apropiadas, pero delas pode partir o traballo de normalización de neoloxismos e a cuñaxe de formas adecuadas.

1.3.3. Terceiro factor: o paso da idiosincrasia á uniformidade

A ampliación mundial dos mercados foi a causa, e á súa vez o efecto, do paso do produto artesanal á fabricación en cadea. Un feito condicionou o outro: por unha parte, a produción en masa de bens de consumo esixiu un mercado cada vez máis extenso. Por outra, a ampliación do espazo de relación comercial requiriu a fabricación en masa de bens de consumo e unha renuncia á especificidade, coa conseguinte homoxeneización dos produtos. Así, o produto estándar pasou a ocupar practicamente a totalidade do mercado.

Tamén as linguas foron obxecto de homoxeneización, coa creación de estándares de comunicación, e con isto renunciaron voluntariamente á conservación dalgunhas das súas especificidades.

Nesta situación os neoloxismos importados doutras linguas ou creados espontaneamente constituíron, por veces desproporcionadamente, a base para un proceso de estandarización do léxico novo.

1.3.4. Cuarto factor: o paso do natural ó tecnolóxico

Da conxunción do desenvolvemento tecnolóxico no eido da información e das múltiples necesidades comunicativas, xurdiron as industrias da linguaxe, termo que serve para denominar un vasto campo de actividade industrial.

Coa aparición e desenvolvemento das industrias da linguaxe, a sociedade propúxose superar un triplo reto:

(a) Un reto económico de concorrencia no mercado da edición, da tradución, dos bancos de datos, dos programas de diálogo persoa-máquina, etc.

(b) Un reto cultural de supervivencia como sistemas vehiculares aptos para todo tipo de comunicación e tratamento.

(c) Un reto político de adaptación á modernidade, de inserción no multilingüismo, de articulación en proxectos internacionais de cooperación.

A neoloxía é un dos casos que, ademais de poder ser tratada tecnoloxicamente como veremos máis tarde, debe figurar no proceso de tratamento automático das linguas naturais, xa só polo feito de ser unha realidade nelas.

1.3.5. Quinto factor: o paso da espontaneidade á planificación

A concentración da riqueza e a case exclusiva localización da creación científico-técnica nas potencias economicamente dominantes producen, como se sabe, unha transferencia unidireccional de coñecementos e produtos. Esta falta de equilibrio ten consecuencias notorias para as linguas. Das moitas posibles poden destacarse dúas: a selección de linguas para usos profesionais e a perda de autenticidade dunha das partes nos intercambios asimétricos.

No que atinxe ó primeiro punto, cabe destacar o feito de que no mundo actual se estea a producir una situación paradoxal. Por un lado, téndese cara a un monolingüismo argumentado sobre a necesidade de entenderse e de reducir os posibles ruídos da comunicación. Por outro lado, reivíndicase o uso das linguas propias nun intento cada vez máis xeneralizado de conservar o patrimonio cultural.

No que respecta ó segundo punto, dáse unha perda de características enxebres nas linguas, como consecuencia da internacionalización das relacións. Prodúcese unha entrada unidireccional de préstamos, sobre todo técnicos e comerciais. No punto de orixe, unhas poucas linguas de países economicamente dominantes; no punto de destino, un número vastísimo de linguas de países non innovadores tecnoloxicamente, e incluso dalgúns que ata hai pouco se consideraban culturalmente potentes.

A esculca da neoloxía permite observar esta penetración imparable nas linguas menos favorecidas, e isto malia os esforzos institucionais por remedialo.

2. A NEOLOXÍA: CONCEPTO E NECESIDADE

2.1. *Concepto de neoloxía e omnipresencia nas linguas*

Para lexicólogos clásicos como Guilbert (1975) ou Rondeau (1983), a neoloxía é o estudio dos fenómenos lingüísticos que aparecen nun momento dado nunha lingua. Estes fenómenos poden manifestarse en calquera dos niveis lingüísticos: a fonética, a fonoloxía, a morfoloxía, a sintaxe, a semántica ou o léxico.

Falamos de neoloxía léxica para referímonos á aparición de palabras novas. A novidade destas palabras, denominadas neoloxismos, pode radicar nun cambio fonético, nunha variante morfolóxica, nun novo uso sintáctico, nunha nova acepción semántica dunha palabra xa existente ou no feito de aparecer unha nova unidade léxica.

Non obstante, este concepto de neoloxía, basicamente gramatical, resulta pobre para dar conta das actividades aplicadas que actualmente se desenvolven en neoloxía e que poden exemplificar o campo de traballo dos neólogos. Este campo comprende alomenos cinco actividades diferentes:

(a) O estudio teórico e a descrición das innovacións léxicas: os procesos e os recursos de creación neolóxica, os criterios de recoñecemento, aceptabilidade ou difusión dos neoloxismos, os aspectos culturais e sociais da neoloxía, etc.

(b) O proceso de creación de unidades léxicas mediante o uso consciente ou inconsciente dos mecanismos de creatividade lingüística habituais nunha lingua.

(c) A actividade institucional organizada e planificada de vixilancia, recompilación, análise, normalización, difusión e implantación dos neoloxismos, dentro do marco da política dunha lingua.

(d) A actividade de identificación dos sectores especializados novos, recentes ou lacunares, para os que cómpre achar novas denominacións.

(e) O seguimento do uso de neoloxismos para actualizar adecuadamente os dicionarios xerais ou especializados mediante as novas denominacións enraizadas no uso.

Hoxe en día o ámbito da neoloxía abriuse á investigación e ó traballo aplicado e a súa importancia aumentou en numerosos países, sobre todo pola relación que mantén con tres actividades fundamentais para as linguas: a

lexicografía, a creación de termos especializados e as políticas de normalización.

A neoloxía é unha actividade, un proceso, unha dinámica que, no interior dun sistema lingüístico, dunha entidade cultural ou dun grupo social, produce unidades léxicas e terminolóxicas novas, quer para vehicular as novidades dun mundo en evolución constante, quer para designar conceptos existentes dunha maneira distinta (Rey 1988).

Unha das mostras da vitalidade dunha lingua é a súa capacidade de crear novas palabras. Esta actividade é plenamente funcional: na medida en que se producen cambios sociais, a lingua adáptase a estas mudanzas e xera novas unidades.

E é certo que canto máis consolidada está social e politicamente unha lingua máis áxil será a capacidade dos seus falantes de xerar novas palabras sen lles preocupar se estes novos usos están aceptados ou non polos dicionarios.

As linguas consolidadas impoñen novos usos de maneira natural, pola súa mesma forza social. En cambio, nas linguas minorizadas ou en situación difícil, ben sexa polo número de falantes ou polas súas condicións sociais ou económicas, a pesar de teren idéntica capacidade para xerar neoloxismos, os seus falantes actúan con moita máis prudencia, fundamentalmente nos usos públicos e formais.

Esta prudencia débese a varios factores, entre os cales probablemente está a inseguridade: o uso de formas novas non codificadas nos dicionarios pode inducir unhas veces a pensar que se trata dunha falta de dominio da lingua ou dos seus rexistros funcionais. Outras veces, a unha censura social sistemática ante calquera transgresión involuntaria ou voluntaria da norma.

Con todo hai que ter en conta que calquera lingua viva con vontade de seguir séndoo ten que ser creativa e aberta se desexa que os seus falantes se sintan seguros, e isto aínda ó prezo de perder algún grao de enxebreza. De se aceptar que as linguas evolucionan e que o contacto entre elas produce interferencias, hai que entender tamén como natural que unha lingua viva xere novas unidades para se adaptar ós cambios sociais simplemente para aumentar os seus recursos expresivos.

A neoloxía non se pode rexeitar por principio, senón que hai que aceptala como un dos recursos lexítimos das linguas para se actualizaren. Diría aínda máis, unha lingua viva ten vigor interno se os seus falantes son quen de producir de xeito espontáneo, pero controladamente, neoloxismos e diversificalos de acordo coas situacións de comunicación.

2.2. Utilidade da neoloxía

Como acabamos de avanzar, tres son os campos aplicados máis inmediatos para o traballo neolóxico:

(a) A *lexicografía*, porque se precisa actualizar os dicionarios de lingua xeral dada a evolución permanente das linguas.

(b) A *terminoloxía*, porque cómpre crear novas unidades para designar e denominar os conceptos das especialidades.

(c) A *planificación lingüística*, porque hai que establecer criterios que guíen a creación de novo léxico.

Xustificar estas tres aplicacións é tarefa doada. De entrada é preciso lembrar que o marco xeral en que se sitúa a neoloxía aplicada é o de asegurar que unha lingua é apta e adecuada para todo tipo de comunicación, tanto desde o punto de vista temático como de escenario comunicativo. Neste marco, os produtos lexicográficos e terminolóxicos testemuñan que unha lingua dispón dos recursos necesarios e suficientes, co que os seus falantes gañan seguridade, e que esta mesma lingua ten a vitalidade necesaria para se adaptar ás novidades e mudanzas conceptuais e comunicativas.

A *lexicografía* ou elaboración de dicionarios é a aplicación máis importante da lexicoloxía. A información de calquera dicionario require unha revisión continua polo menos en tres aspectos:

(a) A actualización da nomenclatura.

(b) A actualización das informacións lingüísticas das entradas (definición, valor gramatical e exemplos).

(c) A actualización das indicacións de neoloxicidade.

Neste campo, o neólogo ocúpase de recompilar as novas unidades ou os novos usos que aparecen no discurso dos falantes, de os analizar e de valorar a súa estabilidade. Unicamente se se xulgan suficientemente estables e enraizados no uso pasan a se considerar candidatos a entrar nos dicionarios. Tamén se responsabiliza o neólogo de actualizar as marcas de neoloxicidade das entradas ou informacións dun dicionario. A propiedade de ser novo, ou neolóxico, é unha condición efémera: o uso fai que esta propiedade se converta, co tempo, en obsoleta. A mobilidade, pois, da marca de neoloxicidade das palabras e dos seus usos é constante e debe cambiar de edición a edición.

A *terminoloxía* é outro dos campos en que se recoñece explicitamente a importancia da neoloxía. Isto é explicable se temos en conta que os ámbitos especializados en xeral, e os científico-técnicos en particular, son as áreas de maior evolución. Nos ámbitos de especialidade, fundamentalmente nos sectores punta, a neoloxía é unha necesidade indispensable e continua, tanto nas linguas en que se producen as innovacións (neoloxía de creación) como

nas linguas de sociedades receptoras da innovación (neoloxía de adaptación).

Finalmente, o terceiro sector no que o traballo do neólogo resulta tamén moi relevante é o da *planificación lingüística*, para a que a neoloxía vén a ser unha materia de intervención, sexa para erradicar os préstamos excesivamente traumáticos para un sistema ou unha política da lingua, sexa para crear novas unidades que poidan desprazalos. Afondaremos a continuación neste campo.

2.3. A planificación da neoloxía, factor estratéxico nas linguas en situación de minorización

Dixemos ata o de agora que en todas as linguas se dan procesos neolóxicos e que estes procesos forman parte da competencia dos falantes. A descrición das creacións neolóxicas permite observar que os neoloxismos non se constrúen a través de procesos e recursos específicos, senón que empregan os mesmos patróns e recursos que describen as palabras consolidadas da lingua. Esta observación xustifica a hipótese de que a competencia do falante describe a un tempo a estrutura das unidades coñecidas e a formación das unidades novas.

Os neoloxismos poden clasificarse de acordo con polo menos tres criterios: o seu modo de formación, a súa vía de creación e entrada na lingua, e o seu ámbito de uso.

(a) O primeiro criterio é o do modo de formación. É abondo coñecido que as tres vías esenciais de integración de novas unidades no léxico dunha lingua son:

- en primeiro lugar, a *creación* de novas unidades *ex-nihilo* (moi pouco frecuente excepto en publicidade);
- en segundo lugar, a *formación* de palabras novas a través dos recursos morfolóxicos, sintácticos, semánticos e fonolóxicos das linguas;
- en terceiro lugar, os procesos de *préstamo*, nos que se inclúen os préstamos propiamente ditos e mais os calcos.

O segundo modo de formación neolóxica é con diferenza o máis frecuente nas linguas vivas. O propio sistema proporciona recursos para aumentar o léxico da lingua sen necesidade de recorrer ós doutras linguas. Este modo de formación de léxico novo ten a vantaxe de que os falantes dunha lingua perciben os neoloxismos como palabras xa coñecidas porque obedecen a patróns que eles mesmos teñen interiorizados.

(b) O segundo modo de clasificación dos neoloxismos baséase na vía pola que foron creados. De acordo con este criterio distinguimos entre os *neoloxismos espontáneos* e os *planificados*.

A neoloxía espontánea é froito dun acto individual, mentres a neoloxía planificada, aínda que tamén pode ser individual, é basicamente institucional.

En segundo lugar, a neoloxía espontánea prodúcese por algunha das dúas razóns seguintes: ou denominar un concepto novo ou introducir unha variación estilisticamente marcada ou simplemente expresiva no sistema de denominación. A neoloxía planificada é sempre un acto reflexivo co propósito de dotar unha lingua de recursos de expresión e comunicación propios. Xa que logo, ten como obxectivo primordial a preservación dunha lingua e utiliza como base as nocións de norma e de pureza lingüística.

En terceiro lugar, o éxito da neoloxía espontánea radica nas posibilidades de difusión da información nova; en cambio o da neoloxía institucional radica nas medidas de implantación utilizadas, que normalmente son institucionais: a escola, os medios de comunicación e a Administración.

En cuarto lugar, a razón fundamental que explica a neoloxía planificada é a necesidade, ben sexa de denominar un concepto novo (*neoloxía referencial*), ben sexa de erradicar unha denominación que non se considera idónea (*normalización léxica* ou *terminolóxica*). O motivo máis frecuente que xustifica a neoloxía espontánea, en cambio, é a busca de expresividade ou orixinalidade no discurso. Hai que ter en conta que a neoloxía planificada adoita ser institucional e que unha institución non dedica esforzos na produción de novas unidades lingüísticas se non hai unha necesidade social ou política que o xustifique.

E por último, a neoloxía espontánea adoita ser o resultado de dous tipos de proceso: ou ben é un acto inconsciente por parte do falante, que forma unha unidade nova sen se decatar de que se trata dunha unidade non codificada nas obras lexicográficas, ou ben crea unha unidade nova para chamar a atención do destinatario ou para facer máis orixinal o seu discurso.

(c) O terceiro criterio de clasificación dos neoloxismos corresponde ó seu ámbito de uso. Por este criterio, diferenciamos entre *neoloxía xeral* e *neoloxía especializada* ou *neonimia*.

A neoloxía xeral é a propia da lingua común e dos usos de todos os falantes, e a neoloxía especializada (tamén denominada *neonimia*), dos ámbitos e usos especializados e é xerada basicamente polos especialistas ou por mediadores comunicativos de tema especializado (tradutores ou intérpretes especializados e divulgadores científicos).

Estes dous tipos de neoloxía presentan diferencias profundas que, como afirma Rondeau (1984), un neólogo debe coñecer.

A *neoloxía xeral*:

- é espontánea
- ten un carácter lúdico e expresivo

- adoita ser efémera
- non teme a concorrencia sinonímica
- adquire un valor estilístico específico e úsase nun rexistro normalmente informal; non interfere, senón que reforza a eficacia comunicativa
- adoita ser concisa
- non adoita recorrer ó fondo culto grecolatino, senón que aproveita o fondo dialectal e os préstamos
- non adoita traspasar o grupo social que a produciu

En contraste, a *neoloxía especializada*:

- adoita ser planificada
- ten carácter referencial porque é necesaria para denominar un concepto
- presenta maior grao de estabilidade
- tende a desprazar a sinonimia porque interfere a eficacia na comunicación
- úsase nun rexistro formal e adoita rexeitar as connotacións
- adoita ser morfoloxicamente construída ou sintagmática
- recorre, sobre todo nalgúns ámbitos, ó fondo culto grecolatino (recurso recomendado ademais polas normas ISO para a formación de denominacións estandarizadas)
- tende a se adaptar ás denominacións internacionais ou ás doutras linguas de cultura

3. O TRABALLO NEOLÓXICO

3.1. Fases e actividades

Vimos que a neoloxía é en si mesma un campo de coñecemento e aplicación. Como campo de reflexión teórica afronta, por unha banda, temas tan complexos como as estratexias de incorporación de novas unidades no léxico, a adquisición de léxico por parte dos falantes, a caracterización gramatical das novas unidades e a súa compatibilización coas unidades existentes, e ás veces sinónimas, etc.

Por outra banda, a análise da neoloxía permite coñecer o estado dunha lingua e medir o grao de vitalidade que ten, o que abre un campo novo de investigación.

E finalmente, a neoloxía dá lugar por si mesma a aplicacións concretas como son a elaboración de dicionarios de neoloxismos, a resolución de denominacións lacunares en determinados ámbitos, ou a proposta de liñas de intervención que guíen a creación neolóxica planificada.

Seis son as actividades fundamentais nun traballo neolóxico organizado:

(a) A descrición de necesidades, incluíndo o que os francófonos denominaron a *veille néologique*.

(b) O traballo de recompilación (permanente) de neoloxismos a través da creación de observatorios.

(c) A normalización de neoloxismos e a formulación de criterios de orientación da neoloxía por parte das institucións con autoridade sobre as linguas e dentro dun plan xeral de normalización das ditas linguas.

(d) A difusión dos neoloxismos mediante publicacións de acceso fácil: bancos de datos, boletíns, revistas, etc.

(e) A implantación dos neoloxismos, tarefa dos organismos administrativos responsables da normalización dunha lingua.

(f) A actualización dos recursos lexicográficos, terminolóxicos e especializados en xeral mediante a incorporación dos neoloxismos consolidados e a retirada das unidades e marcas obsoletas.

Como podemos observar, a responsabilidade dalgunhas destas actividades correspóndelle á Administración, pero outras somos os lingüistas os que podemos asumilas dentro dos nosos respectivos campos de investigación. Este é o sentido da creación de observatorios de neoloxía, como o creado na Universidade de Barcelona en 1989, e trasladado desde 1993 á Universidade Pompeu Fabra, e o que se ocupa da lingua galega, localizado na Facultade de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo, dirixido polo profesor Gómez Clemente.

3.2. Observatorios de neoloxía e tecnoloxías lingüísticas

Un observatorio é, como o seu nome indica, un posto desde o que se contempla e se vixía. Trátase dunha unidade de traballo que ten como centro de atención a aparición de novas unidades no discurso dos falantes.

A finalidade desta actividade foi amplamente tratada con anterioridade: para coñecer a realidade dunha lingua hai que recompilar permanentemente mostras do seu uso. Os bancos textuais son o recurso máis global para cubrir esta necesidade. Os observatorios de neoloxía son estruturas concentradas nun só fenómeno lingüístico.

Non me vou deter nas distintas fases do traballo que se leva a cabo nos observatorios, xa que supoño que o observatorio dedicado á lingua galega debeu ser presentado en numerosas ocasións. Só vou xebrar as fases deste traballo e, dentro de cada fase, os ítems máis representativos deste proceso:

(1) A primeira fase dun observatorio corresponde ó seu deseño e organización. Nesta fase existen catro tarefas fundamentais:

- (a) Seleccionar o corpus de discurso sobre o que se vai traballar permanentemente (corpus fixo ou cambiante, pero previsto de antemán). Este corpus pode ser oral e / ou escrito, espontáneo ou planificado, xeral ou selectivo, etc.
 - (b) Establecer os criterios de recoñecemento de neoloxismos.
 - (c) Facer explícito o protocolo de traballo dos investigadores co fin de que o traballo resulte sistemático.
 - (d) Elaborar os materiais de organización da información, a poder ser en soporte dixital e en formato de base de datos, e nunha situación óptima a partir de textos orais ou escritos dixitalizados.
- (2) A segunda fase dun observatorio consiste no núcleo fundamental de traballo, centrado na recompilación e análise dos neoloxismos detectados no corpus.

Nesta fase o neólogo ocúpase de:

- (a) Detectar os neoloxismos mediante os criterios establecidos.
 - (b) Consignalos na base de datos representando cada información de maneira axeitada.
 - (c) Analizar cada neoloxismo e complementar a súa información con novos datos extraídos doutras fontes.
- (3) A terceira fase de traballo dun observatorio de neoloxía, unha vez constituída a base de datos neolóxica e convenientemente completada a información, inclúe todas as actividades relativas á explotación dos datos recompilados. Esta explotación comprende:
- (a) Vehicular os datos neolóxicos pertinentes cara ós organismos, institucións e centros de traballo adecuados: organismos de normalización lingüística, institucións académicas responsables de normativa lingüística, centros de investigación lingüística, empresas de dicionarios, servizos lingüísticos, etc.
 - (b) Difundir as unidades neolóxicas a través de publicacións, comunicacións e dando acceso ó banco de datos mediante convenio ou a través de Internet.
 - (c) Investigar sobre as constantes, as sistematicidades, as repercusións sociais, etc. dos neoloxismos, ou ben nun período determinado ou na súa evolución, e contrastalos coa neoloxía recollida en observatorios doutras linguas.
 - (d) Elaborar recursos lingüísticos cos datos neolóxicos, xa se trate de recursos autónomos como por exemplo dicionarios de neoloxismos en xeral ou por materias, xa sexa para complementar outros recursos existentes (dicionarios en soporte papel, dicionarios electrónicos, correctores automáticos, sistemas de tradución asistida, xeradores de texto, programas de axuda á redacción, etc.).

Ora ben, se por un lado o concepto de neoloxía se considera bastante estabilizado, por outro, os criterios de recoñecemento de neoloxismos están moito máis diversificados. A etiqueta de neoloxismo pode chegar a se converter nunha marca polémica polo feito de concentrar varios parámetros de identificación, e máis aínda, porque en si mesma a neoloxía é unha condición sempre diacrónica: o que hoxe é neolóxico pode non selo despois de aparecido no uso.

Por esta inestabilidade Alain Rey (1988) considéraa un *pseudo-concepto*, porque na maioría de casos, afirma, depende dun xuízo relativo e subxectivo que non se basea na novidade obxectiva senón no sentimento de novidade.

Dos distintos criterios¹, pois, que se propuxeron para lle atribuír a condición de neoloxicidade a un fenómeno léxico, os observatorios seleccionaron o máis obxectivo (que non obxectivo): o lexicográfico. Así pois, partiron do feito observable de que unha unidade é neolóxica na lingua xeral se os dicionarios máis usuais (non necesariamente normativos) non a inclúen. E unha unidade especializada será neolóxica se os dicionarios especializados da materia non a integraron na súa nomenclatura. Sabemos que se trata dun criterio moi discutible, mais adoptouse polas súas posibilidades de aplicación sistemática.

De acordo con este criterio haberá unidades que, en entrando nun dicionario, deixan de ser neolóxicas para un observatorio, a pesar de que neste dicionario leven unha marca que as identifique como neoloxismos. E haberá outras unidades, as efémeras, que desaparecerán do uso sen chegar a perder nunca o seu carácter de neoloxismos.

A existencia dunha rede de observatorios para as linguas románicas, cada vez máis ampla e activa, sobre a base de usar os mesmos ou similares criterios de identificación, consignación e análise, permite neste momento facer estudos comparativos sobre o galego, o catalán, o castelán, o italiano, o francés, o portugués de Portugal e o portugués do Brasil.

Algúns destes observatorios, entre eles o galego, están a elaborar xuntamente, no marco da Rede REALITER, un proxecto de neoloxía económica en todas as linguas románicas baseándose no corpus da prensa diaria.

Recentemente púxose en marcha para o español o proxecto "Antenas de neoloxía", coordinado polo observatorio de Barcelona, consistente en esta-

1 Os criterios propostos foron: (a) a diacronía: unha unidade é neolóxica se é de aparición recente; (b) a lexicografía: unha unidade é neolóxica se non aparece en determinados dicionarios; (c) a inestabilidade sistemática: unha unidade é neolóxica se presenta signos de inestabilidade formal (morfolóxicos, gráficos, fonéticos) ou semántica; (d) a psicoloxía: unha unidade é neolóxica se os falantes a perciben como tal.

blecer núcleos de observación interconectados nos distintos puntos do territorio hispanofalante, co fin de recompilar a variación neolóxica e poder observar as súas similitudes e diverxencias.

A difusión das tecnoloxías aplicadas ás linguas deulle ó traballo neolóxico unha viraxe importante, xa que actualmente a detección de neoloxismos, polo menos dos de carácter formal, se realiza automaticamente. Párese de textos en soporte informático (existe unha grande cantidade de xornais e outros documentos en Internet) e, a través de programas que comparan sistematicamente cada unidade que aparece nun texto coas entradas dos dicionarios considerados de referencia, detéctanse e establécense os neoloxismos. Estas unidades pasan directamente, mediante un programa de xestión de bases de datos, a un formato de rexistro de base de datos.

Un xestor automático de dicionarios xerarquiza as procuras e atribúelles valores distintos ós datos neolóxicos segundo a súa aparición nas distintas fontes.

Un programa de lematización permite comparar cada unha das formas gramaticais dos textos coas entradas lemáticas dos dicionarios, pero asemade conserva a frecuencia de cada forma considerada neolóxica a fin de constatar se a innovación léxica se produce a nivel de lema ou de forma.

Con esta cadea de traballo informatizada as actividades neolóxicas entran de cheo no tratamento automático da linguaxe natural, xa que se integran no proceso que se inicia coa descrición dos textos dun corpus e pasan por todas as fases de procesamento automático destes textos, ata chegar á obtención dun corpus de unidades léxicas consideradas neolóxicas.

Cada unha destas unidades arrastra toda a información procedente dos textos nos que se detectou, máis todas as informacións obtidas nas distintas fases do seu procesamento (características morfolóxicas, frecuencia, funcións sintácticas que exerceu, etc.).

Polo momento só os neoloxismos de forma poden ser detectados automaticamente, pero traballos recentes na Universidade de Liverpool e algúns dos que se iniciaron no Grupo de investigación de léxico, terminoloxía e discurso de especialidade (IULATerm) da Universidade Pompeu Fabra, permiten albisar a posibilidade de entrar nos neoloxismos sintácticos e semánticos. Pero para chegar satisfactoriamente a este estadio fai falla aínda moita investigación e desenvolvemento de ferramentas sofisticadas.

3.3. En conclusión

Tratei nesta exposición introductoria de presentar un panorama xeral da neoloxía situada no marco das linguas. Partín dunha concepción social e

funcional das linguas, que vai alén da súa consideración gramatical, e sitúei a neoloxía neste cadro.

Para isto asumín que as unidades léxicas non son unicamente unidades do sistema lingüístico, senón que tamén identifican os individuos, os grupos e unha sociedade no seu conxunto, e permiten detectar o grao de evolución dunha lingua e o vigor interno que posúe.

Por esta razón a neoloxía non pode interesarlles unicamente ós lingüistas, senón tamén a especialistas doutras materias como a socioloxía, a psicoloxía, a antropoloxía ou a enxeñería do coñecemento e das linguas. Non cabe dúbida de que a análise dos inventarios neolóxicos é unha boa base para facer reflexións sobre as características, a evolución e as perspectivas dunha sociedade nun momento dado.

E desde un punto de vista aplicado, a neoloxía sistemática interésalles ás institucións políticas e académicas e ás empresas lexicográficas.

Vimos tamén que os observatorios de neoloxía son pezas clave no campo de traballo neolóxico. A finalidade primeira dos observatorios de neoloxía é a de detectar os recursos novos que aparecen espontaneamente nas linguas, analízalos, e se son pertinentes, vehiculalos cara a institucións que orientan a política lingüística ou que se ocupan da estandarización ou normativización das linguas. No caso das linguas en estado de minorización, o traballo neolóxico é aínda máis importante.

Os observatorios de neoloxía, conectados a corpus textuais, son instrumentos eficaces para manterse informado e en alerta sobre o estado dunha lingua en xeral e do seu léxico en particular. O traballo dos neólogos, explicitamente formados nas universidades, facilita non só os datos organizados, senón tamén a súa análise e a formulación de posibles vías de solución, das que seguramente poden beneficiarse os tradutores, os asesores lingüísticos, os lexicógrafos e os planificadores. Con esta cooperación e distribución de funcións, os traballos lingüísticos gañarían sen dúbida ningunha en eficacia e conxunción.

Por estas razóns, a neoloxía como campo de estudio é interesante para a teoría e a descrición lingüísticas, pero tamén polas súas útiles achegas á planificación lingüística, á estandarización terminolóxica e á lexicografía.

Porque, como dixeran, unha lingua que desexa responder activa e eficazmente ó reto da modernidade, se non xera innovación tecnolóxica e científica e a difunde na lingua propia, ten que se formular necesariamente cómo denominar as innovacións alleas. Contrariamente, corre o risco de perder pouco a pouco rexistros de comunicación prestixiosos ou ben de desfigurarse a súa fisionomía léxica en determinados ámbitos expresivos.

Os recursos que todo sistema ofrece son suficientes por definición para cuñar novas denominacións. O recurso ó préstamo léxico doutras linguas,

adaptado ou literal, non debería rexeitarse por principio, pero en linguas en situacións como a do galego ou o catalán hai que sopesar reflexivamente a magnitude desta transferencia, xa que non se produce bilateralmente, senón só nunha dirección. Emporiso, confiar demasiado no préstamo como recurso de actualización do léxico dunha lingua minorizada non sería un bo sinal de confianza no seu futuro.

BIBLIOGRAFÍA

- Actes du Colloque Terminologie et technologies nouvelles*. Montréal: Office de la Langue Française, 1988.
- Adamo, G. / V. Della Valle (2001): "Neologismi dell' italiano contemporaneo. Analisi di un corpus della stampa quotidiana", en A. Lamarra / R. Palaia (eds.): *Lexicon philosophicum. Quaderni di terminologia filosofica e storia delle idee* 11, 65-109.
- Adda, R. et al. (1979): *Néologie et lexicologie*. Paris: Larousse.
- Anastassiadis, A. (1982): "La typologie des néologismes", en *Studies in Greek linguistics*. Tessalónica.
- Boulanger, J. C. (1979): *Néologie et terminologie*. Québec: Éditeur Officiel du Québec.
- Boulanger, J. C. (1984): "Quelques observations sur l' innovation lexicale spontanée et sur l' innovation lexicale planifiée", *La Banque des Mots* 27, 3-29.
- Boulanger, J. C. (1988): "Les dictionnaires et la néologie: le point de vue du consommateur", en *Actes du Colloque Terminologie et technologies nouvelles*. Montréal: Office de la Langue Française, 291-318.
- Boulanger, J. C. (1988): "L'évolution du concept de 'néologie'. De la linguistique aux industries de la langue", en C. de Schaetzen (ed.): *Terminologie diachronique. Actes du Colloque organisé à Bruxelles les 25 et 26 mars 1988*. Paris / Bruxelles: Conseil International de la Langue Française / Ministère de la Communauté Française de Belgique, 193-211.
- Boulanger, J. C. (1990): "La création lexicale et la modernité", *Le langage et l'homme* 25/4, 233-240.
- Cabré, M. T. (1989): "La neologia efímera", en *Estudis de llengua i literatura catalanes. XVIII. Miscel·lània Joan Bastardas*. Vol. I. Barcelona: Publicacions de l' Abadia de Montserrat, 37-58.
- Cabré, M. T. (1990a): "Un projet sur la néologie de large diffusion", en *Actas do Colóquio de Lexicologia e Lexicografia*. Lisboa: Universidade Nova de Lisboa, 34-42.

- Cabré, M. T. (1990b): "La néologie dans la presse catalane. Premières données d'un observatoire de néologie", *La Banque des Mots*, numero spécial, 75-84.
- Cabré, M. T. (1990c): "La neologia avui: el naixement d'una disciplina", *Límits* 9, 47-64.
- Cabré, M. T. (1991): "Aspectes sobre la neologia: la novetat lèxica a través de dos diaris catalans", en *Estudis de llengua i literatura catalanes. XXII. Miscel·lània Jordi Carbonell*. Vol. I. Barcelona: Publicacions de l' Abadia de Montserrat, 359-376.
- Cabré, M. T. (2000): "La neologia com a mesura de la vitalitat interna de les llengües", en M. T. Cabré / J. Freixa / E. Solé (eds.): *La neologia en el tombant de segle. I Simposi sobre Neologia (18 de desembre de 1998) i I Seminari de Neologia (17 de febrer de 2000)*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra, 85-108.
- Cabré, M. T. / M. R. Bayà / E. Bernal / J. Freixa / E. Solé (2000): "Evaluación de la vitalidad de una lengua a través de la neología: A propósito de la neología espontánea y de la neología planificada", en J. C. Chevalier / M. F. Delpont (dirs.): *La fabrique des mots. La néologie ibérique*. Paris: Presses de l'Université de Paris-Sorbonne, 91-130.
- Cabré, M. T. / J. Freixa / E. Solé (1997): "À la limite des mots construits possibles", en D. Corbin *et al.* (eds.): *Silexicales* 1, 65-78.
- Cabré, M. T. / J. Freixa / E. Solé (2000): *La neologia en el tombant de segle. I Simposi sobre Neologia (18 de desembre de 1998) i I Seminari de Neologia (17 de febrer de 2000)*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra.
- Cabré, M. T. / J. Freixa / E. Solé (2001): "Anàlisi contrastiva de la innovació lèxica en català i en castellà", en M. J. Cuenca / J. R. Ramos (eds.): *Caplletra* 30, 199-212.
- Cabré, M. T. / Ll. Yzaguirre (1995): "Stratégie pour la détection semi-automatique des néologismes de presse", en *Traduction, terminologie, rédaction. Technolectes et dictionnaires*. Canadá: Université Concordia, 89-100.
- Centre National de la Recherche Scientifique (1990): *Observation du lexique français contemporain et complémentation des dictionnaires existants*. Paris.
- Corbeil, J.-C. (1980): *L' aménagement linguistique*. Montreal: Guérin.
- Corbeil, J.-C. (1983): "Éléments d' une théorie de la régulation linguistique", en E. Bédard / J. Maurais (eds.): *La norme linguistique. Textes colligés et présentés par Édith Bédard et Jacques Maurais*. Québec: Conseil de la Langue Française.
- Diki-Kidiri, M. *et al.* (1981): *Guide de la néologie*. Paris: CIL.
- Freixa, J. (1994): "La dimensió social de la neologia". Conferència inédita. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada. Universitat Pompeu Fabra, marzo de 1994.

- Freixa, J. / E. Solé / M. T. Cabré (1998): "Interès de la neologia en el marc de la traducció: l' Observatori de Neologia", en P. Orero (ed.): *Actes del Tercer Congrés Internacional sobre Traducció*. Barcelona: Publicacions de la Universitat Autònoma de Barcelona, 637-648.
- Freixa, J. / E. Solé / M. T. Cabré (1998): "Observació de la variació i el contacte de llengües en els neologismes", en E. Boix *et al.* (eds.): *El contacte i la variació lingüístics. Descripció i metodologia*. Barcelona: Publicacions de la Universitat de Barcelona, 89-104.
- Freixa, J. / E. Solé / M. T. Cabré (coords.) (1998-2002): *Anàlisi de neologismes documentats durant l'any 1995 a la premsa en català*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada (no prelo).
- Goffin, R. (1988): "La néologie dans un environnement plurilingue", en *Actes du Colloque Terminologie et technologies nouvelles*. Montréal: Office de la Langue Française.
- Goosse, A. (1975): *La néologie française d' aujourd'hui*. Paris: CIL.
- Guilbert, I. (1971): "La néologie scientifique et technique", *La Banque des Mots* 1, 45-54.
- Guilbert, L. (1975): *La créativité lexicale*. Paris: Larousse.
- Jespersen, O. (1925): *Menneskebed, Nasion og Individ i Sproget*. Oslo. Traducció catalana *La llengua en la humanitat, la nació i l'individu*. Barcelona: Edicions 62, 1969.
- Merle, G. *et al.* (1986): *Néologie lexicale. 1. Anglais*. Paris: GRIL.
- Meta (1987): *La fertilisation terminologique dans les langues romanes*, 32.
- Observatori de Neologia (1997-2000): *Neologismes documentats a la premsa en català (1999-2001)*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada
- Pages, A. (1971): "À propos de la néologie. Essai de délimitation des objectifs et les moyens d' action", *La Banque des Mots* 2.
- Pages, A. (1984): "L' apparition néologique", *La Banque des Mots* 28, 131-140.
- Quemada, B. (1984): *Datations et documents lexicographiques. Matériaux pour l'histoire du vocabulaire français. Néologismes du français actuel*. Paris: Klincksieck.
- Rey, A. (1988): "Dictionnaire et néologie", en *Actes du Colloque Terminologie et technologies nouvelles*. Montréal: Office de la Langue Française, 279-289.
- Rondeau, G. (1983): *Introduction à la terminologie*. Chicoutimi (Québec): Gaëtan Morin.
- Sablayrolles, J. F. (2000): *La néologie en français contemporain. Examen du concept et analyse de productions néologiques récentes*. Paris: Honoré Champion.
- Termcat, Centre de Terminologia (1988-1994): *Fulls de difusió de neologismes*, 1-23.

Termcat, Centre de Terminologia (1997): *Diccionari de neologismes*. Barcelona: Edicions 62.

Wijnands, P. (1985): "Pour une redéfinition du néologisme lexicographique", *La Banque des Mots* 29, 13-34.

¿EN QUE CONSISTE O *AUSBAU* DUNHA LINGUA?

Johannes Kabatek

Universidade de Friburgo de Brisgovia

1. DEFINICIÓN DE *AUSBAU*. LINGUA E DIALECTO

Desde hai varias décadas, o termo de *lingua ausbau* é, a carón do de *lingua abstand*, de uso común na socioloxía da linguaxe e na sociolingüística. Por *lingua ausbau* (do al. *Ausbausprache*) enténdese, segundo o sociólogo alemán Heinz Kloss, o seguinte:

Pódense chamar linguas “Ausbau” (linguas por elaboración) os idiomas que habería que tratar coma dialectos dunha lingua conceptualmente superior e relacionable a eles, se non tiveran chegado a ser medio de expresión dunha cultura que integre todos ou case tódolos aspectos da vida moderna: linguas que nalgunha ou en todas direccións foron elaboradas para seren instrumentos dunha actividade literaria poli- ou multifacética (Kloss 1987: 302)¹.

O obxectivo fundamental da terminoloxía de Kloss foi obter un instrumento sociolóxico para a descrición do estatus das linguas, no seu caso orixinalmente das linguas xermánicas, sen ter que botar man de termos estáticos e polisémicos como *lingua* ou *dialecto*. Existen, por un lado, linguas claramente diferenciadas das demais e comunmente clasificadas como tales gracias á súa distancia obxectiva con respecto a outras. Ninguén dubidaría do estatus de *lingua* do vasco, por exemplo, dada a súa diferenza tipolóxica evidente con respecto ás linguas que o rodean². Por outra banda, existen tamén –e tal vez sexa o caso máis común– linguas ou, evitando novamente

1 A definición atópase por primeira vez en Kloss (1952). As traducións das citas do alemán son miñas.

2 Existen, iso si, tentativas de debaterlle o estatus de lingua incluso neste caso. Por unha banda, houbo tendencias a clasifica-lo vasco como dialecto do español dado o seu estatus inferior na

o termo, variedades lingüísticas³ non claramente diferenciadas das veciñas. Hai, na realidade, un *continuo* entre variedades moi distanciadas e outras pouco distanciadas. Así, a diferenza entre o alemán e o polaco é evidentemente maior que a que existe entre o alemán e o danés, e a diferenza entre o danés e o noruegués é aínda menor, ata tal punto que algúns clasifican o noruegués, cando menos na súa forma tradicional de *bokmål* ou *riksmål*, como dialecto do danés. Pero ó longo deste continuo entre similitude e diferenza non hai, por dúas razóns, unha liña clara e discreta que permita separalo estatus de lingua do de dialecto e que permita definir con claridade: “ata unha porcentaxe definida de similitude, é dialecto, e alén dela, lingua”. A primeira razón é que non existe ningún criterio absoluto para medi-la distancia entre linguas. Por unha banda, as linguas son sistemas complexos, pode haber linguas que compartan o mesmo léxico tendo sistemas gramaticais ben distintos, como soe se-lo caso da relación entre as linguas crioulas e os seus acrolectos⁴. Ademais, cando falamos de “linguas” pensamos en sistemas abstractos que son perfectamente comparables. Pero as linguas existen como tales sistemas abstractos só virtualmente, e a súa única existencia concreta son os textos e discursos. Mais nos textos ou discursos entran en xogo outros factores, tradicións textuais e normas que poden diverxer. Se comparámo-lo léxico portugués co léxico español, atoparemos grandes converxencias, pero se comparamos textos concretos falados ou escritos, notamos que hai usos ben diverxentes. Incluso dentro dunha comunidade lingüística pode

historia, e hai quen nega a existencia do vasco como lingua dicindo que non é unha, senón que serían varias linguas, sen unidade nin intercomprensibilidade entre elas. Existen razóns sociolingüísticas claras para rexeitar esta postura (entre outras, a conciencia dos falantes, a vontade de unidade, etc.), defendida, xeralmente, máis por razóns políticas que como consecuencia de análises sociolóxicas ou sociolingüísticas serias.

3 Non é doado atopar un termo “neutro” para designar un sistema de comunicación lingüística. De feito, habería que evitar tamén o termo “sistema” dado que para a clasificación por parte dos falantes, que é a que conta cando se determina o estatus sociolóxico dunha variedade lingüística, non importa se se trata dun *sistema* ou dunha *norma* diferente do mesmo sistema. Así pois, emprego o termo *variedade lingüística* tanto para un sistema coma para unha norma ou variedade *paradótica* (do gr. π ᾶ , “tradición”), distinguindo entre o conxunto das primeiras ou *diasistema* e o conxunto das segundas ou as *dianormas*. Véxase a este respecto Kabatek (2002).

4 O problema da obxectividade á hora de medi-la distancia foi o que levou á longa discusión na lingüística románica de se o catalán pertence á galorromania ou á iberorromania, discusión na que algúns argumentaron co léxico, outros coa gramática e outros con criterios fonéticos. A solución diplomática foi, como é sabido, a de considera-lo catalán “lingua ponte” entre as dúas. No caso do galego, tamén se pode observar que os que acentúan a proximidade ou ata identidade entre galego e portugués soen argumentar co sistema gramatical mentres que os que destacan a distancia entre as dúas linguas adoitan cita-las diverxencias fonéticas.

haber moitas subnormas e numerosas tradicións textuais coas súas respectivas frecuencias de aparición dos elementos, o cal fai imposible unha comparación do uso real das linguas⁵. Por outro lado, se consideramos que por exemplo linguas coma o alemán e o neerlandés se consideran linguas, mentres que as variedades faladas na Suíza xermanóфона son consideradas dialectos alemáns, ou que certos dialectos do italiano son considerados dialectos mentres checo e eslovaco e incluso serbio e croata se consideran linguas, vemos que o criterio da distancia simplemente non pode ser válido. Houbo outros criterios que se propuxeron na historia da lingüística, como a conciencia dos falantes ou a existencia dunha lingua común, pero ambos teñen tamén as súas desvantaxes. O criterio da chamada conciencia lingüística é realmente un dos máis relevantes se pensamos que para moitos casos, como precisamente o do checo e o eslovaco e o do serbio e o croata é o que determina a existencia ou a vontade de existencia de linguas diferenciadas. Aínda así, pode tamén haber conciencias manipuladas ou ata “equivocadas”, como no caso do chamado “moldovenesc”, romanés de Moldova artificialmente chamado así para evita-lo “perigo” dunha secesión política de Moldova ou un achegamento político a Romanía. O criterio da existencia dunha lingua común⁶, pola súa parte, é xeralmente válido, pero é outra vez un criterio estático que só describe un determinado estado das cousas, pero non o proceso que levou a el. De feito, a cuestión de se unha variedade se considera aínda dialecto ou se é unha lingua parece claramente solucionable só nos casos prototípicos, pero non nos casos intermedios ó longo do continuo. Para a descrición do continuo, en cambio, fai falta outro instrumento, e por iso Heinz Kloss propuxo a súa teoría das “linguas *ausbau*”, unha esquematización baseada en varios criterios que permite medir obxectivamente o grao de elaboración dunha lingua, o cal inclúe, polo tanto, na visión diacrónica, o avance ou o retroceso desa lingua, o seu dinamismo ó longo do mencionado continuo.

2. CRITERIOS DO *AUSBAU*

A concepción de lingua *ausbau* foi ben recibida desde a súa presentación en Kloss (1952) e xa adoptada en 1953, por Uriel Weinreich en inglés, mantendo os termos alemáns. Noutras linguas, o termo foi en parte conser-

5 Kloss (1987: 303) cita ademais o caso de linguas nas que o léxico cotián é case idéntico, como o urdu e o hindi, mentres que o léxico relixioso, científico ou administrativo é totalmente diferente.


6 Defendido por Coseriu (1981).

vado, en parte traducido por termos afíns, coma *langue constituíte*, en francés, ou *lingua por elaboración*, en galego⁷. Preferimos, sen embargo, os préstamos alemáns para marca-la súa procedencia terminolóxica e para impedi-la confusión inherente a outros termos que poderían ser considerados sinónimos parciais pero non totais⁸.

Na sociolingüística actual, é común distinguir entre o *estatus* e o *corpus* dunha lingua, e por conseguinte, a planificación lingüística ocúpase destas dúas disciplinas (*status-planning* e *corpus-planning*). Agora ben, unha das facetas interesantes da terminoloxía e da respectiva metodoloxía de Kloss é que permite, por unha vía indirecta, medi-lo conxunto de estatus e corpus. Hai que recordar que esta metodoloxía é *sociolóxica* e que en socioloxía moitas veces se buscan, dada a imposibilidade de medir directamente o comportamento social e as súas razóns, síntomas corolarios deste comportamento. Deste xeito, por exemplo, é sabido que hai comunidades onde o nivel de ingresos familiares é correlacionable, en parte, co comportamento electoral. E non é que haxa unha relación causal inmediata entre os dous, senón unha coincidencia que evidentemente estará relacionada, neste exemplo, co feito de que un partido favoreza máis ós economicamente menos afortunados que o outro ou que haxa crenzas neste sentido ou unha relación aínda menos inmediata pero que se exprese neste comportamento. No caso da elaboración das linguas, Kloss establece dous corolarios: a existencia de certos tipos textuais e a finalidade comunicativa deles. Do continuo ilimitado de textos posibles, elixe tres tipos, e dos posibles ámbitos comunicativos, outros tres, chegando así ó seu coñecido esquema de nove campos:

7 Tamén en Galicia, como noutras comunidades onde se estaba a promover-lo *ausbau* da lingua local, o termo foi benvido ó describir este precisamente o estado de elaboración no que se atopa a lingua. Hai uns anos, noutra fase da historia do galego, falábase de “ausbau” co afán de xustifica-lo estatus de lingua para o galego –hoxe en día xa se avanzou máis e xa non se precisan xustificacións. Os problemas son outros, pero a cuestión de se o galego é unha lingua parece definitivamente superada—. O caso do galego foi repetidas veces citado polo propio Heinz Kloss e por quen máis detalladamente aplicou a terminoloxía de Kloss ás linguas románicas, o romanista croata Žarko Muljačić. En Alemaña, unha discípula de Richard Baum, de Aquisgrán, Ursula Esser, aplicou o concepto de *lingua ausbau* ó galego na súa Memoria de licenciatura, en 1985, da que saíu un artigo traducido ó galego por Rosa López Gato e Xosé Luís Regueira na revista *Grial* en 1986. A Memoria de licenciatura foi a base da súa posterior Tese de doutoramento (Esser 1990). En Galicia, Francisco Fernández Rei describiu a situación lingüística local por medio dos termos de Kloss en varios traballos (cfr. en primeiro lugar Fernández Rei 1988), polo cal se pode dicir que os termos son hoxe lugares comúns na descrición do galego.

8 O mesmo Kloss (1987: 303) fala de sinónimos parciais coma *Standardsprache* (“lingua estándar”), *Hochsprache* (“lingua alta”), *Kultursprache* (“lingua de cultura”), *Literatursprache* (“lingua literaria”), *Schriftsprache* (“lingua escrita”) e *Koine*.



Kloss observa que o “sintoma máis importante para comprobar se unha variedade lingüística se encamiñou cara a unha lingua autónoma é se esta é empregada –e en qué medida– no ámbito da prosa técnica [al. *Sachprosa*], é dicir, alén do ámbito da poesía e da prosa artística⁹.

O esquema pretende dar unha orientación para o camiño de desenvolvemento de tradicións propias no ámbito da prosa técnica. Os criterios que se distinguen son os seguintes (Kloss 1987: 304):

- V = “volkstümliche Prosa” (prosa popular). Esta corresponde, segundo Kloss, “máis ou menos ó nivel da escola elemental”.
- G = “gehobene Prosa” (prosa elevada), máis ou menos correspondente ó nivel do ensino secundario.
- F = “Forscherprosa” (prosa científica), correspondente, en grandes liñas, ó nivel universitario.

Ó eixo de tipos textuais engádeselle outro que se refire ó alcance temático dos textos:

- E = “eigenbezogene Themen” (temas que se refiren ó mundo propio, é dicir, á lingua local, á literatura local, ó país coa súa historia e cultura, incluída a relixión).
- K = “kulturkundliche Themen” (temas do ámbito da cultura).
- N = “Themen der Naturwissenschaft und der Technologie” (temas relacionados coas ciencias naturais ou coa tecnoloxía).

No esquema de nove campos resultante destas distincións, pódese observar que xeralmente “unha lingua chegando á elaboración conquistará pri-

⁹ Sobre o caso concreto do galego, Kloss (1952/1978: 29) afirma “Existen, por exemplo, en galego libros sobre demografía, piscifactoría, crítica literaria, historia do país, etc. Isto vale máis para a importancia do galego que a poesía máis bela” (*cf.* tamén Esser 1986: 336).

meiro o campo nº 1 (VxE), e por último, o campo nº 9. A tendencia da evolución vai entón principalmente de abaixo á esquerda ata arriba á dereita” (1987: 305).

Se volvemos agora a pensar na relación desas categorías coa *normalización* e a *normativización* lingüísticas, podemos observar que o grao de elaboración textual coincide indirectamente cos graos de elaboración respectivos desas dúas dimensións. E tamén podemos dicir que a relación é recíproca: a existencia de prosa científica nunha lingua dálle prestixio e esixe medios lingüísticos (textuais, gramaticais, lexicais) apropiados. Polo tanto, é moitas veces preferible unha planificación indirecta –a cal, fomentando a produción de textos prestixiosos, de paso contribuírá ó prestixio e á extensión dos medios– a unha planificación directa que fomenta o prestixio con campañas directas e crea o corpus nun “laboratorio”. Evidentemente, a planificación máis eficaz obterase combinando ámbalas vías.

A relación dos criterios do esquema con normalización e normativización permite unha visión sintética do proceso de elaboración, incluíndo aspectos do estatus e do corpus.

3. LÍMITES DO MODELO DE KLOSS

O esquema de Kloss ofrece unha ferramenta útil, tanto para a clasificación das linguas, coma para medi-lo dinamismo de elaboración, e foi amplamente aplicado polo seu autor, primeiro na clasificación das linguas xermánicas e, máis adiante, tamén na das linguas do mundo (Kloss / McConnell 1978). Con todo, presenta tamén unha serie de límites, algúns dos cales xa foron sinalados polo propio Kloss.

En primeiro lugar, pódese reprochar que o esquema do *ausbau* non é universal, senón derivado dunha situación actual basicamente europea. A diferenciación dos tres niveis que coinciden co modelo de educación escolar europeo deriva dunha cultura historicamente determinada. Kloss sinala, ademais, que o criterio da prosa técnica é particular dos tempos actuais e que non é válido da mesma maneira, por exemplo, para a Idade Media. Pero, polo outro lado, tamén hai que admitir, quéirase ou non, que nos tempos actuais, o modelo de cultura occidental é o que predomina mundialmente e é o de maior difusión nos tempos da globalización, polo que o “occidentalismo” da teoría de Kloss é tamén o do paradigma dominante no mundo na actualidade.

Un segundo punto de crítica é máis importante xa que atinxe á cuestión fundamental de se se pode partir do criterio da existencia de certos tipos textuais para determina-lo grao de elaboración dunha lingua, limitándose, ademais, ós textos escritos, sen ter en conta a difusión social do uso deses

textos nin outros criterios como por exemplo o tipo de lingua empregado e a dependencia ou independencia desa lingua con respecto ás linguas de referencia¹⁰. Pensemos por exemplo no caso do chamado *gallo* na alta Bretaña, unha “lingua” creada nas últimas décadas por unha minoría de protagonistas e baseada en grande parte en mitos, sen poder contar a penas con falantes tradicionais e na que, sen embargo, poucos anos despois da invención e da creación dunha ortografía, empezou a existir unha literatura, existindo, na actualidade, por medio de traducións, pero tamén a través de textos propios, incluso textos en prosa técnica e científica¹¹. Baseándonos unicamente no criterio de existencia dos diferentes tipos textuais, resulta difícil separar e distinguir un caso como este dunha lingua de grande aceptación e altísimo número de falantes coma a galega. Ademais, dada a falta de falantes nativos tradicionais, os textos en gallo son por definición textos híbridos xa que os que escriben “pensan” en francés. A elaboración de textos nunha lingua pode ser levada a cabo por individuos sen ningunha ou case ningunha representatividade na comunidade a que pertencen. Habería que introducir, pois, un criterio para medi-la *difusión* deses textos na sociedade e a aceptación con que contan entre o público¹².

10 Deste xeito, nunha recensión da tese de Ursula Esser que pretende describi-la historia do galego en termos de Kloss, dicía: “O traballo de Ursula Esser é un intento de facer este estudio detallado, unha especie de ‘historia da lingua nos termos de Kloss’, onde se observa o desenvolvemento da lingua a través dos criterios extralingüísticos da súa ‘elaboración’: é dicir, pola existencia de certos tipos de textos (como p. e. poesía popular, poesía, prosa, escritos sobre temas técnicos ou científicos, etc.), ou sexa, non se investiga a lingua mesma senón os campos onde se usa, sen investiga-la evolución da estrutura lingüística nin tampouco da relación e da importancia dos respectivos tipos de textos na sociedade, criterios que non cabe deixar de lado cando se fai un estudio histórico do galego. Pero isto é máis unha crítica das categorías de Kloss ca do libro de Ursula Esser” (Kabatek 1993: 481).

11 Algúns textos atópanse no sitio: <http://www.maezoe.com/>. Para unha visión de conxunto crítica véxase Radatz (1997).

12 Así, por exemplo, desde hai uns anos estanse publicando traducións de Astérix ós dialectos alemáns. Sempre se trata dos mesmos textos, pero a recepción nas distintas comunidades foi bastante diferente. Nos dialectos con baixo prestixio e pouco apoio social, as traducións foron recibidas coma un detalle anecdótico, mentres que noutras comunidades, a recepción atopa un clima receptivo diferente. Tamén varía a dependencia dos textos con respecto ó alemán estándar: mentres que nalgúns casos, coma o do bávaro ou do suabo, o dialectalismo márcase con elementos claramente diatópicos, noutras traducións o “dialecto” márcase frecuentemente con elementos diafásicos ou diastráticos baixos que na realidade non corresponden a unha rexión determinada.

4. A DIFERENCIA HUMBOLDTIANA ENTRE *BAU* E *AUSBILDUNG*

Desde o punto de vista estrictamente lingüístico, a cuestión máis importante na elaboración dunha lingua é a dos elementos afectados. Antes de preguntarnos en qué consiste o *ausbau* lingüístico, parécese conveniente introduci-la distinción humboldtiana entre *Bau* e *Ausbildung* (ou tamén *Charakter*), para non confundi-lo grao de elaboración dunha lingua coa idea de que hai linguas “mellores” e “peores”. No pensamento lingüístico existen, ata a actualidade, tendencias a continua-la vella discusión sobre a igualdade e a desigualdade das linguas. Aínda no século XVIII, foi un lugar común preguntarse cál das linguas do mundo era a máis perfecta¹³. Contrario a esa idea, Guillermo de Humboldt non se cansaba de postular, seguindo varios antecesores, a igual dignidade das linguas e de rexeita-la postura dos seus contemporáneos que miraban con desprezo as linguas non normlizadas:

A harmonía interna da estrutura [*i. e. o Bau*] [...] e moitas outras belezas sorprendentes só se descubren se se investiga unha lingua de forma puramente obxectiva, deixando de lado calquera outro motivo, tendo como única finalidade a lingua mesma [...]. Co gozo crecente da lingua en canto lingua eliminaríase tamén ese noxo orgulloso co cal tan frecuentemente se miran con desprezo as linguas provinciais e populares (Humboldt 1810/1981: 133-134).

Humboldt defende que tódalas linguas son completas en canto á súa estrutura e polo tanto tódalas linguas son capaces de expresar calquera cousa que os seus falantes queiran expresar. Aínda máis: ás veces a estrutura de linguas consideradas inferiores fronte a outras é máis complexa, e non, como se podería pensar, máis simple. Comparando, por exemplo, os sistemas fonolóxicos das linguas, vemos que o rango cultural é independente da complexidade estrutural. O andaluz oriental, por exemplo, dispón dun sistema vocálico máis sofisticado que o castelán, e o portugués trasmontano é máis complexo, en canto ó sistema consonántico, que o portugués estándar. Dada esa realidade, é común ler en manuais lingüísticos afirmacións que defenden que para os lingüistas tódolos sistemas lingüísticos, sexan dialectos

13 Ou preguntarse directamente, sen poñelo en dúbida, por qué razón o francés era a lingua máis perfecta no mundo, como na famosa pregunta da academia de Berlín no seu concurso de 1783, “Qu’ est-ce qui a rendu la langue Française universelle?” (“¿Que foi o que fixo que a lingua francesa chegase a se-la lingua universal?”).

ou linguas, son iguais ou igual de importantes. Isto é verdade, pero unicamente se por “lingüistas” entendemos aqueles que se ocupan das estruturas lingüísticas e non do papel social ou cultural das linguas. No proceder na extensión social e textual dunha lingua, non é só que un sistema lingüístico vaia penetrando en ámbitos ós que anteriormente non tiña acceso, senón que neste proceso de avance tamén se van creando medios lingüísticos para poder cumprir coas novas funcións. Humboldt fala, a carón de *Bau*, de *estructura*, da “Ausbildung” ou do “carácter” das linguas¹⁴. O carácter é algo máis difícil de descubrir e describir que a estrutura; é a personalidade que adquire unha lingua polo traballo de elaboración efectuado, entre outros, polos escritores. Humboldt menciona varios elementos da lingua onde o carácter se pode medir; en primeiro lugar, o léxico e, en segundo lugar, a orde dos elementos. Tódalas linguas son igual de dignas e igual de completas en canto á súa estrutura, pero non o son en canto ó seu carácter. Haberá que traducir a unha terminoloxía actual a diferenciación de Humboldt e ver cáles son os elementos lingüísticos afectados pola elaboración.

5. O *AUSBAU* LINGÜÍSTICO

Entendemos por *ausbau* tódolos procesos de creación lingüística e textual que fan que unha lingua poida ser usada en tódolos ámbitos da sociedade e que sexa medio de expresión de tódolos tipos textuais imaxinables. Koch e Oesterreicher (1994: 589 e ss.) distinguen entre o *ausbau intensivo* e o *ausbau extensivo*¹⁵. O *ausbau* extensivo corresponde máis ou menos ó descrito por Kloss, é dicir, a extensión de tipos textuais, mentres que o *ausbau* intensivo corresponde ós medios lingüísticos necesarios para o *ausbau* extensivo. Ata certo punto, pódese dicir que un trae consigo o outro, e que a creación de medios complexos nunha lingua en xeral ten lugar escribindo textos complexos nela.

Koch e Oesterreicher distinguen, ademais, entre o *ausbau* “iniciado desde fóra” e o *ausbau* “iniciado desde dentro”. Na realidade das linguas romá-

14 Para este termo, véxase Trabant (1990: 122-140).

15 Esta distinción atópase, con outros termos, tamén en Kloss (1952/1978: 23-89, sobre todo 37 ss.), quen fala de dúas dimensións do *ausbau*, a creación de “novos medios estilísticos” (= *ausbau* intensivo) e os “novos ámbitos de aplicación” (= *ausbau* extensivo). Koch e Oesterreicher (1994) relacionan o concepto de *ausbau* coa súa teoría de lingua de proximidade e de distancia, a cal, pola súa parte, está estreitamente relacionada coa cuestión da diferenza entre o oral e o escrito. O *ausbau* consiste de feito na creación de toda unha gama de textos escritos (xunto cos correspondentes textos orais, de “lingua escrita falada”) en linguas anteriormente só faladas.

nicas, desde a Idade Media a elaboración é case sempre unha elaboración con alicientes “desde fóra”. No século XIII, por exemplo, é a prosa medieval latina a que serve como modelo para a creación da prosa romance, e coa adopción das tradicións textuais, tamén son creados os medios lingüísticos correspondentes¹⁶.

O *ausbau* dunha lingua comprende procesos *reductivos* a carón de procesos *aditivos*. En canto proceso reductivo, hai que distinguir tres tipos: a primeira redución é, por así dicir, previa e consiste na selección dun sistema lingüístico entre os sistemas disponibles nun diasistema. A segunda selección consiste na redución de elementos en casos de sinonimia (tanto no léxico coma na gramática) ou na especificación das funcións particulares. A terceira consiste na omisión de elementos considerados inadecuados para os novos tipos textuais. Aquí pódense novamente distinguir dous tipos: elementos obxectivamente obsoletos como por exemplo elementos do diálogo ou marcadores de discurso da oralidade que perden a súa función se no *ausbau* a lingua se emprega con maior frecuencia para textos escritos. Pero pode tamén haber elementos subxectivamente obsoletos, por exemplo porque non coinciden cos elementos considerados propios do *ausbau* na(s) lingua(s) que serve(n) de modelo (*cf.* Kabatek 1997).

Moito máis importantes que os procesos reductivos son os procesos aditivos, de ampliación. No *ausbau* extensivo, a ampliación consiste na creación (ou na adopción desde outras linguas) de novos tipos textuais, de tradicións discursivas¹⁷ das que non dispuña anteriormente a lingua por elaboración. Os textos creados amplían, ademais das posibilidades de tipos e formas textuais, tamén o acervo de textos concretos, é dicir, serán modelos para posibles intertextualidades novas. Por exemplo, unha versión da Biblia nunha lingua por elaboración non ofrece só un tipo textual, unha forma e un estilo; ofrece, ademais, anacos textuais concretos que entran no acervo cultural das citas e dos proverbios.

No *ausbau* intensivo, podemos distinguir tres niveis: o textual-discursivo, o sintáctico e o léxico. No nivel textual-discursivo, o *ausbau* consiste na creación de marcadores discursivos textuais e da creación dun sistema de déixes textual non-situacional. Isto comprende, desde a repartición dun texto en capítulos, ata a linearización explícita e a referencia deíctica dentro do

16 Esta creación pode consistir na adopción directa de elementos, por exemplo, de latinismos nas linguas romances da Idade Media, ou indirecta, consistente na substitución dos elementos alleos por outros propios. *Cfr.* Kabatek (2001).

17 *Cfr.* Koch (1997).

texto. Inclúe, ademais, a creación de toda unha serie de conectores transintácticos para explicita-la estrutura argumentativa do texto.

Na sintaxe, conforme avanza a lingua nos campos do *ausbau*, á carón do estilo paratáctico da oralidade, vanse desenvolver técnicas integrativas aptas para as relacións complexas explícitas dos textos elaborados. Se ben tamén existen, na oralidade, a carón das relacións fundamentais como a causalidade, relacións cognitivamente máis complexas como a concesividade, estas tenden a quedar frecuentemente implícitas ou medio implícitas no discurso oral, mentres que nos textos escritos elaborados, por exemplo na prosa técnica, adoitan expresarse máis a miúdo de maneira explícita. Nun importante traballo sobre a expresión de relacións semánticas por medio de elementos sintácticos, Wolfgang Raible estableceu unha sistematización baseada en criterios onomasiolóxicos do que el chama –adoptando e modificando un termo de Tesnière– *Junktion*, ou sexa, “xunción” (Raible 1992). Trátase dunha dimensión universal da linguaxe que serve para establecer relacións entre referentes. Os dous polos opostos que delimitan os extremos desta dimensión son chamados *agregación* e *integración*. O agregativo é o que xustapón os feitos sen explicita-la posible relación entre eles. O integrativo, en cambio, establece as relacións entre os elementos, explicitando e xerarquizando¹⁸. Raible mostra, na parte empírica do seu libro, con exemplos de numerosas linguas, a relación existente entre os dous polos da dimensión coa diferenza entre o oral e o escrito, por un lado, e coa evolución diacrónica das linguas, polo outro, sendo o *ausbau* dunha lingua tamén un proceso de creación de medios e dunha subida de frecuencia de elementos do lado da integración.

Onde máis se eleva a cantidade de elementos dunha lingua no proceso do *ausbau* é no léxico. Conforme aumentan os textos e os tipos textuais que

18 Raible chama *Junktion* ó proceso de ilación de feitos (extralingüísticos, ou sexa *ideas*), para o cal cada lingua dispón dunha serie de técnicas que se sitúan ó longo de dous eixos dimensionais: un eixo horizontal dos tipos de ilación e un eixo vertical das etapas de “integración”. No eixo horizontal atópanse relacións semánticas como causalidade, consecutividade, condicionalidade, tempo, etc.; e no eixo vertical, Raible distingue oito fases de integración: a xustaposición das frases (I); a *xunción* cun elemento que recupera algún outro da frase anterior (II), a ilación explícita entre dúas frases (III), a xunción a través de conxuncións subordinantes (IV), xunción por medio de construcións participiais ou xerundiais (V), xunción por medio de grupos preposicionais (VI) –aquí dáse o paso do verbal ó nominal–, xunción por medio de preposicións ou morfemas de caso (VII) e, por último, xunción dada pola identidade entre unha certa función sintáctica e unha función semántica (por exemplo, función do suxeito como axente, etc.). Raible describe os diversos pasos como un *continuum* ó que poden corresponder diversas técnicas en diferentes linguas; continuum tamén no sentido de que á fase VIII lle suceda novamente a fase I: os elementos sintácticos sen máis, á súa vez, son a base da simple xustaposición (I), etc.

se escriben, increméntase tamén o léxico empregado; cantas máis realidades extralingüísticas haxa que describir por medio dunha lingua, máis palabras cumprirán. O aumento do léxico é particularmente grande no ámbito dos léxicos especializados. Tanto na descrición de procesos químicos coma nun manual dun lavalouzas ou nun libro de dereito procesual é preciso empregar unha grande cantidade de palabras anteriormente inexistentes de non se escribiren estes tipos textuais na lingua en cuestión. Para a ampliación do léxico existen varias vías, desde a rara creación *ex nihilo* ata a adopción de palabras estranxeiras (tanto de *formas*, no caso dos préstamos, coma de *contido*, no caso dos calcos) pasando por toda unha serie de procesos morfolóxicos, sendo o máis frecuente nas linguas románicas o da sufixación.

O *ausbau* do léxico non afecta unicamente á cantidade das unidades lexicais, pode tamén atinxi-la calidade das palabras formadas. Paralelamente á sintaxe, tamén no léxico aumenta a frecuencia de formas integrativas, neste caso, de formas nominalizadas. A nominalización é unha técnica que permite a integración dun elemento verbal cun elemento nominal, é dicir, permite expresa-lo contido dunha frase nunha soa palabra. Dado o feito de que cognitivamente o número de actantes posibles nunha frase é moi limitado, nominalización e subordinación forman os dous procedementos máis eficaces para permitir unha maior complexidade na expresión de relacións semánticas. O “estilo nominal” é, polo tanto, característico de certos tipos textuais que teñen que expresar relacións complexas, como por exemplo certos textos xurídicos.

No seguinte esquema ofrécese unha síntese simplificada dos procesos lingüísticos de *ausbau*, comparando unha lingua non elaborada “prototípica” cunha lingua elaborada (*cf.* Kabatek, no prelo):

	“lingua non elaborada”	“lingua elaborada”
ausbau extensivo:		
<i>textos existentes</i>	só falados	tódolos tipos posibles de textos falados e escritos
ausbau intensivo:		
<i>ámbito textual</i>	marcadores discursivos e elementos de orde da oralidade	marcadores discursivos da escrituralidade; numerosos elementos fónicos textuais
<i>sintaxe</i>	tendencia a unidades curtas; frases incompletas, anacolutos; parataxe; tipos de subordinación de baixa complexidade	existencia de frases longas, planeadas; frases completas; hipotaxe; numerosas técnicas de subordinación
<i>léxico</i>	léxico cotián; palabras <i>passé-partout</i> ; medios reducidos, repetitivos	variabilidade; léxico extenso; léxicos especializados; terminoloxía; nominalizacións etc.
fenómenos relacionados co ausbau:		
<i>relacións cos contornos</i>	contornos do mundo cotián	contornos tamén literarios, científicos, determinados por textos escritos
<i>ortografía/lingua escrita</i>	inexistente	claramente regulada
<i>estandarización</i>	continuo de dialectos	unha lingua común suprarrexional

6. *AUSBAU*, SISTEMA E NORMA

Tódolos procesos de *ausbau* desenvólvense dentro das posibilidades dun sistema lingüístico. A lingua xa existe, a súa estrutura é o fundamento para a creación de interminables elementos, por iso o *ausbau* dunha lingua non cambia o sistema desta, pero afecta á *norma* xa que aumenta as tradicións existentes nesa lingua. En canto sistemas, tódalas linguas son posibles candidatas para unha elaboración.

Habería que preguntarse, como xa fixera Humboldt cando sinalou a posibilidade de que o “carácter” puidera ter repercusións sobre a estrutura da lingua, se o *ausbau* pode levar, aínda que os procesos de *ausbau* sexan primordialmente cambios da norma, a modificacións do sistema desa lingua. Se pensamos nas linguas románicas, parece máis ben que non é o caso. Alén da grande diversidade das linguas, atopamos unha grande unidade estrutural, no nivel dos sistemas; e nos casos nos que hai realmente diverxencias sistemáticas ou incluso tipolóxicas, coma no do francés coa súa tendencia á predeterminación e outras características que o distinguen das demais linguas románicas, as diferencias non parecen derivar do *ausbau* senón doutras transformacións ó longo da historia da lingua. A grande similitude estrutural das linguas románicas facilita o *ausbau* das linguas non elaboradas xa que os modelos doutras elaboradas son facilmente transferibles a elas.

Kloss pregúntase incluso se podería postularse un dereito a proceder ó *ausbau*, en analogía ó dereito a empregar-la lingua materna, e postula (1987: 305):

Hai un dereito absoluto do *ausbau*. A cuestión de se este só será tolerado ou se ata será apoiado polo goberno pode depender naturalmente tamén da cuestión de se as iniciativas proceden dunha ‘minoría dentro da minoría’ ou dunha parte considerable dos falantes.

O *ausbau* só ten sentido se detrás del hai falantes que o apoian, se a gama de textos elaborados ten difusión na sociedade e se a lingua realmente é usada. Hoxe en día, despois de séculos de repetidas fases de monolitismo lingüístico nas diversas rexións, o dereito do *ausbau* é un dos fundamentos da cultura europea, e coa *Carta europea das linguas rexionais e minoritarias*, ten incluso a súa base xurídica. A “vella Europa” está indicando, contra a ideoloxía monolítica mundializante, que a diversidade cultural é un ben digno de apoio. O problema, sen embargo, é que na situación actual europea hai cada vez máis linguas en vía de elaboración, pero ó mesmo tempo, moitas desas linguas seguen perdendo falantes. En contra do perigo da “lati-

nización” de varias linguas europeas, dun *ausbau* que corre parello coa conversión en museos lingüísticos, cumprirá que o apoio ás linguas veña dado, non só polas institucións, senón tamén e sobre todo, polos propios falantes.

BIBLIOGRAFÍA

- Coseriu, E. (1981): “Los conceptos de ‘dialecto’, ‘nivel’ y ‘estilo de lengua’ y el sentido propio de la dialectología”, *Lingüística Española Actual* III/1, 1-32.
- Esser, U. (1985): *Ausbausprache Galicisch*. Memoria de licenciatura. Universidade de Aquisgrán.
- Esser, U. (1986): “O galego, lingua en elaboración”, *Grial* 93, 334-343.
- Esser, U. (1990): *Die Entwicklung des Galizischen zur modernen Kultursprache. Eine Fallstudie zur aktuellen Sprachplanung*. Bonn: Romanistischer Verlag.
- Fernández Rei, F. (1988): “Posición do galego entre as linguas románicas”, *Verba* 15, 79-107.
- Humboldt, W. von (1810/1981): “Einleitung in das gesamte Sprachstudium”, en *Werke in fünf Bänden*. Vol. V. Darmstadt: Wissenschaftliche Buchgesellschaft, 127-136.
- Kabatek, J. (1993): recensión de Esser (1990) en *Verba* 20, 480-483.
- Kabatek, J. (1997): “Strengthening identity: differentiation and change in contemporary Galician”, en J. Cheshire / D. Stein (eds.): *Taming the vernacular. From dialect to written standard language*. London / New York: Longman, 185-199.
- Kabatek, J. (2001): “¿Cómo investigar las tradiciones discursivas medievales? El ejemplo de los textos jurídicos castellanos”, en D. Jacob / J. Kabatek (eds.): *Lengua medieval y tradiciones discursivas en la Península Ibérica: descripción gramatical - pragmática histórica – metodología*. Frankfurt / Main - Madrid: Vervuert / Iberoamericana (Lingüística Iberoamericana, 12), 97-132.
- Kabatek, J. (2002): “Oralidad, proceso y estructura”, *Pandora* 2, 37-54.
- Kabatek, J. (no prelo): *Die Bolognesische Renaissance und der Ausbau romanischer Sprachen – Juristische Texttraditionen und Sprachentwicklung in Südfrankreich und Spanien im 12. und 13. Jahrhundert*. Tese de habilitación. Tübingen: Niemeyer.
- Kloss, H. (1952/1978): *Die Entwicklung neuer germanischer Kultursprachen von 1800 bis 1950*. München, 1952; Düsseldorf: Schwann, 1978².

- Kloss, H. (1987): "Abstandsprache und Ausbausprache", en U. Ammon / N. Dittmar / K. J. Mattheier (eds.): *Sociolinguistics / Soziolinguistik*. Vol. I. Berlin / New York: De Gruyter, 302-308.
- Kloss, H. / G. D. McConnel (1978): *The Written Languages of the World*. Vol. I.: The Americas. Quebec: Université de Laval.
- Koch, P. (1997): "Diskurstraditionen: zu ihrem sprachtheoretischen Status und ihrer Dynamik", en B. Frank / T. Haye / D. Tophinke (eds.): *Gattungen mittelalterlicher Schriftlichkeit*. Tübingen: Narr, 43-79.
- Koch, P. / W. Oesterreicher (1994): "Schriftlichkeit und Sprache", en H. Günther / O. Ludwig (eds.) (1994-96): *Schrift und Schriftlichkeit. Ein internationales Handbuch / Writing and its Use. An international Handbook*. 2 vols. Berlin/New York: De Gruyter, 587-604.
- Muljačić, Ž. (1982): "Tipi di lingua in elaborazione romanze", *Incontri Linguistici* 6 (2), 69-78.
- Muljačić, Ž. (1986): "L'enseignement de Heinz Kloss (modifications, implications, perspectives)", *Langages* 83, 53-63.
- Radatz, H.-I. (1997): "Französisch, Bretonisch und... Gallo – ist die Bretagne dreisprachig?", en D. Kattenbusch (ed.): *Kulturkontakt und Sprachkonflikt in der Romania*. Wien: Braumüller, 163-189.
- Raible, W. (1992): *Junktion*. Heidelberg: Winter.
- Trabant, J. (1990): *Traditionen Humboldts*. Frankfurt / Main: Suhrkamp.

O VOCABULARIO ORTOGRÁFICO DA LINGUA GALEGA (VOLG).
CRITERIOS DE ELABORACIÓN

Antón Santamarina

Instituto da Lingua Galega. USC

1. INTRODUCCIÓN

Na historia das linguas os dicionarios (e as gramáticas) teñen un valor simbólico moi importante. As grandes linguas europeas (o francés, o italiano, o alemán, o castelán, por ex.) despois dun período de loita pola emancipación con respecto ó latín acabaron cristalizando como linguas nacionais porque se converteron (a) ou na lingua do aparato do estado (ás veces axudadas por decretos como o famoso Villers-Cotterêts); ou (b) se escolleron como vehículo dalgún texto relixioso fundacional moi importante (como é a tradución da biblia para varias linguas xermánicas no século XVI e seguintes; a biblia foi o libro de lectura por excelencia e tivo unha importancia enorme na creación de koinés literarias); ou (c) serviron de vehículo dunha literatura vulgar (ás veces ademais das dúas razóns xa mencionadas) porque un escritor ou un grupo de escritores carismáticos, dignos de imitación, as usaron nas súas obras de creación.

Cando esa lingua común xa existía apareceron os cantores da súa excelencia (*Defensa e ilustración da lingua X, Diálogo en louvor da lingua Z*) e apareceron tamén os gramáticos, os tratadistas da retórica e os lexicógrafos. A data da primeira gramática é, segundo Baggioni (1997), 1412 para o italiano, 1492 para o castelán, 1531 para o francés, 1534 para o alemán, 1536 para o portugués, 1586 para o inglés. A data do primeiro dicionario é 1495 para o castelán, 1543 para o francés, 1611-12 para o portugués, 1712 para o inglés, 1760 para o alemán. Nalgúns países aparecen máis tarde academias que, pola súa autoridade científica (a da Crusca 1582) ou pola científica e legal (a francesa 1635 e a española 1713), interveñen na norma idiomática. Nos países onde non hai academia a autoridade dun individuo (Johnson ou Webster, en menor medida Bluteau) funciona como referencia de *bel usage*. Pero fose como fose o currículo destas linguas o que queremos salientar é que a súa canonización cun dicionario ten un valor simbólico aínda maior có que se lle poida supoñer a ese dicionario como rexistro científico da lin-

gua. Unha lingua con gramática e diccionario é unha entidade independente e feita; eses instrumentos lingüísticos supoñen tanto un orgullo para os da casa como un recoñecemento obrigado para os de fóra. O que se admite nunha gramática e nun diccionario fai regra e o que non se admite neles é condenable. A necesidade de contar con obras de consulta (especialmente referidas á forma canónica dunha lingua) sentiuse de tal maneira na época de estandarización dos grandes idiomas que se volveu unha “moda desenfadada en las naciones reducirlo todo a diccionarios”, segundo dicía Sarmiento con algo de sorna no *Onomástico*, polo andazo dicionarístico que había no século XVIII¹.

As linguas pequenas, especialmente aquelas que accederon ó cultivo despois dunha etapa máis ou menos longa de diglosia que as excluía das funcións literarias e administrativas, senten, se cadra con máis urxencia cás outras, a necesidade deses instrumentos. Quen siga a historia do noso rexurdimento idiomático (e é un caso similar ó de calquera outra lingua emerxente ou re-emerxente) encontrará numerosos textos nos que se fala da necesidade dunha autoridade (organismo ou particular) que lexisle en materia de gramática e de léxico. A situación de contacto lingüístico na que emerxían creaba inseguridades motivadas pola interferencia, e o usuario achaba en falta unha autoridade que o guiase neste terreo plagado de dificultades.

Ora, aquelas defensas, gramáticas, dictionarios e retóricas das grandes linguas europeas apareceron despois dun cultivo máis ou menos longo das linguas correspondentes. Tocante a dictionarios, Bento Pereyra ou Blutteau para faceren os seus non necesitaban senón sentarse nos seus gabinetes e baleirar os libros dos poetas e dramaturgos e cronistas máis reputados dos dous ou trescentos anos anteriores e rexistrar os seu vocábulos como mellor soubesen. O galego e outras moitas linguas sentiron a necesidade de formar o dictionario antes mesmo de ter materiais para facelo. Percibiuno xa Sarmiento:

Las naciones dichas, excepto la gallega, tienen muchos materiales en los libros para formar su Diccionario particular respectivo. Así ha sido forzoso valerse de muchas voces no escritas para cimentar un Diccionario Gallego.

1 Sobre o valor simbólico do dictionario son ben explícitas as palabras que inician o prólogo do da RAE en 1726: “El principal fin que tuvo la Real Academia Española fue hacer un dictionario copioso muy exacto en que se viese la grandeza y el poder de la lengua, la hermosura y fecundidad de sus voces, y que ninguna otra le excede en elegancia, phrases y pureza, siendo capaz de expresarse en ella con la mayor energía todo lo que se pudiese hacer con las lenguas principales en que han florecido las Ciencias y las Artes pues de entre las lenguas vivas es la Española, sin la menor duda, una de las más compendiosas y expresivas”.

Refírese ás arredor de 10.000 voces que reuniu no *Catálogo* e nas *Coleccións*, que non son en realidade máis que materiais para “alicerzar” un dicionario, como el di con razón; e madía levaba queixarse de non ter materiais escritos: o galego medieval case se descoñecía, e a literatura galega non oral aínda tardaría 100 anos en aparecer. É verdade que o galego tiña daquela unha rica literatura oral que podería ser usada como fonte (igual que o foi a serbia ou a finlandesa) pero estaba sen transcribir; para vergonza nosa, boa parte dela non se transcribiu nunca e quedará inédita para sempre; botaron man da literatura popular aínda que en medida moi limitada Sobreira e Valladares, pois ambos colixiron senllos cancioneros (tamén refraneiros) como “materiales” para os respectivos dicionarios. Así é que ata o 1900 os dicionarios galegos practicamente non rexistran ningunha voz autorizada (imos pasar por alto as 100 voces que Valladares autoriza con textos de 30 autores, o que supón só unha entrada autorizada cada 160 pois ten 16.082 entradas).

2. AS PROPOSTAS DOS DICCIONARIOS GALEGOS (ANTERIORES Ó ELADIO)

Desde o punto de vista que aquí nos interesa (a creación dun código) a historia dos dicionarios ata a década dos oitenta é ben pouco brillante, como xa se contou bastantes veces. En primeiro lugar pola provisionalidade con que algunhas obras foron feitas, que non pasaron de ser borradores inéditos de dicionarios (Sarmiento, Sobreira, Rodríguez, Pintos e Porto Rey); algúns deles nin sequera lles deron ás súas colleitas feita de dicionario (Sarmiento e Rodríguez; o Rodríguez que coñecemos impreso é unha reescritura de A. M. de la Iglesia); outros quedaron sen folgo na letra A ou pouco despois (Sobreira, Porto Rey e a Academia). En segundo lugar polas fontes. A falta de fontes fai que apareza moi pronto un “vicio” dos dicionarios galegos que dura aínda hoxe: o de usar como referencia os dicionarios casteláns e portugueses, galeguizar as voces na medida en que as habilidades e os prexuízos de cada quen lle permitan, e copiar (se é do portugués traducir ó castelán) ou adaptar, con máis ou menos disimulos, as definicións dos dicionarios daquelas dúas linguas; se se cotexan as papeletas de Sobreira co dicionario da RAE 1780 o asunto resulta case escandaloso; velaquí un par de exemplos que poderíamos multiplicar a centos (nótese que se consideran entradas diferentes cada unha das acepcións):

DRAE 1780	Sobreira
ABATIR. v. a. Derribar, derrocar, echar por tierra. <i>Dejicere, evertere, deturbare.</i>	
ABATIR. Baxar, descender. <i>Demittere se, vel dejicere.</i>	
ABATIR. met. Humillar, envilecer. Tambien suele tomarse por hacer perder el ánimo, las fuerzas: y en este significado se usa como recíproco: <i>Deprimere, demittere, affligere alicujus animum aut vires frangere, debilitare, infirmare.</i>	ABATIR. Oprimir y humillar a alguno. ABATIR. Poner a otro en estado de pobreza, o de humildad, o de vergüenza.
ABATIR. <i>Náut.</i> Ir para sotavento, no seguir el navío aquel curso derecho hácia donde tiene la proa, quando no va en popa. <i>Navim à recto cursu deflectere, declinare, decedere.</i>	ABATIR. <i>Náut.</i> Ir para sotavento. No seguir el navío aquel curso derecho hacia donde tiene la proa, cuando no va en popa.
ABATIR LA PIPERÍA. f. <i>Náut.</i> Deshacer ó desbaratar las pipas ó barriles que en las embarcaciones sirven para llevar el agua dulce. <i>Aquaria dolia dissolvere.</i>	ABATIR A PIPARIA. <i>Náut.</i> Deshacer o desbaratar las pipas.
ABATIR TIENDA. f. <i>Náut.</i> que vale quitar o baxar la cubierta de lienzo, ó lana que levantan en las galeras, y embarcaciones llanas para defenderse del sol, ó temporal. <i>Velariu vel umbraculum demittere.</i>	ABATIR A TENDA. <i>Náut.</i> F. Quitar o bajar la cubierta de lienzo en las galeras.
ABSTINENCIA. s. f. La virtud de abstenerse, ó el exercicio de ella.	AUSTINENCIA. s. f. y ant. Abstinençia. La virtud de <i>aústèrse</i> , o exercicio de ella.
ABSTINENCIA. La privacion voluntaria de qualquier cosa, y comunmente se entiende de las cosas de comer y beber. <i>Abstinentia.</i>	AUSTINENCIA. La privación voluntaria de cualquier cosa, y comunmente se entiende de cosas de comer y beber.
ABSTINENCIA. Por antonomasia se da este nombre al día en que por precepto de la iglesia o por voto especial de alguna Diócesi, ó pueblo, no se puede comer carne. <i>Abstinentia a carnibus</i>	AUSTINENCIA. Por antonomasia se da este nombre al hecho de no comer carne algún día, en cumplimiento de algún precepto de la Iglesia, o de algun voto de la Diócesi o lugar, con tal que se pueda cenar; y semejante día se llama día de abstinençia.

Sería doado exemplificar con varios centos máis de palabras nas que se ve por parte de Sobreira un intento de modernizar o léxico galego introduciendo préstamos do castelán ou intelectualizando voces populares galegas engadíndolles contidos novos. Pensado na súa edición das *Papeletas* usa o signo = para as palabras que foron tomadas ou adaptadas e definidas igual que no *DRAE*; * para definicións retocadas; + para indicar máis afinidade co *Diccionario de autoridades* que co *DRAE*; × para definicións inspiradas pero non copiadas. Un signo ou outro aparecen na maioría das entradas.

Entre esa morea de voces (ou acepcións) xulgadas “necesarias” para unha lingua culta non faltan xa en Sobreira voces de matute, tomadas do castelán, seguramente porque tiñan un certo cheiro galego, como a seguinte, que en castelán é un cruce de *brotar* + *retoñar* (xa se sabe que *retoñar* é derivado de *otoño* e que en galego enxebre se di *reutonar*):

<i>DRAE</i> 1780	Sobreira
ABROTOÑAR. v. n. ant. <i>Agr.</i> Lo mismo que BROTAR.	ABROTOÑAR. V. n. de Moraña. Brotar las plantas.

Aínda así é preferible absterse de facer comentarios negativos tanto polo traslado de entradas e definicións como por esas documentacións estrañas (de Moraña, de Ribadavia...), porque eran fichas brutas (*papeletas*) para un dicionario e non un dicionario que non se sabe qué forma definitiva tería. O malo é, en cambio, que moitas desas voces pasaron ó dicionario da RAG case sen filtrar e del ós outros todos, incluso suprimindo a información de que procedían de Sobreira (que a RAG case sempre reconece).

Noutras ocasións teño manifestado que a primeira tentativa de modernizar o galego (cubrindo as lagoas léxicas que a falta de cultivo literario lle creara) era a de Carré; teño que rectificar esa idea porque é Sobreira quen se estrea propondo unha aclimatación de cultismos e internacionalismos; a RAG segue coa mesma iniciativa, antes ca Carré, de maneira aínda máis desenfadada; o que pasa é que Carré foi o primeiro que levou a iniciativa do A ó Z. Dos cotexos dos nosos dicionarios con outros resulta que para Sobreira era o dicionario da RAE a única fonte de inspiración en materia de internacionalismos, para a RAG (César Vaamonde) segue a estar o *DRAE*, agora na ed. de 1899, como unha das principais referencias á beira do dicionario portugués de Domingos Vieira (ás veces tomando dun entrada e definición, ás veces doutro, ás veces tomando o lema dun e a definición doutro e ás veces reescribindo a definición cos datos dun e doutro). Velaquí uns exs nos que hai traducción ou adaptación:

Vieira 1871	<i>DRAG</i> 1913 ss
ABACO. <i>s. m.</i> 1. Parte superior da columna, na orde Corinthia. 2. Cópa, apparador, mesa ou credencia, onde se colloca baixella. 3. Taboa arithmetica de Pythagoras, ou taboa onde calculavam os Abacistas . 4. Pia onde se lava o ouro.	ABACO. <i>s. m.</i> 1. Abaco. Parte superior del capitel de una columna en el orden corintio. 2. Aparador, mesa donde se coloca la loza. 3. Tabla aritmética de Pitágoras. 4. *Arca. V. HUCHA.
ABRUPÇÃO. <i>s. f.</i> (do latim <i>abruptio</i>) Fractura transversal de um osso, em volta da articulação, de modo que as extremidades fracturadas se afastam uma da outra [...].	ABRUPZON. <i>s. m.</i> [sic] Rotura transversal de un hueso, con superficies desiguales, de modo que las extremidades fracturadas se separan una de otra.
ACALÉPHOS. <i>s. m. pl.</i> (do Grego akalêphê, de <i>a</i> , sem, <i>kalos</i> , bom, e <i>aphê</i> , toque). Classe de animaes sem vertebras, a que na illha de S. Miguel, se chama vulgarmente agua-viva, e os franceses <i>ortiga de mar</i> ; andam boiando á tona d'agua por meio de contracções e dilatações ou enchendo-se de ar [...].	ACALEFOS. <i>s. m. pl.</i> zool. Acalefos. Ciertos invertebrados cuyo contacto produce una sensación parecida á la de la ortiga, por lo que, vulgarmente, se les llama <i>ORTIGAS DE MAR</i> .

<i>DRAE 1899</i>	<i>DRAG 1913 ss</i>
Acaule. (Der. de <i>a</i> privat. y lat. <i>caulis</i> , tallo) <i>adj.</i> Dícese de la planta cuyo tallo es tan corto que parece que no lo tiene.	ACAULE. <i>adj. bot.</i> Acaule. Se dice de la planta que aparentemente carece de tallo por tenerlo demasiado corto.
Balata. (Del it. <i>ballata</i> , del lat. <i>ballare</i> bailar) <i>f.</i> Composición poética que en un principio se hacía para ser cantada al son de la música de los bailes.	BALATA. <i>s. f.</i> Balata. Composición poética que se cantaba al son de la música de los bailes.

Velaquí unha mostra de artigos nos que se mesturan datos dos dous dicionarios:

<i>DRAE 1899</i>	Vieira 1871	<i>DRAG 1913 ss</i>
Balda. <i>f.</i> (...etim...) Cosa de poquisimo precio y de ningún provecho	BALDA. <i>s. f.</i> Defeito, falta habitual, monomania, veneta...	*BALDA. <i>s. f.</i> 1. Balda. Cosa sin provecho ni utilidad alguna [= DRAE]. 2. Defecto, falta habitual en alguno [= Vieira].
Baña. <i>f. Montañ.</i> Bañadero	BANHA. <i>s. f.</i> A gordura dos animaes que se contem nas aréolas do tecido celular...	BAÑA. <i>s. f.</i> Bañadero. El charco o paraje donde suelen bañarse y revolcarse los jabalíes y otros animales monteses [= DRAE]. ² 2. La gordura o grasas del cerdo y otros animales [= Vieira].

E velaquí un caso de artigo reescrito con información dun e doutro:

2 Non é aquí o lugar de facer esta crítica, pero advírtase como o rexistro de “dialectal” *Montañ.* = montañesismo, ou sexa, voz típica de Santander, e que non pertence á definición, pasou a interpretarse como “montés”, relativo a animais.

DRAE 1899	Vieira 1871 ³	DRAG 1913 ss.
<p>Academia (del gr. Ἀκαδημία, de Ἀκαδημία, nombre propio). <i>f.</i></p> <p>1. Lugar ó sitio ameno en uno de los arrabales de Atenas, donde Platón y otros filósofos enseñaban filosofía.</p> <p>2. Escuela filosófica fundada por Platón, cuyas doctrinas se modificaron en el transcurso del tiempo, dando origen á las denominaciones de Antigua, Segunda y Nueva Academia. Otros distinguen cinco en la historia de esta escuela.</p> <p>3. Sociedad de personas literatas ó facultativas, establecida con autoridad pública para el adelantamiento de las ciencias, buenas letras, artes, etc.</p> <p>Junta ó reunión de los académicos <i>El Jueves Santo hay Academia</i>.</p> <p>4. Casa donde los académicos tienen sus juntas.</p> <p>5. Junta ó certamen á que concurren algunos aficionados á la poesía para ejercitarse en ella, ó con motivo de alguna celebridad, en que suele haber asuntos, y algunas veces, premios señalados.</p> <p>6. Junta que los profesores, los alumnos ó los aficionados tienen para ejercitarse en cualquier arte ó ciencia.</p> <p>7. Establecimiento en que se instruye á los que han de dedicarse á una carrera ó profesión.</p> <p>8. <i>Esc. y Pint.</i> Estudio de una figura entera y desnuda tomado del natural y que no forma parte de una composición.</p>	<p>ACADEMÍA, <i>s. f.</i> [1] (Do grego <i>académia</i> do nome de <i>Academo</i>, heroe Atheniense). Passeio publico situado nas margens do Cephiso, cedido a Athenas por um seu cidadão para a fundação de um gymnasio. Em uma sua herdade, nas proximidades, aonde existia um pequeno templo dedicado ás Musas, abriu Platão escola de philosophia, a primeira e mais celebre de todas. Verdadeiras Academias gregas houve só tres: a <i>antiga</i>, fundada por Platão e continuada por Philão, e a <i>antiochense</i> fundada por Antiocho de Ascalon. Porém estas duas ultimas não merecem o título de Academias gregas, porque ja então a Grecia estava sujeita a Roma e os seus chefes deixaram claramente de conhecer a diferença que vae entre um povo subxugado e um povo livre [...].</p> <p>[2] Figuradamente veiu a significar a philosophia platónica, e, por ampliação, a escola de qualquer philosopho e o sitio em que se ensina qualquer disciplina. Dá-se o nome de Academia á Universidade de Coimbra [...].</p> <p>[3] Assim se chama tambem a todas as corporações científicas, que emprehendem trabalhos collectivos, e bem assim ás reuniões de pessoas illustradas, que se propõem celebrar um certo assumpto em prosa ou verso [...].</p> <p>[Segue unha enumeración de Academias portuguesas]</p> <p>ACADEMIA, <i>s. f.</i> Em Pintura é uma figura inteira, nua, ou com leves roupagens, para estudo do desenho [...].</p>	<p>ACADEMIA <i>s. f.</i> Academia.</p> <p>1 Paseo público situado en los arrabales de Atenas, donde Platón enseñaba filosofía. Tomó el nombre de Academia, propietario de aquél paraje. Aunque algunos cuentan cinco Academias griegas, en realidad no hubo si nó tres: Antigua Academia, fundada por Platón y continuada por otros filósofos: Segunda Academia, fundada por Arcesilau; y Nueva Academia, fundada por Carneades. Las otras dos no merecen el nombre de tales [= <i>DRAE</i> 1 e 2 + <i>Vieira</i> 1].</p> <p>2. Junta de literatos [<?].</p> <p>3. Edificio ó local en donde se reunen los académicos [<i>DRAE</i> 4].</p> <p>4. La Corporación científica ó literaria dedicada á emprender trabajos colectivos para el cultivo de las ciencias, artes, bellas letras, etc., como la Real Academia Gallega, la Real Academia de Medicina y otras [<i>Vieira</i> 3].</p> <p>5. En las Universidades se llama así, á las juntas que los profesores de Derecho ó de otras facultades tienen establecidas para ejercitarse en la teórica y práctica [<i>DRAE</i> 6].</p> <p>6. Reunión á que concurren los aficionados á la poesía para ejercitarse en ella, ó con motivo de algún acto solemne en que suelen adjudicarse algunos premios [<i>DRAE</i> 5].</p> <p>7. Reunión de maestros ó aficionados a la música [<?].</p> <p>8. En pintura y escultura se da este nombre á la figura entera diseñada por un modelo vivo desnudo ó con ligerísima ropa [<i>DRAE</i> 8 + <i>Vieira académia</i>].</p>

Vaamonde seguramente usa outras fontes, haberá que verificar cáles, porque algunhas definicións que dá non parecen reescrituras do *DRAE* nin do Vieira (e seguramente están inspiradas nalgún outro modelo):

BACILO. *s. m.* 1. Bacilo. Género de bacterias perteneciente a la familia de las bacteriáceas caracterizado por presentar sus especies cilios esparcidos en la superficie. 2. Género de ortópteros de la familia de los fásmidos.

Igual que Sobreira, incorpora palabras que lle parecen moi enxebres (aínda que non se documenten no galego actual e mesmo no antigo sexan de lectura dubidosa ou definitivamente errada, entre estas moitas froito das lecturas do propio Vaamonde)

Vieira 1871	<i>DRAG</i> 1913 ss.
AASO , <i>s. m.</i> Ocasião, motivo. V. Aazo	*AASO . V. *AAZO .
AAZO , <i>s. m.</i> Ocasião, motivo, causa. Usa este termo Azurara na <i>Chronica da Guiné</i> etc.	*AAZO . <i>s. m.</i> Ocasión, motivo, origen. Lo mismo que *AASO .

A palabra *aaso* é de orixe moi controvertida (v. Corominas *asir*), pero o que parece claro é que *aa-* non é senón unha grafía arcaica que significa *á* tónico; pero o que nos interesa nesta discusión é mostrar como Vaamonde enxebriza e enriquece o galego con arcaísmos, escamoteando a fonte. Curiosamente non remite a *azo*, que define conforme a Rodríguez e Cuveiro (pero non Sobreira, que tamén rexistra a voz); en cambio en *azo*, que está case 300 páxinas máis adiante, percibiu a parentela e hai unha remisión para *aazo*.

(A cantidade de arcaísmos entrados no *DRAG* podería contabilizarse exactamente se non fose que hai moitos sen sinalar; aínda así podemos ter unha idea aproximada: das 12.468 entradas que ten, 835 teñen no lema a marca de arcaísmo (6,7% dos lemas); ademais, dentro da definición hai outras 358 entradas nas que a algunha acepción se lle atribúa un uso arcaico (2,8%); en total 9,56% de voces coa marca de arcaicas; case unha voz de cada dez. Isto carecería de interese para o tema que nos ocupa; a fin de contas o *DRAG* é pancrónico; o que ocorre é que moitos destes arcaísmos pasaron a outros dicionarios sen a correspondente marca de *ant.*).

Os dicionarios que viñeron despois (dependendo das miras que tivesen), papeletizaron os anteriores: *abatir* (de Sobreira) pasou a todos como *abater*; *abrotoñar* pasou ó *DRAG* e Eladio; e *austinencia* transformado en *abstinencia* pasou ó *DRAG* e Eladio. Das palabras que mencionei do *DRAG* desapareceron *abrupzón* e *acaule*; as restantes tiveron unha fortuna máis ou menos grande nos outros dicionarios.

Un aviso para os que non estean moi ó tanto da historia da lexicografía: Landau (2001), no seu libro *Dictionaries*, comeza o capítulo correspondente á historia da lexicografía inglesa con esta frase:

A historia da lexicografía inglesa xeralmente consiste nun recital de actos de piratería, sucesivos e frecuentemente exitosos (p. 43).

O que se di da lexicografía inglesa podería dicirse das outras todas; tan patente é a transmisión de informacións que en case tódolos manuais de lexicografía existe un capítulo referido ó “copyright” porque é moi doado incorrer en delicto de apropiación indebida; o que ocorre é que como polo menos as entradas non son propiedade de ninguén é difícil discriminar entre “inspiración” e plaxio e por iso non hai case nunca querelas nos tribunais aínda que un dicionario teña moitas coincidencias con outro anterior. Non é tampouco infrecuente que haxa débedas entre dicionarios de diferentes idiomas: o *Diccionario de autoridades* é debedor do da Crusca; o da Academia das Ciencias de Lisboa traslada entradas e definicións enteiras do de *Autoridades* castelán, como demostrou Messner; mesmo un autor tan serio como Fabra se inspirou noutros dicionarios, como advirte Corominas, en especial no francés de Hatzfeld-Darmesteter, *Dictionnaire général de la langue française du commencement du XVII^e à nos jours*, 2 vols., 1890-1900. Por iso hai que desculpar a Sobreira; e desculparíamos tamén a Vaamonde (autor do *DRAG*) se el mesmo, moi resentido, non acusase a Carré e mais a Eladio de plaxiar o *DRAG*.

2.1. Voces culturais

Volvemos ó que aquí nos ocupa. As voces “culturais” que Sobreira e Vaamonde, e tras deles outros, foron introducindo no galego non respondían a unha estratexia calculada; se se fai unha comparación entre o dicionario da Academia e calquera dos outros dous que lle serviron de modelo non adiviñamos qué criterio seguiu o seu autor para dar entrada a uns cultismos como *absono* ‘discordante’ ou *abular* ‘selar con bula’, que non teñen nin frecuencia nin utilidade ningunha, e en cambio deixar fóra outros que calquera dicionario románico da época rexistraba.

Ata os anos 80 os dicionarios galegos continuaron modernizando o galego con criterios semellantes á RAG. Disto podemos deducir que un dos seus obxectivos era demostrar que o galego tamén podía ser unha lingua de cultura e para iso propúñase moreas de voces non patrimoniais cunha adaptación gráfica e morfolóxica concreta. Xa se sabe que os internacionalismos veñen do latín e do grego, máis infrecuentemente do italiano, do francés e

doutras linguas modernas ou dunha calquera desas linguas usando outra como intermediaria. A maneira de introducir esas voces en galego foi usando como trámite o portugués ou o castelán e moitas veces con prexuízos enxebriantes non coincidentes e mesmo pouco consecuentes dentro dun mesmo autor.

Este criterio, que parece estar pensado para usuarios que consultan o dicionario para codificar textos (ou sexa para aqueles que se preguntan se unha palabra é galega e cómo se escribe), entra en contradicción con outro criterio de case tódolos dicionarios galegos ata os anos 80: o de aceptar indiscriminadamente calquera variante, en especial se ten unha diferencia (leve ou grande) co castelán. Pódese exemplificar con calquera dicionario pero imos facelo unha vez máis co da RAG porque rexistra todo, o antigo, o moderno, o vulgarismo diferencialista etc. sen ningún tipo de orientación sobre o bo uso. Pode verse en milleiros de exemplos, pero o caso máis rechamante é o daqueles estranxeirismos (ou en xeral voces de cultura) para as que se dan dúas, tres e ás veces catro ou máis variantes sen discriminar cáles son aceptables no rexistro escrito (ou sexa culto) e cáles non; ás veces definindo cada variante no seu sitio alfabético correspondente e sen remitir ás outras variantes. Poñemos un par de exemplos con voces que sen ser enteiramente cultas (ou cultas no sentido especial da fonética histórica) foron introducidas ou reintroducidas no galego moderno. A noción castelá 'bachiller' entra no *DRAG* como *bacharel* (marcado como arcaico), pero tamén *bacheler* e *bachiler*. Os conceptos correspondentes á familia castelá de 'ballesta' (que tiveran denominación en gal. antigo pero a finais do século XIX e principios do século XX desaparece- ran, e eran conceptos máis ben librescos) teñen entrada no *DRAG* nada menos que baixo as seguintes dezaseis formas, correspondentes a seis raíces (suprimo as definicións):

- (1) ***baesta** Var: *BEESTA. V. BESTA 6ª acep. [dentro de *besta* 'bestia']
***baesteiro** V. BESTEIRO
- (2) **balesta** V. BESTA 6ª acep. [dentro de *besta* 'bestia']
balesteiro V. BALLESTEIRO
balestilla [tér. de náut. e de albeitaría]
- (3) **balista** (antigua máquina de guerra que servía para arrojarse pedras. = *DRAE*)
- (4) **ballesta** V. BESTA en su sexta acep. [dentro de *besta* 'bestia']
ballesteiro V. BESTEIRO
ballesteira
ballestería V. BESTERÍA
- (5) ***beesta** Var: *BEESTA. V. BESTA 6ª acep. [dentro de *besta* 'bestia']
***beesteiro** V. BESTEIRO

***beestaría** V. BETERÍA.

(6) **besta**⁴ *BAESTA, BALESTA, BALLESTA y *BEESTA

besteiro Var: *BAESTEIRO, BALESTEIRO, BALLESTEIRO y *BEESTEIRO)

bestería Var: BALLESTERÍA y *BEESTARÍA

Cada unha delas merecería un comentario que agora non é lugar de facer. Lembremos só que un diccionario de lingua (e neste sentido hai que admitir que o da RAG non o era, porque é pancrónico) non debería de admitir tanta variedade de lemas, ou polo menos debería propor unha escolla na que se discriminase o antigo do moderno e dentro do moderno se propuxese unha prelación de formas. Nos dicionarios posteriores (enténdase Filgueira, Carré e Eladio) as cousas aínda empeoraron porque a declaración de “arcaico” (*) que figuraba no *DRAG* en xeral desapareceu e algunha das familias mesmo creceu; no noso *Diccionario de dicionarios*, para a serie *ballest-* rexistramos ata 8 derivados diferentes (en lugar dos tres que propón o *DRAG*). Máis adiante falaremos de cal, segundo o noso criterio, debería ser a forma preferente para esta familia de conceptos. Adiantemos agora que nalgunhas comarcas de Galicia o ‘*corvejón*’ e o ‘*tendón*’ se din *besta*, *bestra* ou *abesta* que é unha supervivencia metafórica da antiga “*ballesta*” pois un tendón ténsase e recupérase igual cá lámina dunha “*ballesta*”.

Poderíamos exemplificar con moitas máis; vou pór só outro exemplo que é máis ilustrativo aínda có anterior porque non hai familia culta e patrimonial; os dous resultados son “cultos” a pesar de que xa no galego antigo hai a palabra, pero pertence á lingua especial dos lapidarios (é un arabismo incorporado ó latín medieval): o concepto “ámbar” ten entrada como **alambbar*, **arambre*, *alambre*, *ambar* e *ambre*; esqueceulle ó dicionarista poñer a marca de arcaísmo a *alambre* pero deducimos que o é polo exemplo que o ilustra, tomado dun documento do século XV. Deixa, daquela, dúas formas como “modernas”: *ámba* e *ambre* pero non podemos saber cál das dúas prefere porque das dúas dá derivados, no segundo caso moi artificiosos, e tal vez sexan estes os preferentes porque son máis:

ambar	ambre
ambarino <i>adx.</i>	—
ambarina	ambreina
—	ambrear
—	ambreada
—	ambreado

⁴ Sen discriminar como lema da outra *besta*.

(Os ocos serían doados de encher pero non o foron: *ambarar*, *ambarado*, *ambarada* e *ambreíno*).

2.2. Voces patrimoniais

Outro trazo dos dicionarios galegos anteriores ós 80, e exemplifico outra vez co *DRAG* (os posteriores case admiten todo), é a frondosidade de formas en voces patrimoniais; e non me refiro aquí a palabras de raíz diferente para un mesmo concepto (como poden ser os sinónimos do tipo *xouba* e *parrocha*; a estas habémonos de referir despois), senón a formas que teñen a mesma orixe etimolóxica e que ademais non responden a unha distribución dialectal que repartise as variantes en áreas. Velaquí cinco exemplos que se poderían multiplicar centos de veces, as máis delas cunha variante soa (*DRAG*):

álbore	arame	anader	almea	amacelo
albre	alame	anadir	almena	amocelo
árbol	alamio	anedir	almeya	amucelo
árbole	aramio	anidir	amea	ancel
árbor	*arámeo	añidir ⁵	ameia	ancelo
árbore			amena	
arbre				
arvor				
arvore				

(Inclúo na lista a palabra “amea” que, como “bésta”, podería entrar tamén no apartado anterior pois no galego emerxente do século XIX é unha voz “cultural” recuperada; é un préstamo interno, pero en calquera caso é un neoloxismo; mesmo neste caso non houbo unha supervivencia metafórica como no caso de “bésta”).

¿De onde vén toda esa abundancia? Seguramente hai que facer para cada caso unha xustificación pero de maneira xeral podemos entrever varios tipos de orixe: formas antigas e formas populares; e entre estas, variantes conforme fosen afectadas por disimilacións (*álbore*), síncopes (*arbre*, *ancelo*), apócopos (*árbor*, *ancel*), epénteses (*ameia*), etc. Todo iso mesturado con castellanismos e portuguesismos máis ou menos disfrazados (*anedir*, *ameia*). O

5 Seguramente habería que ampliar a lista se o *DRAG* chegase á letra E (*engader* e outras variantes imprevisibles).

diccionarista puido rexistralas en dicionarios anteriores, que á súa vez os rexistraron na fala: *árbor* e *árbol* están en Sarmiento; *árbore*, *albre*, *árbole* e *árbol* en Sobreira; *arbre* en Valladares, e *álbore* en Cuveiro. Tamén puido rexistralos directamente na fala ou ben en textos escritos, antigos e modernos (*arbre* está en Rosalía, Pondal e G. Ferreiro; *álbore* en Lamas e Curros, *árbore* na *Crónica Troiana*, en J. B. Amado e Martelo Paumán). Non se exclúe a posibilidade de que por parte do escritor, e mesmo do diccionarista, haxa algún tipo de manipulación tendente a lle dar á forma un verniz máis enxebre.

¿E que fai o diccionarista con esa fronde? En xeral acólleas todas. O noso *Diccionario de dicionarios* na versión 3 (que ten case todo, excepto os dicionarios comerciais aparecidos depois de 1980) rexistra 263.482 entradas diferentes; é unha cifra asombrosa que poucos dicionarios do mundo alcanzan e que non se explica máis ca pola profusión de variantes do tipo que ilustrei na táboa anterior. Certamente está ben dar as variantes e mesmo que cada variante teña a súa entrada (polo menos se a intención do dicionario é máis a de decodificar cá de codificar textos). Pero se o dicionario ten tamén unha pretensión non xa normativa senón simplemente orientativa debería establecer unha certa xerarquía nas variantes. Pero isto implica ter un criterio, xustificado por un ideal lingüístico, que nos permita facer en cada caso unha escolla adecuada. Este criterio nos dicionarios de linguas cunha elaboración “normal” era claro: o dos bos escritores (“nos plus excellens auteurs”). Desde a Crusca, pasando por Richelet (autor en 1680 da frase que citei) e acabando por Rafael Seco. O que ocorre entre nós é que os dicionarios case precederon os bos escritores (Sarmiento, Sobreira, Rodríguez, Cuveiro certamente; Valladares a penas puido aproveitar a Rosalía dos *Cantares*). Así é que o diccionarista elaborou os seus criterios de escolla (cando a hai) proponendo como máis canónicas as formas máis diferencialistas porque faltaba a ferramenta da gramática histórica, da cronoloxía (e tamén da dialectoloxía moderna) para poder valorar outras alternativas. Quizais por iso non hai escollas nin condenas claras. Podemos exemplificalo outra vez coa *árbore* do DRAG:

- (1) **álbore**. *s. f.* Corrupción popular de ÁRBORE. Árbol. V. ÁRBORE. (exs. de Lamas e Curros).
- (2) **albre**. *s. f.* Contracción de *álbore*. Árbol. V. ÁRBORE.
- (3) **árbol**. *s. f.* “Árbol. Árbole. Tiene el árbol: *raíz, toro, polas, pingólas, follatos, gamállos, fillos, codia, madeira, leña, páos o páus, garabullos, folla, gromos, canas, pé, ramallos.*” P. SOBREIRA. V. ÁRBORE.
- (4) **árbole**. *s. f.* “Árbol”. P. SOBREIRA. V. ÁRBORE.
- (5) **árbor**. V. ÁRBORE.- “Et as seetas et os dardos mais espesos caan entre eles.

que a arbor quando he entre si muyto espesa.” (Y las saetas y los dardos, caían más espesos entre ellos, que el árbol cuando es entre sí muy espeso). C. T., vol. II, p. 41. En lo antiguo también se escribía *ÁRVOR*.

- (6) **árbore**. *s. f.* Árbol. El mayor de los vegetales leñosos [seguen exs. ant. e mod.]; 2. *náut.* Cualquiera de los palos o masteleros de una nave u otra embarcación. 3. En *tipografía*, pieza de hierro en la parte superior del husillo de la prensa de imprimir. Var: *ÁLBORE*, *ALBRE*, *ÁRBOL*, *ÁRBOLE*, *ÁRBOR* y *ARBRE*. Antiguamente solía escribirse *ARVORE*.
- (7) **arbre**. Contracción de *ÁRBORE*. V. [seguen exs. de Rosalía, Pondal e García Ferreiro].
- (8) **arvor**. V. *ARBORE*.
- (9) **arvore**. V. *ARBORE* [seguen exs. ant.].

De toda esta restrita de variantes só parece haber unha explicitamente condenada, *álbore* (se consideramos que “corrupción” se debe entender como “mala pronunciación” ou forma “dexenerada”); se cadra tamén deberiamos considerar “corrupta” a forma contraída *albre* por ser contracción dunha corrupta. Das restantes se cadra tamén podemos deducir que *árbore* foi considerada a forma principal e canónica porque baixo ela aparecen tódalas outras como variantes e ademais en tódalas outras figura *árbore* como sinónima, pero non viceversa. Pero isto é só un supoñer, porque á parte daquela “corrupción” non hai outra menor indicación sobre o uso, ou sexa sobre o *bel usage*, porque, mesmo a pesar dos exemplos en galego medieval que figuran en *árbor* e *arvore*, esqueceu de introducir os lemas co asterisco que habitualmente usa para indicar que son arcaísmos. E a escolla (se a nosa sospeita é boa) vai en contra do criterio dos nosos “plus excellens auteurs”, posto que Rosalía e Pondal, que son sen dúbida os máis excelentes, preferiron *arbre*. Así é que, resumindo, un lector normal deducirá que segundo Vaamonde e a maioría dos dicionaristas posteriores, tan boa é a escolla 6 coma calquera das outras 8 (ou das outras seis, se quitamos a 1 e a 2 por corruptas). O cal aparta moito o *DRAG* (e case tódolos outros, excepto os actuais) do ideario académico de “limpiar” e “fijar” ou para dicilo coas palabras do lema da nosa Academia, “recoller” e “limpar” (*colligit, expurgat, innovat*).

De todo o anterior non se pode deducir unha crítica negativa ós dicionarios galegos anteriores a Vaamonde (e mesmo posteriores: Filgueira, Carré e Eladio). Se eu tivese que facer un dicionario da lingua galega en 1913 é moi probable que non fose capaz de facelo moito mellor entre outras razóns porque as fontes para facer o dicionario eran os autores, e eran poucos, e os estudos sobre a lingua oral (en especial vocabularios) eran escasos.

3. O VOLG

Enfiando outra vez co dito ó comezo: en Galicia ata a segunda metade do século XX non existiu nin unha Academia nin unha individualidade que propuxesen un modelo lingüístico de referencia. Así é que en ortografía e morfoloxía valía case todo e en léxico todo e aínda máis; e non é un xogo de palabras porque, á parte do léxico documentado no galego oral ou no escrito, non faltou case ninguén á hora de fabricar palabras novas polos procedementos máis revirichados. Cando o galego estendeu a súa produción literaria e, principalmente, cando se lle abriron funcións novas e se converteu en materia de ensino regrado, a falta dunha codificación máis ou menos flexible non podía continuar. A un neno ou a un estranxeiro non se lle pode ensinar que en galego “árbol” se pronuncia de sete xeitos e se escribe de nove (e que ademais ten dous xéneros: Pondal di “os teus arbres”, García Ferreiro “nas arbres”). Por iso polos anos 80 houbo un florecemento grande de normas ortográficas, que cada un seguía con máis ou menos fanatismo; entre elas o goberno viuse na obriga de escoller, porque era razoable que o Boletín do Parlamento, o DOG e os libros de texto estivesen nun galego único. E por iso se tentou de facer para o léxico un complemento equiparable ás *Normas ortográficas e morfolóxicas*, e de aí saíu o *VOLG*.

Ora, o *VOLG* non é un dicionario. É unha saída de emerxencia, porque a fabricación dun dicionario é cousa de bastantes anos. Os cataláns, que madrugaron máis ca nós, pero que foron cumprindo etapas semellantes ás que se esperaban de nós, tiveron as normas ortográficas en 1913, a gramática no 18 e o dicionario no 32. Entre medias Fabra, o codificador principal, dirixiu un *Diccionari ortogràfic* (1917), que era tamén unha saída de emerxencia mentres non se fabricaba o *Diccionari general*.

O dos dicionarios ortográficos, ó contrario do que podería parecer, non é exclusivo de linguas emerxentes que teñen que facer ferramentas de urxencia. Linguas con moita tradición literaria tiveron vocabularios ortográficos: Webster, que foi o gran dicionarista de Norteamérica, foi coñecido antes que polo seu dicionario (1806), polo “Blue-backed Speller” (que así se chamaba o seu *A Grammatical Institute of the English Language*), do que se vendeu antes de 1900 un millón de exemplares, case tantas copias coma da Biblia; “Go to Noah”, ‘mira en Noé’, que era o nome de pía de Webster, é o que lles contestaban moitas veces os mestres americanos ós nenos para que comprobasen o deletreo correcto dunha palabra no “speller”. Ó nome de Webster está ligado, por casualidade, o de Antônio Houaiss, pois fixo dicionarios para a casa Webster (*Webster’s dicionário inglês-português*); se cadra por teren os brasileiros con Portugal os mesmos problemas de *spelling* que tiñan os americanos con Inglaterra é polo que a Houaiss se lle debe tamén

un *Vocabulário ortográfico da Língua Portuguesa* (1981). E este non é o único vocabulario ortográfico da lingua portuguesa; nós para a fabricación do *VOLG* tivemos moi en conta o publicado por F. Rebelo Gonçalves no ano 1966 (*Vocabulário da língua portuguesa*). (Non está de máis lembrar que a lingua portuguesa sempre tivo penuria de dicionarios; así que non é de estrañar que aparecesen aqueles vocabularios ortográficos, especialmente para poñer orde en cómo escribir os neoloxismos, que desde hai un século entran en enxurrada; se cadra tampouco é casualidade que Rebelo e Houaiss fosen de Clásicas).

Vindo xa ó caso do *VOLG* e dando por xustificada a urxencia dun vocabulario ortográfico e a imposibilidade de facer un dicionario en prazo breve, as dúas razóns polas que nos pareceu necesario acometer a obra quedan exemplificadas na crítica que fixemos dos dicionarios galegos: a falta de norte na aclimatación de tecnicismos e palabras culturais (cántos e cómo), e o escaso mal tempo que se deran en propoñer escollas (“expurgare”).

Na época en que se fixeron os dicionarios a que vimos referíndonos (os anteriores ós 80), o coñecemento do galego vivo e literario era bastante escaso. Non é aquí o momento de facer unha historia da dialectoloxía galega, pero propoño unha proba ben doada de facer: acudir ó Corominas e ver as fontes galegas que manexa; para a 1ª ed. (1954 ss) Valladares, Schneider e pouco máis; para a 2ª (1980 ss., e agora o dicionario xa é “hispanico”) poucas fontes tamén, fóra de Sarmiento, Valladares, Eladio Rodríguez, Castelao e algo Aníbal Otero; porque seguía sen haber case nada (digamos de paso que fóra de Sarmiento e Castelao as outras fontes non lle merecen case crédito, e aínda as primeiras é segundo lle convén, como se pode comprobar a propósito de *azo*, mencionada antes); en 1954 e 1980 sabía Corominas máis do asturiano e do santanderino ca do galego. Pero cando se fixo o *VOLG* xa había un coñecemento bastante detallado do galego oral, e non só de cómo se distribuían fenómenos fonéticos e morfolóxicos, senón sobre a distribución de resultados léxicos, a través de varias ducias de enquisas en profundidade, por riba dos 170 e pico puntos dos cuestionarios do *ALGa*. Tamén, ó mesmo tempo, iamos incrementando o noso coñecemento do galego literario a través de baleirados de autores, primeiro de maneira manual e despois coa axuda da computadora. Así é que despois de ter feita a “collecta” a que se refire unha das palabras do lema da Academia o noso problema era decidir se incorporabamos *abrupción*; ou qué escolliamos entre *absolución*, *absolutión*, *ausolución* ou *ausoluzón* (en ámbolos casos a “innovatio” do mesmo lema); ou qué faciamos coa frondosidade da *árbore* así como coa frondosidade de castelanismos máis ou menos disfrazados dos dicionarios; e, finalmente, qué faciamos tamén con outras frondosidades que nos quedaban por explorar e que vou mostrar a seguir con algún exemplo que tomo dos dic-

cionarios de Aníbal Otero e Constantino García (podería facerse tamén con Elixio Rivas, pero pola estrutura do seu dicionario, préstase menos a exemplificar con el); podería mostralo de maneira máis espectacular aínda con algún concepto do *ALGa*. Estes tres aspectos refírense á “expurga” do lema da Academia.

(1) C. García (refundo 3 entradas):

- cóxegas** f. ‘cosquillas’ (Lax. Com. Cod. Ced. Cre. Fri. Gun. Bur. Sua. Ped. Inc. Mon. Ram. Xun. Ver. Vil.)
- bóchegas** (Raz. San.)
- cócegas** (Ced.)
- cóchegas** (Fea. Cur. Com. Nov. Mel. Oir. Gro. Gui.)
- cóchicas** (Goi.)
- cóchigas** (Sob.)
- cóqueas** (Sco.)
- cóixelas** (Per.)
- cónchegas** (Com.)
- cónxegas** (Com.)
- cóscaras** (Mez. Por.)
- coscas** (Dum. Sco.)
- coscras** (Por.)
- cosquias** (Gud.)
- cósquiras** (Mez.)
- cóxecas** (Ver.)
- cóxicas** (Ver.)
- cóxigas** (Ced. Mon. Pan. Mra. Cal.)
- crochas, corochas** (Gro.)
- celigras** f. (Val.)
- teligras** (Cab.)
- tiligras** (Caa.)

(2) A. Otero, simplificado:

Formas galegas	Formas portuguesas	Formas españolas
auriolo , en Oropéndola, en Barcia cregoleón de Villalonga domingo lirón en Sober milpéndora , en V. das Meás milpréndiga , en GR. mingoleirón , en Lobaces nicolao , en Moraña oriol , en Rizal refaijeiro , en A Tojeira ringaleirón en Maceda romirón , de Quintáns vichelocrego , de Lesende	culergo , de San Romão eibão , en Carrzedo de Montenegro figo maduro , en Sobreiró gaio cirejeiro , en Vilela gaio , en Casas de Sueiro gaivão , en Oleiros maranteu , en Moimenta maría pindula , en Duas Igrejas pito marelo , en Vilarinho de Samardã turulurú ; en Sobreiró	oropéndola en DA [=DRAE]

Sería moi doado exemplificar con moitos máis casos. A *bidueira*, a *randedeira*, o *algabizo*, a *puntalousa*, a *cotovía*, o *éndez*, a *engroba*, a *xoaniña*, a *filloa*, a *cangorza* teñen moitos nomes, algúns deles recollidos, certamente antes de A. Otero e de C. García. O Eladio é bastante xeneroso e consecuen- te en sinónimos.

Esa restra de nomes que indico (22 para as *cóxegas* e 12 para o *ouriol*) están nun término medio; nos cadernos do *ALGa* (dos que xa se dispuña cando fixemos o *VOLG*, e que se consultaron para ver a representatividade de moitas palabras) hai conceptos que dan unha enormidade de formas. Desgraciadamente cando se fixo o *VOLG* non dispuñamos do *Diccionario de diccionarios*, que é unha ferramenta que nos podía ter axudado moito a tomar decisións. Abonda facer a experiencia buscando polo castelán pala- bras como “abedul”, “columpio” etc. para que se despreguen listas moi abondosas. Unha das máis abraiantes é a do “digital” que pasa de 81 refe- rencias, case todas equivalentes dunha palabra galega que significa “digital” (no reconto de Eladio eran só 31); quero lembrar que as 81 referencias do *Diccionario de diccionarios* son seguramente aínda máis porque os diccio- naristas non son sempre consecuentes en dar como lema o que en moitas definicións dan como sinónimo da entrada⁶.

Isto para o dialectólogo (e para o onomasiólogo) sería unha bendición; para o fabricante dun diccionario de lingua é unha riqueza, cando menos, desacougante.

Queda daquela á vista o material con que nos encontrabamos o primeiro día que nos sentamos á mesa cunha batería de diccionarios e cun caderno en branco no que ir construíndo a nosa listaxe.

⁶ Velaquí (resumido) o artigo *abrula* en Eladio:

abrula. [...] Esta planta silvestre es comunísima en Galicia, pues al final de la primavera sus flores rojas penden graciosamente del varal en que se asientan, y adornan y decoran los bordes de las *corredoiras* durante una gran parte del año. Tiene una gran variedad de nombres en nuestra región. El publicista Bouza Brey ha recogido de labios de nuestros campesinos los siguientes: *abrula*, *aveluria*, que se refieren a todo el vegetal, y *alcroque*, *balocos*, *belitroques*, *bilincroques*, *bilitroques*, *cloques*, *cócalos*, *cocos*, *crocas*, *estralantes*, *estraleques*, *estraloques*, *estralotes*, *palitroques*, *sanxoáns* y *troques*, que hacen referencia a las flores y a los *estralos* que con ellas suelen hacer nuestros muchachos. El *DRAG*, en el que no figura la *abrula*, que es el nombre gallego más común de la planta, describe ligeramente ésta en el vocablo *alcroque*, en el cual da, además, las variantes *alcornoz*, *alicroque*, *bilicroque*, *croque*, *cróquele*, *chopo negro*, *dedaleira*, *herba de san xoan*, *milicroque*, *mitiroque*, *san xoane* y *soane*, que no constan en la nomenclatura de Bouza Brey, resultando de ello que la *abrula*, o digital, tiene en Galicia 31 nombres y alguno más, porque varios de nuestros escritores emplean también las formas *belicroque*, *melicroque* y *melitroque*.

3.1. Voces librescas, cómo se adaptan

Polo que deixamos dito hai claramente dous tipos de voces (aínda que a fronteira entre un tipo e outro poida ser ás veces borrosa). Por un lado as voces de tipo “cultural” ou libresco; ou sexa, aquelas que nas linguas de elaboración gradual foron entrando pouco a pouco, sobre todo despois do Renacemento, especialmente polos procedementos coñecidos de préstamo e do calco, a medida que as linguas ampliaban o abano de funcións; cando se estudian os elementos constitutivos do léxico portugués ou español hai obrigatoriamente un capítulo para os latinismos, os helenismos, os galicismos, os italianismos, os anglicismos, etc. Moitos deles pasaron a ser voces de uso común pero a maior parte deles quedaron restrinxidas a usos especializados “des arts et des sciences”. Normalmente esta terminoloxía non entrou nos primeiros dicionarios das linguas vulgares e eran obxecto de vocabularios especiais. Pero na tradición lexicográfica francesa a partir do século XVII é frecuente que entren nos dicionarios chamados de lingua (daquela *dictionnaire universel*) unha boa representación desta terminoloxía porque a maior parte destas palabras son do vocabulario fundamental do home culto non especialista, que é o público “target” dos dicionarios de lingua.

Pois ben, para este tipo de voces o que tiñamos que dilucidar era cómo e cántas se adaptaban.

Sobre o “cómo”. Hai moitas palabras que entran co rabo dereito no galego porque se acomodan perfectamente á súa fonética e morfoloxía: *barómetro*, *microscopio*, *bancario*, *baremo* son de moitas linguas e son tamén galegas co mesmo dereito. Nestes e noutros casos o límite no que nos podíamos mover era relativamente pequeno porque estaba tratado con bastante detalle nos capítulos 7, 8 e 9 das *Normas*: grupos consonánticos: *bl* e outros casos de *muta cum liquida*; dúas consoantes en grupo heterosilábico (*bc...*, *ct...*, *gm...*, *mn...*, *pc...*, *pn...* etc) ou homosilábico (*ns...*); sufixos (*-cio*, *-ción*, *-se*, *-ble*, *-eo*, *-ería*) e así por diante.

Unha directriz que tivemos sempre presente foi a de ser congruentes. Se, poñamos por caso, adoptamos o criterio de que os cultismos gregos que teñan *-y-* (< υ, ypsilon) se adaptan con *-i-* (*sinfonía*, *sílaba* [συv-], *pirómano* [πυρ-], *miocardite* [μυο-], *xeroglífico* [-γλυφ-]...), a non ser que existan razóns de moito peso en contra (que as pode haber), procurárase non quebrantar a regra. Esa é a razón pola que mantivemos na mesma familia os derivado do gr. γλυκύς: *glicemia*, *glicémico*, *glicérico*, *glicerina*, *glícidos*, *glicina*, *glicinia*, *glicol*, *glicólise*, *glicolítico*, *glicosa*, *glicósido*, *glicosuria*, *glicoxénese*, *glicoxenético*, *glicóxeno*, *hiperglicemia*, *hipoglicemia*, independentemente de que algunhas delas tivesen chegado por camiños máis ou menos tortuosos (inclúo parte da familia γλυκερός ‘de sabor doce’ de onde sae a familia da *gli-*

cerina, dos *triglicéridos* e outros). O castelán, neste caso, optou por desmembrar a familia en dous grupos, *gluc-* e *glic-*; noutros idiomas tamén, aínda que a raíz con *-i-* ou *-y-* é maioritaria.

<i>VOLG</i>	Rebello / (Houaiss)	<i>Petit Robert</i>	<i>DGEC</i>	María Moliner	Zingarelli	Webster's 3rd
glic- / glico-	glico-	gluco-/glyco-	glico-	—	glic-/gluc-	glyc(o)- / gluc(o)
glicemia	glicemia	glycémie	glucèmia (p)	glucemia	glicemia	glycemia
glicémico	glicémico	—	—	—	glicémico	glycemic
glicidos	glicido (Houaiss)	glucide	glúcid (p)	glúcidos	glicide (p)	glucid
glicina	glicina	glycine	glicina	glicina	glucina	glycine
glicinia	glicinia	glycine	glicina	glicinia	glicine	(chinese wisteria)
glicinio	glicinio	glucinium	glucini	glucinio	(berillo)	glucinium
glicol	glicol	glycol	glicol	—	glicol(e)	glycol
glicólise	glicólise	glycolyse	glucòlisi ⁷	glucólisis	glicòlisi	glycolysis
glicolítico	glicolítico	—	—	—	—	glycolytic
glicosa	glicose	glucose	glucosa	glucosa	glucòsio (p)	glucose (p)
glicósido	glicósido	glucoside	glucòsid	glucósido	glucòside	glucosid
glicosuria	glicosuria	glycosurie	glucosúria (p)	glucosuria	glicosúria	glycosuria
glicoxénese	glicogénese (Houaiss)	glycogénèse	—	—	glicogenesi	glycogenesis
glicoxenético	glicogénico	glycogénique	—	—	—	glycogenic
glicóxeno	glicógeno	glycogène	glicogen	glucógeno	glicogeno	glycogen
hiperglicemia	hiperglicemia	hyperglycémie	hiperglucèmia	hiperglucemia	iperglicemia	hyperglycemia (p)
hipoglicemia	hipoglicemia	hypoglycémie	hipoglucèmia	hipoglucemia	ipoglicemia	hypoglycemia (p)
glicérico	glicérico	—	glicèric	—	glicerico	glyceric
glicerina	glicerina	glycerine	glicerina	glicerina	glicerina	glycerin

(p) = forma actual ou preferente

Poño esta familia de palabras como exemplo porque ten un pouco de todo. Está claro que a orixe última da palabra é o grego; ora probablemente ningunha lingua moderna foi ó grego buscala senón ó latín científico. Se se fai un rastrexo máis minucioso como o que fan os dicionarios etimolóxicos do tipo *FEW* (que toma en moita consideración a cronoloxía das documentación) aínda poderíamos afinar máis, pois os resultados actuais dalgúns linguas non son préstamos directos do latín senón doutra lingua intermediaria que madrugou máis cás outras en coller o préstamo. O francés, a partir dun certo momento, optou pola transliteración do *v* con *u* (porque os seus gramáticos consideraron que o ypsilon se transliteraba mellor directamente co *u* francés (fonet. [y]) que non a través do *y* grego do latín; mesmo se lles buscou unha explicación etimolóxica ás formas con *gluc-*, retrotraendo falsamente a raíz a un grego γλυκός ‘viño doce’); así entrou o *gluc-* en francés

7 Agora no *Diccionari de la llengua catalana* do Institut d' Estudis Catalans, propónse a forma máis congruente, *glicòlisi*.

nalgúns membros da familia (especialmente nos máis frecuentes, a *glucosa* e os *glúcidos*) e desta lingua pasou a outras. A nosa alternativa aquí (e en moitos outros casos) era, daquela, ou aceptar sen máis un préstamo tomando como intermediario o castelán, que á súa vez podía ter como intermediario o francés ou o inglés, ou ben recompoñer a familia retrotraéndoa ó latín científico intermediario (real ou imaxinario). As dúas alternativas teñen xustificación pero pareceunos mellor a segunda porque é a máis coherente (a máis defendible lingüisticamente) e porque nos pareceu que era bo liberar o galego de pasar constantemente pola aduana do castelán; que nos achegue ó portugués (en xeral coma case sempre) é unha vantaxe engadida. Pero a nosa opción non foi sen reticencias porque neste caso (e non é único; noutras as familias son menos numerosas e chaman menos a atención) hai algúns membros que xa teñen certa circulación na lingua non especializada cun resultado contrario á nosa proposta, a *glucosa*, por exemplo. Como temos certa desconfianza de que a nosa proposta poida ter éxito deixamos como alternativa menos recomendable tamén as formas con *gluc-* (e nisto actuamos da mesma maneira que Vaamonde, a quen criticamos antes, aínda que sexamos máis claros ca el advertindo que hai unha forma preferente); por iso no *VOLG* aparece unha batería de entradas coma estas:

gluc-	pref	glic=>
glucemia	f	glicemia=>
glúcido	m	glícido=>
glucinio	m	glicinio=>
glucosa	f	glicosa=>
glucósido	m	glicósido=>
glucosuria	f	glicosuria=>

(o signo => quere dicir que as formas con *glic-* son preferentes)

Poño deliberadamente este exemplo porque nel se ven tódalas virtudes e fraquezas das nosas escollas; noutros centos de casos con que podería exemplificar a filosofía de fondo é a mesma.

Vou poñer outro exemplo, neste caso referido á acentuación. Como é sabido, na nosa lingua o acento é fonolóxico e nisto concorda coas outras linguas románicas menos co francés. Nestas linguas, nas que o acento é libre, os préstamos latinos (ou das palabras latinas transmitidas polo latín) respectan a posición do acento da lingua prestadora. En palabras de máis de dúas sílabas os préstamos son graves ou esdrúxulos segundo fose a cantidade vocálica da penúltima sílaba. Por iso dicimos *lacustre* ou *rizoma* pero *democrático* ou *lúgubre*; e pasa igual en castelán, en portugués, en italiano ou en catalán. Isto é regra (aínda que hai problemas cos grecismos dependendo se

veñen ou non a través do latín). O que ocorre é que as linguas que non se planificaron “in vitro” puideron alterar bastantes veces esta regra cando os préstamos lles chegaron mesturadamente, uns por vía directa e outros indirecta. Velaquí a seguinte táboa comparativa (na que as propostas galegas non corresponden exactamente coa versión orixinal do *VOLG* senón coa versión corrixida):

<i>VOLG</i>	Houaiss	María Moliner	Zingarelli	<i>DGEC</i>	<i>Petit Robert (TLF)</i>
aerólito	aerólito	aerolito	aeròlito	aeròlit	aérolit(h)e m
coprólito	coprólito	coprolito	copròlito	copròlit	coprolithe m
crisólito	crisólito	crisólito	crisòlito	crisòlit	chrysolithe f
electrólito	eletrólito	electrólito, electrolito	elettrólito	electròlit	électrolyte m
megálito	megálito	megalito	megalite	megálit	mégalithe m
micrólito	micrólito	——	——	——	microlithe m (<i>TLF</i>)
monólito	monólito	monolito	monòlito	monòlit	monolithe m
nefrólito	nefrólito	——	nefròlito	——	——
oólito	oólito	oolito	oolite	oòlit	oolithe m
otólito	otólito	——	otolite	otòlit	otolithe m
siderólito	siderólito	siderolito	siderolite	sideròlit	——
trílito	——	trilito	trilite	trílit	——
zoólito	zoólito	——	zoolito	zoòlit	zoolit(h)e m
teodolito	teodolito	teodolito	teodolite	teodolit	théodolite m
fotolito	fotolito	fotolito	fotolito ⁸	fotolit ⁹	——

Mesturei a propósito tódalas palabras que rematan en *-lito*, pero delas hai que separar claramente unha que, aínda que remata coma as outras, non ten nada que ver con ‘pedra’ pola súa desinencia; é o *teodolito*, un anglicismo (*theodolite*) de etimoloxía escura, probablemente amálgama de *the alidade* (latín med. *albidada*, ár. al-‘iḡāda ‘the revolving radius of a circle’, Webster). Ningunha lingua románica a ten esdrúxula (aínda que en inglés se acentúe no *-ó*: [θr̥ɔ̀dɔ̀lait]) porque pasou a través do francés. Sorprende tamén seguramente que propoñamos *fotolito*, neste caso cun *-lito* que é claramente parente dos outros; o que ocorre neste caso é que a palabra, onde queira que se orixinase por primeira vez (que é o inglés, de novo: *photolith*), é unha abreviación de *fotolitografía* (ou sexa, ing. *photolithograph*). Tódalas linguas coinciden. As restantes formas proceden dun composto no que

8 No it. distinguen *fotòlito* (‘substancia descompoñible por fotoanálise’) e *fotolito* (‘fotolitografía’).

9 Ou *fotòlit*, IEC.

maioritariamente a segunda parte é un sufixo *-lito* ‘pedra’ (do gr. *-λίθος*, a través do lat. *-lithus*); o esperado son, polo tanto, palabras esdrúxulas, que son as que predominan en linguas con acento móbil como é o catalán e o portugués; o italiano anda metade e metade. Só o castelán escapa da regra e acentúa maioritariamente á francesa; exceptúa o *crisólito*, quizais porque é palabra antiga, dos lapidarios do século XV (aínda que a doc. francesa, *chrysolit(h)e* é anterior á española en tres séculos). Merece tamén un pequeno comentario o *electrólito*, que en español ten as dúas acentuacións, aínda que prefere a grave. A efectos de acentuación non importa que o sufixo neste caso teña outra orixe, o adx. gr. *λυτός* ‘soluble’ latinizado en *-lytos*, que, a efectos de colocación do acento, en préstamos directos, ten que dar tamén palabras esdrúxulas.

Igual que no caso anterior (*glico-*), nas palabras rematadas en *-lito* tiñamos tamén a alternativa de deixalas todas esdrúxulas ou todas graves. A dicir verdade aínda cabería unha terceira, mesturar graves e esdrúxulas á española ou á italiana. Polas mesmas razóns que no caso de *glico-*, optamos pola solución máis “lingüística”, que por outra parte é a que nos achega á solución maioritaria nas outras linguas románicas. Iso non quere dicir que non haxa argumentos para a contraria; certamente tamén valoramos se non sería preferible deixar as cousas como están (solución española) e permitir que a xente continúe a dicir *megalito*, e *monolito*; a fin de contas son palabras non patrimoniais e pode que non sexa moi rendible reeducar un país enteiro por un acento en media ducia de palabras. Para máis abundamento: no *VOLG* admitimos unha palabra como *sepiólita*, que coma moitas das palabras que citei vén de maneira inmediata do fr. (*sépiolite* f), que á súa vez se remonta ó al. *Sepiolith*, derivado do gr. *σηπίον* ‘óso de xiba’ + o mesmo *-λίθος* de antes. Ora, se nos fixamos, a forma francesa, de onde vén a nosa, é feminina e neste caso probablemente non estaría ben saltala (para ir ó lat. ou grego) e facer un **sepiólito* dado que se arrima de mellor gana á familia de palabras coas que se designan minerais, que en fr. son maioritariamente femininas, porque se forman cun sufixo grego feminino *-ites* (*calamita*, *bauxita*, *cuarcita*...). Pero este sufixo dá lugar tamén a unha restre de palabras que non está exenta, pola súa banda, de problemas.

Acabamos de ver un caso no que as razóns lingüísticas tiveron nos nosos criterios máis peso cás derivadas do uso. Pero hai outros para os que non hai razóns lingüísticas claras e preferimos que sexa o uso o que faga a norma (ou que a norma sexa o uso). Quen estea familiarizado coa lingua portuguesa sabe que son frecuentes nela palabras acentuadas no (último) *-i-*, como *democracia*, *demagogia*, *nostalgia*, *terapia*, que para nós é habitual acentuar na vocal anterior. Son helenismos, en xeral pertencentes á terminoloxía das cien-

cias. Lingüísticamente podería establecerse un discriminador teórico: as voces latinas deberían rematar en *-ia* (*custodia, pericia, familia...*); as gregas en *-ía* (*filoloxía, oligarquía, democracia...*). Ora, moitas palabras gregas chegaron ás linguas romances por vía indirecta, a través do lat.; e o latín segundo as súas regras de acentuación facía esdrúxulas estas palabras; así ἱστορίᾱ pasou a *hístōria* e ás linguas románicas como *estōria, história* ou formas similares. A partir dunha época (non necesariamente despois de deixar de ser fonolóxica a cantidade vocálica que regulaba a colocación do acento) tamén en lat. se habilitou o suf. *-ia*, resultado da adecuación da terminación grega *-εια* (*ἐνέργεια > energía*); o ditongo grego *-ει-* redúcese en lat. a *-i-*, en xeral, nas voces lat. de orixe grega (*εἰρωνεία > ironía*). Así quedaba aberto en latín o camiño para os préstamos gregos en *-ía*; os poetas cristiáns xa escandían *harmonía* (*ἁρμονία*), *symphōnía* (*συμφωνία*) etc, que no lat. “clásico” eran insólitas. Este novo sufixo acabou sendo moi productivo en lat. e en romance e dá lugar a unha abondosa familia de abstractos que xa nin teñen raíz grega (*cortesía, covardía...*); os centenares de voces formadas con *-ería* ou *-aría* sobre substantivos en *-eiro* tamén teñen a mesma desinencia *-ía*, que na orixe é grega. Ora, o lat. (que en xeral é o intermediario destes cultismos) non foi consecuente na colocación dos acentos; por outra parte, hai un bo número de palabras deste tipo que teñen como lingua intermediaria o francés, que é lingua de acento fixo e acentúa sistematicamente *-ie* (*pathologie, amnésie*); o francés é seguramente o responsable de moitas voces en *-ía*, do tipo que nos ocupa. Velaquí sinopticamente as posibilidades. As linguas romances de acento móbil concordan na acentuación *-ía* nun bo grupo de palabras; non é probable que todas fosen directamente beber á fonte grega pois puido haber unha lingua moderna intermediaria:

Sufixo	VOLG	Houaiss	María Moliner	IEC	Zingarelli
	agonía	agonia	agonía	agonia	agonía ¹⁰
	alegoría	alegoria	alegoría	al.legoria	allegoria ¹¹
-cromía	policromía	policromia	policromía	policromia	policromía ¹²
-ectomía	mastectomía	mastectomia	mastectomía	mastectomia	mastectomía ¹³
-metría	simetría	simetria	simetría	simetria	simmetria ¹⁴
-opía	miopía	miopia	miopía	miopia	miopía ¹⁵
-patía	cardiopatía	cardiopatía	cardiopatía	cardiopatía	cardiopatía ¹⁶
-patía	simpatía	simpatia	simpatía	simpatia	simpatía ¹⁷
-stasía	apostasía	apostasía	apostasía	apostasía	apostasía ¹⁸
-tomía	osteotomía	osteotomia	osteotomía	osteotomia	osteotomía ¹⁹
-tropía	entropía	entropia	entropía	entropia	entropía ²⁰

10 Gr. ἀγωνία; it. 1342, fr. XIV, cast. med. XV, pt. XV.

No lat. científico renacentista e posterior (do que proceden os préstamos romances) debeu de haber bastantes vacilacións entre *-ia* e *-ía* e isto xustifica que nas linguas romances haxa discrepancias e, ás veces, no curso da historia, trasacordos; isto afecta mesmo ós nomes xeográficos: *Antioquia* e *Etiopia* foron antes *Antióquia* e *Etiópia*. Velaquí unhas cantas voces para as que non hai acordo nas diferentes linguas románicas (en caso de dúas solucións damos en segundo lugar a que os dicionarios propoñen como secundaria).

Sufixo	VOLG	Houaiss	María Moliner	IEC	Zingarelli
	ambrosía	ambrosia / ambrósia ²¹	ambrosía	ambrosia	ambròsia
	amnesia	amnésia / amnesia	amnesia	amnèsia	amnesia ²²
	autopsia	aotópsia	autopsia	autòpsia	autopsia ²³
	biopsia	biópsia / biopsia ²⁴	biopsia	biòpsia	biopsia
	eutanasia	eutanásia	eutanasia	eutanàsia	eutanasia ²⁵
	farmacia	farmácia	farmacia	farmàcia	farmacia ²⁶
-uria	hematuria	hematúria / hematuria	hematuria	hematúria	ematúria / ematuria ²⁷
	xeodesia	geodesia / geodésia	geodesia	geodèsia	geodesia ²⁸
	academia	academia / (acadêmia)	academia	acadèmia	acadêmia ²⁹
	alquimia	alquimia	alquimia	alquímia	alchimia / alchimia ³⁰
	alopecia	alopecia	alopecia	alopècia	alopècia / alopecia ³¹
-emia	anemia	anemia (anémia ³²)	anemia	anèmia	anemia ³³

11 Lat. allegoria(m) do gr. ἀλληγορία; fr. 1188, pt. XIII, it. 1342, cast. med. XV.

12 De *tri-* + *χρῶμα* + *-ia*.

13 Gr. ἐκτομή 'corte', comp. de ἐκ- 'fóra' e τομή 'tallo' + *-ia*.

14 Lat. symmetria (gr. συμμετρία).

15 Formado sobre o gr. ὠπ- 'ver' (ὠπς, xenit. ὠπός 'ollo').

16 Gr. -πάθεια.

17 Lat. sympathia (gr. συμπάθεια); fr. 1420, it. 1560, cast. 1582, pt. 1600.

18 Lat. apostasia, gr. ἀποστασία; fr. 1250, it. 1301, cast. XIV, pt. XV.

19 V. *-ectomia* (nota 13).

20 Al. *Entropie* (voc. creado por Clausius en 1865), comp. do gr. ἐν- 'dentro' e τροπή 'reviravolta', sobre o modelo de *Energie* 'enerxía'.

21 En pt. a *ambrosía* é unha planta, a *ambrosia* a comida dos deuses. Lat. ambrosia(m), do gr. ἀμβροσία; it. desde Dante; cast. 1438; fr. XV, pt. 1543.

22 Fr. *amnésie* (1771), do gr. ἀμνησία.

23 Gr. ἀντοψία 'o observar cos propios ollos'; fr. *autopsie* (1573); it. 1680, cast. 1728, pt. 1836.

24 *Biópsia* en Portugal; *biopsia* no Brasil. V. *autopsia*.

Quedan finalmente un grupo numeroso de casos en que o portugués (e case sempre o italiano) acentúa no -í- e o castelán (e sempre o catalán) na sílaba precedente.

Sufixo	VOLG	Houaiss	María Moliner	IEC	Zingarelli
	anorexia	anorexia	anorexia	anorèxia	anoressia ³⁴
	asfixia	asfixia	asfixia	asfíxia	asfissia ³⁵
	astenia	astenia	astenia	astènia	astenia ³⁶
	acrobacia	acrobacia	acrobacia	acrobàcia	acrobazia ³⁷
	alergia	alergia	alergia	alèrgia	allergia ³⁸
-alxia	nostalxia	nostalgia	nostalgia	nostàlgia	nostalgia ³⁹
-cardia	taquicardia	taquicardia	taquicardia	taquicàrdia	tachicardia ⁴⁰

25 *DELL*: “Gr. euthanasia ‘morte felice’, comp. di eu- ‘eu-’ e un der. di thánatos ‘morte’ (d’orig. indeur.). La vc. gr. era spesso pronunciata da Augusto imperatore, secondo l’informazione di Sve-tonio (“sibi et suis euthanasian similem (hoc enim et verbo uti solebat) precabatur” = “egli chie-deva agli dei per sé e per i suoi una simile euthanasian – che era il termine proprio di cui egli era solito servirsi”, cioè una morte rapida e senza sofferenza, Augusto 99) e fu ripresa in epoca mod. da filosofi e politologi ingl. (Janni 83-85)”. It. 1554, fr. 1771, pt. 1836, cast. 1925.

26 Lat. med. pharmacia, gr. φαρμακεία; fr. 1314, it. 1585, pt. 1668, cast. 1706.

27 Gr. αἷμα ‘sangue’ + un sufixo creado coa raíz οὐρη- (cfr. οὐρημα -ματος ‘urina’).

28 Houaiss: “gr. *geōdaisia*, as ‘repartição ou sección da terra; us. em oposición a *geometria*’ (com rad. do v. gr. *daidzō* ‘dividir, partilhar’), pelo fr. *géodésie* (1644); a sílaba tónica tem flutuado em portugués; cp. esp. *geodesia* (isto é, acentuado em -de-) e o it. *geodesie* (isto é, em -sí-); ver *ge(o)-*; f. hist. 1713 *geodesia*”.

29 *DELL*: “vc. dotta, lat. Academia(m), nom. Academia, dal gr. Akadēmeia, bosco sacro all’ eroe Academo, dove insegnava Platone; 1308”. En pt. distinguen *academia* ‘colexio de sabios’ e *academia* (br. *academia*) ‘modelo de gesso ou estampa’.

30 *DELL*: “Attraverso il basso lat. (*chimia*, *alchimia* ‘scienza occulta che ricercava la pietra filosofale’) risale all’ar. *alkīmiyā* ‘pietra filosofale’ (tratto da una voce copta *chama* ‘nero’, oppure dal gr. *chymēia* ‘mescolanza di liquidi’), ‘una specie di reagente universale’ e l’ arte per ottenerlo’. Sulla prn. alchimia invece della oggi più com. alchimia cfr. LN XXXII (1971) 124 e XXXIII (1972) 50”.

31 Houaiss: “gr. *alōpekia*, as ‘pelada (que faz tombar os cabelos), partes peladas da cabeça’, este do gr. *alōpex* ‘raposa’, animal muito sujeito à queda de pêlo, representado no lat. *alopecia* ‘doença que faz cair os cabelos da cabeça e da barba’, pelo fr. *alopécie*; f. hist. sXV *alopicia*, sXVII *alopecia*”.

32 Houaiss: “a pronúncia paroxítona (-emía) é tendencialmente universal na língua de cultura, embora haja áreas de vacilação regional e de hesitações de um inteiro grupo social”.

33 *DELL*: “Vc. dotta, gr. anaimía ‘mancanza di sangue’, comp. di an- priv. e hâima ‘sangue’ (V. -emia), atrav. il fr. anémie (1722)”.

34 Gr. ἀνορεξία ‘falta de apetito’; fr. 1584, pt. 1716, it. 1819, cast. 1876.

35 Gr. ἀσφυξία ‘falta de pulso’; fr. 1740, it. 1773, cast 1786, pt. 1789.

36 Gr. ἀσθένεια ‘sen forza’; pt. 1694, fr. 1790, it. 1819, cast. 1884.

37 Do fr. *acrobattie* (de *acrobat* + suf -ie). fr. 1853, it. 1819, pt. 1899, cast. 1946. (Se a voz fose acu-nada no port. ou no cast. directamente, diríase **acrobata* ou **acrobatiá*; cfr. -patía).

38 Houaiss: fr. *allergie* (1922) ‘modificação de um organismo por um vírus tal que uma reinocu-lação desse organismo pelo mesmo vírus provoca reações diferentes daquelas provocadas com a primeira inoculação’, este do al. *Allergie*, pal. forjada por Clemens von Pirquet (1874-1929, pediatra austríaco), prov. pelo ing. *allergy* (1913); ver *al(o)-* e *-erg-*”.

E así moitos outros casos conforme a este esquema: *-cefalia* (*acefalia*), *-cinesia* (*telecinesia*), *-demia* (*epidemia*), *euforia*, *-filia* (*pedofilia*), *-fobia* (*xenofobia*), *fotoxenía*, *-gamia* (*monogamia*), *-mancia* (*quiromancia*), *-maquia* (*logomaquia*), *-pepsia* (*dispepsia*), *poliandria*, *-rraxia* (*hemorraxia*), *-rritmia* (*aritmia*), *-scopia* (*endoscopia*), *-sepsia* (*asepsia*), *-terapia* (*hidroterapia*), *-termia* (*hipotermia*), *-timia* (*lipotimia*), *-trofia* (*atrofia*), etc.

Aínda que modernamente parece darse preferencia ás formas en *-ía*, o certo é que non hai maneira de encontrar unha “regra”; ou sexa, non hai un criterio etimolóxico que permita prever cál é a posición do acento. Así é que tendo en conta que hai algunhas destas voces que xa teñen unha circulación elevada (como é o caso da maior parte das que mencionamos, que forman parte do vocabulario dunha persoa de cultura media), preferimos admitir o uso, aínda que coincida co castelán. Non é rendible reeducar unha poboación enteira para que diga *anorexía* ou *taquicardía* porque con iso non gañamos nada en enxebreza e, por outra parte, non son solucións lingüísticamente máis “coherentes” ca *anorexia* e *taquicardia*. Intervir nestas palabras acabaría creando confusión e seguramente non tardarían en aparecer hiper-galeguismos como **inopía* ou **axencia*⁴¹. A nosa única intervención (se ocorre algunha vez) consiste en evitar que se disgreguen familias; así, conforme a *miopía*, propoñemos que se diga tamén *diplopía*.

Aínda hai outro caso en que as nosas propostas de acentuación poden ser contrarias ó principio etimolóxico; estas “incoherencias” lingüísticas teñen a súa xustificación. Así: as palabras rematadas en *-tipo*, conforme á regra etimolóxica, deberían ser esdrúxulas: **ecótipo*, **biótipo* etc. Pero é un caso límite onde nin o experto percibe moi ben cal é o segmento principal da palabra e, igual que un usuario normal, analiza *eco-* e *bio-* como prefixos e *-tipo* como a parte estable. Esta é a razón pola cal preferimos acentuar *biotipo*, *ecotipo*, remotivando a familia; e así: *arquetipo*, *prototipo* etc.; e igual a aquelas outras voces en que *-tipo* é máis ben unha forma sincopada de *tipografía*: *daguerrotipo*, *logotipo*. Outras linguas, como o italiano ou o portugués, te-

39 TLF: “1769, empr. au lat. sc. *nostalgia* (1678, J. J. HARDER, *De nostalgia, hoc est de tristitia et tabe ex cupiditate redeundi in patriam*) formé du gr. νόστος «retour» et ἄλγος «douleur, mal (v. -algie)», littéralement «mal du retour». it. 1764, pt. 1836, cast. 1880.

40 O pt. usa *-cardia*, “do gr. *kardía*, as ‘coração’ (tomado como se no voc. houvesse o suf. *-ia*, formador de subst. abstr.), em compostos da terminologia médica, quase exclusivamente do sXIX em diante”; e “-cárdia na nomenclatura zoológica, vernaculizadas em port. de f. instável, alternando com *-cárdio* (alternando, em consequência, tb. no g. gramatical): *bucárdio/bucárdia*, *isocárdio/isocárdia*, *venericárdio/venericárdia*” (Houaiss).

41 *Agèzia* é, cómpre dicilo, a forma correcta italiana.

ñen vacilacións grandes; o castelán e o catalán prefiren tamén as formas remotivadas en *-tipo* e *-tip*. Por estas razóns preferimos unha solución menos drástica ca no caso de *˘-lito* e non propoñemos a restauración da acentuación etimolóxica, que tamén sería defendible.

Creo que con estes catro casos (*glico-*, *˘-lito*, *-ía* ou *˘-ia* e *-tipo*) mostramos máis ou menos cál era a nosa filosofía para a adaptación de internacionalismos; é probable que non sempre fosemos congruentes. Ademais, en materia de planificación do corpus, un principio pode contradicir outro e non sempre é doado decidir cál debe prevalecer.

3.2. *Voces librescas, cántas se admiten*

Queda visto daquela o “cómo”; queda agora responder á outra pregunta: “cántas”. A nosa intención era facer un índice de entradas dun dicionario de lingua. Iso quere dicir que se deberían contemplar unha cantidade prudente de entradas para que non sobrepasase nin por exceso nin por defecto os límites do que o noso usuario ideal (un lector culto medio, non especialista) encontraría suficiente. Tendo en conta que a nosa lingua na súa fase moderna non ten unha gran tradición lexicográfica nin literaria fixemos (antes de lelo) o que recomenda Zgusta (1971: 247 ss.) no seu manual: usamos dicionarios doutras linguas de dimensións semellantes ó que imaxinabamos para a nosa, arredor de 50.000 palabras, cinco mil arriba ou abaixo. Riba da nosa mesa, constantemente abertos estaban dicionarios de lingua do italiano (o Dàrdano e o Zingarelli), franceses (case sempre o *Petit Robert*, pero tamén o *Lexis* e o *DFC* ambos de Larousse), cataláns (o Fabra e o da Gran Enciclopèdia Catalana), españois (da RAE, o María Moliner, o *Vox* de Spes) e portugueses (o de Cândido de Figueiredo, o Aurélio e o Rebelo Gonçalves entre outros); tamén botamos man de dicionarios plurilingües, entre eles os Duden e outros máis concisos pero extraordinariamente útiles como o *Capiol's Concise Dictionary*, que recolle unhas 22.000 palabras, moi ben seleccionadas, cos equivalentes en sete idiomas: inglés, sueco, holandés, alemán, francés, italiano e español. Estes dicionarios mostraban cántas eran as nosas lagoas léxicas, case todas referidas á civilización moderna. É verdade que entre todos eles hai bastante disparidade; por iso, ademais da “intuición persoal”, sempre discutible, guiábonos porque o mesmo termo figurase en máis dun dicionario. Como a inclusión ou exclusión dunha voz non se basea en listas de frecuencias feitas sobre un corpus non descartamos que haxa uns centos de voces que sobren ou uns centos que falten, e, igual que no caso das escollas do apartado anterior, outros autores (mesmo con criterios idénticos) chegarían a resultados diferentes.

3.3. Voces “vulgares” que necesitan depuración

Quédanos agora referirmos á outra parte: (a) ó tipo de palabras que non pertencen ás artes nin ás ciencias e que exemplifiquei antes coa voz *árbore*; son tanto voces que noutrora foron patrimoniais e polas razóns que sexa foron esquecidas ou case retiradas da circulación; e tamén voces acuñadas fóra, que a modernización da cultura puxo en circulación e hoxe son imprescindibles e mesmo de frecuencia elevada. E (b) ás voces patrimoniais galegas para as que hai dobre, triple (e ás veces céntupla) solución.

3.3.1. Voces patrimoniais

Empezamos polas do primeiro tipo. Cando moitos de nós (ou case todos) aprendemos a falar, libres aínda de prexuízos puristas, palabras como *libreta*, *lápiz*, *pizarra*, *laguna*, *obispo*, *comulgar*, *corcho*, *lexía*, *alambre*, *calaveira* (ou mesmo *calavera*), *conexo* (ou mesmo *conejo*), e claro está *bombilla*, *manillar*, *charol*, *buzón*, *carbunco* e, se cadra, varios centos máis eran tan nosas como *sebe*, *marelo* ou *estraloque*. Todas aquelas voces entraron no galego polo procedemento ben coñecido do préstamo, que é un fenómeno que se dá en tódalas linguas. Ora, entre nós, a gran cantidade de bilingües e o feito de o contacto lingüístico terse establecido entre unha lingua hexemónica (a da escola, do catecismo, do xornal) e outra subalterna (a da corredoira) motivou que circulasen unilateralmente do castelán para o galego, en forma de enxurrada, non só préstamos de necesidade (do tipo *bombilla* ou *niqui*) senón moitos de luxo (como *caña* ou *cizaña*), e tamén por vía de calco (*lagoa* ‘espacio borrado irrecuperable nun texto ou na memoria’).

Se o galego fose estruturalmente moi distanciados do castelán uns centenaes de préstamos léxicos, mesmo atinxentes ó vocabulario fundamental, serían asimilables. Pero sendo dous sistemas tan veciños a capacidade do galego para dixerilos é tan limitada que admitilos todos indiscriminadamente daría lugar a unha lingua completamente *alienada*. Por iso desde os primeiros textos escritos modernos, en nome do purismo, se comezou unha batalla contra eles que deu en xeral bos froitos se prescindimos dos casos máis radicais, que deron lugar a formas hiper-alienadas.

O criterio que seguimos no *VOLG* foi tamén depurar. A depuración podería contemplarse de dúas maneiras: unha radical, segundo a cal o portugués moderno é o que tería sido o galego de non ter pasado por unha decadencia; outra, que considera que tamén o galego puido ter unha deriva propia, ou dito doutra maneira: non todo o que está no galego moderno e que discrepa do portugués ten que ser necesariamente galego corrupto. Optamos por esta segunda solución porque é máis realista; optar pola primeira

obrigaría a retirar da circulación palabras que son galegas desde as orixes, aceptar os castellanismos que ten o portugués mesmo, e aínda máis, converter o galego para os galegos case nunha segunda lingua que só se podería dominar por unha aprendizaxe escolar.

Con este ideal lingüístico quedáanos agora discriminar qué é bo galego e qué non o é. As ferramentas para facelo son as coñecidas:

(a) Unha é a gramática histórica, que permite en moitos casos discriminar ben o galego do castelán; *alambre*, *sangre* ou *caña* non poden ser galegas porque incumpren as leis da gramática histórica galega. Ora, despois de sabido iso hai que valorar se a palabra é desarraigable ou non, porque hai préstamos que son seculares e, cremos, irreversibles: *medrar* e familia son castellanismos e quedaron no VOLG como voces galegas incorporadas (incluso hoxe parece máis galego *medrar* ca *crecer*); *pucheiro* tamén é castellanismo e a ver quen se atreve a desterralo. Pero entre o branco e o negro, entre o *alambre* e o *pucheiro*, pode haber moitos casos discutibles que segundo quen fixese o VOLG quedarían dentro ou fóra.

(b) Se a gramática histórica non axuda (e aínda que axude tamén) bótase man da documentación antiga. Hoxe hai moito onde documentarse: dicionarios etimolóxicos, glosarios de textos medievais galegos e portugueses (*Cantigas de Santa María*, *Crónica Geral e Crónica de Castilla*). No Corominas inclúense o galego, o portugués e o catalán, moitas veces con primeiras documentacións para cada lingua; daquela faltaba o Houaiss que inclúe unha cronoloxía moi actualizada, pero a *Cronologia* de Lorenzo e o *Diccionario Etimológico* de Geraldo da Cunha resolvéronnos moitos casos.

Velaquí, por vía de exemplo, o noso xeito de operar. As terminacións *-zo* (*vezo*) e *-cio* (*vicio*) son galegas (aínda que unha máis patrimonial cá outra); o mesmo *-zar* (*comezar*) e *-ciar* (*arreciar*) (en pt. o noso *z* é un *ç*); daquela, *prezo* e *precio* poderían ser galegas (ou castelás) o mesmo que *aprezar* e *apreciar* pero polos textos antigos sabemos que a forma patrimonial era *prezo* (*preço*) que aparece en textos do XIX e do XX aínda que posiblemente era forma libresca (dubidamos que sexa forma viva). Sabido iso pódese tomar unha determinación. Ora, neste caso a nosa decisión non pode deixar de tomar en consideración que *prezo* é a cabeza dunha importante familia léxica entre cuxos membros se encontra (poñámoslos de momento así) *precioso*, *preciosismo*, *apreciar*, *apreciación*, *despreciar*, *despreciativo*, *despreciable*, *menosprecio*, *menospreciar*, *depreciación*... De feito, se optamos por *prezo* pero *depreciación*, estamos convertendo a familia léxica en inmotivada e iso supón unha sobrecarga para a aprendizaxe do idioma e unha fonte de inseguridades á hora de construír o noso vocabulario (porque a escolla entre *-zo* ou *-cio* non afecta só ás palabras desta familia). Así é que temos que decidir entre adherirmonos ó principio do enxebrismo ou ó da simplificación (aproveito para dicir que simplificar

irregularidades debe ser tamén un dos principios do planificador: as linguas teñen que ser doadas de aprender e en caso de seren planificadas “in vitro”, como é en parte o noso caso, non deben de incluír irregularidades fabricadas. Pois ben, neste caso axudounos a saír da dúbida botarmos unha ollada ás restantes linguas románicas; en case todas (póñoas en castelán) *precio*, *desprecio* e *menosprecio* dinse con voces populares: cat. *preu*, *prear*, *menyspreu*, *menysprear* (pero *apreciar*, *apreciable*, *apreciació...*); fr. *prix*, *priser*, *mépris*, *mépriser*, *méprisable* (pero *apprécier*, *appréciatif*, *appréciation*, *déprécier*, *précieux*, *préciosité...*); o it. é un pouco máis confuso: ten *preggio* e *preggiare* no sentido moral de ‘estima’ e ‘ter estima’ e *prezzo*, *prezzare* etc. (tamén populares) no sentido comercial, con toda a familia. Con todo isto á vista acabamos inclinándonos, non con total convencemento, pola solución enxebrista de *prezo*, *prezar*, *desprezo*, *desprezar*, *menosprezo* por un lado e *aprecio*, *apreciar*, *depreciar*, *precioso* por outro. É case a solución portuguesa e seguramente un reintegracionista de mínimos (non digamos de máximos) estará encantado de que optamos por ela; pero pode haber moita xente que con razón estea en desacordo porque lle complicamos a vida ó neno galego, que por ser bilingüe ten que estar constantemente facendo exercicios de gramática contrastiva para falar sen faltas e a fin de contas é unha marca diferencialista que está inventando ou reinventando o codificador (porque o que está no uso é outra cousa).

Nalgúns exemplos que mencionei antes (*alambre*, *calamar*, *pulpo*, etc) a voz patrimonial por razóns técnicas, escolares, relixiosas, comerciais ou doutra índole foi desprazada polo castelanismo ou relegada a unha acepción moi concreta (como é o caso de *bésta* viva só no sentido de ‘tendón’) ou vive nunha área dialectal moi restrinxida. A nosa filosofía nestes casos foi rehabilitar a voz patrimonial; por iso propoñemos *lura* (e condenamos *calamar*), *varela* (en vez de *varilla*), *nacida* (en vez de *carbunco*), *xoio* (en vez de *cizaña*), *cortiza* (en vez de *corcho*), *chumbo* (en vez de *plomo*), *bésta* (en vez de *ballesta*), *engraiar* (en vez de *granar*), *piollo pato* (en vez de *ladilla*) e así unha boa morea delas onde a voz propia estaba enterrada (ou case) debaixo dun castelanismo.

3.3.2. Préstamos compartidos por varios idiomas

Ademais deste tipo de palabras, para as que hai documentación antiga e podemos acudir a elas como préstamo interno para desaniñar, se convén, un castelanismo, hai outras moitas palabras para as que non hai documentación antiga porque non circularon antes de o galego esmorecer ou porque os documentos non as rexistraron. A palabra *galería* temos claro que non é galega e que seguramente chegou a nós por medio do castelán; as primeiras documentacións son: fr. 1316 (*galerie*); it. 1554 (*galleria*), cast. 1580, pt. 1600.

Esa secuencia cronolóxica (e a fonética da palabra) demostran que naceu no francés; se cadra chegou ó castelán por vía italiana e seguramente ó portugués (e sen dúbida ó galego) a través do castelán. *Galería* é hoxe no galego unha voz insubstituíble e sería absurdo que os autores do *VOLG* lle andasen buscando posibles substitutos ou a disfrazasen de galega baixo a feitura de **galeiría*. Igual que *galería* hai centos de casos en que un mesmo préstamo é compartido por varias linguas e iso abonda para disiparnos escrúpulos.

3.3.3. Préstamos que van do castelán só para o galego

O noso escrúpulo comeza se o neoloxismo é compartido exclusivamente polo castelán e o galego. Nestes casos o préstamo pode ser un castelanismo de luxo para o que existe voz patrimonial galega sinónima ou moi próxima; a nosa actitude nestes casos foi propoñer unha substitución ou ampliar o abano de significacións dunha voz galega para substituír o castelanismo: así para *descalabro* propoñemos *desfeita*; para *escotilla*, *trapela*; para *galpón*, *pendello*; para *boquilla*, *embocadura*; para *chaparrón*, *ballón*...

Pero hai moitos casos en que falta unha voz patrimonial galega aproveitábel por sinonimia ou ampliación de sentidos. Nestes casos acudimos case sempre ó portugués, que, unhas veces, toma a voz dun idioma distinto do castelán ou produciu innovacións máis próximas ós étimos (que pertencen a outra lingua moderna) ou xerou el mesmo unha voz nova con procedementos máis acordes coa estrutura da nosa lingua. Por iso propuxemos substitucións de voces de uso corrente no galego oral como as do cadro, polas correspondentes portuguesas:

Castelán e galego oral	(Portugués) e galego VOLG	
contraseña	(contra-sinal) contrasinal	
corbata	gravata	<i>fr.</i> cravate
corresponsal	correspondente (s.)	
cruce	cruzamento	
charol (1684)	(charão 1588) charón	
cuantía	(contia) contía	
chino	(chinês) chinés	
decomiso	(comisso) comiso	
desapacible	(desaprazível) desapracible	
detentar	deter	
disminuír	(diminuir) diminuír	
engranar	engrenar	<i>fr.</i> engrener
gaseosa	gasosa	<i>it.</i> gassosa; <i>fr.</i> (eau) gazeuse
grúa	guindastre	
depositaría	caixa de depósitos	
chicle	goma de mascar	

É só unha mostra. Nalgúns casos a adaptación de estranxeirismos á nosa fonética achegounos tamén ó portugués; desta maneira quitamos o *ch* en voces que o castelán adaptara inadecuadamente para nós, porque non ten na súa fonética moderna o son fricativo correspondente. Así demos preferencia a *bolxevique*, *clixé*, *xilaba* ou *xintoísmo* co [ʃ] das linguas orixinarias.

Pero o recurso do portugués foi tamén dosificado. Por exemplo, para a familia do pt. *treinar* (que é un anglicismo fronte o cast. *entrenar*, que é un galicismo) admitimos a voz algo máis xenérica de *adestrar*, que xa circulaba nos léxicos de deportes e retransmisións da TVG. A ampliación do abano de significados dunha voz patrimonial é un recurso habitual, ó que xa nos referimos antes.

Para fuxir do castelanismo, á parte dos recursos indicados, aínda se podería contar con outro: a invención de palabras. Non seríamos nós os primeiros en facelo nin teríamos por qué estar deslexitimados. Se inventa palabras un home da rúa con non menos dereito poderá facelo un planificador lingüístico. Os que falan de Ben Yehuda e do labor da Academia da lingua hebrea contan cómo se fabricaron moitas palabras para o hebreo moderno; Sauvageot refire como Aavik creou palabras para o estoniano con elementos absolutamente arbitrarios (guiado só polo fonosimbolismo das “letras”) e hoxe son voces do vocabulario común, mesmo frecuentes. No noso caso a onomatuxia foi administrada con moita medida (pois non asumimos o papel de neólogos). Só lembro agora dous casos de onomatuxia pola nosa parte (se cadra hai algún máis) e non teñen nada de arbitrario nin de orixinal. A voz cast. *acera* (que se debería escribir *hacera* pois deriva de *baz* <FACIE) é exclusiva do castelán; o cast. *arcén* (ant. *árzen*) aínda que non está illada (it. *argine* ‘arró’) tampouco ten fonética galega; en galego debería ser **arxe* <AGGER ‘terraplén’). *Acera* en pt. dise *passeio* (que debe ser un anglicismo pois en ingl. am. dise *walk* ou *sidewalk*; ingl. br. *pavement*); *arcén* non sei se ten equivalente en portugués. A nosa escolla estaba, daquela, entre *acera* ou *paseo*, pero para as dúas tiñamos reticencias: *acera* por ser un castelanismo do tipo *alambre* e *paseo* por ser demasiado xenérico (as solucións doutros idiomas tampouco daban pistas para préstamo ou calco: fr. *trottoir*, it. *marciapiede*, al. *Fußsteig*). Así é que sobre o esquema de *beiramar* e sobre a forma catalana *voravia* (concorrente de *vorera*) ‘acera’ introducimos *beirarriúa* e de paso resolvemos tamén o problema de *arcén* como *beiravía*. Como as oficinas de tradución da Xunta e doutros organismos as usaron bastante tiveron certa aceptación e xa se verá se cristalizan. O que quero que quede claro con isto non é a nosa capacidade de onomaturgos, senón a nosa dispoñibilidade a ir tamén a outros idiomas románicos en caso de que a axuda do portugués non forneza unha solución que nos pareza adecuada.

Quero rematar este apartado advertindo que non se debe extraer unha idea errada a partir dos casos e dos exemplos con que ilustrei a nosa tarefa de innovadores. Hai centenaes de casos en que, aínda tendo a certeza de que unha voz é nova, produto da desruralización do galego, está ben acuñada porque se adoptou espontaneamente conforme á estrutura da nosa lingua. Neste caso non tivemos máis que rexistrala no noso listado. Isto redundaba noutro dos nosos principios: aceptar o que a xente di sempre que non haxa unha razón moi poderosa en contra. Un purismo esaxerado acabaría creando unha distancia grande entre os dous rexistros básicos da lingua (o coloquial e o formal) e iso sería unha fonte constante de erros e de inseguridades; e a inseguridade ou falta de comodidade (por prurito de corrección) é unha das razóns que bota para atrás non só a neofalantes senón a falantes de lingua galega inicial. Á xente hai que darlle confianza e non crearlle reticencias.

3.4. Voces “vulgares” (galegas) para as que é necesaria unha escolla

Imos xa co último grupo: aqueles casos en que para un concepto único o galego ten dúas, tres e ás veces corenta e mesmo algunha vez cen voces diferentes. É ben sabido que tódalas linguas teñen sinónimos e que os toleran; nun artigo de diccionario de linguas moi elaboradas, como poden ser o castelán ou francés ou o inglés case non hai voz con algo de complexidade semántica que non teña varios sinónimos. Pero a nosa lingua está aínda en trazo de elaboración e nela, amais dos sinónimos normais (do tipo *acevo* = *xardón*, *bosta* = *buleira*) hai aínda moitos que son restos dunha vella distribución dialectal na que voces de idéntica orixe dan resultados xeográficos diverxentes (do tipo *chao* = *chan*, *fiollo* = *fiúncho*, *gado* = *gando*). Hai que tratar os dous tipos de maneira diferente. Empezamos por estes últimos.

3.4.1. Variantes dunha mesma raíz

En linguas nas que a elaboración foi espontánea esa variedade de formas dialectais que aínda se recollen nos atlas lingüísticos acabou privilexiando unha escolla: a da cidade ou comarca que serviu de base para o estándar ou a do escritor que o fundou. Entre nós toda esa variedade mantén aínda case todo o seu vigor, aínda que se pode apreciar unha certa preferencia no galego literario polas formas occidentais (porque é a zona que máis literatos deu e máis sobresalentes). Con este tipo de palabras as nosas estratexias no *VOLG* foron varias, pois tivemos en conta razóns etimolóxicas, razóns demográficas, harmonía coas solucións propostas nas *Normas*. Desgraciadamente non tódolos criterios son acumulativos e mesmo hai veces que uns contradín

os outros. Por outra parte, tamén tivemos en conta o punto de vista co que acabei o apartado anterior: non condenar máis que o estrictamente necesario para que o falante non se sinta incómodo. Así é que tratamos de navegar entre a Escila de propoñer unha forma única e a Caribdis de condenar o mínimo sempre que sexa bo galego. Por iso, na columna de sinónimos, entre os admitidos e os condenados hai unha categoría de formas toleradas:

ENTRADA	SINÓNIMO	SIGNIFICADO
capoeiro	capoeira	<i>formas equivalentes</i>
cruño	cuño=>	<i>o sinónimo é preferible</i>
xunca	engra>	<i>a entrada está condenada</i>

As condenadas poden ser formas que evolucionaron dalgunha maneira anómala (poderíamos chamarlles “vulgarismos” se para o galego esta categoría fose doada de definir, porque é unha lingua con poucos rexistros). Aínda así, con este criterio decidimos condenar palabras como *farún*, *furruxe*, *imbar*, *badexo*, *aurela*, *anicrar*, entre outras moitas, que están moi documentadas, e propoñemos admitir só *ferún*, *ferruxe*, *enviar*, *abadexo*, *orela*, *anicar*. Insisto en que o criterio de vulgarismo está pouco claro (e mesmo non é estático), así é que as nosas escollas son sen dúbida discutibles; nos exemplos anteriores vese que o criterio de “vulgarismo” case se confunde co que nas fonéticas históricas se lles chama “cambios esporádicos”; outros autores operarían doutra maneira; nós mesmos, se cadra, hoxe non coincidiríamos coas escollas de hai 15 anos.

Pero hai tamén palabras que sen poderen ser reputadas de vulgarismo foron condenadas; neste caso propoñemos que prevaleza a forma máis achegada á etimolóxica (ou arcaica), aínda que a outra concorrente poida ter unha maior representatividade demográfica: por iso preferimos *coleiro*, que é un cesto de levar ó *colo*, e non *culeiro*; deste xeito, de paso, remotivamos a palabra, que da outra maneira quedaba acéfala (ou vinculada erroneamente á familia do cast. *culo*). E así hai varias máis, entre elas o polémico *pao* (e non *pau*, aínda que é maioritario e bo galego). *Pao*, que era a forma antiga, ademais de estar documentado na fala e na escrita modernas, ten un resultado coherente con *grao* (‘grado’), *vao*, *mao* (‘malo’) ou *limiao*. Como xa deixei indicado ó longo desta exposición consideramos de grande importancia que os feitos lingüísticos sexan regulares; favorecelos é traballar no mesmo sentido da optimización da gramática.

Na categoría de formas toleradas hai tamén unha boa representación. Trátase de palabras que son bo galego pero que, por razóns de coherencia con outras escollas ou porque demograficamente son pouco representativas, foron secundarizadas; segundo o criterio etimolóxico de antes (ou o da forma máis

arcaica) damos como entrada principal *arame*, *eixido*, *espir*, *favo*, *febra*, *fol*, *gándara*, *gando*, *gramalleira*, entre outras moitas, e deixamos como secundarias *aramio*, *enxido*, *despir*, *fava*, *freba*, *fole*, *gandra*, *gado*, *garmalleira*.

Se as dúas ou máis formas concorrentes non podemos (ou non sabemos) priorizalas conforme a algún dos dous criterios anteriores (o etimolóxico e o demográfico; ou tamén o da coherencia con outras escollas sistemáticas) optamos por deixar as dúas: *aiga* = *aguia*, *inda* = *aínda*, *aira* = *eira*, *érbedo* = *albedro*, *alcume* = *alcuño*, *ámago* = *sámago*, *amencer* = *amañecer*. Desta maneira os que dicimos *aiga* non incorremos en “falta” por un capricho do codificador.

Recoñezo que entre os sinónimos prohibidos, os tolerados e os admitidos non hai unha fronteira clara; fóra dos casos en que se poden aplicar razóns obxectivas moi claras, a maioría dos casos teñen unha fronteira borrosa e meter unha voz dentro dunha das tres categorías depende bastante da intuición (ou, se se quere, da teima) persoal. A miña e a de Manuel González non coincidían sempre, así que unhas veces ía a del por riba e outras a miña (oída a opinión dos nosos axudantes, que case son tan responsables coma nós). Hai daquela moita materia para discutir e discrepar, á parte das incoherencias e erros e disparates que puidesemos cometer, que non serán poucos.

3.4.2. Escolla entre sinónimos de raíces diferentes

Queda, para rematar, referírmonos ós verdadeiros sinónimos, ou sexa, palabras de diferente raíz e que teñen un significado idéntico ou semellante.

Neste caso tamén poden darse dúas situacións: ou que sexan sinónimos na lingua xeral, como *fenda-regaña*, *robra-albaroque*, *panadería-tafona*, *cabeza-testa*, *entender-comprender* (nas linguas moi elaboradas son moi abundantes e son poucas veces intercambiables ó 100% porque sempre hai preferencias por razóns de colocación ou de rexistro); ou que sexan sinónimos xeograficamente distribuídos, como *parrocha-xouba*, *vagalume-lucecúvella facendo as papas*, *relo-trelo* etc.

Os do primeiro tipo case non son tidos en conta no *VOLG* pois non é un diccionario de sinónimos. Como a sinonimia normalmente só afecta a determinadas acepcións, non rexistramos nada na columna de sinónimos. Os do segundo tipo, cando son dous ou tres ou algún máis, aínda que algunha das áreas poida ser ás veces moi pequena, tratamos de ser xenerosos con eles. Non faltan restras coma estas:

<i>gago</i>	<i>impar</i>	<i>píntega</i>	<i>libracións</i>	<i>celigras</i>
<i>tartamudo</i>	<i>saloucar</i>	<i>pinchorra</i>	<i>gurrias</i>	<i>cachogas</i>
<i>tatabexo</i>	<i>salucar</i>	<i>sacabeira</i>	<i>libras</i>	<i>cócbegas</i>
<i>tatexo</i>	<i>sotelar</i>	<i>sacarrancha</i>	<i>parias</i>	<i>coscas</i>
<i>tato</i>		<i>salamántiga</i>	<i>quitas</i>	<i>cóxegas</i>
<i>zarabeto</i>		<i>sapagueira</i>	<i>salvas</i>	<i>deligras</i>
<i>zarzallo</i>				

O caso máis frecuente é de só un sinónimo; casos de dous, abundan; casos de seis (como o de *gago*) son raros; e casos de 20, coma o seguinte, son excepcionais:

<i>babuñar</i>	<i>barrallar</i>	<i>barruzar</i>	<i>froallar</i>	<i>orballar</i>
<i>babuxar</i>	<i>barrazar</i>	² <i>brecar</i>	<i>lapiñar</i>	<i>patiñar</i>
<i>barbuñar</i>	<i>barrufar</i>	<i>chuviñar</i>	<i>marmallar</i>	<i>poallar</i>
<i>barbuzar</i>	<i>barruñar</i>	<i>chuwiscar</i>	<i>marmañar</i>	<i>zarzallar</i>

Cómpre advertir que *orballar* é un concepto de límites borrosos que ten sinónimos incluso no mesmo lugar dependendo de sutilezas de se a orballada é máis miúda ou máis gorda, máis fría ou máis quente. A pesar desa abundancia de sinónimos, que haberá se cadra que simplificar ou discriminar mellor, a entrada está xa simplificada, como se poderá comprobar cando se confronte co mapa correspondente do volume IV do *ALGa* elaborado por Fernández Rei e colaboradores.

Outras veces témolo máis doado de resolver, porque o concepto é discreto e non permite sinonimias locais nin desviacións para arriba ou para abaixo do prototipo. O concepto 'digital', buscado no diccionario de dictionarios polo índice castelán remite ós seguintes setenta lemas (que aínda son máis, pois eliminei formas dobres por razóns de acento e de flexión):

abeluria, abrula, aveluria
alcroque, alcroqueyro
babocas [¿erro por *balocas*?], *balloco, baloca, baloco, embalocado*
belitroque, bilicroques, bilicroque, bilitroque, milicrocas, milicroques, palitroques, cloques, croque, cróquel, croquetas, cuco, farricoque, trócoles, tróqueles, troques, estalote, estraladeira, estralante, estraloque, estroleque, estroqueiro
borleta
bota, botexo, boto
broque
calabaza

campanela
chopo
dedaleira
estrincón
estoufo, estoupallo, estoupallón, estoupizo, estoupón, estoupona, toupón,
toupos, toupós
folla de sapo
grañoto [a flor]
sanjuais, sansillaos, sanxoáns, sanxuán (sanxuais), seisxoáns, sensuais,
sensuán, soliano, xoanas
sapaqueiro
sábanos, savane, seoane, soana, soane
trascos

Son 19 raíces polo menos. Aínda así, un pouco á vista da súa distribución xeográfica, pola documentación literaria e, se cadra por preferencias persoais, quedaron reducidas ás seguintes sete formas, que posiblemente haberá que revisar á alza:

abeluria
borleta
croque
estalote
estraloque
milicroque
sanxoán

E velaí, sen entrar en moitas miudezas, cáll foi a nosa estratexia.

4. CABO

Cómpre lembrar que o *VOLG* se publicou como versión “provisional” conscientes de que era moi revisable. Tiña soamente un carácter orientativo e estivo ata agora á espera dunha versión definitiva porque sabiamos que tería que haber moitas rectificacións polas nosas omisións, pola inclusión de voces inútiles, por incongruencias e por erros debidos a descoidos ou ignorancia. De feito nestes 15 anos non paramos de riscar, engadir e rectificar. O texto circulou moito entre fabricantes de dicionarios e gabinetes lingüísticos. Deles son moitas suxestións que foron case sempre acertadas e tomadas en consideración. Así é que a autoría do *VOLG* é obra de tantos que case o labor de Manuel González e meu queda reducido ó de sermos iniciadores e

receptores de consultas e de queixas. Pero non por iso perdeu mérito ningún e seguramente, para ben ou para mal, algún día vai ser considerado como un fito non desdeñable na elaboración do estándar do galego moderno.

BIBLIOGRAFÍA

- Baggioni, D. (1997): *Langues et nations d' Europe*. Paris: Payot.
- Corominas, J. / J. A. Pascual (1980): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- DGEC = *Diccionari de la llengua catalana*. Barcelona, Enciclopèdia Catalana, 1983².
- Diccionario de diccionarios* = Santamarina, A. (ed.) (2000): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Barrié, 2001².
- DRAE 1726 = Real Academia Española (1726-1739): *Diccionario de autoridades*. 6 vols. Madrid.
- DRAE 1870 = Real Academia Española (1780): *Diccionario de la lengua castellana*. Madrid: Imp. de D. Joaquín Ibarra.
- DRAE 1899 = Real Academia Española (1899¹³): *Diccionario de la lengua castellana*. Madrid: Hernando y Cía.
- DRAG = Real Academia Galega (1913-1928): *Diccionario gallego-castellano*. A Coruña: Imprenta y fotograbado de Ferrer.
- Eladio = Rodríguez González, E. (1958-1961): *Diccionário enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.
- García, C. (1985): *Glosario de voces galegas de boxe*. Santiago: Universidade.
- Houaiss, A. / M. de Salles Villar, (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva.
- IEC = Institut d' Estudis Catalans (1995): *Diccionari de la llengua catalana*. Barcelona / Palma / Valencia: Enciclopèdia Catalana / Edicions 62 / Edicions 3 i 4 / Editorial Moll / Publicacions de l' Abadia de Montserrat, 2002⁷.
- Landau, S. (2001²): *Dictionaries. The art and craft of lexicography*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Moliner, María (1966): *Diccionario de uso del español*. Madrid: Gredos.
- Otero, A. (1947-1977): [compilación dos seus traballos lexicográficos e etimolóxicos sobre o galego], en *Diccionario de diccionarios*.
- Petit Robert* = Rey-Debove, J. / A. Rey (dirs.) (1993): *Le nouveau Petit Robert. Dictionnaire alphabétique et analogique de la langue française*. Paris: Dictionnaires Le Robert.

- Rebelo Gonçalves = Gonçalves, F. Rebelo (1966): *Vocabulário da língua portuguesa*. Coimbra.
- Sobreira = Pensado Tomé, J. L. (ed.) (1979): Juan Sobreira, *Papeletas de un diccionario gallego*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- TLF = *Trésor de la langue française. Dictionnaire de la langue du XIX^e et du XX^e siècle*. Paris: Centre National de la Recherche Scientifique, 1971-1994.
- Vieira = Vieira, D. (1871-1874): *Grande diccionario portuguez ou Thesouro da lingua portugueza*. Porto.
- VOLG = Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega [1989]: *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. Santiago.
- Webster' s = *Webster' s third new international dictionary of the English language unabridged*. Springfield, 1966.
- DELI = Cortelazzo, M. / P. Zolli (1999): *Dizionario etimologico della lingua italiana*. Ed. en CD-Rom. Bologna: Zanichelli.
- Zingarelli = Dogliotti, M. / L. Rosiello (eds.) (1986¹¹): *Il nuovo Zingarelli. Vocabolario della lingua italiana di Nicola Zingarelli*. Bologna: Zanichelli.

PUREZA E CONTAMINACIÓN NA ESTANDARIZACIÓN DA LINGUA

Benigno Fernández Salgado

Universidade de Vigo

1. ¿CAL É O PROBLEMA?

Os lingüistas que preconizan que a lingüística é descritiva e non prescritiva, é dicir, os herdeiros da tradición científica da lingüística moderna, sempre tenderon a pensar da xente preocupada polo uso e abuso da lingua á maneira de como Aristóteles vía a Pródico, o sofista ateniense atormentado pola “corrección dos nomes”. Aristóteles comentara acerca dos intereses de Pródico (Guthrie 1969):

Este é o tipo de asunto que lle encanta a quen quere impoñer regras triviais de uso porque non ten nada sensato que dicir.

Os filólogos que fomos invitados a esta serie de conferencias e o público que asistiu a elas formariamos parte dos insensatos amigos e seguidores de Pródico. Ós profesores que tiveron na Universidade de Santiago e no Instituto da Lingua Galega, enfeitizáboas o tema da corrección lingüística do galego. Foron eles quen transmitiron á miña xeración a súa paixón polas palabras correctas. Cando entrei a traballar na Televisión de Galicia e vin a desfeita de quen comezaba a tatexar en galego eu mesmo decidín que había que facer algo máis que facer borróns sobre as noticias que me daban a corrixir. Da teimosía daquel traballo xurdiu un pequeno dicionario de 5.000 entradas do que falarei máis en diante.

A actitude aristotélica de mirar con condescendencia por riba do ombro e pasar a asuntos máis importantes ten sen dúbida o atractivo do canto das sereas pero non fai acougar as ansias de quen pensa que o coidado da expresión lingüística é fundamental para a formulación e discusión de calquera problema. Como queira que sexa, o caso é que unha parte considerable dos gramáticos e lexicógrafos que se ocuparon das linguas dedicaron moitos e delongados esforzos non só a estudialas e analizalas no que realmente eran

(como ordenan os canons científicos da lingüística descritiva) senón a deseñar de maneira mesmo visionaria o modo en que podían ser dirixidas (como cren os normativistas e amantes da orde).

O positivismo e voluntarismo, que se poden rastrexar na ideoloxía elitista da superación persoal e da libre competitividade (por exemplo na contribución de J. Kabatek neste mesmo volume), está na base dos procesos de estandarización lingüística que foron implementados dende os anos sesenta seguindo o modelo desenvolvementista da *Ausbau* klossiana. É ademais a doutrina dominante en moitos dos relatos das historias das linguas que conseguiron afianzarse como linguas de estado (ou cuasi-nacionais) e que adoitan contarse como a suma de esforzos dedicados polos seus usuarios a melloralas, elevalas e estendelas.

O voluntarismo encóntrase, sen embargo, no lado oposto do convencionalismo determinista ó que segundo Saussure, os falantes dunha lingua se someten de maneira inconsciente. Para os científicos de raíz estrutural, querer purificar, alterar ou desenvolver lingüisticamente unha estrutura que xa é en por si social e sistemática (e, por conseguinte, pretender modificar o que cada falante recibiu como membro dunha comunidade cando adquiriu a súa variedade de lingua) constitúe unha empresa en certo modo quimérica que excede os límites da ciencia da lingüística¹. As utopías lingüísticas, que é o que en realidade promoven os movementos reformistas e normativistas, nunca foron ben entendidas nin gozaron do favor dos lingüistas científicos do século XX, atarefados en asentar a súa disciplina sobre bases teóricas e metodolóxicas firmes, preocupados por desembarazarse do lastre subxectivo do prescritivismo, e temerosos de entrar en disputas relacionadas con valores sociais e morais².

A pureza lingüística, que é en esencia un concepto valorativo, non formou parte, nin de lonxe, dos tópicos da súa axenda de traballo pero si, en troques, de maneira máis ou menos implícita, da dos seus inmediatos predecesores. Os filólogos do XIX si estiveron interesados na etimoloxía e na historia das linguas. Desexaban saber de ónde viñan, qué elementos as confor-

1 Isto non quere dicir que non houbo entre os estruturalistas ningún lingüista que intentase, incluso con certo éxito, aplicar as súas doutrinas nas tarefas de estandarización lingüística. O caso de varios destacados lingüistas do Círculo de Praga resulta paradigmático nese sentido.

2 É neste sentido que deben entenderse, por exemplo, os comentarios que Deborah Cameron (1995) fai en *Hixiene verbal* cando refire a actitude do recensionista en *Language* do libro de Marina Yagüello, *Os tolos da lingua* (1991). A actitude de Richard Burling acaba sendo, segundo Cameron, a de quen realmente non comprende ben o que está lendo e prefire deixar a publicación que reseña nunha decente penumbra. Cameron engade que esta é a actitude maioritariamente partillada pola antiga tradición de lingüistas e expertos que xulgan ignorantes ou parvas as ideas que a xente común ten sobre a corrección das linguas.

maban e cómo se foran modificando a través dos tempos. O XIX é o século que democratiza os vínculos entre os membros e clases da mesma nación pero tamén é, en contrapartida, o século en que os prexuízos estamentais do grupo dominante do antigo réxime (por exemplo, o da pureza do sangue e da estirpe) se estenden ó conxunto dos discursos das novas nacións. Como consecuencia do prestixio da actividade académica e intelectual da filoloxía histórica, a lexitimidade das linguas e a pureza dos elementos que as constituían adquirirían, dentro do discurso que pretende a estabilización e lexitimación do poder das novas linguas e nacións europeas, un valor simbólico inusitado.

En Galicia foi principalmente ó longo do século XX, tras xurdir e medrar un verdadeiro movemento nacionalista, cando o purismo (ás veces baixo o nome de enxebrismo) cobrou unha importancia senlleira como doutrina que defendía o valor dunha pureza primitiva e orixinal, e a virtualidade de que era posible purificar a lingua e a cultura dos elementos que a perturbaban. A miña intención aquí será someter a escrutinio as ideas que xeralmente se relacionan cos conceptos de “pureza” e “contaminación”, e investigar de maneira empírica e aplicada o papel que tales ideas xogaron na estandarización do galego. O purismo, tal e como se pode ver na “Introducción” das *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego (NOMIG)*, representa a doutrina principal pola que se guiaron os seus elaboradores. O primeiro dos principios nelas postulados sinala:

A normativa debe acoller un galego fiel a si mesmo e limpo de canto de espurio hai incrustado na fala viva pola presión do castelán. É dicir, a lingua común debe se-lo máis galega posible, establecida sen sometementos nin dependencias, con atención escrupulosa á estrutura e características lingüísticas do galego.

Segundo nos comunicou Santamarina na súa conferencia de hai dúas semanas (véxase a súa contribución no presente volume), a depuración lingüística tamén foi a operación principal acometida na elaboración do *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLG)*. Aínda que sexa reivindicada na tarefa de discernir o que era bo galego do que non o era, a depuración non é en si un criterio senón unha das actividades lingüísticas emprendidas baixo os efectos de ideoloxías puristas que pode servirse de criterios moi diferentes³. O purismo foi, sen dúbida, a ideoloxía prevalente na composición

3 O feito de que tanto as *Normas* coma o *VOLG* fosen contestadas apelando a criterios lingüísticos e filolóxicos diferentes indica que unha ideoloxía purista pode apelar a concepcións e argumentos ás veces opostos.

das *NOMIG* do 82, á par do populismo e oralismo, entendidos estes no sentido de valoración da linguaxe popular e falada sobre a erudito-literaria e a escrita. Foino así mesmo de maneira moito máis determinante na selección lexical operada no *VOLG* editado provisionalmente no 89, en parte como reacción ó ambiente exacerbado de contestación das Normas promovido dende as posicións máis radicais do reintegracionismo. En todo caso, a osmose cultural de carácter integrista resultante desta interacción podería cualificarse, coas matizacións que se queiran, de “purista”. Ó exame do concepto de purismo dedícase o seguinte apartado.

2. UN PROBLEMA DE METÁFORAS E POLISEMIA

A xente non só fala a súa lingua, tamén fala acerca das ideas que ten sobre ela e sobre as linguas dos demais, aínda que estas non as coñeza moito. Nesta sección reflexiónase sobre unha das formas de falar e pensar acerca das linguas e sobre os efectos que ocasionan os contactos e relacións entre elas.

Con independencia da lexitimidade ou importancia que lle concedamos a que os filólogos e a xente corrente se expresen en termos de “pureza” para falar da linguaxe, ninguén posiblemente estará disposto a disputar a premissa relativista xeralmente aceptada de que debaixo das distintas maneiras de expresarnos acerca das cousas subxacen maneiras diferentes de pensar a realidade. O primeiro obxectivo no noso achegamento consistirá en revisar as ideoloxías que sustentan as distintas formas de purismo lingüístico a partir das imaxes e metáforas que normalmente se manexan na literatura relacionada co tema. A intención é inspeccionar os prexuízos que nos moven inconscientemente, ou dito doutro xeito retraducindo “pre-xuízo” ó portugués, os preconceitos sobre os que se asentan moitas das ideas que nunca sometemos a escrutinio pero que son decisivas nos nosos comportamentos do día a día.

Neste repaso á imaxinería purista servireime de George Thomas (1991) que dedicou un libro enteiro a diseccionar o concepto de purismo lingüístico. A idea é comprobar a través dos ámbitos e dos significados metafóricos en que se usa a palabra “pureza” a fertilidade cognitiva que encerran en relación coa estandarización da lingua no noso medio cultural. Que nos foquemos nunha palabra en aparencia sinxela pero teimudamente esquiva e polisémica que hoxe se emprega en campos tan distantes do que nós estamos interesados non deba botarnos para tras no noso afán de examinar as posibilidades de coñecemento que nos ofrece a lingua ordinaria (para rastrexar, por exemplo, as orixes ideolóxicas do noso quefacer como “constructo-

res ou enxeñeiros da lingua”) nin de especular acerca das consecuencias das nosas intervencións sobre as linguas.

O máis rechamante dos vocábulos “pureza” e “contaminación” é que, sendo como parecen termos absolutos, funcionan en moitos dos seus usos como termos relativos. Pode haber maior ou menor pureza, maior ou menor contaminación. Thomas, que reconece que a imaxe central do purismo é a noción de “pureza”, comenta que non existe ningún estudio sobre o purismo que faga a máis mínima referencia á pureza como noción xeral. É o que intenta facer ó longo do capítulo 2 pero, sorprendentemente, tras analizar cada un dos campos de actividade humana en que aparece, chega á conclusión de que a súa era unha tarefa imposible: non existe unha noción unitaria de “pureza” que abranza tódolos campos de maneira coherente. Os que el examina son os seguintes: o da xenética e xenealoxía, o da metalurxia, o da relixión e o da estética.

A primeira das áreas que revisa é a da pureza xenética. O recoñecemento da importancia da pureza tanto na cría do gando como na selección das plantas e cereais foi unha das constantes preocupacións do home desde que abandonou a caza e se transformou en agricultor e gandeiro. Este interese por mellorar as súas novas posesións foi crucial no desenvolvemento da civilización tal e como hoxe a coñecemos e non tardou en ser asimilado, primeiro á propia descendencia e máis tarde ás desigualdades culturais que podían ser identificadas étnica ou racialmente. A lexitimidade do sangue foi un concepto central no antigo réxime e a metáfora biolóxica da filiación serviu de modelo principal da lingüística do XIX e segue sendo unha idea popular de entender as linguas hoxe en día. Un segundo aspecto xenealóxico relacionado coa reprodución garda relación coa virxindade e a castidade. Tanto dende o punto de vista da pureza racial como da pureza sexual a noción de pureza parece funcionar en base a valores absolutos, non cuantificables: as persoas non pode ser medio bastardas nin medio virxes.

A pureza metalúrxica, aínda que pareza estraño, tamén bota luz sobre a imaxinería purista aplicada ás linguas. Os metais, para seren usados, deben ser recollidos da mina antes de seren refinados por medios físicos ou químicos que os tornan puros, é dicir, libres de mesturas doutros elementos. Os metais poden ser combinados en cantidades variables de maneira que as aliaxes resultantes combinan as propiedades dos seus constituíntes. O ouro e a prata, por exemplo, úsanse xeralmente combinados con cobre. Se na antigüidade a metalurxia era máis que nada unha arte, hoxe, sen embargo, é capaz de medir con exactitude o grao de pureza. No sentido metalúrxico a pureza é, por tanto, máis concreta e determinable que no sentido xenético, aínda que é posible pensar que, nun futuro próximo, a xenética, como ciencia e como tecnoloxía aplicada, poida revolucionar a vida tal e como hoxe a

entendemos⁴. A visión dualista do ámbito xenealóxico contrasta coa da metalúrxica: as mostras de metal poden ser máis ou menos puras. As 12.000 aliaxes que se coñecen son boa proba do gradualismo metalúrxico.

A relixión é a actividade na que a noción de pureza ocupa posiblemente unha posición máis central. En tódalas relixións certas accións e obxectos poden ser declaradas sucias (*i. e.* contaminadas) e pasar a ser institucionalizadas como tabús aparentemente arbitrarios para moita xente. Non obstante, tal e como demostraron os antropólogos que estudaron o tema da pureza relixiosa, as prohibicións ou tabús tenden a ser máis motivados do que realmente parecen. Neste sentido, o efecto simbólico é fundamental. O que se tenta é manter un estricto dualismo –o limpo fronte ó sucio, o bo fronte ó malo– para así permitir a catarse persoal –quen estea sucio pode ser limpa-do. Dous trazos interesantes da pureza relixiosa son a súa natureza competitiva e a súa capacidade para a osmose: por unha parte, sempre poderá haber alguén menos pecador espiando para delatar o pecado da impureza; por outra, sempre é máis probable que un acabe sendo bo xuntándose ós bos e evitando o contacto cos malos. Como Thomas parece suxerir, hai entre os puristas lingüísticos moito do que acostuma aparecer nas biografías dos puritanos relixiosos.

A última gran parcela das actividades humanas nas que usa o concepto de pureza é a da creatividade artística. Unha obra de arte tende a adscribirse a un destes dous polos: o emocional ou o racional. Valores estéticos como o da subxectividade, expresividade, dinamicidade, complexidade, espontaneidade ou impredecibilidade adoitan etiquetarse de “románticos”. Os da obxectividade, proporción, simetría, simplicidade, estabilidade e predicibilidade de “clásicos”. A pureza na arte identifícase con estes últimos valores. Como acontecía coa metalurxia, a pureza neste ámbito non implica unha visión dualista. O oposto a puro en contextos artísticos non é realmente “impuro” no sentido de “mixto” senón “complicado”, “complexo”, ou mesmo “corrupto”. Neste sentido, a pureza artística, que fai referencia a un xuízo de valor, non pode ser absoluta.

A esta altura sería interesante saber ónde aparece hoxe usada a palabra “pureza” no galego. O CORGA, o corpus de textos galegos compilados no Centro Ramón Piñeiro que pode consultarse en liña, ofrécenos estes resultados dos últimos 25 anos:

⁴ Sobre o desenvolvemento da bioloxía celular e molecular e o impacto social das investigacións en torno á clonación e ó xenoma humano poden verse os ensaios de Soutullo (2001) recollidos en *Sobre clons e xenes*.

ESTADÍSTICA DE EXEMPLOS

Busca por medio

Libro: 113
 Revista: 3
 Prensa: 31
 Oral: 0

Busca por tema

Economía e Política: 12
 Cultura e Artes: 5
 Ciencias Sociais: 23
 Ciencias e Tecnoloxía: 12
 Outros: 15
 Ficción: 80
 Oral: 0

Busca por data

Entre o 1975 e o 1979: 12
 Entre o 1980 e o 1984: 29
 Entre o 1985 e o 1989: 21
 Entre o 1990 e o 1994: 27
 Entre o 1995 e o 1999: 58

ESTADÍSTICA DE DOCUMENTOS

Busca por medio

Libro: 58
 Revista: 3
 Prensa: 24
 Oral: 0

Busca por tema

Economía e Política: 11
 Cultura e Artes: 4
 Ciencias Sociais: 15
 Ciencias e Tecnoloxía: 8
 Outros: 8
 Ficción: 39
 Oral: 0

Busca por data

Entre o 1975 e o 1979: 6
 Entre o 1980 e o 1984: 14
 Entre o 1985 e o 1989: 9
 Entre o 1990 e o 1994: 16
 Entre o 1995 e o 1999: 40

O corpus contén 147 exemplos en 85 documentos distintos. De maior uso é a palabra primitiva “puro”, que ocorre en 487 exemplos de uso de 235 documentos do corpus. Con moitos menos rexistros de uso aparecen os derivados “purificar”, do que se atoparon 16 exemplos en 12 documentos, e “purismo”, do que só se documenta un único exemplo. Curiosamente o “purismo” rexistrado responde ó ámbito da política e non ó da lingüística no que nós temos interese. Das 147 citacións do CORGA eu seleccionei as 35 que damos a continuación e que abranguen autores e obras que van dende 1976 a 1999. A citación 35, a máis vella, é de Ferrín en *Antón e os inocentes*. A máis moderna é á referida á “reveladora pureza da linguaxe”.

- (1) Deste poeta xorde unha reveladora **pureza** de linguaxe que implica, previamente, unha reflexión sobre o seu país
- (2) Só Deus é Santo porque é a extrema perfección, a bondade suma, a **pureza** inmarcescible...
- (3) un réxime decidido a conseguila **pureza** étnica e disposto a usar medios crueis e violentos para conseguilo
- (4) o hálito pestífero da **pureza** ideolóxica ou relixiosa
- (5) ten a súa humildade, a **pureza** do acibeche tocado por unhas mans de labrador.

- (6) sistemas interactivos que recuperarán algo da **pureza** primitiva do goberno do ‘demos’
- (7) As fibras ópticas fábrícanse por métodos sofisticados e de materiais de alta **pureza** para evitar perdas de luz.
- (8) A esta **pureza** racial corresponderían, na concepción dominante na época, as características propias e distintivas de cada raza.
- (9) A primeira condición que debe ter a auga da piscina é a súa **pureza** bacteriolóxica,
- (10) A **pureza** ou “lei” do ouro mídese en quilates: o ouro puro é de 24 quilates.
- (11) supoñendo que o hidróxido empregado ten unha **pureza** do 90%.
- (12) asegura que o cuarzo galego é dunha “**pureza** extraordinaria” e por iso “deberíamos explotalo con criterios de racionalidade.
- (13) Esta breve misiva non quer ser unha censura, senón máis ben unha simple contribución á **pureza** da nosa lingua, á que sempre lle pode vir ben a axuda dos indoctos.
- (14) o obxectivo fundamental que inspira a creación desta agrupación é mante-la **pureza** da raza cabalar,
- (15) Tamén se analizarán informes sobre os comisos, detencións, o grao de **pureza** das drogas aprehendidas e as sentencias xudiciais relacionadas co tema.
- (16) non tería necesidade ningunha de subir polos regueiros na busca desa **pureza** que comeza a ser insólita.
- (17) Detesto a linguaxe da **pureza**. A **pureza** é, sábese, excluínte. Cada vez que hai unha **pureza** a salvar, comeza a ignominia. A **pureza** non é máis que a dominación que se exerce en nome dun dogma
- (18) Aínda que non sexa máis que para afastar a nefasta tentación da **pureza** étnica, cultural ou relixiosa.
- (19) Padece a soberbia da humildade, de creerse persoa bondadosa e amante da **pureza** espiritual.
- (20) quedaba instalada a escultura en bronce dunha muller inzada dunha beleza aquedada, fronteiriza coa **pureza** dunha virxe.
- (21) Foi un arrecendo a nenez e a **pureza** que o conturbou coma se fora ese aleto que provocan os primeiros descubrimentos,
- (22) goza asemade da suavidade do océano e da **pureza** da montaña.
- (23) o ramiño de azaar, pousado no reclinatorio, daba fe da **pureza** da noiva.
- (24) Foise a chuva de todo e o ceo ficou limpo, azul até mesmo ferir de **pureza** a vista dos ollos.
- (25) aínda levaba sobre a pel a inxenuidade e a **pureza** da feliz adolescencia.
- (26) advirtamos que en principio é un mito de **pureza** racial fronte ó semitismo ou “africanismo”.
- (27) Pero non importa aquí a autenticidade, corrupción ou **pureza** desta ou doutras lendas,

- (28) non sabían, só sentían o desexo amoreándolles o sangue e a **pureza** dos seus corazóns novos.
- (29) “Fóra coas regras represivas da ortografía, fóra coa **pureza** de estilo, fóra sobre todo coa limpeza da escrita”,
- (30) illado de todo contacto exterior, espido de toda contaminación mundana; queda en estado de **pureza** ontolóxica.
- (31) É que eu, Quique, quero recuperar a inxenuidade, a **pureza**, e seino imposible.
- (32) foi un movemento popular na súa orixe, “progresista” e fecundo, inda que lonxe da **pureza** e do azo revolucionario da ergueita “fusquenlla” abandeirada por Rui Xordo
- (33) propón como hipótese que a cabuxa Bezcar, ben sexa en estado de **pureza** ou en cruzamento con distintos derivados de Capra Prisca, puido xenerar as formas coloides
- (34) Por certo enxebre i enxebreza non os entenden no seu significado de puro e **pureza**, senón que lle apoñen un vago senso folklórico.
- (35) Logo, cando lonxe de ti estea, está, a **pureza** do aire, a liña das gavotas impolutas, o antigo mar de Vigo, meu amigo

Non hai dúbida de que o galego emprega hoxe a palabra de maneira non moi diferente a como se usan os cognatos das outras linguas europeas (pódese comparar coas acepcións e citacións incluídas no *OED*). Sen entrar en demasiadas profundidades semánticas poderíamos catalogar as purezas rexistradas nas seguintes áreas metafóricas:

- (a) xenealóxica-xenética: 3, 8, 14, 18, 26, 33.
- (b) sexual: 20, 23
- (c) metalúrxica: 5, 10
- (d) relixiosa: 2, 4, 18, 19
- (e) artística: 1, 27, 29
- (f) física-química: 7, 11, 15
- (g) lingüística: 13
- (h) ideolóxica: 4, 6, 17
- (i) biolóxica (natureza): 9, 16, 22, 35
- (j) biolóxica (tempo): 21, 25, 28
- (k) cultural: 18
- (l) mística-ontolóxica: 24, 30, 31, 32, 34.

Os cinco primeiros campos responden ás actividades revisadas con anterioridade. Os outros sete, a esferas relacionadas coas percepcións e experiencias que temos sobre a realidade espacio-temporal e psicolóxica. En to-

das elas a palabra serve para describir e valorar a un tempo a realidade da que se fala. Para o noso propósito é interesante comentar aquí o único exemplo de “pureza” lingüística que se rexistra nos 25 anos documentados polo CORGA pois responde a varios dos tópicos que se repiten na literatura sobre purismo:

Esta breve misiva non quer ser unha censura, senón máis ben unha simple contribución á **pureza** da nosa lingua, á que sempre lle pode vir ben a axuda dos indoctos.

En primeiro lugar cumpriría destacar o contraste entre o fin tácito e desinteresado do purismo (basicamente o de purificar a lingua) e a ansiedade do suxeito en relación co modo en que se está a dirixir o proceso. O autor do enunciado non agocha o seu propósito: quere axudar a facer máis pura unha realidade que non é obviamente abondo pura. É, en definitiva, un “purista” porque cre nas potencialidades da purificación, obxectivo principal de tódolos movementos puristas, tanto lingüísticos coma doutra índole. A primeira e a última cláusula revelan, sen embargo, a desconformidade do autor coas maneiras de levala a cabo. O discordante di non pretender censurar (algo que identifica correctamente como a práctica habitual dos verdadeiros puristas) pero acaba censurando (aínda que sexa veladamente e de maneira pouco convincente) o que ve como dominante pero mal encamiñado. A pureza, se nos atemos ó seu rogo, reside na humildade da xente e non na soberbia dos doutos que a determinan sen saber ónde atopala verdadeiramente. O seu é á vez o ser e o non ser do purismo, unha actitude que valora a sinxeleza e a modestia do pobo non contaminado pero que precisa da sanción e autoridade dos doutores da lingua para facelo efectivo.

Os paradoxos e as aparentes contradicións deste discurso son os inherentes á quimera de todo discurso e proxecto purista ou purificador: un fin en aparencia loable pero imposible de alcanzar nas súas metas totalizadoras. O exemplo incluído pódenos servir ademais para ver o funcionamento da pureza en relación cos ámbitos que revisamos antes. Cando se confronta co sentido absoluto e inmodificable da pureza xenética e sexual, o máis chocante da pureza lingüística é, polo que se aprecia no texto, a súa natureza relativa: as linguas poden ser máis ou menos puras. É evidente que como noción estamos ante unha polarización dualista (a pureza lingüística só ten sentido se hai impurezas lingüísticas) pero a súa operatividade funciona máis no sentido relativo da metalurxia (un lingote de ouro é ou pode ser máis puro ca outro) que no da xenética por moito que as linguas se mostren reticentes a una cuantificación exacta. Por último, a ecumenicidade implícita na cita do CORGA revela concomitancias co sentido relixioso e pastoral da

pureza. A pureza lingüística ten sen dúbida moito da mística máxico-relixiosa: dalgún xeito, os comportamentos lingüísticos participan da natureza cambiante e reversible do resto das conductas humanas. Unha lingua pode contaminarse pero pode igualmente purificarse mediante o ritual adecuado. Tanto os tabús lingüísticos do tipo “non cometerás o acto impuro de usar castelanismos” como o ritual dos oficientes e ritos purificadores (por exemplo, a purificación obrada por Santamarina e González no *VOLG*) responden á lóxica do mito da pureza.

Con isto deberíamos deixar definitivamente establecido algo que xa foi suxerido de pasada ó comezo. A linguaxe ordinaria, coma a linguaxe científica, sérvese de metáforas para dar conta do mundo e poder explicar a realidade que nos rodea⁵. A polisemia e a necesidade de facernos entender non debería, en todo caso, enganarnos en canto ós obxectos que estudiamos. Non é o mesmo falar da pureza dun diamante (do que podemos cuantificar os quilates) ou dun puro sangue referido a un cabalo (no que o nome é descritivo: refírese á ascendencia dun determinado animal), que da “pureza” dunha lingua, onde proxectamos sobre un comportamento social os nosos prexuízos e valores máis queridos. A lingua que usamos neste último caso é apreciativa: podemos caracterizar unha lingua de máis ou menos pura en relación con outras pero non é posible describila como “pura” de maneira absoluta. A este respecto conviría lembrar aquí as palabras de Max Müller, substituindo o concepto de lingua como “ser vivo” polo aínda máis ousadamente metafórico e mitolóxico de lingua como “entidade pura”.

Falar da lingua como unha cousa en si mesma, que vive unha vida propia, que medra ata madurer, que produce fillos e morre, é non obstante mitoloxía pura, e aínda que non podemos servirmos máis que de metáforas, deberíamos estar en garda contra ser levados delas polas propias palabras que usamos cando nos comprometamos en investigacións como a presente.

¿Pero existen, entón, linguas enteiramente puras e impuras? A resposta, asumindo a posibilidade de utilizar a lingua metaforicamente como instrumento de cognición, é que non. A analoxía que mellor cadraría entre ámbitos no caso da lingua sería coa relatividade da pureza como valor estético. A pureza lingüística é un ideal no mesmo sentido en que o é a pureza estética. O particular dunha e doutra, cando se aplican ó dominio das obras de arte

5 Para o uso da metáfora con función heurística e o importantísimo papel na innovación do pensamento científico véxase *A eficacia da metáfora na produción da ciencia*, unha recente publicación sobre o discurso da xenética (Contenças 1999).

ou das linguas, é que non son susceptibles de medición directa, o que obviamente non impide que non se poidan sinalar certos indicios de “pureza” nin valorar os criterios usados. A escolla, en todo caso, dos indicadores ou criterios empregados dependerá en última instancia do sistema de valores sociais con que operemos.

Poderíamos preguntarnos, a modo de conclusión desta sección, qué é o que fai da pureza unha noción tan complexa e tan dificilmente tratable. Unha das razóns explícaa Aschenbrenner (1971) cando nos advirte que as palabras valorativas ou apreciativas (“appraisives”) son raramente reducibles a definicións directas. É o que pode observarse cando acudimos ós dicionarios en busca de axuda. “Pureza”, “calidade de puro”. Thomas (1991: 1-34), que discute a noción de “pureza” coa meticulosidade do científico e a visión crítica do humanista, acaba por producir o seguinte enunciado:

‘Pureza’, a condición de ser puro, é un termo valorativo de connotación positiva, que refire un conxunto de significados nucleares, incluídos os de ‘homoxeneidade’, ‘totalidade’, e ‘unicidade’. O significado de ‘pureza’ así como os seus valores relativos ou absolutos están determinados parcialmente polas características semánticas do referente.

¿A que características semánticas aluden xeralmente os puristas cando se refiren á pureza e ó purismo lingüístico? Thomas responde por nós a modo de esquema e fai fincapé nos seguintes catro compoñentes:

- (1) A integridade da súa unidade: o todo lingüístico debe cumprir unha función unificadora ou de solidariedade.
- (2) As orixes: a lingua debería manter os vínculos cos seus estadios máis primitivos.
- (3) A homoxeneidade: a lingua non debería incorporar elementos estranhos que non procedesen de si mesma.
- (4) A corrección. Cada comunidade define arbitrariamente o que é simple e correcto para cada lingua.

A eles nos referiremos nos apartados que seguen.

3. O PROBLEMA DENDE A FILOSOFÍA DA LINGUA

Case nada do que levamos comentado é lingüístico en sentido estricto. Nin “pureza” nin “puro” foron con case toda probabilidade conceptos primitivamente aplicados ás linguas e esa é a razón pola que era necesario abor-

dar primeiro os dominios nos que ambas puideron ser usadas con anterioridade. Os termos “enxebre, “castizo”, “bastardo”, “híbrido”, “corrupción” do léxico normalmente relacionados co purismo foron usados todos primeiro en campos diferentes do das linguas e demostran a necesidade de entender a metaforización como recurso lingüístico nas ideoloxías lingüísticas.

Os catro compoñentes en que se foca o purismo lingüístico si teñen que ver, en cambio, coas linguas e coa lingüística. Nesta sección intentaremos ver a maneira en que o actual mundo académico e intelectual é debedor da primeira gran controversia lingüística de que hai noticia na historia occidental. Unha controversia que, como se verá, ten case tanto de debate filosófico como de pescuda filolóxica (Génette 1976, Robins 1979, Harris 1980, 1981). A primeira vez que se discute nun texto grego un tema lingüístico de certo interese é nun dos diálogos de Platón. O diálogo en cuestión titúlase *Crátilo*, leva o subtítulo de *Sobre a corrección das palabras* e nel tres personaxes –Sócrates, Crátilo e Hermóxenes– toman alternativamente a palabra coa intención de discutir o problema da orixe e da exactitude das palabras⁶.

O peso do diálogo lévao Sócrates que é chamado co fin de que examine e critique as posturas enfrontadas que manteñen Hermóxenes e Crátilo. Crátilo é o adail do naturalismo lingüístico: sostén que a linguaxe é un proceso natural e que a asignación dos nomes ós obxectos xorde de maneira natural, como resultado da relación que existe entre a palabra e o obxecto que representa. Hermóxenes, pola súa parte, é o representante da postura convencionalista: sostén que a linguaxe é un fenómeno convencional no que as palabras son símbolos das cousas, froito do hábito e do acordo entre os falantes, e que non gardan en absoluto relación de semellanza coa realidade que representan. A discusión filosófica representada no diálogo faise cargo da controversia contemporánea que estaba tendo lugar na Grecia Clásica entre os que fundamentaban a lingua na natureza (na *physis*), os chamados “naturalistas”, ou na convención social (na *nomos*), os “convencionalistas”. Platón pon a Sócrates defendendo e criticando con igual ardor as dúas partes do argumento.

Visto dende o noso punto de vista, o *Crátilo* debate as relacións entre as palabras e as cousas de maneira non moi distante a como as seguimos discutindo aínda hoxe en día. Hermóxenes comeza reivindicando que os nomes poden ser cambiados ó azar pola vontade de calquera individuo e pon o exemplo coetáneo dos escravos ós que se cambiaba de nome cando

6 Á parte de que o diálogo se corresponde en realidade cun dobre monólogo de Sócrates, convén recordar que o subtítulo en grego é “péri onomatôn orthotêtos” e que caberían outras posibilidades de tradución como “Da exactitude das palabras” ou “Sobre a precisión das palabras”.

cambiaban de dono. Defende, por tanto, a teoría de que calquera nome é apropiado para designar as realidades que queremos denominar. No caso que usa temos o convencionalismo e o voluntarismo de moitos dos modernos planificadores de linguas. As linguas poden ser reeducadas. Son individuos concretos os que deciden cambiar as palabras. A lingua, para Hermóxenes, mantense dentro dos límites da consciencia e é manexable ó noso antollo.

Sócrates rexeita esta idea. Non ten sentido empezar por unha teoría coma a súa. Se queremos saber sobre a lingua, debemos asumir que a lingua serve para algo, que é funcional, pois se non é así quizais non sexa necesario preguntarnos acerca da súa adecuación ou corrección. A menos que asumamos que as cousas teñen unha finalidade non ten sentido facerse preguntas acerca delas. Un tear serve para algo, ten unha función, é un aparello que serve para tecer. Se serve para algo podemos preguntarnos acerca de por qué ten as pezas e a forma que ten. A funcionalidade implica que a forma non é fortuíta, que a lingua –o obxecto da súa pesquisa– está deseñada para servir un propósito. Se Hermóxenes fai o papel dos estruturalistas modernos sen chegar propiamente a descubrir a faceta social da lingua, Sócrates móstrase aquí a maneira dun moderno funcionalista.

Segundo Sócrates debemos preguntarnos a qué propósito responden os nomes. As cousas para o filósofo grego teñen unha realidade fixada por si mesmas e esa realidade é independente de nós. As cousas existen en si mesmas en relación coa súa propia realidade fixada pola natureza. Ademais das cousas, están, segundo Sócrates, as accións e as accións realízanse igualmente segundo a súa natureza particular. E velaí que é entón cando xorde o principal argumento de Sócrates con relación á corrección das palabras. Falar é unha acción e os nomes son instrumentos da fala. Falar é como tecer. Se para tecer é preciso coñecer os instrumentos e saber usalos, para falar correctamente cómpre usar os instrumentos da fala de maneira apropiada.

Algúns dos prexuízos puristas que aínda hoxe continúan a gozar de aprobación aparecen xa no recurso ás etimoloxías que Sócrates se propón examinar. Se os nomes son dados polos homes e estes puideron equivocarse, pensa Sócrates, entón é probable que estudiando as palabras da natureza se poida aprender máis. Os argumentos naturalistas de Sócrates entroncan aquí coas consideracións historicistas de que os nomes antigos poden revelar algo que non teñen as palabras modernas:

É máis doado que atopemos nomes correctos na natureza do eterno e absoluto, pois aí os nomes deberon de ser dados co maior coidado e quizais algún deles puido ser dado por un poder máis divino có do home.

A asunción de Sócrates dunha posible aura divina para certas palabras e o favor que demostra polas formas primitivas recorda facilmente ó criterio etimolóxico (por exemplo de antigüidade na lingua) seguido en moitos dos procesos de selección lingüística levados a cabo na época moderna por moitas das linguas que se incorporaron tardiamente ó clube das linguas estandarizadas, incluído o da escolla de moitas formas do galego contemporáneo. A imaxinación socrática de que unha forma anterior da palabra era mellor ca unha posterior procedía da aceptación naturalista do poder corruptor do tempo: o tempo era simplemente o principal promotor de cambios sobre as formas primitivas. O tópico da deferencia do novo ante o antigo sintoniza ademais á perfección coa idea platónica da realidade como degradación dunha verdade orixinal e coas ideoloxías puristas de carácter defensivo dos seus actuais herdeiros.

A pesar de que a controversia mimético-convencional poida parecer superada no presente, parte da discusión aínda se mantén solapada hoxe en día dentro da lingüística. Os descendentes da escola naturalista argumentan agora pola dependencia dos cambios lingüísticos dos cambios culturais e pola interdependencia entre as distincións gramaticais e as distincións no mundo. A lingua estaría relacionada de maneira natural e evidente coa realidade que representa. Os continuadores da escola convencionalista, pola contra, negan a semellanza entre o símbolo e o referente, excepto nuns cantos exemplos de onomatopeas que son irrelevantes nunha teoría lingüística xeral. Os estruturalistas modernos de xinea convencional reivindicarían ó longo do século XX que a lingua só debería ser examinada en relación consigo mesma e non co mundo que representa, pois a lingua é fundamentalmente arbitraria con relación á realidade externa.

O que Platón pensaba acerca da controversia non está claro pois a obra é suficientemente complexa como para prestarse a interpretacións diversas. É evidente que pon a Sócrates presentando un caso complicado e que este examina con precaución as dúas caras do problema. Se Sócrates se inclinou polo naturalismo ou polo convencionalismo é máis que probable que nunca se chegue a dilucidar. Sócrates desconfiaba da lingua escrita e, como se sabe, non deixou os seus pensamentos por escrito. Coñecémolo principalmente a través dos comentarios aparecidos en diálogos coma o *Crátilo* do seu discípulo Platón e dunhas poucas referencias en obras contemporáneas coma *As Nubes* de Aristófanes na que este se burla ó parecer das etimoloxías fantasmas de Sócrates.

A posición intermedia que Platón parece querer representar podería corresponderse coa do propio Sócrates sempre que considerasemos a aquel un fiel e bo intérprete do seu mestre. Nese caso a mensaxe sería esta: “aínda que as palabras *deberían ser* naturais, é preciso recoñecer que o costume e a

convención desempeñan o papel posiblemente máis importante na formación da linguaxe". A perífrase *debería ser* define de maneira sucinta a actitude platónica pero dá conta ademais da máis común das actitudes normativistas con relación á lingua e ó ensino gramatical no mundo occidental ata o presente día. Os gregos querían que todo, incluído a lingua, funcionase conforme a razón e a lóxica. É polo que Sócrates e Platón detestan que a simple eufonía sexa capaz de corromper as voces e polo que as palabras bárbaras (é dicir, estranxeiras), que obviamente son opacas e imposibles de entender, *deberían ser* rexeitadas. A aversión dos puristas contra a barbarismo acababa de nacer.

A maior parte do *Crátilo* é, polo que din os entendidos en grego, un tratado de etimoloxía moi pouco acertado no que se tenciona explicar a relación semántica (verdadeira ou non) entre as palabras cando son de orixe grega e se desiste de facelo cando se dan por estranxeiras e non se poden comprender dende a lingua propia. A historia e a intelixibilidade funcionaban como filtro na identificación do que era propio ou estraño á lingua. O interese do *Crátilo* en relación coas ideoloxías puristas e normativistas xace, por tanto, no feito de que é a primeira tentativa de investigar a corrección das palabras a partir das súas orixes. Co tempo a oposición filosófica entre *physis* e *nomos* foi desembocando nunha controversia de maior calado lingüístico: a do analoxismo contra o anomalismo. As bases, sen embargo, están no *Crátilo*.

Cando Platón defendía a través de Sócrates que a lingua debería ser natural, o que estaba a postular en esencia era a teoría que se coñecería ó longo da antigüidade como analoxista. Esta é a teoría de que a lingua debe ser análoga á lóxica, de que debe ser consistente na construción, e estar libre de usos ilóxicos ou inapropiados. A teoría contraria, a dos anomalistas, propoñía que o predominante na lingua eran as anomalías e a irregularidade formal. Os anomalistas estaban menos interesados na consistencia interna da lingua que en cómo se falaba realmente, e entendían que a súa función debía ser a de estudar e rexistrar o grego e o latín tal e como eran. Estes son os antecesores dos actuais dialectólogos e sociolingüistas. Tódalas formas da lingua eran válidas en canto que o costume as fixese populares e aceptables. Os máis extremistas dos analoxistas crían, pola contra, que era o seu deber corrixir as inconsistencias que a lingua presentaba e facelas conformar con patróns lóxicos. Das filas dos analoxistas saírían, sen dúbida, os primeiros gramáticos prescritivos, é dicir, os primeiros defensores das normas de corrección (*hellenismós*) e os primeiros puristas.

A controversia analoxistas-anomalistas recorda o debate natureza-convención cos analoxistas como naturalistas e os anomalistas como convencionalistas. Aristóteles parece que adoptou unha postura ambivalente. Por

unha parte era un defensor claro do convencionalismo: “A linguaxe nace por convención, xa que ningún nome nace por natureza”, afirma en *Sobre a interpretación*. Por outra, o seu amor pola orde, pola regularidade e a proporción poñían do lado dos analoxistas. A analoxía –a proporcionalidade– era para o estaxirita un dos principios que debían orientar a razón e a conducta. Os argumentos analóxicos, que foron usados como criterio de corrección para dar preferencia a unha palabra sobre outra, están, xunto cos argumentos históricos e puristas que xa mencionamos, na base de moitas das “correccións” das anomalías que se efectuaron na elaboración do galego estándar.

Ós convencionalistas, como despois ós naturalistas, Sócrates oponlles o seu sempre oportuno realismo: as palabras non responden só ós valores sociais establecidos por consenso senón que serven para representar a realidade e descubrir a verdade das cousas. Igualmente cando Crátilo avanza a súa posición naturalista de que os nomes e os discursos sempre teñen unha certa corrección inherente calquera que sexa a súa forma, Sócrates contraatácao argumentando que calquera que se preste a decidir sobre as palabras pode equivocarse. A palabra, nese caso, debería responder igualmente á realidade e non á sociedade. A lingua, para Sócrates e para Platón, non é tanto mímese ou convención como a garantía de que a verdade debe ser valorada sobre o acordo consensual que defendían sobre todo os sofistas, os oradores cos que competían na Grecia de entón. Se non fose así, os esforzos por convencer ós demais das propias razóns non terían máis sentido có da simple persuasión a través do engano.

Á vista das disputas mantidas na antigüidade clásica cremos que é posible ver baixo unha nova luz as raíces do problema do purismo e da pureza lingüística no que estamos interesados. ¿Existe unha solución única para el? ¿Existe solución? Cremos que non. Pero isto non quere dicir que debemos desistir de procurarlle. E. Schumacher (1977: 139-156) falaba de dous tipos de problemas: os converxentes e os diverxentes. O que pasa cos problemas converxentes é que atinguen ás leis do universo ó nivel da materia inerte, da natureza inanimada. Canto máis intelixentemente se estudia esta clase de problemas máis converxen as respostas. O da pureza e o da corrección da lingua non estaría entre os problemas converxentes senón entre os diverxentes, os que afectan a seres complexos como os humanos e a sistemas complexos coma as sociedades en que viven. Canto máis se estudia este segundo tipo de problemas máis tenden a contradicirse as solucións que se proponen. Diverxen tanto que ás veces como na historia que repasamos agora poden acabar véndose en polos opostos sen que realmente o estean. Schumacher poñía o exemplo do problema da educación como un problema diverxente por excelencia.

Solucionar problemas é como matalos. Non importa matar problemas que fagan referencia ó que xa está morto, como ocorre con moitos problemas de tipo converxente. Matar problemas diverxentes que afectan ós humanos, determinar que existe para eles una “solución final”, única e aceptable, é quizais máis perigoso, e a propia enunciación da expresión “solución final” (ou “solución última”) aínda segue a evocar hoxe as connotacións tráxicas que todos coñecemos. Os problemas diverxentes ofenden a mente lóxica que desexa eliminar a tensión e a ansiedade de decidirse por un ou outro extremo pero agudizan e estimulan as facultades máis altas sen as que o home non é máis que un animal intelixente. A saúde dunha sociedade humana depende da persecución simultánea de actividades e fins opostos: estabilidade e cambio, tradición e innovación, interese público e interese privado, orde e liberdade, planificación e liberalismo. Os problemas diverxentes non teñen unha única fórmula correcta pero, isto é o importante, poden ser estudiados, entendidos e transcendidos. Ó nivel humano máis alto, o da autoconsciencia, os opostos deixan de ser opostos.

Tal e como aparece enunciado de maneira explícita no título da miña intervención nos termos de “pureza” vs. “contaminación”, o dualismo do plan-texamento probablemente suscita máis problemas dos que soluciona pero aínda así permítenos albiscar e discutir a complexidade da materia que tratamos. É o tributo teórico e metodolóxico que debemos pagar por pensar e actuar no confuso tempo e espazo en que nos tocou vivir. O título está inspirado no libro de Mary Douglas, *Purity and danger. An analysis of concepts of pollution and taboo*⁷. A obra da antropóloga oxoniense é de base estrutural, de maneira que é o propio enfoque do tema o que favorece a análise dos tabús e prohibicións sociais nos termos das dicotomías tan queridas da metodoloxía estrutural. A investigación, controvertida como ela mesma recoñece, concéntrase nunha oposición tan estendida nas culturas de tódolos tempos e xeografías como malamente estudiada, a que se establece entre o “limpo” e o “sucio”.

Para Mary Douglas, a dualidade opositiva que se establece entre “puro” e “poluído” (ou “contaminado”) non é máis que unha das posibles formulacións que se poden arranxar en base á necesidade básica de tódolos humanos de encontrarmos sentido no caos que nos rodea. ¿Que sentido encontra a antropóloga para os conceptos de “sucidade” e “polución”? O que expresa de maneira relativista (ou perspectivista; véxanse as cursivas da cita) en relación co desexo dos suxeitos de organizar e ordenar o que está ó seu alcance.

7 Mary Douglas, que estudou Filosofía, Políticas e Economía en Oxford, graduouse nesa mesma univversidade cun BSc en antropoloxía.

A sucidade é esencialmente desorde. Non existe ningunha cousa que se poida ter por absoluta sucidade: *a sucidade só existe nos ollos de quen mira*. Se a evitamos non é por un temor ansioso, nin por terror, nin menos por un terror santo... É que a sucidade ofende a orde. Eliminala non é un movemento negativo, é o esforzo positivo que se fai para organizar o medio (Douglas 1966: 12; as cursivas son miñas).

Por conseguinte:

A sucidade é un produto derivado da ordenación sistemática e da clasificación da materia, na medida en que a acción de ordenar as cousas significa rexeitar elementos inapropiados (Douglas 1966: 35).

Douglas, que relaciona a “polución” e “impureza” coa aparición dos ritos máxicos e coa relixión, infórmanos de que ámbalas ideas funcionan na vida social das comunidades a dous niveis: o funcional e o expresivo. Ó primeiro nivel encontrámonos con que a xente necesita influenciar o comportamento dos outros dalgunha maneira e con que as crenzas reforzan a presión social. As crenzas no perigo de incorrer na impureza funcionan tanto como ameazas que pretenden ser coercitivas cos demais como de temor ante o que un mesmo pode incorrer. Ó nivel expresivo, ademais da exhortación mutua, o discurso máxico-relixioso fai que as leis da natureza coincidan coas leis de determinados códigos morais, e que unhas sancionen as outras. É neste sentido, por exemplo, que pode entenderse que nunha sociedade precientífica unha doenza fose causada por adulterio.

A un nivel funcional, o purismo lingüístico comparte a mesma racionalidade antropolóxica que se desprende da explicación estruturalista que Douglas propón para o funcionamento da impureza e do tabú nas sociedades primitivas. Ó nivel da expresión, os movementos puristas tenden a promover discursos que poñen de relevo a lóxica e racionalidade en que se asentan co obxecto de coaccionar ós suxeitos nunha determinada dirección. As batallas sobre as linguas entándaes entre clasicistas ou puristas e visións máis pragmáticas ou realistas adoitan acompañarse de abundante produción nun ou noutro sentido de verniz cientifista (vía explicacións lingüísticas, historicistas, ou sociais) co fin de persuadir novos adeptos para a súa particular causa. Neste sentido, o proselitismo de tódalas posicións pretende ó tempo que convencer, racionalizar e clarificar o obxecto das súas paixóns. Tal e como o puxo, Douglas:

Cando algo se clasifica firmemente como anómalo, clarifícase o perfil do conxunto do que non forma parte (1966: 38).

O que Mary Douglas nos ofrece aquí é un paradigma estrutural de moito interese para o entendemento do purismo lingüístico. O que é clasificado como parte do sistema é xeralmente considerado puro. O que é anómalo, o que non é apropiado nin susceptible de ser organizado, clasifícase como impuro e tende a ser rexeitado do sistema. O purismo como doutrina e como actitude lingüística equivalería, por tanto, a unha serie de crenzas que postularían a necesidade de etiquetar certos elementos como puros, e por conseguinte desexables, e outros como impuros e indesexables. Cáles son os criterios empregados en tal valoración é o obxecto da seguinte sección. Antes de avaliar a nosa tolerancia e o noso purismo poderíamos preguntarnos, a modo de preparación, se o carro de que fala o xornalista Carlos Luis Rodríguez nun dos exemplos do CORGA se fixo finalmente *enxebre* (un dos termos cos que se alude ó purismo lingüístico en galego e que está etimoloxicamente relacionado co verbo ‘separar’):

Manolo Escobar sempre gozou de gran cartel entre os paisanos. O seu carro roubado fíxose *enxebre* en Galicia, igual que despois as cancións da Pantoja ou agora Azúcar Moreno.

4. UN PROBLEMA DE CUANTIFICABILIDADE: ¿COMO ERA DE IMPURO O GALEGO DOS MEDIOS ANTES DE 1991?

Como dixemos antes, a pureza dunha lingua só pode ser valorada ou estimada. Podemos dicir que unha lingua é pura ou máis ou menos pura ca outra pero non é posible someter os nosos xuízos a verificación empírica directa. As estimacións sobre a pureza dunha lingua acostuman estar baseadas na avaliación da pureza de elementos concretos do seu léxico ou da súa gramática. Tales elementos si poden ser descritos en base a un criterio binario: ou ‘x’ é “puro” ou non o é. As dificultades para determinar a pureza dun ítem lingüístico son, en todo caso, maiores do que se pode pensar. Na literatura lingüística e filolóxica non é raro encontrar estimacións e interpretacións diverxentes en torno á lexitimidade de elementos particulares dunha lingua dada. As causas destas diferencias estimativas habería que explicalas a partir dos criterios subscritos, nunha deficiente ou insuficiente información do ítem en cuestión, ou en asuncións lingüísticas incorrectas.

Todo isto implica que non existe enunciado relativo á pureza que non sexa susceptible de manipulación ideolóxica ou de esaxeracións interesadas orixinadas a partir das actitudes prexuízosas do avaliador. Se estivesemos interesados en formular un índice de pureza dunha lingua examinando por exemplo o léxico contido nun dicionario, o que a fin de contas acabaría-

mos obtendo sería unha medida indirecta coa que apoiar e argumentar a nosa estimación apriorística da lingua en si. O exercicio que nos propuxemos nesta sección foi precisamente ese: seleccionar un corpus que foi obxecto de avaliación en termos de pureza e corrección lingüística, identificar os elementos nel examinados e investigar as razóns que contribuíron ó tabú lingüístico. A obra escollida para exame é o *Diccionario de dúbidas da lingua galega (DDLG)* publicado en 1991, do que fun autor xunto con X. A. Fernández Salgado, M. Puga e X. Sousa.

O diccionario, que aparece precedido dunha introducción redactada por min mesmo hai máis de 10 anos (Fernández Salgado 1991: 12-22), pódenos resultar de utilidade por dúas razóns que nos interesa traer aquí: fai referencia a unha boa parte dos mitos lingüísticos que circulaban ou se estaban xestando na época en torno ó galego e recolle varios dos tópicos que normalmente se relacionan coa lingüística prescritiva (*i. e.* a literatura purista), incluídos o uso e descrición da metalinguaxe normativa empregada máis comunmente no galego. Antes de pasar ó traballo empírico propiamente dito quixera repasar algúns deses tópicos que aparecen distribuídos en cinco apartados:

- (1) A consolidación do estándar na historia da lingua.
- (2) O léxico dentro da corrección lingüística.
- (3) O corpus e a factura do diccionario.
- (4) A finalidade e destinatarios do diccionario de dúbidas.
- (5) A terminoloxía do diccionario de dúbidas.

No primeiro apartado considérase a constitución histórica do galego como lingua de cultura escrita e defínese a proposta de estandarización á que se adscribe a obra. O galego aparece representado de maneira hiperbólica como lingua en pé de guerra durante máis de dous séculos, saudosa da súa idade media, cando era a lingua normal de tódolos galegos, pero recuperando terreo “inexorablemente” a partir do rexurdimento, avanzando de campo en campo, e presentado batalla en dous fronteas, un dentro da casa contra o suposto inimigo interno, isto é, contra a insubordinación da “variedade dialectal” e, outro contra o inimigo externo que invade o territorio do idioma autóctono e se manifesta en forma de “interferencias lingüísticas”.

O momento lingüístico presente, o do “galego común”, descríbese como un proceso en marcha que presenta indicios dispares, uns problemáticos (a ausencia de estudos lingüísticos, a falta de dicionarios fiables e exhaustivos, e a literatura moderna “pragada” de elementos non normativos), outros seriamente preocupantes (a división en dúas correntes normativistas enfrontadas), e uns poucos optimistas: un certo consenso na procura dun galego

unitario mesmo entre posicións encontradas, un éxito relativo na elaboración e aceptación social da liña autonomista, e a feliz consecución de tres fitos na estandarización da lingua: as *NOMIG* do ILG/RAG, a *Gramática* de Galaxia e a versión provisional do *VOLG*.

No segundo apartado inténtase definir o papel do léxico na corrección lingüística. Tras asumirse a heteroxeneidade como trazo característico do léxico de tódalas linguas, conclúese con que “unha forma correcta será aquela que se sinta como aceptable nun determinado período, como pertinente nun determinado lugar ou como apropiada para unha determinada ocasión”. A avaliación do que é correcto ou incorrecto preséntase como unha operación complicada e, en certo sentido, ás expensas da subxectividade e prexuízos do avaliador, que decide como tecnólogo a norma funcional máis apropiada de entre o repertorio lingüístico ó que ten acceso. Recoñécense para os propios autores unha actitude purista e algúns antecedentes recentes no campo do que se podería chamar “prescritivismo práctico”. Canto ó criterio de autoridade desbótanse os autores literarios e antepónse a guía científica dos gramáticos e lingüistas que elaboraron as *NOMIG* e o *VOLG*.

O apartado terceiro refire o proceso de compilación e redacción do dicionario, unha obra colectiva que se nutre fundamentalmente de linguaxe xornalística da televisión. A idea era facer unha obra de consulta rápida na que se explicase brevemente o tipo de corrección que se propoñía. O *DDLG* inclúe entre as súas entradas tanto formas correctas como incorrectas, pero todas tratan aspectos conflictivos dende o punto de vista normativo. En todo caso, aínda que acolla un número importante de estranxeirismos, é principalmente un dicionario de erros no que se contén o refugallo lingüístico ó que as obras contemporáneas non daban acollida na súa macroestrutura. A finalidade e os destinatarios –os usuarios do galego estándar que necesiten aconsellarse sobre o uso lingüístico– son tratados no apartado seguinte, mentres que no quinto apartado se aborda a terminoloxía metalingüística empregada e os criterios de depuración que se seguiron á hora de corrixir as formas estigmatizadas e propoñer solucións alternativas. Os tres criterios especificados son os seguintes:

- (1) a lexitimidade (identificada como purismo)
- (2) o diferencialismo do castelán
- (3) a harmonización coas outras linguas europeas e co portugués en particular

Non é preciso comentar o posto en que sitúa a ideoloxía que se investiga neste traballo pero si, quizais, por sorprendente, o convencionalismo que implica apelar á lexitimidade (ó estatus legal ou autorizado) do obxecto que se intenta dirimir como identificador da calidade da propia palabra.

Habería, evidentemente, outras formas de definir o purismo (en relación coa historia ou procedencia, como logo se utiliza nos propios artigos do dicionario) pero no texto introdutorio non se menciona. En troques, o segundo criterio funciona sen dúbida nesa mesma liña do purismo ó nivel formal máis superficial. Se as palabras que se propoñen para o galego son diferentes do castelán aparentemente restrínxense as posibilidades dunha posible confusión entre as dúas linguas. O interesante, sen embargo, é que calquera outro criterio ou combinación de criterios que se manexasen en termos de racionalidade podería valer igual de ben á función simbólica fundamental que desempeña toda actividade lingüística de purificación. A racionalidade á que se acolle a introducción aparece glosada contra o final en dous enunciados negativos que nos devolven á discusión platónica:

- (1) “Non tódalas formas da linguaxe teñen o mesmo rango”, e
- (2) “Non todas son boas, correctas ou válidas para un determinado tempo, lugar e/ou ocasión”.

A bondade das palabras definida en termos de corrección abórdase no seguinte exercicio. Nel defínese o rango socioestilístico das formas a partir da información contida nos artigos do dicionario (*DDLG*) que acabamos de presentar e compútase o número de entradas que se refiren baixo a mesma “etiqueta lingüística” co obxecto de discernir a procedencia das supostas impurezas que contaminaban a lingua a comezos da década dos noventa. O estudo foi realizado sobre a letra P. Os resultados obtidos da clasificación móstranse nos gráficos 1 e 2. Co fin de facilitar a discusión da terminoloxía engadimos aquí un cadro cos termos que se explican no texto introdutorio (pp. 19-22) e con exemplos tirados do propio dicionario.

Voces galegas / Voces híbridas/ Voces pseudogalegas	Voces estranxeiras / Empréstitos/ Xenismos	Solucións / Propostas/ Neoloxismos
dialectalismos: <i>abelaira</i>	estranxeirismos: <i>footing</i>	adaptacións: <i>eslogan</i>
arcaísmos: <i>conquerir</i>	castelanismos: <i>alabar</i>	semiadaptacións: <i>confort</i>
vulgarismos: <i>probe</i>	galicismos: <i>debacle</i>	calcos semánticos: <i>pobo</i>
castrapismos: <i>cuchilo</i>	anglicismos: <i>senior</i>	calcos léxicos: <i>rañaceos</i>
hipergaleguismos/ hiper- enxebrismos: <i>urbán</i>	lusismos: <i>utente</i>	voces substitutivas: <i>deus</i>
neoloxismos: <i>mostraxe</i>	italianismos: <i>capo</i>	exts. semánt.: <i>adestrador</i>
	latinismos: <i>ultimatum</i>	creacións: <i>beirarrúa</i>




Gráfico 1: Entradas da letra P no DDLG




Gráfico 2: Composición das entradas da letra P no DDLG




Gráfico 3: Distribución das formas comentadas no DDLG




Gráfico 4: Entradas comentadas no DDLG

Das gráficas que obtemos tras catalogar as entradas do *DDLIG*, a 3 é posiblemente a máis reveladora no que toca á calidade da composición do dicionario. O dicionario está formado principalmente de palabras tabú, e dun 10% de palabras perigosas. A metade delas proceden de linguas estranxeiras, a outra metade de formas galegas (ou feito galego) non normativas ás que designamos coa etiqueta de paranormativas.

O maior perigo de contaminación, se nos atemos ó número de palabras censuradas, procede do español: 141 dun total de 376 entradas (é dicir, unha porcentaxe que afecta en torno ó 40% do vocabulario total). Os lusismos reprobados son só 11 (aproximadamente o 3%). O contacto co inglés supera un pouco ó do portugués: recóllense 14 anglicismos (o 4%). A contribución do francés, italiano e alemán ó dicionario aínda é moito máis limitada. En consecuencia, debe deducirse que os autores non atoparon que exista perigo considerable en abrirse a outras linguas diferentes do español.

No tocante ás formas internas, a interdicción do *DDLIG* recae sobre todo no grupo de 45 palabras que denominamos “reformacións mediáticas”, composto principalmente de hipergaleguismos e pseudogaleguizacións recreadas por novos falantes do galego a partir de falsas analoxías (algo máis dun 10%). A ameaza dos neofalantes, se se valora numericamente, é moito maior ca que supón o grupo de “reformacións” de orixe popular na que habería que contabilizar galeguizacións de castelanismos e híbridos galego-casteláns de certo uso ou tradición na linguaxe coloquial. Sumarían un total pouco significativo duns 15 casos (un 4%). A eles aínda se poderían engadir as outras 9 entradas do rexistro autóctono supostamente máis vulgar (menos dun 3%). Os erros ortográficos, nun total de 21 (o 6%), habería que explicalos como consecuencia dunha insuficiente socialización do galego escrito tanto entre castelanfalantes como entre galegofalantes. As variantes secundarias serían asignables na súa maior parte a falantes nativos e habería que interpretalas como resultado da fortaleza das falas dialectais (a maioría) ou da irrupción de formas diverxentes estranxeiras.

formas normativas	38
paranormativas	161
estranxeiras	177
variantes secundarias	39
vulgarismos	9
reformacións populares	15
reformacións mediáticas	45
erros gráficos	21
castelanismos	141
lusismos	11
estranxeirismos	25

A lista das categorías coas entradas ofrécense no apéndice 1 ó final do artigo. O feito de catalogarmos os distintos tipos de contaminación (por contacto ou por calquera outra causa que se nos ocorra) que é posible detectar entre o material reprobado nun diccionario de dúbidas non nos dá, en todo caso, un acceso máis profundo á esencia do problema có que un pode lograr procurando entender de maneira empática as ideas que outras persoas da nosa propia comunidade lingüística teñen acerca da pureza, a exactitude ou a adecuación das linguas. No seu *Introducing Language Awareness*, Leo van Lier (1995) proponnos un exercicio lingüístico para que confrontemos de maneira empírica os nosos prexuízos lingüísticos e a nosa tolerancia con relación ás prácticas culturais que Deborah Cameron denominaría, seguindo unha metáfora médico-sanitaria, 'hixiene verbal' e 'profilaxe lingüística'⁸. É o que se propón neste exercicio final ó lector interesado.

5. UN PROBLEMA DE ACTITUDES E COMPORTAMENTO

Hai elementos da lingua que serven para identificar os falantes sobre bases dialectais, sociais ou de rexistro. O falar ben asociámolo instintivamente con certos grupos de persoas e o falar mal con outros. Falar ben, ademais, asóciase con ser educado. Dado que a educación é un valor apreciado universalmente, é comprensible que o de ser educado se utilizase como argumento na promoción dunha certa forma de estándar lingüístico sen que a un o tachen de intolerante ou de obrar baixo prexuízos.

O purismo lingüístico, a promoción da lingua estándar e o desexo de aspirar a unha lingua pura, non contaminada de barbarismos, estranxeirismos ou outras supostas 'aberracións', non aparecen confinados a unha única cultura. A actitude do español contra o *spanGLISH*, do francés contra o *franglais*, do inglés contra o que non sexa anglosaxón, repítese en tódalas culturas do noso contorno. Hainas máis ou menos tolerantes co cambio e coa incorrección, pero incluso naquelas máis tolerantes, hai un límite, o da intelixibilidade, a partir do cal comeza a crise da comunicación.

A política da corrección énos tan querida na nosa profesión, e tan relativamente fácil de implementar nos termos en que é practicada, que realmente acabamos por cegarnos con tanto celo corrector ante a verdadeira apreciación da lingua e do xogo lingüístico verdadeiramente creativo. É preciso poñer a pureza e a corrección no lugar que lle corresponde, é dicir, xunto

⁸ O termo aparece en Cameron (1999), por exemplo. Estes usos lingüísticos lévannos de novo ó campo da 'limpeza' e da 'sucidade' e dos hábitos sociais que discutimos antes.

coa etiqueta social relacionada con outros códigos culturais coma os de comer ou vestir de maneira apropiada. Nin a pureza nin a corrección de tipo purista o son todo na lingua.

Coa idea de relativizar aínda máis a cuestión do purismo lingüístico e do espacio que vai do correcto ó incorrecto ofrécese o seguinte Test de Aceptabilidade e Tolerancia Lingüística baseado no proposto por van Lier (1995) para o inglés. Nel hai que avaliar do 0 ó 10 a corrección léxica e gramatical de 20 enunciados. O valor 0 equivalería a un enunciado definitivamente non gramatical e por tanto incorrecto. O valor 10 a un enunciado gramatical que debería ser expresado así obrigatoriamente. Isto sería o branco e o negro da corrección lingüística. Entre eles, sen embargo, imos propoñer que é posible pensar en valores relativos ou matizados segundo a maior ou menor adecuación ás pautas lingüísticas que convencionalmente se tenden a considerar aceptables (pero que en certos casos sería posible discutir e contestar):

- (0) uso non gramatical
- (1) uso probablemente non gramatical
- (2) uso extraño
- (3) uso relegable (por marcado)
- (4) uso pouco común (neste contexto)
- (5) ?
- (6) uso pasable
- (7) uso común (neste contexto)
- (8) uso normal (non marcado)
- (9) uso preferente
- (10) uso obrigatorio

A imprecisión simboliza dalgunha maneira a natureza provisional dos nosos xuízos sobre corrección e gramaticalidade. O test sería interesante realizalo con outra xente. Podería formularse así: “Avalía a corrección das 20 oracións seguintes e compara as puntuacións que lles deches coas doutras persoas. Discute con elas as razóns e mira se es capaz de chegar a un acordo”. Os enunciados poderían ser estes:

Test de Tolerancia Lingüística (TTL)

- (1) As letras das siglas da TVG son a “te”, a “uve” e a “gue”.
- (2) Recolleu a copa das mans de súa nai.
- (3) O folleto traía unha foto dun barco a vapor que zarpaba de Vigo.
- (4) Son varias as competencias a asumir polas CC.AA. na próxima lexislatura.
- (5) Hai que ir a preparar o salón de actos para a conferencia de peche.
- (6) Volver a escribir unha e outra vez o mesmo texto sempre resulta custoso.

- (7) O presidente de Francia visitou á primeira ministra inglesa.
- (8) Estaba farto de tanta incompetencia e abandonou o traballo.
- (9) O estadio estaba abarrotado de público.
- (10) O Pentágono deu a orde de abatir tódolos avións que superasen a demarcación.
- (11) Nalgúns invertebrados o abdomen é relativamente grande.
- (12) ¿Qué froito da a abelaira?
- (13) O radicalismo abertzale tenta dirixir o proceso cara a autodeterminación.
- (14) Ablandouno con palabras tenras.
- (15) Seus avolos levan sesenta anos casados.
- (16) Aboouse ó servizo de tarifa plana de Telefónica.
- (17) A abóbada da catedral é de estilo gótico.
- (18) Disparáronlle a bocajarro.
- (19) Abollou o coche.
- (20) Dende 1999 exerce a abogacía.

O máis probable é que despois de discutir sobre cuestións de “etiqueta lingüística” un acabe vendo que as cousas non son nin están tan claras como a algúns puristas lles gustaría velas⁹. En todo caso, despois de intercambiar opinións con xente diversa tamén é certo que un acaba por facerse cargo dos fortes sentimentos que algunhas persoas teñen con relación ás linguas e do inseguras que se mostran moitas outras coa lingua que normalmente usan. É, por tanto, posible que ademais de relativizar as cuestións de uso, un acabe vendo de maneira menos borrosa o que se agocha detrás do concepto de pureza lingüística.

6. CONCLUSIÓN

Como diría Douglas, cando alguén fai limpeza xeral no seu fogar o que se fai é algo máis do que seguir unha simple regra de hixiene. Limpar a casa en ocasións especiais ten moito dun acto simbólico. A través del remodelase o ambiente, facendo conformar o medio que sexa coas ideas de orde e esforzo que son tan queridas dos humanos en tódalas culturas. A sucidade fai-

⁹ As argumentacións “puristas” dos autores do *Diccionario de dúbidas da lingua galega* en relación con algúns dos ítems lingüísticos que aparecen nestes enunciados pódense consultar baixo as entradas: (1) “a¹ⁿ”; (2) “a³ⁿ”, “mans”, “seu”; (3) “a⁴ⁿ”, (4) “a⁵ⁿ”, (5) “ir”, (6) “a⁶ⁿ”, “voltar”, (7) “a⁴ⁿ”, (8) “abandoar”, (9) “abarrotado”, (10) “abatir”, (11) “abdomen”, (12) “abelaira”, (13) “abertzale”, (14) “ablandar”, (15) “abó” [avolo é a forma dialectal do galego oriental], (16) “aboarse”, (17) “abóbada”, (18) “a bocaxarro”, (19) “abollar”, (20) “abogacía”.

se desaparecer porque é materia que está fóra de lugar, e por tanto agride a orde das nosas vidas. É exactamente o que moitos lingüistas e afeccionados pretenden coa súa “limpeza” lingüística.

Tódalas culturas deben aprender a aceptar e convivir coas anomalías que desafían as súas asuncións básicas. A natureza da ameaza, e a maneira en que se controla ou neutraliza dinos moito acerca da comunidade. Mary Douglas, no seu fascinante estudio móstranos cómo a idea de contaxio aparece nos puntos fracos de cada estrutura conceptual, e analiza os rituais a través dos que se intenta conter e controlar os símbolos de perigo e poder. A súa focaxe estruturalista que rompe as barreiras artificiais creadas entre a maxia e a relixión por antropólogos coma Frazer en *The Golden Bough* pode aplicarse tanto á vida relixiosa coma á secular, ás sociedades primitivas coma ás modernas. O que aquí vimos foi que o purismo lingüístico é unha das formas en que certas persoas e certos grupos pretenden controlar de maneira simbólica os cambios e conxurar as ameazas internas e externas que parecen pairar sobre as linguas e as comunidades que as falan. Se a análise en termos de pureza e contaminación é válida e se conseguen os seus obxectivos é algo que como dixemos só pode ser estimativo e dependerá da escala de valores pola que uns e outros as midan.

CODA

Un recoñecido compositor de música clásica vai ofrecer un concerto no Royal Theatre de Londres ó que só está convidada a xente máis selecta da cidade. O concerto anunciárase baixo o título de “Silencio”. Chega o día da actuación, a xente entra ó teatro, faise o silencio e entra o pianista ó escenario. Comeza a mover os dedos sobre as teclas seguindo unha sinfonía imaxinaria pero o piano non soa porque previamente ó concerto o compositor desligara as cordas do piano. Así pasa media hora e unha hora ata que por fin termina. Levántase, saúda a audiencia coa reverencia debida, e o público comeza a aplaudir como se esperaba que fixese ó final de calquera outra performance musical. Aínda que eu non son o afamado compositor, o que eu tiña que dicir posiblemente se corresponda co silencio da interpretación do compositor.

BIBLIOGRAFÍA

- Bartsch, R. (1987): *Norms of language*. Burnt Mill, Harlow: Longman.
- Cameron, D. (1995): *Verbal hygiene*. London: Routledge.
- Douglas, M. (1966): *Purity and danger. An analysis of concepts of pollution and taboo*. Harmondsworth: Routledge / Kegan Paul.
- Fernández Salgado, B. (coord.) (1991): *Diccionario de dúbidas da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Genette, G. (1976): *Mimologiques. Voyage en Cratylie*. Paris: Seuil.
- Harris, R. (1980): *The language-makers*. Worcester: Duckworth.
- Harris, R. (1981): *The language myth*. Worcester: Duckworth.
- Guthrie, W. K. C. (1969): *A history of Greek philosophy*. Cambridge: CUP.
- Lier, L. van (1995): *Introducing language awareness*. London: Penguin.
- Müller, M. (1864): *Lectures on the Science of Language*. London: Longman.
- Real Academia Galega (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Xerais / Galaxia.
- Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1982): *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego*. Vigo: ILG-RAG.
- Robins, R.H. (1979): *A short history of Linguistics*. London: Logman.
- Santamarina, A. / M. González (1989): *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. Santiago: Fotocopia.
- Schumacher, E. F. (1977): *A guide for the perplexed*. London: Abacus.
- Thomas, G. (1991): *Linguistic purism*. Burnt Mill, Harlow: Longman.

APÉNDICE 1

Diccionario de Dúbidas da Lingua Galega (1991)

FORMAS PARANORMATIVAS DO GALEGO (161)				
VARIANTES SECUNDARIAS: DIALECTALISMOS E NEOLOXISMOS DIVERXENTES (39)				
<i>padrastro</i>	<i>pergamiño</i>	<i>pieitar</i>	<i>ponla</i>	<i>psicoanalítico</i>
<i>pardao</i>	<i>periodo</i>	<i>pieite</i>	<i>postela</i>	<i>psicoanalizar</i>
<i>a partires de</i>	<i>perto</i>	<i>píldora</i>	<i>pranta</i>	<i>psiquedelia</i>
<i>pau</i>	<i>a pesares de</i>	<i>pimenta</i>	<i>precio</i>	<i>pubis</i>
<i>páxaro</i>	<i>pesebre</i>	<i>pimento</i>	<i>prexuício</i>	<i>pulir</i>
<i>peirán</i>	<i>péxeo</i>	<i>pino</i>	<i>pruído</i>	<i>puxa</i>
<i>pente</i>	<i>pibida</i>	<i>pior</i>	<i>pruír</i>	<i>puxar</i>
<i>pentear</i>	<i>pidir</i>	<i>pollo</i>	<i>psicoanálise</i>	

VULGARISMOS (9)				
<i>pa</i>	<i>páledo</i>	<i>pó</i>	<i>perspectiva</i>	<i>probe</i>
<i>padastro</i>	<i>paré</i>	<i>prescribirse</i>	<i>prever</i>	
(RE)FORMACIÓNS DO GALEGO POPULAR: ADAPTACIÓNS, HIBRIDACIÓNS DA FALA (15)				
<i>paiao</i>	<i>peluqueiro</i>	<i>perxuicio</i>	<i>plaia</i>	<i>Puebla do Caramiñal</i>
<i>parexa</i>	<i>perreira²</i>	<i>pizarreira</i>	<i>primaveira</i>	<i>Puentearreas</i>
<i>partixa</i>	<i>perxudicar</i>	<i>placenteiro</i>	<i>pró</i>	<i>pulpeira</i>
(RE)FORMACIÓNS DO GALEGO MEDIÁTICO E LITERARIO: PSEUDOGALEGUISMOS (45)				
<i>pacente</i>	<i>permañecer</i>	<i>planexar</i>	<i>polvorento</i>	<i>probome</i>
<i>paradoxa</i>	<i>persoalidade</i>	<i>plantexamento</i>	<i>populación</i>	<i>proiección</i>
<i>paradójico</i>	<i>persoalismo</i>	<i>plantexar</i>	<i>por contra</i>	<i>próximo</i>
<i>pegatiña</i>	<i>persoarse</i>	<i>plebeio</i>	<i>portavións</i>	<i>proviniente</i>
<i>pegaxoso</i>	<i>persoaxe</i>	<i>plegue</i>	<i>posibre</i>	<i>provinte</i>
<i>peirado</i>	<i>pertecer</i>	<i>pleo</i>	<i>prantexar</i>	<i>provinza</i>
<i>penichaira</i>	<i>pesadela</i>	<i>Póboa do Caramiñal</i>	<i>pratino</i>	<i>pruma</i>
<i>perigrar</i>	<i>pesqueiría</i>	<i>Póboa do Brollón</i>	<i>pretencioso</i>	<i>publicación</i>
<i>perigro</i>	<i>picapreitos</i>	<i>Póboa de San Xulián</i>	<i>primeir</i>	<i>público</i>
FORMAS ORTOGRAFICAMENTE INCORRECTAS (21)				
(a) galegas			(b) estranxeiras	
<i>pabillón</i>	<i>pasado mañá</i>	<i>postguerra</i>	<i>pecata minuta</i>	<i>Perpinyá</i>
<i>País Vasco</i>	<i>Pekín</i>	<i>postproducción</i>	<i>perestroica</i>	<i>pic-nic</i>
<i>Pakistán</i>	<i>perene</i>	<i>povo</i>	<i>Perpignan</i>	<i>ping-pong</i>
<i>pakistaní</i>	<i>portanto</i>	<i>predición</i>		
<i>palavra</i>	<i>postgraduado</i>	<i>pronóstico</i>		
XENISMOS OU ESTRANXEIRISMOS (171)				
CASTELANISMOS (141)				
<i>pabellón</i>	<i>pasión</i>	<i>personarse</i>	<i>plata</i>	<i>prendería</i>
<i>pacotilla</i>	<i>patronato</i>	<i>pertenecer</i>	<i>plaza</i>	<i>presupuesto</i>
<i>pachá</i>	<i>patrullero</i>	<i>pertenencias</i>	<i>plazo</i>	<i>presupuestario</i>
<i>pagano</i>	<i>paulina</i>	<i>pértiga</i>	<i>pleamar</i>	<i>prevenido</i>
<i>pagaduría</i>	<i>peatón</i>	<i>pertrechos</i>	<i>plegar</i>	<i>prevenir</i>
<i>pagaré</i>	<i>peatonal</i>	<i>pervertir</i>	<i>pleistoceno</i>	<i>primer</i>
<i>pala</i>	<i>peca</i>	<i>pese a que</i>	<i>pleitear</i>	<i>priorato</i>
<i>palada</i>	<i>peine</i>	<i>pestaña</i>	<i>pleito</i>	<i>prisa</i>
<i>paladar</i>	<i>pelea</i>	<i>pestañar</i>	<i>pliegue</i>	<i>procesal</i>
<i>paleadora</i>	<i>pelear</i>	<i>petrolero</i>	<i>plumón</i>	<i>proel</i>
<i>palear</i>	<i>perigo</i>	<i>pez²</i>	<i>población</i>	<i>promedio</i>
<i>palillo</i>	<i>pelliza</i>	<i>Piamonte</i>	<i>policíaco</i>	<i>promocionar</i>
<i>palista</i>	<i>peluca</i>	<i>piamontés</i>	<i>polilla</i>	<i>pronombre</i>

<i>paliza</i>	<i>peluquería</i>	<i>picbón</i>	<i>polizón</i>	<i>prorratar</i>
<i>palometa</i>	<i>pelvis</i>	<i>piel</i>	<i>polvo</i>	<i>proveedor</i>
<i>pamplonica</i>	<i>pendiente</i>	<i>pilar</i>	<i>polvorín</i>	<i>puía</i>
<i>pandilla</i>	<i>penitenciaria</i>	<i>pimentón</i>	<i>ponencia</i>	<i>pucherazo</i>
<i>paquistanés</i>	<i>Peñón</i>	<i>pingüino</i>	<i>ponente</i>	<i>pueblo</i>
<i>palanca</i>	<i>pepino</i>	<i>pinzón</i>	<i>porche</i>	<i>puerro</i>
<i>palangana</i>	<i>pepita</i>	<i>piscis</i>	<i>por todas partes</i>	<i>pulgada</i>
<i>palanqueta</i>	<i>percance</i>	<i>pitillo</i>	<i>poseedor</i>	<i>pulgar</i>
<i>parduzco</i>	<i>pérdida</i>	<i>pitorro</i>	<i>poseer</i>	<i>Pulgarcito</i>
<i>paréntesis</i>	<i>perdonar</i>	<i>pizarra</i>	<i>postor</i>	<i>pulpa</i>
<i>pariente</i>	<i>perezoso</i>	<i>placer</i>	<i>postración</i>	<i>pulpería</i>
<i>parisino</i>	<i>pergamino</i>	<i>plaga</i>	<i>postrarse</i>	<i>pulpo</i>
<i>parloteo</i>	<i>perrera¹</i>	<i>plancha</i>	<i>predecir</i>	<i>puntiagudo</i>
<i>párrafo</i>	<i>persona</i>	<i>planeadora</i>	<i>preestreno</i>	<i>puntualizar</i>
<i>parrilla</i>	<i>personal</i>	<i>plantilla</i>	<i>prenda</i>	<i>puñetazo</i>
<i>pasillo</i>				
GALICISMOS (6)				
(a) sen adaptar (b)			semiadaptados	
<i>parquet</i>	<i>passee-partout</i>	<i>premier</i>	<i>peluche</i>	<i>pupitre</i>
<i>partenaire</i>	<i>plateau</i>	<i>première</i>	<i>popurri</i>	
ANGLICISMOS (14)				
(a) sen adaptar			(b) semiadaptados	
<i>parking</i>	<i>penalty</i>	<i>poney</i>	<i>pivot</i>	
<i>part time</i>	<i>play-back</i>	<i>pudding</i>	<i>póker</i>	
<i>party</i>	<i>play-boy</i>	<i>pull-over</i>	<i>pósters</i>	
<i>pedigree</i>	<i>play-off</i>			
LUSISMOS (11)				
(a) sen adaptar			(b) semiadaptados	
<i>paralisar</i>	<i>piquenique</i>	<i>procedimento</i>	<i>padería</i>	<i>profisión</i>
<i>pérola</i>	<i>ponta</i>	<i>proprio</i>	<i>presenza</i>	<i>profisional</i>
<i>pigmeu</i>	<i>ponto</i>			
LATINISMOS (2)				
<i>plácet</i>			<i>pódium</i>	
ITALIANISMOS (2)				
(a) <i>premura</i>			(b) <i>palafito</i>	
XERMANISMOS (1)				
<i>purín</i>				

FORMAS NORMATIVAS DO GALEGO (38)				
COMENTARIOS FORMAIS (19)				
(a) fonéticos	(b) morfolóxicos	(c) sintácticos	(d) léxicos	
<i>para</i>	<i>pago</i>	<i>paso</i>	<i>pílula</i>	
<i>por</i>	<i>paréntese</i>	<i>proxecto</i>	<i>planta</i>	
	<i>petición</i>		<i>pose</i>	
	<i>pez¹</i>		<i>pranchar</i>	
	<i>ponte</i>		<i>préstamo</i>	
	<i>pôr</i>			
	<i>preacordo</i>			
	<i>presidente</i>			
	<i>puxante</i>			
COMENTARIOS SEMÁNTICOS (14)				
<i>pai</i>	<i>pescado</i>	<i>póliza</i>	<i>precepto</i>	<i>pronto</i>
<i>pazo</i>	<i>planear</i>	<i>pompa</i>	<i>prestar</i>	<i>prosperar</i>
<i>perante</i>	<i>pobo</i>	<i>pousar</i>	<i>presuposto</i>	
COMENTARIOS PRAGMÁTICOS: ESTILÍSTICOS E DE USO (5)				
<i>Partido Laborista</i>		<i>pingüe</i>		<i>prisma</i>
<i>paternóster</i>		<i>prima</i>		<i>pulsar</i>

LÉXICO DIALECTAL E ESTANDARIZACIÓN

Xulio Sousa Fernández

Instituto da Lingua Galega. USC

Agradézzolles ós organizadores deste encontro o seu convite para participar neste foro de discusión sobre léxico e estandarización. Na miña contribución vou tratar de presentar algunhas reflexións sobre a forma en que as variedades xeográficas están representadas no estándar léxico. Para este fin, primeiro intentarei definir e situar as dúas variedades de lingua que vou tratar, dialectos e estándar; a continuación describirei sucintamente o modelo seguido para a constitución do estándar do galego, e por último ilustrarei de que xeito inflúen os dialectos galegos na constitución do estándar léxico.

1. OS DIALECTOS

Na lingüística moderna o termo dialecto utilízase para facer referencia de xeito xeral a calquera variedade da lingua compartida por unha comunidade de fala. Os dialectos son as verdadeiras actualizacións das variedades das linguas, polo que parece axeitado afirmar que cando se di que alguén fala alemán, galego ou chinés o que realmente sucede é que esa persoa utiliza unha determinada variedade dalgunha desas linguas: a das mulleres de máis de sesenta anos con educación universitaria de Hannover, a dos mozos da Mezquita con estudos primarios, ou a dos campesiños da provincia de Guangdong, no sur da China. Os dialectos son variedades continuas que se adoitan organizar ó seren estudiasdas utilizando esencialmente catro parámetros: o espacial, o sociocultural, o situacional e o estilístico ou expresivo. Cada unha destas dimensións dá lugar a diferenciacións que se entrecruzan e interrelacionan.

Para os lingüistas tódolos dialectos dunha lingua teñen o mesmo valor, cada variedade é unha forma de realización da lingua e como consecuencia ningún dialecto é polas súas características lingüísticas mellor nin peor ca ningún outro, nin merecente de maior atención ou estima. O resto das per-

soas que non son lingüistas adoitan categorizar os dialectos conforme a unhas xerarquías de prestixio que son reflexo de estruturas de poder social, económico e cultural. Desta categorización xorde a asociación entre un dialecto determinado e o estatus socioeconómico e cultural dos individuos. Estas asociacións atanguen fundamentalmente ás variacións no parámetro vertical, é dicir, ás diferencias de lingua vinculadas ou relacionadas con factores socioculturais: as variedades prestixiadas ou sentidas polos falantes como modélicas acostuman ser as faladas polas clases sociais que ocupan os lugares máis elevados da xerarquía socioeconómica. As particularidades fonéticas, morfolóxicas, sintácticas e léxicas ligadas ás variedades verticais sêrvenlles ós falantes para situar socialmente ós seus interlocutores (para conxecturar o seu nivel educativo, a súa formación cultural e mesmo para descubrir o seu estatus socioeconómico).

Nesta contribución voume ocupar tan só das variacións no eixo horizontal, das diferenciacións de lingua que están ligadas á dimensión espacial, que son aquelas que delatan a nosa procedencia, as que lles indican ós nosos interlocutores de ónde vimos. Aínda que como acabo de sinalar o termo dialecto se emprega na actualidade como sinónimo de variedade lingüística, na tradición romanística cando se fala de dialectos é para referirse de xeito específico ás variedades rexionais dunha lingua. Na actualidade o incremento dos vínculos entre as sociedades e a facilidade de comunicación das persoas fixeron que para calquera cidadán sexa moi doado decatarse da existencia de variedades lingüísticas rexionais. Para apreciar a diversidade lingüística nin sequera é preciso viaxar, pois os medios de comunicación audiovisuais fánnola patente a cotío.

Os falantes son capaces de decatarse de cómo a pronuncia, a entoación e os nomes das cousas lles serven para coñecer se os seus interlocutores pertencen ou non á súa comunidade de fala. Incluso se atreven a realizar xuízos sobre a calidade das distintas variedades rexionais: se o galego de Lugo é mellor có de Ourense, ou se o das rías é máis fino có do interior. Pero ademais os galegos están expostos, especialmente a través da televisión, da radio e do ensino, a unha variedade de lingua non coincidente plenamente con ningunha variedade rexional, e que conforme ós datos que proporcionan algúns estudos sociolingüísticos consideran aceptablemente boa, pero en certo grao distinta da que eles falan¹. Esta variedade é a que se denomina variedade estándar.

1 Máis da metade dos enquisados para a elaboración do Mapa Sociolingüístico de Galicia (51,3%) considera que o seu galego e o da TV son nalgunha medida diferentes, unha porcentaxe similar (48,7%) cre que son semellantes (Seminario de lexicografía 1996: 494-495); sobre a calidade da lingua, os informantes coidan que o galego da TV é algo mellor (3,42) có galego falado na súa zona (3,03) (idem, 496-497).

2. A VARIEDADE ESTÁNDAR

O estándar é outra variedade máis das linguas, pero unha variedade moi particular. Se as variedades ás que antes fixen referencia xorden de maneira natural en tódalas linguas (di R. Lafont que o dialectalismo é o estado natural das linguas), a que se denomina estándar xorde da incidencia consciente e sistemática da sociedade sobre a lingua, é dicir, é o resultado dunha intervención da sociedade sobre o feito lingüístico co obxectivo de establecer e regular unha variedade que sirva de modelo para tódolos usuarios e que funcione como vehículo de comunicación formal e normalizada gramatical, ortográfica e lexicamente. A tentación ou a necesidade de intervir sobre o curso natural das linguas para establecer unha variedade común coincide case sempre con períodos históricos en que se reconece con máis forza a conciencia de singularidade dunha comunidade. É dicir, son sempre factores sociais e históricos os que conducen ó inicio dun proceso de estandarización. A norma resultado deste proceso é vista polos seus promotores como un símbolo de unificación social e política, en tanto que crea ou consolida un sentimento comunitario de unidade.

A estandarización é un proceso complexo que ten unha compoñente de orde social e política (a difusión e implantación da variedade proposta) e outra de orde lingüística, máis técnica e que compete ós especialistas: gramáticos, lexicógrafos, etc. Os métodos de actuación na configuración dunha variedade que funcione como referente lingüístico son variados: unha das opcións é promocionar unha variedade xeográfica ou social existente na lingua (como foi o caso do francés e do italiano), outra é recuperar unha variedade histórica non falada na actualidade (como ocorreu para a constitución do hebreo moderno a partir do hebreo bíblico) e unha máis consiste en elaborar a partir dos dialectos falados unha variedade supradialectal que poida servir de identificación para tódolos falantes. Cada un destes modelos supón un distinto nivel de intervención sobre a lingua: o nivel é baixo cando se adopta e divulga unha variedade xa existente (por exemplo, o inglés londiniense), e o nivel de intervención é alto cando se parte dunha variedade non falada que se axeita para ser empregada como variedade moderna (é o caso do hebreo); entre os dous extremos sitúanse outros niveis intermedios para os que serven de exemplo o francés, que é unha forma modelada pola *Académie française* do dialecto parisiense, ou mesmo o galego moderno, que os académicos elaboraron fundamentalmente a partir das variedades dialectais faladas na actualidade.

Este último modelo, que algúns estudiosos denominan composicional (Bibili 1997), foi o que se seguiu na constitución do estándar galego actual. É un modelo de estandarización integrador, pois parte dunha idea pre-

via de comunidade lingüística e da vontade de integración de tódalas variedades xeográficas que a constitúen. O estándar resultante da aplicación deste modelo é en principio máis artificial, xa que non coincide con ningunha das variedades existentes, pero como contrapartida aspira a que os falantes de tódalas variedades lingüísticas se poidan sentir recoñecidos e implicados nel de xeito máis igualitario. Na introducción ás *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* faise expresa esta intención dun modelo de lingua normativa supradialectal e integrador:

O galego normativo ten que se-lo vehículo expresivo común e válido para todo o pobo galego, voz apta e dispoñible para as súas manifestacións tanto escritas coma orais, tanto artísticas coma utilitarias. Consecuentemente, o galego común non pode basearse nun único dialecto, senón que debe prestar atención preferentemente á extensión xeográfica e demográfica das formas para seleccionalas normativas. Ha de ser, pois, supradialectal e lograr que o maior número posible de falantes se identifiquen coas solucións acordadas (RAG/ILG 1995: 9).

A reclamación deste padrón de lingua supradialectal que poida ser asumido como propio por tódolos galegos non é nova, pois figura xa en moitos escritos reivindicativos do século XIX (Hermida 1992:195-203).

A pesar deste propósito declarado de que a lingua normativa teña un carácter supradialectal, na elaboración do estándar galego tamén se atenderon outros criterios, como a práctica na tradición escrita e a harmonía coas outras linguas romances, singularmente co portugués. Polo tanto, non resulta estraño que en ocasións se afirme que nas *Normas* se recoñece unha preferencia polas solucións occidentais, xustificada polo predominio literario e demográfico da Galicia occidental (Santamarina 1994). Con todo, esta apreciación é provisoria, xa que aínda non se dispón de estudos que analicen cuantitativamente o peso e o predominio no estándar das distintas variedades rexionais, e ademais parcial, dado que afecta unicamente ós aspectos morfolóxicos que se determinan nas *Normas*.

3. O LÉXICO E A VARIEDADE ESTÁNDAR

No desenvolvemento dun proceso de estandarización, despois de acordar a variedade de lingua que se vai converter en estándar, os lingüistas deben desenvolver o labor de codificación desa variedade, é dicir, teñen que establecer a súa ortografía, elaborar unha gramática de uso e emprender a redacción dun diccionario. Estes tres labores adoitan desenvolverse na secuencia cronolóxica en que acabo de citarlos, é dicir, a selección do vocabulario

sitúase despois do establecemento do código gráfico e da fixación da morfoloxía flexional (gramática fundamental). Ademais, esta escala cronolóxica marca tamén un baremo de tolerancia, isto é, son permitidas máis facilmente ou sentidas como menos graves polos usuarios as desviacións no léxico ca na gramática e as desta menos cás que afectan ó sistema gráfico. O desenvolvemento desta escala podémolo empregar como guía para seguir a historia da fixación da norma do galego moderno e tamén para constatar que as disputas e diverxencias son frecuentes cando se discute a forma gráfica, pero a penas se producen cando se trata de escoller, por exemplo, a forma común para lle chamar á folla do piñeiro, ¿debe ser *frouma*, *agulla*, *candea*, *rama*, *faísca*, *poma*...?

O modelo de estándar composicional que se seguiu na constitución do galego moderno ten como un dos principios fundamentais a integración dos dialectos para a elaboración da forma modélica da lingua. Pero dialecto e estándar son por definición conceptos encontrados: os dialectos significan diversidade (variación) e o estándar é a forma da lingua codificada para que varíe o menos posible e sexa maximamente útil; a uniformidade do estándar é a que xustifica a súa existencia e permite a súa funcionalidade. Polo tanto conciliar a diversidade coa necesaria uniformidade semella labor complexo e difícil. Con todo, o exemplo das *Normas* serve como evidencia de que esa conciliación é posible no que se refire á morfoloxía. Cómpre preguntarse se no plano do léxico estándar tamén se está a procurar esa integración dialectal.

Para dar unha reposta firme e concluínte a esta interrogante será preciso realizar unha análise do léxico estándar máis pomenorizada e ambiciosa cá que eu vou presentar aquí. Con todo, creo que os exemplos que vou expoñer ilustran algúns dos camiños que se están a seguir na selección e fixación do léxico estándar con respecto á integración das variedades dialectais. Anticipando as conclusións, creo é posible afirmar que os principios que rexen o labor dos especialistas en planificación léxica non son sempre coincidentes cos que gobernaron a redacción das *Normas*. É posible afirmar que a maioría das propostas léxicas realizadas teñen carácter supradialectal, en tanto que non se descubren especiais preferencias polas formas dunha área xeográfica específica, e ademais faise patente que é pretensión dos planificadores aproveitar e integrar a diversidade dialectal do galego.

4. UNIDADE E DIVERSIDADE NO LÉXICO

A continuación vou utilizar uns exemplos para mostrar de que xeito se integran e aproveitan os dialectos na constitución do galego estándar. Para determinar qué é o léxico estándar tiven en conta por unha parte o diccio-

nario da RAG e tamén o uso que das formas que empreguei como ilustración se fai nos textos escritos e nos medios audiovisuais. O labor de fixación do estándar léxico está moi diversificado. Aínda que existe unha institución académica encargada desta empresa, o traballo de confección de dicionarios tamén o desenvolven lexicógrafos independentes; ademais existen organismos públicos que contan con gabinetes de corrección nos que se realizan escollas e propostas léxicas que teñen certa transcendencia. A selección do dicionario da RAG como referente xustifícase por estar considerado como o vehículo de expansión do modelo léxico da variedade estándar. Os datos sobre as variedades xeográficas do galego están extraídos do material aínda sen publicar do *Atlas Lingüístico Galego*.

Na constitución do estándar léxico cómpre ter presente a distinción entre dous campos de actuación: o das variedades formais, no que os planificadores deben favorecer unha das formas posibles (*amencer* ó lado de *amaecer*, *amaeser*, *amaicer*, *ameiser*, *mencer*, *amancer*, etc.), e o das formas sinonímicas (palabras sinónimas con diferente implantación xeográfica) que é o que vou pasar a tratar.

Como punto de partida pódese observar cál é a situación dos dialectos galegos con respecto ó léxico. No galego, ó contrario do que ocorre noutras áreas lingüísticas, non se percibe coincidencia no trazado das isoglosas que delimitan as distintas variantes fonéticas, morfolóxicas e léxicas. Os fenómenos dialectais ocupan no territorio de fala galega áreas desiguais que moi poucas veces se solapan na súa totalidade. Se o resultado da representación cartográfica destes fenómenos semella coma se o galego fose un complicado e enmarañado sistema de falares (Fernández Rei 1990: 36), tamén evidencia e confirma a afirmación de varios dos estudiosos das variedades xeográficas galegas sobre a inexistencia de auténticos dialectos dentro do galego, dialectos como variedades singulares e caracterizadas por unha homoxeneidade interna (fonética, morfoloxía e léxica). Da comparación entre o mapa 1 (Cintra 1983) e o mapa 2 (Dubert e Sousa 2002) apréciase que as isoglosas que marcan a distribución das formas de denominación dos mesmos oito conceptos² constituítese no territorio portugués nun feixe que marca a separación entre o portugués noroccidental e o portugués meridional, mentres que no territorio galego non se dá unha converxencia similar no traxecto das isoglosas, e só cabe falar, provisionalmente, dunha maior homoxeneidade léxica do galego occidental.

2 Os conceptos estudados son os que corresponden ás voces *muxir* (1), *ubre* (2), *soro* (3), *machorra* (4), *año* (5), *cabrito* (6), *espiga* (7) e *queixo* (8). Os números entre parénteses identifican as isoglosas dos mapas 1 e 2.

O estudio máis exhaustivo sobre a diversidade lexical das variedades rexionais galegas foi realizado polo investigador portugués João Saramago (Saramago 2002). Este estudioso analizou a diferenciación lexical nos territorios galego e portugués a partir dos datos para 45 conceptos tirados do *Atlas Lingüístico da Península Ibérica* (para o portugués) e do *Atlas Lingüístico Galego* (para o galego). No momento de analizar os resultados que se observan na representación dos índices de distancia lexical (mapa 3³), o investigador portugués destaca en primeiro lugar que o número de preguntas analizado é limitado para poder extraer conclusións definitivas. Con todo, encontra algúns elementos que se poden interpretar como indicadores da diferenciación lexical que se verifica nas áreas estudadas. En primeiro lugar, destaca a maior concentración de interpuntos superiores á media no territorio portugués ca no galego, o que supón unha maior homoxeneidade lexical do territorio lingüístico galego, ou unha diferenciación lexical menos notable entre áreas xeográficas galegas. Ademais, observa a coincidencia entre a fronteira política que separa os dous territorios e a fronteira lexical. Por outra parte, para o dominio galego non percibe a existencia dunha área que destaque pola súa maior diferenciación lexical, ó non se descubriren isoglosas continuas que permitan enxergar algunha zona diferenciada. Non obstante, constata que a maioría dos interpuntos superiores á media (círculos negros) están concentrados nos bloques occidental e oriental. En conclusión, e aínda á espera de estudos de carácter máis concluínte, entre as variedades xeográficas do galego non se reconece ningunha que poida considerarse como lexicalmente máis marcada. Esta circunstancia favorece o labor dos estudiosos encargados do establecemento do léxico estándar, xa que resultará máis difícil que o conxunto das escollas se identifiquen con algunha das variedades rexionais.

O primeiro exemplo co que vou abordar para exemplificar o tratamento das variedades léxicas no estándar é o que ilustran os mapas 4 e 5. Nos dous casos trátase de denominacións que se dan cun reparto homoxéneo e que ocupan unha extensión moi similar. O mapa 4 dá conta do reparto das denominacións *pita* e *galiña*, no mapa 5 represéntase a distribución de *porco* e *cocho* (os triángulos indican os lugares en que se rexistrou tamén como resposta *marrao*). As cinco formas aparecen rexistradas no DRAG e son trata-

3 No estudio analízase o índice relativo de distancia ou disimilitude (IRD) entre os puntos do territorio estudado con respecto ás repostas ós 45 conceptos. No mapa 3 a distancia mínima de diferenca lexical represéntase co círculo branco máis pequeno e a distancia máxima co círculo negro máis grande, o resto dos símbolos (en total son seis) representan as distancias intermedias. Aínda que é un traballo introductorio serve para constatar cuantitativamente o que moitos estudiosos sinalaron intuitivamente.

das como sinónimas (*pita=galiña; porco=cocho=marrán*), sen embargo o uso demostra unha notoria preferencia por *galiña* e *porco*, que son as utilizadas a cotío nos medios de comunicación, nos vocabularios e na maioría dos textos de ensino.

O mapa 6 mostra o reparto das denominacións recollidas para a 'parte saínte do maxilar inferior'⁴. Neste caso no diccionario non se rexistra a variante *bico*, propia da área mindoniense, e as outras son tratadas como formas sinónimas (*queixo=queixelo=barba=barbadela=papo*). A forma con maior difusión territorial é tamén a escollida como forma máis común no uso. Posiblemente, a razón da preferencia non sexa só a maior extensión xeográfica que ocupa, senón tamén a de ser unha forma menos ambigua para o resto do dominio (as outras voces utilízanse tamén para denominar outras partes da cara: *bico* 'boca das aves e, por extensión, a das persoas e de certos animais', *papo* 'vulto que se forma debaixo do queixo', *barba* 'conxunto de pelos que nacen no queixo, queixadas e fazulas do home').

Os dous seguintes mapas (7 e 8) presentan dúas formas con escasa representación dialectal, *cogomelo* e *bocexar*, que sen embargo son as preferidas na variedade estándar. No mapa 7 represéntase o reparto das denominacións empregadas como nome común para distintas especies de fungos comestibles e venenosos. Dos dous conxuntos de formas máis extendidas o primeiro fórmano denominacións analíticas (*pan de cobra*, etc.) e o outro nomes metafóricos non específicos (*sombrilla, paraugas, capucha*, etc.). A que hoxe se emprega como voz común é unha forma marxinal e moi minoritaria que só se rexistra en dous lugares da provincia de Ourense e un en Zamora. No diccionario recóllese como forma simple única *cogomelo*, sen indicación de ningún sinónimo⁵. O mapa 8 representa un exemplo similar ó anterior. Para designar a acción de abrir a boca involuntariamente (por sono, aburrimiento, etc.) a forma máis común é a analítica composta por verbo e substantivo, *abrir a boca*, que está estendida por todo o territorio. A forma *bocexar* e as súas variantes (*boquear, boquexar*, etc.) rexístranse nunha área limitada marcada no mapa con triángulos. No diccionario aparece como forma preferente ó lado das variantes *boquear* e *boquexar*, que son presentadas como sinónimas, e tamén é a forma á que se remite como definición do sintagma *abri-la boca* (s.v. *abrir*). A preferencia por estas dúas denominacións con distribución restrinxida con seguridade ten que ver coa necesida-

⁴ Baixo *barba* e *queixo* represéntanse outras formas co mesmo radical: *queixelo, barbela, barbadela, barbante, barbarote* e *barbirote*.

⁵ Baixo a entrada de *pan* encóntranse os sintagmas *pan de cobra, pan de raposo, pan de sapo* como 'variedades de cogomelo'.

de de procurar formas simples e tamén coa similitude cos correspondentes cognados portugueses (*cogumelo* e *bocejar*).

Os tres últimos mapas serven para exemplificar como se pode constituír un sistema de termos complementario a partir de variantes con diferente reparto dialectal. No mapa 9 represéntase a distribución das formas recollidas para o concepto 'desprender olor', no mapa 10 as denominacións para 'desprender olor desagradable' e no mapa 11 as voces para 'desprender olor agradable'. Os tres pares de voces aparecen tratados como sinónimos no dicionario, aínda que pola forma en que se presentan e tamén polo que se constata no uso se observa unha certa preferencia polo sistema *feder/cheirar/recender*⁶ que, como se aprecia nos mapas, non coincide co de ningunha área xeográfica.

O último exemplo que expoño mostra un caso en que o número de formas para denominar un mesmo concepto é moi abundante. Trátase das denominacións para a 'folla do piñeiro'. Na táboa aparecen ordenadas pola frecuencia unha selección das formas recollidas nos puntos enquisados para o *ALGa*. En total rexistráronse 74 denominacións distintas, das que só 4 se utilizan en máis de 10 dos lugares enquisados (*rama*, *frouma* e *agulla*). No dicionario encóntranse para o mesmo concepto as voces *frouma*, *rama*, *arume* e *lesta*, que son tratadas como sinónimas. As dúas primeiras están entre as rexistradas no *ALGa* como máis frecuentes, pero as outras dúas figuran con frecuencias moito menores (5 rexistros de *arume* e 1 só de *lesta*).

5. REMATE

Poderíase botar man doutros moitos exemplos para ilustrar cómo a lingua estándar integra a variación léxica que se dá no galego dialectal. As mostras que acabo de ofrecer non deben entenderse como censuras ó traballo dos lexicógrafos e dos encargados da estandarización do léxico. Máis arriba advertín da dificultade que supón e suporá sempre conciliar a imprescindible uniformidade do estándar coa variedade que se dá nos dialectos. A miña pretensión foi máis ben mostrar que a dialectoloxía pode e debe desenvolver un papel de relevancia na codificación léxica da variedade estándar, porque é unha fonte especialmente relevante que nos facilita formas vivas que son sentidas como propias polos falantes e tamén porque nos

6 Nas observacións á voz *cheirar* indícase "Ás veces o significado de cheirar depende do adverbio (*ben* ou *mal*) do que vaia acompañado, pero cando non leva un adverbio, nalgúns partes de Galicia equivale a 'cheirar mal', 'feder'."

fornece información sobre a extensión xeográfica do seu uso. Os dialectos sempre se consideraron pezas fundamentais para o estudo da lingua, e tamén deben desenvolver un rol clave nos procesos de estandarización como fonte de enriquecemento do patrimonio lexical da lingua. Cando estean publicados os resultados das investigacións realizadas ó redor do *ALGa*, o galego contará cuns materiais moi valiosos que se deberán incorporar ós repertorios léxicos e que terán que ser tidos en conta á hora de facer novas propostas lexicográficas.


BIBLIOGRAFÍA

- Bibiloni, G. (1997): “Sobre l'estandar composicional”, en Institut d'Estudis Catalans: *Jornades de la Secció Filològica de l'Institut d'Estudis Catalans a Mallorca (18 i 19 d'octubre de 1996)*. Barcelona-Palma: Institut d'Estudis Catalans–Universitat de les Illes Balears, 33-38.
- Cintra, L. F. Lindley (1983): “Áreas lexicais no territorio português”, en L.F. Lindley Cintra: *Estudos de dialectologia portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa, 55-94.
- Dubert García, F. / X. Sousa Fernández (2002): “Areas lexicais galegas e portuguesas. A proposta de Cintra aplicada ó galego” en R. Álvarez, F. Dubert e X. Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 193-222.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Xerais: Vigo.
- Haas, W. (1982): “On the normative character of language”, en W. Haas (ed.): *Standard languages. Spoken and written*. Manchester: Manchester University Press, 1-36.
- Hermida, C. (1992): *Os precursores da normalización*. Vigo: Xerais.
- Hidalgo, M. (1998): “On the question of ‘standard’ versus ‘dialect’” en M. D. Linn (ed.): *Handbook of dialects and language variation*. San Diego: Academic Press.
- Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1995): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: RAG/ILG.
- Real Academia Galega (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*, dirixido por Constantino García e Manuel González González. A Coruña / Vigo: Xerais / Galaxia.
- Santamarina, A. (1994): “Norma e estándar” en G. Holtus, M. Metzeltin e Ch. Schmitt (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Vol VI, 2, 66-79.
- Saramago, J. (2002): “Diferenciação lexical interpuntuall nos territórios galego

e portugués (estudo dialectométrico aplicado a materiais portugueses do *ALPI* e a materiais galegos do *ALGa*)” en R. Álvarez, F. Dubert e X. Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 41-68.

Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia*. [A Coruña]: Real Academia Galega.


APÉNDICE DE MAPAS



Mapa 1. Cintra 1983



Mapa 2. Dubert e Sousa 2002




Mapa 3. Saramago 2002



Mapa 4



Mapa 5



Mapa 6



Mapa 7




Mapa 8



Mapa 9



Mapa 10



Mapa 11

Atlas Lingüístico Galego
Cuestión 1915: “Folla do piñeiro”

rama	35	picaño	2	paulo	1
frouma	20	gueldo	2	pica	1
agulla	10	gasto	2	pou	1
fronza	9	esquilmo	2	pudia	1
fáisca	8	foupa	2	raspa	1
folla	8	poxa	2	rella	1
poma	8	gullo	2	rela	1
pico	8	medra	2	tamo	1
penica	7	muña	2	baruma	1
candea	7	buísas	2	espía	1
isca	6	esquilomo	2	espita	1
pelo	5	povela	2	caruma	1
cisco	5	pomada	2	maravalla	1
arume	5	ramada	2	moame	1
pluma	4	bulleiro	1	palluso	1
fasco	4	arxe	1	picón	1
bullo	4	broza	1	piñuca	1
fasto	4	balba	1	puísca	1
horquilla	3	froula	1	pulazo	1
bruma	3	cana	1	resina	1
musgo	3	murquio	1	charamela	1
pilro	3			churuma	1
muña	3			garuma	1
moaña	2				

Táboa

FRASEOLOXÍA E ESTÁNDAR

María Álvarez de la Granja

Instituto da Lingua Galega. USC

No lexicón dunha lingua, a carón de unidades monoverbais (*casa, home, libro...*) encontramos un considerable número de expresións pluriverbais, gardadas como un todo na memoria (*libro de familia, mete-la zoca, ollo de boi, ás atoutiñadas...*). Malia a importancia cualitativa e cuantitativa deste tipo de unidades (termos compostos sintagmáticos e unidades fraseolóxicas), e malia o interese que despertaron nos últimos anos noutros campos da lingüística, o certo é que os traballos, prácticos e teóricos, sobre estandarización non lles prestan excesiva atención. No caso do galego, os planificadores do corpus, os encargados de elaborar un patrón léxico estándar, adoitan dedicar os seus esforzos ó establecemento dun repertorio de unidades monoverbais normativas, pero tenden a esquecer-las formas pluriverbais¹. Así, no *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLG)* só se lles dá entrada, en liñas xerais, a aquelas expresións pluriverbais –locucións adverbiais (*lav*), adxectivas (*la*), substantivas (*ls*), preposicionais (*lpp*) e conxuntivas (*lc*)– que conteñen palabras diacríticas ou elementos únicos (Zuluaga 1980: 102), isto é, termos que aparecen exclusivamente dentro de locucións, palabras inexistentes no discurso libre:

chou, ó *lav*
tocante a *lpp*
modus vivendi *ls*²

1 Xesús Ferro Ruibal (1992: 381) sinalaba no ano 1990 que “a aguda sensibilidade que temos ante o castelanismo léxico non ten eco no campo fraseolóxico. O galego estándar e boa parte da literatura galega actual non atenden abondo esta parte da lingua”. Coido que a afirmación segue sendo aplicable hoxe en día, aínda que se produciron innegables avances.

2 Na selección destas entradas séguense criterios etimolóxicos. Así, por exemplo, introdúcense locucións como *en balde* e *de balde*, malia que existe a entrada independente *balde*, porque a orixe dos substantivos das locucións difire da orixe desta última unidade monoverbal. Por outra

Esta precariedade ten unha importante repercusión nos traballos lexicográficos, que, como se sabe, adoitan apoiarse no *VOLG* á hora de levar a cabo a selección dos seus lemas. A falla dunha recolleita, sistemática e rigorosa, de expresións pluriverbais conduce á ausencia nas obras lexicográficas de moitas unidades do galego común ou de ampla extensión dialectal e, no sentido contrario, á inclusión de expresións de distribución diatópica reducida³. Por outra banda, a ausencia dunha peneira previa sobre as expresións empregadas polos falantes galegos leva a que o lexicógrafo (que non é, ou non ten que ser, un estandarizador) dea entrada a expresións altamente sospeitosas de seren interferencias do castelán.

Estes problemas pónense de manifesto, sobre todo, nos dicionarios de carácter xeral, que introducen as expresións pluriverbais como sublemas e para os que a fraseoloxía non adoita se-la información fundamental. Pola contra, os autores de dicionarios fraseolóxicos, como cabía agardar, adoitan levar a cabo unha selección máis coidada (en especial o *Diccionario fraseolóxico galego*, dirixido por Ramón Anxo Martínez Seixo⁴, e o máis recente *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas castelán-galego* de Xosé Antonio Pena⁵). Con todo, en ámbolos casos dáse entrada a expresións de limitada extensión xeográfica (como os mesmos autores sinalan) e tamén a algunhas expresións de procedencia cando menos dubidosa.

Así pois, sería recomendable que, coas técnicas e procedementos axeitados, se levase a cabo unha planificación do corpus pluriverbal semellante á realizada no corpus monoverbal que servise de referencia para os lexicógrafos e fraseógrafos e para todos aqueles que precisan coñecer e utilizar un modelo de lingua estándar. Nestas páxinas presento unha breve reflexión, esencialmente teórica (e feita desde a visión de quen traballa en fraseoloxía e non en estandarización) sobre algunhas das tarefas que debe afrontar quen pretenda levar a cabo a estandarización das unidades fraseolóxicas e sobre as peculiaridades destas expresións que se deben ter en conta á hora

banda, tamén se inclúen algunhas locucións que presentan unha forma flexionada dun adxectivo ou dun participio diferente da de masculino singular: *ás agachadas, en seguida, ás escuras...* Con todo, a selección destas formas non parece seguir un criterio rigoroso, pois faltan locucións como *de boas, polas boas, de malas, polas malas, ás claras...*

3 En principio, esta característica non ten por qué ser rexeitable, pero si se se revela como incoherente en relación cos criterios de introducción das unidades monoverbais dialectais no mesmo dicionario e se vai acompañada da ausencia de formas comúns a todo o galego.

4 Este dicionario só introduce expresións recollidas da oralidade polos membros do colectivo Manuel Leiras Pulpeiro. Ten 1263 entradas.

5 Esta obra, que contén un número de expresións galegas considerablemente superior ó anterior (cantidade que non se precisa), incorpora expresións tiradas sobre todo da oralidade e de repertorios e dicionarios.

de realizar tal tipo de traballo (ocupareime exclusivamente dos fraseoloxismos, aínda que algunhas das reflexións que se presentan son válidas tamén para os termos compostos sintagmáticos).

1. RECOLLEITA DE EXPRESIÓNS

En primeiro lugar, debe procederse á recolleita de formas pluriverbais a partir do baleirado de textos orais, textos escritos e repertorios de variado tipo⁶. Aínda que adoito se afirma que as unidades fraseolóxicas son especialmente características da lingua oral, da conversa, e que, en consecuencia, son máis numerosas en textos orais que en textos escritos, algúns estudos parecen demostrar que esta opinión é errónea, cando menos para o inglés (Moon 1998: 72) (os meus traballos de recolleita de locucións verbais galegas tamén desmenten esa visión tradicional). Unha cuestión distinta é o diferente proveito que o estandarizador poida tirar de textos orais e textos escritos (posto que é moi probable que moitas expresións galegas, de tradición oral, non aparecen nunca na escrita e que nos textos escritos, sobre todo xornalísticos, haxa unha porcentaxe maior de unidades fraseolóxicas de orixe castelá ca na lingua oral). Na medida do posible, e cos procedementos axeitados, debe procurarse caracteriza-las expresións de acordo coa súa extensión diatópica.

De por parte, non só deben recollese as expresións máis “rechamantes”, máis coloridas, normalmente de carácter figurado, senón todas aquelas que están almacenadas como un todo na memoria, algunhas das cales, pola súa alta frecuencia no discurso e pola ausencia ou perda de figuración, pasan ás veces desapercibidas (*de nada, ter en conta, con todo, sen embargo, levar a cabo, cando menos...*). Ademais, coído que nese repertorio non poden quedar fóra os enunciados fraseolóxicos, isto é, as fórmulas (*jbo proveito!*) e os refráns (*en terra de lobos, ouvear coma todos*). Trátase de expresións definibles lingüisticamente, instrumentos da técnica do discurso dos que botamos man os falantes á hora de construírmo-los textos e que, consecuentemente, no que se refire á planificación lingüística (aínda que atendendo sempre, por suposto, ás súas peculiaridades) merecen un tratamento similar ó dispensado a unidades monoverbais como *casa, comer* ou *avó* e, con máis motivo, a fórmulas monoverbais como *japur!* ou *jupa!*

6 No Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades estase levando a cabo unha recolleita deste tipo no proxecto dirixido polo profesor Xesús Ferro Ruibal.

Evidentemente, para levar a cabo unha recolleita sistemática e rigorosa é preciso que o planificador distinga perfectamente entre unidades fraseolóxicas e outras combinacións frecuentes⁷ (colocacións, clixés...), combinacións coas que ás veces se confunden (unha ollada ós dicionarios é abondo clarificadora a este respecto, *vid.* Álvarez de la Granja 1997).

2. A PENEIRA DO CORPUS NA PROCURA DE INTERFERENCIAS

Nun primeiro achegamento, rápido e pouco reflexivo, poderíase afirmar que a detección de interferencias no corpus conformado trala recolleita é especialmente doada. Dado que as unidades fraseolóxicas parecen estar constituídas maioritariamente por palabras galegas, por unidades monoverbais que funcionan fóra da expresión como unidades independentes, poderíase postular (esquecendo por un momento as palabras diacríticas) que “son unidades fraseolóxicas galegas da lingua estándar aquelas conformadas por palabras, por unidades monoverbais galegas estándares (e que estean inseridas, ademais, en estruturas gramaticais propias do galego estándar)”. Sen embargo, a realidade non é tan sinxela, e esencialmente por dous motivos:

(a) En primeiro lugar, o feito de que unha expresión estea constituída por palabras galegas non implica en absoluto que esa expresión sexa galega. Os exemplos que confirman esta afirmación son numerosos (cito algunhas unidades documentadas en textos galegos):

No seu defecto, insisto, os deputados socialistas optaron por *facen novelas*, unha práctica da que veñen abusando nos últimos meses (*O Correo Galego*, nº 1181, 10-5-1997, p. 2)⁸.

En canto a posibles pistas do criminal, *fiquei á lúa de Valencia* (B. Iglesias: *Miss Ourense*, p. 122).

Isabel Tocino acusou ós medios de comunicación de *mesturar ‘galgos e podengos’* ó tratar de frontala ó alcalde Vázquez (*O Correo Galego*, nº 993, 1-10-1996, p. 16).

7 Chamo combinación frecuente á combinación que é máis frecuente do esperado tendo en conta exclusivamente os niveis de frecuencia dos elementos illados ou, máis comunmente, dalgún dos elementos illados, ou á combinación que é máis frecuente ca calquera outra combinación teoricamente posible que expresase a mesma noción.

8 Aquí e no sucesivo, os destacados dos exemplos son meus.

As expresións destacadas nos exemplos precedentes son *calcos* do castelán, unidades fraseolóxicas do castelán traducidas ó galego literalmente, palabra por palabra. Establecendo un paralelismo coas interferencias que encontramos nas unidades monoverbais, poderíamos dicir que son expresións equiparables a palabras como *conexo*, *parexa* ou *axuntamento*: unidades castelás revestidas de aparencia galega. A detección destes fraseoloxismos interferentes non sempre é doada e para levala a cabo cómpre botar man de procedementos semellantes ós empregados nas unidades monoverbais (presencia no galego oral, recurso a textos antigos e a outras linguas, en especial ó portugués), pero ademais, no caso de traballarmos con expresións figuradas, cómpre dedicar especial atención á etimoloxía, ó significado literal, pois este pode servir de pista para o recoñecemento das interferencias⁹. Nótese, por exemplo, que o significado literal da expresión *facen novelas* ‘tourear xovencos’ non parece dar conta dun costume propio dos nenos de Galicia cando latan, cando faltan á clase, senón dunha tradición propia de zonas de Castela, Andalucía...¹⁰.

De acordo co exposto, e fronte ó que sinalaba ó comezo desta sección, o encargado da codificación léxica non pode limitarse a excluír do repertorio de expresións fraseolóxicas aquelas que conteñen algunha interferencia, dado que isto suporía aceptar para o estándar castelanismos revestidos de aparencia galega (e recollidos en textos galegos) como *facen novelas*, *ficar á lúa de Valencia* ou *mesturar galgos con podengos*. Pero existe ademais un segundo problema.

(b) Acabamos de ver cómo a presenza de palabras galegas nunha expresión non implica a súa consideración como unidade pluriverbal galega. Agora ben, e no sentido contrario, a presenza de formas castelás nunha expresión empregada en textos galegos tampouco implica *necesariamente* o seu carácter de interferencia rexeitable. Existen expresións galegas que conteñen unha interferencia do castelán no seu interior, un termo non admitido na lingua estándar pero propio da lingua coloquial. Trátase, como acabo de sinalar, de unidades fraseolóxicas *galegas* (fronte ás vistas no punto anterior) que foron conformadas sobre interferencias do castelán ou nas que se produciu, a posteriori, a substitución da forma galega pola castelá: *facen frente*, *estar de Dios*, *subir de tono*, *canta-las cuarenta*...

9 Repárese no paralelismo co recurso á gramática histórica, á etimoloxía, nas unidades monoverbais.

10 Para unha análise máis detallada *vid.* Álvarez de la Granja (no prelo).

Pro a Piolla, que é moi arriscada, *fixolle frente* e sacóu o corpo, toda mou-
ra e fuciñada como é, con pelos no bigote, poñéndose a berrar (E. Blanco-
Amor: *A esmorga*, p. 79).

Estaba de Dios que non me deitaría aquila noite (A. Fole: *Obra galega
completa*, p. 275).

A proba máis evidente da existencia de tal tipo de expresións, expresi-
óns *galegas* cunha interferencia no seu interior (e non calcos de expresións
castelás), encontrámola naquelas unidades que non teñen equivalente caste-
lán literal (e daquela, de orixe indiscutiblemente galega): *coma a calderilla*
(‘falso, traidor’)¹¹; *de rapar e peinar* (‘botado para diante, bravo, con moito
xenio [dise sobre todo das mulleres]’¹²); *dendes que vén o cuco, fóra o pul-
po; tirar co árbol* (‘urinar’)¹³, *polo San Martiño, trompos ó camiño...*

O planificador do corpus debe tomar unha decisión sobre o carácter de
expresións como as sinaladas desde o punto de vista da lingua estándar. Se
nalgúns casos a substitución da interferencia pola unidade monoverbal es-
tándar parece aceptable (*facer fronte, estar de Deus, subir de ton, tirar coa
árbore*) noutros casos resulta problemática ou mesmo claramente inviable
(**coma o miúdo, ?dendes que vén o cuco, fóra o polbo, ?polo San Martiño,
buxainas ó camiño*). Repárese en que estamos tratando con expresións al-
macenadas nunha determinada forma na memoria, unha forma en principio
difícil de alterar. A aceptabilidade da substitución parece estar relacionada
con factores como a proximidade formal entre a palabra galega e a castelá, o
alto grao de figuración da expresión¹⁴ e, por suposto, a inexistencia de re-
cursos mnemotécnicos como a medida e a rima (nótese que ó substituír *pul-
po* por *polbo* se perde a rima que *pulpo* mantiña con *cuco*). En calquera ca-
so, sexa cal sexa a decisión dos planificadores ó respecto de unidades como
as sinaladas (proceder á substitución, mante-la expresión coa interferencia
do castelán ou desbotala para o estándar), estamos ante unha nova eviden-
cia de que a peneira do repertorio de unidades fraseolóxicas, no que atinxe
ás interferencias, non se pode limitar á exclusión das expresións que conte-
ñen unha forma non estándar no seu interior.

11 Expresión e definición tirada de A. Requeixo (1994: 95).

12 Expresión tirada de M. Veiga Díaz (1996: 97). A definición adapteina a partir da súa explica-
ción.

13 Expresión e significado tirados de E. Montero (1981: 233).

14 Canto máis “viva” estea unha figura, canta maior vinculación se estableza no funcionamento da
expresión entre o significado literal e o figurado, máis posibilidades parece haber de substitui-
ción.

3. PROPOSTAS PARA SUBSTITUÍ-LAS INTERFERENCIAS

Á hora de que o planificador ou o encargado de elaborar un dicionario bilingüe castelán-galego presente propostas para substituír unidades fraseolóxicas castelás por formas galegas, debe terse en conta que a maior parte dos fraseoloxismos teñen carácter figurado, isto é, son expresións de dúas caras, unha cara literal e unha cara idiomática (figurada). Aínda que cando introducímolas expresións no dicionario informamos do significado idiomático do mesmo xeito que se definisemos termos non figurados (*mete-lo zoco* ‘equivocarse, facer ou dicir algo que non se debía’¹⁵, *ve-la luz* ‘nacer’), diferentes investigacións parecen demostrar que o significado figurado non é equiparable ó non figurado, isto é, que o significado de *mete-lo zoco* ou de *ve-la luz* non é do mesmo tipo có que atopamos en palabras non figuradas como *equivocarse* ou *nacer*. Trátase dun significado construído na nosa mente tendo sempre presente a semántica literal, de xeito que, aínda que sexa moi difícil, mesmo imposible, dar conta deste feito nunha definición convencional, os significados de expresións figuradas presentan unha riqueza semántica, unha pluralidade de matices e unha expresividade moi superior á de formas non figuradas. Esta circunstancia fai recomendable que a forma galega proposta para substituír unha interferencia do castelán figurada teña tamén esa mesma característica (non parece ser relevante a coincidencia na forma, isto é, no carácter pluri/monoverbal das expresións castelá e galega).

Sen embargo, o planificador ou o lexicógrafo pode encontrarse con algunhas dificultades. En primeiro lugar, pode suceder que non haxa unha forma galega de carácter figurado equiparable semanticamente á castelá. Neste caso non parece quedar máis solución que propoñer unha forma non figurada ou simplemente renunciar á procura dunha forma lexicalizada que substitúa unha interferencia que, en realidade, non fixo máis que crear unha necesidade expresiva previamente inexistente no galego¹⁶. Pero tamén pode ocorrer que non exista unha forma do *galego común* (vixente e convivindo coa forma castelá ou desprazada por esta) para substituí-la interferencia, pero si un conxunto de expresións, de distribución limitada (propias dunha zona dialectal, de determinado ámbito de traballo...) de semántica idiomática equiparable á da expresión castelá. Á hora de proceder

¹⁵ Definición tirada do *Diccionario da lingua galega*.

¹⁶ Nótese que en boa parte dos casos, tal e como indicarei a seguir, tratamos con significados abstractos, en moitas ocasións altamente especializados e cun elevado grao de diverxencia de lingua a lingua. Deste xeito, é frecuente que non nos atopemos ante necesidades expresivas “inescusables”.

á selección dunha ou varias unidades deste tipo debe terse en conta unha serie de consideracións:

A figuración, cando menos no caso das unidades fraseolóxicas, é un recurso que funciona esencialmente para permiti-la comprensión de realidades abstractas a partir de realidades concretas. Pensemos en expresións como *saír dun souto e meterse noutro* ('empeorar [nunha situación], seguir igualmente mal'), *vir ó rego* ('atender a razóns'), *de dentes para fóra* ('sen sinceridade') ou *eu nese peto nin saco nin meto* ('dise para expresar que non nos metemos ou non opinamos nun asunto'), por citar só uns poucos exemplos representativos¹⁷. Nótese que se lexicalizan significados abstractos (por exemplo, o empeoramento dunha situación) a través da súa comparación con realidades concretas (a entrada e saída nun souto). O certo é que os fraseoloxismos serven maioritariamente para caracterizar relacións e propiedades psicolóxicas dos seres humanos (amor, felicidade, ignorancia, esaxeración...) mediante a súa comparación con feitos concretos.

Dentro do concreto, adoitamos tomar como modelo aquilo que nos é máis próximo (a mellor mostra deste feito é a preponderancia de fixación en unidades fraseolóxicas dos substantivos designadores de partes do corpo humano: *perde-la cabeza*, *botar unha man*, *poñe-lo dedo na chaga*, *lava-la cara...*). Pero esta tendencia á proximidade implica tamén, e isto é o que aquí interesa, que sexan moi frecuentes expresións, só empregadas por falantes de determinadas zonas xeográficas, que encerran, na semántica literal, contidos de carácter local: *traballar para Aldán* ('traballar (ou facer algo) sen recibir en troco un beneficio'), *ir a Vigo para ver Cangas* ('non lograr facer o que pensaba, ir en balde') (expresións empregadas na zona da Ría de Vigo), *pescar area de Porto* ('non pescar nada') (locución usada en Ribadeo; Porto é un topónimo desta localidade)¹⁸...

Por esa mesma tendencia á comparación co que está máis preto de nós, é tamén moi rica a fraseoloxía que toma como modelo realidades concretas vinculadas con determinados ámbitos de traballo e que adoita ser coñecida e empregada só por persoas relacionadas con eses ámbitos. Pensemos, por exemplo, na enorme cantidade de expresións que se vinculan coas tarefas do mar: *ter moito que remar* ('quedar moito por aprender'), *enlea-lo palanque* ('armar unha lea, facer algo mal'), *botar maraxes* ('dicir parvadas, falar por falar'), *peixe de pouca sonada* ('algo ou algúen de pouco valor')¹⁹...

17 Expresións e definicións tiradas do *Dicionario fraseolóxico galego*.

18 Expresións e definicións tiradas do *Dicionario fraseolóxico galego*.

19 Expresións e definicións tiradas de *Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa* de Paco Rivas.

Na mesma liña, son tamén numerosas as unidades fraseolóxicas de vida efémera vinculadas con acontecementos, personaxes, programas de televisión... que durante un tempo están de plena actualidade, pero que logo son rapidamente esquecidos (e con eles, ó mesmo tempo ou se cadra un pouco máis tarde, as expresións correspondentes). Ferro Ruibal (1996: 66) menciona como expresións efémeras as combinacións *tranquilo coma Amancio* ou *máis mala que Ánxela*, que fan referencia respectivamente ó xogador de fútbol Amancio e á protagonista da serie Falcon Crest Ánxela Chaning.

A primeira vista, e ante a hipotética ausencia dunha expresión do galego común equiparable semanticamente a un tamén hipotético castelanismo figurado de significado, por exemplo, ‘armar unha lea, facer algo mal’, non habería ningún problema en propoñer a expresión *enlea-lo palangre* para substituí-la interferencia. Trátase de buscar unha unidade fraseolóxica figurada que posúa ese valor semántico, e non parece ter especial relevancia o significado literal a través do cal se vehicula o dito contido. Sen embargo, a realidade non é tan sinxela.

As investigacións levadas a cabo sobre o funcionamento das unidades fraseolóxicas parecen demostrar que a comprensión da *motivación* dunha expresión figurada, isto é, a comprensión por parte dos falantes dunha lingua da relación entre o seu significado literal e figurado é un factor fundamental para que esa expresión triunfe, para que esa expresión se espalle e perdure²⁰. Así, por exemplo, Carneado Moré (1986: 43) sinala que “desaparecen los fraseologismos que han perdido su contenido etimológico, su forma interna” e Charaudeau (1973: 14) afirma que “bien souvent l'impossibilité de motiver une expression concourt à la disparition de celle-ci”. Trátase, por suposto, dunha tendencia, pois ningún pode negar, nin nega, que existan expresións realmente opacas (*¡manda truco!*). Trazos como a frecuencia e a familiaridade das expresións cando aínda se percibe a motivación inflúen indubidablemente na súa permanencia ou desaparición cando a motivación deixa de existir. As características fónicas (rima, repeticións...) poden xogar igualmente un papel importante e por suposto, tamén o azar: “Ce n'est évi-

20 Unha proba da necesidade de percibi-lo vínculo entre o significado literal e o figurado é a tendencia a buscar novas motivacións (remotivacións ou falsas etimoloxías) cando a orixinaria, por calquera circunstancia, xa non se percibe. Así, por exemplo, ó solicitar a un falante que me explicase a motivación da expresión *meterse en camisas de once varas*, respondeu que sempre imaxinara a unha persoa metida dentro dunha selva de canas (de varas), como as da casa da súa avoa (etimoloxicamente *vara* designaba nesta unidade fraseolóxica unha medida de lonxitude xa non empregada nos nosos días). As remotivacións conducen ás veces a variacións formais: dúas informantes empregaban o verbo *varear* no canto de *marear*, descoñecido para elas, na expresión *conece-la agulla de marear*.

demment que par hasard que des locutions démotivées ont vécu pendant des siècles et sont employées aujourd'hui quotidiennement [...] alors que d'autres, claires et expressives, n'ont pas vécu" (Rey 1971: 836).

De calquera xeito, se o planificador se ve na obriga de escoller unha forma de distribución restrinxida para substituír unha interferencia, parece evidente que terá máis posibilidades de éxito se selecciona unha expresión transparente, o que implica evitar unidades fraseolóxicas que encerran motivacións (vinculacións entre significado literal e figurado) só comprensibles por membros dunha determinada zona xeográfica (*pescar area de Porto*), dun determinado campo de traballo (*enlea-lo palangre*) ou dunha determinada franxa de idade (*tranquilo coma Amancio*).

4. AS VARIANTES

Como sinala Antón Santamarina (1995: 84), o planificador non só debe "recoller, o máis exhaustivamente posible, o léxico patrimonial galego, popular e literario", senón que tamén debe "proceder a unha selección de variantes no caso daqueles conceptos que teñen denominacións múltiples". Trátase normalmente de variantes con distribución diatópica e que en boa parte dos casos son resultado de evolucións fonéticas diverxentes a partir dun mesmo étimo (ou ben de étimos emparentados): *fento / feito, ameneiro / amieiro, bido / bidueiro*... ¿Que sucede nas unidades fraseolóxicas? A complexidade destas expresións, derivada da súa pluriverbalidade e do carácter figurado de boa parte delas, implica de súa vez a complexidade do concepto "variante", en comparanza coa situación que atopamos nas unidades monoverbais. Debemos distinguir dous tipos de variantes:

(a) Por unha banda, existen variantes que se opoñen pola presenza de palabras que mostran a mesma oposición individualmente. Así, se *amieiro* se diferencia de *ameneiro* por pertenceren a distintas zonas xeográficas, *cabeza de amieiro* ('persoa ignorante') oponse a *cabeza de ameneiro* polo mesmo motivo, e a escolla da forma estándar debe seguir idénticos criterios ós que funcionan nas unidades monoverbais. Se *amieiro* se selecciona como a forma básica (cando menos así parece facelo o *Diccionario da Real Academia Galega*, aínda que non o *VOLG*), resulta evidente que *cabeza de amieiro* debe te-la mesma consideración.

(b) En segundo lugar existen parellas, tríos... de expresións que tamén se asemellan e se opoñen formalmente, pero que non mostran esa mesma oposición a través dos seus compoñentes considerados individualmente. Pénse-se, por exemplo, nun trío de expresións do tipo de *bota-la lingua a pacer / bota-la lingua ó sol / bota-la lingua ó orballo* 'conta-lo que se debe calar, fa-

lar de máis²¹. Nótese que os elementos diverxentes, *pacer / sol / orballo*, tomados independentemente, non son variantes, fronte ó que ocorría cos compoñentes *amieiro / ameneiro* de *cabeza de amieiro / cabeza de ameneiro*.

Compárese o trío de expresións (*bota-la lingua a pacer / bota-la lingua ó sol / bota-la lingua ó orballo*) con, por exemplo, *non facer branca / non dar pancada* ('non facer nada, non traballar'). Tanto os compoñentes do trío como os da parella posúen un mesmo significado idiomático, figurado, pero existe unha diferenza entre ámbolos casos. As expresións *bota-la lingua a pacer / bota-la lingua ó sol / bota-la lingua ó orballo* están próximas no seu significado literal, e precisamente esta última característica lévanos a ver nelas algo máis, ou algo distinto, á simple sinonimia, á simple coincidencia de significados. Pola contra, aínda que *non facer branca / non dar pancada* comparten o mesmo significado figurado, o afastamento existente entre os seus significados literais nos fai consideralas simplemente como expresións sinónimas. Cada unha das expresións do trío arriba presentado é interpretada como realización, como *variante* de algo común. Ese algo común é unha figura subxacente semellante (a idea de saca-la lingua fóra do lugar no que se encontra "gardada"), semellanza que se reflicte, como sinalaba anteriormente, na proximidade dos significados literais. En realidade, e como se pode deducir do exposto, o requisito para podermos falar de variantes non é a proximidade formal senón a proximidade semántica (dos significados literais), aínda que normalmente esta última vai acompañada da primeira²². Outros exemplos de variantes fraseolóxicas sinonímicas témolos en *mete-lo zoco / mete-la zoca / mete-la pata; non ir por aí a auga ó río / non ir por aí a auga ó rego; ir cos da feira e volver cos do mercado / ir cos da feira e volver cos da festa; non cabe-lo corazón no peito / saí-lo corazón do peito; patadas de burro non chegan ó ceo / orneadas de burro non chegan ó ceo...*

O planificador debe ser consciente da existencia destas variantes, que non parecen ter correlato nas unidades monoverbais, e debe adoptar un criterio á hora de levar a cabo a selección para o estándar. As distintas variantes poden convivir na mente dos falantes ou poden ter diferente distribución dialectal, ou, se cadra, idiolectal. No caso de que convivan unha variante estendida por toda Galicia e unha ou máis variantes propias só de determinadas zonas xeográficas, parece evidente que cómpre selecciona-la forma común a todo o territorio. Se non existe unha variante común, en principio deben seguirse os mesmos criterios que regulan a escolla nas unidades mo-

21 Definición tirada do *Dicionario fraseolóxico galego*.

22 Pero non sempre. *Baixa-lo lombo* e *dobra-las costas* son variantes e non comparten ningún compoñente léxico.

noverbais (preponderancia demográfica, tradición literaria...), aínda que sería recomendable atender ás consideracións formuladas anteriormente relativas á motivación.

Se non existe distribución diatópica ou idiolectal, isto é, se as diferentes expresións poden aparecer en boca dun mesmo falante (ás veces con diferente distribución diafásica), parece necesario seleccionar para o estándar o conxunto de variantes (*meter o {nariz / fociño}; {sacar / quitar / apartar} do medio; {baixar / agachar / dobrar} o {lombo / as costas}; {partir / romper / esgazar} o corazón*). Nestes casos é probable que exista unha forma básica almacenada na memoria e que as restantes formas resulten de reelaboracións da imaxe subxacente a esa forma básica, pero, dado que é moi difícil descubrir cál é esta, e mesmo pode variar de falante a falante, parece necesario dar conta de toda a posible gama de variantes (ou, cando menos, das máis frecuentes).

5. CABO

Afirmase con moita frecuencia que as unidades fraseolóxicas encerran o máis idiosincrásico das linguas, o máis enxebre e diferencial do auténtico ser das culturas que vehiculan, aínda que non sempre se dan razóns que apoién esta afirmación. ¿É isto un simple tópico sen xustificación? Coido que realmente existen motivos para soste-lo tal opinión:

Por unha banda, os refráns son unidades fraseolóxicas portadoras de “verdades” atemporais transmitidas e sustentadas polas diferentes culturas, verdades de maior ou menor transcendencia (*en terra de lobos, ouvear coma todos; costureira sen dedal cose pouco e cose mal*), verdades para ben e tamén para mal (*a muller, a escopeta e o cabalo, non prestalo*). A análise dos refráns dunha lingua mostra cáles son esas “verdades” transmitidas a través dos pobos e a análise das diverxencias entre as diferentes linguas serve para pór de relevo a idiosincrasia de cada cultura.

En segundo lugar, as fórmulas, e algúns refráns, presentan fixación situacional. Trátase de expresións que se enuncian en situacións que as diferentes culturas, polos motivos que sexan, consideran especialmente relevantes, merecentes dunha marca distintiva (a propia fórmula ou refrán). No galego existe unha fórmula que se debe enunciar cando encontramos a alguén comendo (*¡bo proveito!*) ou cando vemos a alguén pola mañá e por primeira vez no día (*¡bos días!*). Non ten por qué haber unha compoñente de “obligatoriedade” (canto ó mantemento das regras de harmonía social). Tamén existen fórmulas que se enuncian cando se produce un silencio nunha conversa (*pasou un anxo*), cando alguén esaxera (*a lúa está no couce*), cando alguén

acerta por casualidade (*o meu can pillou unha mosca*)... O coñecemento das situacións que dalgún modo a sociedade “tipifica” a través da súa asociación cun enunciado determinado (fórmula ou refrán) serve para pór de relevo as particularidades desa sociedade, sobre todo se establecémo-la súa comparación coas situacións tipificadas noutras linguas e noutras culturas.

En terceiro lugar, debe terse en conta que as locucións (unidades pluri-verbais sen carácter de enunciado que funcionan como verbos, substantivos, adxectivos...) son portadoras, en boa parte dos casos, de contidos especialmente ricos, cheos de matices, sorprendentes moitas veces pola súa alta especialización semántica (*matar cun tiro dúas lebres* ‘arranxar ó mesmo tempo dous problemas’; *lembrarse de Santa Bárbara cando arrola o trono* ‘lembrarse de lle procurar solución ao mal cando este acontece, cando xa é tarde’²³). De seguro que a maior parte, se non tódalas linguas, posúen un verbo que significa ‘arranxar’ e outro que significa ‘lembrarse’, pero serán moitas menos as que posúan expresións lexicalizadas equivalentes semanticamente ás dúas locucións que acabo de presentar. Sen afirmar, por suposto, que non existan diverxencias, e moitas, entre os contidos lexicalizados nas diferentes linguas a través de unidades monoverbais, o certo é que moi probablemente (e pregúnteselles se non ós tradutores), as diferencias son maiores nos contidos lexicalizados a través de unidades pluriverbais, pola mesma especialización semántica que caracteriza unha boa parte delas. En consecuencia, a análise dos significados vehiculados a través de locucións e a comparación entre as distintas linguas poden ser especialmente productivas se o que queremos é coñecer-las peculiaridades das linguas e, xa que logo, das culturas por elas transmitidas.

Finalmente, non podemos esquecer que, como indiquei en máis dunha ocasión, unha boa parte das unidades fraseolóxicas ten carácter figurado. Neste caso, non só resulta de interese estudar-las contidos lexicalizados, isto é, os contidos figurados, normalmente abstractos, senón tamén os contidos, adoito concretos, que serven para levar a cabo esa lexicalización. Así, por exemplo, o emprego da comparación cun *can* para ponderar-la fealdade (*feo coma un can*) ou a delgadeza (*delgado coma un can*) pode ser especialmente revelador da concepción que os galegos temos deste animal, unha concepción de seguro non compartida por tódalas linguas e culturas²⁴.

Así pois, a fraseoloxía dunha lingua en proceso de elaboración, pola súa riqueza cuantitativa e, como acabamos de ver, *cualitativa*, é un ben que merece e necesita especial atención. Cada vez son máis numerosos os calcos do

23 Expresións e definicións tiradas do *Dicionario fraseolóxico galego*.

24 *Vid.* Ferro Ruibal (1996), en especial o capítulo I “A lingua. Espello do pobo”.

castelán que substitúen expresións galegas e é tempo de que se leve a cabo un proceso de planificación que atenda ás súas peculiaridades e que axude a manter e enriquece-lo noso tesouro fraseolóxico.

BIBLIOGRAFÍA

1. Fontes primarias

- Blanco-Amor, E. (1970): *A esmorga*. Vigo: Galaxia (1ª ed. Buenos Aires: Citania, 1959).
- Fole, A. (1997): *Obra galega completa*. Vigo: Galaxia.
- García, C. / M. González González (dirs.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Xerais / Galaxia.
- Iglesias, B. (1994): *Miss Ourense*. Vigo: Galaxia.
- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega [1989]: *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. Santiago.
- Martínez Seixo, R. A. (dir.) (2000): *Diccionario fraseolóxico galego*. Vigo: A Nosa Terra.
- Montero, E. (1981): *El eufemismo en Galicia. (Su comparación con otras áreas romances)*. Anexo 17 de *Verba*. Santiago: Universidade.
- Pena, X. A. (2001): *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas castelán-galego*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Requeixo, A. (1994): “Sobre fraseoloxía galega: algunhas mostras da área mindoniense”, *Cadernos de lingua* 9, 89-110.
- Rivas, P. (2000): *Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa (Cadernos de Fraseoloxía Galega 1)*. Santiago: Xunta de Galicia.
- Veiga Díaz, M. (1996): “Pequena contribución á fraseoloxía galega”, *Cadernos de lingua* 14, 85-100.
- Xove Ferreiro, X. (coord.) (1995): *Diccionario da lingua galega*. Vigo: Obradoiro.

2. Fontes secundarias

- Álvarez de la Granja, M. (1997): “As expresións fixas nos dicionarios galegos”, *Cadernos de lingua* 15, 71-95.
- Álvarez de la Granja, M. (no prelo): “As interferencias na fraseoloxía”, en *Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo*. Vigo: Universidade.

- Carneado Moré, Z. (1986): “Consideraciones sobre fraseografía”, en Z. Carneado Moré / A. M. Tristá: *Estudios de fraseología*. La Habana: Academia, 39-46.
- Charaudeau, P. (1973): “Procédure d’analyse lexico-sémantique sur un corpus donné: ‘oeil’ (D)”, *Cahiers de lexicologie* 23, 3-34.
- Ferro Ruibal, X. (1992): “A planificación do corpus no galego”, en *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*. [Santiago]: Xunta de Galicia, 375-382.
- Ferro Ruibal, X. (1996): *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Moon, R. (1998): *Fixed expressions and idioms in English. A corpus-based approach*. Oxford: Clarendon Press.
- Rey, A. (1971): “Structure sémantique des locutions françaises”, en M. Boudreault / F. Möhren (eds.): *Actes du XIII^e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*. Vol. 1. Québec: Les Presses de l’Université Laval, 831-841.
- Santamarina, A. (1995): “Norma e estándar”, en H. Monteagudo (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 53-98.
- Zuluaga, A. (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankfurt: P. D. Lang.

A ESTANDARIZACIÓN DO LÉXICO EN GALICIA: PERSPECTIVA HISTÓRICA

Ernesto Xosé González Seoane

Instituto da Lingua Galega. USC

Nos procesos de emerxencia das variedades estándar a codificación gramatical –nomeadamente a morfolóxica–, e máis aínda a codificación gráfica, son seguramente aspectos privilexiados, na medida en que reciben máis atención por parte dos planificadores e en que, ó propio tempo, espertan máis interese entre o público en xeral, que é –non o esquezamos– o destinatario último do proceso. Pola contra, as discusións sobre o estándar léxico adoitan permanecer nun segundo plano e, en todo caso, raramente suscitan o apaixonamento que rodea outros debates como o ortográfico. Cando menos, isto é así nas fases iniciais do proceso. Non é casual, neste sentido, que case sempre as propostas de grafización precedan no tempo ás propostas de codificación gramatical, e estas, por súa vez, ás de codificación léxica. As razóns non son difíciles de imaxinar: en primeiro lugar, a prescrición adoita ser moito máis estricta, por esta orde, nos planos gráfico e morfolóxico, onde calquera desviación é inmediatamente sancionada, e moito máis laxa no terreo do léxico, onde reina unha maior permisividade; por outra banda, o léxico dunha lingua preséntase como un inventario aberto, dinámico, exposto ás innovacións e á creatividade en moita maior medida cós sistemas fonolóxicos ou cós paradigmas morfolóxicos; precisamente por este carácter aberto, o traballo de ‘carrexo de materiais’ resulta moito máis laborioso e dilatado no tempo; e finalmente, a codificación léxica carece da relevancia simbólica que, alén da súa pura función instrumental¹, asume adoito a grafización, mesmo a pesar de ser este probablemente o aspecto menos ‘lingüístico’, máis convencional da planificación do corpus².

1 De feito, non poucas linguas manteñen sistemas gráficos anticuados, pouco económicos e de complexa adquisición. Joseph (1987: 66) xustifica o caso do inglés “because of graphicentric beliefs in the superior authority of the written language, as well as in a desire for cultural continuity that makes the increased effort worth the price”.

2 Non obstante, non debe ignorarse que a adopción de determinadas convencións gráficas pode inducir cambios fonéticos ou morfolóxicos (*cf.* Joseph 1987: 65-68).

O caso galego resulta, a este respecto, escasamente orixinal. En efecto, un breve repaso dos textos metalingüísticos producidos a partir de mediados do século XIX revela de maneira inequívoca que a codificación gráfica foi percibida como o problema fundamental da constitución do estándar, ó punto de que en moitos momentos grafización e codificación chegan mesmo a confundirse en virtude dun proceso sinecdóquico. Máis aínda, durante unha boa parte deste século e medio, o debate neste terreo concentrouse nun curto repertorio de problemas moi concretos, aínda que revestidos dunha forte carga simbólica (sinaladamente, a representación da prepalatal fricativa xorda e de certos procesos fonotáticos, a distinción gráfica das vocais medias e pouco máis). Neste sentido, non deixa de ser significativo que, ata datas ben recentes, as propostas explícitas de codificación do galego a penas conteñen máis ca unhas sucintas, e incompletas, normas ortográficas ou, no mellor dos casos, unhas poucas indicacións morfolóxicas relativas á flexión nominal e verbal ou ó tratamento de certos afixos derivativos³.

Sexa como for, da falta de propostas articuladas e completas para a codificación léxica non debe inferirse que ó longo deste período non existise ningunha reflexión verbo dos criterios en que se debía alicerzar o léxico da variedade estándar. Máis ben ó contrario, é xa nos momentos aurorais do rexurdimento do galego como lingua escrita, aló contra mediados do século XIX, cando comezan a deixarse sentir as primeiras mostras desta inqedanza. Será sobre todo a partir da década de 1880 cando, coincidindo co verdadeiro despegue da Renascencia na súa dimensión literaria, ese asunto pase a ocupar un plano máis destacado.

De entón acá véñense repetindo insistentemente os debates, e reiterándose tamén os argumentos, acerca dos criterios en que se ha de basear a construción da variedade estándar. En calquera caso, por máis que os obxectos de discusión non variaran substancialmente, advírtese unha certa evolución que discorre en paralelo ás mudanzas nos obxectivos do proceso de normalización social. Así, cando o proceso de recuperación do galego se limita ó ámbito da creación literaria, as preocupacións céntranse na necesidade de conformar unha variedade estándar coa dignidade estética esixible a unha lingua que aspira a ser o vehículo de expresión dunha literatura culta. Pola contra, cando, máis modernamente, os obxectivos da normalización so-

³ De feito, a primeira proposta normativa minimamente completa son as *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego*, de 1978. As tentativas anteriores, desde as rudimentarias “Instrucciones para la redacción de las papeletas del Diccionario” (RAG 1907) ata as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (RAG 1971), pasando polas normas do Seminario (SEG 1933, 1936), resultan excesivamente elementais e incompletas. O mesmo se podería dicir das *Normas ortográficas do idioma galego* elaboradas pola Comisión de Lingüística da Xunta de Galicia en 1980.

cial se fan máis ambiciosos e se persegue ocupar todo o espectro de funcións que demanda unha comunidade lingüística moderna, o acento trasládase á actualización terminolóxica.

Este traballo pretende identificar, sistematizar e analizar as opinións vertidas entre mediados do século XIX e os primeiros anos da década de 1980 acerca de catro aspectos problemáticos que consideramos os principais motivos de discusión. Aínda que en sentido estricto ningún deles afecta en exclusiva ó compoñente léxico, si coidamos que teñen unha especial incidencia sobre el. En primeiro lugar trataremos de presentar as valoracións do galego popular e as consideracións sobre a súa idoneidade como base do galego culto. Logo analizaremos as opinións sobre a influencia do español no galego e sobre as reaccións de tipo purista que xa desde un principio se desatan para tentar contrarrestala. En terceiro lugar presentaremos algunhas consideracións sobre a vinculación de galego e portugués e sobre as implicacións desta vinculación na construción do estándar. Finalmente trataremos o aproveitamento do galego antigo para a construción do estándar moderno.

1. “FLORES HAY NO XARDÍN, BERZAS NA HORTA”: GALEGO CULTO E GALEGO POPULAR

Con esta contundente sentenza Evaristo Martelo Paumán trazaba en 1885 as estremas entre o galego popular, o galego de labradores e xornaleiros, de arrieiros e mozas de cántaro, e o galego culto e requintado dos *bos* escritores. Por máis que a condición aristocrática de Martelo influíu seguramente nesta consideración pexorativa do galego popular, o certo é que a súa non pode considerarse de ningún xeito unha voz illada no século XIX galego. Máis ben ó contrario, podería considerarse a formulación dun pensamento, se non xeneralizado, cando menos si moi estendido no seu tempo.

De maneira xeral, podemos dicir que a posibilidade de tomar o galego popular como base para a construción da variedade culta non gozou precisamente das simpatías da maior parte da intelectualidade do país. Hai xa algúns anos, nun traballo sobre as concepcións do galego estándar nos gramáticos do XIX (González Seoane 1994), establecíamos unha distinción entre unha orientación popularista, representada por Saco, e outra de inspiración cultista, defendida por autores como Marcial Valladares e Manuel R. Rodríguez. Para o primeiro, a variedade culta (enténdase ‘literaria’) debía enterrar as súas raíces na lingua oral e popular. Consecuentemente coa súa concepción, Saco non tiña inconveniente ningún en propoñer a fala rústica e aldeá, que algúns tanto deostaban, como base sobre a que alicerzar o patrón lin-

güístico do galego. Se o facía así era porque consideraba que era precisamente nestes ámbitos onde o galego se mantivera a resguardo da penetración do castelán, a diferenza do que acontecera nas cidades, onde segundo a súa apreciación, se falaba o que el definía como “una abigarrada mezcla de gallego y castellano” (Saco 1868: X). A este respecto Saco era tallante:

Una lengua que apenas puede llamarse escrita, no puede tenerse por pura, sino tal como la hablan las únicas personas que no se han dejado aun contagiarse del castellano, esto es, los rústicos (1868: VIII).

Saco prevía, e non lle faltaba razón, que a súa proposta non ía ser acollida precisamente con entusiasmo nos círculos ilustrados do país, desde onde supoñía que o acusarían de consagrar como norma o vulgarismo e a incorrección. Así, esfórzase por rebater por anticipado estes argumentos apelando á necesidade de que o gramático se aproxime á realidade lingüística deixando a un lado os seus prexuízos. Neste sentido, salienta que moitas das solucións tradicionalmente conceptuadas como vulgares son produto da propia dinámica interna do sistema:

El exámen atento y comparativo de esas alteraciones, al parecer opuestas á la corrección gramatical, me ha hecho conocer que tienen su fundamento en la naturaleza e índole particular de la lengua misma (1868: VIII).

O recurso ó galego popular viría ademais avalado pola falta dun escritor de calidade excepcional capaz de erixirse en modelo para o resto dos seus colegas e para os falantes en xeral. Neste sentido, nun artigo significativamente titulado “Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes” (Saco 1876: 3-4), afirmaba:

No ha surgido aún, es verdad, en nuestros horizontes, uno de esos astros de primer orden, uno de esos brillantes poetas que en impereceros monumentos, como el de Camoens [...] ó el de Mistral [...], fijan é inmortalizan su idioma⁴.

Así pois, diante da falta de autores clásicos capaces de erixirse en modelos lingüísticos e da corrupción do galego urbano, a lingua oral campesiña

4. Xa na *Gramática* Saco xustificaba a ausencia de exemplos tirados de textos literarios aludindo á falta de autores “clásicos”: “sus autores son demasiado modernos para tener autoridad de clásicos” (1868: IX n.). Só Sarmiento podería gozar desa consideración, mais non en tódolos casos.

convértese na principal, se non única, fonte de lexitimación do galego culto. Téñase en conta, non obstante, que por volta do terceiro cuartel do século XIX, que é cando se datan os escritos de Saco, a produción escrita en galego era aínda exigua. De por parte, a recusación do galego urbano fundaméntase nunha aproximación de tipo purista ó problema da interferencia do español no galego, mais disto ocuparémonos máis adiante.

Naturalmente, disto non debe deducirse que Saco avogase pola abolición das extremas entre rexistros e estilos de lingua, ou que considerase que o galego literario debía ser unha mera translación ó papel do galego oral, mais si que o volume e o nivel de cultivo do galego resultaba naquela altura insuficiente para trazar o lindeiro entre os rexistros familiar e coloquial, por unha banda, e culto e literario pola outra:

La dificultad de manejar con facilidad y elegancia un idioma que no puede contar entre sus timbres el de llamarse literario, por mas que haya en los siglos medios gozado de esta honra, y la de discernir hasta que punto, sin quebrantar las leyes generales del bien decir, se deben conservar en nuestros escritos, como precioso perfume, lo que propiamente es característico de la lengua [enténdase 'da lingua oral e popular'] (Saco 1876: 4).

Así e todo, e aínda recoñecendo esta dificultade, Saco desaconsellaba “mezclar las expresiones propias del lenguaje familiar con las de elevado, las festivas con las serias y aun patéticas”, e mesmo se atrevía a sinalar algúns trazos que el consideraba propios dos rexistros familiares e coloquiais e que eran usados inmoderadamente nos textos literarios. Entre eles salientaba os diminutivos en *-iño* ou voces como *pícaro* ‘neno’ ou *vello* (como apelativo dirixido ó pai ou ó avó).

Fronte a el, os partidarios da liña que máis arriba denominamos cultista, consideran que o galego “rústico” ou “aldeán” é unha especie de *patois* bárbaro, corrompido e vulgar, que non reúne por tanto as condicións necesarias para servir de vehículo nin de base para unha lingua de cultura. Deste xeito, o galego rural, idealizado por Saco, é obxecto de furiosas diatribas, como a que ofrecemos a seguir, saída da pluma de Manuel R. Rodríguez:

Tales defectos lingüísticos abundan mucho en las aldeas muy separadas de las capitales adonde van á buscar algunos escritores el verdadero lenguaje gallego, encontrando allí palabras bárbaras, en lugar de voces puras y cultas [...]. Así, pues, el verdadero lenguaje gallego no debe buscarse en la montaña entre las breñas, cuyos habitantes, en vez de hablar, braman en su lengua natural; ni tampoco se debe buscar en los pueblos limítrofes con Castilla y reinos vecinos, porque el habla de estos habitantes es una jerga incomprensible por la mezcla de sus vocablos

[...]. El verdadero gallego debe buscarse en el interior de Galicia en los pueblos comarcanos á las capitales de provincia; pero aun así no se crea que sus palabras son todas puras, sino que muchas de ellas pertenecen a otros idiomas (1892: 341 n.).

Esta idea, que Rodríguez expón de xeito abrupto, debía de estar moi difundida durante a segunda metade do século, a xulgar pola cantidade de testemuños que podemos rexistrar. Alonso Montero (1970: 42-43) cita opinións semellantes expresadas por Vicente de Turnes, que se mostra partidario “del gallego culto y pulido que se habla en las villas y ciudades civilizadas” e inimigo “del tosco y rudo que hablan las gentes del campo”, e por Manuel Martínez González, que deplora que os escritores galegos prefiran “en vez del gallego culto o perfeccionado de las grandes poblaciones, el rudo y mal escogido que emplean nuestros aldeanos”. Deste mesmo teor son as opinións de Martínez Salazar, que censura os escritores que pretenden aprender o gallego entre os aldeáns, “exponiéndose á tomar, como de buena ley, las *gealdas* y barbarismos que acostumbran á usar” (1888b: 244-245).

Esta semella ser tamén a posición que sostén Martelo Paumán (1885) no seu celebrado poema sarítico “Os afillados do demo”, de onde está tirada a frase con que se abre este epígrafe. Vexamos a exhortación que o demo lles dirixe ós escritores de medio pelo que se acollen á súa intercesión para se converteren en glorias literarias:

Como ninguén gallego fala agora
 Si non os labradores, xomaleiros,
 E toda á xente ruda, é non señora
 E en castellano solo os cabaleiros
 E á xente sabidora;
 Falade vos na lengua que podeades,
 E, si floxos vos vedes,
 Irvos á as fontes, donde fan ruádas
 Sentadas nas caldeiras as criadas;
 Falar c' os arriéiros, é veredes
 Que axiña deprendédes
 Reboldos, e palique é patuxadas (p. 10).

Na maior parte dos casos é probable que esa consideración abertamente negativa do galego ‘rústico’ ou ‘aldeán’ non sexa máis ca unha reprodución mimética e pouco reflexiva da desconfianza con que son miradas as variedades sociais non prestixiadas en dominios lingüísticos cunha tradición culta consolidada. Estas manifestacións do que Thomas (1991: 78-79) denomina

“purismo elitista”⁵ son moeda de uso corrente, por exemplo, nos textos gramaticais españois e portugueses de todo tempo, onde invariablemente se presenta como modelo de corrección a fala das “personas doctas” (Vicente Salvá) ou da “gente educada” (Andrés Bello), etc. (*cf.* Gómez Asencio 1981: 18-23, Calero Vaquera 1986: 30-31 ou Ramón Sarmiento 1984: 40-45). Ora ben, semella claro que estes parámetros de avaliación das variedades lingüísticas dificilmente podían aplicarse a unha lingua que, a pesar do seu crecente emprego como lingua literaria, seguía a estar marcada, estigmatizada mesmo, como lingua popular e familiar. Neste sentido, é ben significativo que estas condenas tan rotundas do galego popular e aldeán raramente vaian acompañadas dunha exemplificación que nos axude a precisar cales son os trazos que determinan a súa ‘rudeza’, ‘rusticidade’ ou ‘barbarie’. Así, na maior parte dos casos os únicos indicadores de rusticidade que se mencionan explicitamente son a gheada, que é obxecto dunha preocupación unánime e obsesiva, o seseo, o infinitivo persoal (!), algunhas perífrases, e pouco máis.

Neste panorama, o caso de Martelo Paumán é certamente excepcional, porque, a diferenza dos seus contemporáneos, el si se atreve a detallar o que interpreta como vulgarismos inaceptables incorporados á lingua literaria. Así, tanto en *Os afillados do demo* coma na continuación deste poema datada en 1890 e publicada catro anos despois no volume *Líricas gallegas* (Martelo 1894), sinala unha longa serie de exemplos. Entre eles figuran, a carón das inevitables voces con gheada ou seseo (*jrande, fijurar, jallejo; em-pesar*), formas que poderíamos definir como vulgarismos fonéticos (por máis que non todos o sexan realmente) (*esprito, croa* ‘coroa’, *gunisar* ‘agonizar’, *a yalma, drento, probe, pelra, treidor, lingua, bunitura, pátrea, hestoria, mamoria, deputado, señor, polido, pior, corenta*, etc.), resultados do tratamento popularizante de grupos consonánticos cultos (*imposibre, frol, groria, pranta*), dialectalismos léxicos ou morfolóxicos reputados como vulgares (*eiquí, mau* ‘man’, *tivemos, muito, iso, cheirar* -con valor neutro-), ultracorrecións (*vouces, esperencea, cencea, chilar, dicionero*) e, finalmente, algúns lexemas que o autor debía considerar en por si vulgares ou, cando menos, impropios para o galego literario, como *malpocado, estomballado, bandullo, esbagullar, beizo, beixar, ficar, ollar, fogo*, etc.

Así e todo, na continuación de 1890, Martelo parece recoñecer resignado que, malia as súas admonicións, ese era o rumbo que ía tomando o galego literario, incluído o dos *bos* escritores. Deste xeito, o voceiro dos malos poe-

5 “Élitist purism embodies a negative, proscriptive attitude to substandard and regional usage [...]. Élitist purism is perhaps most often associated with the language of court”.

tas porfillados polo demo, ó expoñer perante o seu señor un balance da actividade do grupo, fólgase deste xeito do éxito atinxido:

E tamen ôs poetasos verdadeiros,
 á forza de mirar nosos escritos,
 foilles pegando a peste, os señoritos
 tamén din *groria* o mesmo que arrieiros
 ¡van entrando na corte eses benditos! (pp. 139-140).

Na miña opinión, esta apreciación de Martelo resulta plenamente axustada. En efecto, e salvo excepcións moi contadas, esta orientación popularista, ou vulgarista se se prefire denominala así, é a tendencia dominante no galego escrito do século XIX.

A entrada en escena das Irmandades da Fala tivo como consecuencia, entre outras, unha reorientación do cultivo que, conforme indica Monteagudo (1999: 478 ss.), afecta non só ó repertorio temático e xenérico, senón á mesma concepción do galego, que pasa de conceptuarse como 'dialecto' á ser teorizado como 'lingua nacional'. Este tránsito esixe a impugnación do costumismo e do folclorismo dominantes na literatura do Rexurdimento e unha aposta decidida pola apertura a novos xéneros (a narrativa, o teatro, o ensaio) e por unha temática máis urbana e cosmopolita:

Deica o d' agora tívose de Galicia e das cousas galegas unha idea baixa, cativa. E foi a literatura ca pruma esgallada da zafiedade –n-hai pra que citare âs esceucióis, que d' abondo son conecidas– a que padeceu e sufriu resiñada o andancio pezoñento de tanto esquire de monteira, cirolas y-estadullo [...]. Fono ises [escritores] os qu' arrincano da chouza sin lume nin pan ôs nosos probes labregos pra amostral-os na feira das risadas sin dor, non coma iles arelan seren, senón com' a maldade da cidá os fixo [...]. Isa literatura mecha, aldraxante e charraman-gueira, finouse; y-é un deber enterral-os mortos (Taibo 1917: 5-6).

Así, Monteagudo cita diversos exemplos de recensións eloxiosas de textos literarios contemporáneos, publicadas todas elas en *A Nosa Terra*, en que se destacan como valores positivos a súa capacidade para demostrar “que o galego sirve mellor que para porcadadas e cousas rústicas, para cousas finas, delicadas e belas”, ou que o galego pode ser dignificado “ao poñelo en labios de gentes vilegas, algunhas de geito aristocrático”, ou que en galego se poden expresar “as delicadezas do sentimento e os matices de dición máis finos e sotiles”, ou que, aínda ambientando as obras no país, estas poden “desenrolar unha anécdota universal” (*apud* Monteagudo 1999: 481-482). Este proceso de desruralización temática e xenérica ten tamén repercusións na

avaliación da lingua popular, que a miúdo aparece impugnada como vehículo pouco digno para unha literatura culta:

Cando unha lingua que si tivo en calidá de dialeuto ó longo dos anos quere volver a trocar en idioma nazonal d' un povo [...] é perciso dignifical-a empregándoa en temas universás e esquisitos. Pero hai moitos que non chegan a decatárense de tan cristaiña verdade. Chamándose bos fillos da terra, siguen dándolle ó galego as características de dialeuto; siguen escribindo *cousas de labregos en linguaxe de labregos*, inda que se teñen por literatos e homes do seu tempo; siguen falando dos curandeiros, dos meigallos, facendo chistes doados e groseiros a conta dos probes compatriotas que non queren falar o galego e din moitas borricadas en xeito castelán (*ANT* 1919: 4; cursiva nosa).

Así e todo, non parece que a redacción de *A Nosa Terra* entenda por “linguaxe de labregos” o mesmo que trinta anos atrás tiña por tal Martelo. De feito, nos propios textos citados pódense ver exemplificados boa parte dos fenómenos que don Evaristo censuraba sen dó nos seus contemporáneos. Pola contra, semella máis ben que o albo da crítica non son tanto determinados lexemas ou fenómenos conceptuados como vulgares, senón máis ben un estilo de lingua vulgar e groseiro. Por dicilo doutro xeito, a impugnación da “linguaxe dos labregos” é máis conceptual e estilística ca propiamente lingüística: a censura atinxe ás ‘palabras’ na medida en que vehiculan ‘conceptos’ considerados vulgares ou inapropiados. Ós ollos dos membros das Irmandades, a literatura tardorrenacentista, coa súa predilección polos personaxes de extracción popular, polos ambientes rurais e polo cultivo obsesivo dunha temática costumista e folclórica, compadecíase mal coa súa concepción do galego como lingua nacional. No plano estilístico, esa orientación folclórica conducira a unha sobrerrepresentación do informal e do conversacional, e no terreo do léxico á explotación intensiva de determinados campos semánticos correspondentes a parcelas da realidade pouco elevadas. Volvendo sobre o exemplo con que abriamos este epígrafe, poida que *verza* resulte unha palabra pouco apropiada para un texto poético que se pretenda requintado, mais non tanto por se tratar dunha ‘palabra vulgar’ como por designar un concepto que se resiste seriamente a ser poetizado.

Neste sentido, o rexeitamento do ruralismo e do folclorismo pode resultar compatible co aproveitamento dos materiais que fornece a lingua popular. Nun ensaio sobre a formación da prosa culta galega presentado primeiro diante do Seminario de Estudos Galegos e logo publicado en *Nós*, Antón Losada Diéguez (1930) ofrecía unha nova visión, elaborada desde presupostos reformistas e rexeneracionistas, moito máis amable e respectuosa do galego rural e popular:

A prosa galega é certo que tropeza moitas veces co-a cativeza do seu vocabulario. Isto é aínda tendo un tesouro n-as nosas mans e ben preto de nós. Témol-o tesouro do pobo que non s-aproveita canto debíamos.

O feito indiscutíbel eo qu-a fala galega é enxebremente labrega, y-as mais das palabras nosas son de labranza e de todo o que n-as aldeas hai, e n-os eidos, n-as touzas, n-as fragas ou n-os montes. Mais isto é un feito n-a historia de total-as falas. As palabras desenvólvense e collen sinificados novos de moitas maneiras [...]. A calquer palabra por ben labrega e ben enxebre qu-ela sexa podéselle dar un outro sinificado e levala d-aldea á cidade, d-unha corredeira á bioloxía, d-unha ruada á filosofía. O termo *inzar* qu-os labregos empregan pra sinificar com-as raíces de certos albres s-estenden a eito e todo axiña, ou como certas herbas s-espallan n-un terreo, é unha palabra que tamén pode sinificar o espallamento d-unha idea. E como en castelán se fala do *campo* ou *terreno* d-unha cencia podemos decir en galego o terreo da Física ou do Análisis. Coido que non cumpra amorear mais eixemprios, y-este termo *amorear* eixemprios é un eixemplo mais (p. 4)

Este labor de recuperación e intelectualización do léxico rural patrimonial foi unha das contribucións máis sobranceiras das promocións do Seminario e do grupo Nós, e, en particular, dalgúns dos seus representantes máis destacados, á formación do estándar culto. Moitas das súas creacións son moeda de uso corrente hoxe, ó punto de pasaren desapercibidas para a maior parte dos falantes. Neste sentido poden verse, a modo de exemplo, os casos que Monteagudo (1991) entresaca do léxico de Castelao en *Sempre en Galiza* (*abrollar, agromar, asoballar, ceibar, encirrar, pular*, etc.). A eles poderíase engadir aínda unha extensa nómina de voces que, mediante un proceso de ampliación semántica, pasaron a asumir acepcións abstractas a partir de sinificados materiais vinculados á cultura tradicional (*abrente, adro, cangar, chanzo, debruzar, debullar, eido, encetar, enxergar, enxurrada, escolmar, espallar, inzar, soleira, vizoso, xunguir*, etc.)⁶.

Ó longo da segunda metade do século XX existen dúas liñas de pensamento encontradas a respecto do galego popular. Así, por unha banda, segue a ser ollado con prevención e desdén aristocráticos, e contraposto ó galego literario, a un galego literario que, paradoxalmente, estaba inzado de solucións vulgarizantes do estilo das denunciadas por Martelo. Un bo exemplo deste aristocratismo constitúeo o Carballo da primeira edición da *Gra-*

⁶ Véxanse, neste mesmo volume, os traballos de Monteagudo e de González Bueno / Sobriño Pérez.

mática, moi distante aínda das posicións reintegracionistas que asumiría nos últimos anos da súa vida:

Esta lingua viva [a base do 'galego común'], según ya queda indicado, no es el gallego vulgar, profundamente alterado en su pureza por la erosión de la lengua oficial, y reducido en muchos casos a diferentes formas coloquiales empobrecidas. Es el gallego culto, el gallego literario, que aspira a ser un instrumento cabal de cultura, el que nos interesa (Carballo 1966: 13).

Para Carballo, pois, galego popular (“vulgar”, “alterado en su pureza”) e galego culto (“literario”, “instrumento cabal de cultura”) preséntanse como dúas tradicións netamente diferenciadas e mesmo inconciliables. O “galego común” a que fai referencia o título da gramática de Carballo concíbese como unha proxección do galego literario.

Esta actitude receosa inicial vaise acentuando pouco e pouco, seguramente á vista da orientación popularista que tratou de imprimir o ILG nos anos inmediatamente posteriores á súa fundación. Deste xeito, nos textos dos primeiros anos da década de 1970 é xa perceptible o desacordo de Carballo co “dogmatismo popularista” dos ‘dialectólogos’:

El mejor conocimiento de las hablas locales y la preparación romanística general son garantía contra las deturpaciones. Pero un gallego de tecnócratas estaría falto de sustancia cultural si desconociese la tradición trabajosamente fundada y mantenida por los cultivadores de la lengua literaria (Carballo 1974: 38).

O receo daría paso poucos anos despois á aberta hostilidade do seu período reintegracionista:

Um prejuízo sentimental [...] pode registrar-se na postura daquelas persoas que em matéria idiomática falan con devoçom supersticiosa do galego popular, entendendo por tal o que empregam hoje os individuos que o usan por tradiçom espontánea [...]. Para estes ingénúos opinantes, o galego popular, o galego espontaneamente falado, é o galego real e ideal, o verdadeiro galego, o galego sagrado; e herético e sacrílego todo galego que nom aceite com bágoas patrióticas e democráticas nos olhos os usos do falar do povo. Umha idolizaçom do popular (Carballo 1981: 123).

A mudanza experimentada entre estas dúas fases non radica, pois, no diagnóstico da situación, senón na terapia recomendada. Así, nun principio a impug nación do ‘popular’ emparéllase coa defensa do galego literario, entendido aínda como sistema autónomo; pola contra, no segundo período o

galego popular, presentado como un “falar decaído”, unha “deformación patolóxica”, unha lingua corrompida polo contacto co español, contraponse xa ó galego-portugués “na súa forma meridional”:

Es evidente que para el hombre de ahora escribir en gallego no es escribir en gallego-portugués, ni en portugués ni en castellano (Carballo 1974: 38).

O galego ou é galego-portugués ou é galego-castelam. Ou somos umha forma do sistema occidental ou somos umha forma do sistema central. Nom hai outra alternativa. Um galego em oposição à vez ao português e ao castelam é impossível. Um anam nom pode lutar com dous gigantes que cruzam os seus fogos [...]. Nom podemos aceitar o galego na situación de deformación patolóxica na qual chegou até nós. A língua popular nom pode ser considerada como canónica, porque está corrompida polo contacto coa lingua oficial (Carballo 1979: 20-21).

Este postulado constitúe, por outra banda, un lugar común nos textos reintegracionistas de todo tempo, desde os antecedentes máis remotos, como os escritos de Florencio Vaamonde, que exhorta a achegar o galego ó portugués alimpándoo “dos castellanismos que ten, e das voces bárbaras que inventaron os camponeses” (Vaamonde 1896: 3). Está tamén presente nos escritos dos protorreintegracionistas do período de entreguerras, como Viqueira, que rexeita a “fala das aldeas xa corrompida” e que contrapón a “fala campesía, aillada e probe” cunha “lingua universal, de valore internacional e instrumento de cultura”, ou como Correa Calderón, que rexeita en termos categóricos o “linguaxe degenerado dos labregos” (*apud* Monteagudo 1995: 471, 473, 492).

Tamén está tinxida deste aristocratismo a invitación de Lapa a abrazar o portugués *padrão*:

O galego, tal como está, só pode exprimir capazmente os fenómenos da vida simples, o encantamento, o *engado* da poesía pura. Se o quisermos introducir na cidade, teremos de lle vestir trajo cidadão, alimpá-lo de muita escória que o torna ainda grosseiro para o gosto exigente do homem urbano. Nunca se esqueça que as palabras evocam os ambientes da sociedade; e o vocabulário galego, como está fixado na fala e na literatura, é aínda puro transplante duma sociedade agrária envelhecida, ultrapassada, e o que é mais, prestes a extinguir-se (Lapa 1973: 282).

A modo de exemplo, o profesor portugués cita o emprego da voz *estumballado* na traducción que Iglesia Alvariño fixo dos *Carmina* de Horacio:

A forma *estumballado*, dotada certamente de forza expressiva, cadrará ao labrego que se deixa cair para baixo do ervedeiro, com a barriga ao léu e a camisa

encharcada em suor; mas não traduz, claro está, os modos decentes e a compostura do caçador de ócios (Lapa 1973: 282-283).

Segundo a concepción de Lapa, a pretensión de rexenerar mediante o cultivo o galego campesiño, que animara a actividade dos círculos galeguistas, non pasara de ser unha simple miraxe. Cunha actitude entrefebrada de condescendencia e paternalismo, o erudito portugués pretende envorcar sobre as cabezas dos cultivadores e promotores do galego un balde de auga fría que os torne á realidade. Así, nunha carta a Del Riego asinada en novembro de 1973, é dicir, pouco despois de publicado o seu artigo, refírese ó “galego rústico simplemente oral, que vocês tornaram simplesmente escrito, *crendo de boa fê que, só com isso, lbe davam nível literário*” (Lapa 2001: 332; cursivas nosas).

Fronte a estas aproximacións cargadas de desconfianza, existe, xa desde os anos 50, unha visión máis positiva da lingua popular que trata de procurar unha solución de continuidade entre esta e a lingua culta. Así, no pensamento lingüístico de Ramón Piñeiro e, con el, do grupo de Galaxia, o galego popular é teorizado como creación colectiva do pobo galego e como principal elemento vertebrador da súa identidade e da súa continuidade no tempo. Esta idea aparece de xeito recorrente nos seus escritos, xa desde a década de 1950. Así, nun texto de 1952, “A lingua, sangue do espírito”, escribe Piñeiro:

Un idioma é sempre unha creación colectiva, a meirande creación de todo pobo [...]. O espírito colectivo do pobo faise forma viva no idioma, que é de todos, que é patrimonio comunal [...]. O noso pobo, o pobo galego, soupo crear o seu propio idioma. Si a nós se nos distingue como unidade peculiar entremedias da familia europea, e talmente gracias ao idioma [...]. O idioma galego é o herdo que nós recibimos de tódolos nosos antepasados e que nos foi transmitido de xeración en xeración ao longo dos séculos (Piñeiro 1974: 35-37).

Estas mesmas ideas reitéranse en diversos escritos redixidos durante os anos 50⁷, entre os que destaca “A defensa do idioma, vencello espiritoal de tódolos galegos”, un documento presentado diante do *Primeiro Congreso da Emigración Galega*, celebrado en 1956. O interese deste texto non radica

7 *Cfr.*, por exemplo, “Trascendencia social do idioma”, de 1954, en que o idioma é presentado en termos moi semellantes, como “a creación máis xenuína e o vehículo máis vivo e permanente de espíritoalidade común dun pobo” e, ademais, como o vencello que une os galegos da terra e os galegos da diáspora (Piñeiro 1974: 66-67).

tanto na orixinalidade das ideas expostas, que son esencialmente as mesmas cás dos escritos anteriores⁸, coma no feito de que fose asinado conxuntamente polos representantes máis sobranceiros do grupo Galaxia (Piñeiro, Cabanillas, Otero Pedrayo, Rof Carballo, García-Sabell, Fernández de la Vega, Fernández del Riego e Isla Couto), o que vén a representar a asunción expresa por parte do grupo do pensamento lingüístico de Piñeiro.

O encaixe do galego culto nesta concepción esencialista e identitaria da lingua constitúe un dos obxectos da reflexión de Piñeiro a partir dos anos finais da década de 1960. Así, nun texto de 1968, “O pensamento galego”, tenta conciliar a creación individual, vehiculada a través da lingua escrita culta, e a creación colectiva, transmitida a través da lingua oral popular, presentando a primeira como unha proxección (“fructificación”) da segunda, que constitúe a súa fonte nutricia (“chan de cultivo”):

A capacidade de creación cultural dos pobos realízase, xa que logo, en dous niveis: o nivel colectivo e o nivel individual. O nivel primario, elemental, é o nivel colectivo, o da cultura oral popular, que tende a se fixar en tradición. O nivel superior, infinitamente máis complexo e dinámico, é o da creación individual, o da lingua escrita, sempre atraído pola innovación. Naturalmente, ambos son necesarios. O primeiro -o oral colectivo-, porque é a primeira manifestación dunha realidade cultural, algo así como o seu chan de cultivo. O segundo -o da creación individual escrita-, porque é a súa verdadeira fructificación (Piñeiro 1974: 224-225).

O escritor, o bo escritor, é o que sabe “dar expresión á persoalidade comunal profunda” do pobo a que pertence (p. 225).

Ó longo da década de 1970, Piñeiro vai perfilando o que podemos chamar a “teoría das dúas revolucións” experimentadas polo galego na idade contemporánea. Esta tese, que aparece formulada de xeito esquemático en “Unha nova revolución na nosa lingua”, de 1970, expónse de maneira máis demorada na carta de resposta a Rodrigues Lapa de 1973, onde tenta encaixar nun esquema evolutivo as nocións de lingua popular, lingua literaria e lingua culta. No punto de partida do proceso o galego é unha “lingua oral popular e máis nada” (1974: 238). A “primeira revolución” do galego consistiu na súa elevación á condición de “lingua de cultura escrita” (1973: 392). Esta transformación produciuse en dúas fases: a primeira delas lidéranas os

⁸ “De tódolos elementos en que unha cultura se afinca, o idioma é o máis radical e representativo. O idioma é xa unha gran creación cultural colectiva. En realidade, a máis grande creación cultural colectiva. Por ser obra creada por todos e poseída por cada un, é mesmamente aquilo que a todos fai irmáns, aquilo que lle dá a unha comunidade social a fisonomía obxectiva de pobo” (Piñeiro 1974: 97).

protagonistas do Rexurdimento, que “recolleron a lingua na lareira, nas coredoiras, nos agros, nas feiras, nos adros e dotárona de prestixio poético; incorporárona, polo camiño lírico, no panorama cultural europeo” (1974: 122). Nunha segunda fase, coa entrada en actividade das Irmandades da Fala e do grupo Nós, este proceso esténdese a todos os ámbitos:

As Irmandades acometeron a empresa de prestixiar o idioma en tódolos terreos: na relación social [...], na actuación propagandística [...], e na creación cultural de todo orden (1974: 123).

A “segunda revolución”, xa en marcha, consiste na urbanización do galego. Esta transformación resulta, a seu criterio, imprescindible para a supervivencia da lingua, na medida en que a civilización tradicional de base agraria e mariñeira está a desaparecer diante do empuxe da civilización urbana e da “enérxica agresividade da cultura técnico-industrial” (1973: 393). O galego debe, pois, acometer a “conquista da Galicia urbana. Quer decir: a conquista do futuro” (1973: 394). Deste xeito, a evolución do galego en época contemporánea preséntase como unha viaxe do agro (o pasado) á cidade (un futuro que xa empeza a ser presente) pasando pola literatura. A Piñeiro non lle escapan as portaxes que habrá que pagar neste proceso transformador, sinaladamente a perda da base etnográfica, o “caudal expresivo campesiño”, mais considera que os custos quedarán compensados co desenvolvemento de novos recursos vinculados á civilización urbana (1974: 239).

En calquera caso, a diferenza de Carballo ou Lapa, que consideran o galego popular como unha base innobre e inconsistente para o galego literario e culto, Piñeiro concibe o galego culto como o resultado da selección (“escolma”) e elaboración do galego popular rural. Deste xeito, Piñeiro reitera unha vella idea, expresada vinte anos atrás, na introducción á tradución do *Cancioeiro da poesía céltiga* de Julius Pokorny que prepararan o propio Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega (Piñeiro / Fernández de la Vega 1952). Na carta-resposta a Lapa insiste, case coas mesmas palabras que vinte anos antes, en que “a transformación da lingua oral campesiña en lingua literaria impón un labor selectivo entre a inmensa riqueza de variantes para escoller aquelas que ofrezan maiores posibilidades de dignidade literaria, depurando a lingua da codia de ruralismo vulgar creada por un abandono literario de séculos” (1973: 397). O galego literario e culto preséntanse como unha construción que afínca os seus alicerces no galego popular ou rural e que se proxecta a partir del por medio da elaboración e o cultivo. Deste xeito, “morre, sí, ou polo menos esmorece o galego campesiño *transformándose* en lingua escrita, en lingua urbana, en lingua moderna con dinamismo de futuro” (1973: 400; cursivas nosas).

Máis popularista aínda se mostra Rafael Dieste no seu discurso de ingreso na Academia, titulado “A vontade de estilo na fala popular” (Dieste 1971), onde trata precisamente de pescudar e de afondar na conexión entre galego popular e galego culto. A pregunta que serve de punto de partida para a súa reflexión é a de quen é o depositario da autoridade en materia lingüística. Non son, desde logo, os “señores”, pois, segundo demostra a historia, non sempre foron eles os mellores expoñentes do ‘bo uso’. Tampouco necesariamente as persoas “cultas”: os que poden ser tomados como modelos sono precisamente por teren sabido reflectir mellor a fala popular. Acudirmos ó “pobo” resultaría problemático na medida en que isto de seguro espertaría os receos dos “gramáticos”, para quen “a lingua vulgar, por si soia, non é paradigma; é viveiro de formas” entre as que “hai que escolmar e poñer orde” (1971: 15).

Sen embargo, fronte a esta concepción da lingua popular como simple repositorio de formas non xeraquizadas que os gramáticos deben peneirar e ordenar, Dieste defende a existencia dunha especie de ‘autoridade lingüística’ popular e colectiva capaz de xebrar o gran da palla, dunha “academia viva” que “anda polos camiños, antre o monte e o mar” (1971:19):

O povo non é alleo aos xuízos valorativos ou estimativos no tocante á fala. Para ele é visto que hai mellores e peores falantes como hai mellores e peores músicos (1971: 18).

Esta capacidade do pobo para emitir xuízos en materia lingüística ten a súa tradución máis feliz na noción de “galego verdade”:

Ises que, en conxunto, chamarei ‘desvíos’ (vacilacións, erros, contaxios, modas e melindres) no fondo sítense como mal galego, ou non seguro, e deseguida ceden o honor normativo [...] ás formas e dicires do que o povo mesmo acostuma chamar, valorativamente ‘galego verdá’. Fálase do ‘ideal da lingua’. Pois ben, esa impresión: ‘galego verdá’, é testemuño ben elocuente e inxelo de que ese concepto lingüístico do ‘ideal da lingua’, en Galiza non é cousa de sabios, é viva frota non esmaída, anque por veces tímida, do sentir do povo (1971: 21).

A fundación e entrada en actividade do Instituto da Lingua Galega trouxo consigo un importante pulo dos estudos dialectolóxicos, que se plasmou na recolleita de materiais para o *ALGa* e na descrición sistemática dos falares locais, e supuxo un xiro copernicano na consideración do galego oral e popular. En opinión de Alonso Pintos (2002: 118), fronte á Academia, que se caracterizara por “sancionar como canónicas as escollas da lingua literaria dos autores máis consagrados, o Instituto volve os ollos cara ó popular.

Mentres o espírito normativo da RAG cadraba coa tradición iniciada por Dionisios de Tracia, que situaba a excelencia da lingua nos ‘usos xerais de poetas e escritores de prosa’, o ILG suxire unha orientación máis luterana (*den Leuten auf Maul schauen* ‘escoitar como fala a xente’). Cómpre recoñecer que o popularismo radical dos primeiros textos producidos polo ILG foi atemperándose pouco e pouco co paso dos anos, en paralelo a unha ascendente afirmación das actitudes puristas. En calquera caso, a fidelidade á lingua popular mantívose como o primeiro dos principios das *NOMIG*:

A lingua normativa [...] ha de ser necesariamente continuadora da lingua falada pola comunidade e ha de achegarse cando sexa posible a ela, a fin de enraizar sobre bases seguras e vivas (ILG / RAG 1982: 7).

De por parte, e segundo queda dito, este provocador e irreverente pulo popularista que imprimiu o ILG, unido á proxección e crecente influencia que axiña atinxiu esta institución nos círculos galeguistas, resulta un elemento fundamental para entender a evolución de quen, como Carballo Calero, ata ese momento encarnaba, e mesmo marcaba, a ortodoxia académica (*vid. supra*).

2. AS ACTITUDES DIANTE DO CASTELÁN: ENTRE A SATELIZACIÓN E O DIFERENCIALISMO

É un feito abondo coñecido que o prolongado contacto lingüístico entre castelán e galego propiciou a transferencia de elementos lingüísticos dun sistema a outro, un fenómeno que, por outra banda, se viu favorecido pola relativa proximidade lingüística de ámbalas linguas. Aínda que este proceso actuou, e actúa, nas dúas direccións, semella claro que a súa transcendencia varía notablemente dependendo de cal sexa a lingua receptora da influencia. Deste xeito, mentres que a interferencia do galego sobre o español *falado* en Galicia non supón de certo ningún risco serio para a independencia do español, a interferencia deste sobre o galego *oral e escrito* sitúa a este diante do abismo de se converter nunha variedade satelizada, nunha modalidade dialectal ou rexional do español.

Esta circunstancia será determinante para explicar, en primeiro lugar, a frecuencia con que concorren nos textos solucións castelanizantes máis ou menos habituais na lingua oral, e, por outra banda, a consciencia bastante xeneralizada do risco de satelización en que se encontra o galego por causa da interferencia do castelán. Esta inquedaanza tradúcese na práctica na aparición e paulatina difusión dunha certa preocupación purista que se aprecia

xa nalgúns textos temperáns e que máis adiante desembocará no que comunmente se coñece como diferencialismo. Por último, a posición de privilexio do castelán dentro do aparato burocrático-administrativo do Estado e, sobre todo, dentro da institución escolar determina a adopción, non necesariamente deliberada, de criterios e convencións estatuídos dentro da tradición normativa castelá, que de forma mimética acaban aplicándose ó galego. Deste xeito, o castelán convértese en elemento perturbador do proceso de constitución do corpus do galego, na medida en que condiciona, cando non determina, sexa en positivo ou en negativo, a selección.

En xeral, pódese afirmar que xa desde o Rexurdimento existe entre os cultivadores do galego unha conciencia bastante lúcida acerca da natureza do problema e das súas raíces. Son moi numerosos os testemuños que se poderían presentar a este respecto, pero entre eles salientan as censuras contra a lingua castellanizada que empregan moitos escritores. Entre as mostras máis temperás desta preocupación pódense citar as observacións de Aureliano J. Pereira (1887: 107), que denuncia a introducción na lingua literaria de castellanismos e voces híbridas, e, sobre todo, as dun decidido popularista como Saco Arce, que censura tamén a “mezcla de vocablos castellanos, con que inconsideradamente se mina la pureza del lenguaje” (como *cadeñas, cielo, llanura, derramar* ‘verter’, etc.), “el uso no ya de palabras sino de desinencias castellanas en los derivados gallegos” (*andador, africano...*, por *andadeiro, africán...*) ou o emprego de “voces castellanas galleguizadas” (como *conexo, lexos, aleixar*, etc.) (Saco 1876: 4, 9). En calquera caso, e conforme indican Fernández Salgado / Monteagudo (1995: 122), “debe terse en conta [...] que ciertos castellanismos [presentes nos textos literarios] pertencen máis ó idiolecto do escritor, que na Galicia do século pasado [...] era bilingüe por definición, ca ó ‘dialecto’ xeográfico ou social que se pretendía empregar”. Esta circunstancia é xa advertida por algúns dos protagonistas do Rexurdimento, como Martínez Salazar, para quen a presenza de castellanismos nas obras dalgúns escritores “tiene fácil explicación, por cuanto la educación intelectual de los que escriben en gallego ha sido genuinamente castellana, y hasta parece, á veces, que aquéllos han leído y pensado en castellano y expuesto sus ideas en gallego” (Martínez Salazar 1888b: 248).

Pese ó certo do diagnóstico, unha visión mesmo superficial do galego escrito no século XIX revela que estas advertencias non foron debidamente atendidas. Así, “a actitude permisiva do escritor con respecto ó castellanismo é a tendencia dominante en case tódolos escritos da renacemento literaria galega” (Fernández Salgado / Monteagudo 1995: 120).

Ora ben, paralelamente a esta tolerancia do castellanismo, xa desde época moi temperá comezan a agromar algunhas manifestacións das tendencias puristas que actuarían con especial virulencia no primeiro tercio do século

XX. Esta tendencia, máis ou menos acentuada segundo os casos, maniféstase non só na denuncia e na condena teórica do castelanismo e das formas híbridas, senón tamén no modelo de lingua proposto implicitamente polos gramáticos e na lingua empregada realmente polos escritores.

Como é sabido, o purismo afecta tanto a linguas cunha variedade estándar plenamente consolidada coma a linguas minorizadas en proceso de estandarización. Agora ben, parece claro que a aparición deste tipo de tendencias obedece a causas ben diferentes e persegue obxectivos así mesmo distintos. Deste xeito, nos casos de estándares consolidados o purismo é normalmente consecuencia dun “desire to protect the traditional standard from ‘contaminations’ from any source, be they foreign loan-words or internally generated variation and change” (Lodge 1993: 3). Dito doutro xeito, o purismo constitúe unha manifestación da resistencia ó cambio e da tendencia á estabilidade que caracterizan ás linguas estandarizadas (Joseph 1987: 108-109). Pola contra, cando se trata de estándares en emerxencia a situación varía radicalmente. Nestes casos o purismo non debe entenderse tanto como manifestación dunha resistencia á innovación (non existe propiamente un estándar que cumpra protexer), como contribución ó reforzo da función separatista (‘separatist function’, *cfr.* Garvin 1959: 155) que o estándar está chamado a exercer. A función separatista, que Garvin (1959: 155) define como a “function to set off a speech community as separate from its neighbors”, adquire un protagonismo especial en casos de elaboración dunha lingua cuberta por un teito lingüísticamente afín. Como indica Santamarina:

O proceso de urbanización da lingua leva aparellado un empobrecemento en tódolos sentidos. No léxico é onde resulta máis visible. Isto provoca unha redución das distancias interlingüísticas e agudiza o temor de que a lingua caia por “quasi-dialectalisation” na esfera do castelán (Santamarina 1994: 70).

Este temor resulta claramente perceptible xa nos textos do Rururdimento en que se reflexiona sobre a calidade do galego contemporáneo. Neste sentido son particularmente lúcidas, como en tantas outras ocasións, as palabras de Saco:

Si los buenos hijos del país no trabajan por atajar esta creciente descomposición de su lengua, si no se disipa esa vergonzosa preocupación que nos hace ruborizarnos de hablar con pureza el lenguaje de nuestros abuelos, no tardará en alzarse sobre las ruinas del legítimo gallego tradicional, un gallego macarrónico, una informe jerga que servirá de transición entre el lenguaje de nuestros antepasados y el de Castilla que aspira á reemplazarlo (Saco 1876: 9).

É este contexto o que explica tamén cómo desde o purismo, concibido como barreira profiláctica contra o risco de satelización na órbita do castelán, se chega ó diferencialismo, unha tendencia que vai gañando terreo conforme avanza o século ata chegar ó seu apoxeo no primeiro tercio do século XX e que consiste basicamente en atribuír toda coincidencia entre galego e castelán á influencia deste idioma sobre o primeiro, de tal xeito que toda solución diverxente, polo simple feito de selo, pasa a ser considerada automaticamente como preferente⁹.

Dentro desta tendencia existen, naturalmente, diversos graos, dependendo de que a procura da diferenza se realice botando man dos materiais que ofrece a lingua (léxico diferencial, solucións dialectais ou variantes fonéticas máis distantes do español, etc.) ou ben acudindo a recursos en principio alleos á propia lingua (substituíndo as formas sospeitosas por outras tomadas do portugués ou por solucións de aparencia galega creadas artificialmente).

Por máis que no século XIX non se poida falar propiamente dunha dominancia das actitudes diferencialistas, o certo é que xa desde moi axiña é doado detectar nos textos unha presenza masiva e crecente de ‘vulgarismos’ e de ‘hipergaleguismos’. O panorama que ofrecen os textos dista moito de ser homoxéneo. Así, é posible que en Rosalía non se manifeste con tanta claridade esta tendencia hiperpurista, pero si é máis perceptible noutros autores como Curros, onde as manifestacións diferencialistas ocupan un lugar non desprezable (*xeroulifos, conecer, ineusorabre, púbrico, armoñoso, solouzan, entranas...*), en Lamas (*íntemo, fortúa, rústeco, estraneza, validenza, hourizontes, adourado, esprandor, estrano, fortúa, rubir, iñorar, espricar...*) e, sobre todo, nalgúns autores menores como Antonio de la Iglesia (*oucéano, enterior, penínsola, deluvio oniversal, romao, saguntiños, ordear...*) ou como o seu irmán Francisco María (*ingrés, bumildanza, consiña ‘consigna’, melecina, apricar, vingatibre, invencibre, solasmentres...*).

A medida que o emprego deste tipo de formas se vai facendo máis ostensible comezan a deixarse sentir voces preocupadas pola viabilidade dun galego que ten como único norte procurar un contraste o máis acusado posible co castelán e que non repara en medios para conseguir este obxectivo.

9 Esta tendencia ó diferencialismo está ben testemuñada en procesos de elaboración de estándares independentes a partir dunha única lingua *Abstand*. Cfr. Joseph (1987: 72), que, citando como exemplos os casos do checo e o eslovaco, do serbio e do croata ou do macedonio e do búlgaro, afirma que cando “a relatively uniform linguistic community is split politically [...] those responsible for standardization often ideologize whatever minor differences do separate them, so as to create the illusion of a greater *Abstand*”. Deste xeito se explicarían tamén actitudes diferencialistas con respecto ó portugués.

Neste xentido pódense citar as opinións críticas xa mencionadas do gramático Saco Arce, quen, tras censurar o emprego de castelanismos e de voces híbridas, alude ó diferencialismo coas seguintes palabras:

Otro defecto, propio, generalmente hablando, de aquellos que, sin estro poético, se proponen á cultivar el campo de las Musas, es el inconsiderado afán de rebuscar y acumular las voces más extrañas y menos conocidas, ya para ocultar bajo rimbombante palabrería la falta de inspiración, ó ya para hacer ostentación de su perfecto dominio del dialecto (Saco Arce 1876: 10).

Parecidas opinións expresaron, entre outros, Rodríguez Rodríguez (“si así desfiguramos los vocablos, barbarizaremos en lugar de galleguizar”) (1892: 465 n.) ou Valladares, que cualifica de abusivo o emprego de castelanismos, “como abusivo es galleguizar innecesariamente muchas [palabras] castellanas [enténdase ‘coincidentes co castelán’], ó adular las gallegas” (1892: 21). Nesta mesma dirección apuntan tamén as observacións xa citadas de Martello Paumán sobre o galego dos seus contemporáneos.

En opinión de Monteagudo, a presenza destas formas nos textos renacentistas non pode considerarse, en xeral, produto dunha “tensión diferencialista consciente” (1995: 463), e só no galego escrito no período de entreguerras cabe falar en sentido estricto de ‘diferencialismo’ ou de ‘hiper-enxebrismo’ (cfr. Fernández Salgado / Monteagudo 1995: 132). En liña con esta interpretación, pensamos que a presenza deste tipo de solucións nos textos da renacemento obedece máis ben a unha concepción folclórica e ruralizante da literatura deste período. Poderían, pois, considerarse manifestacións do que Thomas (1991: 77-78) denomina ‘purismo etnográfico’¹⁰, e que estaría orientado non tanto a reforzar a función separatista do estándar, como a afirmar a súa autenticidade e a sufincar a súa identificación coa lingua popular. En calquera caso, tampouco parece prudente obviar que a acumulación deste tipo de solucións é unha manifestación clara dunha actitude reciosa diante do español.

Co tránsito ó século XX agudízase e xeneralízase a preocupación purista diante da interferencia do español. Así, xa nos anos finais do século XIX é posible atopar exhortacións a practicar o diferencialismo, como a seguinte

10 “The notion that the rural dialects are somehow purer than city speech or the standard is commonly encountered as a form of linguistic nationalism. As a result, purists have often looked to folk poetry, proverbs and popular sayings as a source of lexical enrichment [...]. Sometimes the preferred dialects are those which have been least subjected to external influence”.

de Florencio Vaamonde (1896: 3), en que o hiperpurismo se vincula co que hoxe denominaríamos 'reintegracionismo':

[Os escritores] deben fugir de toda influencia castellana porque esta corrompe o noso idioma [...]. Debemos aleixarnos tanto do castellano canto debemos nos acercar ao portugués.

A exacerbación da tensión diferencialista nas primeiras décadas do século XX explícase doadamente polas profundas mudanzas na concepción do galego e na súa función dentro do programa político-ideolóxico do galeguismo, agora convertido nun movemento de corte nacionalista. Neste contexto, os horizontes do proceso de recuperación do galego ampliáanse e o galego deixa de ser visto como un simple instrumento de creación literaria, ou máis propiamente poética, para converterse nun dos sinais de identidade da nación. De por parte, a expansión do cultivo que ten lugar no primeiro tercio do século XX ós eidos da prosa literaria, do teatro ou do ensaio esixía, como indica Monteagudo (1995: 464), a incorporación dun léxico abstracto, maioritariamente de procedencia culta, o que a ollos dos contemporáneos podería contribuír aínda máis a achegar o galego escrito ó español. Sobre a necesidade de modernizar o léxico a través do préstamo culto cabían poucas dúbidas. Sirvan como mostra as seguintes palabras de Losada Diéguez, tiradas do xa citado ensaio "Encol da prosa galega":

A fala galega ten dereito como total-as línguas a facer colleita n-o lenguaje técnico fillo o mais d' él das línguas crásicas [...]. Ningunha fala se chama probe por facer tal achego (1930: 5).

As reservas con respecto á modernización e intelectualización do léxico neste período proceden fundamentalmente dos adversarios políticos do nacionalismo galego, que estaban dispostos a tolerar, e mesmo a contemplar con condescendente agrado, as manifestacións literarias dun "sano regionalismo" simpático e pintoresco, pero que miraban con hostilidade as pretensións 'normalizadoras' dos nacionalistas. Nun texto de 1927, Risco respondía así a un artigo de Julio Camba¹¹:

11 Risco modificaba así a posición que sostíña uns poucos anos atrás, en 1919, cando se advertía contra a incorporación de cultismos (*cf.* Monteagudo 1995: 487).

Outras verbas que os ñorantes desbotan son os cultismos, especialmente as verbas técnicas das ciencias e das artes, que lles non parecen enxebres. E craro que non o son: non son no galego, nin no castelán, nin no francés, nin xiquera no latín e no grego d' onde foron collidas. Esas verbas son patrimonio internacional, todos temos dereito a empregalas nas nosas falas respeitivas, e o que é máis grave, non é doado prescindir d' elas (1927: 10).

Así pois, o problema non radicaba tanto en decidir sobre a conveniencia da actualización, que se percibe como imprescindible para a supervivencia do galego, como en determinar o tratamento que se lles debe dispensar a estas voces, e que, en opinión de Losada, debe facerse “adoando as palabras ó seu mesmo xeito” (1930: 5), é dicir, adaptándoas, acomodándoas ó xenio da lingua.

A necesidade de remarcar as extremas do galego co español deu pé ó desencadeamento dunha espiral diferencialista, que se traduce, segundo Monteagudo (1995: 466-468), na selección preferente de léxico diferencial (e o desbotamento das solucións alternativas converxentes), na presenza de pseudogaleguismos, no recurso á ampliación semántica (xa comentado) e á fabricación neolóxica mediante composición e derivación, na introducción de lusismos e arcaísmos (ós que nos referiremos máis adiante), no emprego de vulgarismos e solucións dialectais diferenciais e, sobre todo, na proliferación de hiperenxebrismos e hipergaleguismos e de invencións máis ou menos extravagantes, que son, sen ningunha dúbida, o elemento que mellor identifica o galego escrito no período de entreguerras. Con todo, e malia ser a tendencia dominante, non faltaron tampouco as voces que se ergueron para advertir dos perigos que entrañaba a deriva que ía tomando o galego escrito. Un dos testemuños máis lúcidos ofrécenolo Couceiro Freijomil, que nunha entrevista de 1928, parcialmente reproducida en *El idioma gallego*, describe nestes termos o galego contemporáneo (para unha análise das críticas ó galego escrito neste período, e en especial ó tratamento dos cultismos, véxase Monteagudo 1995: 508-512):

Palabras arbitrarias, castellanismos a granel, portuguesismos que non necesitamos, adopción de arcaísmos que es vano empeño querer resucitar, derivaciones absurdas, términos de significación dislocada, formas del más bárbaro ruralismo, vulgarismos a los que se pretende dar la categoría de voces cultas [...]. Forman [los escritores] las palabras a su antojo; se olvidan fácilmente de que un mismo sufijo puede tener, según las circunstancias, transcripción vulgar, semiculta o culta del todo, y adoptan de ordinario una sóla, preferentemente la vulgar; aplican los sufijos como les parece; otras veces acuden al portugués y exageran, incluso, las tendencias de esta lengua (Couceiro 1935: 18-20).

No galego escrito durante a posguerra percíbese un certo relaxamento da tensión diferencialista, cando menos no que se refire ás súas manifestacións máis extremas. Con todo, o purismo segue a ser a orientación dominante e, conforme indican Fernández Salgado / Monteagudo (1995: 146-148), no galego escrito continúan a ter unha significativa presenza os vulgarismos, os pseudogaleguismos e a manipulación dos cultismos ó gusto diferencialista.

Polo que se refire á produción lingüística do período, bastante escasa por outra banda, comezan a deixarse sentir xa algunhas voces preocupadas polos excesos do diferencialismo. Neste sentido, xa desde a primeira edición da súa *Gramática* Carballo Calero advirte contra o “rigor excesivo” con que na lingua literaria se tenta evitar os castellanismos (Carballo 1966: 32). Máis adiante, referíndose ó tratamento dispensado ós grupos consonánticos cultos, o profesor ferrolán advirte severamente contra a vocalización indiscriminada das consoantes implosivas:

Si empezamos a vocalizar en los cultismos, sin discriminación ni fundamento real, todas las bes o pes que sigan a una o inicial con la que formen sílaba, entonces la lista crece desmesuradamente: *ouesión, oustinado* [...]. Pero la mayor parte de estos hipercasticismos no están abonados (1966: 68 n.).

La resurrección erudita de una ley fonética caducada [en casos como *eisistencia, eisixir*, etc.] y la aplicación racionalista de una norma de pronunciación portuguesa sin más averiguaciones, debe suscitar fuertes reservas (1966: 68 n.).

Los que escriben *aitor, aitividade, aición* atiborran inoportunamente el inventario (1966: 69 n.).

A liña apuntada por Carballo acabaría cristalizando na liña autonomista do galego actual, en que a vixilia purista pretende facerse compatible coa renuncia ó hiperenxebriismo e coa evitación do vulgarismo. Deste xeito, trata de evitarse que a depuración de elementos espurios, contemplada como imprescindible, desemboque na adopción de solucións extravagantes e insolidarias con respecto ás linguas veciñas e, en particular, co portugués. Esta é a orientación que presidiu a elaboración das *Bases* e logo das *NOMIG* e do *VOIG*. Por outra banda, no moderno proceso de depuración, a intuición e a espontaneidade deixaron paso á planificación e ó control.

3. GALEGO E PORTUGUÉS: DO PECHE Á APERTURA

A cuestión do estatuto lingüístico do galego e da súa vinculación co portugués vén sendo un motivo recorrente de debate xa desde o século XIX. Nun primeiro momento, a discusión só pode entenderse cabalmente tomando como punto de partida a difusión da interpretación en termos políticos, e non lingüísticos, da clásica dicotomía lingua / dialecto ('lingua' = idioma oficial dun Estado; 'dialecto' = variedade lingüística sen respaldo legal; *cf.*, por exemplo, Pardo Bazán 1888)¹². Tendo en conta a situación politicamente dependente de Galicia, non resultará difícil comprender a facilidade con que, partindo dunha identificación do español co concepto de 'lingua' e do galego co de 'dialecto', se pasou a miúdo a interpretar o galego como modalidade rexional do español. De feito, á luz da estandardoloxía moderna non faltarían razóns para unha análise dese tipo: a acusada tendencia ó abandono da lingua do país en favor do español, xunto coa aceptación por parte dos seus falantes dun estatus rebaixado e a cada vez máis perceptible interferencia da lingua do Estado na propia estrutura lingüística do galego, situaban a este nunha situación que, empregando a terminoloxía klossiana, podería definirse como de "near-dialectized language" (Kloss 1967: 34-38; para este concepto *cf.* ademais Muljačić 1981).

Neste contexto é onde cómpre inscribir os esforzos dos axentes do Rururdimento para resituarse o galego na posición que estimaban que lle correspondía dentro da familia románica. Así se explican, por unha banda, a aparición de traballos que, como o de Saco (1876b), discuten sobre cal debe ser o seu estatuto ('lingua', 'idioma', 'dialecto'), ou as continuas referencias nestes escritos á estreita vinculación xenética de galego e portugués e mesmo a reivindicación do papel do galego como 'pai' do portugués moderno, que proporciona ademais un argumento de ouro para prestixiar o galego (*cf.* Hermita 1992: 105-117).

Deste xeito, a afinidade esencial de galego e portugués, lonxe de ser motivo de disputa, non parece ser cuestionada por ningún sector representativo da vangarda intelectual galega. Ora, algo ben distinto sucede coas consecuencias que se poden deducir desa afirmación. A cuestión, pois, non era tanto decidir se galego e portugués son dúas pólas dun mesmo tronco, senón máis ben determinar ata onde chegaba a afinidade entre elas e, sobre

¹² Aínda que non dominante, esta é a visión que proporcionan algúns tratados recentes de románica (*cf.* Fernández Rei 1988), así como algúns tratados de estandardoloxía: "In common parlance, Galician is a Spanish dialect, and not for lack of Abstand or Ausbau, but because of political dominion" (Joseph 1987: 3).

todo, ata que punto a estandarización do galego quedaba comprometida por esa afinidade.

Xa desde o século XIX foron varios os autores que da constatación da proximidade lingüística pasaron a negar a independencia do galego e a propoñer abertamente a adopción do portugués. Ora ben, convirá aclarar que a esta identificación de galego e portugués se chegou a través de dúas vías ben distintas: por unha banda, desde o antigaleguismo máis visceral (desde Juan Valera ata Camilo José Cela), co fin de demostrar que o 'dialecto' galego carecía de condicións para o cultivo literario, e non tanto co de incitar os galegos ó cultivo do portugués, e, por outra, desde o propio galeguismo. Mesmo desde esta posición cabe establecer unha distinción entre declaracións pouco comprometidas, de corte máis ben retórico, que sobre todo pretenden salientar a importancia do galego como berce dunha lingua culta e de prestixio (*cf.* Santamarina 1994: 73), e as dos que avogan pola adopción do portugués como padrón. Estas propostas 'serias' de reunificación aparecen contra finais do século XIX, promovidas por figuras como Florencio Vaamonde Lores (*cf.* Hermida 1996 e González Seoane 1996), e reitéranse no primeiro tercio do século XX, animadas sobre todo por Johan Vicente Viqueira e Evaristo Correa Calderón (*cf.* Monteagudo 1995: 471-475, 491-495). Mais será a partir da década de 1970 cando o debate atinxa as cotas de intensidade máis elevadas (para este período, *cf.* Monteagudo 1990, Alonso Pintos 2003 e Sánchez Vidal 2001).

Para o obxecto desta intervención, máis cá discusión acerca de reunificación ou 'reintegración', interézanos o debate sobre a lexitimidade do recurso ó portugués para encher as lagoas, fundamentalmente no terreo do léxico, que presenta o galego debido á situación de marxinação en que se viu sumido desde finais da Idade Media.

Con respecto a esta cuestión atopamos xa no derradeiro cuartel do século XIX un número nada desprezable de pronunciamentos neste sentido. Sirvan como exemplo opinións como a do asturiano Balbín de Unquera (1880: 349), para quen "tomar lo que se necesite de allende el Miño para escribir en gallego, es como tomarlo del propio peculio. El portugués puede contribuir al enriquecimiento del gallego con un elemento de tanto valor como el árabe", o como a de Martínez Salazar, que en varias ocasións sублиñou a utilidade dos dicionarios portugueses como instrumentos auxiliares para os escritores galegos. Así, en 1888 o erudito astorgano animaba a aproveitar, en xeral, os materiais e recursos que podían ofrecer as demais linguas románicas, e de forma especial a portuguesa, "que es la misma gallega, cultivada y profundizada científicamente, y con no más voces extrañas que las que ha menester toda lengua que es *viva* y progresa" (Martínez Salazar 1888: 160).

Ó longo do primeiro tercio do século XX abundan tamén os pronunciamentos no mesmo sentido, que se vinculan ás propostas de tipo reformista e rexeneracionista. O recurso ó portugués concíbese, pois, como unha ferramenta que, por unha banda, pode posibilitar a restauración de formas patrimoniais galegas que desapareceron diante da presión do español. Véxase, por exemplo, o seguinte texto de Vicente Risco:

Non negarei que o aportuguesamento tén os seus defensores [...]. Tampouco negarei que no léxico empregado pol-os modernos escritores galegos haxa moitas verbas que pertencen tamén ó portugués culto. E non vai esto pasar, si galego e portugués son a mesma língoa!... Esas verbas que os nosos detractores coidan *soi-lo portuguesas*, son *tamén galegas*; son tan nosas coma dos portugueses e temos tanto dereito pra empregalas, coma iles tamén [...]. Todas esas verbas aparecen escritas en documentos galegos da Edade Meia [...]. Non son escrusivamente portuguesas; non son *lusitanismos* (1927: 10).

Obsérvase, en todo caso, que na argumentación de Risco a lexitimidade do recurso ó portugués vincúlase ó galego antigo.

De por parte, o portugués convértese tamén nun instrumento privilexiado para a renovación e actualización do léxico. En tal sentido se pronuncian, por exemplo, as *Normas* do Seminario de Estudos Galegos, non sen establecer certas cautelas:

Co-esto está dito o esprito que debe domeñar a nosa orientazón: “o de achegamento ao portugués nos valdeiros que hai que encher no noso idioma” [...]. Mais somentes debemos achegarnos nos valdeiros que hai que encher na nosa fala, pois agás da nosa principal obriga de deixar que o galego siga ceibamente polos sulcos que él vaise marcando, non podemos crer que o portugués sexa unha língua perfecta aínda coa relativa perfeizón a que se pode aspirar nas cousas do linguaxe, e por eso cando unha construción castelán que viña suplir unha falla no galego tomou patria no noso idioma, se aquela é superior técnicamente á portuguesa co-ela debemos ficar (SEG 1933: 5-6).

Parecidas posicións atopamos en Carballo Calero, moi distante aínda das posicións reintegracionistas que sostería á fin da súa vida, que opina que “sólo los arcaísmos y los portuguesismos pueden llenar las lagunas que se observan” (1966: 32), ou no propio Piñeiro, na xa citada carta a Rodríguez Lapa:

Tamén estamos de acordo en que esa comunidade fundamental das línguas [galega e portuguesa] compre mantela, no que os galegos somos mesmamente os

máis interesados, porque esa comunidade é a que nos abre un horizonte inmenso de universalidade cultural dentro do ámbito lingüístico propio [...]. A política a seguir na fixación do galego culto debe orientarse decididamente á consolidación de todo o que hai de común no galego e no portugués. E na incorporación do vocabulario técnico, que o galego tén que levar a cabo intensamente, tamén debemos tender á maior identidade das dúas linguas irmás [...]. Mas será achegamento *desde* o galego, non renunciando ao galego (1973: 402).

Nesta mesma liña se inscriben as *NOMIG* de 1982, que enfatizan a necesidade de harmonizar as escollas normativas do galego coas das outras linguas, “especialmente coas romances en xeral e coa portuguesa en particular” en aspectos “tales como adaptación de cultismos e de terminoloxía científica e técnica” (ILG / RAG 1982: 7).

A pesar da coincidencia notable no plano teórico (ou retórico), o recurso ó portugués evoluiu notablemente desde o século XIX ata a actualidade, partindo desde as cotas inapreciables que se rexistran nos textos da renascencia (*cf.* Alonso Montero 1970: 45 e Santamarina 1994: 70-71), ata atinxir unha intensidade máxima, sempre en termos relativos, no momento actual, pasando por unha fase intermedia no período de entreguerras (*cf.* Fernández Salgado / Monteagudo 1995: 166). Por dicilo en termos de P. S. Ray, na construción do estándar do galego pasouse do *peche* á *apertura* ó portugués. Cousa ben distinta é que haxa quen valore esta apertura como excesiva e quen a considere claramente insuficiente.

4. DA ARQUEOLOXÍA Á NEOLOXÍA: DÚAS VISIÓNS SOBRE O GALEGO ANTIGO

A publicación serodia dos cancioneros medievais foi causa de que os primeiros escritores do Rexurdimento descoñecesen, no momento de compoñeren as súas obras, a existencia dunha tradición literaria antiga, ou, no mellor dos casos, que só tivesen leves indicios da súa importancia. En calquera caso, a tradición medieval, aínda que insuficientemente coñecida, non era ignorada por completo polos escritores do XIX (sobre esta cuestión *cf.* Hermida 1992: 94-100 e López 1991). Deste xeito, conforme avanza a segunda metade do século vaise incrementando a difusión xa non só dos textos literarios, senón tamén da prosa documental producida no país durante a Idade Media. Catherine Davies cita a publicación en diversas revistas durante a década dos sesenta de varios poemas de Afonso o Sabio (Davies 1986: 221-222). Tamén reviste certo interese para a difusión destes textos en Galicia a noticia, en 1876, de Teodosio Vesteiro Torres sobre a poesía de Martín Codax, e máis tendo en conta a proxección da revista en que se publicou, *El Heraldo Gallego*.

Así e todo, a publicación completa dos cancioneiros é relativamente serodia. Non será ata 1875 cando apareza a primeira delas, a edición diplomática de Monaci do *Cancioneiro da Vaticana*. Só tres anos despois publicárase en Lisboa a edición crítica de Braga. Para o *Colocci-Brancuti*, en cambio, unicamente contamos nesta época cunha edición diplomática parcial, pois inclúe soamente aquelas composicións non comúns co *Cancioneiro da Vaticana*, debida a Enrico Molteni. Aínda máis había tardar en aparecer publicado o cancionero máis antigo, o *Cancioneiro da Ajuda*, que editaría dona Carolina Michaëlis de Vasconcelos xa nos comezos do século XX. Pola súa parte, o cancionero mariano do Rei Sabio publicárono a Real Academia Española en 1889 en edición de Leopoldo Cueto, marqués de Valmar.

Deixando á parte as edicións completas dos cancioneiros, un fito fundamental para a difusión da tradición escrita medieval, literaria e non literaria, constituírono a aparición en 1886 da antoloxía realizada por don Antonio de la Iglesia co título de *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*, que inclúe, ademais de escritos contemporáneos, numerosas cantigas trobadorescas e textos medievais en prosa, algúns deles apócrifos (para a recepción e fortuna crítica desta obra, *cfr.* López 1991: 85-89). Aínda recoñecendo o escaso interese que esta antoloxía reviste para o estudo filolóxico, principalmente debido á falta de rigor do compilador, a súa publicación sen dúbida serviu para espallar e popularizar un coñecemento ata o momento vedado para a maioría das persoas interesadas na defensa e propaganda do galego. Menor repercusión pública tivo o *Cuadro de la literatura gallega en los siglos XIII y XIV* de Augusto González Besada, publicado en 1885, ou a súa *Historia crítica de la literatura gallega*, saída a lume só dous anos máis tarde.

Por último, é mester recoñecer o importante papel que xogaron para a recuperación do herdo medieval, e especialmente do patrimonio documental, varias publicacións galegas, entre as que non se poden deixar de citar *El Pensamiento Gallego*, onde López Ferreiro editou a *Corónica de Santa María de Iria* e mailo *Liber Tenencie de Horro*; a revista *Galicia Diplomática*, que dirixía Bernardo Barreiro de Vázquez Varela, e a *Galicia Histórica* coa súa *Colección Diplomática*, das que era responsable López Ferreiro. O propio López Ferreiro publicaría tamén na última década do século o *Fueros Municipales de Santiago y su Tierra* e iniciaría a publicación da monumental *Historia de la S. A. M. I. Catedral de Santiago de Compostela*. Tamén no abrente do século XX viría a lume a *Crónica Troiana*, en edición de Martínez Salazar, cunha introducción lingüística de Manuel R. Rodríguez. Martínez Salazar publicaría posteriormente, en 1911, o volume *Documentos gallegos de los siglos XIII al XIV*. No século XX proseguiron o labor de recuperación do herdo medieval autores como Oviedo Arce, César Vaamonde Lores ou Atanasio López. A RAG contribuíu tamén a esta tarefa coa edición dunha

Colección de Documentos Históricos publicada a xeito de apéndice do *BRAG*.

Este rápido inventario, que non aspira a ser exhaustivo, abonda para demostrar que, se ben é correcta a afirmación de que os primeiros escritores do Rexurdimento non tiñan máis que vagas noticias da tradición antiga, no derradeiro cuartel do século era xa imposible que escritores e estudiosos puidesen descoñecer a existencia da produción escrita medieval.

Nunha primeira fase (ata finais do século XIX), o redescubrimento dos textos antigos foi explotado como argumento prestixiador do galego moderno (cf. Hermida 1992: 94-100) e lexitimador do seu cultivo. Sen embargo, fóra dalgunhas referencias illadas, non propiciou un debate xeral sobre a conveniencia de acudir a estas obras para atopar solucións para os problemas de codificación que se lles presentaban ós “constructores” do galego moderno. A única desviación notable con respecto a esta tendencia xeral é a protagonizada por López Ferreiro, bo coñecedor do galego antigo, que trata de achegarse a el nas súas obras de creación nunha especie de fuxida diferencialista cara ó pasado. En calquera caso, a orientación arcaizante de don Antonio está presidida máis polo interese arqueolóxico que por unha intención reformadora. Sexa como for, o certo é que conseguiu poñer en circulación un elevado número de arcaísmos, algúns dos cales lograron incorporarse ó galego literario.

No galego escrito no período de entreguerras o aproveitamento do galego antigo, intimamente vinculado co recurso ó portugués, abórdase desde unha perspectiva completamente diferente. Os recursos léxicos tirados dos textos medievais non se contemplan xa desde unha perspectiva museística, senón que se conciben como un instrumento ó servizo da depuración do castelanismo e da recuperación de solucións tradicionais desaparecidas da lingua oral polo empuxe do español¹³.

Finalmente, sobre todo nas dúas últimas décadas, o galego antigo revelouose como un instrumento ó servizo da creación neolóxica, especialmente no tecnolecto xurídico-administrativo.

5. CONCLUSIÓN

Tratamos de presentar aquí a evolución das ideas acerca de catro aspectos que entendemos centrais para a formación do estándar léxico.

Canto ó galego popular, cómpre dicir que, malia os esforzos de Saco, en xeral foi obxecto dunha avaliación negativa en todos os períodos da historia

¹³ Véxase, neste mesmo volume, o traballo de Moisés Barreiro e Fátima Rodríguez Ruibal.

do galego. Esta consideración mudou un tanto nas últimas décadas do século XX. Paradoxalmente, o recurso a procesos característicos do galego popular (vulgarismos) é tamén unha constante, nun primeiro momento desde unha perspectiva etnográfica, e logo desde presupostos rexeneracionistas.

Polo que se refire á avaliación da influencia do español, é tamén constante a adopción dunha perspectiva purista, cando menos no plano teórico, que acabou dando pé a unha espiral diferencialista. No tránsito á modernidade os cambios máis relevantes non están tan relacionados coa intensidade do purismo, que se mantén nunha progresión crecente, como nos recursos empregados para a depuración. Por outra banda, a actuación espontánea deixou paso ó control e á planificación.

Canto ó recurso ó portugués, apréciase tamén unha certa continuidade na súa consideración como ferramenta imprescindible para a repriminación e para a modernización do léxico. No terreo da práctica, a liña evolutiva apunta na dirección dunha apertura progresiva.

Finalmente, tocante ó aproveitamento do léxico antigo, apreciamos unha evolución que vai desde unha perspectiva museística ou arqueolóxica á súa explotación actual con fins neolóxicos.

BIBLIOGRAFÍA

1. Fontes primarias

- A Nosa Terra (1919): “Nota da redacción”, en “O miñado. Conto de Eça de Queiroz”, *A Nosa Terra* 83, 4.
- Balbín de Unquera, A. (1880): “¿Cómo deben cultivarse los dialectos?”, *La Ilustración Gallega y Asturiana* II, 28, 348-349.
- Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego*. Santiago: Universidade, 1978.
- Carballo Calero, R. (1966): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
- Carballo Calero, R. (1974): “La constitución del gallego como lengua escrita”, *Verba* 1, 31-40.
- Carballo Calero, R. (1979): “Sobre a nossa língua”, en *Problemas da lingua galega*. Lisboa: Sá da Costa, 1981, 5-24.
- Carvalho Calero, R. (1981): “Pedagogía e lingüística”, en *Da fala e da escrita*. Ourense: Galiza Editora, 1983, 122-124.
- Comisión de Lingüística (Xunta de Galicia) [1980]: *Normas ortográficas do idioma galego*. Santiago de Compostela.

- Couceiro Freijomil, A. (1935): *El idioma gallego. Historia. Gramática. Literatura*. Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín.
- Dieste, R. (1971): *A vontade de estilo na fala popular*. Discurso lido o día 18 de abril de 1970 na súa recepción pública por Don Rafael Dieste e resposta de Don Domingo García-Sabell. A Coruña: Edicións do Castro.
- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma gallego*. Santiago: ILG / RAG.
- Lapa, M. Rodrigues (1973): “A recuperación literaria do galego”, *Grial* 41, 278-287.
- Lapa, M. Rodrigues (2001): *Cartas a Francisco Fernández del Riego sobre a cultura gallega*. Vigo: Galaxia.
- Losada Diéguez, A. (1930): “Encol da prosa gallega”, *Nós* 73, 2-8.
- Martelo Paumán, E. (1885): *Os afillados do demo. Conto*. A Coruña: Establecemento Tipográfico de J. Puga.
- Martelo Paumán, E. (1894): *Líricas gallegas*. A Coruña: Imp. de Viuda de Ferrer e Hijo.
- [Martínez Salazar, A.] (1888a): “En tela de juicio”, *Galicia. Revista Regional* II, 4, 159-167.
- [Martínez Salazar, A.] (1888b): “A uno, á outro y á todos”, *Galicia. Revista Regional* II, 6, 241-250.
- Pardo Bazán, E. (1888): “¿Idioma ó dialecto?”, en *De mi tierra*. A Coruña: Tip. de la Casa de Misericordia. Cito pola reprodución de Xerais (Vigo, 1984).
- Pereira, A. J. (1887): “Academia gallega”, *Galicia. Revista Regional*, I, 2, 105-108.
- Piñeiro, R. / C. Fernández de la Vega (1952): “Acraracións dos tradutores”, en J. Pokorny: *Cancioeiro da poesía céltiga*. Santiago: Bibliófilos Gallegos.
- Piñeiro, R. (1973): “Carta a don Manuel Rodrigues Lapa”, *Grial* 41, 389-402.
- Piñeiro, R. (1974): *Olladas no futuro*. Vigo: Galaxia.
- [Rodríguez] Rodríguez, M. (1892-1893): “Declinación gallega”, *Galicia. Revista Regional* I, 5 (11.1892), 267-275; 6 (12.1892), 335-345; 7 (01.1893), 385-390; 8 (02.1893), 461-469; 9 (03.1893), 525-528.
- Real Academia Gallega (1907): “Instrucciones para la redacción de papeletas para el Diccionario”, *BRAG* 11, 244-245.
- Real Academia Gallega (Comisión de Ortografía) (1909): “Ortografía gallega. Proposición. Dictamen”, *BRAG* 26, 46-47.
- Real Academia Galega (1971): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma gallego*. A Coruña.
- Risco, V. (1927): “Da renacemento gallega. A evolución do galego e os seus críticos”, *A Nosa Terra* 233, 9-10.

- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Soto Freire.
- Saco Arce, J. A. (1876): “Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes”, *El Heraldo Gallego* III, 104, 3-5; 105, 9-11; 106, 17-18.
- Saco Arce, J. A. (1876b): “El habla gallega ¿es léngua, idioma ó dialecto?”, *El Heraldo Gallego* III, 133, 233-235.
- Seminario de Estudos Galegos (1933): *Algunbas normas pra a unificación do idioma galego*. A Coruña: Nós.
- Seminario de Estudos Galegos (1936): *Engádega ás Normas pra a unificación do idioma galego*. Santiago.
- Taibo, V. (1917): “Fala y-estética”, *A Nosa Terra* 28-29, 5-6.
- [Vaamonde Lores, F.] (1896): “Do idioma galego”, *Revista Gallega* II, 65, 3-4.
- Valladares, M. (1892): *Elementos de gramática gallega*. Galaxia-Penzol: Vigo, 1970.

2. Bibliografía citada

- Alonso Montero, X. (1970): *Constitución del gallego en lengua literaria. Datos de una problemática cultural y sociológica*. Lugo: Celta.
- Alonso Pintos, S. (2002): *Para unha historia do estándar galego: as propostas do período 1966-1980*. Madrid: UNED.
- Calero Vaquera, M. L. (1986): *Historia de la gramática española (1847-1920)*. Madrid: Gredos.
- Davies, C. (1986): *Rosalía de Castro no seu tempo*. Vigo: Galaxia.
- Fernández Rei, F. (1988): “Posición do galego entre as linguas románicas”, *Verba* 15, 79-107.
- Fernández Salgado, B. / H. Monteagudo (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en H. Monteagudo (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 99-176.
- Garvin, P. L. (1959): “The standard language problem: concepts and methods”, en P. L. Garvin (1964): *On linguistic method. Selected papers*. The Hague: Mouton, 153-158.
- Gómez Asencio, J. J. (1981): *Gramática y categorías verbales en la tradición española (1771-1847)*. Salamanca: Universidad.
- González Seoane, E. (1994): “Concepcións do galego estándar nos gramáticos galegos do século XIX”, en R. Lorenzo (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*. Vol. 6. Santiago: Fundación Barrié, 75-88.
- González Seoane, E. (1996): “O debate sobre a independencia do galego na última década do século XIX”, en R. Lorenzo / R. Álvarez (eds.): *Home-naxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago: Universidade, 121-131.

- Hermida C. (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*. Vigo: Xerais.
- Hermida, C. (1996): “Galego e portugués durante o século XIX (1840-1891)”, en R. Lorenzo / R. Álvarez (eds.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago: Universidade, 107-119.
- Joseph, J. E. (1987): *Eloquence and power. The rise of language standards and standard languages*. London: Frances Pinter.
- Kloss, H. (1967): “‘Abstand’ Languages and ‘Ausbau’ Languages”, *Anthropological Linguistics* 9, 29-41.
- Lodge, R. A. (1993): *French. From dialect to standard*. London / New York: Routledge.
- López, T. (1991): *Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros galego-portugueses no século XIX*. Santiago: Laivento.
- Monteagudo, H. (1990): “Sobre a polémica da normativa do galego”, *Grial* 107, 294-316.
- Monteagudo, H. (1991): “A modernización do léxico galego en *Sempre en Galiza* e a norma léxica do galego culto actual”, en M. Brea / F. Fernández Rei (1991): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Vol. 1. Santiago: Universidade, 293-320.
- Monteagudo, H. (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Monteagudo, H. (1995): *Ideas e debates sobre a lingua: Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e a tradición galeguista*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago.
- Muljačić, ž. (1981): “Il termine ‘lingue distanziate apparentemente dialettalizzate’ e la sua rilevanza per la sociolinguistica romanza”, *SRAZ* 26, 1-2, 85-101.
- Sánchez Vidal, P. (2001): *Contribución ó estudio do proceso de codificación ortográfica e gramatical do galego: orientacións, conflito e fases do debate normativo*. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago.
- Santamarina, A. (1994): “Norma e estándar”, in G. Holtus / M. Metzeltin / C. Schmitt (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Vol. VI, 2. Tübingen: Max Niemeyer, 66-79.
- Sarmiento, R. (1984): “Introducción” a Real Academia Española: *Gramática de la lengua castellana 1771*. Edición facsimilar da primeira edición. Madrid: Editora Nacional.
- Thomas, G. (1991): *Linguistic purism*. London / New York: Longman.

SOBRE A NORMA LÉXICA DO GALEGO CULTO: DA PROSA FICCIONAL DE NÓS AO ENSAIO DE GALAXIA

Henrique Monteagudo

Instituto da Lingua Galega. USC

“Esta é a gran batalla que agora está librando o galego: a conquista da plenitude cultural” (R. Piñeiro)

Na memoria de Xoán González-Millán e Esperanza

Noutros traballos nosos publicados antes temos chamado a atención sobre facetas desatendidas do proceso de constitución da norma culta do idioma galego no período contemporáneo, sinalando en particular a importancia do estudo do léxico e a semántica. O presente contributo ofrécese como unha achega nesa liña. En primeiro lugar, procederemos a desenvolver, explicar e luír certos aspectos do aparello analítico que vimos empregando, que en artigos anteriores se trataron de xeito sumario e arestora vulgamos que requerían un maior afinamento. En contrapartida, na presente ocasión limitámonos a presentar rapidamente, en liñas xerais, nocións que noutras explicamos máis a fondo e de vagar. A seguir da dita presentación, vén o cerne do traballo, onde ampliamos, matizamos e exemplificamos observacións, reflexións e conclusións que temos avanzado en estudos anteriores. Para facelo, analizaremos e compararemos os procedementos e os resultados no tratamento do vocabulario en dous autores de indiscutible significación na historia recente da ‘lingua de cultura’ galega: Ramón Otero Pedrayo (1888-1976) e Ramón Piñeiro (1915-1990). Finalmente, incluímos o obrigado colofón bibliográfico, cinguido aos estudos máis importantes en que nos esteamos, seguindo un criterio moi selectivo; descansamos, pois, nos amplos repertorios que conteñen os contributos que aí figuran, especialmente os nosos propios, onde o lector ou lectora poderá identificar a literatura aquecente.

No artigo que estamos a presentar, Otero Pedrayo está tomado como modelo dunha certa concepción da elaboración da prosa *literaria* do período de preguerra, mentres que Piñeiro aparece canto paradigma dunha diversa concepción da construción da prosa *culta* no período de posguerra. Como é natural, ambos os autores son igualmente testemuñas de resultados adquiridos no proceso de constitución dun acrolecto galego (tomamos emprastado o termo da creoulística, dándolle aquí o sentido xeral de ‘variedade alta’), en especial da súa modalidade literaria, e tamén nesa condición serán estudiados aquí. Aliás, non se debe inferir do dito que en cada unha das eta-

pas non vigorasen outras concepcións distintas ás destes autores, mais simplemente que consideramos un e outro como representantes acaídos de abordaxes características naquelas, e que ambos e dous son bos expoñentes dos problemas que tiveron que afrontar os forxadores do galego culto contemporáneo.

En substancia, o noso contributo consiste nunha análise do vocabulario empregado na novela longa *A romaría de Xelmírez* (1934), e mais na colección de ensaios *Olladas no futuro* (1974), unha escolma de escritos breves dados a lume polo autor nas dúas décadas anteriores (1949-1973). Aquí abordaremos unicamente os niveis léxico e semántico, pero obviamente o panorama resultante podería completarse coa análise dos aspectos formais, desde a ortografía ata a morfoloxía, pasando polo tratamento dos cultismos e cuestións concomitantes. Noutros lugares tocamos estoutros aspectos; tratalos aquí alargaría excesivamente o traballo e desviaríanos do foco que nos impón o título do seminario onde foi presentado. O material de base para a nosa análise foi obtido no caso da novela de Otero a partir dos nosos propios apuntamentos, tomados cando preparamos unha edición da obra (1991); no caso da escolma de Piñeiro, partimos tamén de notas manuais recollidas durante unha lectura demorada do texto impreso, para posteriormente comprobar datos e cuantificar resultados botando man dunha versión en soporte informático que nos foi facilitada por Antón Santamarina. A este admirado mestre e querido colega lle debemos tamén unha ferramenta utilísima para o noso labor, cal é a publicación electrónica *Diccionario de diccionarios* (Santamarina 2000).

No *Diccionario de diccionarios* atópanse envorcados os principais espellos vocabulares galegos da centuria que vai desde c. 1860, no tempo xerminal do noso rexurdimento literario, ata c. 1960, nos tempos en que agromaba a xeración Galaxia: desde o *Diccionario gallego-castellano* de Francisco Javier Rodríguez (1863), cos seus catro mil lemas, ata o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* en tres volumes de Eladio Rodríguez González (1958-1961), cos seus máis de cincuenta mil lemas. Ao longo do noso artigo referirémonos ás coleccións lexicográficas aquecentes coas abreviacións que se utilizan no *Diccionario de Diccionarios*, e que van explicitadas na bibliografía final. Por vía da regra, nesas remisións, os diccionarios van ordenados cronoloxicamente, precisamente para dar idea da evolución temporal das innovacións. Neste senso, débese advertir que o *Diccionario galego-castelán* de Leandro Carré Alvarellos nos crea un pequeno problema, pois a súa primeira edición é de 1928-1931, en canto que o *Diccionario de diccionarios* inclúe a cuarta (1972), sendo que esta foi considerablemente acrecentada, ata engadir máis de cinco mil entradas novas ás vintetrés mil da primeira.

Somos conscientes de que, a pesar do ricaz material que ofrecen, a utilización dos vocabularios galegos amentados non ofrece probas concluíntes para a identificación e datación das innovacións que estudiamos, dada a súa heteroxeneidade (comezando pola distinta extensión de cada un deles) e tendo en conta as dúbidas relativas á súa fiabilidade como testemuñas cabais da lingua escrita de cadanseu período. Por acaso, nós tomamos o *Vocabulario popular castelán-galego* de Xosé Filgueira *et al.* (1926), coas súas preto de dezasete mil voces, e mailo xa citado *Diccionario galego-castelán* de L. Carré, como rexistros das innovacións aparecidas no galego culto das dúas décadas de antes da guerra. Endebén, sabemos que o feito de que un vocábulo ou unha acepción determinados veñan aboados pola primeira vez nun ou noutro non garante completamente que estivesen ausentes do galego literario decimonónico (en rigor, nin sequera que circulasen no galego coetáneo). Ora, tendo en conta que o precedente comparable máis inmediato destes compendios, o *Diccionario castellano-galego* de Marcial Valladares Núñez (1884), ofrece aproximadamente dezaseis mil verbetes, parece sensato considerar probable que a palabra ou significado non rexistrados ata Filgueira ou Carré xurdiron con posterioridade á redacción da obra de Valladares.

Ben certo, o manexo do avultado (case exhaustivo) fondo lexicográfico que está a atesourar Antón Santamarina co seu equipo do Instituto da Lingua Galega, permitirá de contado confirmar, matizar, ou desmentir este ou aquel exemplo concreto dos que tocamos aquí. Así e todo, temos un grao de confianza razoable en que o panorama xeral que deseñamos non vai mudar substancialmente. Sexa como for, este traballo, máis que presentar resultados definitivos, pretende tentar vías de aproximación ao tema e colleitar subsidios indiciarios. A exploración que realizamos tamén podería servir para extraer conclusións acerca do proveito que os cultivadores do galego tiraron da consulta dos dicionarios, pero non prestamos unha atención especial a esta cuestión, para non nos desviarmos do noso albo principal.

Non queremos ocultar que, ademais do interese puramente científico, cognoscitivo, do asunto que estudiamos, na presente contribución latexan tamén intencións apoloxéticas e didácticas. Estamos convencidos de que o galego culto corrente nos nosos días ten moito de mellorar, e coidamos que da man dun coñecemento afondado e crítico e dun aproveitamento selectivo e criterioso do idioma dos nosos clásicos (incluso aprendendo dos seus erros) pode vir un xurdio achego para esa mellora. Rendemos pois homenaxe aos autores e ás autoras que, en condicións totalmente adversas e movidos dun aceso patriotismo, fixeron un esforzo titánico a prol do cultivo e dignificación da lingua do país, e que nos legaron un rutilante tesouro que só desde a ignorancia, a soberbia ou o desleixo podemos permitirmos o luxo de desprezar, extraviar ou malbaratar.

O noso modesto contributo vai dedicado a Xoán González-Millán e á súa dona, Esperanza Caneda. Con eles perdemos dous amigos entrañables, que nos acudiron en momentos difíciles, que nunca deixaron de alentarnos, e cos que pasamos momentos inesquecibles de descuberta, de emoción, de pura felicidade. Lembranzas que custodiaremos dentro de nós e que xa non nos abandonarán ata que nos chegue a hora de irmos á súa compañía. Alén de testemuña de fidelidade radical e insubornable cara ao país, Xoán foi un baril exemplo de vontade ferreña e de paixón incombustible pola investigación e o coñecemento, de entrega xenerosa, teimuda e intelixente á pescuda ceibe, crítica e desinteresada. Xoán e Esperanza, coma tantos outros emigrantes, souberon apreciar o país que os acolleu e aprender del, pero nunca renegaron das súas orixes galegas. Polo mesmo, xamais perderon de vista o horizonte histórico dunha Galicia apropiada da súa cultura e dona dos seus destinos, no contexto dun mundo máis xusto, máis libre e máis solidario. No pensamento e na obra de Xoán, coma no mellor do galeguismo, Galicia rima con humanidade, pensamento con liberdade. Animados do seu mesmo espírito e confortados pola súa memoria faremos por escorrentar as pantasma do desalento e non afundir no abismo da desolación.

1. PARADOXOS DA ESTANDARDIZACIÓN

En relación cos procesos do que algúns estudiosos denominaron ‘adaptación’ ou ‘reforma’ das linguas, véñense empregado os termos de ‘normalización (do corpus)’, ‘estandardización’ ou ‘elaboración’. Non é este o lugar para enguedellarnos en disquisicións terminolóxicas, de maneira que imos concentrarnos nos aspectos e nocións que nos interesa subliñar. A elaboración do idioma galego emprendida na época contemporánea visaba a constitución dun acrolecto autónomo (unha variedade alta), e non a reforma ou adaptación dun previamente constituído, partindo fundamentalmente dun basilecto (conxunto de variedades baixas) conformado por un repertorio de falares cunha tradición de uso exclusivamente (ou case) oral e informal. Na medida que a ese acrolecto se lle foron atribuíndo significado e funcións ‘nacionais’, foi xurdindo a necesidade de *modernización* da lingua. Esta última consiste basicamente na habilitación do idioma para converterse en vehículo apto da civilización contemporánea, tanto no tocante aos ámbitos / funcións sociocomunicativos canto aos campos nocionais máis característicos desta. Por exemplo, un idioma contemporáneo precisa dispor dun sistema ortográfico fixado que permita escribilo, e require unha serie de rexistros especializados para ser utilizado nun abano de xéneros comunicativos vencellados aos medios de comunicación de masas.

A noción de modernización implica que, polas razóns histórico-culturais que sexan (no caso galego son ben coñecidas e non imos abundar aquí nelas), a lingua en cuestión quedou dalgún xeito desfasada. Que esa lingua se sente como pouco axeitada para ser empregada en funcións comunicativas ou para expresar determinado tipo de nocións vencelladas ao actual, á modernidade. Algún autor considerou que o aspecto central da modernización é a *intertraducibilidade*, isto é, a homologación da lingua en cuestión con outra ou outras do seu contorno que se toman como modelo pola súa adecuación exemplar para expresar a civilización coetánea. Intertraducibilidade é unha noción que nos remite directamente á semántica e indirectamente ao léxico, pois implica a 'importación' a un determinado espazo cultural dunha morea de nocións acuñadas noutras, e a súa 'traducción' á lingua en cuestión, o que *grosso modo* se poderá conseguir por empréstimo externo (isto é, mediante a importación simultánea, con ou sen adaptación, da designación foránea que soporta a nova noción) ou por manipulación, semántica e / ou léxica, dun significante pre-existente na propia lingua.

Sexa como for, o incremento da *intertraducibilidade* conduce a un maior *isomorfismo* entre as linguas, polo menos nas súas variedades cultas; dándose o caso de que, á parte do influxo forte e case ininterrompido do latín e (máis limitado) do grego nas linguas occidentais, sempre é unha lingua (ou unhas poucas) a que en cada etapa histórica, cada ámbito de cultura e cada grande área de civilización lidera o proceso de modernización e a que 'arrastra' tras de si ás da súa área de influencia. Aínda máis, achegándonos máis ao caso concreto que imos tratar, o do galego, temos que introducir un par de precisións de importancia crucial.

Un dos trazos centrais da situación histórica de subalternidade ou minorización do idioma galego exprésase na noción de *interposición* do castelán, isto é, no feito de que a cultura e o idioma dominantes (o que se ten denominado *lingua teito*) se situaron como mediadores obrigatorios entre a cultura e o idioma galegos (*lingua cuberta*) e o resto das culturas e idiomas da contorna. En época moderna, toda innovación conceptual ou material, e con ela toda novidade vocabular, chegaron a Galicia e ao galego inevitablemente peneiradas a través da cultura e o idioma casteláns. Centrándonos agora no aspecto lingüístico (aínda quedando advertido que este é inseparable do marco cultural), podemos dicir que, propiamente falando, desde o século XV por vía da regra o galego non recibiu inmediatamente latinismos, anglicismos ou italianismos, mais só castelanismos, isto é, vocábulos previamente peneirados polo idioma interposto e adaptados a el, aínda que estes á súa vez resultasen ser *no castelán*, latinismos, anglicismos ou italianismos de orixe. A situación de interposición deriva nunha forte tendencia cara á asimilación lingüística, pois mediante a introducción de empréstimos cada

vez máis masiva, a lingua dominante vaise infiltrando pervasivamente na lingua dominada.

Pero a situación agrávase cando a interposición externa ten o seu correlato na interposición interna ou *intrusión*, isto é, na ocupación por parte da lingua teito do lugar central do sistema lingüístico dominado, que en principio se acharía reservado á súa propia variedade culta. Ese lugar central é, de feito, o eixo articulador do propio sistema lingüístico, pois é o que lle outorga ao acrolecto o papel de mediador entre o conxunto das variedades que conforman o sistema, garantindo a súa cohesión e exercendo de guía e regulador dun proceso evolutivo autónomo e autocentrado. Nas situacións de intrusión, esa especie de posto piloto é usurpado pola lingua teito, que destarte impide que a lingua cuberta constitúa, actualice ou difunda o seu acrolecto en condicións idóneas. Situada no centro gravitacional do sistema lingüístico *satelizado*, a lingua teito convértese simultaneamente en barreira entre as distintas variedades deste (diacrónicas, diatópicas e diastráticas) e en foco irradiador de interferencias lingüísticas, impóndolle a este unha orientación heterónoma e descentrada. A lingua teito non se torna só en fonte de toda innovación, mais invade a lingua cuberta, apuxando á marxina e condenando á obsolescencia os vocábulos que esta posúe de seu para expresar nocións antigas e estables (*abuelo* por *avó*, *ayer* por *onte*, *suelo* por *chan*, etc.). Como consecuencia, a lingua satelizada sofre unha progresiva fagocitación por parte da lingua satelizadora que arrastra aquela cara á súa hibridación, e que pode rematar na dialectalización completa.

No caso galego, coma noutros análogos, as angueiras de normalización da lingua insírense nun proxecto de creación / reforzamento da identidade propia, tamén no terreo lingüístico, o que implica un proceso de autenticación, do que un aspecto prominente é o incremento de distancia verbo da lingua dominante: cando o problema consiste na asimilación, a solución procurarase na disimilación. Existe un 'limiar mínimo' de distancia, difícil de definir pero xeralmente percibido, por debaixo do cal un idioma comeza a ser notado como un dialecto. E isto séntese con especial acuidade cando as linguas en cuestión son moi próximas do punto de vista xenético-estructural, como é o caso do galego e o castelán. Se a satelización tende a recortar a distancia interlingüística, mediante a asimilación 'activa' (vía introducción de vocabulario novo, por non falar da gramática) e a hibridación 'pasiva' (vía desprazamento do vocabulario tradicional da lingua baixa polo correspondente da lingua alta), o proceso de emancipación busca incrementar esa distancia, evitando así o perigo da dialectalización ou disolución da lingua subalterna na dominante.

Secomasí, o castelán constituíuse en vehículo forzoso (desde o século XVI) e único (desde comezos do século XIX) de alfabetización e acultura-

ción das elites sociais, e máis tarde, das grandes masas galegas. Isto implica que os grupos que emprenderon, viñeron esteando e en definitiva protagonizaron o proceso de normalización / modernización do galego, en canto que produtores, mediadores e receptores da variedade elaborada (ou en elaboración) deste, están, por definición, aculturados en castelán. En dúas palabras, para eles trátase de transferir ao galego as destrezas lingüísticas e intelectivas adquiridas en castelán, por mor de habilitar aquel nas funcións acaparadas por este. Se o castelán funciona, polo dito, de 'pano de fondo' sobre o que traballan os cultivadores do galego, a estes tampouco lles escapa que os destinatarios potenciais do galego cultivado tamén teñen o castelán como principal referente de lingua de cultura. En definitiva, tácita pero inevitablemente, en todo o proceso de elaboración do galego, o castelán veu xogando como modelo de lingua culta.


Do dito infírese o grande paradoxo en que se moveu o proceso de modernización do idioma galego: dunha banda, trátase de estandarizalo, introducíndoo en espazos funcionais tradicionalmente reservados ao castelán, o cal inevitablemente conduce a facelo homologable en maior ou menor medida a este; doutra banda e simultaneamente, trátase de autenticalo, mirando de incrementar a distancia interlingüística con respecto ao idioma satelizador. Un paradoxo aínda máis agudo se temos en conta as dúas circunstancias sinaladas: a primeira, que tratándose de linguas moi próximas, a marxe de manobra para conseguir un acrolecto autónomo é relativamente reducida; a segunda, que a lingua que actúa como modelo implícito dos estandarizadores do galego é o castelán, pois todos eles, por razóns obvias, teñen o segundo como a súa principal lingua de cultura. Estamos pois ante un dilema que podemos denominar 'modernización / autenticación'.

2. LUGAR CENTRAL DA VARIEDADE CULTA NO SISTEMA LINGÜÍSTICO

En períodos históricos anteriores, que no noso caso chegan ata aproximadamente a segunda década do século XX, a variedade literaria víñase tendo por 'clave da bóveda' de todo sistema lingüístico. En consecuencia, desde o Rexurdimento os galeguistas consideraron que a tarefa principal para conseguir a elevación do idioma pasaba polo cultivo literario deste. O propio Rexurdimento marcou como prioridade o cultivo da poesía, onde se conseguiron uns resultados brillantes, e de aí que contemos cun xurdio galego poético. A que se deu en chamar Xeración *Nós* marca unha mudanza profunda de concepción, que responde a un fenómeno xeral no mundo contemporáneo: a clave da modernización do idioma xa non reside no seu cultivo na poesía, mais na prosa, e en particular na prosa non ficcional. Parafraseando

a John Joseph, podemos dicir que o lugar sobranceiro en que a cultura occidental adoitaba situar a imaxinación e a creación artística pasou a ser ocupado no mundo actual pola información e invención tecnocientífica. O corolario disto é obvio: os valores comunicativos da lingua priman sobre os estéticos. Consecuentemente, os esforzos dos cultivadores do galego pasaron desde a época de preguerra a centrarse na narrativa, no ensaio e no uso culto xeral da lingua, tanto na escrita (correspondencia, artigo) coma na fala (oratoria cívica e académica, conversa culta). Daquela, pode falarse dun proceso constituínte dunha variedade culta da lingua, unha entidade que non debe confundirse coa variedade propiamente literaria, por máis que, como é obvio, exista unha ampla zona de solapamento entre as dúas.

Como antes dixemos, esa variedade culta ocupa, de feito, un lugar central dentro do sistema lingüístico. Por unha banda atópase na base (e aliméntase) da lingua literaria e das linguaxes especializadas, e, convenientemente socializada (a través da escola, os medios de comunicación de masas e os ámbitos formais da esfera pública en xeral) como modelo de referencia, influencia a variedade ordinaria (conversacional e non formal) do idioma, ao tempo que se deixa influír por esta. A variedade culta, o auténtico ‘centro de gravidade’ do sistema, ten así mesmo un papel crucial na regulación da continua circulación de elementos dentro da mesma lingua, nas trocas de recursos entre as distintas variedades desta, en definitiva, no mantemento do seu equilibrio dinámico. É nos sentidos devanditos que empregamos no título deste contributo o termo *norma culta*: con el sublíñase o carácter de modelo, de padrón, que detén a tal variedade culta. A variedade culta do galego, na medida en que consiga competir coa variedade culta do castelán nas funcións socio-comunicativas centrais que esta acapara, é a chave que permitirá desbloquear a situación de interposición. Tamén isto foi percibido polos promotores da modernización do galego no período de preguerra, cando denunciaron que a lingua galega estaba obrigada a relacionarse coas demais do mundo a través da alfándega do castelán, e se propuxeron rachar con esta situación.



Un aspecto esencial da cuestión da modernización é, efectivamente, a utilización das fontes potenciais de arrequeamento da lingua, isto é, o emprego dos recursos lingüísticos dispoñibles cara á renovación do idioma. En situación de interposición, a lingua teito monopoliza ese papel, colocándose como única fonte de innovación para a lingua cuberta e, polo mesmo, trocándose de fonte de ‘arrequeamento’ en fonte de ‘empobreceamento’ desta.

3. VARIEDADE LITERARIA E VARIEDADE CULTA. ESBOZO DE CARACTERIZACIÓN

Canto á caracterización da variedade culta fronte á variedade literaria e ás variedades especializadas (linguaxes específicas das distintos dominios académicos e científico-técnicos), podemos resumila no seguinte cadro, en que facemos correlacionar cultivo nunha determinada modalidade de texto con elaboración da correspondente variedade lingüística:

<i>Xénero comunicativo</i>	Literatura ficcional	Escrita non ficcional	Escrita especializada
<i>Rexistro lingüístico</i>	Variedade literaria	Variedade culta	Linguaxes especializadas
<i>Función</i>	Expresión	+ Comunicación/±Expresión	Comunicación
<i>Autor/tema</i>	Subxectividade	Perspectiva	Obxectividade
<i>Finalidade</i>	Emoción	Comprensión	Explicación
<i>Significación</i>	Connotación	+ Connotación /± Denotación	Denotación
<i>Público</i>	Público diverso	Público culto	Expertos
<i>Visibilidade da lingua</i>	Alta	Media a escasa	Nula
<i>Características idiomáticas e relación significativa / significado</i>	Valores estéticos Expresividade Beleza Creatividade Variedade Riqueza	Valores comunicativos Clareza Elegancia Pertinencia Regularidade Fluidez	Valores intelectivos Exactitude Concisión Rigor Fixeza Densidade
<i>Tarefa / estadio</i>	Acarexo / exploración	Selección / estabilización	Estandarización / codificación
<i>Temas-tipo Traducibilidade</i>	Nacionais -Traducible	Humanísticos ± Traducible	Científico-técnicos +Traducible
<i>Importancia da enxebreza lingüística</i>	Enxebreza doada e moi importante	Enxebreza máis difícil, abondo importante	Enxebreza moi difícil, pouco importante

Como vemos, a variedade culta atópase nunha posición intermedia entre a variedade literaria e as variedades especializadas, aínda que por vía da regra está máis próxima ás segundas, en parámetros tales como función expresiva *versus* función informativa; expresión da subxectividade e as emocións vía a exploración da carga connotativa da linguaxe *versus* comunicación de

contidos referenciais vía explotación da carga denotativa da linguaxe; alta visibilidade / total transparencia da lingua, intraducibilidade / traducibilidade, enxebreza / cosmopolitismo. Canto aos destinatarios, o texto en variedade culta é o que potencialmente se dirixe a un público máis amplo, quedando o texto literario (habitualmente) restrinxido para un público máis reducido, e os textos especializados limitados a círculos moi estreitos de expertos.

No tocante ás características idiomáticas e á relación entre o significante e o significado, o texto literario estéase na exploración dos valores estéticos da lingua (de aí que se procure sobre todo a beleza, a creatividade, a expresividade, a variedade e a riqueza do léxico), de maneira que o receptor se deleite coas cualidades formais do texto; no texto en prosa culta priman os valores comunicativos (como a clareza, a corrección, a pertinencia, a regularidade e a fluidez), de xeito que o receptor capte co menor esforzo e a menor ambigüidade o fluxo das ideas expostas; o texto académico-científico dá primacía aos valores intelectivos con desatención dos estéticos, e especialmente se centra nas necesidades comunicativas, pois trátase de ofrecer a maior cantidade de información coa maior economía de recursos lingüísticos (de aí a concisión e a eliminación da redundancia).

Se atendemos ao estadio do proceso de estandarización que corresponde tipicamente ao cultivo de cada unha das modalidades de texto e a correspondente elaboración de variedades de lingua sinaladas, aos estadios iniciais corresponde a acumulación asistemática de recursos lingüísticos (a tarefa que denominamos de ‘acarrexo’) típica dos textos literarios, nos estadios intermedios prodúcese a decantación ou estabilización deses recursos (tarefa de ‘selección’) que se opera tipicamente na lingua culta, nos estadios superiores prodúcese a fixación e codificación deses recursos (tarefa de estandarización *strictu senso*) que é típica dos textos especializados.

4. INTELECTUALIZACIÓN, FALA, ESCRITA. SOCIEDADE TRADICIONAL / CONTEMPORÁNEA

Un aspecto moi importante da modernización da lingua é o que os teóricos de Praga denominaron *intelectualización*. Na liña do que sinalamos atrás, o léxico patrimonial galego é perfectamente apto para o seu uso en funcións ‘baixas’ (ás que corresponden situacións comunicativas informais e orais), e para expresar o estadio de civilización que correspondía ás comunidades que tradicionalmente se servían do idioma galego (campesíños, mariñeiros, artesáns...), pero quedou eivado para as funcións altas que se lle vedaron (fundamentalmente escritas ou de ‘oralidade secundaria’) e para expresar os avances da civilización, que chegaron a Galicia fundamentalmente a través

do castelán. A intelectualización é unha faceta do proceso de modernización que atinxe sobre todo aos niveis léxico-semántico e sintáctico e que consiste na habilitación do idioma para producir enunciados precisos, rigorosos e abstractos, e implica unha tendencia cara a unha maior sistematización do pensamento e da expresión.

No que atinxe ao léxico, procúranse termos para expresar unha mancha de nocións abstractas e para vehiculizar designacións precisas, unhas máis xenéricas e outras moi específicas, pero sempre con perfís semánticos cuidadosamente definidos e en moitos casos integradas en sistemas conceptuais altamente coherentes e organizados. Tocante á sintaxe, de que non nos imos ocupar aquí, requírense procedementos sistemáticos moi sofisticados para construír enunciados elaborados e complexos, e explicitar sistematicamente unha gama ampla e sutilmente matizada de relacións lóxicas, así como para marcar a xerarquía de relevancia da información ofrecida nos enunciados. Observemos de camiño unha obviedade: os dicionarios (e máis aínda os vocabularios especializados) son poderosos instrumentos de codificación do léxico dunha lingua, o mesmo que as gramáticas o son da súa morfosintaxe.

O dito non significa que as sociedades tradicionais sexan intelectualmente pobres, nin moito menos que as linguas faladas carezan de termos abstractos, designacións xenéricas e específicas, conectores léxicos, procedementos de tematización, topicalización e focalización, etc. Os oficios tradicionais (agrícolas e gandeiros, artesanais...) posúen unhas linguaxes de especialidade tan aptas, específicas e ricas coma os oficios modernos, e non se sabe moi ben por qué os terminólogos se resisten a denominalas 'tecnolectos'. O idioma popular, igualmente, tamén posúe termos para designar nocións ou operacións intelectuais; incluso algúns destes experimentaron unha metaforización espontánea. Sería escusado ilustrar o dito con exemplos, pero podemos ofrecer unha pequena mostra deste tipo de vocábulos, que foron acollidos pola lingua literaria (en concreto, aparecen no texto de Piñeiro): *atinado* (*atinar* desde Ac, orixinalmente 'acertar no albo'), *aquecer* (xeral desde Ro), *celme* (xeral desde Ro, como 'substancia, gusto, esencia': "necesitamos da poesía para comprender o noso sentir, que é o *celme* da vida"), *desleixo* (Ca, El), *engado* (en principio 'cebo, comida que se pon no anzol para enganar os peixes', pero xa en Pi tamén 'atractivo, encanto'), *esmorecer*, *lene* (rexistrado desde Cu e Va), *pesquidar* (o verbo xeral desde Pi, xa con senso inmaterial, 'indagar, averiguar'; pero o substativo de verbal *pesquida* 'investigación, inquisición' só desde Fi), *refugar* (xeral desde Ro).

Non é menos evidente que a prosa culta tende a referirse a un ámbito de significación en boa parte inmaterial, ou en todo caso, moito máis inmaterial do que a fala ordinaria, e debe facelo ademais con recursos máis sofisticados

ca esta, tamén no eido conceptual. Con respecto ás sociedades tradicionais, as sociedades modernas posúen un inventario conceptual que por unha banda é simplemente distinto, e por outra banda ten un carácter considerablemente diferente: perdéronse en boa parte os oficios artesanais, e con eles as xergas correspondentes, mais no seu lugar apareceron novas profesións, cos seus baralletes específicos; descoñecemos innúmeros termos referidos ao mundo natural que eran comúns para os nosos avós (nomes de plantas, peixes ou accidentes do terreo), pero sabemos outros tantos referidos ao mundo dos aparellos e trebellos que nos rodean; coñecemos poucos nomes de santos e santas pero aprendemos moitos outros de películas, actrices, deportistas, etc.

A cuestión non é, xa que logo, que se produciuse un incremento de 'contidos' semánticos, é que apareceron outros e en parte teñen outro carácter, pois operouse unha mudanza nas modalidades de significación. A nosa é unha civilización urbana caracterizada pola alta capacitación cognitiva de sectores amplos da poboación, o dinamismo socio-económico, a mobilidade xeográfica, a importancia dos medios de comunicación de masas e un veloz ritmo de desenvolvemento científico-tecnolóxico, unha sociedade moito máis diversificada e especializada cá sociedade agrícola; vivimos unha civilización, en suma, altamente alfabetizada, fronte á sociedade tradicional, de base oral ou semi-alfabética.

Na sociedade tradicional a primacía da fala é absoluta e incuestionable, na sociedade moderna a escrita (e tamén a denominada 'oralidade secundaria', dependente da escrita) ten un lugar moito máis sobranceiro. A fala apóiase no contexto e na presenza física dos interlocutores, vai fluíndo espontaneamente e refírese sobre todo a procesos en curso; polo mesmo, utiliza sobre todo palabras gramaticais e verbos. A escrita é independente do contexto, ten que suplir a presenza física dos interlocutores con medios exclusivamente lingüísticos, é planificada e refírese fundamentalmente a estados; polo mesmo, utiliza moitos máis nomes (substantivos e adxectivos) e cómprelle ser todo o acurada posible (Halliday). A fala común conténtase coa intelixibilidade, a linguaxe culta (sobre todo a escrita) require precisión, as linguaxes de especialidade (case por definición escritas ou de 'oralidade secundaria') obrigan á exactitude.

A intelectualización é un fenómeno típico dos rexistros cultos, escritos e de 'oralidade secundaria', e no campo léxico obriga á creación de moitos termos novos (sobre todo nomes e adxectivos), algúns dos cales serán máis xenéricos e outros máis específicos ca os correntes: é sabido que, por vía da regra, os dialectos campesiños carecen de termos especializados para significantes xenéricos tales como 'flor' (que de feito é un latinismo) ou 'árbore', canto a termos específicos, eses mesmos dialectos distinguen especies ou va-

riedades que presentan características formais (ou doutro tipo) propias, pero os botánicos teñen un sistema categorial extremadamente sofisticado para clasificar sistemática e xerarquicamente aquelas, e dotar cada unha delas dunha denominación específica.

5. MODERNIZACIÓN / AUTENTIFICACIÓN DA LINGUA: PROCEDEMENTOS E RECURSOS

Nunha situación coma a do galego a elaboración da lingua ten, como dixemos, dous aspectos complementarios: a depuración (vencellada sobre todo coa autentificación) e a actualización (vencellada fundamentalmente coa modernización). Ambos e dous teñen como obxectivo a constitución dunha norma lingüística autónoma con respecto ao castelán: a depuración é retrospectiva, o seu obxectivo é detectar e eliminar formas intrusas, e substituílas por outras propias (que en moitos casos foran á súa vez desprazadas anteriormente por aquelas); a actualización é prospectiva, a súa finalidade é a posta ao día permanente do idioma, realizada conforme unha orientación propia, non dependente.

Un dos problemas máis serios que presenta a depuración é a identificación dos vocábulos intrusos, tarefa esta especialmente complexa en idiomas estreitamente emparentados coma o castelán e o galego. Despois vén a decisión sobre cáles deben ou poden ser substituídos e cáles non, e finalmente, a procura do substituto axeitado. Obviamente, os castelanismos suntuarios (competidores ou substitutos de voces galegas) son máis doadamente recambiables (especialmente se non chegaron a retirar do uso a voz galega correspondente e non experimentaron unha adaptación que lles serve de camuflaxe) do que os castelanismos utilitarios, que se introduciron no galego como designación de innovacións nocionais. En todo caso, o exemplo de Otero Pedrayo mostráranos que, no límite, a paronomasia co castelán pode tornar calquera vocábulo galego sospeito de intrusismo, o cal obriga a aplicar intensos esforzos de inventiva dubidosamente necesaria e ás veces mal orientada. Volveremos ao final deste apartado sobre esta cuestión. Dado que a partir de agora imos manexar dous termos que ás veces aparecen confundidos, é conveniente definilos antes de seguir. Por *paronomasia* entendemos tanto o fenómeno de dúas palabras de linguas distintas (neste artigo, case sempre o galego e o castelán) teren unha orixe común e unha forma moi similar (gal. *mesa* / cast. *mesa* < lat. *mensa*), coma os pares formados por ese tipo de palabras, e cada un dos membros desa parella. Por *paronimia* entendemos a semellanza formal, máis ou menos marcada, entre palabras distintas, da mesma lingua ou de linguas distintas (*engado* / *en-*

canto, antigo / antergo), e non debida a unha orixe común mais á simple casualidade.

No caso da modernización, sempre debemos partir da necesidade de expresar un concepto ou significado novo, isto é, dunha novidade semántica. Por vía da regra, ese significado chega ao falante (ou cultivador) da lingua 'x' (o galego) xa incorporado no correspondente significante doutra lingua 'y' (o castelán): un non toma contacto co significado 'conxunto organizado de persoal que traballa nunha empresa ou institución' directamente, mais a través dun significante, por acaso, o castelán *plantilla*. Pero o usuario da lingua (en particular, o cultivador), tamén pode sentir a necesidade de expresar un contido semántico novo, sen que necesariamente lle chegase previamente expresado noutra lingua: Otero Pedrayo ofrecéranos abundantes exemplos (adiantemos algún: *albeigante, flanexante, renchemento*). En galego, os dous procedementos básicos para responder á necesidade de expresar significados inéditos son a *fabricación* dun significante novo, ou o *empréstimo* vocabular, isto é, a asociación do novo significado a un significante preexistente. A fabricación consiste tipicamente na formación de derivados a partir dunha base léxica preexistente, por transcategorización –como en *baleiro* (adxectivo > substantivo)–, truncación *-pescuda* (< *pescudar*)–, parasítese *-inesgotable* (< *esgotar*)– ou (o máis corrente) sufixación *-vencellar* (< *vencello*)–, ou ben a creación de compostos sintagmáticos como *cadro de persoal*.

Tanto na fabricación coma no empréstimo o proceso pode ter carácter autónomo ou orixinal, o que significa que os recursos aplicados son 'inter-nos' á lingua, ou ben carácter exónimo ou de copia, o que quere dicir que os recursos son 'aléos': a fabricación é orixinal (coma en *cadro de persoal, esquecemento* ou *engaiolante*) ou é 'calcada' (coma en *inquietante* fronte a *inquietante*, *cinto de seguranza* fronte a *cinturón de seguridad* ou *fin de semana* fronte a *week-end*); a extensión de significado realízase sen seguir un padrón externo determinado (*asoballar* 'trepar, pisotear' > 'humillar, aldraxar' > 'suxeitar, 'oprimir') ou ben séguese o doutra lingua (*desenvolver/se* 'desenvurullar unha cousa que estaba enrolada' > 'crecer ou facer crecer en magnitude ou capacidade', 'incrementar a capacidade económica' < cast. *desarrollar* ou portugués *desenvolver*, ou ambos combinados); o significante habilitado pode ser un vocábulo propio (*escolma*) ou ben é un vocábulo importado doutra lingua (*paradiso* en Otero, tomado do italiano).

A resposta a unha situación coma a do galego, en que a modernización e a autenticación presentan esixencias en parte contradictorias, consistiu na posta en xogo da estratexia *diferencialista*, isto é, o *enxebriemento*, que toma como fonte principal de recursos os propios da lingua. O diferencialismo opera, en esquema, cos seguintes procedementos:

1) Canto á fabricación de palabras a partir de significantes preexistentes, procúrase aplicar procedementos distintos aos que aplica co castelán (*-mento* no canto de *-ción*, como en *madurecemento*, *preparo* fronte a *preparativo*), incluso tornando productivos sufixos que deixaran de selo en períodos da lingua recuados (*-nza* é un bo exemplo, como mostraremos), ou ben aplicar sufixos coincidentes pero sobre bases diferenciais, obtendo polas dúas vías resultados ‘distanciadores’. A fertilización de bases léxicas patrimoniais e diferenciais realízase adoito para evitar a introducción de cultismos ‘aproximantes’. A fabricación produce casos moi notables de proliferación ou creación de ricas familias léxicas: *acougar* / *acougo* [populares] > *desacougar* / *desacougo* > *desacougante* / *desacougador* [creacións cultas]; *artello* [pop.] > *artellar* > *artellamento* // *desartellar* > *desartellamento* [cultas]; *quedo* [pop.] > *inquedo* > *inquedanza* / *inquedar* > *inquedante* [cultas]; *xeito* > *axeitar/se* > *axeitado* [ata aquí chegou o idioma popular] > *desaxeitado* / *inaxeitado* [cultas].

Por parte, hai que ter en conta que os sufixos que se manteñen productivos no idioma actual (por acaso, *-mento* para substantivos, ou *-nte* e *-dor* para adxectivos), están decote ao dispor do usuario para que nun momento dado, conforme ás súas necesidades comunicativas, xere un vocábulo concreto: por acaso, Otero emprega os adxectivos *aquecente* e *esculcador*, non rexistrados previamente, pero calquera falante que atope por primeira vez esas palabras, se coñece o significado das bases respectivas, *aquecer* e *esculcar*, activa mecanicamente o significado derivado, doadamente deducible. Pero, se non que se produce a súa lexicalización, a ocorrencia deses vocábulos quedará como un fenómeno idiosincrático e ocasional. A lexicalización implica unha asociación regular e estable dun significante cun significado, isto é, esixe a adopción da nova voz por máis dun usuario, e o seu emprego máis ou menos reiterado.

2) Canto ao empréstimo, dunha banda recórrese sempre que é posible a significantes preexistentes na propia lingua, que adoito experimentan unha ‘recarga’ semántica, doutra, bótase man de empréstimos externos, pero procedentes de fontes distintas ao castelán. No caso do empréstimo interno, rescátase para o acrolecto voces procedentes de basilectos periféricos, ás veces obslocescentes: arcaísmos, dialectalismos, termos específicos de oficios tradicionais (e adoito periclitados), ou incluso da lingua popular: *xurdio* ‘magnífico, excelente’ é un vocábulo de circulación moi abundante na lingua culta da preguerra e a posguerra que, segundo El, en orixe é un localismo de Ortigueira. Teremos azo de considerar máis exemplos.

A extensión de significado prodúcese por *metáfora*, que normalmente parte dun significado material e conduce a un inmaterial. Tendo en conta o

que antes dixemos sobre as esixencias da intelectualización, a recarga semántica do termo da lingua propia pode implicar unha ampliación de sentido (para crear un termo xenérico ou hiperónimo), unha restricción do mesmo (para crear un termo especializado ou hipónimo), unha simple translación (para dotalo dunha nova acepción ou convertelo nun sinónimo). Por vía de exemplo, Ramón Piñeiro xoga co dobre significado, físico e metafórico, da palabra *camada*, cando fala do “estudo dos restos materiais acochados nos nosos castros baixo *camadas* materiais de terra e baixo *camadas* espiritoais de lendas máxicas”.

Unha metáfora *automatízase* cando xa non é percibida como tal, de xeito que o novo significado fica automaticamente asociado ao correspondente significante; incluso substituíndo a acepción material primitiva ou relegándoa a un segundo plano: cando Piñeiro fala dos ‘*atrancos* con que *bate* o leitor da obra oteriana’, ao lector non se lle suscitan directamente as nocións de ‘obxectos que dificultan o avance ou o movemento’ nin ‘dar un golpe contra un obxecto que se interpón na traxectoria’. É máis, tomado illadamente, o vocábulo *atranco* fainos pensar tanto nas abstractas *dificultades* coma nos concretos *estorbos*; a acepción derivada practicamente se solapou sobre a acepción primitiva. O caso de *bater* é un pouco diferente, pois se ben o seu uso na acepción metafórica non chama a atención en absoluto, tomada a palabra illadamente a primeira noción para a que remite é de tipo material. Vexamos, por vía de exemplo, unha serie de verbos que pasaron de designar operacións sensibles, en concreto relacionadas coa vista, a referirse a operacións intelectuais, experimentando así unha metaforización que está automatizada na lingua culta actual, e son empregados así por Piñeiro: *albiscar* (o senso orixinario de ‘divisar coa vista’ rexistrado en Lemos, segundo ELA, o translaticio ‘atisbar’, só en Ca), *dexergar* (o senso material ‘ver, percibir con la vista’, xa en Ro, o figurado só en EL), *enxergar* (aparece por primeira vez en Fi, xa coa acepción metafórica; quizais empréstimo do portugués).

O fenómeno de automatización das metáforas é consecuencia do emprego figurado da linguaxe, corrente en calquera nivel da lingua, pero implica que o símil que nun tempo o orixinara pase totalmente inadvertido para o receptor da mensaxe. Constitúe, xa que logo, un fenómeno de lexicalización. Máis adiante volveremos sobre isto. Vexamos arestora un exemplo máis, que nos permitirá ir afondando nos matices do proceso de metaforización. O mesmo Piñeiro está utilizando unha linguaxe figurada, xogando cos dous tipos de metáfora, no parágrafo seguinte:

Por embaixo da *códea* que a sucesión das modas literarias foi formando, sin dúbida *latexaban* tendencias xenuínas, fondas, que *xermolaron* a penas feita a primeira *decrúa*.

Parece claro que *códea* e *decrúa* teñen un uso figurado no texto que é puramente ocasional, e que resulta evidente para o receptor do texto, mentres que *latexar* e *xermolar* tamén presentan aquí un uso figurado, pero xa non nos parece ocasional no texto ou idiosincrático do autor. Se tivésemos que definir cada unha destas dúas palabras illadamente, introduciríamos unha acepción 'figurada' delas, recollendo o significado desprazado. A metáfora aquí non está totalmente automatizada, pero atópase en vías de automatización.

3) O diferencialismo pode xogar tamén co estatus, a distribución ou a frecuencia de formas. Destarte, promociónase o uso de paronomasias co castelán, de uso restrinxido ou obsolecente neste idioma: *comentario* é preterido fronte a *comento*, pois, aínda que ambas son paronomásticas, a segunda ten un uso restrinxido no idioma teito; algo semellante acontece con *crecer* e *medrar* (de contado volveremos sobre isto). Aquí debemos introducir dous termos especiais: vocábulo 'aproximante' ou coincidente fronte a vocábulo 'distanciador' ou diferencial. Co primeiro termo designamos as paronomasias, isto é, as palabras que teñen un cognato formalmente idéntico ou moi similar en castelán, doadamente recoñecible e comunmente coñecido, sendo ou ben patrimoniais e por tanto galegas de orixe (como *mesa* ou *casa*), ou ben neoloxismos procedentes do 'fondo de léxico culto transnacional' e por tanto, cando menos virtualmente, galegas de adopción (latinismos e outros cultismos).

En ocasións, existen xa no idioma series de sinónimos ou palabras afíns, das que un ou varios membros son distanciadores e outro ou outros son aproximantes: *lembrar* fronte a *recordar* ou *acordarse*; *lembranza* fronte a *recordo*. Noutros casos, habilítase ou créase un sinónimo mediante algún dos procedementos coñecidos por mor de evitar o emprego exclusivo dun vocábulo aproximante, ben estea este xa introducido na lingua, ben sexa un neoloxismo potencial: habilítanse *acadar* e *conquerir* para evitar *alcanzar* e *conseguir*; créase o neoloxismo *inesquecente* coa intención de obviar outro neoloxismo, *inesquecible* (cfr. portugués *inesquecível*), etc.

Tanto nun caso coma noutro, por vía da regra o galego común falado, pressionado polo castelán, tende a primar o uso das voces comúns ou 'aproximantes', mentres que o galego culto, por afán diferencialista, tende a promover as voces 'distanciadoras', outorgándolles a estas un uso máis frecuente e un rango máis amplo de estilos do que a aquelas. Para referirnos a este tipo de situacións, falaremos de sinónimos 'expansivos' (os promovidos e favorecidos polo uso, no caso que estamos a estudar, culto) e sinónimos 'recesivos' (os preteridos, marxinados ou evitados). Un exemplo paradigmático témolo na comparanza de frecuencias e distribucións de *medrar* e *crecer* en

galego e castelán: no idioma teito, o primeiro ten un uso moi reducido, e un abano estilístico limitado, presentando *crecer* unha frecuencia absoluta moi superior e uha distribución estilística moito máis ampla; en galego acontece xustamente o contrario. Non importa que orixinarmente *medrar* constituía un castelanismo, que, aínda que antigo, foi introducido no galego en data posterior ao latinismo *crecer*; o determinante é que arestora o emprego daquel é sentido como distanciador e o deste como aproximante. Que o portugués culto non se viu (cando menos nos tres últimos séculos) afectado (ou tan afectado coma o galego) pola presión do castelán móstrao o feito de que coincide co castelán neste coma noutros puntos, mostrando en xeral unha similar preferencia polos cultismos e os empréstimos, mentres o galego culto privilexia claramente a revitalización do fondo patrimonial.

4) Volvamos agora ao proceso de depuración. Xa sinalamos antes que a preferencia que o galego culto manifesta cara á sinonimia distanciadora constitúe o correlato inverso da tendencia cara á sinonimia aproximadora que se evidencia no galego popular. Pero hai algo máis: os cultivadores do idioma podían constatar como no proceso de asimilación lingüística moitas voces galegas tradicionais, de preferencia as máis distintas ás equivalentes castelás, sufrían a competencia destas, ata chegaren en moitos casos a ser substituídas por elas. Durante ese proceso, aparecen pares de falsos sinónimos do tipo *vasoira / escoba*, ou *chan / suelo*, onde o vocábulo castelán é o membro ‘dominante’ ou expansivo, e o galego o ‘recesivo’. Por parte, conforme avanzou o estudio e o cultivo do idioma, foi estendéndose a consciencia de que moitas palabras castelás totalmente introducidas e correntes tiñan substituído as correspondentes galegas, que caeran en completo desuso, e isto impuña unha tarefa de depuración do idioma popular falado tal como chegara ata eles. A consecuencia disto foi a extensión da suspicacia fronte toda paronomasia galego / castelán: cada un deste tipo de vocábulos de simplemente *similar* (ao castelán) pasou a ser sentido como ameazadoramente *aproximante*, cando non directamente condenado como un castelanismo vitando. Dado que as paronomasias galego / castelán son abundantísimas, e moitas constitúen voces usuais ou moi correntes, a caza e eliminación destes sospeitos de castelanismo obrigou a un ímprobo e imaxinativo esforzo na procura ou fabricación de moreas de voces distanciadoras, voces que, seguramente, a maioría dos cultivadores do idioma vían simplemente como ‘enxebres’: o *diferente* trocouse en distintivo ou *distanciador*.

De aí nace tamén unha modalidade específica de manipulación distanciadora da sinonimia, que non atinxe, como acabamos de sinalar, aos sinónimos estrictos e reais, mais implica a ‘fabricación’ da propia sinonimia. Isto retrotraémos ao dito antes acerca da extensión de significado e do calco se-

mántico, xa que palabras de semántica afín a paronomasias, pero cun campo de significación máis reducido ca estas, son habilitadas como sinónimos delas: *verba* ('facundia, locuacidade' no galego ordinario), vocábulo distanciador, tórnase sinónimo, incluso sinónimo expansivo, de *palabra*, voz aproximante. Non importa que a segunda sexa unha forma tradicional e xenuína, atestada desde os documentos máis antigos do idioma, tampouco é relevante que a primeira teña circulación, aínda que limitada, en castelán. Tanto unha cousa coma a outra son ignoradas (consciente ou inconscientemente), *verba* é percibida como enxebre e distanciadora, e *palabra* como intrusa ou, como pouco, aproximante; coñécese o significado etimolóxico (en latín) da primeira, e en todo caso é obvia a afinidade semántica coa segunda. Otero Pedrayo é especialmente gustante da 'figura etimolóxica', a metáfora que apunta ao significado orixinal e esquecido da palabra.

Tampouco é raro que nestes procesos xogue un papel importante a paronimia, isto é, a semellanza formal entre palabras diferentes: moi probablemente a promoción de *acadar* a sinónimo de *alcanzar* se apoie na paronimia, e con máis razón podemos aducir o caso de *conquerir* como sinónimo de *conseguir*. Por unha ou outra vía, aparecen o que denominaremos 'pseudosinónimos'. Evidentemente, o feito de que un caso concreto de extensión semántica se considere acaído ou pola contra inaxeitado é o resultado dun xuízo convencional, e por veces é difícil dexergar os motivos que explican o éxito ou fracaso dunha ou outra tentativa concreta.

6. A PROSA FICCIONAL. A EXUBERANCIA ESTETIZANTE DE OTERO PEDRAYO

Ofreceremos a seguir os resultados da análise da obra *A romaría de Xelmírez* (1934), que coidamos representativa da narrativa do autor, e por tanto do contributo deste á elaboración do galego literario. Imos tentar mostrar a exuberancia da creación léxica de Otero Pedrayo exemplificando os seus procedementos e resultados mediante o emprego de catros distintos tipos de estratexias: fabricación mediante derivación, exploración do léxico patrimonial, calco semántico e escollas léxicas diferenciais, coa creación de pseudosinónimos. Veremos que en tódolos casos se evidencia unha acusada tendencia cara ao diferencialismo, e mostraremos que moitas das formas aboadas non aparecen nos dicionarios, o cal é indicio (non sempre seguro, téñase en conta) de que son invencións persoais do autor, as máis das veces destinadas a gozar de escasa fortuna no galego escrito.

6.1. Derivados por sufixación

Este é un dos recursos preferidos polo noso autor, especialmente para crear substantivos e adxectivos, para o cal bota man adoito de morfemas ‘distanciadores’, que lle dan unha fasquía moi enxebre (ás veces case exótica) á súa lingua. Indicamos entre parénteses os dicionarios que aboan cada forma, recollendo se aquece algunhas indicacións que estes ofrecen. No caso de que non apareza ningunha referencia aos dicionarios entre parénteses, é que non se rexistran nestes.

6.1.1. Substantivos

- *-anza*

adicanza (Fi, Ca), *aprobanza*, *comparanza* (Cu e Va ‘ant.’, Fi, Ca, El, ‘comparación’, en portugués é popularismo), *fartanza*, *figuranza* (Cu, Va ‘ant.’, Ca, El ‘semellanza, comparanza’), *inquedanza* (Fi, Ca, El), *larganza* (Ca ‘extensión’, ‘esplendidez’; EA ‘extensión dunha propiedade’, documentado en Láncara), *legumanza* (Ca ‘legumbres en general’), *misturanza* (Ca ‘mezcla’), *probanza* (El ‘averiguación jurídica’), *seguranza* (Pi, Va, Fi, Ca, El), *siñificanza* (Va, El, ‘significación, importancia dunha cousa’).

O sufixo *-anza* permitiu, en períodos anteriores da lingua (a finais da Idade Media deixara de ser productivo), crear substantivos a partir de verbos (*legumanza* constitúe unha excepción máis ben insólita; aínda que ao seu carón hai que pór *inquedanza* e *larganza*), que habitualmente expresan ‘a acción de’. Otero non só tenta revitalizar formas obsolescentes, mais tornar de novo productivo o sufixo, aínda que diluíndo a noción que orixinariamente vehiculizaba. Como se ve, *comparanza*, *figuranza*, *seguranza* e *siñificanza* están rexistrados en dicionarios anteriores ao noso autor, no caso das dúas primeiras con indicación de que se trata de arcaísmos. Doutra banda, *adicanza*, *inquedanza*, *larganza*, *legumanza* aparecen só nos dicionarios compilados a partir da época ‘Nós’, o cal, polo menos nos dous primeiros casos, pode indicar que son creacións dese período.

Inquedanza ofrece un exemplo interesante de proliferación dunha familia léxica. A base é, obviamente, o adxectivo *quedo*, que existe en castelán pero relegado ao uso literario (a aínda aí é pouco frecuente), arrecunchado polo cultismo *quieto*, que pasou a ter un emprego xeral e frecuente. O latinismo *quieto* (tamén introducido en portugués), foi sentido polos cultivadores do galego como castelanismo ou en todo caso como unha forma aproximante ao castelán, que viría substituír un vocábulo enxebre como *quedo* (rexistrado abundantemente na lexicografía desde Ro). A partir deste creou-

se o seu antónimo *inquedo*, e a seguir, desde este último, o substantivo abstracto *inquedanza* (ambos desde Fi, o cal pode indicar a súa aparición nos primeiros anos vinte). O verbo *inquedar*, que teoricamente debera mediar entre *inquedo* e *inquedanza*, curiosamente, apareceu máis tarde (só en El) ca este, e deu lugar ao adxectivo *inquedante* (El). Xa que logo, temos aquí un bo exemplo das vías que o galego tentou para evitar cultismos ‘aproximantes’, e como isto levou a que a nosa lingua culta tenda, por vía da regra, a ofrecer unha fasquía menos latinizada do que o castelán ou o portugués. Un caso en certo xeito análogo é o de *vencello*, que analizamos máis abaixo; véxase § 7.1.2.

Probanza está rexistrado no galego medieval como ‘tribulación’; se nos guiamos de El, é un termo técnico da lingua xudicial (como tal o recolle María Moliner para o castelán), pero o noso autor emprégao nun senso xeral. Unicamente carecen de rexistro *aprobanza* e *fartanza*, que poden ser creacións de Otero. En case tódolos casos se trata, como é obvio, de procurar alternativas ‘distanciadoras’ a derivados ‘aproximantes’ como *aprobación*, *comparación*, *proba* ou *seguridade*. Albiscamos aquí o procedemento de crear derivados enxebres a partir de bases comúns co castelán. *Comparanza* e *seguranza* están destinados a gozar de fortuna no galego culto, aínda que hoxe sofren a competencia dos seus sinónimos ‘aproximantes’.

- *-mento*

decrebamento (El, Ca, ‘decrepitud’; *decrebado* ‘decrépito’, en El; *decrebar* só en Carré ‘minguar’), *deixamento* (El), *demudamento*, *rachamento*, *renchemento*, *renunzamento*, *sofincamento* (véxase máis abaixo § 6.3), *vencemento* (Va, El, ‘acto de ser vencido’; pero Otero úsao por ‘victoria’).

O sufixo *-mento*, que permite crear substantivos que denotan procesos a partir de bases verbais, é un dos preferidos polo autor, quen o emprega, como se pode ver, con grande liberdade, en especial para fertilizar bases ‘diferenciais’ (*decrebamento*, *rachamento*, *renchemento*, *sofincamento*) ou ben para crear derivados distanciadores a partir de bases non diferenciais (*deixamento*, *demudamento*, *renunzamento*, *vencemento*), nalgún caso, para evitar coincidir co castelán (*dejación*, *renuncia*, *victoria*). Cinco dos oito exemplos do noso autor están ausentes dos dicionarios, e dos tres restantes só un aparece nun dicionario anterior a el (*vencemento*).

- *-dade*

danzalidade, *gafedade*, *gulosidade*.

Todas tres parecen creación do autor. *Danzalidade* vén derivada dun adxectivo *danzal* que semella variante idiosincrática de *lanzal*, quizais creada por cruzamento con *danza*.

- *-eza*

braveza (común), *cativeza* (Ac, Cal, El), *ceibeza* (Ca), *donceleza*, *ebrieza*, *enxoiteza* (El 'estado ou cualidade de *enxoito*, que carece de humedade'), *esgrevieza* (El 'cualidade de *esgrevio*'), *feleza*, *homildeza*, *honradeza*, *loireza*, *locideza*, *madureza* (Va 'ant.', Ca, El), *palideza*, *redondeza*, *sinxeleza* (Ca, El), *solidez*, *timidez*...

Como se ve, en moitos casos o recurso ao sufixo *-eza* permitiu crear substantivos (a partir de adxectivos) diferenciais co castelán, que presenta os cognatos con *-ez* (caso de *donceleza*, *honradeza*, *locideza*, *madureza*, *palidez*, *redondeza*, *solidez*, *timidez*) ou en *-dad* (*ebrieza*, *homildeza*). Noutros casos, simplemente permite fertilizar adxectivos enxebres que carecían do correspondente substantivo abstracto, denotador da cualidade correspondente (*ceibeza*, *enxoiteza*, *esgrevieza*, *loireza*, *sinxeleza*). Un caso insólito é o de *feleza*, a partir do substantivo *fel*.

- *-ura*

foscuro.

Derivado absolutamente orixinal, non recollido nos dicionarios, a partir do adxectivo diferencial *fosco*.

6.1.2. Adxectivos

- *-doiro*

chamadoiro, *crecedoiro*, *demarcadoiro*, *faladoiro*, *lembradoiro*, *parladoiro*, *rachadoiro*, *saludadoiro*, *tentadoiro*, *tremadoiro*, *vibradoiro*, *xerminadoiro*, *xuntadoiro*.

Como é sabido, Otero empregou a oito o sufixo *-doiro*, que habitualmente serve para formar substantivos con noción de localización a partir de bases verbais (*mirar* > *miradoiro*, *parolar* > *parladoiro*, *xerminar* > *xerminadoiro*, etc.), dun xeito totalmente persoal, para crear adxectivos axenciais con fasquía enxebre. O procedemento estaba destinado a gozar de escasa fortuna na lingua culta galega, na que así e todo aínda circulan formas como *inmorredoiro* (véxase máis abaixo § 7.1.2 e 7.4).

- *-dor*

alapeador, desprezador, erguedor, escorrentador, esculcador, estrozador, habitador, madurador, recibidor (adx.), reflexador.

O sufixo *-dor* tamén foi moi empregado polo autor, aínda que menos ca *-doiro*, para crear adxectivos de base verbal e significado axencial, seguindo neste caso unha pauta corrente na lingua. O carácter persoal das creacións evidénciase no feito de non apareceren nos dicionarios, nin teren circulación na lingua culta actual.

- *-nte*

albeigante (Cu, Va, Ac, Fi, Ca recollen *albeigar* ‘blanquear las paredes o el cutis’) / *albeirante* (El, ‘que blanquea’) / *albeixante, alqueirante* (Va, Ac, El), *aquecente, esplendente* (Ca *esplender*), *esprendecente* (Ca *esplandecente*), *flanaxante* (o autor usa *flanear*, do francés *flâner*, quizais a través do portugués *flanar*), *gostante* (Va ‘gustable, perteneciente al gusto, ant. gustoso’; Ca, El ‘que tiene gusto o se complace en algo’), *gurgullante* (Ca, El, *agurgullante*), *inesquecente* (El), *inmorrente* (Va, Ca, El), *lostregante, podente* (Va, Fi, Ca, El ‘pu-diente, rico’), *sabedente*.

Como se ve, este sufixo resultou moi productivo para o noso autor: case tódalas palabras da lista (coa excepción de *alqueirante, gostante, inmorrente* e quizais algunha outra) son invencións persoais del. Por acaso, crea nada menos que tres variantes *albeigante / albeirante / albeixante*, as dúas últimas por paronimia (se a derradeira non é produto dunha gralla), pois só a primeira parte dunha base verbal preexistente. Evidénciase aquí o gusto que o autor experimentaba polo xogo coa variación lingüística con valor puramente estético, non funcional. Tamén nos parece creación oteriana *esplendecente*, quizais resultado dun cruzamento entre *esplendente* (derivado de *esplender*, que existe en castelán) e *resplandecente*. O que parece claro é que con *esprendecente*, sinónima da anterior, se trataba de evitar esta forma ‘aproximante’; analogamente, con *esplendente* procurábase evitar *esplendoroso*. Neste último caso vemos como se utiliza unha forma coincidente, pero con efecto distanciador, dada a escasa frecuencia de *esplendente* en castelán. *Inesquecente* constitúe un derivado bastante natural de *esquecer*, pero nótese como o autor refuga *inesquecible* (rexistrado en Ca, e cognato do portugués *inesquecível*, creado no século XX), que podería parecer un calco de construción do castelán *olvidar > inolvidable*. Canto a *podente*, ofrece un exemplo característico de ampliación de significado para recubrir o do cultismo ‘potente’, forma desbotada por coincidir co castelán. Algo similar acontece con *imperante*, que o noso autor emprega como substantivo (por iso non fi-

gura na lista anterior) como substituto de *emperador*. Por suposto, boa parte destas fabricacións non ‘prenderon’ no galego culto, e quedaron como peculiares de Otero Pedrayo.

- *-ento*

angurento (El), *lamiguento* (Ca), *lentuemento* (Ca, El), *musguento*, *tenebrento*.

Como parece deducirse do testemuño dos dicionarios, todos estes adxectivos son construcións do autor. Os que teñen base léxica coincidente co castelán, foron construídos mediante sufixo distanciador, preferido a *-oso*, que produciría formas coincidentes: *angurioso*, *musgoso*, *tenebroso*.

- *-oso*

areloso (Ca), *arneiroso*, *bruidoso*, *degaroso* (El), *homildoso* (Pi, Va, El), *lamigoso*, *sombroso* (El), *tremoroso*.

Como parece deducirse do testemuño dos dicionarios, todos estes adxectivos, agás *homildoso*, son construcións do autor. *Areloso* evita *arelante* (que se aproxima ao castelán *anbelante*; sobre este véxase abaixo § 7.1.2); a semellanza con *ansioso* preocupa menos, pois este soa máis distinto a *areloso* do que *anbelante* a *arelante*. *Bruidoso* deriva de *bruído* (orixinarriamente derivado de *bruar* pero trocado por paronomasia en pseudo-sinónimo de *ruído*) por calco de construción *ruído* > *ruidoso*.

- *-ado*

acaracochado (El), *aluarado* (Ca, El), *asocalcado* (Ca *socalcado*), *embrancuzado* (Ca, El *esbrancuxado*), *esparavanado* (Pi), *orcelado* (Ca).

Excepto o caso de *esparavanado*, que xa documenta Pintos, os demais adxectivos poden ser ou ben creación do autor, ou ben formas oídas de beizos populares por terras da Bocarribeira, pois todas elas resultan de abondo naturais.

- *-ando*

desagolletando.

Creación rebuscada, latinizante, tipicamente oteriana, a partir de *desagolletar*.

6.1.3. Verbos

En comparanza coa abundancia de creacións de substantivos e adxectivos, a colleita de fabricación verbais é moito máis escasa, aínda que ofrece algún achado sorprendente: *axordar* (só en El ‘abouzar, deixar a un xordo a forza de berros ou ruídos’), *escumexar* (El), *feblecer*, *lediciar*. Algúns forman parte de familias fabricadas enteiramente polo autor: *bruído* > *bruidar*, *bruidoso*; *forte* > *forteza*, *fortecer*, *fortecido*.

Da rápida análise do recurso ao procedemento de fabricación de palabras por medio da derivación podemos extraer algunhas conclusións de interese. En primeiro lugar, vemos que este recurso se utilizou, como anticipamos, fundamentalmente para crear adxectivos e substantivos. É especialmente salientable a abundancia de novos adxectivos, que debe explicarse en clave de xénero e de estilo. En segundo lugar, observamos que Otero non trata só de fabricar voces das que presuntamente carecería a lingua, mais tamén (e quizais principalmente), de crear unha modalidade lingüística acaída na que devorcar a súa prosa, lírica e evocadora, intensamente tinguida de connotacións e sintacticamente asindética, inzada de aposicións (a rareza de verbos vén suplida en moitos casos pola abundancia de demostrativos). A motivación non é tanto pragmática coma estética ou estilística. Pero, sexa como for, o acrolecto galego que quere crear Otero (e aquí remanece a motivación ideolóxica) debe situarse claramente distante do castelán, para o cal hai que forxar (ou recuperar) vocábulos que en moitos casos resultan redundantes, pois non veñen cubrir ‘ocos’, mais a convivir con outros previamente en circulación. Ese afán enxebriante é o que explica o curioso xogo diferencialista que o autor opera cos sufixos: constrúe derivados aplicando sufixos non diferenciais a bases diferenciais, ou ben aplicando sufixos distanciadores a bases non diferenciais. Nos dous casos, o resultado é enxebriante. En definitiva, os criterios utilizados para ‘elaborar’ a lingua son de tipo ideolóxico e estético máis ca puramente comunicativo.

6.2. Promoción de voces patrimoniais. Os empréstimos

Neste apartado ofreceremos unha rápida revisión do recurso por parte do autor ao empréstimo, tanto interno coma externo. O empréstimo interno supón a promoción e revitalización de formas patrimoniais, dialectalismos e arcaísmos. Trátase dun dos recursos preferidos polo autor. Obviamente, non podemos asegurar que tódolos casos de revitalización que citamos son debidos ao autor (de feito, algúns estamos certos que non o son), pois nalgunha ocasión este puido adoptar palabras xa revitalizadas por escritores anterior-

res; tampouco pretendemos esgotar a cuestión, pero coidamos que a panorámica de conxunto é ben representativa da contribución de Otero á elaboración do rexistro literario galego. Comezaremos por un repaso de voces patrimoniais rescatadas polo autor.

Alarbio (no texto, ‘árabe’, acepción só recollida por Va; moitos dicionarios acólleno con outras acepcións), *animalia* / *alimaria* (Va, Ac, El), *antergo* (Va, Ac, Ca, El só como ‘persoa entrada en anos’; unicamente Fi o recolle como ‘antepasado’, que é como o usa o noso autor; como apoio do cambio semántico non se debe descartar a paronimia con *antigo*), *asoellado* (< *asoeillar* Fi ‘encontrar’, El ‘poner una cosa al aire para que se ventile’, cita Risco), *axote* (relacionado con *axiotaxe?*), *canfurnio* (*canfornio*, Ca ‘armatoste’, El cita Otero, EA ‘objeto disforme’, recollido en Láncara), *castimonia* (Fi, Ca, El, que cita Risco), *cerne* (adx.), *chilrán* (*chirlán* en El, ‘dícese del vino flojo’), *cuchumilla* (A. Otero; *cuchumillada* en El), *decrebar* (Ca), *engorrobello* (Ro, Cu, Ca, ‘arrugado’, El ‘encabijado, desmedrado’), *esgarrafizar* (El), *esmaciado* (que non figura nos dicionarios, aínda que si está o que supomos será o seu parente, *esmacelado*), *esporente*, *esteso* (Fi e El, ‘extenso’) *estrapexar* (Ca, El, EA), *faciana* (‘fachada’, acepción que non figura nos dicionarios, que desde Pi o acollen como ‘rosto’; parece outro caso de paronimia), *fedenchoso*, *laboura*, *maquiar* (Va, Fi, Ca, El, ‘maquilar, cobrar el molinero la maquila’), *namorouzo* (Va, Fi, Ca, El), *petrucio*, *píncaro* (Fi, Ca, El), *preparo*, *tingue*.

Palabras coma as que acabamos de listar tinguen de forza expresiva a lingua literaria oteriana. Varias delas só as temos rexistradas na súa propia obra (*axote*, *esporente*, *fedenchoso*, *preparo*, *tingue*), outras atopábanse recollidas en dicionarios anteriores (*animalia*, *castimonia*, *engorrobello*, *namorouzo*, *píncaro*) pero parte delas eran de uso infrecuente; a maioría das restantes son recollidas en dicionarios posteriores, papeleteadas probablemente en textos oterianos (*canfurnio*, *cuchumilla*, *esgarrafizar*, *estrapexar*). *Maquiar* aparece en Otero cun significado moito máis xeral (e de abondo apartado) do que ofrecen os dicionarios, coma no exemplo seguinte: “fuxía a auga agurgullando, rachando as costas, *maquiando* penedos na tola carreira”.

Capítulo distinto ao anterior constitúeno as variantes dialectais, nalgún caso indistinguibles de vulgarismos, como *abedoeira*, *adeprender*, *alcipreste*, *alcontro*, *andias*, *algairar*, *asina*, *astreverse*, *badelar*, *caír*, *despoixa*, *eirexe* / *irexe*, *malencónico*, *nemigo*, *ouvir*, *pelengrín* / *pelengrino* / *peleriño*, *pensatibre*, *puzo*, *soilo*, *tioupeira*, *treito* (‘teito’), *treiteado*, *tremar*, *trunfo*, *vagamundo*. Entre os arcaísmos cóntanse *cibdade*, *cibdadán*, *entreteer*, *teebras*, *tído* (de onde deriva *tidoar*).

Canto aos portuguesismos, é discutible se debemos consideralos empréstimos externos ou internos. Por vía da regra, coidamos que deben clasificar-

se como empréstimos internos, aínda que sexa dubidoso que isto sexa correcto para tódolos autores, épocas e casos (en particular, estamos a pensar nos portuguesismos suntuarios, que veñen competir ou substituír formas galegas diferenciais, tipo *explodir* por *estourar* / *estoupar*). Por de par de formas con abundante circulación no galego literario (*afeizoado*, *aldeia*, *anceio*, *carregar*, *degrau*, *descer*, *herói*, *ideia*, *madrasta*, *marfim*, *meio*, *miragre*, *miraxe*, *pérola*, *roita*, *roteiro*, *seiva*, *soberbo*, *sul*), nalgún caso coincidentes con variantes dialectais propias, aparecen exemplos máis ben insólitos (*camponés*, *centelear*, *centeleo*, *coisa*, *cónego*, *defesa*, *navigar*, *nuben*), e outros francamente chocantes (*dragao*, *engrasado* ‘engrazado’, *homem*, *imaxen*, *linguaxen*, *ontem*). Os portuguesismos do segundo e o terceiro tipo adoitan aparecer só ocasionalmente, alternando coas formas correntes do galego, que en tal caso son as máis frecuentes no autor. Como se pode ver, practicamente tódolos portuguesismos son empréstimos suntuarios (quizais a única excepción na lista anterior sexa *miraxe*), isto é, non veñen cubrir ‘ocos’ vocabulares que o galego tivese baleiros, mais compiten con formas galegas preexistentes, case todas elas coincidentes co castelán, e de aí o sentimento da conveniencia de substituílas coas correspondentes ‘distanciadoras’ portuguesas. A intención principal non é, por tanto, a aproximación ao portugués, mais o recurso a este como instrumento ‘disimilador’ verbo do castelán.

O recurso ao galego patrimonial, ao empréstimo interno, é fortemente privilexiado polo autor, o que non significa que renuncie a empréstimos externos distanciadores. Entre os estranxeirismos máis notables, pódense citar o rechamante catalanismo *lluïta*, con *lluïtar* e *lluïtador*, o italianismo *profil* e os galicismos *donar* / *doar*, *manxar* (verbo) e *ordre*. *Portar* e *surtir*, que teñen aparencia de galicismo, poden ser dialectalismos. Tamén se detectan latinismos, non doados de distinguir do que podíamos denominar ‘hipercultismos’, nalgún caso (hiper-)adaptados ao galego. En todo caso, coidamos que a maior parte deles proceden máis ben do italiano (e nalgún caso, tamén do portugués): *ariolo* (Va ‘agorero’; lat. *Hariolus*, ‘adiviño, arúspice’); *ariolada* (< *ariolar* Pi, Ac, Fi, Ca, El ‘adivinar’), *baptizar*, *cauda*, *crudel*, *crudelidade*, *gaudioso*, *locusta*, *mílite*, *palude*, *paradiso*, *penna*, *sceario*, *sorridente*, *sumidade*...

Claro que os castelanismos (en moitos casos adaptados) tamén son abundantes, pero, a diferenza dos empréstimos externos que acabamos de considerar, case nunca son deliberados, mais aparecen por descoido ou ignorancia do autor. Entre outros podemos sinalar: *alacea*, *alcón*, *aletexar*, *almeas*, *ánxel*, *antoxo*, *arcila*, *aruñar*, *aúno*, *bachiller*, *baesta*, *calexón*, *calivera*, *campana*, *cancileiresco*, *cancilleiría*, *cardenal*, *celda*, *chanura*, *compasión*, *coraza*, *cupo*, *duda*, *encina*, *encinal*, *endriago*, *enebro*, *ensñar*, *en-*

soar / ensonar, ensono (subst. ‘soño’), *esquila, estrozar* (‘esnaquizar’), *fedebondo, feno, flamenco, frotar* (‘aboiar’), *bazaña, herenza, inxenio, lámpara, linaxe, loma, maniobra, mástil, membrillo, membrilleiro, monaguillo, otorgar, outaneiría* (‘fachenda’), *parexa, patalexar, resbar* (‘esvarar’), *palo* (de navío), *pilar, rapiña, ronda, señal, siéns, silvar* (‘asubiár’), *tallo* (‘talo’), *taxo* (‘tallo’), *trinidad, varapao, xencivas, xoiel, xusgar*.

Tamén neste caso comprobamos que maiormente se trata de empréstitos suntuarios, substitutorios de formas tradicionais galegas, descoñecidas ou non lembradas polo autor. Quere dicir, son formas que non se senten como castellanismos; de feito, moitas circulan abundantemente no galego falado (incluso adaptadas: *antoxo, aúno, calexón, calivera...*). En todo caso, procúrase amortecer o seu efecto ‘aproximante’ operando nelas adaptacións enxebriantes, o que converte algunhas delas en auténticos híbridos. Son de notar os castellanismos ‘exóticos’, isto é, a importación de palabras pouco empregadas en castelán, como *esplender* ou *endriago*.

6.3. Extensión de significado e calco semántico

Entre os numerosos exemplos de calco semántico que se poden detectar no texto que estamos a considerar, algúns dos cales identificables nas voces que levamos comentado, extraemos tres, moi notables e totalmente idiosincráticos.

- *atreboar, atreboado*
“Entrambas potestades que *atreboaban* o mundo”; “ambiente escuro, quente, *atreboado*”; “procura a salvación no *atreboado* vivir”; “o *atreboado* fuxir do río alpino”.

O único dicionario que recolle estes termos é El:

atreboado,da [...] Dícese del tiempo que amenaza tormenta: *Triste, oscura, atreboada, a mañán aparecerá* (Losada, *Soaces d'un vello*).

atreboarse [...] Aturbonarse, cubrirse el cielo de nubes densas que amenazan TREBOADA.

Endebén, no noso texto *atreboado* significa máis ben ‘atormentado’, ‘turbulento’. O máis probable é que Otero estendese o campo semántico da palabra *atreboado* (< *trebón*) calcando o modelo do castelán *atormentado* < *atormentar* (que considerou derivados de *tormenta*, cando en realidade derivan de *tormento*). Tamén puido xogar un papel a contigüidade semántica e a paronimia de *atreboado* con *atribulado*.

- *sofinco* > *sofincar* > *sofincamento*

“O Papado procurará o *sofinco* temporal que o Imperador non lle pode prestar”; “No nome do Zebedeu non pode *sofincare* o brillo orgoloso de unha eirexe cismática”; “Os rexos muros *sofincados* na solidez dos contrafortes”; “en *sofincamento* desta tese”.

As dúas primeiras palabras están rexistradas nos dicionarios, pero non co significado que se mostra nos exemplos: Va, Fi, Ca, El dan *sofíco* como ‘cuña, calza, apoio’; Ca, El recollen o derivado *sofincar*, ‘calzar un moble para que non abanee’. Otero metaforizou o significado para estendelo a un abstracto ‘apoiar’, ‘apoiar’, e creou o substantivo deverbal *sofincamento*.

- *acougar* / *acoubar*, *acougo*

Acougar e *acougo* son palabras moi correntes e abundantemente rexistradas nos dicionarios. *Acougar* é definido (Ro, Cu, Va, Ac, Fi, Ca, El) como ‘sosegar, estar quieto, aquietarse, reposar’. Nesa mesma entrada, El informa de que na provincia de Ourense se emprega a variante fonética *acoubar*. Pola súa banda, *acougo* (Va, Ac, Fi, Ca, El) é definido polos dicionarios como ‘sosiego, quietud, tranquilidade’. Os dicionarios máis recentes (Ca, El) recollen unha familia léxica abondo ampla: *acougado* (Ca, El), *acougador* (Ca), *acougante* (Ca, El), *desacougar* (Ca, El), *desacougo* (Ca, El), *desacougado* (Ca, El), *desacougante* (El) -véxase abaixo § 7.1.2-. Na obra que estamos a considerar, aparecen *acougador*, *desacougo* e *desacougado*, ademais dunha locución preposicional *ao acougo de*, non aboada nos dicionarios, e de semántica en principio chocante. Canto a *acoubar*, só Ca o ofrece como entrada independente (non variante de *acougar*), para a que dá o significado de ‘ocultar, esconder; cobijar, albergar’, que o aproxima á familia de *acubillar*. De feito, El rexistra a variante *acoubillar*, remitindo para *acubillar*.

Feitas as observacións anteriores, pasemos agora a ver como usa o noso autor as palabras que nos interesan.

(1) *acougar* / *acoubar*

1 intr. *acougar* ‘descansar, remansar en’ (“Ao socegar o río, e *acougar* no S. Bartolomeu de Tui”); *acoubar* / *acougar* ‘agocharse, refuxiarse en’ (“sei esculcar o que *acouba* tras o espello mintirán das facianas”; “soupo logo aonde *acougaba* Margarida”); *acoubar* ‘residir, permanecer en’ (“como si a santidá non *acoubara* nas cortes”); *acougar* ‘protexerse de (i)’ (“As nosas casas *acougan* sempre das pechas arboredas”).

2 trans. *acougar* / *acoubar* ‘albergar, agochar’ (“moitos *acoubaban* no peito a mordedela dunha traxedia de amor”; “Ista ribeira *acouga* tamén o pecado ani-

ñado na mesta follax”); *acougar* ‘cubrir, protexer’ (“Inzada de mestos acios a parreira *acougaba* a porta”).

3 pron. *acoubarse* ‘albergarse, recollerse en’ (“o troveiro aínda vagou por as ruas denantes de *se acoubar* no aloxamento do séquito do Bispo”).

Dos exemplos anteriores dedúcese claramente que o noso autor fundiu as dúas palabras (*acougar* ‘repousar’ e *acoubar* ‘refuxiarse’), probablemente por culpa da variante fonética *acoubar* (de *acougar*), e transcategorizou o novo verbo, que era intransitivo, empregándoo ademais como transitivo e pronominal, e ramificando sorprendentemente o seu campo semántico. De aí o sentido que lle dá a *acougado* / *acoubado*:

(2) *acougado* / *acoubado*

“os curtos xardíns *acougados* por a follax das parreiras”; “noite *acoubada* nos vales sombrizos”.

A extensión semántica afecta tamén ao substantivo:

(3) *acougo*

1 ‘tranquilidade, calma’ (“Dinantes da esgrevieza dos montes aquece este *acougo*”). **2** ‘retiro, descanso’ (“Era doce o *acougo* de Cluny mais chamaba o camiño”). **3** ‘refuxio, acubillo’ (“Non querían ser pillados pola chuvia no êrmo sen *acougo*”).

E de aí tamén a sorprendente locución que crea Otero:

(4) *ao acougo de*

“comíase no curro, nas grandes mesas dolménicas de laxes apenas labradas, *ô acougo* dun pendello de ponlas de carballo”; “às veces *ao acougo* dunha sebe pensaba no Apóstolo”.

6.4. *Escollas léxicas diferenciais. Pseudo-sinónimos, sinónimos expansivos e recesivos*

O radical enxebriismo oteriano lévao a unha evitación meticulosa das paronomasias castelán-galego, o que, sobre todo no caso das palabras de uso moi frecuente e campo semántico moi amplo, o obriga en moitos casos a estender o campo semántico de hipónimos ou sinónimos parciais. Así, algunhas palabras tan correntes coma *conseguir*, *escoller*, *parecer*, *romper*, *separar*, *subir* ou *ver* presentan unha frecuencia de aparición baixísima no seu idio-

lecto literario, ou incluso desaparecen. *Conseguir* é substituído sistematicamente polo parónimo *conquerir* (que tamén despraza o seu sinónimo moderno *conquistar*; véxase o noso traballo sobre Castelao, Monteagudo 2000), un arcaísmo que ve ampliado enormemente o seu campo semántico; o mesmo acontece con *subir*, substituído polo hipónimo *rubir*, a partir do cal se crea o substantivo derivado *rubida*, que suplantarán a *subida*; *romper*, substituído polo hipónimo *rachar*, e *separar/se*, desprazado polos sinónimos *afastar/se* e *alonxar/se*, fabricado este último por calco de construción do castelán *alejar/se*. Por vía do exemplo:

- *escoller, escolla / escolmar, escolma*
“De todos eles, o Imperante *escolmaba* o de Aquisgram”; “sinxela *escolma* entre o Envaxeo e o mundo”.
- *romper / rachar*
“Grandes escudos de pel negra, engurrada, fedenchosa, que nin *rachaban* as espadas nin crebaban as mazas”; “na escuridade pecha, apenas *rachada* pola luz dubidosa das antorchas” [sentido material]; “na escuridade brillaban as armas, *rachaban* as queixas dos feridos” [sentido metafórico]; “o arcebispo, *rachando* a santa tradición da eirexe ambrosiana...” [sentido inmaterial].
- *crebar / romper, apagar, interromper*
“*crebaba* o desasosego”; “*crebando* a sede”; “para lle non *crebar* a tarefa da xornaleira correspondencia”.

Nos exemplos obsérvase a ampliación do campo semántico de *crebar*, en principio un hipónimo de *romper*.

- *parecer / figurar*
“Entre eles *figuraba* Mestre Estevo de Fougères”; “Ficoulle da Galiza a lembranza dunha desas terras que o solpor *figura* na lonxanía do mar”; “Graves, penitentes, algúns velliños *figuraban* os fillos mesmos de San Pedro de Mezonzo”; “As chamas do roxo serán abafante *figuraban* no río flavas cabeleiras desafiadas”; “Os cristiáns vellos aínda *figuraban* asentar en terreo reconquerido de pouco”; “Unha sombra *figurou* botar tebras e ata houbo un arrepiño nos nenos”; “a corrente do Arar non figuraba decorrer en ningún senso”.

Coidamos que na serie de exemplos anteriores se pode apreciar o esvaramento semántico de *figurar*, desde as súas acepcións propias, non compartilladas con *parecer* (‘formar parte dun determinado conxunto, contarse nun grupo de cousas ou persoas’, ‘maxinar’) a outras máis próximas a este

(terceiro e cuarto exemplos: ‘facer ou adoptar a figura dunha cousa’), ata as que corresponden propiamente ao segundo, e non ao primeiro (dous últimos exemplos). O uso como (pseudo-)sinónimo de *parecer* fai, naturalmente, que a frecuencia de *figurar* sexa moi elevada no texto. Non ofrecemos exemplos de *semellar*, que tamén aparece con moita frecuencia, pois este é sinónimo case perfecto de *parecer*.

- *ver / mirar*

“¿Onde *mirei* eu estes ollos?”; “Chegoulle un recado da torre e aló foi, percurando non sere *mirado*”; “Destemida como non teño *mirado* outra muller”; “Eu *miro* en ti, meu fillo, a xenerosa determinación ventуреira por a espada e por a troba”; “E si esculcaran no meu corazón *mirarían* que soilo me aconsella o amor de Sant-Iago”; “Ela foi virxe e Deus non quixo *mirala* no pecado”; “*Mirá-base* Xelmírez cativo e pecador diante a mácia figura lumiosa”.

Na serie de exemplos compróbase o emprego de *mirar* nunha ampla serie de acepcións que corresponden a *ver*, desde as materiais de ‘percibir coa vista’ ata as figuradas de ‘coñecer’, ‘advertir’, ‘decatarse’ e ‘contemplar’. Como é sabido, este emprego de *mirar* apóiase no uso dialectal do sur da provincia de Pontevedra. Unha extensión semántica un pouco menor adquire na obra oteriana *ollar*, forma que ten notable vitalidade na tradición literaria, e quizais importada do portugués. Por vía do exemplo:

- *ver, mirar / ollar*

“Os castelos *ollábanse* de lonxe”; “Xelmírez, con poucos homes, *ollaba*, indiferente, a pelexa”; “*Ollade* a Toscana”; “*Ollando* para o chan descubriu un anel”; “*Ollaba* o camiño de Roma como outra galaxia ao revés e a rentes do chan”; “–Ánimo, meus irmáns! Deus conosco! ¿Non *mirades* a súa man de pai descendendo do ceo para nos amparar e guiar? O coengo *ollaba* a man de luz...”.

O noso autor chega tamén a aproximar ao campo semántico de *ver* e *mirar* os verbos *fitar* (‘mirar con fixeza e detemento’) e *afitar* (‘apuntar cunha arma’). Este deslizamento pode comprobarse polos exemplos que damos a seguir:

- *ver, mirar / fitar-afitar*

“Xohán de Isorna *fitábao* con interese”; “foi *afitando* un a un a todos da tertulia”; “*fitaba* para el como desexando falarlle”; “–Non é bo chegar aquí pola noite, dicía o monxe, *fitando* un clareiro recostado ao pé dun penedo”; “algún fixo un ademán de lle *afitar* co arco”; “falaban pouco, e a penas *afitaban* xentes e lugares, co anxeio de antinxir as portas de Letrán”.

A xeito de conclusión, esta rápida panorámica das características do galego literario oteriano, coidamos que confirma en boa parte as nosas anteriores consideracións. As tarefas principais que o autor realizou foron as de *depuración* e *acarrexo* de materiais, unha purificación excesiva guiada por un criterio ultradiferencialista, e un acopio de recursos, un pouco indiscriminado e abondo desordenado. Indubidablemente arrequentou a lingua literaria, sobre todo na medida en que a dotou de abundancia de formas, moitas delas redundantes do punto de vista funcional, pero cargadas de suxestións estéticas e tinguidas de connotacións ideolóxicas. A fonte principal de arrequentamento foi, como se viu, o propio fondo patrimonial do galego (o popular, e en menor medida, o literario e o medieval), que o autor tende a manipular e recrear (máis ca a reproducir fielmente), aínda que Otero tamén se esforzou por superar a interposición do castelán, acudindo a fontes externas, en particular o portugués, sen esquecer o italiano, que ten un papel modesto pero inesperadamente importante. A finalidade principal foi, pois, a de elaborar unha lingua autenticada, atendendo máis a criterios ideolóxicos e valores expresivos do que aos propiamente comunicativos. En rigor, aínda que non faltan exemplos de *modernización* e *intelectualización* do vocabulario, o esforzo centrouse máis ben na súa *recreación estética e ideolóxica*. O balance conxunto é xurdio desde o punto de vista da lingua literaria, aínda que abundan as solucións forzadas, as arbitrariedades e os excesos. A final, os achados de Otero resultaron pouco aproveitables para o idioma culto non literario, e mesmo non foron especialmente fértiles no terreo literario.

7. O ENSAIO. INTELECTUALIZACIÓN DO LÉXICO EN *OLLADAS NO FUTURO*

Tomamos a colección de textos *Olladas no futuro* como mostra da prosa culta da posguerra, daquela etapa insolitamente brillante (dadas as circunstancias) do ensaísmo galego que protagonizou a 'xeración Galaxia'. Antes de entrar na análise do texto, convén lembrar que entre a narrativa oteriana de preguerra e estoutro momento da nosa lingua aparece unha obra maxistral que sinalou circiamente o vieiro que debía seguir o galego culto: referímonos, claro está, a *Sempre en Galiza* (1944) e en xeral ao ensaísmo castelaiano. Sen intención de minguar os moitos méritos de Piñeiro como cultivador do idioma, coidamos que non se pode entender o labor deste se non se ten en conta o precedente de Castelao. Imos explorar os recursos postos en xogo por Piñeiro, tamén co obxectivo de crear un idioma a un tempo moderno e autenticado, en tres aspectos: a derivación, o empréstimo interno e preferencias léxicas. Poromos atención particular en analizar os casos de calco (de construción ou semántica) e mailos procesos de intelectualización do vocabulario.

7.1. Derivación e innovación semántica

Outra volta máis, neste texto o máis salientable é a creación de adxectivos e substantivos, aínda que sen a exuberancia que caracterizaba a Otero Pedrayo e cun resultado máis equilibrado no que atinxe á produción duns e outros, fronte ao desequilibrio a prol dos adxectivos en Otero. Moitos dos exemplos que mostraremos non son, de feito, creación do noso autor (rastréxanse como mínimo no propio Otero ou en Castelao), pero secomasí permitirannos mostrar ata que punto están introducidos e consolidados (quer dicir, normalizados canto ao uso) na lingua culta. O cotexo cos dicionarios servirá para mostrar a relativa novidade dos casos apuntados, e o seu nivel de recoñecemento na lexicografía.

7.1.1. Substantivos en *-nza*

avoenza (Ac, arcaísmo), *comparanza*, *comprobanza* (El), *estimanza* (Ro, Cu, Va, Fi, Ca), *inqedanza* (véxase arriba § 6.1.1), *seguranza* (véxase arriba § 6.1.1), *xuntanza* (Fi, Ca, El).

Como vemos, tamén Piñeiro mostra certa predilección polos substantivos ‘diferenciais’ en *-nza*, aínda que non tan acentuada coma a que mostrara Otero Pedrayo (once exemplos neste autor fronte a sete daquel). Esa preferencia leva a recuperar algún arcaísmo, como acontecía no de Trasalba (*comparanza*, *figuranza*), ao que o de Láncara engade *avoenza*, e a revitalizar formas obsolescentes como *estimanza* e *seguranza* (esta probablemente apoiada pola súa frecuencia en portugués). Pero o ‘enxebriemento’ da terminación tamén convida a ensaiar novas creacións, como *inqedanza* e *xuntanza* (os dous unicamente rexistrados a partir de Fi, o primeiro xa en Otero, como sabemos), ambas consagradas no uso culto.

7.1.2. Substantivos en *-mento*

achegamento (ver abaixo), *arreconchegamento*, *arredamento* (Ac, Ca, El; *arredar/se* desde Ro), *arreguizamento* (Ca; *arreguizo* desde Ac, Fi, Cal, El; *arreguizar/se* só en Ca, El), *atraemento* (só en ELA, documentado na fala co sentido de ‘atractivo’, que ten no texto), *avencellamento* (véxase abaixo), *desenvolvemento* (só El), *esgazamento* (ver abaixo), *esmorecemento* (ver abaixo), *espallamento* (véxase abaixo), *esquecemento* (Va, Fi, El), *exteriorizamento*, *madurecemento*, *quebramento* (Ca), *rexurdimento* (Ca, El), *valemento* (véxase abaixo).

Como se ve, o sufixo *-mento* é moi productivo, máis aínda no noso autor (referíndonos unicamente a derivados ‘diferenciais’) do que en Otero Pedrayo (oito exemplos neste fronte a dezaseis en Piñeiro). Isto é consecuencia da necesidade de empregar substantivos abstractos, imposta polo carácter ‘intelectual’ do texto. Á parte da diferenza canto á produtividade, é de notar que só cinco destes vocábulos está rexistrado nos dicionarios anteriores a Piñeiro, outros cinco están ausentes de todos eles, e cinco figuran só nun dicionario, o cal é indicio da súa recente creación. Dun xeito análogo ao sinalado para o de Trasalba, a maior parte son derivados de bases ‘diferenciais’, mentres que os construídos sobre bases ‘aproximantes’ están aplicados de xeito diferencial, o que permite evitar formas coincidentes: *atraemento* (palabra non creada por Piñeiro, mais si extraída do fondo dialectal) permite evitar *atractivo*, *desenvolvemento* (probablemente apoiado no portugués) substitúe *desenrolo* (calco evidente do castelán), *exteriorizamento*, *madurecemento* e *valemento* (forma obsolescente) esquivan *exteriorización*, *maduración* e *valía/valor*.

- *achegamento* / *achega* < *achegar*

“Nesta liña de *achegamento*, a actitude galega será sempre aberta e entusiasta. Mas será *achegamento* desde o galego, non renunciando ao galego”; “un intento inicial de *achegamento* comprensivo á figura e mais á obra de D. Ramón Otero Pedrayo”; unha nova xeración galega da que se poden aguardar valiosas *achegas* en todos estes eidos”; “representan as primeiras *achegas* perdurables de creación literaria en prosa galega”.

O verbo *achegar/se* está recollido desde os primeiros dicionarios co sentido físico de ‘aproximar/se, acercar/se, poner/se junto a’. O correspondente substantivo derivado *achegamento*, co mesmo sentido (ou sen indicación clara doutro), aparece en Va, Ac, Ca, El. Pola súa banda, o substantivo deverbais *achega* aparece desde Ro, co significado ‘axuda, socorro, amparo’ (así en Va, Ac, Fi, El); só Ca ofrece unha acepción máis específica ‘aditamento, lo que se añade’. Esta é próxima á que vén exemplificada no texto de Piñeiro, que emprega o vocábulo como sinónimo expansivo de ‘contribución’ (véxase § 7.4). A acepción abstracta de *achegamento* que aparece no segundo exemplo que damos non se rexistra nos dicionarios.

- *avencellamento* < (*a*)*vencellar(se)* < *vencello*

“Os galegos agrúpanse, percuran automaticamente o *vencello* solidario”; “a que *avencella* o ser do home individual co ser da comunidade humana”; “a idea é atinada no que ten de esencial –na afirmación do racionalismo– e quizabes discutible no seu *avencellamento* histórico”.

O substantivo-base *vencello* aparece unicamente con valor material ('lazo con que se atan los mojonos de mies') desde Ro (Pi, Cu, Va), só desde Fi se rexistra o sentido abstracto ('vínculo, ligazón, atadura'), que tamén acolle Ca. O verbo derivado só desde Fi ('vincular, atar, ligar'), Ca só ofrece a acepción material, El non recolle o verbo nesta forma, pero si o pronominal *avencellarse* ('vincularse'). O substantivo deverbais *avencellamento* non se rexistra nos dicionarios. Temos aquí un exemplo de evitación dun cultismo (*vínculo*) e a correspondente serie de derivados (*vincular, vinculación*) que son sentidos como 'aproximantes', polo que se prefire promover e fertilizar un vocábulo patrimonial. Un exemplo similar é o de *quedo*; véxase § 6.1.1.

- *esgazamento* < *esgazar*

"Cada barco de emigrantes que marchaba, estremecía momentaneamente as entrañas da comunidade social coa dor aguda dun *esgazamento*, dunha brusca separación, dunha amputación violenta".

O verbo *esgazar*, rexistrado desde os primeiros dicionarios na súa acepción material (só El acolle un sentido figurado 'causar aflicción'), experimentou metaforización na lingua culta; o substantivo non está rexistrado nos dicionarios.

- *esmorecemento* < *esmorecer*

"Os que reparan no constante *esmorecemento* do galego rural, da cultura oral campesiña, son pesimistas".

O verbo está rexistrado desde os primeiros dicionarios, só con sentido material (Ro 'desfallecer'), e máis tarde adquiriu sentido metafórico (non rexistrado nos dicionarios) na lingua literaria; o substantivo só aparece en El, e unicamente con sentido material.

- *espallamento* < *espallar*

"a estrutura igualmente minifundista dos nosos núcleos de poboación, co seu *espallamento* en lugares e parroquias".

O verbo está rexistrado desde os primeiros dicionarios, só con sentido material (Ro 'esparcir, estender cosas que estaban en montón'), só desde Fi se rexistra a acepción abstracta metaforizada ('propagar, difundir, divulgar') con que aparece no noso texto: "as nosas poesías, *espalladas* por aldeas e vilas, contribuirán dunha maneira enorme ao rexurdimento do noso pobo". No noso texto, o substantivo *espallamento* ten un significado material, pero nunha acepción xa distinta á orixinaria, máis abstracta ca esta. Só con senti-

do material, aparece xa en Pi, e despois en El; Ca acolle o sentido totalmente metaforizado ('difusión'), que non é o do noso exemplo.

- *valemento* < *valer*

"non é o valor estético, nin as calidades obxetivas, nin a rica diversidade da súa obra -aínda sendo todo esto do meirande *valemento*- o que máis atrai".

Substantivo rexistrado desde Va, pero nótese a distribución diferente ao par castelán *valimiento* / *valor*; no galego literario emprégase como sinónimo dominante de *valor*.

7.1.3. Outros substantivos

- *baleiro*

Xa recollido como adxectivo no século XIX, pero o único dicionario que o dá como substantivo é Ca. Na lingua culta é sinónimo dominante de *vacío*.

- *sabencia*

É sinónimo distanciador de *sabiduría*, pero esta continúa a ser a palabra máis empregada polo autor (dez ocorrencias fronte a tres da primeira). O vocábulo está rexistrado desde Ro, que o recolle como arcaísmo.

- *enxebreza* < *enxebre*

O adxectivo foi transfigurado na lingua literaria, o substantivo só se rexistra a partir de Ca.

7.1.4. Adxectivos

Neste apartado comezaremos por analizar a produtividade dun sufixo concreto, *-ante*, para seguirmos co comentario asistemático dun pequeno mangado de adxectivos.

- *-ante*

abafante (véxase máis abaixo), *aloumiñante* (Ca, El; *aloumiñar* desde Ro), *anguriante* (en ningún dicionario; *anguria* desde Fi), *arelante* (El; *arelar* desde Fi; *arela* desde Ac), *arrepicante* (Ca, El; *arrepío* e *arrepiar* desde Ac), *asoballante* (véxase máis abaixo), *engaiolante* (véxase máis abaixo), *imitante* (Ca, El), *inquietante* (Ca, El), *inmorrente* (véxase máis abaixo), *latexante* (Ca, El), *ma-*

goante (El; *magoar*, *mágoa* desde Pi), *merecente* (véxase máis abaixo), *raiolante* (El; *raiolar* Ca, El; *raiola* desde Fi), *reloucante* (Ca, El; *reloucar* desde Ro), *runfante* (en ningún dicionario; *runfar* Ca, El).

(1) *abafante* < *abafar* < *bafo*

“loita por un cambio desta situación *abafante*”; “a resposta reivindicativa fronte á actitude *abafante* da poderosa minoría”.

Nótese que o verbo *abafar* tiña un sentido puramente físico na lingua común (rexistrado xa en Ro; e que Ac define como ‘asfixiar, privar a uno de respiración tapándolle las narices y la boca’), un sentido que foi metaforizado na lingua culta. Os dicionarios só recollen o primeiro paso desa metaforización (‘maltratar o injuriar a uno de palabra’), pero non a acepción máis abstracta con que aparece na nosa obra:

“ademais destas tensións que amenazan o corpo e máila alma da Galicia campesiña, popular, maioritaria, hai tamén a esmagadora presión fiscal que a vai *abafando* cada vez máis”; “o mísero labrego, *abafado*, explotado, polos tiráns”.

Abafante probablemente constitúe un exemplo de fabricación calcada, a partir do modelo castelán *asfixiar* > *asfixiante* ou *sofocar* > *sofocante*. *Abafante* está rexistrado só por Ca e El, e unicamente na acepción material.

(2) *asoballante* < *asoballar*

“Esta necesidade comunicativa... faise máis aguda, máis *asoballante*, na alma do escritor”; “amenazada de morte pola *asoballante* ofensiva do racionalismo técnico-industrial”.

Asoballar xa fora metaforizado na lingua común nun senso inmaterial (pero non tan abstracto coma o que presenta nos exemplos citados), na que de tódolos xeitos non se rexistraba o derivado *asoballante*. Este último aparece rexistrado na lexicografía a partir de Ac, que o aboa cunha cita de B. Losada, *Soaces d’un vello*. Estudiamos esta palabra no noso artigo sobre Castelao (Monteagudo 2000).

(3) *engaiolante* < *engaiolar* < *gaiola*

“como si a paisaxe xeográfica, a facies externa de Galicia ocultase, co seu *engaiolante* atraemento, a sutil paisaxe espiritual”.

Engaiolar probablemente é xa unha derivación parasintética da lingua culta (só o rexistramos a partir de Fi, e en Ca e El), o derivado *engaiolante* só se rexistra en Ca, ‘cautivador’ e El.

(4) *inmorrente* < *morrer*

“O héroe primitivo buscaba nos cantos do poeta o eco *inmorrente* da súa gloria”.

Inmorrente é derivado parasintético de *morrer*, xa rexistrado por Va (pero posteriormente só acollido por Ca, El). Este e mailo seu sinónimo *inmoredoiro* (que tamén aparece no noso texto, rexistrado unicamente por Fi, Ca) foron privilexiados na lingua culta fronte a *inmortal*, forma aproximante ao castelán.

(5) *merecente* < *merecer*

“estimaron a obra *merecente* de publicación”.

Merecente atópase rexistrado xa en Va, e posteriormente en Fi, Ca, El. Na obra non se rexistra o seu sinónimo recesivo *merecedor*, desfavorecido por ser coincidente co castelán.

Un par de observacións se nos ocorren sobre a produtividade do sufixo *-nte* no noso texto. A primeira, dous dos derivados que consideramos non figuran nos dicionarios (*anguriente*, *runfante*), tres só aparecen en El (*arelante*, *magoante*, *raiolante*), a metade deles unicamente se atopan en Ca e El (oito sobre quince), e só os tres restantes están rexistrados en dicionarios anteriores (*asoballante*, *inmorrente* e *merecente*). O exemplo de *arelante* é paradigmático: o vocábulo-base, *arela*, aparece en Ac; o derivado verbal *arelar* no dicionario que lle segue (Fi), o adxectivo *arelante* en El. Non se escapa a obxección xeral que se pode presentar a moitas das nosas observacións, e que xa enunciámos ao comezo do presente artigo, isto é, que o fenómeno pode deberse tanto ou máis ás propias características dos dicionarios (por vía da regra máis completos os recentes ca os anteriores), pero de toda maneira seméllanos sensato albiscar aquí un indicio claro do incremento da creación léxica, lóxica que consideramos o correlativo aumento da produción en lingua galega e a diversificación estilística que esta foi experimentando. A motivación diferencialista que se atopa por baixo da creación ou promoción de moitos destes vocábulos é evidente en exemplos como *asoballante*, *inmorrente* ou *merecente*, entre outros. A segunda observación xorde cando comparamos a lista precedente coa que demos anteriormente para Otero Pedrayo: aparecen aquí adxectivos cun significado marcadamente máis intelectual ca alí, polo mesmo, con maior circulación na lingua culta actual.

- Outros adxectivos derivados

(1) *afervoado* < *afervoar*

“un *afervoado* tributo de veneración á nobre figura idealista e xenerosa”.

A historia desta palabra e a súa familia é moi ilustrativa. O verbo *afervoar* está rexistrado por primeira vez en Va, co significado de ‘producir desazón en todo el cuerpo, inflamar la sangre y hacer sentir como prurito o comezón’, o que xa constitúe un pequeno desprazamento da noción material orixinaria de *ferver* que se atopa na base. Ac engádelle a esa acepción a de ‘producir fiebre o calentura’ e dá como figurado ‘inflamar, comunicar entusiasmo’. Fi xa define, sen indicación de figurado, como ‘excitar, enfervorizar’, igual ca Ca. El define como ‘enfervorizar, infundir fervor’ e ‘enardecer, inspirar entusiasmo’. O adxectivo só aparece a partir de Ac, que se limita a remitir ao verbo; Ca xa lle reserva entrada propia, definíndoo como ‘activo, ardiente, veheemente’, algo similar ao que ofrece El, ‘enfervorizado, fervoroso, ardiente’. No galego literario, o verbo practicamente non se utiliza, pero o adxectivo *afervoado* é sinónimo expansivo de *fervente* e *fervoroso*, *enfervorizado*. Por acaso, no noso texto computamos once ocorrencias do primeiro fronte á ausencia total de calquera dos tres últimos.

(2) *celmoso* < *celme*

“condicionada polo influxo da verde e *celmosa* dozura do Salnés”.

O substantivo, documentado desde Ro, transfigurouse na lingua literaria (a acepción máis abstracta rexistrada só en Ca, El ‘esencia de una cosa’), o adxectivo foi creado na mesma, e só se rexistra a partir de Ca.

(3) *desacougado* < *desacougar* < *desacougo* < *acougo*

O substantivo *desacougo*, que xa vimos empregado por Otero Pedrayo (§ 6.3), foi creado na lingua culta, e a partir del tamén o verbo transitivo *desacougar*, de onde o adxectivo *desacougado*. Probablemente toda a serie constitúe un calco de construción sobre o castelán *sosiego* > *desasosiego* > *desasosegar* > *desasosegado*. Tanto o verbo coma o substantivo *desacougo* só están rexistrados en Ca e El.

(4) *entrambicado* (só El, probablemente en orixe *entrambilar* ‘andar entrecruzando as pernas, andar aos trompóns’)

(5) *esmagador* < *esmagar* < *maga*

“o home desindividualizado queda sometido á presión *esmagadora* da forza impersonal colectiva”.

O verbo *esmagar* adquiriu o sentido translaticio de ‘oprimir’ (calco semántico a partir do castelán *aplastar*) na lingua culta (só rexistrado nesa acepción en Ca e El). O adxectivo *esmagador* non aparece nos dicionarios considerados.

(6) *gaioleiro* < *gaiola*

“Sábenos contar, cando fala e cando escribe, *gaioleiros* relatos de feitos”.

O derivado, probable creación literaria, e sinónimo de *engaiolante*, só se rexistra a partir de Fi.

(7) *illado* < *illar* < *illa*

O verbo só se rexistra a partir de Ca, o adxectivo unicamente en El. Calco semántico e de construción a partir do castelán *isla* > *aislar* > *aislado*. Referímonos a el no noso traballo sobre Castelao (Monteagudo 2000). O noso autor emprega tamén o portuguesismo (e, a través deste, galicismo) *isolado*.

(8) *inesgotable* < *esgotar*

O adxectivo só se rexistra en Ca. Calco de construción a partir da parátese do castelán *agotar* > *inagotable*.

(9) *sobranceiro* < **sobrança* (arc.)

Só en Ca e El, probablemente a súa promoción vén apoiada no portugués, pero en todo caso, no galego literario acadou un uso moito máis frecuente do que na lingua veciña. No noso texto, seis ocorrencias de *sobranceiro* fronte a tres de *destacado*. Poderíamos incluílo, pois, no apartado de ‘escollas distanciadoras’ que desenvolvemos máis abaixo.

(10) *valedeiro* < *valer*

“reproche que, neste sentido limitado, é *valedeiro*”.

O adxectivo só se rexistra a partir de Ca. Débese notar a diferente distribución con respecto ao par do castelán *válido* / *valedero*. Promocionado como sinónimo dominante do primeiro: por acaso, o noso autor non emprega *válido*.

En definitiva, nas liñas precedentes repasamos un mangado de exemplos que nos permitiron documentar fenómenos de metaforización, calco de construción, e fabricación de substantivos e adxectivos por medio da derivación. En tódolos casos, trátase de modernizar e fertilizar palabras patrimoniais, ou ben de promover derivados ‘distanciadores’. Os casos son relativamente pouco numerosos (compárese con Otero Pedrayo), pero unha boa parte das fabricacións circulan, en maior ou menor medida, na lingua culta actual.

7.2. Promoción de voces patrimoniais e cambio semántico

Neste apartado e no seguinte imos deternos a considerar especificamente o fenómeno da metaforización do significado na obra de Piñeiro, operada en palabras do fondo léxico patrimonial. Para iso tomamos unha mostraxe de vocábulos empregados en sentido metafórico ou figurado. Interesaranos dunha parte ofrecer un escandallo cronolóxico, sinalando a antigüidade rexistrada da respectiva acepción translaticia. A seguir, tentaremos afondar na cuestión da automatización das metáforas, mergullándonos nas orixes do proceso de metaforización, a partir do uso figurado dos vocábulos no texto. Desta maneira, quedará máis claro o alcance e graos do proceso de lexicalización das metáforas. En definitiva, quedará clara a importancia do recurso a formas patrimoniais en textos cultos, e o que isto implica canto á extensión semántica do significado destas.

En primeiro lugar, tomaremos un grupo de vocábulos que presentan claros casos de automatización de metáforas, e tentaremos rexistrar a antigüidade do proceso.

(1) Acepcións metafóricas rexistradas xa no século XIX:

- *degaro*
En Ro e Cu unicamente como ‘castaña’, pero xa en Va ‘desexo vehemente’.
- *esculca*
Na acepción primaria de ‘espía’ en Cu, pero xa en Va ‘averiguación’.
- *esculcar*
Con senso metafórico, ‘inquirir, indagar, averiguar’ en Pi; Ca dão como arcaísmo.

(2) Acepcións metafóricas rexistradas unicamente desde Fi:

• *inxel / enxel*

En Ro ‘más delgado de lo regular’ pero xa en Fi o sentido abstracto de ‘sencillo, inocente’, Ca ‘leve, ligero, de poco peso’ e en El ‘sencillo, ingenuo, fácil de enganar’; na lingua literaria o sentido vai máis ben por outra acepción aínda máis abstracta, ‘puro, simple’, coma neste exemplo do autor: “versos *inxeles*, dispidos, sin máis ahego formal que o mínimo”.

(3) Acepcións metafóricas rexistradas unicamente en Ca / El:

• *apreixado / apreixar*

Nos dicionarios decimonónicos aparece o verbo só no sentido material, en Ca e El xa aparece o sentido figurado. Un exemplo do noso texto: “A poderosa personalidade total de Otero é difícil de *apreixar* nunha unidade conceitual definitiva”.

• *ateigado / ateigar*

O adxectivo abundantemente rexistrado nos dicionarios, xa desde Ro (‘atestado, bien lleno’, Ca ‘colmado’, El ‘repleto’). O verbo, algo menos, desde Pi (‘atar’; Ac ‘henchir una cosa hueca apretando lo que se mete en ella’). O sentido abstracto só o rexistra El (‘aplícase también a las cosas inmateriales’). No noso autor: “Eu tiña o espírito *ateigado* de lembranzas de América”.

• *cume*

Xeral desde Ro nas acepcións materiais, só Ca e El o dan nas inmateriais: “un escritor chega ao *cume* do seu destino”.

• *espallado*

Xa recollido nos dicionarios do século XIX, pero só El dá a acepción máis abstracta de ‘estendido’.

• *fasquía*

En Va e El só como ‘asco, mal olor’. Unicamente en Ca como ‘aspecto, apariencia’, tal como o usa o noso autor: “amplían e modifican a *fasquía* tradicional da lingua”.

• *folgo(s)*

Xa nos dicionarios decimonónicos co senso de ‘tregua, respiro’, pero só en Ca na acepción de ‘ánimo’.

- *lizgairo*

Nos primeiros dicionarios (Ro, Cu, Va, Fi), rexístrase só en feminino, co significado de ‘muchacha lista, despejada, aguda, pilla’; a restricción de xénero vén confirmada por El, ‘listo, gracioso agudo, aplicado a muchachas jóvenes’. Só Ca recolle a ampliación tanto de sentido coma de xénero: ‘listo, despejado, agudo; ligero, de poco peso’; no noso texto aparece o sentido máis corrente no galego literario, que apunta á noción abstracta de ‘grácil, lixeiro’: “a súa fantasía *lizgaira* tece maravillosas historias”.

- *matinar*

Desde Ro, este verbo rexístrase con senso específico de ‘porfiar, hacer esfuerzos para recordar algo o aprenderlo de memoria’, que é o que recollen Va e Fi. Pi ofrece unha acepción diferente ‘porfiar, formar empeño’, que é a que rexistra Ca. El xa apunta a un campo de significación máis amplo: ‘pensar con empeño y detenidamente una cosa’, ‘cavilar, discurrir con sutileza’, e tamén máis específico, ‘maquinar, formar en el magín una cosa sin más fundamento que la suspicacia o la preocupación, y hacer sobre ella quiméricas conjeturas’. No noso autor aparece con varias das ditas acepcións: “eu iba *matinando* no panorama espiritual da mocidade americana”; “un paísán de alí, dono dunha grande camposa de moitos acres de larganza, *matinou* un negocio: organizar na camposa un festival xuvenil de música”; “si é certo que *matinaba* en reflexar teatralmente a súa visión e vivencia de Galicia, tamén é certo que non o acadou”.

- *mergullado / mergullar(se)*

Tanto o verbo coma o adxectivo deverbais aparecen unicamente en Ca e El (ambos en sentido material ‘sumergir, hundir algo debajo del agua’; as acepcións inmateriais varían, o primeiro ‘caer en confusión’, o segundo ‘meter en lo hondo, en lo más íntimo’), o que delata un probable empréstimo do portugués. O noso autor úsao con frecuencia, só en sentido abstracto, máis xeral do que ofrece El: “camadas populares *mergulladas* na cultura oral”; “imaxinámoste *mergullado* nos traballos do curso universitario”; “a necesidade de se *mergullar* na paisaxe e no ambiente humano da súa terra”.

- *pulo*

Aínda que xa Pi dá a acepción de ‘impulso’, só Ca se aproxima ao sentido abstracto de ‘forza, capacidade de desenvolvemento’, coma no noso autor “o *pulo* espiritual do noso Romantismo tivo forza para penetrar na conciencia colectiva e conmovela fondamente”.

A lista anterior deixa clara a intensidade crecente do proceso de metaforización, fenómeno sobre o que voltaremos ao final do artigo. Vexamos ago-

ra outra relación de vocábulos que presentan metáfora automatizada na lingua culta actual, aínda que a correspondente acepción non está recollida nos dicionarios consultados, o cal é probable indicio dunha lexicalización recente:

- *agromar*
Os dicionarios só recollen a acepción referida ás plantas. Un exemplo de uso intelectualizado no noso texto: “A poesía de Luis Pimentel é unha das máis puras, delicadas e fondas que teñen *agromado* na nosa terra”.
- *asolagado / asolagar*
O adxectivo, e sobre todo o verbo *asolagar* aparecen desde vello nos dicionarios (Pi, Va, Ac, Ca, Fi, El), pero só no sentido material ‘sumergir, ahogar, inundar’. O noso autor úsaos en sentido abstracto: “O fondo humán *asolagado* no interior de cada alma”; “Mas non chega a se *asolagar* na fondura última e íntima do puro sentir”. Véxase abaixo o sinónimo *mergullar*.
- *eido*
Xeral desde Ro, rexistrado nas acepcións afíns a ‘finca, heredad’. Empregado polo autor nun sentido abstracto, por calco semántico do castelán *campo*: “pouco a pouco foi ampliando a súa actividade a tódolos *eidos* da cultura”.
- *terreo*
Xeral desde Ro, con significado material de ‘labradío, finca’. Para a extensión semántica, rexistrada no noso autor, analogamente a *eido*, é evidente o calco sobre o castelán *terreno*: “os avances da nosa lingua non se limitaron ao *terreo* xurídico”.

Tódolos exemplos anteriores fan evidente que Piñeiro se esteou nuns precedentes que xa constituían unha tradición estimable, pero sobre a que ademais el tivo o tino de efectuar unha selección coidadosa de materiais, colaborando eficazmente no proceso de decantación da norma léxica culta. O apoio nesa tradición servíulle a un tempo de exemplo e de marco dos seus propios esforzos, sobre os que imos tratar a seguir. Así como nos vocábulos inmediatamente anteriores, a pesar de non rexistrarmos as acepcións translaticias nos dicionarios, non temos dúbidas de que na actualidade están lexicalizadas, no caso das voces da lista seguinte, coídamos atoparnos máis ben ante usos figurados ocasionais de palabras máis ou menos comúns:

- *apañar* (xeral; Pi ‘coger del suelo’)
“el creou o seu idioma literario *apañándoo* a presadas no eido popular”.

- *balbordante* (El, ‘ruidoso, que produce estrépito’)

“no meio do ambiente social *balbordante*, da revolta confusión política”.
- *cachoeira* (Ca, ‘cascada, caída de agua’)

“deixa que o seu sentimento entre, ceibe, na tremeluciente *cachoeira* da expresión verbal”.
- *entalado* (El, ‘atollado, detenido, sin poder continuar su marcha’)

“a nosa literatura está *entalada* polo ruralismo localista da lingua”.
- *esgazado* (xeral desde Ro, ‘desgajar una rama de un árbol’)

“ao perder a unidade da síntesis, aparécenos igualmente como un ser desartellado, reducido a dúas dimensións *esgazadas*”.
- *facareño* (Ca, ‘mísero, ruín, aplícase a las cosas viejas y rotas’)

“e inda este ten que o intentar nas condicións máis *facareñas*”.
- *rebentar* (común)

“o mesmo que as tronadas do outono fan *rebentar* as fontes, así o primeiro abalón do noso rexurdir actual fixo *rebentar* o íntimo manantío imaxinativo da raza”.
- *relampo* (común)

“presenciamos un deses *relampos* de grandeza moral que ennobrece a humanidade”.
- *toller* (común)

“causas involuntarias habían de *toller*, en chegada a ocasión, o meu entusiasta desexo de acudir á cita”.
- *tronzar* (común)

“unha podente forza histórica *tronzou*, con carácter xeral, ese equilibrio”.
- *zugar* (común)

“foi alí, na vila natal, onde o seu espírito *zugou* as primeiras e máis puras esencias vitais da realidade galega”.

Os exemplos que acabamos de considerar lévannos a reparar noutro grupo de palabras que aparecen no texto de Piñeiro cun uso figurado pero carecentes de circulación corrente no galego culto. Son vocábulos do fondo patrimonial que o autor tentou introducir na lingua culta, sen grande suceso. Aínda que quizais nalgúns casos Piñeiro non tiña intención de automatizar

as correspondentes metáforas, noutros probablemente si a tiña. Fose como for, esas metáforas simplemente non chegaron a automatizarse. Aínda que tódalas palabras que listamos a seguir aparecen nun ou en máis dicionarios (algunhas, en todos ou case todos), ningún deles recolle o sentido figurado en que aparecen no texto:

- *demoucada* (Ca, 'quitar o desgajar la parte superior de un árbol')
"a imaxen que dela se nos dá resulta, por unha banda, *demoucada*, e pola outra, desartellada".
- *enchousar* (Ca, El, 'cerrar con vallado o muro una finca rústica por todos sus lados')
"o espírito europeo, tamén *enchousado* na angurriante inseguridade existencial".
- *engranzado* (só Ca, remite a *engranzar*, 'engarzado, enhilado, enganchado')
"a vida humana aparece como *engranzada*, como presa nos garfelos do ambiente social".
- *esfragar* (só Ca, 'despeñar, arrojar una cosa desde lo alto de un lugar peñascoso')
"os elementos que dominan arbitrariamente na súa vida e que lle destrúen implacablemente todo sentido propio *esfragándoa* no absurdo".
- *esmigallado* (xeral e común)
"eslúese o individuo como tal está, digamos, socialmente *esmigallado* en núcleos mínimos".
- *estordegar* (El, 'torcer, dislocar, escordar')
"poderían *estordegar* toda a nosa estrutura social de maneira violenta".
- *garamelo* (Va, Le, Fi, Ca, El dan todos o sentido de 'cepo o trampa de hierro para atrapar ratones u otros animales dañinos')
"discurrir *garamelos* con que tentar o xenio dos homes de ben".
- *garfelo* (Ca, 'garfio')
"a vida humana aparece como engranzada, como presa nos *garfelos* do ambiente social".
- *sotarrego* (só ELA, 'subst., sótano, subterráneo')
"tódalas tendencias de tipo irracionalista teñen un significado moi fondo, moi *sotarrego*, que é a razón única do seu éxito".

- *trondeado* (só EA, *tróndea* ‘columpio que se hace con las ramas de los árboles, en Lugo’)

“unha realidade *trondeada* entre a violencia devoradora do ambiente social e a afogadiza escuridade do pesimismo interior evocativa”.
- *xabreiro* (só EL, ‘sitio que, por no darle el sol, es particularmente frío, en Becerreá’)

“toda a complexa realidade de Europa, cuia presenza, tan *xabreira*, case me agrimaba de todo no meio do ambiente sereo da Croa”.

7.3. Do uso metafórico á metáfora automática

Os casos considerados no apartado anterior dannos azo para matinar un pouco máis de vagar sobre os procedementos, mecanismos e graos de metaforización, o cal nos permitirá perfilar mellor o concepto de metáfora automática, distinto tanto do ‘uso figurado’ recollido como tal nos dicionarios coma do emprego metafórico ocasional dunha palabra nun texto determinado.

Tomemos por exemplo a oración “a imaxen que dela se nos dá resulta, por unha banda, *demoucada*, e pola outra, *desartellada*”. É claro que o falante galego familiarizado co rexistro culto entenderá automaticamente o vocábulo *desartellada*, sen percibir ningún desprazamento no seu significado. Hai que facer un esforzo consciente e acudir aos dicionarios para descubrir que *desartellar* é un derivado recentísimo de *artellar* (só o rexistra EL) formado por calco de construción do castelán *articular* > *desarticular*, para documentar que *artellar* á súa vez foi fabricado moi recentemente (de novo, só o rexistra EL) por paronimia co castelán *articular* e mediante calco semántico ‘intelectualizador’ a partir do substantivo *artello* (que en orixe designaba exclusivamente o ‘nocello ou outra articulación de ósos do corpo’). En definitiva, a metáfora sobre a que repousan orixinalmente *artellar* / *desartellar* está totalmente automatizada. O mesmo non acontece co termo *demoucada*: aquí percíbese claramente que o significado da palabra está desprazado (o lector traduce por algo como ‘mutilado’), por tanto, estamos ante unha metáfora percibida como tal, non automatizada: un uso figurado da palabra (ou unha metáfora que non chegou a automatizarse).

Canto a mecanismos textuais de apoio destas metáforas, tomemos o exemplo “o seu nivel máis profundo, o seu *capelo* de debaixo, a súa *camada* máis *tarrela*”. O uso metafórico do substantivo *capelo* (Ca, ‘capsulilla que recubre el grano del trigo y otros cereales’) e do adxectivo *tarrela* (EA ‘aplícase a una persona o a una planta de muy poca altura, que apenas se levanta del suelo’) apóiase na sinonimia, pois xa o sintagma ‘o seu nivel máis pro-

fundo' nos ofrece a clave para a interpretación das aposicións que veñen despois: no texto, *capelo* e *camada* aparecen como sinónimos aproximados de *nivel*; analogamente *tarrela* aparece como equivalente de *profundo* e *de debaixo*. Un caso un pouco diferente é o de *camada*, que aquí aparece empregada nunha acepción metafórica que chegaría a automatizarse, probablemente a partir dun calco semántico do portugués (aínda que a voz figura en Pi, Ac e El; só Ca dá acepción de 'capa, estrato' que ten no texto). Semella claro que Piñeiro era consciente do uso innovador da palabra, e apoiouno no contexto sinonímico. Por parte, no exemplo "mesmo que as tronadas do outono fan *rebentar* as fontes, así o primeiro abalón do noso rexurdir actual fixo *rebentar* o íntimo manantío imaxinativo da raza" é o símil explícito o que apoia o uso figurado do segundo *rebentar* no uso recto do primeiro.

Retomando o dito nos parágrafos anteriores, convidamos o lector a que repare no seguinte parágrafo, en particular nas palabras que salientamos en itálica. É obvio o ton humorístico de todo el, e a conseguir ese ton afectivo contribúen precisamente o estilo figurado que se adopta, e o emprego de voces e modismos populares:

O Demo vén sendo para nós como un sabio ao revés, un sabio que emprega o poder da súa sabencia para lles facer falcatruadas aos cristiáns; un sabio adroleiro, garanduxo, que gusta de se mocar da xente e que sempre está a tecer aduanadas e a discurrir *garamelos* con que tentar o xenio dos homes de ben. Mas que, por se estar sempre entremetendo na nosa vida, ten certo carácter familiar para todos; é un personaxe sarcástico e andromeneiro que a tódalas horas anda azorandando, que sempre está perto, que, sin o véremos, axúdanos ou ponnos *atranco* no noso labor, segundo lle resulte máis divertido ou lle conveña mellor ás súas intencións; é case coma unha sombra, chea de retranca e de estrucias, que levamos candia nós, sempre a cismar, eso si, a maneira de pór *trapelas* ás nosas empresas, de nos trasvirar o entendemento, de nos trascaburrar os camiños, mas que –e isto é moi importante– perde unha boa parte do seu traballo. Os seus triunfos non lle veñen do poder da vontade inclinada ao mal senón do inxenio e da solercia con que o sabe percurar, botándolle *garavinchas* á nosa vontade para que dea topeadas mentres que el ri ás carocas.

Todo o texto está, obviamente, presentado en clave metafórica, e iso apoia o desprazamento de significado das palabras en cuestión, que ademais, sendo en si mesmas sinónimas ou estando empregadas como tales, se apoian unhas a outras. Pero entre elas percibimos doadamente os diferentes 'graos' de avance no proceso de automatización das correspondentes metáforas: *atranco* ofrece un caso claro de proceso de metaforización culminado, ata o punto de que o significado que activa na nosa mente a palabra illada é

o inmaterial derivado ('dificultade, cousa que fai máis difícil realizar algo') e non o material primitivo ('obstáculo que impide ou dificulta moverse, avanzar ou acceder a un sitio'); *trapela* atópase nunha situación intermedia, pois aínda que é bastante empregado na acepción inmaterial 'estrataxema para enganar a alguén', se tomamos a palabra illada a primeira acepción que nos acode é a material ('artiluxio para capturar animais'); *garamelo*, cuase sinónima da anterior, ten no texto un uso claramente figurado, e o desprazamento de significado que se opera aí fáisenos transparente.

De camiño, ao longo deste apartado tivemos ocasión de sinalar unha presada de localismos ou dialectalismos que o noso autor rescatou para a súa lingua literaria, palabras só documentadas en Lugo, Becerreá ou o mesmo Láncara: *garavincha*, *tarrelo*, *trondeado* (*tróndea*), *xabreiro*. Todas elas están rexistradas unicamente por El, e varias delas só polo apéndice deste dicionario (EIA), no que, non por acaso, colaborou o noso autor.

7. 4. *Escollas léxicas diferenciais. Pseudo-sinónimos, sinónimos expansivos e recesivos*

Para rematarmos coa análise do léxico empregado en *Olladas no futuro*, imos presentar un cadro co que pretendemos mostrar, a título de exemplo, como o diferencialismo enxebriista non só apuxou a crear derivados e promocionar vocábulos 'distanciadores' do castelán botando man canto posible do fondo patrimonial do galego, mais tamén se manifesta na preferencia polos termos 'diferenciais' sobre os seus sinónimos comúns á lingua teito. Noutras palabras, convertendo os primeiros en sinónimos expansivos e os segundos en sinónimos recesivos. Xa realizamos un exercicio similar no noso traballo sobre o léxico de *Sempre en Galiza*, para o que remitimos a título de comparanza. Naturalmente, os casos van citados por vía do exemplo, e doadamente poderían multiplicarse. Moitos dos vocábulos incluídos na táboa foron comentados desde o punto de vista semántico nun ou outro dos apartados anteriores, polo que aquí nos limitaremos a presentar os datos de frecuencia.

<i>Formas diferenciais</i>		<i>Formas coincidentes</i>
[Achegar] achega 4		contribuír 3 ¹ contribución 1
[Achegar]se 9 achegamento 2		[aproximarse, acercarse] [aproximación]
Adoitar 6 adoitado 3 adoito 4	[afacer] afeito 2	[acostumar] [acostumado] frecuentemente 2
Arredar 1, arredarse 2 arredado 5, arredío 1 arredamento 5	[afastar] afastado 1	separar 2 distante 4, distanciado 1 separación 4, distancia 2
Artellar 1, artellado 1 Desartellado 3		
[Asolagar]se 2 asolagado 2	[mergullar]se 1 mergullado 4	inmerso 1
[Ateigar] ateigado 2		cheo 5
[Atraer] atraemento 2		[atracción]
Atranco 6		dificultade 4
[Axeitar]se 2 axeitado 7 axeitadamente 1	acaer 2 acaído 3 acaidamente 1	[adecuar/se] adecuado 2, inadecuado 1 [adecuadamente] adecuación 2
[Cumprir] cómpre(n) 27	precisar 'necesitar' 16 ² (é) preciso 7 preciso 'necesario' 1	necesitar 12 é necesario 6 necesario 13
Devanceiros 1	antergos 1 antergo 1	[antepasados]
Doado 6		fácil 2
Decatarse 7		[darse (de) conta] / caer na conta 1
Reparar 'fixar a atención' 26		fixarse 'reparar' 3
Inmorrente 4	inmorredoiro 1	inmortal 1
Sobranceiro 6		destacado 3
Vencello 13 avencellamento 1 (a)vencellar(se) 6 avencellado 4		unión 1 (unidade) unido 6

Cadro: Frecuencia comparativa de sinónimos exclusivos / coincidentes en Olladas no futuro (o número indica as ocorrencias).

1 *Achegarse*, só como 'aproximarse'.

2 *Precisar* como 'ofrecer unha precisión', 2.

Coidamos que as cifras falan por si soas da importancia do fenómeno da sinonimia distanciadora e a promoción de sinónimos expansivos a custa do arrecunchamento dos sinónimos aproximantes. Xa sinalamos antes tamén, e comentamos en concreto varios exemplos, que esta tendencia á súa vez disparou a inventiva dos cultivadores do idioma, que se aplicou a rescatar arcaísmos, dialectalismos ou voces especiais, a fabricar derivados diferenciais e a manipular a semántica (e en moitos casos tamén a sintaxe) e a distribución estilística ou a frecuencia de uso dos vocábulos creados ou revitalizados.

8. RECAPITULACIÓN

Todo ao longo do traballo exemplificamos abundantemente cada un dos procedementos postos en práctica e, ao tempo, fomos realizando balances parciais dos resultados atinxidos. Coidamos que queda constatado que o factor determinante na modernización do léxico galego e a constitución da norma léxica do galego culto é a dinámica entre a procura de modernización e o obxectivo da autenticación, asociada á tentativa por superar a intrusión / interposición do castelán (Pedrayo ofrece bos exemplos disto). Canto ao achego das fontes potenciais de arrequeamento da lingua, en primeiro lugar é obvio o rexeitamento do idioma satelizador, por máis que este, como lingua de aculturación dos cultivadores do galego, se escoe a furto e en abundancia no seu idioma. Unha consecuencia non prevista ou non deliberada disto é a usura á hora de acudir ao cultismo, que case sempre ten carácter 'aproximante'. A outra consecuencia, esta si conscientemente seguida, é o recurso privilexiado ás fontes de arrequeamento autóctonas.

A compulsa da colleita obtida nos textos estudados co repertorio que ofrecen os dicionarios consultados mostra claramente os avances que se produciron no período de preguerra e de posguerra. Recapitularemos a moera de datos que fomos debullando, por mor de obter unha imaxe máis clara e sintética. Consideremos en primeiro lugar o procedemento de fabricación por derivación, tomando por vía de exemplo os sufixos máis productivos, *-mento* e *-ante*, e clasificando as innovacións segundo a datación que permite atribuírlles o seu primeiro rexistro nos dicionarios:

- Antes de Va: *espallamento* [1].
- Va / Ac: *achegamento, arredamento, esquecemento, valemto, vencemento* [5]; *algueirante, asoballante, gostante, inmorrente, merecente* [5].

• Ca / El: *arreguizamento, decrebamento, deixamento, desenvolvemento, esmorecemento, quebramento, rexurdimento* [7]; *abafante, agurgullante, aloumiñante, arelante, arrepiante, engaiolante, imitante, inesquecente, inquedante, latexante, magoante, raiolante, reloucante* [13].

• Ausentes: *arreconcbegamento, demudamento, esgazamento, exteriorizamento, madurecemento, rachamento, renchemento, renunzamento, sofincamento, vencellamento* [10]; *albeigante, anguriante, aquecente, esplendente, flanexante, lostregante, runfante, sabedente* [8].

Vexamos agora algúns exemplos de proliferación de familias concretas, ordenados segundo a secuencia de aparición da base e os derivados, e indicando en cada caso o dicionario que rexistra cada unha das voces:

- *Arela* (Ac) > *arelar* (Fi) > *arelante* (El).
- *Arreguizo* (Ac) > *arreguizar* (Ca, El) > *arreguizamento* (Ca).
- *Gaiola* (Fi) > *engaiolar* (Fi) > *engaiolante* (Ca).
- *Raiola* (Fi) > *raiolar* (Ca) > *raiolante* (El).
- *Acougar* (Ro) > *acougo* (Va) > *desacougo* / *desacougar* (Ca, El) > *desacougante* (El).

As cifras que deitan as listas de exemplos anteriores e as datacións que se deducen do rexistro nos dicionarios dos derivados que acabamos de considerar son elocuentes por si mesmas. Aínda tendo en conta dunha banda o aumento de entradas dos dicionarios e o seu carácter heteroxéneo, e doutra o feito de que non poucos dos derivados que recollemos son idiosincráticos, é difícil subtraerse á conclusión de que se produciu unha proliferación crecente das familias léxicas, e os períodos de preguerra e posguerra foron extremadamente productivos.

Vexamos agora os resultados que obtivemos cos casos de extensión semántica lexicalizada. Clasificamos as palabras segundo o dicionario que recolle por primeira vez a acepción 'estendida'. No caso de que o mesmo sexa tamén o primeiro dicionario que rexistra a voz, indicámolo cun asterisco; nos outros casos débese entender que a palabra xa fora rexistrada en dicionarios anteriores, pero cun significado non translaticio ou non estendido:

- Va / Ac: **afervoar* / *afervoado, degaro, esculcar* / *esculca* [3].

- Fi: *espallar*, **enxergar*, *inxel*, *vencello* / *vencellar* [4].
- Ca / El: *achega*, **albiscar*, *apreixar*, *ateigar*, *camada*, *cume*, *dexergar*, *esma-gar*, *espallar* / *espallamento*, *folgo*, *lizgairo*, *matinar*, *pulo* [13].
- En ningún dicionario: *abafar* / *abafante*, *achegamento*, *agromar*, *asolagar* / *asolagado*, *eido*, *esgazar* / *esgazamento*, *esmorecer* / *esmorecemento*, *mergullar* / *mergullado*, *terreo*, *tronzar*, **vencellamento* [11].

Os resultados confirman plenamente as conclusións que obtivemos para a fabricación de palabras, canto á frecuencia crecente do recurso (e o que este indica verbo do avance no proceso de intelectualización do idioma) e a fertilidade dos períodos considerados. Sen ningunha dúbida, o rescate de voces patrimoniais, nalgúns casos de circulación meramente local, que adoitado son obxecto de extensión no seu semantismo, e a creación de familias léxicas, nalgúns casos notablemente prolíficas, a partir de bases autóctonas, son os recursos privilexiados, de maneira que o fondo patrimonial se constitúe na fonte principal no proceso de modernización e arrequeamento do léxico culto.

Verbo do empréstimo léxico non procedente do fondo patrimonial, o arcaísmo revélase como escasamente productivo: son probables arcaísmos *avoenza*, *comparanza*, *figuranza*, *probanza* e *sabencia*, entre outros. Algo máis fértil revélase o empréstimo portugués, sexa a adopción directa dun vocábulo, sen especial adaptación (*afeizoado*, *degrau*, *descer*, *enxergar*, *mira-xe*, *pérola*, *roita*, *roteiro*, *seiva*), ou previa unha adaptación distorsionante (*anceio* < *anseio*, grafado anomalamente con *c* no portugués decimonónico), sexa por calco semántico (*camada*) ou a un tempo semántico e de construción (*desenvolver* > *desenvolvemento*). Nuns poucos exemplos máis, podemos atoparnos non ante portuguesismos directos, mais ‘inducidos’, isto é, no apoio no portugués para promover paronomasias galegas: quizais sexa este o caso de *seguranza* e *sobranceiro*. Nalgúns casos, como o da última palabra citada, o portuguesismo utilízase en galego cunha frecuencia desusada en portugués.

De camiño, observamos tamén exemplos de marxinación de vocábulos patrimoniais que son percibidos como aproximantes, e como isto pode conducir a aberrantes pseudo-sinónimos.

Comparando os procedementos aplicados e os resultados atinxidos, mostramos como os esforzos de Otero Pedrayo na prosa ficcional supoñen un importante acarreo de recursos e unha indiscutible recreación literaria da lingua, pero un limitado contributo á intelectualización e modernización do idioma, debido en parte ao criterio ultra-purista do autor, ao seu desleixo

formal e ao seu gusto pola variación, e en parte ao feito de que os seus móbiles son case exclusivamente estéticos e ideolóxicos. Pola súa banda, semella claro que, sen abandonar a tarefa de acarrexo, a prosa ensística de Ramón Piñeiro exemplifica unha etapa de selección polo menos incipiente, cun grande esforzo pola intelectualización do idioma; de maneira que, aínda tendo en conta que se beneficia do labor dos seus predecesores (especialmente de Castelao), a súa achega á constitución do galego culto contemporáneo é de innegable importancia.

En definitiva, cos seus sucesos e fracasos, cos seus obxectivos parcialmente diverxentes, un procurando a recreación estético-ideolóxica do idioma, o outro a súa intelectualización modernizadora, Otero Pedrayo e Ramón Piñeiro apuntan claramente cara ao establecemento dun acrolecto galego autónomo, fundado antes de nada na exploración dos recursos propios da lingua, ou como moito na explotación diferencial de recursos comúns co castelán. Naturalmente, o apoio no portugués ofrécese como un auxiliar poderoso, e iso por dúas razóns: porque en moitas ocasións redundará pura e sinxelamente na 'autenticación' do galego, e dúas, como elemento 'distanciador' do castelán. Pero aínda que se pode asegurar que o achegamento ao portugués é visto como desexable e practicable (e de feito, danse pasos neste senso), tal aproximación está claramente subordinada á 'autenticación' modernizadora do propio galego. Os conflitos que puidesen remanecer entre estes dous obxectivos resólvense preferentemente a favor do segundo deles, que é o principal.

Dúas palabras para rematar. Existe unha norma léxica autónoma do galego culto, notablemente rica, razoablemente ben definida e desde logo non petrificada. Non hai que inventala, aínda que hai que seguir a arrequentala, perfilala e actualizala. Esa norma estableceuse mediante a contribución dos nosos mellores escritores contemporáneos. O galego escrito actual ten moito que gañar e nada que perder se bebe con máis asiduidade e confianza nesa fonte, no canto de deixarse arrastrar comodamente pola presión esmagadora do castelán ou enlevar polo engado dos cantos de serea, fermosos si, pero ilusorios, do portugués. Iso supón un esforzo, sen dúbida, pero é unha tarefa que non podemos refugar se non queremos condenar ao esquecemento a lingua do país; e ben pensado, á derradeira tamén é unha fonte de pequenas alegrías e grandes praceres. O presente traballo é, tamén, un chamado a tomar a serio as angueiras que temos por diante, e un convite a non esquecerse de procurar nelas algún deleite.

BIBLIOGRAFÍA

1. Obras analizadas

Otero Pedrayo, R. (1934): *A romeiría de Gelmírez*. Santiago: Nós [= *A romaría de Xelmírez*. Ed. de H. Monteagudo. Vigo: Galaxia, 1991].

Piñeiro López, R. (1974): *Olladas no futuro*. Vigo: Galaxia.

2. Dicionarios. Abreviacións

Para o galego, empregáronse as seguintes coleccións vocabulares, sinaladas coa abreviación empregada no texto:

Ro = Rodríguez, F. J. (1863): *Diccionario gallego-castellano*. A Coruña.

Pi = Pintos, J. M. (ca. 1865): *Vocabulario gallego-castellano* (inédito).

Cu = Cuveiro Piñol, J. (1876): *Diccionario gallego*. Barcelona.

Va = Valladares Núñez, M. (1884): *Diccionario gallego-castellano*. Santiago.

Le = Leiras Pulpeiro, M. (ca. 1910): *Vocabulario* (inédito).

Ac = Real Academia Galega (1913-1928): *Diccionario gallego-castellano*. A Coruña.

Fi= Filgueira Valverde, X. F. *et al.* (1926): *Vocabulario popular galego-castelán*. Vigo.

Ca = Carré Alvarellos, L. (1974⁴): *Diccionario galego-castelán*. A Coruña.

El = Rodríguez González, E. (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. 3 vols. Vigo.

EIA = “Apéndice” ao *Diccionario* de E. Rodríguez, no vol. 3.

A fonte e ferramenta de que nos valem para consultar as anteriores compilacións lexicográficas é:

Santamarina Fernández, A. (ed.) (2000): *Diccionario de dicionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

3. Outros dicionarios

Como auxiliares, empregáronse tamén os seguintes dicionarios:

Dogliotti, M. / L. Rosiello / N. Zingarelli (eds.) (1988¹¹): *Il nuovo Zingarelli. Vocabolario della lingua italiana di Nicola Zingarelli*. Bologna: Zanichelli.

Figueiredo, C. de (1939¹¹): *Dicionário da língua portuguesa*. 2 vols. Lisboa: Bertrand.

Houaiss, A. / M. de Salles Villar (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva.

Moliner, M. (1986): *Diccionario de uso del español*. 2 vols. Madrid: Gredos.

Real Academia Galega (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Galaxia / Xerais.

4. Estudos

Álvarez Blanco, R. (1988): “Escribir en galego: Otero Pedrayo”, en *Otero Pedrayo na revista Nós. Escolma*. Santiago: Departamento de Filoloxía Galega – USC, 9-233.

Bédard, É. / J. Maurais (eds.) (1983): *La Norme Linguistique*. s.l.: Gouvernement du Québec.

Fernández Salgado, B. / H. Monteagudo (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en H. Monteagudo (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 99-176.

Fodor, I. / C. Hagège (eds.) (1983-1990): *Language Reform / La réforme des langues / Sprachreform*. 5 vols. Hamburg: Helmut Buske Verlag.

Halliday, M. A. K. (1985): *Spoken and written language*. Oxford: Oxford University Press.

Joseph, J. E. (1987): *Eloquence and power. The rise of language standards and standard languages*. London: Frances Pinter.

Monteagudo, H. (1991): “A modernización do léxico galego en *Sempre en Galiza*”, en H. Monteagudo (2000): *Castelao. Defensa e ilustración do idioma galego*. Vigo: Galaxia, 227-270.

Monteagudo, H. (1994): “Aspectos da teoría da lingua estándar do Círculo Lingüístico de Praga e os seus continuadores”, *Grial* 122, 141-155.

Monteagudo, H. (1994): “Nación / creación. Estética e política no agromar do ensaio galego”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, 63-108.

Muljačić, Ž. (1986): “L’enseignement de Heinz Kloss (modifications, implications, perspectives)”, *Langages* 83, 53-63.

Scaglione, A. (ed.) (1984): *The emergence of national languages*. Ravenna: Longo Editore.

Thomas, G. (1992): *Linguistic purism*. London / New York: Longman.

Wexler, P. (1971): “Diglossia, language standardization and purism. Parameters for a typology of literary languages”, *Lingua* 27, 330-354.

O LÉXICO AGRÍCOLA COMO FONTE DE AMPLIACIÓN SEMÁNTICA¹

María do Carme González Bueno e María dos Anxos Sobriño Pérez

Instituto da Lingua Galega. USC

A tódolos que foron, son e serán bolseiros do ILG, porque sen o seu traballo como formiguñas o noso hoxe non sería posible

0. CONSIDERACIÓNS PREVIAS

O 28 de xullo de 1924, Antón Losada Diéguez pronunciou o seu discurso de ingreso no Seminario de Estudos Galegos, titulado “Encol da prosa galega”², e nel plasmaba a necesidade de modernizala nosa lingua para facer fronte ós novos usos nos que o galego estaba a entrar con moita forza: principalmente os traballos xornalísticos e o ensaio. El decatouse da necesidade dun estándar léxico para a lingua que ata había pouco fora só cultivada no eido da poesía —sobre todo de temática popular— e dunha incipiente narrativa. Dado que as circunstancias de desenvolvemento dun rexistro culto non foron para nós as máis favorables, Losada Diéguez salienta que un dos camiños para elaborar un estándar léxico culto é recorrer ás nosas raíces, que el considera esencialmente labregas, e pon como exemplos de ampliación semántica deste tipo *inzar* ou *amorear* (Lousada Diéguez 1930: 4):

A calquer parola por ben labrega e ben enxebre qu-ela sexa podeselle dar outro sinificado e levala d-aldea â cidade, d-unha corredoira â bioloxía, d-unha ruada â filosofía. O termo *inzar* qu-os labregos empregan pra sinificar com-as raíces de certos albres s-estenden a eito e todo axiña, ou como certas herbas s-espallan n-un terreo, é unha parola que tamén pode sinificar o espallamento d-unha idea.

1 Queremos agradecer a Antón Santamarina e a Ernesto González Seoane as suxestións que nos fixeron trala lectura provisional deste traballo e a Rosario Álvarez o seu interese e bos consellos.

2 Publicado postumamente (Lousada Diéguez, 1930).

As súas recomendacións foron seguidas polos autores do Seminario de Estudos Galegos e do grupo *Nós*, que eran conscientes da necesidade de estende-lo uso do galego a terreos novos para fixar un rexistro elaborado capaz de abranguer calquera temática. O traballo ensaístico e xornalístico desenvolvido por eles nesta época previa á Guerra Civil contribuíu en gran medida á modernización do léxico galego. Sen embargo, a tarefa non era doada xa que a influencia do castelán era unha pexa permanente á creación dun léxico verdadeiramente autónomo. Ante isto, a reacción dos escritores dese tempo foi o diferencialismo, isto é, promove-lo uso de vocábulos inequivocamente galegos para reafirma-la identidade e o valor do galego fronte ó castelán, aínda que nalgúns casos esta vía puido dar resultados equivocados. Os tres principais mecanismos que se desenvolveron para a modernización do léxico foron:

- (a) O recurso á lingua popular, variando e arrequeitando o seu significado.
- (b) A recuperación das formas arcaicas presentes nos documentos medievais.
- (c) O camiño do lusismo ou préstamo do portugués.

Este estudio céntrase no primeiro mecanismo, aplicado ó léxico agrícola, se ben é certo que non foi este campo o único que se beneficiou do proceso de ampliación semántica. Voces como *limiar* ou *xurdir*, que non forman parte do léxico agrícola, son claros exemplos deste cambio. O obxectivo do noso traballo é, partindo da idea suscitada por Losada Diéguez, describir e ver se realmente foi fructífera a ampliación semántica neste eido.

Elaborámo-lo corpus a partir de bibliografía etnográfica, de estudos sobre os autores desta época, do cuestionario do *Atlas lingüístico galego (ALGa)* e do noso propio coñecemento do traballo agrícola. Despois utilizámo-la *Base de datos lexicográfica para un diccionario da lingua galega* do Instituto da Lingua Galega (ILG)³ como peneira para selecciona-los termos que nos pareceron interesantes e desbota-los que non eran susceptibles de estudio. Servíunos para comproba-la rendibilidade do proceso nas palabras, é dicir, se non había un número de ocorrencias que nos parecese significativo ou se os valores ampliados eran escasos ou non ían máis alá de ser considerados como metáforas, desbotabámo-la súa análise. Pola contra, formas que *a*

3 Dirixida polo profesor Antón Santamarina. Trátase dunha fonte con achegas variadas: literatura, ensaio, xornalismo, recollas dialectais, etc.

priori semellaban pouco rendibles, ó consulta-los exemplos da base de datos, mostráronse como palabras interesantes para o seu estudo. Tamén optamos por non analizar outras formas que, aínda que teñen un significado máis xeral, por exemplo *apañar* ('recoller [do chan] [unha cousa]'), presentan un valor máis concreto no ámbito agrícola.

Decidimos voluntariamente deixar de lado formas como *froito* ou *xerme*, pois aínda que tamén presentan usos ampliados na nosa tradición cultural, tales ampliacións semánticas producíronse xa no latín e trasladáronse de maneira xeral a tódalas linguas romances. É posible que estas voces non tivesen un uso xeral ampliado nos primeiros anos do rexurdimento por non conta-lo galego cunha canle de expresión axeitada para vehicular estes valores abstractos. Pero, cando consegue supera-la fase da literatura costumista e se introduce en novos ámbitos de cultivo escrito, estas formas atopan o medio adecuado para activa-los significados que xa tiñan desde o latín.

Para establece-los significados básicos da nosa escolma, botamos man de dicionarios doutras linguas románicas, etimolóxicos, dos numerosos recursos do *Diccionario de dicionarios* (Santamarina 2001), como obra lexicográfica múltiple que recolle os primeiros dicionarios do galego moderno, e de tres obras actuais, escollidas polo seu volume de entradas: o *Diccionario da Real Academia Galega* (García / González González 1997), o *Diccionario Cumio da lingua* (Feixó 1999) e o *Gran diccionario Xerais da lingua* (Carralleira Anllo 2000).

1. CONCEPTO DE CAMBIO SEMÁNTICO: CAUSAS E CONSECUENCIAS

As linguas non son entidades fixas, inamovibles, senón que varían ó longo do tempo aínda que os falantes non sexamos sempre conscientes disto. No que respecta ó significado, esta variación é aínda máis acusada. Ullmann (1962: 218-219), seguindo a Meillet, trata de explica-las razóns deste fenómeno cos seguintes argumentos:

- (1) A transmisión discontinua da lingua dunha xeración a outra.
- (2) A vaguidade no significado: a causa da natureza xenérica das palabras, da ausencia de fronteiras semánticas ben definidas, etc.
- (3) A perda de motivación das palabras, porque co paso do tempo esvaécese o seu valor inicial.

A estas tres fontes de variación no significado, engádelles Ullmann (1962: 220-222) outras tres:

- (4) O carácter polisémico da lingua. Os vocábulos adoitan ter máis dun significado, e isto é o que permite que os falantes poidan usar unha mesma forma en diferentes secuencias.
- (5) O influxo de contextos ambiguos nos que pode aparecer unha mesma palabra.
- (6) A propia estrutura do vocabulario, aberta e móbil, susceptible de incrementar e reducir constantemente os seus elementos.

Diante deste marco, é fácil entender que houbera ó longo da historia dificultades para dar unha definición clara do concepto de cambio semántico, xa que non sempre se considerou un fenómeno estrutural da lingua, senón que se vía como unha simple desviación do significado literal das palabras. Esta última visión provocou que os autores do século XIX relacionasen directamente o cambio semántico cos tropos literarios, como a metáfora ou a metonimia.

Sen embargo, no século XX, a perspectiva de análise varía e pasan a tomarse en consideración aspectos psicolóxicos, sociolóxicos e lingüísticos do cambio semántico. Esta é a visión que achega Stephen Ullmann (1962: 222-238) cando, recorrendo de novo a Meillet, fala de catro causas como as responsables dos cambios semánticos:

- (a) *Causas lingüísticas*: por medio de asociacións que as palabras contraen dentro do sistema.
- (b) *Causas históricas*: dado que as civilizacións evolucionan e o seu xeito de nomea-las cousas varía con elas.
- (c) *Causas sociais*: as voces dentro dos grupos sociais adoitan especializarse ou xeneralizarse.
- (d) *Causas psicolóxicas*⁴: os factores emotivos ou o tabú producen variacións significativas no valor das palabras.

Esta división non supón departamentos separados, xa que unhas causas e outras poden solaparse nun mesmo cambio semántico, especialmente nos que nos ocupan a nós. Segundo a terminoloxía de Ullmann e Meillet estes serían debidos a causas tanto históricas (os cambios históricos fixeron necesario nomear novas ideas abstractas, novos conceptos científicos e mesmo novos obxectos), sociais (parte do noso léxico labrego pasou do que poderíamos chamar un tecnolecto a un ámbito máis xeral) e tamén psicolóxicas

4 Achega do propio Ullmann.

(xa que factores emotivos están por detrás do diferencialismo), sen esquecer que a metáfora, como matriz de moitos cambios semánticos, non é máis ca un fenómeno lingüístico de creación expresiva.

No estudio actual do cambio semántico, redúcense a dúas estas catro causas: *internas* (favorecidas polas posibilidades do propio sistema lingüístico; *cfr.* González Pérez 2000: 470-471) e *externas*.

Neste contexto enmárcase a definición que Rosario González Pérez (2000: 471-472) dá do termo *deslizamiento significativo* que vén a corresponderse co que nós denominamos *cambio semántico*:

Podemos decir que el deslizamiento significativo afecta (...) a la parte conceptual del signo lingüístico. (...) Se trata de una alteración del contenido original; el semema del término cambia alguno de sus semas por otro u otros, pierde algún rasgo de contenido o incluso puede llegar a dar un salto a otra esfera conceptual, adoptando un nuevo semema.

Así como vimos que se pode facer unha análise do cambio semántico desde o punto de vista das causas que o provocan, outra posibilidade é facelo desde a perspectiva das súas consecuencias. Atendendo a esta segunda idea, Rosario González Pérez (2000: 473) establece unha clasificación bipartita: *ampliación* —ou *extensión*— e *restricción* do significado. Daquela, non debemos confundilo que son as causas do proceso coas súas consecuencias. Nós inclinámonos por aborda-lo tema desde esta última perspectiva e, en concreto, centrarémonos nunha das consecuencias sinaladas: a *ampliación semántica*.

2. SIGNIFICADO RECTO FRONTE A SIGNIFICADO AMPLIADO: FRONTEIRAS DIFUSAS

Antes de establecer ningún tipo de clasificación, cómpre termos en conta a dificultade para determinar cál é o sentido recto dun vocábulo e ata ónde chega, o cal implica a mesma dificultade para decidir ónde empezan os sentidos ampliados. O propio termo utilizado por Rosario González, *deslizamiento significativo*, leva implícita a idea dun cambio progresivo, no que é difícil separar compartimentos estancos. Mesmo nos exemplos máis claros de cambio semántico, as dificultades para discernir valores rectos dos ampliados son moitas.

Alan Cruse (2000: 199-201) ensaia diferentes métodos para recoñece-lo valor recto das palabras polisémicas:

- (1) O valor recto é o uso máis antigo documentado. Con todo, o propio Cruse argumenta que a maioría dos falantes non son conscientes da historia da súa propia lingua e non poden, polo tanto, basearse neste criterio.
- (2) O valor literal é o uso máis frecuente dun vocábulo. Pero tampouco este camiño funciona porque pode haber casos nos que haxa un equilibrio de frecuencias entre os diferentes valores. Nós incluso temos palabras para as que hai máis exemplos do sentido ampliado ca do sentido recto, por exemplo, *escolmar*.
- (3) O significado recto é o que interpretamos ó escoitar unha palabra fóra de contexto. Pero este non deixa de ser un criterio intuitivo, suxeito á apreciación de cada falante. Por exemplo, podemos interpretar *vencello* como ‘atadallo para os feixes’ ou como ‘vínculo’.
- (4) O valor literal é aquel que, na evolución semántica dunha palabra, interpretamos como primeiro banzo do proceso de cambio semántico. Atopámonos de novo cun criterio intuitivo, condicionado pola visión do falante. Para unha voz como *mallar* podemos pensar que pasou do xeral ‘golpear’ ó máis específico ‘debullar [o cereall]’ ou que o proceso foi ó revés⁵.
- (5) O sentido recto é a lectura máis próxima relacionada coa experiencia básica humana. Sen embargo, isto tamén vai depender das vivencias persoais de cada individuo ou colectividade. Por exemplo, *pexa* para persoas de determinada idade –e variedade dialectal– que traballaron no campo é a ‘corda coa que se atan as patas do gando para que non escape’, mentres que para a xente nova que xa non ten tan presente o mundo agrícola só equivale a ‘estorbo, obstáculo’.

No noso caso, concluímos que ningunha destas vías por separado abonaba para establecérmo-lo valor literal dunha determinada palabra senón que foi a combinación de todas elas o que nos axudou a marca-las fronteiras entre os significados rectos e os ampliados. Con todo, debe quedar claro que non se trata de separacións nítidas pois, ó considerármolo cambio semántico como un feito progresivo, as fronteiras que establecemos non deixan de

5 Herculano de Carvalho (1953: 128) considera que a evolución semántica debeu producirse do seguinte xeito:

Vemos, pois, que o verbo MALLEARE, que existiu já seguramente em latim com o sentido de ‘bater com o maço ou martelo’, adquiriu, em especial na Península Ibérica, o sentido mais geral de ‘bater com qualquer objecto ou instrumento contundente’, donde resultou, por um lado, o de ‘bater, dar pancadas’, por outro o de ‘debulhar cereais batendo-os com um pau, um maço, o mangual’, finalmente ‘debulhar cereais’.

ser convencionais. Por exemplo, os significados de *feixe* son os seguintes: 1. ‘Conxunto de palla, millo, etc. disposto en paralelo e atado’. 2. ‘Conxunto doutras cousas —libros, cartas, etc.— coa mesma disposición’. 3. ‘Conxunto de cousas ou persoas en xeral’. 4. ‘Gran cantidade de cousas’. Hai unha diferenza clara entre as acepcións 1 e 4, pero con respecto das dúas intermedias esvaécense as fronteiras semánticas.

3. AMPLIACIÓN SEMÁNTICA: PLANIFICACIÓN FRONTE A ESPONTANEIDADE

En todo proceso de elaboración dunha lingua, o recurso á ampliación semántica pode desenvolverse de dúas maneiras diferentes: de xeito espontáneo ou planificado.

Hoxe en día témo-la opción de recorrer, entre outros mecanismos, á ampliación semántica planificada cando xorden lagoas no terreo das linguaxes especializadas: por exemplo, para substituí-lo castelanismo *llanta*, o *Diccionario de dúbidas da lingua galega* (Fernández Salgado 1993: 333) propón estende-lo significado da voz tradicional *lamia*, que tiña o valor recto de ‘cuberta metálica exterior das rodas dos carros’, significado que tamén posuía o termo castelán.

Pero non tódolos casos nos que un vocábulo ve ampliado o seu valor son froito dun acto planificado, senón que na maioría deles isto prodúcese de maneira espontánea. Neste grupo é onde se inclúen as palabras obxecto deste estudio. A pesar da falsa idea que poidamos tirar da lectura do discurso de Losada Diéguez, a ampliación que se produciu principalmente naquel momento non foi froito dunha obra planificada. Quizais os autores do Seminario de Estudos Galegos botaron man deste recurso conscientes de que era un mecanismo válido para moderniza-la lingua, pero de ningún xeito podemos entendela como un proceso de planificación lingüística.

4. AMPLIACIÓN SEMÁNTICA DO LÉXICO AGRÍCOLA: TIPOLOXÍA

O mundo agrario foi desde sempre un elemento fundamental que condicionou de maneira determinante a estrutura da sociedade tradicional galega, e isto motivou, sen dúbida, o feito de que fose esta a principal fonte na que bebesen os autores á hora de enriquece-lo noso léxico.

Esta vía non é diferente da que xa desenvolvera o latín. Palmer (1984: 77-80) mostra unha restrita de exemplos deste fenómeno, que xustifica no feito de que “la Roma primitiva era esencialmente una comunidad de agricultores”, o que trae como consecuencia que —parafraseando a J. Marouzeau—

“la visión del mundo propia del labrador persiste en muchas palabras, metáforas y proverbios romanos”. Algúns dos exemplos que Palmer ofrece son os seguintes: *laetus* significaba primeiro ‘rico, productivo’ aplicado a terras, cereal ou a animais e logo pasou a ser ‘alegre, ledó’; algo semellante ocorre con *felix*, que nun principio significaba ‘o que produce meses’ e logo ‘feliz, favorecido polos deuses, propicio’; *delirare* era literalmente ‘apartarse do suco (*lira*)’; *egregius* e *eximius* significaban ‘unha res escollida do rabaño, selecta’ e logo pasou a aplicarse a persoas; etc.

O noso corpus de estudio componse de máis de corenta voces, que nós tratamos de clasificar en catro grupos. Para diferencialos combinamos principalmente dous criterios⁶: dunha banda o predominio do valor recto ou do ampliado e doutra, a existencia ou non dunha cronoloxía clara no cambio semántico. Con todo, debemos esclarecer que cando falamos de maior ou menor uso dun ou doutro valor non nos referimos a cálculos totais, senón á frecuencia relativa dos exemplos. É dicir, tivemos en conta condicionantes coma que non se publicou en tódalas épocas un número similar de obras e, sobre todo, que a temática do texto vai influír no uso recorrente de determinado significado. Por exemplo, aínda que sexan obras de ensaio tanto a *Etnografía. Cultura material* de Xaquín Lorenzo como *Historia do pensamento biolóxico* de Ernst Mayr, a presenza nelas de valores rectos ou ampliados é moi desigual porque a temática da etnografía vai incluír, por forza, moito léxico agrícola.

O resultado é a seguinte clasificación:

- (1) Ampliación semántica consolidada: sentido recto case desaparecido e uso xeral ampliado.
 - (a) Cunha liña cronolóxica definida: *escolma* e *escolmar*, *xermolo* e *xermolar*, *vencello* e *vencellar*, *xunguir*, *quenda* e *amorear* (vid. *morea*).
 - (b) Sen liña cronolóxica definida: *morea*, *pexa* e *pexar*, *asoballar*, *espallar*, *esgazar*, *esfarelar*, *cangar*.
- (2) Predominio do valor ampliado: *estrar*, *ceibar*, *coutar*, *inzar* e *abrollar*.
- (3) Equilibrio de frecuencia entre os dous valores: *debullar*, *cribar*, *peñeirar*, *feixe*, *eixo*, *agromar* (vid. *abrollar*) e *xugo* (vid. *xunguir*).

⁶ Os dous criterios toman como referencia a presenza de exemplos na *Base de datos lexicográfica para un diccionario da lingua galega*, que intenta ser un corpus representativo.

- (4) Predominio do valor recto:
- (a) Uso ampliado en obras de ensaio e xornalísticas: *eido* e *terreo*, *enxertar* e *enxerto*, e *eixe* (*vid. eixo*).
 - (b) Uso ampliado esporádico: *esteo*, *colleita* e *colleitar*, *broza*, *arar*, *criba* (*vid. cribar*), *peneira* (*vid. peneirar*) e *rego*.

4.1. Ampliación semántica consolidada

Este primeiro grupo é, sen dúbida, o máis representativo do proceso de ampliación semántica, pois abrangue vocábulos que sufriron tódolos pasos do cambio significativo. Isto xustifica que o tratemos non só en primeiro lugar, senón tamén de maneira máis detida.

Para aborda-las fases polas que pasa calquera palabra ata consolida-lo cambio de significado, seguimos a Cruse (2000: 214), quen diferencia cinco banzos. Para explicalo de xeito máis claro, adaptámo-lo seu esquema exemplificando o proceso cunha voz do noso corpus (*pexa*):

- (1) A palabra *pexa* ten establecido un sentido literal, S1: ‘corda ou cadea coa que se traban as patas dun animal para que non salte ou fuxa’, como por exemplo na secuencia: “Estas soltas son as que noutros lados chaman pexas, pra suxeta-las pernas das bestas cando se deixan (...)” (V. Risco: “Estudio etnográfico da terra de Melide”, 1933).
- (2) Algunha persoa creativa —en palabras de Cruse— usa *pexa* cun novo sentido figurado, S2: ‘cousa que impide o normal desenvolvemento dunha acción ou a súa realización’, na secuencia: “Pra il, todo o que é principio, regra ou costume, é unha pexa, un vencello que cómpre esgazar pra deixar vir o (...)” (V. Risco: *Mittleuropa*, 1934).
- (3) S2 faise popular e queda fixado; daquela *pexa* pasa a ser unha voz polisémica con S1 e S2. S1 aínda é percibido como literal e S2 como figurado. Por exemplo, a primeira edición do *Diccionario galego-castelán* (1928-1931) de Leandro Carré xa inclúe en 1931 na entrada *pexar* (non trae *pexa*) o valor ‘estorbar, pór obstáculos’, ademais do significado recto.
- (4) S1 comeza a ser algo anticuado. Entón S2 pasa a ser percibido como literal e S1 como figurado.
- (5) S1 pérdese, ata o punto de que o sentido de *pexa* cambiou de S1 a S2. Aínda que os dicionarios actuais inclúan o significado recto como primeira acepción, no uso que se documenta na *Base de datos lexicográfica para un diccionario da lingua galega* é maioritario o valor que estes mesmos dicionarios inclúen como figurado.

Dentro deste primeiro grupo —ampliación semántica consolidada— os datos manexados leváronnos a diferenciar dous subgrupos, tendo en conta se existe ou non unha liña cronolóxica máis ou menos definida no emprego do valor ampliado. No primeiro subgrupo incluímos palabras nas que o proceso se mostra fructífero a partir dunha data determinada, principalmente a época das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos. Sen embargo no segundo subgrupo non se percibe de maneira tan clara tal tendencia cronolóxica.

4.1.1. Cunha liña cronolóxica definida

A parella *escolma* e *escolmar* inicia este proceso de ampliación a partir de mediados dos anos 20. O cambio é bastante sinxelo: do valor de ‘palla que se escolle para face-lo colmo’, o sema da ‘escolla’ é o que permanece inalterado no proceso e o obxecto e a intención coa que se escolle é o que varía: da escolma da palla pásase á escolma doutros produtos do campo (ex. 1) ou do mar (ex. 2) e tamén á escolma das obras artísticas (ex. 3):

- (1) *Escolma os grelos* que ha levar ó outro día a vender (X. Lesta Meis: *As abellas de ouro*, 1930).
- (2) que se queres axúdoche e acaba botándolle unha man *na escolma de sardiña e parrocha* que irán deixando en caixas (A. Castro: *Vida e morte das baleas*, 1997).
- (3) *Nunba escolma que tenta representar a escultura galega* ó longo do (...) (*Tempos Novos* 3, 1997).

O verbo chega a sentidos ampliados mesmo curiosos, ‘toma-la opción de, escoller’, como nos exemplos seguintes:

- (1) *Moi dandi, escolmaba estar soio*, arredado do novo pulo da cidade (R. Otero Pedrayo: *O señorito da Reboraina*, 1960).
- (2) De Noriega, Antón Noriega: *Do noso escolmado amigo*, Que anque está lonxe, moi lonxe, Temos eiquí seu (...) (E. Lence-Santar: *Poesía galega*, 1999).

O cambio operado nesta parella é unha solución orixinal do galego, que non ten paralelo en linguas próximas coma o portugués ou o castelán. Isto é algo que se repetirá nalgúns vocábulos que veremos máis adiante, como *asoballar* ou *ceibar*. Pola contra, noutros casos a evolución é paralela ou mesmo pode se-lo resultado do influxo doutra lingua sobre o galego —calco semántico—: por exemplo, *espallar* a semellanza do portugués ou *agromar* segundo o modelo do castelán *brotar*.

O paso significativo é tamén sinxelo na parella *xermolo* e *xermolar*, pois do valor de ‘parte da semente da que se forma a nova planta’ é doado extrapolalo valor xenérico de ‘principio ou orixe de calquera outra cousa’:

- (1) e ó cabo sen chegaren a da-los seus froitos, *os diferentes xermolos de diversificación económica* que se ensaiaron na (...) (R. Villares: *A historia*, 1984).

A palabra *vencello*, aínda que xa se documenta antes con valor ampliado, fai xeral o seu uso despois de 1917. A evolución do valor recto ó ampliado tamén é, neste caso, doada de percibir: desde o significado primeiro de ‘atadallo para os feixes’ (ex. 1) pasouse ó máis xeral de ‘lazo, vínculo’ (ex. 2 e 3), posiblemente cun afán diferencialista⁷.

- (1) Ó rematar a sega, a facer *póñense os mollos cos vencellos tensos*, engorde (C. Cao Martínez: *Idilios do Feal de Ansemil*, 1983).
 (2) O seu esprito atopárase, aínda, *atraguido fortemente polos vencellos carnaes* (X. Quintanilla: *Alén*, 1921).
 (3) Por outra banda, e como era de esperar, *os vencellos dise feixe oligárquico*, aínda parcelado en varios (...) (X. M. Beiras Torrado: *O atraso económico de Galicia*, 1972).

Un bo exemplo de que o valor ampliado desta voz se consolidou xa neste momento é o feito de que tódalas aparicións do verbo derivado *vencellar*, e a súa variante *avencellar*, están usados co sentido ampliado (ex. 2), agás un único caso que presenta valor agrícola (ex. 1).

- (1) *-Cando me recolla o bo labrego, e avencelle en monllos*, ¡ha de louvarme, posto de xionllos (...) (A. Zapata García: *A roseira da soidade*, 1953).
 (2) galegos —nosos irmáns na door do desterro— *sentiranse máis avencellados que nunca á Terra* que todos quixéramos ver redimida (A. D. R. Castelao: *Sempre en Galiza*, 1944).

Tamén o verbo *xunguir* se documenta con anterioridade ás Irmandades con valor ampliado, pero é nesta época cando fructifica o seu uso de maneira xeral. A partir do valor recto de ‘suxeitar ó xugo [unha parella de animais de tiro] para engancharlos ó carro ou ó arado’ diversifícanse dous significados ampliados:

⁷ O castelán ten para o valor agrícola a forma patrimonial *vencejo* e para o abstracto o cultismo *vínculo*.

(a) un relacionado coa idea de que o xugo é unha carga molesta: ‘manter baixo presión [un pobo, unha persoa, etc.]’ (ex. 1 e 2).

(b) outro no que prevalece o sema de unión, especialmente de dúas cousas: ‘unir, ligar’. Este segundo valor, case con toda certeza, tivo como motivación última o diferencialismo e hoxe non o recollen os dicionarios normativos (ex. 3, 4 e 5).

- (1) Crise que amosa nidiamente *o vincallo que xungue o desenvolvemento de Galicia á evolución* da (...) (R. Villares: *A historia*, 1984).
- (2) *¿Qué podería ser a nosa Terra de se non achar xunguida ó Estado español?* (*Rexurdimento* 6, 1923).
- (3) o atraso no interior, pr’arreconchegarnos coa ialma e co corpo, *xunguidos polo nudo da federación á pátreia común* qu’ha de surxir (...) (*O Tío Marcos da Portela*, 3ª época, 48, 1919).
- (4) acumulación do suor e demais produtos de escreción da pel, *o que xunguido a unba falla de hixiene da rexión*, dá lugar á produción (...) (X. Quintela Novoa / R. Prada (tradutores de X. Alexandre López): *A ernia inguinal simple, seu tratamento quirúrxico*, 1973).
- (5) Non necesitamos expresar a Nosotros –*a quen nos xungue unba verdadeira amizade*– o noso profundo (...) (*A Nosa Terra* 249, 1928).

Un caso especial constitúeo a acepción de ‘xuntarse en matrimonio’, no que se mesturan os dous valores anteriores: ‘unir, ligar’ e ‘carga molesta’, xa que tal unión é percibida como unha ‘fonte de obrigas’ (ex. 6 e 7). Tanto esta última extensión de significado, ‘unión matrimonial’, coma a primeira, ‘dominio despótico exercido sobre persoas, países, etc.’, prodúcense de maneira paralela no substantivo *xugo* (ex. 8, 9 e 10).

- (1) O fillo de Rosendo *xungueuse a unba muller vella, gorda e rica* (A. D. R. Castela: *Cousas (2º libro)*, 1929).
- (2) vencillo sacramental *que nos xungue no matrimonio*, porque se vai xunguido ao mesmo xugo, e mais ás frechas pra que os casamentos (...) (E. Blanco Amor: *Teatro pra a xente*, 1974).
- (3) ¡ansias fóra! *qu’o xugo do matrimonio* e a canga das obrigas termara deles (V. Taibo: *Da agra aberta*, 1956).
- (4) ¡Mar e ceo!... Sorte indina pró que *pr’estriza-lo xugo da probeza* qu’o asesina, sai a caza dun mendrugo (A. García Ferreiro: *Chorimas*, 1890).
- (5) *Coa sensualidá faremos que dobreas as costas baixo o noso xugo* –dicen as mulleres (X. de Masma: *¡A besta!*, 1899).

É diferente neste subgrupo o caso de *quenda*, xa que non xeneraliza o valor ampliado ata os anos 90. Isto pode explicarse como consecuencia dun proceso planificado de estandarización, dentro do cal se promoveu a recuperación da forma *quenda* para substituí-lo castelanismo *turno* (ex. 1 e 2). Ademais deste valor, rexístrase outro uso moi interesante da palabra como equivalente de ‘vez, ocasión’ (os exemplos aparecen principalmente en *O Tío Pepe*, A Fonsagrada, 1913), o que nos leva de novo polo camiño diferencialista (ex. 3 e 4).

- (1) eran incapaces de subir as escaleiras e *eu tiña que levalos por quendas, primeiro un e despois o outro* (X. Miranda: *Morning Star*, 1998).
- (2) anfitrión se sentou e pediu silencio. *Varios homes falaron por quenda con el, e el falou con todos con moita firmeza* (L. Braxe: *A cor do ceo*, 1999).
- (3) a comprometer a un home de ben? *E a pouco non a zurrán outra quenda* (*O Tío Pepe* 13, 1913).
- (4) unha perna máis curta cá outra. *Coma secuencia distoponse ás quendas de moi mal xenio; e cando s'enfurreña e perd'o paso (...)* (*O Tío Pepe* 13, 1913).

4.1.2. Sen liña cronolóxica definida

Neste grupo incluímo-las palabras que se documentan con valor ampliado xa desde épocas temperás, no século XIX ou mesmo antes, sen que se poida percibir un momento claro na recuperación deste valor, tal como sucedía no anterior subgrupo.

En primeiro lugar imos trata-la parella *morea* e *amorear*, por pertencer á mesma familia léxica, a pesar de que por razóns cronolóxicas van en grupos diferentes. No caso de *morea*, o uso ampliado xa se documenta de xeito xeral desde mediados do século XIX; sen embargo a presenza de *amorear* non se xeneraliza ata despois de 1922. En canto á evolución semántica, para *morea* podemos sinalar dous graos de ampliación a partir do significado primeiro de ‘monte de cereal que se fai no campo despois de segalo’: (a) *morea* como ‘monte de cousas’, que fisicamente se parece á *morea* de cereal (ex. 1 e 2); e (b) *morea* como ‘moita cantidade de cousas ou persoas’, o que fai que funcione en realidade como un cuantificador (ex. 3 e 4).

- (1) foi desbaleirando un por un *facendo co contenido unha morea d'ouro* onde el enterraba as más a modiño (Á. Vázquez Taboada: *As noites no fogar*, 1888).
- (2) madeiros todo ao redor da torre, e *así que tiveron feita unha boa morea, puxéronlle lume* (A. López Ferreiro: *O castelo de Pambre*, 1895).
- (3) Chegou a meu coñecemento que *teu pai deixouche unha boa morea de cartos* (*A Nosa Terra* 2, 1916).

- (4) *axuntar unha morea de datos biográficos e literarios de persoaxes do (...) (Logos 6, 1931).*

O verbo *amorear* presenta tamén unha evolución gradual no cambio semántico: a partir do valor agrícola referido a grans, amoréase outro tipo de obxectos físicos (ex. 1), logo cousas abstractas (ex. 2), animais ou persoas (ex. 3), co cal se esluí o aspecto material. Ademais, cando se refire a persoas, tamén adquire o valor de ‘amancebarse [unha parella]’ (ex. 4).

- (1) *lin os vellos boletís locaes que atopei, amoreados i en desorde, un pouco comestos dos ratos (E. Blanco Amor: A esmorga, 1959).*
 (2) *os homes proieutan, traballan, descubren e amorean bes e riquezas (L. Moure Mariño: Sempre matinando, 1971).*
 (3) *Diante dos bazares, que somellan sucursaes dos Magos, amoréanse moitedumes de raparigos (X. R. Fernández-Oxea: Andrómenas, 1953).*
 (4) *¿Que vida de escándalo é isa que levades? A súa filla pasando por amoreada ou amancebada con ise iscarote masón (E. Blanco Amor: Xente ao lonxe, 1972).*

No comezo desta análise, fixemos referencia á voz *pexa* cando introducimos os pasos do cambio semántico, polo que non imos deternos nela agora. Só queremos engadir que o verbo derivado *pexar* presenta un comportamento paralelo no que se refire á evolución semántica. En canto á cronoloxía, a pesar de que é maioritario o valor ampliado, non podemos establecer unha datación clara para este cambio.

Na ampliación do significado da forma *asoballar* podemos barallar que inflúen dous aspectos diferentes: dunha banda, o puramente semántico, e doutra a proximidade formal co castelán *avasallar*. Tal proximidade favorece a descodificación desta palabra sen necesidade de coñece-lo valor recto. No que se refire ó factor semántico, observamos de novo unha gradación na ampliación do seu significado: desde ‘pisar [os animais, especialmente as vacas] [a herbal]’, que é o valor recto, pásase a asoballa-la terra como algo espiritual, o pobo, os homes ou as almas. Nestes últimos casos, o significado expresado é o de ‘impedir que [algo] se desenvolva’ (ex. 1 e 2) ou ‘oprimir, impoñerse ou impoñer [algo] [a persoas ou colectivos] contra a súa vontade’ (ex. 3), e máis en concreto ‘humillar’ (ex. 4) ou mesmo ‘agoniar’ (ex. 5). Como sinala Monteagudo (1991: 298-299) o valor case emblemático que este vocábulo acadou para describi-la situación histórica de Galicia favoreceu dalgunha maneira a creación dunha fértil familia léxica. Formas como *asoballador* ou *asoballamento* só se documentan con valor ampliado e principalmente a partir dos anos posteriores a 1920. Outra proba de que esta pala-

bra culminou o proceso de cambio semántico, que antes exemplificamos coa voz *pexa*, é o feito de que nalgúns dicionarios actuais (García / González González 1997 e Feixó 1999) só se define co valor ampliado. Como xa indicamos máis arriba, e como afirma Monteagudo (1991: 299), esta palabra representa un “exemplo típico de solución orixinal do galego, conseguida a través do cambio de estatus estilístico e extensión semántica dunha palabra enxebre”.

- (1) Entón o sentimento da venganza *surtiu podroso do seu corazón asoballando todo seu ser*, e cobizou naquel momento as armas qu’a (...) (*A Fuliada* 17, 1888).
- (2) e rebaixa a nosa personalidade *aquela absorbente monarquía que asoballou a nosa lingua* (*Rexurdimento* 5, 1922).
- (3) *era en ben da miña patria, asoballada pola desgracia* (A. D. R. Castela: *Retrincos*, 1934).
- (4) Sabe vosté máis, Tío Marcos, *qu’os que se deixan asoballar por homes do seu igual* (*O Tío Marcos da Portela*, 1ª época, 1876).
- (5) Vin qu’os probes aló coma eiquí atópanse por tódolos rincós, e *asoballan cas súas peticións ós veciños e forasteiros* (*O Tío Marcos da Portela*, 3ª época, 41, 1918).

Outra palabra que se documenta con valor ampliado desde o século XVIII –xa a utiliza Sarmiento– é *espallar*. O valor recto é ‘separar [a palla] [do gran] despois de mallada’, e o feito de que este labor supoña o espaxamento da palla fixo posible a ampliación de sentido tomando como base este aspecto. Daquela, o valor ampliado conserva o sema ‘espaxer’ pero referido, en primeiro lugar, sobre todo a cousas físicas nun círculo reducido –‘estender [en distintas direccións]’ (ex. 1)– e logo a cousas abstractas nun ámbito maior –‘divulgar, propagar’ (ex. 2):

- (1) cheo de roupas, papeis e outros materiais, *o líquedo ardendo espallouse sobre todo* e ao pouco xa ardía coma si fora de (...) (X. Díaz Fernández: *Contos*, 1985).
- (2) primeiro, soilo algúns, arrimando o bico ao oído, *se astrevían a espallar a tremenda nova*; pero ao pouco, aquel rum rum, aquela (...) (A. López Ferreiro: *A tecedeira de Bonaval*, 1895).

A parella *esgazar* e *esfarelar*, aínda que teñan significados iniciais diferentes, desenvolven un valor ampliado abstracto semellante: ‘destruír [persoas, sentimentos, movementos sociais, etc.]’ (ex. 1 e 2). Para chegar a este valor, ámbalas dúas palabras sufriron cambios graduais de significado:

(a) *esgazar*: de ‘separar [unha rama] [doutra ou do tronco dunha árbore]’ a ‘rachar, romper [calquera outro tipo de material, especialmente tecidos]’;

(b) *esfarelar*: de ‘separarse [o farelo] [da fariña]’ a ‘desfacerse en anacos moi pequenos [algo que non ten consistencia]’.

- (1) Agora faguei a comparanza entre *a lobeira d’europa qu’ esgaza a ialma i aldraxa os sentimentos humanos* (*O Tío Marcos da Portela*, 3ª época, 26, 1918).
- (2) Pero coa viaxe de Basilio Álvarez a Cuba, *esfarelouse o movemento agrario*, que non volve a bulir con forza (...) (R. Villares: *A historia*, 1984).

A evolución semántica do verbo *cangar* é semellante á de *xunguir*, xa que son palabras sinónimas. Ademais dos valores ampliados de ‘cargar’, ‘dominar’ ou ‘estorbar’, *cangar* tamén presenta exemplos co sentido de ‘inclinarse, torcer’ (ex. 1).

- (1) preto da branca e limpa vila de Sada, vivía *un velliño cangado polos moitos anos* e mais pola retranca (*A Nosa Terra* 2, 1916).

4.2. Predominio do valor ampliado

Este grupo comprende palabras nas que prevalece o valor ampliado, pero con presenza abonda do significado recto. Por iso non podemos dicir que estea consolidado o proceso de cambio semántico. Imos centrarnos especialmente na análise de dúas voces deste grupo que nos pareceron máis representativas: *estrar* e *ceibar*.

O significado agrícola de *estrar* é ‘pór broza e follas secas [na corte] para que teñan boa cama os animais’. O primeiro paso é a eliminación do sema ‘facerlles cama ós animais’, pero aínda conservando un contorno agrícola, xa que se refire a follas secas, palla, etc. (ex. 1). E, nunha segunda fase, perde por completo calquera referencia ó mundo do agro, e só conserva o valor de ‘esparexer [nunha superficie]’ (ex. 2) ou ‘estar disposto de maneira dispersa’ (ex. 3). Con todo, fronte a *espallar*, non chega a desenvolver un valor aplicado a realidades abstractas.

- (1) Sementa nabos, O froito apaña *Deixando as follas No campo estradas*, Por si o dos cornos Quere apañalas (A. Montenegro Saavedra: *Fábulas galaico-castellanas*, 1927).
- (2) Eles durmiron na sala en *colchós e mantas, estrados polo piso* (R. Otero Pedrayo: *Os señores da terra*, 1928).
- (3) *Cando o peixe non fai banco dícese que está estrado* (M. C. Ríos Panisse: *Vida mariñeira de Sada*, 1974).

O verbo *ceibar*, segundo cita do dicionario de Eladio Rodríguez (*apud* Santamarina 2001), que remite ó Padre Sarmiento (*Onomástico de la Lengua gallega*) “significa propiamente enviar los ganados, v. gr. los bueyes, a algún sitio fresco, ameno y húmedo para que allí pasten, después que los soltaron del arado, del carro o de otro trabajo que padecieron a la inclemencia de la luz y del sol. Así dicen: *Rapaz, ceiba os bois*”. Este verbo documéntase co valor ampliado xa nos rexistros máis antigos da *Base de datos lexicográfica para un dicionario da lingua galega* e mesmo no galego medieval, como ilustra Monteagudo (1991: 300): “xa adquirira a acepción de ‘soltar a un preso’ no galego literario do s. XV”. Desde o orixinario valor agrícola, evolucionou por tres camiños relacionados: o primeiro máis xeral ‘soltar’ (ex. 1 e 2) e outros dous máis específicos ‘liberar ou liberarse [algo ou alguén que estaba preso ou atado]’ (ex. 3 e 4) e ‘lanzar [algo]’ (ex. 5). De novo o galego presenta unha evolución semántica que non ten paralelo nin en castelán nin en portugués, como xa sinalou Henrique Monteagudo (1991: 300):

- (1) e estonses todos *ceibáronse a rir o mesmo que tolos* (F. Mirás: *Compendio de gramática gallega-castellana*, 1864).
- (2) ¡Si; chora! chora! *¡ceiba o teu pranto, ou Compostela, disgraciada, solta* o (...) (O Tío Marcos da Portela, 1ª época, 1877).
- (3) Mais, farto de leria o bon do rapaz, *ceibouse da man da súa nai* e foise a brincar cos outros (O Tío Marcos da Portela, 3ª época, 27, 1918).
- (4) *Algunbas nais* ó mencer *ceiban os fillos* pra tragner leña, garabullos ou garamallos (J. Pico de Coaña: “Carta a Bastián de Pallarega, en Boston”, 1881).
- (5) e de tal forma che son que *un home que estea no alto ceibándoseche unha pedra derriba unha ducia* (J. Fernández Neira: *Proezas de Galicia*, 1810).

A proximidade semántica de *ceibar* e *librar* pode se-la causa da existencia de exemplos como os que a seguir se sinalan e nos cales se dota o verbo *ceibar* do valor de ‘quedar libre [de algo]’ (ex. 6 e 7):

- (6) *¡Canta rula, canta rula, non te ceibes de cantar!* quero ouvir os teus arrollos (G. Álvarez Limeses: *Antre dous séculos*, 1934).
- (7) xa que de calquer xeito, *non se ceiban as uvas de seren comidas por elas*; por eso cantan (X. Lorenzo Fernández: “Etnografía. Cultura material”, 1962).

Neste grupo tamén hai outras palabras que analizamos de xeito máis breve. *Coutar* significa inicialmente ‘marca-los límites de [un terreiro] para convertelo en couto’ e adquire o valor ampliado de ‘reprimir ou impedir [unha acción, unha expresión]’ (ex. 1). O verbo *inzar* ten no eido agrícola o valor

de 'poboar rapidamente [un terreo] [as plantas que non son productivas]' que se xeneraliza en 'cubrirse ou encherse [de algo, polo xeral prexudicial]', aínda que no valor ampliado o sema negativo non é xeral (ex. 2).

- (1) pra os fins do *comunismo industrial e cidadán que se vería coutado nos seus pulos* por unha gran masa de labregos «donos» (R. Dieste: *Antre a terra e o ceo*, 1926).
- (2) disfrutando como un neno mimado nun *enorme comedor inzado de xoguetes*, de medos pra fuxir, de doces e tartas (R. Otero Pedrayo: *O señorito da Reboraina*, 1960).

Os termos *abrollar* e *agromar*, aínda que pertencen a grupos diferentes, teñen unha evolución semántica similar, cara a 'nacer, saír para fóra'. Isto é posiblemente consecuencia do calco semántico do castelán *brotar*, como tamén sinala Monteagudo (1991: 301).

- (1) *abrolla boxe iste primeiro volume* dialogado: «OS FIDALGOS DE (...)» (A. Gayoso Frías: *Os fidalgos de Rante*, 1955).
- (2) O máis novo era ben da terra; *nil agromaba o xenio* de tratante do pai (R. Carballo Calero: *A xente da Barreira*, 1951).

4.3. Equilibrio de frecuencia entre os dous valores

As palabras que incluímos neste apartado correspóndense co chanzo tres da escala establecida por Cruse, é dicir, voces para as que se percibe como recto o valor agrícola aínda que tamén teñan instalado o uso ampliado. De feito os exemplos dan idea dun equilibrio entre os dous sentidos. Destacamos entre todas elas *debullar*.

Un caso interesante de ampliación semántica é esta forma *debullar*, xa que presenta un amplo espectro de valores con extensión de significado. O valor recto é 'degraer, sacar [os grans] [das mazarocas], [os legumes] [das vaíñas], [as castañas] [dos orizos], etc.' Tendo en conta que se trata de traballos feitos en principio coas mans, é comprensible que algúns dos valores ampliados se relacionen con isto. Por exemplo 'desfacer [algo] [entre as mans]', como no caso do tabaco (ex. 1), ou 'mover [entre os dedos]', como as doas do rosario (ex. 2). Rexistramos tamén o significado de 'fregar [unha cousa] [contra outra]'; por exemplo, as mans, os ollos... (ex. 3), que non é máis cá imaxe visual do xeito de *debullar* as espigas, por fricción. Da idea de 'degraer' como un traballo minucioso e lento podemos tira-la relación coas acepcións de frases coma *debullar* palabras, oracións, ideas, un texto, etc.

(ex. 4 e 5). Os valores de ‘comer avidamente’ (ex. 6) ou ‘gastar sen control’ (ex. 7) lévannos de novo ó feito manual de pasar algo rapidamente entre os dedos, coma cando debullamos millo. O último dos sentidos ampliados que sinalamos correspóndese cun uso pronominal do verbo en expresións do tipo *debullarse* en bágoas, gabanzas, etc. (ex. 8) que quizais teña que ver co feito de que *debullar* implica desfacer algo compacto en anacos pequenos.

- (1) –Tende pacéncia, rapaces, i acougad’un pouco, –respondeu o vello *debulland’o tabaco entr’as maus*. Despois botouno nun papel (*A Monteira*, 1889).
- (2) vellas e mociñas choraban, esgutiaban, *debullaban as adoas dun rosario* sen límites (X. L. Méndez Ferrín: *Crónica de nós*, 1980).
- (3) víase desde donde eu estaba tremendamente nervoso e *debullaba as mans estalando os osiños unba e outra vez* (X. M. Carballo: *Parábolas chairegas*, 1981).
- (4) non consinte que lle chamen filólogo. *Debullou o sánscrito, o avesta, o lituano, o celta, o grego* (V. Risco: *Mitteleuropa*, 1934).
- (5) *A vella Andrea, mainamente, debullaba consellos* que a súa longa esperencia lle ditaba (G. López Abente: *Vaosilveiro*, 1929).
- (6) tomaban a chiquita con amigos da vila. Pequenos curiás, *amigos de debullar unbas latas de conservas*, regando con viño as (...) (R. Otero Pedrayo: *Contos do camiño e da rúa*, 1932).
- (7) o clero tiña a culpa de que lle non saíran ben as cousas. *Tiña debullado unba locida fortuna*; era priguiceiro, bocarrota (R. Otero Pedrayo: *A Maorazga*, 1928).
- (8) *Os comensás*, sintindo cada volta máis apetito, *debullábanse en chufas e alaudos* (V. Taibo: *Da agra aberta*, 1956).

As formas *cribar* e *peneirar* presentan un comportamento paralelo, tanto nas acepcións concretas que desenvolven coma no equilibrio de frecuencia destes valores. Ámbalas dúas formas teñen o significado recto de ‘limpar, separar as partes máis grosas das finas en [o gran, a fariña, etc.]’ e coinciden tamén basicamente nos usos ampliados: por exemplo, na acepción de ‘estar cheo de [algo]’ (ex. 1 e 2) ou de ‘escoller, depurar’ (ex. 3 e 4).

- (1) *A conferencia estivo peneirada destes apartes* que lamentamos profundamente non poder (...) (*A Nosa Terra* 247, 1928).
- (2) E, ollando o *rostro cribado de pencas* de Salgado Rebolledo experimentara (...) (A. Rei Ballesteros: *Loaira*, 1992).
- (3) que fagamos examen de concencia e nos dispoñamos a *recontar e cribar os valores* que forman o edificio da cultura (L. Porteiro Garea: *Primeiro discurso do Dr. Porteiro ó fundarse a irmandá de Santiago*, 1916).

- (4) polas nosas vilas un sospeitoso andacio rexionalista. Hai *que peneirar as intenciós*, pra separar a palla do grau (*A Nosa Terra* 1, 1916).

A forma *peneirar* pola súa banda desenvolve como solución propia fronte a *cribar* a acepción de ‘moverse moito [unha persoa]’ (ex. 5), que nos recorda ó movemento da peneira cando limpamos nela o cereal.

- (5) unha das mulleres avantaba gasallosa e *peneirándose con garbo* encima dos entortados tacóns dos seus (...) (A. A. Rei Ballesteros: *Loaira*, 1992).

Os substantivos *criba* e *peneira*, da mesma familia léxica cós verbos analizados, non se inclúen neste apartado senón no último porque o seu uso con valor ampliado é só ocasional; sen embargo, o seu significado é paralelo en liñas xerais ó verbo correspondente.

Para o vocábulo *feixe* xa delimitamos os valores no apartado 2, cando falabamos do cambio gradual de significado, polo que agora só imos incluír algúns exemplos (ex. 1, 2 e 3) e salienta-lo feito de que a construción fraseolóxica *a feixe* tamén adquiriu valor abstracto como cuantificador⁸ (ex. 4) a partir dun significado máis físico de ‘coma un monte, revoltado, mesturado’.

- (1) E no medio de eses cadros *feixes de lanzas e de belmos*, de toda mena coroaos escudos (J. M. Pintos: *A gaita gallega*, 1853).
- (2) puxo o *feixe da roupa branca* riba da testa, saliu á carreteira (M. Amor Meilán: “Xuana”, 1886).
- (3) a indumentaria, a toponimia, a hestoria, alcontrarán nela *feixes de datos* e non pouco que deprender (R. Cabanillas: *Antífona da cantiga*, 1951).
- (4) pois *mozas, bainas a feixes* (*O Galiciano* 4, 1886).

A parella de variantes *eixe* e *eixo*, aínda que aparezan en grupos diferentes, coherentemente teñen a mesma variación semántica: partindo do significado ‘parte do carro sobre a que viran as rodas’ constatamos dúas liñas de evolución:

(a) extensión do significado nun tecnolecto: a denominación das partes do carro, non só no galego senón tamén noutras moitas linguas, aplicouse ás partes dos automóviles.

(b) ampliación semántica cara a valores abstractos: ‘liña imaxinaria arre-

⁸ Este valor xa se documenta na primeira edición do dicionario de Carré (1928-1931): “Á feixe. loc. En conxunto, en total. En cantidade”.

dor da que xira algo' (ex. 1) e 'idea fundamental dunha argumentación, punto esencial dunha obra' (ex. 2).

- (1) Cando o cravo estaba mal posto e *non gardaba o vertical do eixo*, o trompo ao mesmo tempo que rotaba cambiaba (A. Romani: *Xogos infantiles de Galicia*, 1979).
- (2) *Mailo eixe da historia galega* está na polémica escura e legalista (R. Otero Pe-drayo: "Xeografía", 1962).

4.4. Predominio do valor recto

Este grupo engloba tódalas palabras que teñen de xeito claro como significado maioritario o recto. Isto non impide que tamén se rexistren valores ampliados ocasionais. Dentro del, diferenciamos dous subgrupos:

4.4.1. Uso ampliado en obras de ensaio e xornalísticas

Os termos aquí recollidos comparten o feito de apareceren sobre todo en obras de ensaio e/ou publicacións periódicas. De todos eles destacamos *eido* por ser un vocábulo que hoxe ocupa un papel importante no estándar galego culto. O seu valor literal é o de 'terreo cerrado que está próximo á casa'; posiblemente nunha primeira fase equiparouse ó significado xeral de 'campo, terra' (ex. 1) e logo adquiriu o sentido ampliado de 'ámbito, parcela de certa actividade' (ex. 2 e 3). A súa evolución semántica é, xa que logo, paralela a outras palabras agrícolas cun significado próximo, como *campo* ou *terreo*, que acadan este valor tamén noutras linguas romances⁹. Sen embargo é pertinente sinalar que, se a comparamos con *terreo*, *eido* é máis fructífera en galego con valor ampliado, posiblemente por diferencialismo. Esta forma, aínda que tamén existe no portugués, só presenta valor ampliado en galego¹⁰.

- (1) Ós nobres fillos dos celtas élle doce recordar *os eidos da doce patria* cando en terra allea están (E. Pondal: *Queixumes dos pinos*, 1886).
- (2) a sementeira que il con xesto petrucio *espallou polos eidos da palabra e da pluma*, frolece maina e podente (*A Nosa Terra* 414, 1936).
- (3) está afeitada por unha serie de negacións que traducen *nos eidos líricos* ise «nihilismo» metafísico da nosa época (C. Fernández de la Vega: *O segredo do humor*, 1963).

⁹ Por exemplo: portugués *campo* e *terreno*, español *campo* e *terreno*, catalán *camp* e *terreny*, etc.

¹⁰ Os dicionarios de portugués consultados non recollen o significado 'ámbito ou parcela de certa actividade'.

Enxertar é unha palabra interesante a pesar dos poucos exemplos rexistrados na base de datos. Destacan nela dous valores ampliados: o médico ‘aplicar [tecido vivo] nunha ferida para rexenerala’ (ex. 1) e o uso da palabra como sinónimo de *insertar*, *introducir* (ex. 2).

- (1) *os medios máis indicados son os que rexeneran e non os que enxertan*, sen esquecer que a cirurxía actualmente fai (...) (E. Bralo Rego: *Medicina natural popular e caseira*, vol. I, 1990).
- (2) Cando, pola contra, *o crecemento se enxerta na fenomenoloxía do desenrolo*, é decir, do cámbio (X. M. Beiras Torrado: *O atraso económico de Galicia*, 1972).

O que acabamos de dicir para o verbo serve tamén para o substantivo *enxerto*. Os usos ampliados son paralelos e aparecen nas mesmas obras. Cómpre ter en conta este feito porque, neste caso concreto, a temática da obra condiciona de maneira fundamental o uso.

4.4.2. Uso ampliado esporádico

Incluímos aquí formas que teñen un número moi baixo de exemplos con valor ampliado, por iso falamos de uso ocasional. Comezamos pola palabra *esteo*. O sentido primitivo deste vocábulo é ‘estaca que se chanta na terra para soste-las cepas e as vides’, e é o sema que indica que é un soporte o que dá pé ó valor ampliado: ‘apoio material ou espiritual’. A pesar de que se documentan poucos usos ampliados na base de datos lexicográfica do ILG, cómpre sinalar que xa temos un exemplo no último tercio do século XIX (ex. 1). Ademais tamén hai referencias a este valor nos dicionarios de Leiras Pulpeiro (1906) e de Eladio Rodríguez González (1958-1961) (*apud* Santamarina 2001).

- (1) que a crebase i en todo tempo, co o seu bo sintido, *foivos o isteu do amado compañeiro* (A. Ribalta: *Altariño de amore*, 1935).

En canto á parella formada por *colleita* e *colleitar*, podemos falar dun uso diversificado de significados ampliados, sobre todo para o substantivo. Estas acepcións son as seguintes: ‘recolección, recollida’ (ex. 1), ‘colecta de donativos’ (ex. 2) ou ‘producción propia’ (ex. 3). Para o verbo a variedade é algo menor pero aínda así distinguimos usos como ‘recoller’ (ex. 4) ou ‘obter [algo beneficioso]’ (ex. 5).

- (1) Non é pouco abundosa a colleita de refrás feita en Melide (V. Risco e A. Rodríguez Martínez: "Folklore de Melide", 1933).
- (2) nomeadas pra facer nos diversos lugares da Parroquia *unba colleita para os gastos da Festa (A Nosa Terra 341, 1934)*.
- (3) que *cando a un se lle acaba o da súa colleita* é bo recurso o botarse ó rebusco polos eidos alleos (M. García Barros (=Kenkeirades): *Contiños da terra*, 1931).
- (4) co ensexo de avezar aos que traballan nas tradicións galegas *para colleitar contos do pobo* (X. Filgueira Valverde: *Adral* (1), 1979).
- (5) cabe facer o pronóstico de que *colleitará trunfos* (*A Nosa Terra 341, 1934*).

Os exemplos de uso ampliado da palabra *broza* son poucos e relativamente recentes. O sentido agrícola é 'restos vexetais, maleza' e de aquí derivo en 'desperdicios, cousas de pouca calidade' (ex. 1) e 'partes sobrantes, sobre todo nun texto ou discurso' (ex. 2).

- (1) Os callos eran de lata. *Eu non como esta broza*, dixo Diego. E non os comeu (*Tempos Novos 4, 1997*).
- (2) a miña teima de *depurar* algún día *o Cantar de Roldán de tanta broza* como se lle ten engadido (X. Bernárdez Villar: *No ano do cometa*, 1987).

Verbo de *arar*, atopámonos algúns exemplos nos que esta palabra aparece aplicada ó mar co sentido de 'sucar as augas, traballar no mar' (ex. 1). Menos frecuentes son os casos nos que significa 'rañar, rascar' (ex. 2) ou 'abrirse camiño' (ex. 3). No primeiro exemplo mestúrase a imaxe visual dos regos que deixa o barco na auga coa idea da pesca como principal fonte de ingresos dos mariñeiros, en paralelo coa agricultura para os labregos.

- (1) *O mar é a nosa principal empresa e nel temos que arar* (X. Souto: *Fumareu*, 1997).
- (2) Unha envoltura de carne, as cóxegas e as risadas, *a res arada polas uñas* e Moitísimo amor (B. Iglesias: *O mellor francés de Barcelona*, 1999).
- (3) os xefes andábanche decote: «menos música», e *un iba arando según podía* (E. Iglesias Alvarellos: *Botei corenta anos...*, 1978).

Por último, a forma *rego* ten dous significados agrícolas: dunha banda 'canle para dar saída ás augas' e doutra 'suco que abre o arado'. A partir do primeiro xerou valores ampliados que manteñen o sema de 'líquido que corre' (ex. 1 e 2). Do segundo derivan usos que manteñen unha semellanza na forma co *rego* que deixa o arado (ex. 3).

- (1) vin bestas coas tripas fóra tremendo seica de frío e *vin o rego encarnado da sangue* que saía a fío (*O Galiciano* 1, 1886).
- (2) *Un rego de cuspe báixalle polo canto dos labios* (M. Ledo Andión: *Porta blindada*, 1990).
- (3) Estos latricamentos... (Siñalando cos dedos da mau esquerda *os regos da carta*) (A. Villar Ponte: *A pátreia d'o labrego*, 1905).

Como caso especial sinalámo-lo uso desta palabra dentro do tecnolecto médico para referirse á 'acción de chega-lo sangue ós tecidos e órganos do corpo' (ex. 4).

- (4) Nas extremidades (brazos e pernas) *a embolia impide o rego sanguíneo* en pequenas zonas ou en membros enteiros (E. Bralo Rego: *Medicina natural popular e caseira*, vol. II, 1990).

5. CONCLUSIÓNS

Ó longo da nosa análise puidemos observar que a maioría das voces, no proceso de cambio semántico, experimentan unha transformación que vai da esfera do concreto ó abstracto. Isto, por outra parte, garda relación cos novos xéneros que se producen desde as Irmandades da Fala, que demandan a necesidade de expresar conceptos abstractos.

Coa descrición do corpus, o primeiro dos obxectivos marcados ó inicio deste traballo quedou cumprido. O outro era comprobar se o proceso de ampliación semántica no terreo do léxico agrícola foi fructífero e se contribuíu á elaboración dun estándar culto galego. Despois de analiza-la nosa mostra, concluímos que de feito si foi productivo e isto por varias razóns:

- (1) O gran número de exemplos ampliados que rexistramos.
- (2) O variado abano de novas acepcións que desenvolven algunhas das formas analizadas, por exemplo, *debullar, asoballar, espallar...*
- (3) O emprego frecuente destes valores en obras non literarias, o que demostra que realmente callaron no estándar.
- (4) O feito de que haxa un número importante de palabras que xa culminaran o proceso de cambio semántico, como demostra o primeiro grupo da nosa clasificación.

Neste traballo analizamos unha base de datos constituída principalmente por fontes escritas, aínda que haxa —en menor medida— mostras de textos orais dialectais. Nós, con todo, podemos constatar que outros vocábulos que

na base de datos non presentan unha ocorrencia significativa de usos ampliados, si podemos documentalos no rexistro oral con este valor. Como usuarias da lingua temos escoitado e mesmo empregamos formas como *chapodar* ou *leira* cun valor distinto do puramente agrícola, pero os datos escritos non confirman esta tendencia. Podería tratarse dun uso incipiente da palabra que hoxe se percibe e que o tempo dirá se vai ter éxito ou non, se vai pasar algún día á escrita.

O que se percibe é que o proceso de cambio semántico é productivo no eido agrícola, e tamén noutros, polo que pensamos que é posible aproveitar esta exploración do acervo propio antes ca admitir sen máis préstamos directos doutras linguas.

BIBLIOGRAFÍA

1. Referencias bibliográficas citadas nos exemplos

1.1. Libros

- Álvarez Limeses, G. (1934): *Antre dous séculos*. Pontevedra: Imprenta de Julio Antúnez.
- Amor Meilán, M. (1886): "Xuana", en *Produciós premeadas n-o Certame Gallego Literario que iniciado por O Galiciano celebrouse en Pontevedra n-o día 9 de agosto de 1886*. Pontevedra: Imprenta de José Alfredo Antúnez, 133-156.
- Beiras Torrado, X. M. (1972): *O atraso económico de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Bernárdez Villar, X. (1987): *No ano do cometa*. Vigo: Xerais.
- Blanco Amor, E. (1959): *A esmorga*. Buenos Aires: Citania.
- Blanco Amor, E. (1972): *Xente ao lonxe*. Vigo: Galaxia.
- Blanco Amor, E. (1974): *Teatro pra a xente*. Vigo: Galaxia.
- Bralo Rego, E. (1990): *Medicina natural popular e caseira*. Ourense: Galicia Editora.
- Braxe, L. (1999): *A cor do ceo*. Vigo: Xerais.
- Cabanillas, R. (1951): *Antífona da cantiga*. Vigo: Galaxia.
- Cao Martínez, C. (1983): *Idilios do Feal de Ansemil*. Vigo: edición do autor.
- Carballo Calero, R. (1951): *A xente da Barreira*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- Carballo, X. M. (1981): *Parábolos chairegas*. Vigo: Castrelos.
- Castelao, A. D. R. (1929): *Cousas (2º libro)*. A Coruña: Nós.

- Castelao, A. D. R. (1934): *Retrincos*. Santiago de Compostela: Nós.
- Castelao, A. D. R. (1944): *Sempre en Galiza*. Buenos Aires: Edición “As Burgas”.
- Castro, A. (1997): *Vida e morte das baleas*. A Coruña: Espiral Maior.
- Díaz Fernández, X. (1985): *Contos*. Montevideo: Patronato da Cultura Galega.
- Dieste, R. (1926): *Antre a terra e o ceo*. A Coruña: Edición do Castro.
- Fernández de la Vega, C. (1963): *O segredo do humor*. Vigo: Galaxia.
- Fernández Neira, J. (1810): *Proezas de Galicia*. Pontevedra: Bibliófilos Galegos, 1984 (ed. facsímile).
- Fernández-Oxea, X. R. (=Ben-Cho-Shey) (1953): *Andrómenas*. Vigo: Monterrey.
- Filgueira Valverde, X. (1979): *Adral (1)*. Sada, A Coruña: Edición do Castro.
- García Barros, M. (=Kenkeirades) (1931): *Contiños da terra*. A Coruña: Nós.
- García Ferreiro, A. (1890): *Chorimas*. A Coruña: Andrés Martínez Salazar.
- Gayoso Frías, A. (1955): *Os fidalgos de Rante*. Buenos Aires: Miño.
- Iglesias Alvarellos, E. (1978): *Botei corenta anos...* Lugo: Alvarellos.
- Iglesias, B. (1999): *O mellor francés de Barcelona*. Vigo: Galaxia.
- Ledo Andión, M. (1990): *Porta blindada*. Vigo: Xerais.
- Lence-Santar, E. (1999): *Poesía galega*. Edición de X. Freyre / A. Requeixo. Santiago de Compostela: Difux.
- Lesta Meis, X. (1930): *As abellas de ouro*. A Coruña: Nós.
- López Abente, G. (1929): *Vaosilveiro*. A Coruña: Nós.
- López Ferreiro, A. (1895): *A tecedeira de Bonaval*. A Coruña: Andrés Martínez Salazar.
- López Ferreiro, A. (1895): *O castelo de Pambre*. Santiago de Compostela: Imprenta de Alende.
- Lorenzo Fernández, X. (1962): “Etnografía. Cultura material”, en R. Otero Pedrayo (dir.): *Historia de Galicia*. Vol. II. Buenos Aires: Nós.
- Masma, X. de (1899): *¡A besta!* La Habana: Imprenta de “El Comercio Tipográfico”.
- Méndez Ferrín, X. L. (1980): *Crónica de nós*. Vigo: Xerais.
- Miranda Ruiz, X. (1998): *Morning Star*. Vigo: Xerais.
- Mirás, F. (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias*. Santiago de Compostela: Manuel Mirás.
- Montenegro Saavedra, A. (1927): *Fábulas galaico-castellanas*. Lugo: Imprenta Palacios.
- Moure Mariño, L. (1971): *Sempre matinando*. Vigo: Galaxia.
- Otero Pedrayo, R. (1928): *A Maorazga*. A Coruña: Nós.

- Otero Pedrayo, R. (1928): *Os señores da terra*. A Coruña: Nós.
- Otero Pedrayo, R. (1932): *Contos do camiño e da rúa*. Santiago de Compostela: Nós.
- Otero Pedrayo, R. (1960): *O señorito da Reboraina*. Vigo: Galaxia.
- Otero Pedrayo, R. (1962): “Xeografía”, en R. Otero Pedrayo (dir.): *Historia de Galicia*. Vol. I. Buenos Aires: Nós.
- Pico de Coaña, J. (1881): “Carta a Bastián de Pallarega, en Boston (Estados-Unidos)”, en *La Ilustración Gallega y Asturiana* III/21.
- Pintos, J. M. (1853): *A gaita gallega*. Pontevedra: Impr. de D. José y D. Primitivo Vilas.
- Pondal, E. (1886): *Queixumes dos pinos*. A Coruña: Biblioteca Gallega, Latorre y Martínez.
- Porteiro Garea, L. (1916): *Primeiro discurso do Dr. Porteiro ó fundarse a irmandá de Santiago*. Santiago de Compostela: Tipografía Galaica.
- Quintanilla, X. (1921): *Alén. Comedia dramática, n'un acto e tres cadros, en prosa, original*. Ferrol: Imp. El Correo Gallego.
- Quintela Novoa, X. / R. Prada (traductores de X. Alexandre López) (1973): *A ernia inguinal simpre, seu tratamento quirúrxico*. Buenos Aires: Ediciones Galicia, Centro Gallego de Buenos Aires, Instituto Argentino de Cultura Gallega.
- Rei Ballesteros, A. A. (1992): *Loaira*. Vigo: Galaxia.
- Ribalta, A. (1935): *Altariño de amore*. Santiago de Compostela: Librería “Porto”.
- Ríos Panisse, M. C. (1974): “Vida mariñeira de Sada”, *Verba* 1, 181-232.
- Risco, V. / A. Rodríguez Martínez (1933): “Folklore de Melide”, en Seminario de Estudos Galegos: *Terra de Melide*. A Coruña: Edicións do Castro, 1978, 427-535 (ed. facsímile).
- Risco, V. (1933): “Estudio etnográfico da terra de Melide” en Seminario de Estudos Galegos: *Terra de Melide*. A Coruña: Edicións do Castro, 1978, 325-425 (ed. facsímile).
- Risco, V. (1934): *Mitteleuropa*. Santiago de Compostela: Nós.
- Romaní, A. (1979): *Xogos infantís de Galicia*. Santiago de Compostela: Follas Novas.
- Souto, X. (1997): *Fumareu*. Vigo: Xerais.
- Taibo, V. (1956): *Da agra aberta. Contos e lèndas*. Vigo.
- Vázquez Taboada, Á. (1888): *As noites no fogar*. A Coruña: Imprenta de A. Amenedo Ponte.
- Villar Ponte, A. (1905): *A pátrea d'o labrego. Drama n-un auto y-en prosa*. Luarca: Ramiro P. del Río.
- Villares, R. (1984): *A historia*. Vigo: Galaxia.
- Zapata García, A. (1953): *A roseira da soidade*. A Coruña: Roel.

1.2. Publicacións periódicas

- A Fuliada* 17, A Coruña, 1888.
A Monteiro. Semanario de intereses rexionales e literatura I, Lugo, 1889.
A Nosa Terra. Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal 2, A Coruña, 1916.
A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala 247 e 249, A Coruña, 1928.
A Nosa Terra. Semanario do Partido Galeguista 341, Pontevedra, 1934.
A Nosa Terra. Semanario do Partido Galeguista 414, Pontevedra, 1936.
Logos. Boletín católico mensual 6, Pontevedra, 1931.
O Galiciano. Paróla Gallega 1 e 4, Pontevedra, 1886.
O Tío Marcos da Portela, 1ª época (1876-1877), 1876.
O Tío Marcos da Portela, 1ª época (1876-1877), 1877.
O Tío Marcos da Portela, 3ª época (1917-1919), 26, 27 e 41, 1918.
O Tío Marcos da Portela, 3ª época (1917-1919), 48, 1919.
O Tío Pepe 13, A Fonsagrada, 1913.
Rexurdimento 5, Betanzos, 1922 (ed. facsímile de 1993).
Rexurdimento 6, Betanzos, 1923 (ed. facsímile de 1993).
Tempos Novos. Revista Mensual de Información para o Debate 3 e 4, Santiago de Compostela, 1997.

2. Bibliografía empregada

- Academia das Ciéncias de Lisboa (2001): *Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea*. Lisboa: Verbo.
- Carballeira Anllo, X. M.^a (coord.) (2000): *Gran diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.
- Carré Alvarellos, L. (1928-1931): *Diccionario galego-castelán*. A Coruña: Lar.
- Corominas, J. / J. A. Pascual (1980): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- Cruse, A. (2000): *Meaning in Language*. Oxford / New York: Oxford University Press.
- Feixó, X. (dir.) (1999): *Diccionario Cumio da lingua*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Fernández Salgado, B. (dir. e coord.) (1991): *Diccionario de dúbidas da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- García, C. / M. González González (dirs.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Xerais / Galaxia.
- González Pérez, R. (2000): "El deslizamiento significativo como motor del cambio léxico", en M. Martínez Hernández *et al.* (eds.): *Cien años de in-*

- vestigación semántica: de Michel Bréal a la actualidad*. Actas del Congreso Internacional de Semántica, Universidad de la Laguna, 27-31 de octubre de 1997. Vol. I. Madrid: Ediciones Clásicas, 469-478.
- Herculano de Carvalho, J. G. C. (1953): “Coisas e palavras. Alguns problemas etnográficos e linguísticos relacionados com primitivos sistemas de debulha na Península Ibérica”, *Biblos. Revista da Faculdade de Letras* 29, 1-365.
- Instituto Antônio Houaiss de Lexicografia (2001): *Dicionário eletrônico Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva.
- Lousada Diéguez, A. (1930): “Encol da prosa galega”, *Nós* 73, 2-8.
- Moliner, M. (2001): *Diccionario de uso del español*. Edición electrónica, versión 2.0. Madrid: Gredos.
- Monteagudo, H. (1991): “A modernización do léxico galego en *Sempre en Galiza* e a norma léxica do galego culto actual”, en M. Brea / F. Fernández Rei (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Vol. I. Santiago de Compostela: Universidade, 293-320.
- Palmer, L. R. (1984): *Introducción al latín*. Presentación, traducción e notas de J. J. Moralejo e J. L. Moralejo. Barcelona: Ariel.
- Santamarina, A. (dir.) (2001): *Diccionario de diccionarios*. Versión 2. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Segura Munguía, S. (2001): *Nuevo diccionario etimológico latín-español y de las voces derivadas*. Bilbao: Universidad de Deusto.
- Torres Medina, D. (2000): “Sobre la noción de cambio semántico”, en M. Martínez Hernández *et al.* (eds.): *Cien años de investigación semántica: de Michel Bréal a la actualidad*. Actas del Congreso Internacional de Semántica, Universidad de la Laguna, 27-31 de octubre de 1997. Vol. II. Madrid: Ediciones Clásicas, 1423-1431.
- Ullmann, S. (1962): *Semántica. Introducción a la ciencia del significado*. Madrid: Aguilar, 1972.

MOITA COSTA, 'POUCO' MAR: O LÉXICO MARIÑEIRO E A CONSTRUCCIÓN DO ESTÁNDAR GALEGO

Francisco Fernández Rei

Instituto da Lingua Galega.USC

A meu pai, a meu avó Ricardo, a meus tíos Andrés e Ricardo, que moraron nas augas da Arousa e en illas de auga rodeadas de ceo por todas partes.

Á clase mariñeira de Galicia.

Antes de nada quero agradecerlles ós organizadores do Simposio *Léxico e Estandarización en Galicia* a invitación que me fixeron para poder participar; pero tamén quero felicitalos polo feito de teren en conta que o mar tamén existe e que debe terse en conta a problemática do léxico mariñeiro na construción da patria da lingua que nos une a tódolos galegofalantes.

Galicia ten moita costa, pero na cultura, na literatura e na lexicografía galega hai relativamente pouco mar. Nos dicionarios de uso xeral, a pesar do moito que se leva feito, e ben, é bastante o que hai que revisar pois faltan acepcións mariñeiras de uso común e cómpre unha revisión de acepcións con mar, co fin de reflectir de xeito máis adecuado a fala viva da xente mariñeira. No propio *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (VOLG 1989) hai voces comúns que faltan, a algunhas referireime na miña intervención.

A xeito de introducción, vou comeza-la miña exposición falando da recolleita e dos estudos do léxico mariñeiro e da recuperación do noso patrimonio marítimo. Logo tratarei o mar e o léxico mariñeiro na literatura galega, salientando primeiras documentacións no galego escrito; e a seguir farei unhas calas sobre a presenza e a ausencia de mar no VOLG (1989).

1. O MAR E A CULTURA GALEGA

De Ribadeo á Guarda hai 1.195 km. de costa. Moita xente do litoral tivo (e segue a ter) no mar o seu principal modo de vida, ben en augas de caladoiros situados cada vez a máis millas de Galicia, ben nas praias ou nas augas próximas á nosa costa.

É incuestionable a importancia do mar en Galicia tanto polo número de km. como pola moita xente que ten na pesca e no marisqueo a súa actividade laboral; pero esta realidade, en palabras do historiador e etnógrafo Calo

Lourido (1996: 7-10), “nunca se viu reflectida nos estudos sobre a nosa terra. A maior parte dos antropológos eran e son xentes do rural labrego e, malia o atractivo do ‘chocante’, semella haber unha predisposición a estudar o máis próximo, aquilo no que un ten as súas raigañas e, por conseguinte, coñece mellor”.

En palabras de Calo, os historiadores galegos estiveron “sempre mirando para o mundo rural labrego e, agás contadas excepcións, esquecendo que Galicia é algo máis. Fóra da etapa dos cataláns practicamente non hai nada feito, e vai sendo hora de se enrolar na aventura”. Na investigación do papel dos fomentadores cataláns é salientable o labor pioneiro dos traballos de Meijide Pardo e, sobre todo, os de Alonso Álvarez sobre industrialización e conflitos sociais na Galicia do Antigo Réxime (1750-1830), na que beberon, entre outros, investigadores como Carmona Badía ou o propio Calo.

1.1. O léxico mariñeiro galego¹

No séc. XVIII os ilustrados galegos Cornide e Sarmiento recolleron léxico mariñeiro. Cornide deixounos nomes de peixes da costa de Galicia, mentres que Sarmiento anotou nos seus textos moita nomenclatura de peixes, crustáceos e algas dos nosos mares.

Nas primeiras décadas do séc. XX houbo xente non galega preocupada pola nosa etnografía mariñeira, como Rodríguez Santamaría, que nos seus *Diccionarios* de artes de pesca (1911, 1923) tivo moi presente o litoral de Galicia, ou o alemán Schroeder, que en 1937 se ocupou dos barcos de pesca de Fisterra.

Anos antes, no boletín *Nós* (xuño-xullo 1934) o etnógrafo ourensán Xaquín Lorenzo publicara un sinxelo artigo sobre as dornas do Porto do Son, onde sinalaba que nada se tiña feito sobre a etnografía das costas de Galicia e que aquel era un momento crítico por estaren a desaparecer moitos costumes e embarcacións típicas, que “aixiña non serán mais que unha lembranza na mente dos vellos mariñáns, que nas mañáns soleadas do inverno contarán aos netos as suas andanzas naquelas embarcacións en que ollaban a morte cara a tantas vegadas”. Nesa época José Suárez, ourensán de Allariz, fotografara o labor artesán das xentes do mar, fotos que posiblemente eran estudos previos para a súa película *Mariñeiros* que tivo que rematar no exi-

1 Sobre os estudos do léxico mariñeiro galego *vid.* Martínez Baleirón (2001b), onde se recollen os traballos de cultura material e de antropoloxía e os traballos sobre a lingua, á vez que se mostra o tratamento das denominacións das embarcacións tradicionais en dicionarios galegos recentes.

lio. E en 1962 Xaquín Lorenzo publicou na *Historia de Galiza*, dirixida por Otero Pedrayo, un completísimo traballo de etnografía mariñeira, cun papel destacado para a pesca da sardiña, cos diferentes aparellos e métodos de conservación e unha completa nomenclatura.

Nos anos 70 e 80 empezou a haber unha certa presenza do mar en moi diversos eidos. En 1974 L. Villaverde Rey publicou a obra *Mariscos de Galicia* e uns anos despois aparecería a *Guía dos mariscos* (1985) de Rosa Ramonell. A mediados dos 70 Carme Ríos Panisse e Antón Santamarina, investigadores do Instituto da Lingua Galega (ILG), percorreron practicamente tódolos portos que hai desde as eonaviegas Figueiras de Castropol á portuguesa Caminha da foz do Miño, para facer inquéritos sobre a nomenclatura da flora e fauna marítimas de Galicia (Ríos Panisse 1977 e 1983), á vez que cubriron en 16 portos galegos e nos portugueses de Viana do Castelo, Vila do Conde e Matosinhos o cuestionario do *Atlas Lingüístico de los Marineros Peninsulares* (Alvar 1985-89).

Entre 1968 e 1974 defendéronse na Universidade de Santiago de Compostela catro memorias de licenciatura sobre a fala e a cultura mariñeira de catro portos galegos (Sada, Escarabote, Ares e Cariño), dirixidas por Constantino García, que neses mesmos anos dirixiu máis de 30 memorias sobre falas non mariñeiras (García 1985). Hai desa época catro traballos redactados por lingüistas, que só parcialmente estudian o léxico mariñeiro: un deles, de 1966, é unha tese de licenciatura sobre Cambados, dirixida por Lindley Cintra na Universidade de Lisboa; os outros son da Universidade compostelá, as teses de doutoramento do Grove e Marín e unha memoria sobre Laxe. Nos anos 70 analizouse a cultura material mariñeira, particularmente as embarcacións tradicionais e os aparellos de pescar e de mariscar, como o estudio do Porto do Son de Calo Lourido (1978), e investigouse a organización social dalgunhas comunidades pesqueiras. E o etnógrafo Clodio González (1987) editou un refraneiro do mar.

Moito deste labor foi impulsado por institucións creadas nos 70, como o Instituto da Lingua Galega, o Centro Experimental do Plan Marisqueiro de Vilaxoán ou o Museo do Pobo Galego, á vez que galegos e non galegos percorrían o noso litoral. Entre os estranxeiros está o sueco Staffan Mörling, excelente investigador das embarcacións tradicionais, que percorreu a costa de Ribadeo á Guarda, entre 1964 e 1967, cando moitos barcos de madeira estaban activos e outros, en *desguace*, aínda podían ser estudados como el fixo. O resultado é unha monografía (Mörling 1989) de consulta imprescindible para o etnógrafo interesado no estudio dos barcos tradicionais e para o lingüista que se preocupe do léxico mariñeiro.

Por outra parte, Esperanza Piñeiro de San Miguel e Andrés Gómez Blanco están a estudia-la historia socio-económica e cultural dos portos galegos

do norte, centrándose na pesca artesanal de baixura, do que é boa mostra *Xentes dos mares de Ferrol* (1996), sobre Fene, Ferrol e Mugardos, ou o máis recente *A pesca e os mariñeiros. Cedeira, Cariño, Ortigueira e Mañón* (2001). Nestas obras pode verse como evolucionou a pesca artesanal nos portos coruñeses do N a través dos documentos, pero tamén a través das lembranzas dos mariñeiros e das mariscadoras que no seu galego habitual, co léxico e a fraseoloxía propia deses portos, nos transmiten os segredos das súas heroicas vidas, despois de andaren anos loitando arreo nas bravas augas e nos cons (eles falan de *penas* e *penedos*) dese duro litoral, especialmente o da Capelada. Os autores danlle un papel importante á memoria “que devolve os recordos, como devolve sempre o mar todo aquilo do que se apodera”.

A fraseoloxía do mar da Mariña de Lugo está a ser estudada polo lingüista e poeta Paco Rivas, que editou un caderno con esa fraseoloxía e un breve vocabulario do mar desas frases (Rivas 2000) e que ten preparado para a imprenta un diccionario fraseolóxico do mar, baseado tamén na fala da Mariña e particularmente na dos mariñaos de Foz.

Na monografía *Gamelas e mariñeiros* (1996) Eliseo Alonso estudou barcos da Guarda xa desaparecidos como os *volanteiros* e *molleiros* e tamén a *gamela* da Guarda e doutros portos do sur de Pontevedra, como a *bacia* de Baiona ou a *gamela coruxeira*. A arquitectura e os accesorios desta gamela orixinaria da Guarda, semellante a unha artesa ou *maseira* (de aí que se denomine así a gamela no norte de Portugal) foi estudada por Iñigo Echenique en *Madera de mar. Apuntes sobre a gamela* (2000), texto fermosamente editado. O léxico fronteirizo do tramo final do río Miño, tanto a nomenclatura dos barcos, peixes e artes como as augas, mareas e ventos foi analizado por Pousa Ortega (2002).

A ría da Arousa, a máis extensa das rías galegas, conta con moi diversas publicacións, algunhas de gran didactismo para coñecer como foi –e como é– o mundo tradicional mariñeiro e o léxico da xente que vive nas ribeiras dese mar. En 1931 Bouza Brey editou as *Cántigas populares da Arousa*, existiu un Seminario Domingo Fontán para o estudio da toponimia mariña da ría, editáronse monografías sobre a historia e a actividade pesqueira da Arousa² e o Plan de Explotación Marisquera de Galicia publicou os traballos de Ricardo Arnaiz e Alberto de Coa *Artes de marisqueo usados en la ría de Arosa* (1977) e os *Cuadernos marisqueros. Artes de pesca artesanal en la Ría de Arosa. I Artes de enmalle. II Artes de pesca* (1979), reeditados en versión galega no volume *Artes de pesca da Ría de Arousa* (1990).

2 Manuel Fajardo Piñeiro é autor da *Historia e vida da ría de Arousa* (Boiro, 1996) e José A. Pérez Sánchez é o de *Las actividades agropecuarias y pesqueras en la ría de Arousa (Galicia). Dinámica e incidencia territorial* (Pontevedra, 1996).

Léxico do costado de leste da Arousa pode verse en estudos dirixidos por Adela Leiro como *O traballo no mar (Aparellos e artes de pesca e marisqueo)* (1990), sobre os aparellos e as diversas artes usadas en Cambados, no Grove e na Illa da Arousa. Tamén en *Aves de costa* (1995) de Romay Cousido sobre o Grove e en publicacións do Grupo Etnográfico Mascato, coma o *Caderno de a bordo. Cultura marítima de medio ambiente* (1997) con texto de Dionisio Pereira, acompañado dun breve glosario final.

Do costado de noroeste da Arousa hai traballos lexicográficos, como o *Vocabulario mariñeiro de Escarabote* (1970), memoria de licenciatura redactada por M^a del Carmen Alonso Pérez, e o de Mónica Martínez Baleirón (2001a), sobre o léxico mariñeiro do concello de Ribeira, redactado fundamentalmente a partir de etnotextos de mariñeiros de baixura e de altura, de mariscadores a flote e de mulleres que traballan na transformación e distribución do peixe.

Polo que respecta á terminoloxía da dorna, a embarcación emblemática do mar da Arousa, Ricardo Mora (*Hombres y dornas* 1965) e Santiago Páramo Aller (*As dornas no marisqueo e na pesca artesanal na Arousa norte* 1991) estudaron a dorna carreirana, a propia do concello de Ribeira. Manolo Parada en “Fálame de dornas” (*Revista de Cultura Marítima* 1997) ocupouse da dorna meca, de tamaño grande coa que se podía traballar na costa, que se facía no Grove para tódolos portos, pero especialmente para os de Cambados, a Illa da Arousa, a Pobra do Caramiñal e Portonovo. No citado libro de Adela Leiro tamén figura a terminoloxía das pequenas dornas polbeiras, que son as que aínda se poden ver varadas nos portos do Grove e da Illa. Esta *dorna de escarva*, que é a máis primitiva e auténtica, presenta un casco que se constrúe montando as táboas unha sobre outra en rebaixes que se denominan *calimes* (de aí que no costado de noroeste, en Aguiño e Ribeira, se chame *dorna de calime*). A *dorna de tope*, que é máis moderna, presenta unha estrutura interior semellante, aínda que con formas máis redondeadas ó usárense táboas máis estreitas, sen escarva, que se apoian a tope unhas coas outras (Leiro 1990: 93).

En Cesures, río Ulla arriba, facíanse dornas (de tope) e había *mecos*, dornas de escarva traídas do Grove, como recolle Angueira en *Terra de Iria* (2002):

—Eu toda a miña vida fun mariñeiro. Mariñeiro de *dorna*, de *meco*, de *gamela*..., de río e de mar. Pois si. Traballabamos con dornas e mecos, máis pequenos e lanzados, de escarva. Chámanlle tamén, dipensando, *conas*³ alá na Arousa e mais no Grove. As dornas eran de tope, feita de *racú*, máis redondas (p. 67).

3 A dorna chámase *cona* en Cangas do Morrazo e en Baiona, pero nunca oín tal denominación no Grove nin na Illa da Arousa nin en Cambados. As cursivas destas citas do libro de Angueira son miñas.

Os *mecos*, que eran de *escarba* –eu digo de *escarba* pero hai quen pon *calim-ne [sic]*– viñan do Grove. E por aí lle debe vi-lo nome tamén. As que faciamos nós eran de *tope*. De dúas toneladas habería por volta das trinta. E aínda había outras que se botaban moito mar fóra, eran dornas de catro toneladas, media ducia delas” (p. 71).

1.2. O patrimonio marítimo galego

A instancia do inventor Guillermo Marconi, en 1932 a familia Massó abriu en Bueu un museo de náutica, que se reabriu en xullo do 2002. A paixón do mestre Francisco Rivera Casás por recoller e coleccionar obxectos relacionados co mar fixo que en 1969 nacese o Museo do Mar de San Cibrao co fin de ser un reflexo da vida da Mariña de Lugo. E en 1977 inaugurouse o Museo do Pobo Galego, que sempre tivo moi en conta a cultura do mar de Galicia e a súa divulgación, e que foi nos seus 25 anos de existencia un referente fundamental na defensa do patrimonio marítimo galego. Desde a súa creación, o responsable da Sección de Economía Mariñeira é Francisco Calo, autor de traballos pioneiros na antropoloxía marítima no Estado español, algún editado polo propio Museo do Pobo.

Recentemente puxéronse en marcha os museos do mar de Corcubión e de Alcabre-Vigo, impulsouse o proxecto da Exposición Nacional da Construción Naval-Museo Naval de Ferrol e están en proxecto novos museos para a recuperación e revitalización da cultura marítima en vilas como Rianxo, O Grove ou Fene (Pereira 2002). E en Cambados, o Muíño de Mareas da Seca, que tanto gran moeu desde o século XVII ata o ano 1972, desde o verán do 2002 volve funcionar nas horas da seca; e das súas tres moas de granito do Salnés para millo e centeo e da moa albeira de pedra fina de Portugal obtense fariña coa que se fan galletas e outros gorentosos doces.

A popularización e socialización da cultura marítima galega arrinca realmente de 1993, ano en que se celebrou en Ribeira o I Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia. Ese mesmo ano tres asociacións da beiramar da Arousa (“Amigos da Dorna Meca” do Grove, “Grupo Etnográfico Mascato” de Cambados e “Real e Ilustre Cofradía da Dorna” de Ribeira) e a “Asociación das Embarcacións Tradicionais ‘Os Galos’” de Bueu (nome que tamén se lles daba ós botes polbeiros propios desta vila do Morrazo) fundaron a Federación Galega pola Cultura Marítima (FGCM), con sede en Cambados. Nesta Federación fóronse integrando asociacións de veciños, grupos etnográficos, clubs deportivos e asociacións culturais interesadas na defensa e no espallamento da cultura do mar a través da defensa, investigación, recuperación e conservación do patrimonio marítimo de Galicia.

A situación deste patrimonio era tan crítica ese ano de 1993 que, como sinalaba o actual presidente da FGCM Xavier Trepát, “ata os máis optimistas eran pesimistas” (Cuiñas 2003, prólogo). A finais do 2002, a Federación formábase 17 heteroxéneas asociacións, case todas das Rías Baixas (7 do mar da Arousa, 5 do mar de Pontevedra e 3 do mar de Vigo) e só 2 das Rías Altas (unha do mar da Coruña e outra do mar de Ferrol). E nos mesmos días en que o petroleiro Prestige enchía de piche os cantís e os cons e as areas e as almas de tódolos galegos, integrábanse na FGCM tres novas asociacións: unha da Costa da Morte (“Canle” de Lira), unha fluvial (“Barcas do Minho” de Chantada) e unha portuguesa (“Barcos do Norte” de Viana do Castelo).

A Federación editou unha especie de informe do patrimonio marítimo de Galicia (Pereira 2000), precedido dun marco de actuación da FGCM tanto no patrimonio mobiliario e inmobiliario como no inmaterial. Dionísio Pereira, autor do texto e un dos principais dinamizadores da Federación como membro do Grupo Etnográfico Mascato, consideraba de máxima urxencia realizar un inventario sistemático e detallado do patrimonio vencellado ó mar, á vez que pedía que se elaborasen criterios con prioridades para a salvagarda dos bens en perigo e que se habilitase financiamento público para proxectos de interese. E todo isto ó abeiro da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, onde non hai ningunha referencia explícita ó patrimonio marítimo, pesie os esforzos da propia FGCM. Ese labor de inventario faise moito máis urxente despois de que o Prestige, a finais do 2002, ennegreceu os mares e boa parte da beiramar dos galegos.

Cada dous anos a FGCM e entidades da cultura marítima afíns organizan o Encontro de Embarcacións Tradicionais no que se mostra a riqueza do patrimonio marítimo dos galegos e a necesidade de o conservar, á vez que se estudian as posibilidades económicas do desenvolvemento das actuacións sobre a cultura e o patrimonio. Despois dos Encontros de Ribeira, Coruxo, O Grove, Rianxo e Poio, o VI Encontro vaise celebrar na Illa da Arousa (xullo 2003), recaendo a súa organización na Asociación Cultural “Dorna”, que organiza desde hai 20 anos regatas de dornas a vela e que no verán do 2001 puxo en funcionamento a Escola de Vela Tradicional, experiencia única en Galicia e en España. Esta Escola da Illa é, en realidade, un museo vivo de embarcacións tradicionais que a comezos do 2003 contaba con 24 dornas polbeiras de escarva e unha dorna de tope, dúas buquetas, dous botes polbeiros e unha lancha xeiteira, patroneados a maioría destes barcos por xente que pola mañá traballa na batea, anda ó raño ou a outros oficios da ría e que pola tarde transmite a arte de aparelar e de navegar a vela aprendida dos vellos patróns da Arousa.

Á parte da divulgación do patrimonio marítimo galego, o Encontro da Illa quere ser unha homenaxe ó labor das moi diversas asociacións da FGCM

e á vez servir para a consolidación do carácter internacional dos encontros, coa novidade de dedicalos a un territorio europeo. O primeiro convidado de honra será Portugal, pola importancia do seu patrimonio marítimo no contexto da cultura marítima europea, polo intercambio e cooperación con asociacións do litoral portugués desde a fundación da Federación e pola ligazón entre o patrimonio marítimo do norte de Portugal e de Galicia, do que é boa proba a *masseira* de Vila Praia de Âncora, xemelga da *gamela* da Guarda, e a *catraia* de Esposende e a *lancha poveira* da Póvoa de Varzim, embarcacións tradicionais xemelgas das desaparecidas *volanteira* do Porto do Son e *lancha xeiteira* de Muros (Fernández Rei 2003a).

Todos, ou practicamente tódolos colectivos da Federación, se ocupan de recuperar embarcacións tradicionais para logo *velear* con elas. Algúns combinan a restauración de barcos tradicionais coa investigación etnográfica, como fai o Grupo Etnográfico Mascato, onde está integrada xente do Grove, Cambados e Vilanova da Arousa, que está a recuperar *gbaleóns* –algún deles estaba na fase terminal do *desghuase*– á vez que fai traballos etnográficos, especialmente sobre a cultura marítima do mar da Arousa como máis arriba sinaléi. Eses *gbaleóns* non son como os afundidos en Rande, os barcos de vela semellantes á galera, con varios mastros que nos séculos XVI-XVIII facían o comercio con América, tal como se define esa voz nos dicionarios galegos da RAG 1997, Cumio 1999 e Xerais 2000, senón que eran barcos de carga máis *cavudos* có bote⁴. No Grove aplican o de cavudo a barco con moita capacidade.

Nas augas da Arousa o *gbaleón* de Vilanova e Vilaxoán era bote cavudo para transporte do peixe, mentres que no Carril e en Rianxo era bote para cargar piñeiro e en Dena e Vilalonga era o que levaba barro, tella e tixelos. En Cambados coñecía-se o nome *gbaleón* que se daba ó bote de carga en portos da ría, pero a xente mariñeira da vila de Cabanillas falaba de *peilebotes* (ou *pailebotes*) e de *balandros*, case como sinónimos, mentres que no Grove se falaba do *bote da leña* e do *bote do barro*, segundo a mercadoría. Os galeóns da Arousa, que estudiou o Grupo “Mascato”, eran barcos ‘de moita manga e pouco puntal, aparelados de balandro’, en definición telegráfica que me deu Dionísio Pereira.

Os galeóns, de dúas proas e un mastro, e os balandros subían polo Ulla arriba, ata Cesures, tal como se recolle neste texto de Angueira (2002: 70), con subliñados meus:

⁴ No Estravís (1995) a acepción 1 da entrada *galeón* refírese ó ‘antigo navio mercante de grande tonelaxe e alto bordo con o que se facía o comercio entre España ou Portugal e as súas colónias. Nau de guerra’, mentres que a acepción 4 é para o ‘pequeno barco de carga e pasaxe nos portos e rías, de un só mastro inclinado para a popa e vela cuadrada. Trincado’.

—E no río había máis que *dornas* e *mecos*. Había *balandros* e *galeóns*, os galeóns [*sic*] de Cesures traguendo e levando para a fábrica de Sierra, para a da Nestlé, con carbón, con tella, con barro, comestibles, ó sal, á madeira. Cos galeóns fixéronse *barcos areiros*, adaptáronse: fóra *trapo*, veña motor e veña chupona. (...) Cesures era de mariñeiros e *calafates*. Aquí facíanse as dornas e os galeóns. Os galeóns xa lle chamaban por toda a ría '*barcos de Cesures*'. Eran de dúas proas e un mastro só, máis pequenos cós balandros, de pouco máis de dez metros de eslora, vinte toneladas. E tamén se vogaba neles cando non había vento. Iso si, cargaban e descargaban en calquera lado.

En exposicións, simposios, xornadas e encontros de moi diverso tipo mostrouse e reivindicouse a cultura marítima tradicional e a importancia do mar e da pesca en Galicia. Entre os actos máis recentes quero salienta-la exposición *Vivir no Atlántico Norte* (Santiago de Compostela, outubro e novembro 2000), coorganizado polo Museo do Pobo Galego e os Museos marítimos de Reikiavik (Islandia), Bergen (Noruega) e Tatihou (Francia); a exposición *75 anos da revista Industrias Pesqueras. Vigo, horizonte mariño / 75 years of Industrias Pesqueras magazine. Vigo, marine horizon*, que organizou o Museo do Mar de Galicia, Vigo (12.10.02 -12.01.03); e o encontro sobre o *Patrimonio marítimo como recurso económico* (decembro 2003), organizado polo Instituto Universitario de Estudos Marítimos da Coruña, o Etnoográfico "Mascato" de Cambados e a Asociación Cultural "Canle" de Lira.

2. O MAR E A LITERATURA GALEGA

Neste capítulo tratarei o mar e o léxico mariñeiro na literatura galega, con especial atención a textos cos que se introduciron —ou popularizaron— no galego escrito moi diversos termos mariñeiros que hoxe forman parte da lingua literaria e, en boa parte, do galego común oral e escrito⁵.

5 Para a redacción deste capítulo partín dos meus traballos Fernández Rei (1999: esp. 77-98, e 2001). As documentacións do léxico na historia do galego escrito proceden, fundamentalmente, do proxecto *Base Lexicográfica do ILG* dirixido por Antón Santamarina, que a comezos do 2003 tiña uns 12 millóns de rexistros correspondentes a unhas mil obras lematizadas e concordadas. Tamén consultei obras moi recentes, algunhas dos anos 70 e 80, que aínda non figuran nesa *Base Lexicográfica* e que considerei pertinente telas en conta especialmente cando contiñan primeiras documentacións de termos mariñeiros cos que poden rectificar datos de Fernández Rei (1999).

2.1. A idealizada Mariña de Leiras Pulpeiro

En varios dos *Cantares gallegos* o mindoniense Leiras Pulpeiro (1854-1912) presenta unha idealizada Mariña lucense, onde todo parece frescura e bondade fronte á “maldade” da Montaña:

Pra palique, as d'a Montaña;
Pra ferver logo, as valecas;
Pra frescura, as d' Mariña;
Pra querer ben, as vilegas.
(...)
Unha peniña do cabo
Que cobre o mar n-as marzadas,
¡Val máis que todol-os cotos,
Y-as veigas que hai n-a Montaña!

A maior idealización da Mariña verbo da Montaña faina no longo poema “Pousadoiro” de 1903, que nas estancias 3ª e 4ª contén referencias ó litoral de Foz (a *ría* e a *barra*), ás *ondas*, ás *nordesías* e ás *fúrneas* tan características da costa galega do Cantábrico, a *furna* da Costa da Morte que introduciu Eduardo Pondal no galego escrito. No poema pode apreciarse, como xa sinalou Franco Grande (Leiras Pulpeiro 1970: 90) o grande esforzo para converter unha lingua coloquial nunha lingua de cultura nos comezos do século XX.

A composición “Engalanada, no porto” é unha das poucas composicións mariñeiras de Leiras. Trata dunha *lancha* que fora a mellor e a máis feita, pero que agora podrece “arrumbada, / No areal, ao pé das penas, / Sin amarras e esquencida... / Hastra que unha baga veña / E a esbandalle, e co ela arrample / Sabe Deus pra que ribeira”). Leiras usa neste poema a forma *vaga*, que introduciu no galego escrito; é o primeiro que emprega voces mariñeiras tan literarias (e populares en falas costeiras) como *nordesía*, *salseiro*, *vagallón* e *escamallo*⁶.

⁶ Para a Mariña da poesía do mindoniense Eduardo Lence-Santar (1876-1960), para a Mariña do poeta Paco Rivas (Cervo 1955) e para o mar de Viveiro dos poemas de Xoán Neira (Meilán-Lugo 1953), véxase Fernández Rei (2001: 243).

2.2. O mar de Sada de Lugrís Freire

Mariñeiros son os poemas de Lugrís Freire (1863-1940), un dos fundadores da RAG e das Irmandades da Fala, que evocan o coruñés mar de Sada, de onde era natural, e a súa xente, como os agrupados baixo o título “Da Mariña” en *Ardencias* (1927), libro que termina con tres prosas, unha das cales é a crónica dunha mareira.

Ambientación mariñeira teñen obras teatrais de Lugrís como *Mareiras* (1904), *O Pazo* (1917) e a *Estadeíña* (1919), tamén co mar e o léxico de Sada. Da lingua desta última peza teatral dicía Carballo Calero (1981: 482):

A mesma fala das xentes carez de autenticidade. Verdade é que ouvimos termos enxebres como *panterma*, *minueta*, *cope* e *tarrafa*, que non tiveran denantes proxección literaria, i escoitamos algúns tipos e refráns tomados da boca do pobo; pero no seu conxunto, o diálogo non é natural, i está cheo de xiros imposibles de supor na lingua dos mariñeiros.

En *Estadeíña* está a segunda documentación no galego escrito de formas de moito uso literario como *arribada*, introducida por Prudencio Rovira en 1918 e de *baixío*, introducido por Florencio Vaamonde en 1894. Lugrís introduce a *traineira*, pois Cabanillas en 1913 empregara o castelanismo *trainera* e usa formas con tradición literaria como *buguina*, que introducira Pintos en 1861.

En *Versos de loita* (1919) Lugrís introduce no galego escrito o termo *velame*⁷. E en *Ardencias* (1927) usa formas moi mariñeiras e moi usadas na lingua literaria como *ardentía*, introducida por Florencio Vaamonde nas *Odas de Anacreonte* (1887) a finais do século XIX e que Cabanillas usara na *Noite estrelecida* (1926).

En Lugrís está a segunda documentación de *xebra*, introducida por Valcarce Ocampo en *Paliques* (1901)⁸, e de *halar* (“dos risós halando”) referido

7 No Periódico *Galiciano* (1886) de Pontevedra aparece *velamen*, castelanismo que é primeira documentación no galego escrito.

8 As primeiras documentacións de *xebra* no galego literario están en Valcarce Ocampo en 1901, en Lugrís en 1927 e en Cotarelo en 1931, pero da *xebra* xa fala Sarmiento (1970: 338) na glosa da copla 30 do *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746). A primeira documentación de *xeba* é de Sarmiento, de 1746; a de *seba* é de Cabanillas, de 1921, e a de *ceba* é de Fernández de la Vega e Piñeiro, de 1952.

ó mar⁹ e que despois se rexistrará en Manuel Antonio (“halaremos polo chicote” en *De catro a catro* 1928).

Lugrís é autor de relatos co mar ó fondo, como “A illa milagreira”, referido á chegada dos primeiros colonos á illa de Sálvora contra mediados do século XIX, relato incluído no libro *Contos de Asieumedre* (1901).

2.3. O mar da Arousa: o vento mareiro e a marusía de Cabanillas

Nas ribeiras do mar da Arousa naceron e viviron clásicos da literatura galega como o cambadés Ramón Cabanillas (1876-1959) e os rianxeiros Castella, Rafael Dieste e Manuel Antonio, polo que as augas, barcos, ventos, pedras, illas e ribeiras e a xente da ría dun xeito ou doutro aparecen no mar deses escritores. Arousán de Vilanova (e da Pobra do Caramiñal) é o escritor en castelán Ramón Valle Inclán, que recolle o ambiente mariñeiro da ría na escena terceira de *Romance de Lobos*.

A Arousa e o seu mundo tamén está en escritores que se criaron nela, como Bouza Brey (“Ría de Arousa, grávida de cores / serea dos atlánticos amores / que acariñache a miña infancia inxela”), con familia paterna de Vilagarcía; e noutros que tiñan vínculos familiares na Arousa, como Cotarelo, eonaviego da Veiga, pero casado en Vilaxoán, ou Álvaro Cunqueiro, de Mondoñedo, con familia paterna en Cambados, onde nacera seu pai. O mar da Arousa, como máis adiante se verá, está en Méndez Ferrín e en poemas do seu heterónimo Heriberto Bens, arousán da Pobra do Deán.

As xentes dese “mar minúsculo, humilde e compartido”, que está “no ocidente de todolos Atlánticos / no bauprés temerario de tódolos Fisterras” –en versos de Tabuyo Romero no poema “Mar de Arousa” (1998)– teñen a súa *Arousiada* (1995), escrita parte en español e parte no galego da ría (con gheada, seseo e dialectalismos morfolóxicos como *cantín*), da autoría de Leonardo da Jandra, criado en Galicia, pero que desde hai anos vive na costa mexicana da Oaxaca.

Nas primeiras obras de Cabanillas os escasos poemas de tema mariñeiro parecen cadros paisaxísticos da ría da Arousa. Outras veces son cantos a embarcacións, como é a composición “A trainera” de *No desterro* (1913), barco que en 1904 arribou desde Colindres-Cantabria a Cambados, quince anos despois de que aparecese na ría de Vigo. As veloces traineiras, que representaban o progreso fronte ás tradicionais lanchas xeiteiras, aparellábanse

9 En *A Nosa Terra* (1917) rexístrase “halamos da corda pra todos ou para ningún”; en Filgueira Valverde (*O Vigairo* 1927) hai *balar* aplicado á rede e tamén ó carro.

coa traíña, arte de cerco de xareta. Con elas traballábase, fundamentalmente, ó caldeo con *raba* (“a raba enganadora” dese poema sobre a traíñeira de Cabanillas), que era o engado feito con ovas de bacallao co que se atraía a sardiña, en lances de mañá e tarde e, en menor medida, ó escuro, porque na escuridade a traíñeira non era tan efectiva.

O poema sen data “Veiramar” é unha homenaxe á señora da ría, a dorna, a embarcación emblemática do Mar da Arousa (e da illa de Ons), que tumbada coa quilla ó aire está a se desfacer no areeiro, mentres que unha gaivota, a xeito de ibis sagrada, está pousada nun apodrecido *madeiro*, forma popular para os mariñeiros de Cambados de se referiren ás *cuadernas*:

Tumbada, quilla ó aire,
desfaise no areeiro a vella dorna.
Groria e relembro dos lonxanos días
nos que se déu ó mar como unha noiva,
repulida e locente das carenas,
ben presada de estopas,
a branca vela ó vento, cantareiro
nas atesadas cordas...!

(...)

Tumbada, quilla ó aire,
desfaise no areeiro a vella dorna...
Nunha cuaderna núa, apodrecida,
está pousada, inmobre, cavilosa
ollando a lonxanía,
como unha ibis sagra, unha gaivota.

Leiras Pulpeiro, como xa indiquei, cantara unha lancha que “avantaba sempre / contra ventos e mareas / anque o vento refoleuse”, pero que agora podrece no areal. En 1925 Manuel Antonio fará a “Elexía d’ a vella goleta”, a goleta varada, deitada ó sol, que reza “o seu remorso / de anónimos ventos e brétemas”.

No léxico mariñeiro arousán empregado por Cabanillas nos poemas das primeiras obras cómpre salientar formas como *marusía*, que introduciu no galego escrito e os tan comúns *salseiros* que introducira Leiras Pulpeiro, así coma o garimoso *vento mareiro*, que é o título dunha das súas emblemáticas obras e que aparece en diversos poemas e que Sarmiento introducira no galego escrito¹⁰. En Cambados o (*vento*) *mareiro* é un ventíño maino e leve

10 Na glosa da copla 18 (“S’ asenta no chan / ou sobre un penedo / e colle refolgo / co vento ma-

que vén do noroeste (da parte da Curota, no Barbanza), que na primavera e no verán sopra desde a mediodía á tardiña baixa. Outros ventos da obra de Cabanillas son o *nordeste* e, sobre todo, o *duro leste* e o *leste duro*, que tanta fame ten traído no litoral atlántico galego.

No soneto “A ribeira de Cambados” de *No desterro* (1913) as dornas “gañan porto bolinando” e a dorna do poema “Mariñeira” de *Vento mareiro* (ed. 1921) leva “a vela a catro rizos, bolinando, coa quilla descuberta”, que son as primeiras documentacións do verbo *bolinar* na historia do galego escrito. Castelao emprega en 1944 a variante *bolineando* en *Sempre en Galiza* (“e se o vento se pón de proa e temos que perder moito tempo bolineando, entón cumprirá baixar a vela e botar man dos remos”). En Cambados dise *bolinar* e *andar bolinando*, pero máis popular é *voltagbear*, termo que tamén se usa no Porto do Son.

Cando o vento vén pola proa do barco, hai que navegar *en bolina*¹¹, isto é, navegar en zig-zag para colle-lo vento non directamente pola proa, senón de costado na amura, de xeito que o barco ofrezca menor resistencia á forza do vento. É algo semellante ó que se fai cando se sobe unha costa moi empinada, pois procúrase ir en zig-zag para ir superando a pendente. Cando se *voltagbea* hai que cazar de todo a escota, cinxirse ó vento cun ángulo pequeniño e ir bordeando para caer onde vén o vento. O mariñeiro sabe que o vento de popa (e en dorna de escarva aínda se velea mellor co vento de través) axuda a ben navegar, mentres que o vento de bolina, o de proa, dificulta considerablemente a navegación. De aí que, en terra, se poida escoitar unha frase como *por unha hora en popa, un ano en bolina* con que un patrón de Leiro (Rianxo) se refería ás dificultades que tivo para curar unha enfermidade venérea provocada despois de visitar un prostíbulo¹².

Un mar e un léxico diferente do das primeiras obras é o que se aprecia na obra *Na noite estrelecida* (1926), onde Cabanillas galeguiza o tema artúri-

reiro”) do *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) de Sarmiento, verbo do verso final dise: “Fácil, de *ventus*, y de un adjetivo de *mar*, *marinus*, *mareno*, *marero* y *mareiro*. Dice que la gente cuando llega a aquel sitio, no sólo descansa y respira, como sucede tierra adentro, después de la subida de una penosa cuesta, sino que también respira, o toma huelgo (*folgo* y *refolgo*) con la aura suavísima que viene del flujo del mar, o con el aire de marea al cual llaman *vento o ventiño mareiro*” (Sarmiento 1970: 207).

11 Cabanillas usa a expresión *en bolina* en 1949 nun poema de *Camiños no tempo* (“En bolina chega o fuste de Pedro de Tavares”). Pondal introducira *de bolina* en 1886 nos *Queixumes dos pinos* (“De bolina, tesa a escota / que os ventos subir fan, / o courel debaixo da auga...”). Variante da forma pondaliana rexístranse en Dieste (“Bolina pechada” en *A fiestra valdeira* 1927), Cotarelo Valledor (“embarcación en bolina” e “ir en bolina” en *Beiramar* 1931) e Neira Vilas (“irse á bolina” en *Galegos no golfo de México* 1980), ademais do citado de Cabanillas.

12 A frase recolleuna Borobó, antes de 1936, e foime fornecida polo propio Borobó en xuño do 2001.

co, pois a espada Escalibor procede da illa de Sálvora, Galahaz vén a Galicia ó Cebreiro na procura do Graal e na illa de Sálvora está sepultado o rei Artur. Nas sagas desta obra non hai barcos nin dornas, senón *barcas* e *naves*, misteriosas embarcacións que navegan por un *mar raso*, como a *barquiña* de Galahaz. As embarcacións atracan á *luzada*, voz dos mariñeiros de Cambados (e doutras vilas arousás como O Grove ou Rianxo), que se usa para indicar unha tenue claridade que está entre a cos da noite e o amencer.

As barcas de *Na noite estrelecida* deixan *ronsel* no mar raso, mentres que a traíñeira ou a dorna das primeiras obras de Cabanillas deixaba *estela*, que é como en Cambados se denomina o fío de auga que vai quedando pola popa do barco.

Na lingua das sagas non hai a forma *cón*, que se rexistra en *No desterro* (1913) e *Vento mareiro* (1915) e que é forma normal na Arousa para a denominación dun penedo tanto da ribeira como do monte¹³, que Pintos introducira no galego escrito¹⁴. Agora Cabanillas prefere a forma galega “literaria” *penedo* e, sobre todo *rochedo(s)*, que nalgún caso Cabanillas usa para as grandes pedras do mar, coma no caso de Sir Gawaine, que levaba “vinte anos / sobre un rochedo da praia, / batido pol-os salseiros”. Cabanillas volverá usar *rochedo* en *Camiños no tempo* (1949) e en *Samos* (1958), o seu derradeiro poemario, pero poucos destes rochedos teñen relación co mar¹⁵.

2.4. As araxes e xerfas de Rafael Dieste

Mar hai na peza teatral *A fiestra valdeira* (1927), do rianxeiro Rafael Dieste (1899-1981), que se desenvolve na casa dun indiano que fora mariñeiro, na vila natal do protagonista, da que non se di o nome, pero moi probablemente se trate de Rianxo. A paisaxe mariña visible na obra é unha ribeira e un porto pintados como fondo dun retrato do indiano, pero na obra unha das grandes innovacións é “a vivencia do mar, que o sitúa cun valor semellante ó de calquera dos personaxes principais” (Vilavedra 2000: 211).

13 No diccionario da RAG (1997) dise que o *cón* é ‘pedra de gran tamaño, especialmente a que se atopa nas proximidades da costa e sobresa da superficie da auga, ás veces só cando baixa o mar’; e no Xerais (2000) é ‘penedo, xeralmente apuntado ou escarpado, situado na beira do mar ou na tona da auga; cabezo, pena’.

14 Antes de Cabanillas as únicas documentacións de *cón* están nos pontevedreses Pintos (*A gaita gallega* 1853) e Lois Estévez (*Estrugas* 1884, *Burbujas* 1889).

15 As primeiras documentacións de *rochedo(s)* corresponden a Álvarez Novoa (*Pé das Burgas* 1896, con catro rexistros) e Cabanillas (*Na noite estrelecida* 1926, con oito rexistros).

No léxico hai formas que son comúns no falar da xente do mar galego (*amura de proa, chicote, escota, surada, rapaz d'abordo...*), pero tamén hai léxico propio da Arousa e de rías veciñas (*ir á ronsa e rifar* referido á ruptura das velas polo vento, *gamela* e *dorna* e os desaparecidos *pataches, pailebotes* e *balandros*) e léxico propio de Rianxo como *peirán*, que tamén empregan os rianxeiros Castelao e Manuel Antonio, e o manuelantoniano *ronsel*.

Nos contos de *Dos arquivos do trasno* (1962), subtitulados *Contos do monte e do mar* na edición de 1926, os protagonistas xeralmente viven nunha vila mariñeira ou no rural costeiro. Nalgún dos contos de ambiente mariñeiro, aínda que non hai localización xeográfica, certo léxico lévanos a Rianxo. Así, na “Hestoria dun xoguete” hai *araxe*, que en Rianxo designa un ventíño suave e agradable que en verán vén do mar (a *araxiña* de Castelao) e están as rianxeiras *melfas* no canto do culto *medusas*; e en “Pampín” hai *peirán, rafegas de vento mareiro* e *gavotas* e formas comúns no léxico do mar como *sueste* ‘gorro da roupa de auga’, *ribeira, lanchas* e *gamela*.

O derradeiro conto “De como veu a Rianxo unha balea” ten como paisaxe as augas arousás de Rianxo e Vilanova. E entre outro léxico están a *foula*, tan de Manuel Antonio, que introducira Eugenio Montes no galego escrito, e mailo mencionado *peirán*.

A prosa xornalística de *Antre a terra e o ceo* de Dieste introduce no galego escrito formas mariñeiras con moitas ocorrencias na Base de Datos Lexicográfica do ILG. É o caso, entre outras, de *xerfa* (tamén usa *serfa*) ou *proel* en textos de 1926 e de *singladura*¹⁶ en textos de 1927. A forma *xerfa*, que ten en Dieste, en Filgueira (*O vigairo*, 1927) e en Manuel Antonio (*De catro a catro*, 1928) as primeiras documentacións do galego literario e que foi moi usada na lingua literaria da posguerra¹⁷ non parece ser forma da Arousa, e particularmente de Rianxo, de onde procede moito léxico de Dieste e de Manuel Antonio.

Como non conseguín documentalala na fala mariñeira de Rianxo (e tampouco na da Illa da Arousa nin na de Cambados), creo que Dieste puido to-

16 A primeira documentación de *singradura* é de Bouza Brey (*Seitura* 1955).

17 Na posguerra vaise rexistrar en Carballo Calero (*Anxo da terra* 1950), que a usara nos anos 30 en *Vieiros* (1931) e *O silencio axionllado* (1933). Hai *xerfas* en moitas outras obras, entre elas, os poemarios *Fabulario novo* (1952) de Cuña Novás e *Mesteres* de López Casanova (1987) e a novela *Bretaña, Esmeraldina* (1987) de Méndez Ferrín, con sete ocorrencias en cada unha destas obras. Tamén hai *xerfas* nun poema de 1959 de Avilés de Taramancos (*O tempo no espello* 1982), nos poemarios *Os laberintos da xerfa* (1985) de Rodríguez Barrio e *A caneiro cheo* (1986) de González Tosar e na prosa de *O enxoval da noiva* (1988) de Víctor Freixanes e en *Arraianos* (1991) de Méndez Ferrín.

mala do *Vocabulario popular castelán-galego* (1926), auspiciado polo Seminario de Estudos Galegos, da autoría de Filgueira, Tobío, Magariños e Cordal. A *xerfa* do *Vocabulario* do SEG, que é a primeira documentada na lexicografía galega, definíase como 'superficie, en particular del mar. Fajas espumosas que se forman cerca de la costa'. Posteriormente esa forma terá a súa entrada no *Diccionario castelán-galego* de Leandro Carré (1928-31), onde se define como 'superficie espumosa del mar que se extiende en fajas en las proximidades de la costa por efecto de las rompientes'¹⁸.

2.5. O mar sen ribeiras nin costas de Manuel Antonio

Encheremol-as velas
c'a luz náufraga da madrugada
Pendurando en dous puntos cardinaes
a randeeira esguía
d'o pailebote branco
C'as suas mans loiras
acenan mil adeuses as estrelas
Inventaremos frustradas descubertas
a barlovento d'os horizontes
pra acelerar os abolidos corazóns
d'os nosos veleiros defraudados.

Así comezaba o vangardista poemario *De catro a catro* (1928), o único libro que en vida publicou o rianxeiro Manuel Antonio (1900-1930). Cando se editou, o seu amigo Otero Espasandín comentaba na revista *Nós* que o libro era "antes de nada, a revelación dun mar non visto aínda por ninguén. Un mar puro, sin ribeiras nin costas, perdido entre costelaciós" (Pena 1996a: 173).

Moitos anos despois Carballo Calero (1981: 695) diría que se trata de "un mar visto cunha óptica desrealizadora, que o fantasmagoriza. É un mar preferentemente nocturno, sobre o que paira un ceo cintilante de estrelas. Mais estas mariñas intertrocan olas e nubes, mastros e astros, nunha anxélica confusión". Segundo Pena (1996b: 27) neste poemario non estamos ante unha "contemplación pousada e decorativa das ondas, do solpor ou dos veleiros"

¹⁸ Esta definición tomada de Carré aparece nas contribucións léxicas de Aníbal Otero (Santamariña 2001) e semellante é a do *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (1958-1961) de Eladio Rodríguez.

nin con mariñeiros románticos nin con “exóticos horizontes tecidos de aventuras”, senón que Manuel Antonio o que fai é deseñar “un espacio, á vez, infinito e pechado en si mesmo. Infinito, por canto o mar adquire en *De catro a catro* unha dimensión cósmica”.

A navegación é omnipresente no caso de *De catro a catro* (1928) –en adiante *Catro*– ben sexa unha navegación a ningunha parte nun pailebote ó pairo (a “viaxe oximórica” de Elvira Souto 1991), ben sexa unha navegación cara a Ítaca-Rianxo. Carballo Calero, tal como lembra Capelán (1996: 34), cualificara en 1933 de “odisea lírica” a obra de Manuel Antonio. Para Álvaro Cunqueiro o poema “Adeus”, o derradeiro de *Catro*, é “un dolorido, melancólico regreso a Ítaca”, un dos máis fermosos da nosa lingua (Capelán 1996: 44). Para Helena González (1993: 47) o mar na obra de Manuel Antonio “aparece sen idealizacións, desde dous puntos de vista distintos: desde dentro, en *De catro a catro*, e desde a ribeira, especialmente en *Viladomar*”. Pese tanto mar explícito e implícito, considero ben atinada a apreciación de Axeitos (Manuel Antonio 1992: XVIII) de que non é un poeta do mar, senón que o mar –esa “illa d’auga rodeada de ceo por todas partes”– era o medio para manifesta-las arelas de liberdade que procuraba este anarco-nacionalista¹⁹.

Na navegación por ese mar “sin ribeiras nin costas”, en veleiro e en pailebote, Manuel Antonio emprega a terminoloxía relativa á vela e a accións relacionadas coa navegación a vela, como a *driza* en *Foulas* e a *escota*, o *penol* e o *mastro* en *Catro*; accións como *cazaremol-a vela* (os mariñeiros da Arousa *casan* a escota, recóllena) e *desarbolar* (derriba-los mastros onde están as velas) en *Catro* e *rifar* (rompe-la vela) en *Viladomar* (“Boca-ruas d’a noite / onde busca o Nordeste / outra vela que rifar”), o mesmo *rifar* de *A fiestra valdeira* de Dieste (“Aquela noite o vento rifou as velas”). Trátase do léxico da fala dos mariñeiros de Rianxo, agás unha forma como *mastro*, que debeu tomar do portugués, porque en Rianxo dise *palo*, como noutras vilas costeiras; pero si tomou da xente do mar da súa vila *leme* (para *timón*), que é a forma característica do dominio portugués (Alvar 2 1985: 1015) e de gran fortuna no galego literario; *melfa(s)* en *Foulas* e en *Viladomar*, para calquera tipo de medusa; *rafega* en *Foulas*, en *Catro* e en poemas soltos, forma moi rianxeira para designar un refacho de vento; e *araxes* en *Foulas*.

19 Ademais de *De catro a catro*, un mar case sempre raro e fantasmagórico, unha paisaxe mariña nunca vista e sen sentimentalismos aparece noutros moitos poemas, como “Mariña-noiturno” (1921) de *Con anacos d’o meu interior*; “O mar (relanzo)” e “Dispois” de *Sempre e mais dispois* (1923 ?); “Foulas” (1924), “As melfas” (1923), “Mariñeiro d’a Ría” (1924), “Medalla d’a brétema que se pieita n-os cons” (1924) e “Vento ó mar” (1925) do libro *Foulas*. E o mar está presente en moitos versos dos outros poemas destes libros, nos ronseis, afogados, aboiare e naufraxios, a carón de estrelas e de luceiros que axudan na navegación. Son os mesmos elementos da vida diaria dos mariñeiros de calquera litoral.

Dos mariñeiros de Rianxo é a forma *peirán*²⁰ de *Catro*, que en principio era unha pedra para atracar un barco. Tamén é rianxeira a *mareta* de *Catro*, para designar ondas pequenas que vai producindo o barco a medida que se vai afastando, e *foulas*, tamén de *Catro*, de *Foulas* e dun poema de 1925, para designa-la escuma que a dorna fai pola proa ó ir vogando (en Manuel Antonio hai dornas como nos demais poetas vangardistas da época) ou a escuma de calquera outro barco, mesmo a motor. Outra forma moi rianxeira (e moi de Manuel Antonio) é *ronsel*, que en principio designa un fío de agua que deixa o barco pola popa. Logo ancheouse semanticamente e hoxe está incorporada plenamente ó vocabulario do galego común con acepcións figuradas.

Hai palabras de Manuel Antonio que se rexistran noutros portos do Mar da Arousa e noutras falas mariñeiras galegas, como *pailebote* de *Catro*, bote de dous ou de tres “palos” usado na Arousa (e fóra da ría) para transportar mercadorías; *paquebote* de *Catro*; *mascato* de *Con anacos d'o meu interior*, ave moi apreciada polos mariñeiros que na ría traballaban de día ó caldeo da raba, porque ó tirarse ó mar a súa presenza era claro sinal de que alí había sardiña ou outro peixe, aínda que en Manuel Antonio o *mascato* estaba pousado “n-a cruz d'un navegante”; *balizadas* de *Catro* e *enmallar* de *Catro* (“enmallados n-a rede sonora / d'os cordaxes ereutos” e “Pero nunca s'enmallou / n-a falsa rede d'os mapas celestes”) e de *Viladomar* (“para enmallar ao serán / o lance sumiso de dornas e gavotas”). A consulta da Base Lexicográfica do ILG permite apreciar que todo este léxico mariñeiro apareceu no galego escrito por primeira vez na obra de Manuel Antonio. Outras formas xa foran introducidas con anterioridade, como os galicismos *chicote* e *balar* de *Catro* (“Halaremos pol-o chicote / d'un meridián innumerado”) ou formas con orixe en linguas xermánicas, co francés como intermediario, como ocorre cos nomes dos puntos cardinais e de ventos, como *nordeste* en *Viladomar* e *norte(s)* en diversos poemas.

Nun poema de *Viladomar* usa a forma *mallante* que, en principio, designa a liña de broza que forma o mar na area da ribeira ou da praia e que indica ata onde subiu a marea. Tal como me indicaron en Rianxo, a *mallante* é o lugar “onde malla e bate o mar, e nótase na porquería que deixa na praia”²¹. É termo hoxe vivo en Noia e en Muros e tamén na fala mariñeira de

20 Hai uns anos os vellos en Rianxo dicían *peirao* mentres que a xente nova dicía *peirán*.

21 No seu *Vocabulario* Pintos (1865) ten unha entrada *mallante*, que define como ‘La línea de broza que forma el mar en la ribera, que indica hasta donde llegó la creciente’ (p. 99). Pintos era natural de Pontevedra, pero viviu uns anos en Cambados onde exerceu como xuíz, e aí puido ter oído ese termo. No *VOLG* (1989) hai unha entrada *mallante* como forma masculina, e co mesmo xénero aparece no diccionario de Estravís (1995), onde se define como ‘liña de

Baiona (fem.), pero descoñecido da batida Costa da Morte. En Cambados úsase a variante a *mallente*, tamén feminina como en Rianxo, que en Cabanillas ten varios rexistros (Fernández Rei 2000: 95-96).

Manuel Antonio é o primeiro en usar termos técnicos ou científicos relacionados coa navegación do barco como *radioescoita* nun poema de 1925 ou *morse* en *Catro*, o sistema de telegrafía eléctrica a base de puntos e de raias creado por Samuel Morse; *rosa dos ventos* en *Foulas*, en *Catro* e en poemas de 1925 e 1929; *roteiro* en *Catro*; *meridián(s)* en *Foulas*, en *Catro* e nun poema de 1928 e *desacomparar* en *Foulas*.

Tamén é o primeiro en usar no galego escrito termos mariñeiros como *penol* en *Catro* (“O sol era un paxaro triste que se pousaba no penol”), que é parte da vela; o galicismo *rol* en *Foulas*, libro no que figuran os mariñeiros que traballan nun barco; o lusismo *caís* en *Viladomar* e nun poema sen data, para referirse a un peirao de atraque dos barcos; e as formas verbais *emproáramos* e *desatracou* en *Catro*, entre moito outro léxico común. E é o primeiro que usa no galego escrito *barlovento* (co *lo* escandinavo) en *Catro* e *Viladomar* e o catalanismo *sotavento* en *Catro*.

2.6. Os tombos e os coídos de Zapata García

A Costa da Morte, e particularmente Laxe, están presentes en moitos versos do poemario *A roseira da soidade. Poesías galegas* (1957) de Antón Zapata García (1886-1953). O prologuista Otero Pedrayo sinalaba que a existencia dun “pneuma argonáutico sinon precisamente ulisaico nalgúns poemas mariñáns de Zapata e seus apaixonados periplos da costa bergantiñán pois sempre as vellas e labouradas testas dos promontoiros axexan e víxian como rexas esculturas da idea fonda, lonxáa e consoadora das ‘Matres’ galegas” (p. 15).

Na paisaxe mariña de Zapata están as laxenses Pedras de Besugueira (“lambidas pol-as olas e os algazos / que as fortes maresías, do coído / trouxeron ao relanzo”), os baixos do Roncudo de Corme, os cabos da costa da Morte cos seus faros (“Diante das crucelladas dos baixíos / fronte aos cabos que afían seus penedos / –Tourináns e Fisterras, / Ortegales, Viláns e Currubedos–”) e a vila de Laxe, que se espella “n-as ondas tranquiás, coor tur-

pequenos resíduos que fica na praia ao baixar a maré e indica até onde chegou a água’. No Xerais (2000) *mallante*, tamén masc., na acepción 1 é ‘liña formada na praia por xebra e restrobaldos do mar que marcan o punto ata onde subiu a marea’ e 2 ‘punto máis alto ata onde chega a marea’. Non hai entrada no RAG (1997).

quesa / pieitando os seus cabelos de ourífica finura”, con praias que en verán son leitos de puntillas onde seestean “as peixadoras quillas / sin relembrar nortadas, trebóns e furacán”.

No léxico de Zapata hai as *ondas* medievais, as *vagas* e *vagallóns* de Leiras, pero tamén os fisterráns *tombos* (“tombos galgantes e ruxintes, con louco revoar”), as grandes vagas que se producen cando hai mar picado e que rompen nos baixos ou nas praias e que usaran os muxiáns Victoriano Abente e Gonzalo López Abente²². Tamén hai moitos rexistros de *furnas*, de moita tradición poética (Pondal, Leiras, Cabanillas, Manuel Antonio...) (e *furnals* e *furnales*, que só se documentan en Zapata). Usa o literario *rochedo* de Cabanillas e a forma popular *coído*, propia da Costa da Morte (e da zona de Muros) para designar pequenas enseadas con pedras traídas polo mar, que tantas veces vimos ennegrecidas polo galipote do Prestige. Antes de Zapata só López Abente, de Muxía, empregara a forma *coído* na obra *O novo xuev* (1922).

No poemario *A roseira da soidade* hai diverso léxico con tradición literaria como a *ardentía* de Lugrís e outros, o *argazo* introducido por Sarmiento en 1746, o *courel* introducido por Pondal en 1886 e os *refachos* e formas relativas ó vento (como *nordés*, *nordesía*, *nortada*), pero outro é introducido por el, como o *socheo* da marea, *velear* para navegar en vela ou *sueste* para o gorro da roupa de augas. Para a xente do mar usa *peixeiro*, introducido por Rodríguez López en 1908, e o *pesco* introducido por Sarmiento en 1746, xunto con *peixador* e *peixadora*, que só el usou ata agora no galego escrito, ó igual que só nel se rexistra o verbo *peixar* ‘pescar’.

Para Carballo Calero (1981: 607), o galego vivo do poeta de Laxe “é rícaz, especialmente en termos náuticos, e se a el se houbera atido, houbera logrado unha linguaxe propia, precisa i enxebre”, pois cando Zapata escribe versos de tema mariñeiro “logra os seus mellores momentos”.

2.7. *A ardentía e a goldrúa do mar de Cangas de Bernardino*

O mar, a ría de Vigo e a vida mariñeira do Morrazo están moi presentes na obra de Bernardino Graña (1932), de Cangas, “poeta do mar por excelencia” en palabras de Fernández Naval (1999: 28). Hai moito mundo do mar nos versos dos poemarios *Profecía do mar* (1966), *Non vexo Vigo nin Can-*

²² Antes de que Victoriano Abente usara *tombo* en 1881 (“tombos de mar fervendo”), Xoán Manuel Pintos introducira a variante *tumbos* en 1853 (“os tumbos [da Lanzada] que escumaban a cachóns”).

gas (1975) e *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen* (1980), recollidos todos en *Ardentía. Obra poética completa* (1995).

En *Profecía de mar* o mar “convértese na materia proteica, a xeradora de vida, e o monstro máis destructor é o home, un estranxeiro dese cosmos orixinal e total, que abala entre atracción e medo” (Vilavedra 2000: 385). Trátase do primeiro libro onde a dura vida da xente mariñeira, a xeito de épica de loita co medio, se converte en protagonista de denuncia. Ós mariñeiros de Cangas, Vigo, Bueu e Baiona dedicara Manuel Cuña Novás o poema con mar “Trebón perpetuo” de *Fabulario novo* (1952).

Na “Oda ós mariñeiros de Cangas” de *Profecía do mar*, xunto coa xeografía mariña onde traballan os mariñeiros de baixura desa vila (a ría de Vigo e as Cíes, os baixos de Biduído, a punta de Sobrido de Cangas na boca da ría, o Cabo de Home xa no Atlántico mar aberto...), Bernardino emprega léxico moi mariñeiro propio do Morrazo, que aparece explicado nun glosario preparado polo autor co que se fecha a obra, incorporado ó apéndice do dicionario de Eladio Rodríguez. Así comeza a “Oda”:

Polo escuro do mar que vos contruba
aínda hai peixes de lus nos seus abrigos,
mariñeiros de Cangas, meus amigos,
meus irmáns de salitre e sol e chuva.
Solte a ría un exército de naves,
mariñeiros de Cangas, traede as liñas,
que, anunciando o fumazo das sardiñas,
polos cons e cabezos cantan aves.

Hai termos sobre a configuración do terreo como *baixos*, que son a parte próxima á costa con pouco fondo que fai difícil o paso dos barcos, e *sorríos*, que son fondos mariños, partes somerxidas da costa; e hai termos relativos ás pedras como *cabezos* e *cons*. Estes son as pedras da ribeira e dos arrecifes, de forma máis ou menos redondeada e que se amorean sobre outras pedras, sen base firme no fondo do mar, mentres que o *cabezo* é unha pedra que sobresa e como unha cabeza da superficie e que ten a base no fondo do mar e non sobre outra pedra como o *cón*. Outro léxico ben mariñeiro desta “Oda” refírese ás augas; é o caso de *espumallo* en referencia á espuma fresca do mar que xorde das ondas e da rompente ou o de termos como *ardentía* para designa-la fosforescencia ou luminosidade das augas do mar ó seren removidas por “noctilucas” e que se dá nas noites sen lúa; ou a voz *fumazo* (con seseo de Cangas) para o manchón que a sardiña ou outro cardume calquera produce no mar especialmente nas noites de ardentía. Formas como *sorrío*, *cabezo* e *fu-*

mazo, que Bernardino usa en obras posteriores, teñen escasa documentación no galego escrito²³.

No léxico da fauna e flora mariña aparecen nesta oda formas propias do Morrazo como *cercella*, *aguaneira* e *carrumeiro*, que Bernardino introduce no galego escrito. A *cercella*, que só se documenta en Cangas, é a *gradicella* de mariñeiros da Arousa e da ría de Pontevedra e a *tallante* (ou *tixeira*) da Costa da Morte, que en moitos portos se denomina co castelanismos *estrella (de mar)* (Fernández Rei 2002: 181-184); a *aguaneira*, que tamén se oe á xente de Mogor-Marín, é a *melfa* dos rianxeiros Manuel Antonio e Rafael Dieste e a *medusa* xeral no galego literario; e o *carrumeiro*, alga mariña de talo longo e grosso e de cor acastañada segundo Bernardino (s. v. *carrumeiro* no glosario de *Profecía do mar*), rexístrase en obras literarias como *Antón e os inñocentes* (1976) e *Breña, Esmeraldina* (1987) de Méndez Ferrín e *Beiramar* (1983) de Martínez Oca. Noutros puntos da ría de Vigo como Bouzas ou Cesantes o *carrumeiro* equivale ó *algazo / argazo* da Costa da Morte e do Cantábrico galego, ó *golfe / golfo* de puntos da costa entre Portonovo e Cedeira e ó *golfeiro* de Cangas e Mogor-Marín (Ríos Pannisse 1983: 59-62). E na "Oda" Graña usa o catalanismo náutico *avante* tan común nas falas mariñeiras, que xa usaran, entre outros, Cabanillas, Cotarelo e Bouza Brey.

No que respecta ó léxico do movemento da auga noutros poemas de *Profecía do mar*, ademais de *ondas* hai *vagadas*, que son ondas grandes, anchas e lentas e sen espuma que se producen cando hai mar de fondo; e hai *aguación*, que designa a corrente mariña e a resaca ("vexo o arneirón durísimo a cercella / o rodaballo o muxo ventre en prata / i as aguacións que se erguen medoñentas"). Hai ademais *babexiña*²⁴, que é a espuma que forma a auga do mar na beira os días de calma, e *goldría*, que é resaca forte e mailo remuíño da auga nas pedra que arrastra espuma e substancias como algas e area. E rexístrase *rosel* (o *ronsel* de Manuel Antonio) para o sinal, marca ou manchón que deixa no mar un barco ó pasar, un cardume ou calquera cousa que escorregue pola auga (mesmo unha onda) especialmente nas noites

23 *Sorrío* é termo introducido por Bernardino no galego escrito, mentres que *cabezo* ("frotando no cabezo do río") xa o usara García Paz (*IV Melodía* 1935) e *fumazo* fora introducido por Cotarelo (*Beiramar* 1931) na frase "fumasos que esparesen as gaivotas".

24 En Cambados chámase *babuxa* a escumiña que vai facendo a auga na area seca a medida que vai enchendo o mar. No Xerais (2000) a entrada *babuxa* refírese á chuvia miúda e pouco intensa, sen unha acepción mariñeira, mentres que en *babuña* a acepción (2) 'escuma que se produce na superficie da auga' debe referirse á auga do mar. No RAG (1997) a acepción 4 de *babuña* refírese ó mar ('escuma, polo xeral mesturada con residuos, que queda na praia ó baixa-la marea'), e *babuxa* defínese como babuña, acompañada de dous exemplos que corresponden á acepción de cuspe (1) e á de chuvia fina (2) da entrada *babuña*.

de ardentía. *Aguación*, *babexiña* e *goldría* son voces introducidas por Bernardino, mentres que *vagada* fora usado por Aquilino²⁵.

Na “Carta a Tío Emilio e aos seus compañeiros, os mariñeiros de Cangas” de *Non vexo Vigo nin Cangas* (1975) aparecen termos para accidentes xeográficos como *congorsa* para un lugar intrincado e labiríntico, encaixonado a xeito dun pequeno refuxio onde entra o mar e que pode ter unha praia; e voces para as augas como *roncallo*, onda producida polo vento que avanza rectilínea e en paralelo á costa, con cresta de espuma e con moita forza. E nesa “Carta” ó vello mariñeiro de Balea zoa o arousán *vento mareiro* de Cabanillas. *Congorsa* e *roncallo* teñen en Bernardino a primeira documentación no galego escrito²⁶.

Na composición “Pregunto aos homes e ás mulleres do noso mar” do mesmo poemario, Bernardino diríxese ás mulleres e ós homes galegos que viven do mar, do Cantábrico e do mar Ártabro, da Costa da Morte e das rías Baixas, a xente que anda ó marisco nos areeiros, cons e praias e a que pesca coa ardentía e a que traballa nos *laños*. Esta voz xa aparecía en *Profecía do mar* para se referir ós pozos entre pedras e argazo onde abundan familias de peixes.

2.8. Cabernas de arca e cabernas de couso en Méndez Ferrín

Na prosa e na obra poética do ourensán Xosé Luís Méndez Ferrín (1938), que vive en Vigo desde hai anos, rexístrase moito léxico mariñeiro. Nuns casos son primeiras documentacións na historia do galego escrito, pero en moitos outros trátase de formas que tiñan escasas documentacións e que el contribuíu a difundir no galego literario.

Todo é mar (de baixura) no longo poema “Ós líderes mariñeiros que fuxiron na dorna e morreron no Atlántico, lonxe do terror” (1967), incluído na *Antoloxía poética* (1972) asinada co heterónimo Heriberto Bens, que era da Arousa, nado nunha familia protestante de pequenos armadores, segundo conta Ferrín na “noticia” do autor desa antoloxía que figuraba a xeito de prólogo en *Poesía enteira de Heriberto Bens* (1980).

Nos primeiros versos da parte III dese poema hai diverso léxico das partes da dorna que Ferrín introduce no galego literario e que volverá usar tanto na obra en verso como en prosa:

25 En *De día a día* (1960) de Aquilino Iglesia Alvariño lese “na vagada salgada que os coídos desfai”.

26 *Roncallo* non referido ó mar foi usado antes por Blanco Amor (*Xente ao lonxe* 1972).

E a dorna desperezou os longos remos.
 Os longos remos sobre as remadoiras do medo.
 O medo, coma un estrobo, enguedellouse na caberna.
 Na caberna de arca,
 na caberna de couso.
 Dende a roda de proa ás rabeiras de popa.
 O bateren as pás sobre as vagadas avesedas,
 a dorna era un grande arau ferido, unha
 gaivota agoniada, ave crebada.

En 1965 Ricardo Mora editara *Hombres y dornas*, con ilustracións cunha relación completa das diferentes partes da dorna e dos seus aparellos principais, tal como se nomeaban nos anos 60 no concello de Ribeira. E Heriberto Bens debeu coñecer esa obra de Mora, na que recoñecería a nomenclatura da dorna carreirana propia do costado de noroeste da Arousa (a “Arousa Norte”), de onde era Heriberto.

A *arca* (banda de estribor) e o *couso*²⁷ (banda de babor²⁸), a *caberna de arca* e a *caberna de couso*, as *remadoiras* onde van os remos e a *roda de proa*, que é a peza vertical grosa e curva que forma a proa do barco, unida á quilla e da que arrincan os costados das amuras, xunto con outro léxico da obra de Mora aparece no devandito poema de Ferrín²⁹.

As *cavernas* das dúas bandas da dorna (unha na banda de arca e dúas cavernas na de couso, con cadansúa *remadoira*) son unhas pezas onde se aplican os remos para vogar. A simple vista pode parecer que nunha dorna as *cavernas* son continuación de *madeiras* ou *cuadernas* (así se chaman en falas mariñeiras da Arousa e de Fisterra o que no galego estándar son *cadernas* e en portugués *cavernas*) que sobresaen do corredor; pero non é así, xa que tódolos *madeiras* ou *cuadernas* van desde a *quilla* á parte de abaixo do

27 Os nomes *arca* e *couso* característicos de Ribeira (e do Porto do Son) para os nomes das bandas da dorna puideron tomarse de puntos xeográficos da boca da ría da Arousa, a punta da Arca e os diferentes microtopónimos Couso que hai na illa de Sálvora e no veciño Aguiño (Páramo Aller 1991: 11-12), hipótese que me parece plausible.

28 As formas *abor* e *estribor* foron introducidas por A. V. T. nun poema publicado no periódico coruñés *A Fuliada* (1888):

“(…) un corpo qu’ así se move
 (despensar ó movemento)
 dende babor á estribor,
 cal o pino cimbra ó vento (...)”.

29 Non están documentadas no galego escrito antes de Ferrín, agás a *remadoira* en Dieste (*A fies-trá valdeira* 1927) e *arca* referida ó panel do barco (“a sardiña caíndo no panel da iarca, bulindo, escintilando”) en *O Vigairo* (1927) de Filgueira Valverde.

corredor, mentres que as tres *cavernas*, que sobresaen da *obramorta*, pasan o *corredor* para iren cravadas en cadansúa *cuaderna* ou *madeiro*³⁰. Esas *cabernas* aparecerán no “Colofón” de *Estirpe* (1994).

A *arca* e o *couso* rexístranse en obras de Ferrín de 1976, no poemario *Con pólvora e magnolias* (“e pon, de arca e couso, pequeniños / lumes azúis e brancos de San Telmo”) e na novela *Antón e os inócentes*. Volverán a rexistrarse *arca* e *couso* na prosa de *Arnoia, Arnoia* (1985) e de *Breñaña, Esmeraldina* (1987), ó igual que *couso* aparece nun poema de *Estirpe* (“ordenoulle aos homes ciar todo de couso”)³¹.

Na parte IV do poema “Os líderes mariñeiros que fuxiron na dorna e morreron no Atlántico” Heriberto Bens usa léxico moi mariñeiro con tradición literaria. Unhas veces son termos de introducción recente como o *carrumeiro*³² e a *goldría* da *Profecía do mar* de Bernardino, mentres que outros tiñan moita tradición como o *verdello* e o *argazo* das Coplas de Sarmiento de 1746, o *argazo* dun poema sen data de Manuel Antonio e o *argazo*, o *bolinante* e o *socheo* de *A roseira da soidade* (1963) de Zapata García:

Nun momento preciso a dorna descendeu.
En circos de socheo foi caíndo na lenta
sonoridade mesta do verde mar en sombras

30 Na ilustración de Ricardo Mora (Páramo Aller 1991: 26) na banda de arca está a *caverna damura do meo*, que é a única dese costado do barco, mentres que na banda de couso están a *caverna damura do couso* e a *caverna do meo do couso*. Só hai tres *cavernas* na dorna: se quen voga é unha soa persoa, vai cadanseu remo nas cadernas da amura (próximas á proa), un en cada banda. De vogaren dúas persoas, un remo vai na *caverna damura do meo* e outro na *caverna do meo do couso*, tal como as denomina Mora. Na Illa da Arousa na dorna fálase de *vogbar* (e *sear*) de meo e *vogbar* (e *sear*) de couso, mentres que en Cambados, cando se anda nun barco de remos úsanse os termos *medio* e *couso* (*vóghase de medio e séase de couso*).

En Rianxo úsanse as formas *medio* e *couso*, coa expresión “arrímate a couso” mesmo en terra. No Son o *couso* é o remo de popa dos botes, que normalmente fai de timón. En Sada os nomes tradicionais do costado do barco son *couso* ‘babor’ e *asimán* ‘estribor’ (Ríos Panisse 1974: 186).

31 No galego non literario hai varios rexistros de *couse* (e a variante *couso*) e de *arca* en *As embarcacións tradicionais de Galicia* (1989) de Mörling, e en Ríos Panisse (1974) recóllese “banda de couzo ou de babor” da fala mariñeira de Sada.

Na lingua literaria, despois de Ferrín as inmediatas aparicións de *arca* e *couso* anoteinas en *Fins do mundo* (1974) de Bernardino (“berrábache cousas do mar: ‘¡Dálle de couso!’ ou ‘¡dálle de arca!’”), en *Xa vai o griffón no vento* (1984) de Alfredo Conde (“amura de estribor, que na súa terra chaman arca”), en *Patria do mar* (1989) de Darío Xohán Cabana (“Velaí que os irmáns en fráxil barca / saúdan o dador e cían de arca / proando cara a terra” e “sobre o mar navegando en fráxil barca / deixe as Sisargas pola banda de arca”) e en *Náufragos en terra* (1995) de Martínez Oca (“se che vou dicir a verdade nunca fun capaz de saber para que lado cadran nin babor nin estribor, nin arca nin couso”).

32 En *Arnoia, Arnoia* (1986) e *Breñaña, Esmeraldina* (1987) a forma é *carrumeiro*.

de carrumeiro, argazo, articulados cáncaros
torpes, antre un marmurio de goldría constante.

(...)

A dorna reclinada nun leito de verdello,
os homes reclinados para sempre na dorna
entraron no pastoso equilibrio das augas
escoltados das limpas falanxes con escama:
lorchos coma demiños, serráns, luras, escachos,
sardiñas camaradas en masa sen descanso,
robalos bolinantes. (...)

Na serie de poemas “Quai des Brumes” de *Estirpe* (1994) Ferrín mistura a intrahistoria con libros de aventura da mocidade, co que crea unha xeografía fantástica con personaxes literarios e reais, navíos históricos e naufraxios famosos, que na clausura se presenta como relato ficticio das tabernas mariñeiras da ría de Vigo (Vilavedra 2000: 190). Por eses poemas andan o pirata Benito Soto e o seu barco “La Burla Negra”, o pailebote “Constantino Candeira” no que Manuel Antonio escribiu *De catro a catro*, Ulysses Fingal, os mariñeiros de Malpica que andaban ás *crebas*³³ e fixeron ceifa nos dentes de ouro dos afogados e o piloto, o gaviro e o rapaz de Manuel Antonio.

E no remate de “Quai des Brumes” hai un texto de referencia-homenaxe ós dous grandes “poetas do mar” do século XX, o Bernardino das tabernas de Cangas e o Manuel Antonio das paipas e do ademán políglota das bandeiras:

Daquela foi cando o patrón da lancha xeiteira
ordenoulle aos homes ciar todo de couso,
pero isto é unha estoria de arroaces insomnes
que inda non foi contada nas tabernas de Cangas
Entrementres
tatezan as paipas co ademán políglota das bandeiras

As augas da Arousa (“enxel mar da Arousa”) e a chamada guerra da traíña de comezos do século XX entre os xeiteiros e os conserveiros cataláns es-

33 As *crebas* son refugallos que o mar vai deixando nas praias, especialmente trozos de madeira que se collían para queimar, e se se trataba de táboas reciclábanse para reparar barcos. É forma viva da Costa da Morte, que anotei en portos como O Son, O Pindo ou Fisterra, que Johán Vilanova (*Pombas e gaviáns* 1934) introduciu no galego escrito e que ten en Méndez Ferrín as seguintes documentacións (*Bretaña, Esmeraldina* 1987 e *Estirpe* 1994, con tres e dous rexistros, respectivamente).

tán nas páxinas iniciais da novela *Antón e os inócentes* (1976). Esa guerra foi o comezo da desaparición de artes e barcos tradicionais, como *xeito*, *raeira*, *volantas*, *lanchas xeiteiras* (“de dúas proas, a vela e remo, con vinte homes a bordo”) e *racús* (“de proa e popa, máis longo e mariñeiro que a lancha”). E o uso de aparellos con *mallas fecheiras* e os tiros de dinamita fan que a *ardora* se desvíe máis e máis da costa.

Xunto a este léxico común da pesca de baixura, nesta novela Ferrín usa termos cultos como *âncora* (e non os *risóns* nin as *poutadas* das gamelas e barquiños de baixura) e formas insólitas no galego mariñeiro e no galego escrito como *carapao(s)*, que é como se denomina o xurelo na costa portuguesa, xa desde Caminha, pero non en ningún porto galego. Polo que me ten dito o propio Ferrín, en Vilanova dos Infantes, de Celanova, de onde procede a súa familia paterna, a forma común é *xerele*, pero tamén se usa *carapao*³⁴, termo seguramente traído por emigrantes no Brasil.

A guerra das trañas e a dinamita acabaron coa pesca, polo que moitos arousáns se viron obrigados a marcharen a Trintxerpe e de aquí ó Grande Sole, “o mar céltico, a lonxana terra irmán”. A épica dos mariñeiros galegos no mar de Irlanda está en moitas páxinas de *Antón e os inocentes*. Na prosa de *Breñaña, Esmeraldina* (1987), hai referencias a ese mar (“e as traineras cortando o mare céltigo con todo avante, Amaury”); e no poemario *Estirpe* (1994), na composición “Coma un arau corre a tormenta”, Ferrín trata o tema da internacionalización da frota deses caladoiros, con capital galego e doutros países:

Coma un arau corre a tormenta
o racú fantasma, finalmente acóllese
á Buraca do Inferno.
“Eu mirinno en Ons o día de Venres Santo,
inda se lía na ponte: “Norita”.
“E o folio?”
“O folio éralle de Brest, Don José María”.

Usa neste poema a forma *folio* como matrícula dun barco, que introduci-
ra Dieste en *Dos arquivos do trasno* (1962). Non hai acepción mariñeira na
entrada *folio* do dicionario da RAG (1997), pero si na acepción 4 desa en-
trada do Xerais (2000).

34 As restantes acepcións de *carapao* na Base Lexicográfica do ILG están en *Crónica de nós* (1980) de Méndez Ferrín e en *Os chapurros* (1983) de Martínez Oca.

2.9. *A singradura existencial de Xohana Torres no navío Lorref*

“Estacións ao mar” é o cuarto libro do poemario *Estacións ao mar* (1980) de Xohana Torres (1931), natural de Santiago de Compostela pero ligada a Ferrol na infancia e parte da mocidade. O mar é o principal protagonista deste libro de madurez, un mar ó que estivo unida desde moi nova por ser filla e muller de mariño e por ter viaxado por mar por Europa, Asia e África.

Segundo Vilavedra (2000: 187), este libro representa a presenza do mar na vida da autora, a esperanza da liberdade e a infancia e a mocidade en Lorref (anagrama de Ferrol), navío onde se atesoura a imperiosa necesidade de navegar:

Ouh, Lorref, corazón de navío,
 dique grande de todos.

 Ninguén retorna do gran reino do mar,
 mais dudo que en tí non flote
 aínda como unha rosa
 a vagabunda vocación do home.

A navegación, os afogados e a morte deste poemario vistos deste ese barco de terra que fai esquecer a ribeira (Lorref/Ferrol) lembran, en palabras de Vilavedra, o entramado simbólico-existencial do poemario *De catro a catro* de Manuel Antonio.

Sen embargo, no léxico dun e doutro poemario hai diferencias ben significativas, pois no poeta de Rianxo, á parte de termos náuticos técnicos, rexístrase vocabulario mariñeiro propio da Arousa e sobre todo de Rianxo, como antes indiquei, mentres que o vocabulario mareiro de “Estacións ao mar” é léxico común, ás veces literario.

No libro de Xohana Torres rexístranse termos literarios como *mastros*, *nau*, *orela* e *ronsel*; formas como *roca*, e non o popular *cón* nin os literarios *rochedo* e *rocha*, esta tan usada actualmente no galego literario. Outras veces usa voces tan comúns como *area*, *mariñeiro*, *naufraxio*, *praia*, *peixe*, *redes* ou *vento* e é omnipresente a voz *mar*.

Igual de común é o léxico relativo a tipos de barcos (*trasatlánticos*, *remolcadores*, *navíos*, *vapores*, *lancha* e as literarias *barca* e *dorna*) e a accións coas embarcacións (*transbordar*, *varar*), ós lugares de atraque (*porto*, *dique*, *beiramar*), á navegación (*vela*, *vento*, *ruta* e non a literaria *derrota*) e ás augas do mar (*ondas*, *espuma*, *corrente*, *correntada*, *devalo* –aplicado á noite–).

E o mesmo ocorre coa escasa flora e fauna marítimas do libro (*algas*, *algazos* e *gueivotas*). A excepción deste léxico común serían as *xebbras* do pri-

meiro poema do libro (“aquele cheiro de xebras e de algazos / do mar que tanto amei”), forma que Frei Martín Sarmiento di que a oíu en Ferrol³⁵. É un tipo de alga coñecida en moitos portos galegos con variantes fonéticas: *xebra* na Costa da Morte, no Golfo Ártabro e no Cantábrico; *xeba* / *xebe* en Muros, *seba* / *ceba* nas rías da Arousa e de Vigo e na Guarda; *ceba* en portos do Cantábrico e *cebado* en Sada e Cedeira (Ríos Panisse 1983: 63-66):

2.10. Singraduras en moi diversos mares literarios

Léxico da pesca de baixura do mar da Arousa a que me referín ó falar de Cabanillas, Dieste e Manuel Antonio, haino no teatro mariñeiro do eonaviego Cotarelo Valledor (1879-1950), especialmente en *Beiramar. Drama en tres actos* (1931), léxico aprendido na ribeira do Mar da Arousa, seguramente polas súas estadías en Vilaxoán, de onde era a súa muller. En *Beiramar* hai toponimia da Arousa (Sálvora, Vilagarcía) e moitos termos do léxico común arousán, sexan ventos (*vento mareiro*), aves (*arau*, *gaivotas*), peixes (*panchós*, *xureles*, o alcume *bocareu*), barcos (*dornas*, *botes*, *gamela*, *racú*), xeitos de detectar tradicionalmente o peixe co sistema de caldeo (*ardora*, *raba*) ou formas como *cons*, a carón dalgunha *pena*.

No teatro hai mar no *Auto do Mariñeiro* (1961) do chairego Manuel María (1929); o ruído do mar, a gamela e a lúa convértense en personaxes con voz que comparten a acción co propio mariñeiro (Fernández Naval 1999: 51). E na obra *A casa dos afogados (Drama fantástico)* (1990), do tamén chairego Miguel Anxo Fernán-Vello (1958), a acción transcorre nunha asfíxante casa de hóspedes da beiramar de 1950, con praias e afogados.

Na narrativa hai mares nunca navegados como son os do mariñeiro-labrego Sinbad da obra de Cunqueiro (1911-1981) *Si o vello Sinbad volvese ás illas...* (1961). O navegante Sinbad, que vive no porto de Bolanda, chegara a lugares non ollados por ninguén e vira as illas das Cotovías. E mares moi distintos dos de Cunqueiro son os de Xavier Queipo (Santiago 1957) en

35 Xa indiquei na nota 8 que as primeiras documentacións de *xebra* no galego moderno corresponden a Valcarce Ocampo, en 1901, e a Lugris, en 1927. A primeira documentación de *xeba* é de Sarmiento, de 1746; a de *seba* é de Cabanillas, de 1921, e a de *ceba* é de Fernández de la Vega e Piñeiro, de 1952. Na glosa da copla 30 do *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746), Sarmiento (1970: 338) fai referencia a estas formas: “*Correola*, diminutivo de *correa*, y todo del latín *corrígia* es una especie de espadañitas que el mar arroja y que representan unas correas regulares de una vara de largo. Y a ese género de correas, cuando son más anchas al doble de la *correola* llaman *seba*, *ceba*, *xeba*, y en el Ferrol oí llamar *xebra*; pronunciando la X en *xebra* y *xeba* como los gallegos la pronuncian: *sibilándola* como su CH los franceses”.

Ártico e outros mares (1990), con historias de barcos que son atacados por arañas xigantes e cacerías de osos brancos, en *Diario dun nómada* (1993), onde aparece, entre outros, o mar de Terranova e en *O paso do noroeste* (1996), onde se procura un camiño para chegar á China e ó Xapón.

Víctor Freixanes (Pontevedra 1951) na longa novela *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982) conta a historia da revolución imposible da xente do mar das sete rías, capitaneadas por Vilanova de Alba –trasunto literario da Pontevedra dos Mareantes–, que se enfrontan a Compostela, a Cidade do Ilustrísimo Cadavre erguida “no meio da paisaxe como unha grande fraga de pedra” e que se enfrontan ós cataláns, os “novos piratas do mar” colonizadores do litoral galego. Esta longa novela é tamén a historia dos vellos navegantes galegos, as invasións viquingas e as navegacións atlánticas. Para Fernández Naval (1999: 55) trátase dunha obra que “non é estrictamente unha novela de pescadores, aínda sendo a máis mariñeira de cantas novelas se teñen escrito en Galicia”.

Outra alegoría totalizadora é a obra *Beiramar* (1983) de Xosé Manuel Martínez Oca (A Estrada 1942), que trata a problemática do desmantelamento industrial naval e temas como o contrabando de droga e de tabaco na costa. O autor aproxímanos a un mundo infrecuente na narrativa galega, o das vilas costeiras, convertendo Beiramar, que está situada nunha ría, “nunha fantápole-síntese delas e na verdadeira protagonista da novela” (Vilavedra 2000: 58). E a esa síntese das vilas costeiras contribúe o uso de topónimos como Chao dos Cons (*chao* con morfoloxía da Galicia centro-oriental e *cons* da máis occidental) e co emprego de léxico do litoral centro-septentrional (*tarrafas*, *penedos* do faro), da costa centro-meridional (*buguina*) e do litoral meridional (*carromeiros*, *cons*), xunto con léxico do mar plenamente incorporado á lingua literaria (*ardora*, *marusía*, *peirao*, *ondas*, *vagas*, *vagallóns...*).

Na prosa da derradeira década do século XX o Grande Sole, cos seus vagallóns e as súas xélididas augas, está na novela *O Patrón* (1990) de Manuel Riveiro Loureiro (A Coruña 1933); en *Riosil* (1990) de Valentín Carrera (Ponferrada 1958), crónica da última marea nas augas desa inmensa chaira submarina do mar céltico; e na historia do mariñeiro Pepete que leva unha moneca hinchable a unha marea, relato de Suso de Toro (Santiago 1956) en *Tic Tac* (1993).

Outras singraduras son as da goleta *Resolución* da novela *A expedición do Pacífico* (1994) de Marilar Aleixandre (Madrid 1947) e as do catamarán *Arroaz* da novela *A ponliña irlandesa* (1997) de Nacho Taibo (Madrid 1949), que desde París dá unha volta ó mundo voltando a París despois de estar no Mar Vermello, en Sri Lanka, en Nova Celandia, nunha illa galega do sur do Pacífico, en Irlanda e en tantos países e mares. E están as singraduras da fragata

Lydia cara ó Cabo de Hornos da novela *Alén da desventura* (1998) de Xavier Alcalá (Ciudad Real 1947) ou o mar do golfo de México, onde mariñeiros de Redes, Ares e Mugar dos emigrados a Cuba andaban á cherna en barcos a vela chamados *viveiros* nos que se conservaba vivo o peixe. Da durísima vida desaxente do mar, que logo se motorizou e traballou nos modernos conxeladores cubanos, trátase na crónica *Habana Flash* (1998) de Alcalá e en *Galegos no Golfo de México* (1980) de Xosé Neira Vilas (Vila de Cruces 1928).

Á parte dos poetas comentados, na poesía moderna hai presenza do mar, en maior ou menor medida, tal como se pode apreciar na antoloxía de Cacheiro (1985), en clásicos como Rosalía, Pondal e López Abente; en vangardistas como Amado Carballo, Blanco Amor, Bouza Brey, Sevillano ou Cunqueiro; en Iglesia Alvariño, Castroviejo, Seoane, Celso Emilio e González Garcés; en Pura Vázquez, Luz Pozo, Manuel María e Avilés de Taramancos.

No recente *O Cancioneiro e o mar* (1998) editado polo Fogar do Pescador de Vilaxoán da Arousa aparecen poemas de escritores “que encetaron o seu labor nos anos que seguiron á posguerra, como Manuel María, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña e García Bodaño”, xunto con outros que “pertenecen a tempos máis recentes, nos que están a sinalar un acento creador de diverso feito”, tal como se sinala no limiar de Fernández del Riego. Estoutros poetas son Alfonso e Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Xurxo Alonso, Fermín Bouza, Gonzalo Bouza-Brey, Ramón Caride, Ramiro Fonte, Xulio López Valcárcel, Anxo Pastor, Daniel Pino, Xesús Rábade Paredes, Xavier R. Baixeras, Domingo Tabuyo, Helena Villar e Rafael Villar.

A Arousa está presente en poemas de Manuel Lueiro Rey (1916-1990), como na “Cantiga do mar da Arousa” de *Escolma ferida* (1977), onde o autor describe a ría do ano 1952, con vilas baleiras por mor da emigración, unha ría con “dornas podres, racús vellos / xeiteiros sen aparellos”. E no poema “Neno da beira do mar” de *Un tempo de sol a sol* (1974) entre outro léxico do Grove, onde o poeta vivía, está a *balumada*, a broza que arría o mar, que corresponde co *balume* do Padre Sarmiento e co *esterco* de portos arousáns como Cambados, Carril e Ribeira. Hai textos con mar no poemario *Balada nas praias do oeste* (1985) do coruñés Manuel Rivas (1957) e moito mar en poemas de *Baleas e baleas* (1988) de Luísa Castro (Foz 1966); e o *Cemiterio das gaiivotas* (1993) de Rafael Lema (Ponte do Porto 1967) está todo el inzado de mar, e o mesmo a súa novela xuvenil *Capitán araña* (2000)³⁶.

36 Hai mar no libro de Ramón Sampedro *Cando eu caía* (1998), especialmente nos poemas agrupados despois da composición “Quero ir ó mar”.

2.11. As últimas mareas léxicas na narrativa

Rematarei a singradura nos mares literarios galegos referíndome a libros de relatos e poemarios recentes con salitre de comezo a fin, con diverso léxico mariñeiro de interese por estar ausente do galego escrito ou estar pouco documentado.

2.11.1. O *fumareu* de Xurxo Souto

En varios dos estalos de *Fumareu* (1997) de Xurxo Souto (A Coruña 1966) hai referencias a lonxas e a cidades da costa de Galicia e a cidades e costas africanas con presenza galega como Capetón ou a costa de Mozambique; pero o máis interesante de *Fumareu* son as páxinas da épica dos mariñeiros galegos no Grande Sole e a épica, que non fora tratada na literatura, da xente de Baiona que anda ó bonito no Índico, nas Seicheles e Madagascar.

Nesta obra hai moito léxico común, con moita tradición no galego escrito, como son accións referidas ó barco (*atracar, fondear, recalar*), embarcacións tradicionais (*buceta, gamela, lancha*) e termos como *ardora, maruxía* ou o *escandallo* introducido por Cotarelo en 1931. E hai léxico de recente introducción relativo a barcos modernos (*arrastreros, bacas*³⁷ e *conxeladores* introducidos por Beiras en 1972, *atuneiros* introducidos por Neira Vilas en 1980) e ó amarre dos barcos (*norai* introducido por Méndez Ferrín en 1987), a novos oficios (*frigorista*, o que revisa o sistema do frío dun mercante³⁸, termo que aparecera en *A Nosa Terra* en 1993) e a instrumentos como o *gonío* (o *goniómetro* de González Moreira de 1992). Outras veces son nomes de peixes (*badeixo, berete, boto, breca, maruca* de libros de peixes) ou relativos á estiba do peixe no porto, como *colla*³⁹, voz común en portos como A Coruña ou Ribeira.

37 A forma de Xurxo Souto é *baka(s)*.

38 En *A tralla e a aroutada* (1995) xa usara Xurxo Souto esta forma, que aparece explicada no epílogo: “Nunha marea en Namibia o heroe non che é o capitán, o heroe é o técnico frigorista que goberna e é responsable de tres meses de traballo en peixe, metidos nas cámaras de frío. Se sobe a temperatura o peixe estrágase, os mariñeiros non cobran e o frigorista reséntese do pescozo”, p. 127).

39 Non son moitas as documentacións de *colla* na Base Lexicográfica do ILG. A primeira está nun texto popular de 1880 (“a colla do pan”), cunha semántica moi abstracta. As restantes son da segunda metade do século XX, en Fariña Jamardo (*Co sorriso nos beizos* 1969), en Varela Buxán (*O ferreiron de Satam. Taberna sin dono* 1975), en Ferrín (“colla de presos” en *Breña, Esmeraldina* 1987) en Freixanes (“colla de moirantes” en *O enxoval da noiva* 1988). A primeira documentación mariñeira está no estudio da fala de Sada de Ríos Panisse (1974) para ‘obreiro accidental do peirao’ e a seguinte en *Fumareu* de Souto.

Xurxo Souto introduce nesta obra léxico relativo a embarcacións, como *panga* (lancha pequena que terma das redes cando se pecha o cerco) e *pangueiro* (responsable da *panga*), propias da fala mariñeira de Baiona; e voces como a portuguesa *doris* (bote pequeno co que se anda ó bacallao en Terranova) ou *pincheiro* (barco que anda ó pincho). Tamén introduce nomes de peixes (*agrafín*, *bertán*, *fletán*, *pialla*, *rosada*) e formas diversas como *alistidora* (persoa que prepara o palangre), *copada* (cantidade de peixe que hai no cope), *empeixar* ‘pescar’, que lembra o *peixar* de Zapata e que parece ser que se usa na Mariña de Lugo, e *chó*, voz do euskara incorporada á lingua do mar para se referir ó rapaz que axuda na cociña.

O *fumareu*, que xa aparece no título do libro, non estaba documentado na linguaxe literaria, pero si na lexicografía. O termo recolleuno Aníbal Otero en Sismundi (hoxe de Cariño, daquela de Ortigueira) para o remuíño de vento no mar; e deste lingüista pasou ó apéndice do dicionario de Eladio Rodríguez e a outros dicionarios.

2.11.2. O *mansío* de Xelucho Abella

O relato curto “A balandra do esqueleto” de Xelucho Abella Chouciño (1945), de Malpica, contido en *A ermida do diaño* (1998) ten como paisaxe mariña os *coídos* e os *cabezos* (escollos de cumo bicudo ou redondo que sobresaen da superficie do mar ou están próximos a ela), que xa usara Bernardino Graña. Abella introduce no galego literario formas como *mansío* para o banco de peixe e *rella da auga*, que é como se denomina entre Cedeira e Muxía a corrente na superficie do mar⁴⁰ e usa *arribazón* (de algas, de canxrexos no texto de Abella), que xa se usara no galego escrito para se referir, en principio, a un banco de peixe⁴¹.

Abella tamén fala de mareas e de ventos próximos ós cabos Santo Adrián e Punta Nariga, que é “onde se xunta o concello dos ventos, alí resolven as súas retesías e acordan o reparto dos mares”. Un dos apéndices do relato é un vocabulario marítimo no que se glosa moito léxico mariñeiro de Malpica e da Costa da Morte usado polo autor.

40 As únicas documentacións de *mansío* na Base Lexicográfica do ILG son de textos non literarios, a *Etnografía: cultura material* (1962) de Xaquín Lorenzo e o estudio de Ríos Panisse (1974) sobre a vida mariñeira de Sada. Nesta obra documéntase *rella* (corrente de auga).

41 Armada Teixeira (*Da terriña (versos gallegos)* 1918) usara *ribazón*; e antes de Abella *arribazón* só se rexistra en Cotarelo (*Beiramar* 1931), Xaquín Lorenzo (*Etnografía...* 1962), Ríos Panisse (1974) e Seixido (*A gloria é un afiador* 1992); neste caso trátase dunha “arribazón de seareas”.

2.11.3. As *trolleras de cañorcos* de Vicente Míguez

No relato *De azul olvido* (1998) Vicente Míguez Salgueiro (Celeiro 1956), conta as súas vivencias en diversas mareas de bonito coas que pretende reivindicar e facer unha homenaxe á xente do mar. Salitre, mar e vento hai en todo o relato, do comezo (“Vazou a marea. O vendaval tolea espallando area e cachelas, traendo aire arriba sabor a salitre, esencia de iodo dos argazos”) ó final (“Vinte anos despois, vazou a marea. Co sudoeste, Fermín lembra no muro da praia, de fronte ó mar, a toda esta xente, traballadora e anónima, a que xera riqueza e á que non se lle restituíu a dignidade social”).

Hai moito léxico común a diversas falas mariñeiras, unhas veces con moita tradición literaria (*ardora, enrolar, amura, quiñón*) e outras con tradición máis recente (*boniteiro, cbó* e “*jonio*” ou *goniómetro* vistos en Xurxo Souto). Pero o máis interesante é o moito léxico dos mariñeiros de Celeiro que en boa parte figura no glosario final, que non presenta documentación na Base de Datos Lexicográfica do ILG, polo que pode considerarse que Vicente Míguez é o seu introductor no galego escrito.

Hai termos relacionados co bonito e a súa costeira como *alexa* ‘vara pequena que se bota nos barcos para pescar á cacea ou curricán’, *cañorco* ‘bonito de tamaño grande e desproporcionado’, *cobreada* ‘pesca de dúas ou máis pezas na mesma liña’, *macanazo* ‘golpe que se dá ó bonito coa macana para matalo’, *petromas* ‘especie de candil grande usado para atrae-lo peixe’, *recodo* ‘liña de pescar ó bonito que se bota pola popa do barco’, *roecán* ‘ballestrinque feito na roupa para liala’ e *trollera* ‘banco de bonitos’.

Outros termos refírense ó estado do mar e os seus efectos sobre o barco (*charpazo* ‘chiscazo que produce o embate do mar contra o buque’, *pantocazo* ‘embate forte do mar contra o barco’), ás ondas (*rota* ‘onda no intre de se desfacer’), á fauna mariña (*corcovo* ‘especie mariña de monxe pequeno’, *chagarito* ‘pancho pequeno, que abunda nas proximidades costeiras’), ó reparto da ganancia (*chona* ‘diñeiro que se reparte entre os mariñeiros polo peixe capturado fóra do oficio ó que se está a traballar’) e a outras como *feitadas* ‘mexunxe que preparaban os nenos a base de minchas, lámparos, mexillóns’.

Algunhas voces dese glosario, con escasísimo uso no galego escrito, teñen como primeira documentación o estudio sobre Sada de Ríos Panisse (1974), como ocorre con *empacar* ‘prepara-lo peixe na lata de conserva’, *preseiro* ‘parte final do aparello na que se acumula o peixe mallado’ e *zurdo* ‘atún de tamaño mediano e con moita forza’. A forma *arranchar* ‘preparar, alista-los barcos para saír para o mar’ ten as súas primeiras documentacións en Paz-Andrade (*Sementeira no vento* 1968) e Ríos Panisse (1974).

2.11.4. Os equinoccios de Calo Lourido

O libro de relatos *Salseiros* (2001) de Francisco Calo Lourido (Porto do Son 1948) contén unha enxurrada de léxico mariñeiro, moito del do Barbanza que dá á ría de Noia con formas que non están documentadas na Base Lexicografía do ILG e que non figuran no *VOLG* nin no Xerais (2000). É o caso de *imo* para a escora da dorna ou doutro barco, que é voz común nos dous costados do Barbanza, xa que se oe en Ribeira ou en Noia; de *calear*, que se di cando vai baixando o liño fronte ó *calar* aplicado ós aparellos (e que Pedrayo en 1928 dicía das augas); de *espíu* en *dar espíu*, que é soltar cabo cando o barco vai á garra; de *estropada*, que é o empuxe do barco, a inercia que permite ve-la velocidade.

Outras veces o léxico ten certa tradición no galego escrito, pero a documentación é mínima, como ocorre con *velear* (port. e cast. *velejar*) para navegar con embarcacións de vela, que se di no Son ou en Ribeira e que teño oído como forma normal en vellos e novos da Illa da Arousa e que usara Zapata García (*A roseira da soidade* 1953).

O léxico pode figurar no *VOLG* e en dicionarios recentes, pero sen a acepción mariñeira propia, como ocorre con *clarear* para limpa-lo aparello e acepcións figuradas ou co cultismo *equinoccio*, que segundo RAG (1997) é ‘cada un dos dous instantes do ano en que o Sol está exactamente sobre o ecuador e que se corresponden cos días en que o día e a noite teñen igual duración’, e definicións semellantes son as de Estravís (1995) e Xerais (2000); pero esa forma en Calo Lourido (“Si, o do ano pasado tamén foi un bo equinoccio. ¡Vaites marusía! Metía as pintas”, p. 26) ten a semántica do *equinosio* do Porto do Son, de Palmeira ou de Ribeira, que designa un temporal moi forte que pode darse cando chegan as mareas equinocciais no comezo da primavera e do outono⁴².

Hai moito léxico mariñeiro con tradición e moito uso no galego literario (*derroteiro*, *marusía*, *salseiros*) e outro con maior ou menor tradición pero escaso rexistro na citada Base de Datos, como ocorre co *brus* de López Abente (e de Ferrín, M. Ledo, A. Romaní e X. Souto), coas *crebas* de Johán Vilanova (e de *Estirpe* de Ferrín), as *bacas* (barco) de Beiras, o *fumazo* de

⁴² A primeira e única documentación de *equinoccio* como temporal na Base Lexicográfica do ILG corresponde a Arturo Romaní (*Barlavento* 1992: “Os temporais do equinoccio primaveral azoutaban con forza inusitada”), xunto con dous rexistros do adxectivo *equinocciais* referido ás mareas vivas, os dous de Fernández de la Cigoña (*Illas de Galicia...* 1991): “por estas datas danse as mareas vivas equinocciais, que son as máis fortes tanto na suba como na baixa” (p. 103); “Nas baixas equinocciais a canle que separa esta illa de Malveira Grande” (p. 111).

Cotarelo (e da *Profecía do mar* de Bernardino) e o *couso* de Ferrín (“banda de couso”, “caixonada de couso”).

2.11.5. As *lagarteiras* de Rosa Aneiros

Salitre e mar son os elementos fundamentais de *Corazóns amolecidos en salitre* (2002) de Rosa Aneiros (Meirás-Valdoviño 1976). O primeiro dos relatos do libro, “Triloxía nas mareas”, de excelente construción literaria, presenta léxico mariñeiro moi popular (*tramallos, nasas, centolas, nécoras* ou *peixeira* –e non a *pesca* usual en xente allea ó mar, que introduciria Pérez Placer en 1901–) e moito léxico estándar, que pode ser popular nalgunhas falas mariñeiras (*buguina*, que introduciu Pintos en 1861, *marusía, ronsel, salgazo, vento mareiro*) ou máis ben tratarse de formas literarias (*áncora, arribar ó porto*) ou literarias aparentemente populares (*redeira* por *atadora* para a muller que repara as redes).

Ás veces as formas literarias, que poden ser populares en zonas da costa, conviven no relato cos correspondentes termos de uso común na costa que vai do cabo Prior ó cabo Ortegal. É o caso dos “literarios” *raspeta*, a do percebeiro Currás nas populares “Mareas vivas” da TVG, *gamela* e *rocha*, que a autora emprega xunto coa *cacha*, instrumento co que arrincan os percebebes as xentes a quen van dedicados moitos dos relatos do libro, e *lancha* e *pena* da xente do mar de Valdoviño.

Rosa Aneiros introduce no galego escrito *cacha* con esa acepción, *brunños* (centolo de pouco valor comercial e que só se usa popularmente por Bueu e Muros) e *alentía*, que non figura no VOLG nin ten documentación na Base Lexicográfica do ILG. Cando se está a apañar percebebes, mentres uns percebeiros están de costas ó mar, outro adoita vixiar para avisar do perigo das ondas; e cando nunha serie de ondas chega a máis forte, especialmente cando enche o mar, que é cando máis perigo pode haber, a persoa que vixía berra *jalentía!* para os percebeiros se protexeren desa onda mortal, que pola Coruña chaman *a morte do percebeiro*.

Outra forma que introduce no galego literario é *lagarteiras*, as mareas vivas tan areladas polos percebeiros, que tiña como única documentación na citada Base do ILG un *lagarteiras* ‘mareas altas de agosto’ de *Pr'o catálogo da léngua galega* (1926) de Vicente Risco. Rosa Aneiros define deste xeito este termo:

As *lagarteiras* son as mareas vivas que, dependendo do calendario da lúa, adoitan acadar o coeficiente máis alto anual no mes de setembro. Nesa lúa, cando existe unha maior distancia entre o punto máximo da enchente e o máximo da baixamar, prodúcese (segundo o estado do mar) as mellores mareas do ano para

os percebeiros. A causa reside en que ó quedaren máis penas ó descuberto das ondas resulta posible cavar os percebeos de maior calidade. O meu veciño, Vicente de Culás, di que lle chaman así porque na subida da marea as ondas chegan a bicar as rochas nas que os lagartos se poñen ó sol. Razón non lle falta.

Amo alentía, acochar, lagarteira, degoirar, caínzo, estrobo, alboio, restreba e outras tantas palabras. Tamén agardo as lagarteiras, unha boa marea, eses tempos mellores que sen dúbida terán que vir⁴³.

2.12. As última mareas léxicas na poesía

2.12.1. Ana Romaní, Pilar Beiro, Miro Villar, Xurxo Alonso e Luís Rei⁴⁴

Hai unha presenza constante do mar en toda a obra poética de Ana Romaní (Noia 1962). No seu último poemario *Arden* (1998) hai un léxico mariñeiro moi común, con *baleas* e *cachalotes*, algún *océano* e algunha *illa* e varias *gamelas*, todas elas con moita tradición no galego escrito. Outras veces son termos de moi escasa tradición, como as *crebas* (“que sexan eses corpos os rastros que debulle / cada tarde nas crebas”) do poemario *Estirpe* de Ferrín e posteriormente da prosa de *Salseiros* de Calo. Usa a forma *chapapote* que se popularizou coa catástrofe do Prestige, que é se como se chama en Noia (e en portos coruñeses como O Pindo ou Oleiros e en zonas da Galicia interior) o que é *piche* nas Rías Baixas e *galipote* na Costa da Morte e na Mariña de Lugo⁴⁵.

En *Hinterland* (1999), o único poemario de Pilar Beiro (San Mamede-Carnota 1958), hai de cando en vez claras referencias ó mar fantasmagórico do poemario *De catro a catro* de Manuel Antonio. Neste poemario hai unha gran riqueza de léxico mariñeiro, unhas veces común a moitos portos do litoral galego (*argazo*, *lañar*, *millaras*), outras veces literario (*áncora*, *paillebote*) e nalgún caso trátase de léxico que non se documentaba no galego literario como *memelo*, denominación para un tipo de argazo en Lira-Carnota e O Sardiñeiro-Fisterra ou *mexilla* para a cría do mexillón⁴⁶.

43 A cita corresponde ó artigo “Por que agardo as lagarteiras e outras esperanzas” da sección de Rosa Aneiros “Agardando as lagarteiras” en www.culturagalega.org/colaboracion, do día 17.11.02.

44 Sobre o mar e a contribución léxica destes autores véxase Fernández Rei (2003b).

45 *Chapapote* foi introducida por Perez Placer en 1901 e *galipote* (de Avilés de Taramancos, tamén de Noia) foi introducida por Zapata en 1953 e figuraba no dicionario de Leiras de 1912.

46 En Ribeira a *mexilla* é cría do *mexillón* (Martínez Baleirón 2001a), mentres que no Porto do Son e no Grove a *mexilla* é a cría de *mexilón*.

Miro Villar (Cee 1965) publicou *Gameleiros, mar de rostros* (2002), con fotos de Manuel Álvarez de 27 gameleiros da Guarda, de 27 mariñeiros de baixura “que laboran ó día coas diferentes artes tradicionais de pesca herdadas dos seus antepasados, nun espazo de mar que vai dende a desembocadura do río Miño ata a latitude do mosteiro cisterciense de Santa María de Oia”.

Nos quintetos para eses rostros gameleiros hai léxico do mar da xente que anda á baixura, pero tamén do mar literario de Manuel Antonio e doutros poetas. Entre outro léxico figuran formas populares con escasa tradición literaria, como *ceavoga* (e a variante *ciavoga*), que designa a manobra que ten como fin facer virar en redondo un barco, vogando dun costado e ceando polo outro, que no galego literario se documenta en *cían e vogan* de Zapata García (1953) e nos substantivos *ciavogas* de *Sementeira do vento* (1968) de Paz-Andrade e *ceavoga* en *Adiós, María* (1971) de Xohana Torres. No quinteto que fecha o libro están as moi literarias *xerfas*, que no galego literario aparece por primeira vez na prosa de Dieste (1926) e de Filgueira (1927) e no poemario *De catro a catro* (1928) de Manuel Antonio.

O pintor e poeta arousán Xurxo Alonso, nado en Buenos Aires (1956) pero residente en Vilagarcía, a finais do 2002 editou *Onde viven os saqueadores de naufraxios*, co mar das rotas do ron de Barbados e dos antigos corsarios, pero tamén co exército de mariñeiros das augas canadianas, que “a falta doutro quentor / en Terranova / eles combaten corpo / a corpo / co bacallao”. No vocabulario mariñeiro da obra hai *gaiivotas*, *rochas* e *badías*; *biques*, *naves*, *navíos* e *mascaróns de proa* que funden océanos; *barcazas* e algún *peirao* adornado de metálicas escamas, voces todas con tradición literaria; pero tamén hai algunhas formas practicamente inexistentes no galego escrito, como *batume* (alga) e *pecio* (restos dun barco afundido), que Alonso xa usara en poemas de *O Cancioneiro e o mar* (1998) do Fogar do Pescador de Vilaxoán.

A forma *pecio* que tanto apareceu nos media cando o comité científico do Prestige se refería ó petroleiro, e que a prensa escrita acabou usando⁴⁷, tamén está no poemario *Alma mareira* (2003) de Luís Rei Núñez (A Coruña 1958), con raíces familiares en Muros, de onde toma formas como *mareáns* para ondas (ou tombos) que el introduce no galego escrito ou *borraxeira* para a né-

47 A forma *pecio*, que o castelán tomou do gascón ant. *pessi (de nau)*, defíneo o dicionario da RAE como ‘pedazo o fragmento de la nave que ha naufragado o porción de lo que ella contiene. // Derechos que el señor del puerto de mar exigía de las naves que naufragaban en sus marinas y costas’. A única documentación na Base Lexicográfica do ILG está en *A Nosa Terra* (1993) onde *pecios* aparece coa aclaración de “restos de barcos afundidos”.

boa que se forma sobre o mar, voz que introducira López Abente en 1929. Faros da Costa da Morte (Louro e Punta Nariga) e o afundimento do Prestige (e a chegada do *chapapote*, o “*pichi visguento*” ás áreas de Carnota) son algúns dos motivos deste poemario inzado de mar. Hai formas pouco documentadas como *calabrote* (cabo grosso) ou *colla* ‘cuadrilla de estibadores’.

2.12.2. A gran marea de Alexandre Nerium nun mar escoso

Alexandre Nerium, nome literario de Manolo López Martínez (Fisterra 1960), gañou o VII Premio de Poesía Johán Carballeira do ano 2002 (ex-aequo con Carlos Negro) co poemario *Vogar de couse* (de inminente publicación) cunha enxurrada tal de mar e de léxico mariñeiro tanto de Fisterra como “técnico”, que supón unha modernización do vocabulario do mar en certo modo semellante á que se produciu con *De catro a catro* de Manuel Antonio e coa *Profecía do mar* de Bernardino.

Alexandre Nerium figuraba na antoloxía de *De mar e vento. Cinco poetas de Fisterra (Escolma poética)* (1997) xunto con Modesto Fraga Moure, Mónica Góñez Silva, Xoán Alberte Moure Ínsua e Roberto X. Traba Velay. No limiar da escolma *De mar e vento*, Rafa Villar sinalaba que os cinco poetas “saben do mar porque o levan nos ollos e sobre todo nos dedos, e cando o pronuncian semella como se unha buguina deixase todo o seu eco nos nosos oídos e as mareas devalasen e terra dentro só houbera auga salgada” e que así mesmo “saben do vento, da súa furia querendo arrincar o horizonte de tanta mudez como trae”. Nestes fisterráns de Fisterra, onde máis mar e máis léxico mareiro se acha é nas composicións de Alexandre Nerium, mariñeiro de profesión (como Moure Ínsua) que “escribe como cose as redes, a modiño e con precisión” e, en palabras de Rafa Villar, Nerium escribe vida, a que mellor coñece, a del e a dos seus: a vida do mar da fin da terra.

O mariñeiro-poeta de Fisterra emprega moito léxico mariñeiro “técnico” relativo ás partes do barco (*palmexar, cairel, embornais, trancanís, pantoque, vagra, tallamar, estrave, turafaia*), á vela e ós mastos (*artemón, bauprés, carlinga, relingar*). Algúns destes termos (*artemón, estrave e turafaia*) non están documentados na Base Lexicográfica do ILG. Outros teñen rexistros na literatura galega, como *bauprés*⁴⁸ na poesía de Zapata, Celso Emilio,

⁴⁸ Documentábase *bauprés* en Zapata García (*A roseira da soidade* 1953), Celso Emilio Ferreiro (*A fronteira infinda* 1972), Freixanes (*O triángulo inscrito na circunferencia* 1982), Avilés de Taramancos (*Cantos Caucanos* 1985), Castillo-Elejabeitia (*O espello das brêtemas* 1987), Chus Pato (*Nímie* 1996), Caneiro (*Un xogo de apócrifos* 1997), Alcalá (*Alén da desventura* 1998) e Tabuyo Romero (“Mar de Arousa” no colectivo *O Cancioneiro e o mar* 1998). No galego non literario hai varios rexistros en Mörling (1989).

Avilés, Castillo, Chus Pato e Tabuyo e na prosa de Freixanes, Caneiro e Alcalá; *cairel* en Cotarelo e Paulino Vázquez⁴⁹; *carlinga* en Cotarelo, Braxe e Abella⁵⁰; *embornal* en Zapata, P. Vázquez e Ferrín⁵¹, *relingar* en Dieste (1927)⁵², *palmexar* e *vagra* en Franco e *tallamar* en Franco e Alcalá⁵³. E outros só se documentan en obras recentes non literarias, como *trancanil* en Ríos Panisse (1974) e Mörling (1989), *pantoque* en *Competencia de mariñeiro* (1990) de Soto Álvarez e Suárez Costa e *pantoque* en Mörling (1989).

Verbo da acción dos vagallóns sobre o barco A. Nerium usa *arrufo* (“sen te poder, hogano, mencerche estoutro arrufo”) e *quebranto* (“quebranto ou descuberta entrámbalas regalas”), formas moi técnicas que non se documentan nos textos literarios da devandita Base do ILG na acepción náutica, pero si en Mörling (1989). O *arrufo* e o *quebranto* saltaron á prensa galega en novembro do 2002 cando naufragou o Prestige, cando pouco antes do seu afundimento se trataba de explica-lo porqué do accidente. O petroleiro puido sufrir un *arrufo*, fenómeno que fai que unha onda levante a proa e outra a popa, polo que queda o centro do barco no aire; ou ben o accidente puido deberse a un *quebranto*, isto é, que unha onda levante o barco polo centro co que a proa e a popa quedan no aire. En ámbolos casos, o casco pode partir, como así ocorreu co Prestige⁵⁴.

Nerium tamén usa moito léxico patrimonial relativo ó mar de uso xeral como *baixos* e *ardentía*, *cabesos* e *petóns*, xunto con termos da xente da Costa da Morte, que no caso de formas como *tombos*, *coídos* ou *figas* xa usaran escritores fisterráns como o laxense Zapata García. Outras moitas formas non se documentan na Base Lexicográfica do ILG, fóra dalgún termo

49 A forma *cairel* está en Cotarelo (*Beiramar* 1931) e Paulino Vázquez (*Aquí podían os pés de arxila* 1992). A variante *courel* ten a primeira documentación mariña en Pondal (*Queixumes dos pinos* 1886): “De bolina, tesa a escota / que os ventos subíar fan, / o courel debaixo da auga...”.

50 Documentase en Cotarelo (*Beiramar* 1931), Abella Chouciño (*A ermida do diaño* 1998) e Lino Braxe (*A cor do ceo* 1999). No galego non literario rexístrase en Ríos Panisse (1974), Mörling (1989) e Soto Álvarez e Suárez Costa (*Competencia de mariñeiro* 1990).

51 *Embornal* (ou *embornais*) rexístrase en Zapata García (*A roseira da soidade* 1953), Méndez Ferrín (*Erótica* 1991, *Estirpe* 1994) e Paulino Vázquez (*Aquí podían os pés de arxila* 1992). No galego non literario documéntase en Lorenzo Fernández (*Etnografía: cultura material* 1962), Ríos Panisse (1974) e Mörling (1989). Nos textos dialectais do Grove, de 1994, de Dolores Ochoa rexístrase a variante *emborneira*.

52 Manuel Antonio introducirá o substantivo *relinga* en *De catro a catro* (“relinga do horizonte”, “relinga pra aferrar os panos do horizonte”) e o adxectivo *relingadores* referido a ollos. As restantes documentacións de *relinga* na Base Lexicográfica do ILG están en Dieste (*Dos arquivos do trasno* 1962) e en Ríos Panisse (1974), obra non literaria, onde tamén se rexistra o verbo *relingar*.

53 As documentacións de Xesús Franco corresponden a *Conta Mar* (1995) e a de Alcalá a *Alén da desventura* (1998).

54 Declaración de Primitivo González, Catedrático de Técnicas de Construción Naval a *La Voz de Galicia* (16.11.02, p. 4).

animal sobre todo, ou ben non teñen o sabor a salitre, polo que pode considerarse que Alexandre Nerium é o seu introductor no galego escrito. Este é o caso de formas fisterrás como os *ferretes*⁵⁵ e a *arnela* (praia pequena en Fisterra) que alternan cos “literarios” *farallóns* e *praías*, así como voces relacionadas co mar de vento (*rutías*, *maraxe*⁵⁶, *axada*⁵⁷) e co vento que sopra con moita forza (*xaramiño*, *fogada*), co relevo mariño (*petón*, pedra visible cando baixa a marea), con moluscos (*peneira*⁵⁸, *pé de muíño*) e con aves (*curricacho*⁵⁹, *pardela*⁶⁰), co argazo (*blandón*, *cachopa*) e con accións como *esparar* para se referir á abertura da rede ou *apariguar* para o feito de as pezas das artes de deriva poñérense unhas ó par das outras. Tamén hai léxico fisterrán de terra, como *caludo*, voz de uso común para o pan reseso.

Os cinco quintetos do poema que fecha o libro, “Verbas para un mar escoso”, verbas para un mar que non o tocou ninguén e no que hai abundancia de peixe, é unha homenaxe ó mar e á terra e ós poetas que cantaron a terra (Manuel María e Novoneyra) e o mar (Bernardino, Ferrín e Xohana Torres).

3. O MAR DO VOLG (1989)

Antón Santamarina, na súa exposición sobre o *VOLG* neste simposio, dicía que esta obra non é un dicionario, senón unha saída de emerxencia antes da redacción dun dicionario, porque o labor dun dicionario é cousa de moitos anos. O amigo Antón rematou a súa intervención dicindo que o *VOLG* se publicou como versión provisional, conscientes os seus autores de que era moi revisable, que tiña soamente un carácter orientativo e que “estivo ata agora á espera dunha versión definitiva porque –dicía Santamarina–

55 Na Base Lexigráfica do ILG rexístrase *ferrete* en Ríos Panisse (1974), pero para o charrán, paxaro mariño semellante a unha gaivota.

56 As únicas documentacións estaban en Johán Vilanova (*Pombos e gaviáns* 1934) e Xosé Carlos Caneiro (*A vala do triste amor* 1997).

57 Hai dúas documentacións no estudio de Ríos Panisse (1974) sobre a lingua mariñeira de Sada: “á sardiña que está nas axadas da auga, é decir, á flor da auga”, p. 197; “se o peixe é volante, é decir, está nas axadas d’auga, péscase e hálase o aparello”, p. 204.

58 As únicas documentacións están na *Guía dos mariscos* (1985) de Rosa Ramonell.

59 A única documentación está en *Guía das aves de Galicia* (1980) de X. M. Penas Patiño.

60 No galego literario só se documenta en *O idioma dos animás (opúscaro de enxebreira)* (1937) de Fuco G. Gómez e en *Bretaña, Esmeraldina* (1987) e *Estirpe* (1994) de Méndez Ferrín. Outros rexistros están na *Guía das aves* de Penas Patiño (1980) e en *Illas de Galicia* (1991) de Fernández de la Cigoña.

sabiamos que tería que haber moitas rectificacións pola nosas omisións, pola inclusión de voces inútiles, por incongruencias e por erros debidos a descoidos ou a ignorancia”.

Fixen unhas calas na versión provisional do *VOLG* que se presentou publicamente na sede da Real Academia Galega en 1989 e da que se tiraron 200 exemplares. Esgotados estes exemplares no ILG sempre houbo un orixinal que se lle prestou a quen traballaba en lexicografía galega ou simplemente tiña interese na codificación léxica. Ben sei que no ILG hai un exemplar inzado de riscaduras e engadidos, e que mesmo se fixo unha versión electrónica; pero preferín traballar sobre o único texto que é público e atendendo só ás modificacións que se fixeron oficiais na edición das *Normas* ILG-RAG de 1995 e no RAG (1997).

3.1. O mar presente no *VOLG*

Analicei as letras A e B, unhas 7.500 entradas das aproximadamente 45.000 do *VOLG*; e para comproba-las entradas do *VOLG* que son total ou parcialmente mariñeiras fun seguindo o Xerais (2000), porque este dicionario presenta en versal negra as entradas do *VOLG*, xunto con outras que non están neste vocabulario, pero que os autores poñen en maiúsculas por consideraren que deberían ser formas estándares.

No conto que fixen nesas letras A e B, nas entradas en maiúsculas do Xerais (2000) que figuran no *VOLG* só 365 están relacionadas co mar. Esta cifra debe tomarse como aproximada, pois á parte dalgunha posible ausencia do meu conto e dalgunha entrada que debería estar en versal⁶¹, incluíu algunhas entradas que valen para augas mariñas e doces (*amocelo*, *briozoo*), para mar e terra (*aireada*) e mesmo algunha que interpretei que ten que ser de mar, a pesar de que na definición do Xerais (2000) non se indique. É o caso de *bruzo* ‘cepillo para frega-lo chan’, que debe se-lo cepillo con dentes de ferro co que se limpa a cuberta dun barco, o *bruso* da xente do mar de Cambados, por exemplo.

Destas 365 entradas do meu conto, en 204 a única acepción (*abadexo*, *babexa*) –ou as varias acepcións (*abarloar*, *babosa*)– é mariñeira. En 51 entradas das varias acepcións só a primeira (*amarra*, *baldear*) ou ben a primeira e algunha outra teñen que ver co mar (*amarrar*, *bancada*). E en 110

61 Apreciei algunha excepción como ²*boza* ‘amarra’ que no Xerais (2000) aparece como *boza*², en negra redondo en corpo medio, cando debería estar en versal.

entradas a acepción (ou acepcións) relativa ó mar nunca é a primeira (*arbo-
redo, ardentía, baixura*).

As voces patrimoniais do *VOLG* refírense a peixes (*abadexo, acedía, al-
crique, anchoa, barbo, bocareu, bonito*), invertebrados (*andarica, arneirón,
bígaro, bruño*), mamíferos (*arroaz, balea*), aves (*albatro, arao, bilurico*), al-
gas (*argazo, augamar*), ventos (*aireada, airexa, axada*), areas e ribeira do
mar (*areal, areeira, arnela*), nós e amarras (*ballestrinque*), reparación das
redes (*atar, atadora*), cabos (*arinque*), barcos (*barca, barco, boniteiro, bote,
buceta*) e partes do barco (*arca, bancada, bauprés*).

Outras veces refírense á acción de amarrar un barco ou un risón e ós
medios para facelo (*amarrar, amarra, ²boza*) ou ben outras diversas accións
relativas ó barco (*abarloar, abordar, aparellar, aproar, atracar*), ó modo de
pesca (*ardora, balo*) e á navegación (*barlovento, bolinar*), xunto con formas
tan diversas como *batea* e *boia*.

Hai léxico culto relativo a peixes (*acantopterixio, acipenséridos, anguili-
dos*), a invertebrados (*anomuros, branquiópodo, branquiúro*) e a ventos
(*ávrego, bóreas*), xunto con cultismos (*acuicultor, acuicultura, bentos*) e for-
mas literarias (*abra* e *aportar*).

Como membro do ILG case desde a súa fundación, non debería eu nin
facer unha gabanza nin tampouco unha crítica pública do *VOLG*, pero per-
mítaseme facer ámbalas cousas. O papel do *VOLG*, esa saída de emerxencia
previa á redacción dun dicionario tal como indicou Santamarina, foi funda-
mental na codificación do galego moderno. A obra ten moitos acertos, pero
tamén ten escollas discutibles, pois como xa sinalou Antón Santamarina, ou-
tros posiblemente en casos espiñentos farían unha escolla diferente. E faltan
entradas, o que non quere dicir que termos que non están no *VOLG* non de-
ban figurar nun dicionario ou que non deban empregarse. Ben é verdade
que houbo quen tomou este vocabulario como palabra divina e considerou
que o que non figuraba nel non debía figurar nun texto, o que explica o ex-
ceso que ás veces se ten dado por parte dalgúns correctores tanto de edito-
riais como do media.

Non son redactor do *VOLG*. A miña contribución limitouse, fundamental-
mente, a ter recollido un tercio do material léxico do *Atlas Lingüístico Gale-
go* que os autores dese vocabulario manexaron, ademais de ser informante
moi esporádico para algunhas entradas cando os autores me preguntaban
sobre aspectos da fala do costado de leste da Arousa (a “Arousa Sur”), e par-
ticularmente de Cambados. Síntome en certo modo con total liberdade para
criticar algunhas das escollas, por se os autores estiman telas en conta para a
versión que din que van publicar. As miñas observacións, que se refíren só
a algunha entrada das letras A e B e formas afíns doutras letras do *VOLG*,
pretenden que a forma estándar sexa o máis galega (e viva) posible, sen

descoidar por suposto a tradición do galego escrito, que non sempre é modelo que hai que seguir.

3.1.1. Arpeu e rizón

A pequena áncora sen barra de ferro transversal, que ten na extremidade inferior catro brazos en forma de garras e que serve para fondear embarcacións de pequeno porte ten as seguintes denominacións na costa galega: *riṣón* Lu.1 Foz, Lu.2 S. Cibrao; *riṣón* C.1 Bares; *riṣón* C.2 Cedeira, C.3 Sada; *riṣón*, *riṣón* C.4 Malpica; *riṣón* C.5 Laxe; *arpeu* C.6 Muxía; *reṣón*, *alpeo* C.7 Sardiñeiro-Fisterra; *riṣón* C.8 Portosín⁶², C.9 Ribeira, P.1 Cambados, P.2 Cangas (tamén **arpeu*), P.3 Panxón, P.4 A Guarda (Alvar 2 1985: 1002).

A forma *riṣón* do *VOLG* corresponde ó *reṣón* do castelán, “ancla pequena”, del mismo origen incierto que el cat. *ruixó* y el fr. ant. *roisson*, *reisson*; quizá de un lat. vg. **ROSTRIO*, -ONIS (cuya segunda R desaparecería por disimilación), derivado de *ROSTRUM* ‘pico de ave’, ‘espolón de nave’, ‘espolón de tres puntas’” (Corominas / Pascual 1981: s. v. *reṣón*). A forma *arpeo*, que en principio designaba o “gancho de ferro usado na abordagem” ‘pequeno arpão’ procede do a. fr. *harpeau*, dim. de *harpe* ‘garra’” (Cunha 2001: s. v. *arpeu*).

En Cantabria *arpeo* é a denominación común (S.1 Castro Urdiales, S.2 Laredo, S.3 Santander⁶³, S.4 S. Vicente de la Barquera), mentres que na costa de Asturias o nome é *riṣón* (Ov.1 Llanes, Ov.2 Rivadesella, Ov.3 Lastres, Ov.4 Xixón, Ov.5 Luanco) e as variantes *reṣón* (Ov.6 Cudieiru) e *reisón* (Ov.7 Lluarca). E na costa portuguesa úsase o arabismo *fateja* ou *fateija* do Miño ó Douro, *fataxa* do Douro a Cascais, *fatexa*⁶⁴ de Sezimbra a Olhão no Algarve, ou ben as formas latinas *ferro* en Espinho e Nazaré e *ferro de quatro unbas* en Vila-Real de Santo António (Alvar 2 1985: 1002).

Na recente lexicografía galega o tratamento do *riṣón* é o seguinte:

Estravís (1995): s. v. *riṣón* ‘(1) Áncora de ferro de cuatro ganchos. Var. *riṣón*’; s. v. *riṣón* ‘(1) Áncora de ferro de cuatro ganchos. (2) Áncora pequena de tres ganchos. (3) Cote do pescador, nó mariñeiro. Var. *Riṣón*.’; e s. v. *arpeu* ‘(1) Pequeno arpón. (2) Gancho de ferro para aferrar embarcações. (3) Arpón’.

62 No veciño Porto do Son dise *arpeu* e *riṣón*, segundo información de Francisco Calo Lourido.

63 O informante coñecía tamén a forma *riṣón*: “es su nombre, pero aquí le llamamos *arpeo*” (nota en Alvar 2 1985: 1000).

64 A *fateixa* é “arpão”, ‘áncora’, ‘utensilio metálico em que se penduram carnes’ XIV. Do ár. *fattā-sā*” (Cunha 2001: s. v. *fateixa*).

RAG (1997): s. v. *rizón* 'Especie de áncora de tres [sic] ou catro brazos, para fondear pequenas embarcacións. *Levanta o rizón e séntate a proa*'. Non aparece unha entrada para *arpeu*, que pode ser sinónimo de *rizón*.

Cumio (1997): s. v. *rizón* 'Áncora de tres [sic] ou catro brazos utilizada en pequenas embarcacións'; e s. v. *arpeo* 'Mar. Instrumento de ferro cuns garfos, que serve para rastrea-lo fondo ou para se aferraren dúas embarcacións'.

Xerais (2000): s. v. *rizón* '1. Áncora de ferro de tres [sic] ou catro dentes. 2. Cote, nó mariñeiro. *Embalsa-lo r.*, amarrar un cabo a un dente do rizón para que este se solte facilmente cando queda prendido no fondo do mar'; e s. v. *arpeu* 'Aparello de ferro con ganchos que serve para aferrar un barco a outro' (e o mesmo s. v. *rizón* e *arpeu* de Xerais (1993)).

Tendo en conta que no galego mariñeiro, tanto seseante como non seseante, a áncora pequena de catro brazos ten como denominación xeral *rişón* (como é *risón* en toda a costa asturiana) considero que a forma do VOLG debería ser *rişón* e non o moi probable castelanismo *rizón*. E o *rişón* debería ter como sinónimo *arpeo*, aínda que non todo *arpeo* é *rişón*.

3.1.2. Arroaz

No litoral de fala galega, desde as eonaviegas Figueiras de Castropol á Guarda, a denominación xeral da *Orca bastarda* é *arroás* ou *arruás* (en Ares e Miño, vilas non seseantes, din tamén *arroás*). No caso de Cesantes e A Guarda rexistrouse *arruás* e *arruaz*, en Caión *arroazo*, en Cariño *arroán* e en Mera *arruán*; en Malpica *arroarte*; en Burela, Espasante, Bares e Viveiro *arruá* (Ríos Panisse 1987: 15-16).

A palabra castelá *arroaz* vén do port. *roaz* 'golfinho' (Corominas / Pascual 1980: s. v. *arroaz*). No norte de Portugal rexistrouse *arruás* en P.1 Viana do Castelo e P.3 Matosinhos e *gorfiño* en P.2 Vila do Conde (Alvar 4 1989: 673).

A entrada do VOLG debería ser *arroás*, non o moi probable castelanismo *arroaz*.

3.1.3. *Badexo sin.> abadexo

Debería invertirse a situación, poñendo como estándar *badexo* (e secundariamente a variante *badeixo*) e condenando *abadexo*.

No litoral galego o *Gadus pollachius* ten como forma común *badexo* (ou *badeixo*), xunto con *corvelo* (e variantes) como forma xeral para este peixe de tamaño pequeno e *sarreta* (e variantes) para o mediano (Ríos Panisse 1977: 397-402). Ríos Panisse rexistrou en Cangas, Ares e Cariño *abadexo* e *badexo* e en Bares *abadexa* (o mediano algo grande), *badexa* (o mediano) e *bade(i)xo*.

En Ribadeo e Cangas de Foz *abadeixo* é forma anotada por Lozano Cabe, pero a de Ríos Panisse é *badeixo* neses puntos. En Cedeira o padre Crespo anotou *abadexo* en Cedeira e Ríos Panisse *badexo*. En Raxó, Canto de Area, Marín *abadexo* (e tamén *abadejo* en Raxó e *badexo* en Marín) foi o anotado por Carril, mentres que Ríos Panisse rexistrou *badexo* en Mogor (Marín).

O asterisco do *VOLG* ten un valor ambiguo pois agrupa as voces “menos recomendadas” e as “condenadas”; e cando o sinónimo vai precedido do signo > como ocorre na entrada **badexo*, iso indica que se rexeita como normativa a forma da entrada (por ser castelanismo, invento, erro gráfico, etc.). E no seu relatorio Santamarina puxo como exemplo de forma condenada por evolucionar dalgunha maneira anómala a voz *badexo*, a carón doutras como *furruxe*.

Segundo o *Léxico de los marineros peninsulares* (Alvar 1989: 2006) o *Gadus pollachius* denomínase *abadejo* en euskera, na costa de Cantabria e no oriente e centro de Asturias (*abadexu* en Ov.3 Lastres), pero *badexo* no occidente⁶⁵. E na costa galega, de Ribadeo á Guarda a forma é *badexo* (e variantes *badeixo*, *-exa*), sempre sen *a-*, con sinónimos como *queimada* en Lu.1, *sarreta* en C.5 Laxe, C.6 Muxía, *cor(o)belo* en Po.1,2,3, e neste tamén *mico*. E desde o Miño ó Guadiana a forma portuguesa é *badejo* (ou *badeijo*), sempre sen *a-* inicial.

A orixe parece estar nun castelanismo, tanto en galego como en portugués, como sinala Santamarina (Ríos Panisse 1977: 398); daquela, a forma *abadexo* parece máis conservadora. Pero os datos recollidos en todo o litoral galego dinnos claramente que *badexo* é a forma mariñeira xeral (única se nos atemos ós datos publicados no *Atlas de los marineros peninsulares*), que ese castelanismo nas falas mariñeiras portuguesas tamén perdeu o *a-*, o que quere dicir que os poucos casos de formas *abade(i)xo* galego, que conviven con formas *bade(i)xo* moi probablemente se deben á reintroducción de *a-* polo castelán *abadejo*.

Dado que *badexo* (e a variante *badeixo*) é o común e dado que en Sarmiento se documenta *badexo* (“Panchoces e xardas / polvos e badexos / burazes e sollas / escachos e reos”, copla 114 do *Coloquio* de 1747) considero que a forma do galego estándar debe ser *badexo* e a forma *abadexo* debe ser condenada. Como variante, se cadra menos recomendada, debería figurar *badeixo*, tal como aparecen no *VOLG* dobretes como *cangrexo* (que é

65 En Barriuso (2002: 249) nos catro puntos enquisados na Mariña asturiana de fala galega o *Gadus pollachius* é *zarreta* nas Figueiras, *badeixa* e *badeixo* en Tapia, *badexo* e *abadejo* en El Porto Viavélez, *badeixo* en Ortigueira. En Veiga, xa entrando no asturiano occidental, a forma é *badeixo*, tamén sen *a-*; e de Lluarca a Llanes as formas son *abadexo*, *abadexu* ou *abadexo*.

castelanismo, o mesmo cá forma portuguesa *caranguejo*) e *caranguexo*, que é minoritaria (de Bouzas, Cesantes, Cangas, Bueu, Mogor e Panxón). No *VOLG* hai outros dobretes como *agomar* e *agromar*, *amarelo* e *marelo*, *arrodear* e *rodear* (e algún triplete como *acevo*, *acevro*, *acivro*), sen que apareza asterisco condenatorio en ningunha destas formas.

3.1.4. Bocareu

O *Engraulis encrasicolus* (port. *biqueirão*) ten como denominacións comúns *bocareu* ou *bucareu* nas Rías Baixas (e variantes *macareu* en Laxe e *mocareu* en Viveiro) e *bocarte* ou *mocarte* nos portos galegos que van da Costa da Morte a Ribadeo e ás eonaviegas Figueiras.

Ríos Panisse (1977: 218-221) non rexistrou *bocareo* nin *bucareo* en ningunha fala mariñeira e as únicas documentacións con *-o* son bibliográficas: *bocareo* rexistrado por Blanco Carril en Canto de Area (Marín), *bucareo* (e *bucareu*) do diccionario da RAG de 1913-28 e *bucareo* e *mocareo* (anotado en Viveiro) de Sarmiento⁶⁶.

No *VOLG* (1989) a entrada para este peixe é *bocareu* sin. *bocarte* (e *bocarte* sin. *bocareu*). Sen embargo no diccionario da RAG (1997) e no Xerais (2000) a entrada é *bocareo*, co *-o*. En Estravís (1995) é *bocareu*, tal como é na versión provisional do *VOLG*, co *-u* da fala viva e dos diccionarios galegos editados ata os anos 70⁶⁷.

Creo que a forma estándar debería ser *bocareu*, como na primeira versión do *VOLG*, por respecto á oralidade actual e á tradición lexicográfica, a pesar do *bucareo* introducido por Sarmiento.

3.1.5. Buraz

O *Pagellus centrodontus* de tamaño pequeno denomínase *burás* (Rianxo, Portosín, Portonovo, O Grove, Vilanova da Arousa, Escarabote, Cambados, P. Morrazo⁶⁸, Bouzas, Portonovo e Cesantes), *jurás* (Sardiñeiro e Abelleira, e

⁶⁶ As formas de Sarmiento citadas por Ríos Panisse corresponden á *Colección de voces y frases gallegas e ó Catálogo de frases y voces de la lengua gallega*, editados por Pensado en 1970 e 1973, respectivamente. Na copla 115 do *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1747) documéntase *bucareos*.

⁶⁷ *Bocareu* aparece nos dicionarios de Eladio Rodríguez, Ibáñez, RAG (1913-28), Carré, Filgueira e Franco Grande e *bucareu* recóllese nos de Carré, Cuveiro, Eladio Rodríguez, Franco Grande, RAG (1913-28) e F. J. Rodríguez (Ríos Panisse 1977: 220-221).

⁶⁸ Ríos Panisse (1977: 280, nota 33) indica que o plural é *burases* nas localidades que explorou, agás en Cedeira, onde se di *buraces*. Pero no texto non aparece a denominación de Cedeira, polo que non sabemos se aquí se recolleu *buraz* ou *burás*.

na Guarda o grande), *gras* (Lira e Abelleira) e *grase* (Ézaro). A forma *buraz* da obra de Ríos Panisse (1977: 266, 281) está tomada ben de dicionarios (Valladares, Cuveiro) ou de traballos lexicográficos (Carril, P. Crespo). Non hai ningún *buraz* no material recollido por Ríos Panisse, fóra dun plural plural *buraces* en Cedeira, do que non se indica o singular.

A forma do *VOLG* debería ser *burás*, porque así o é nas falas mariñeiras segundo o material de Ríos Panisse e porque o seu étimo non está claro. A forma podería vir de *VORACEM* 'voraz', explicable foneticamente pero semanticamente incongruente, ou relacionarse co vasco *gorbats* 'avermellado' semanticamente explicable, segundo Santamarina, porque o ollomol ten esta coloración. Outra posibilidade é relacionalo con *gorar* 'emitir certos ronquidos o porco' (Ríos Panisse 1977: 266).

No que respecta ós sinónimos deberían darse máis indicacións no *VOLG*. Xa que o *Cardium edule* ten como entrada *berberecho* cun sin. *carneirolo* (en Ribadeo e S. Cibrao e nas eonaviegas Figueiras, coa variante *carneiro* en Bares, Viveiro e Burela), de igual xeito debería facerse nas entradas da *Littorina littoralis* que aparecen no *VOLG* como *bígaro* (de puntos da Mariña de Lugo e das Figueiras) e *caramuxo* (nas Rías Baixas) e *caramuxa* (en puntos da Costa da Morte), sen indicación de sinónimos. E xa que en *parrocha* se indica que ten un sinónimo *xouba* (e viceversa), do mesmo xeito se debería proceder en casos como *xurelo* e *chicharro* e outros semellantes.

3.2. O mar ausente do *VOLG*

3.2.1. Barría

Nas letras A e B do Xerais (2000) hai entradas que non figuran no *VOLG*, pero que nese dicionario aparecen en versal negra por os redactores da obra dárenlles consideración estándar-normativa. Son as entradas *abalsar*, *acalefo*, *acardumarse*, *acineto*, *acipenseriforme*, *acrotorácico*, *actiniario*, *actinopterixio* (no *VOLG* está o prefixo *actino-* 'raio'), *afótico*, *alenmar*, *alevín*, *amaraxe*, *amiforme*, *ammocetes*, *ammonítido*, *ardecasas*, *arrastreiro*, *avieirado*, *bacilariofíceo*, *bacilariófito*, *baculites*, *barría*, *batiscafo*, *beluga*, *bocarteira*, *bolichada*, *boliche* e *bolicheiro*.

Moitas destas formas son cultismos ou palabras derivadas de formas cultas ou populares, pero nalgún caso o Xerais (2000) inclúe formas populares que deberían figurar no *VOLG* e en calquera dicionario galego. É o caso de *barría*, que se usa en portos da Costa da Morte como Fisterra ou O Pindo para designar un banco de peixe (de sardiña, de xurelo ou de xarda) e que se usou noutros portos. En Cambados hoxe fábase dun *banco (de peixe)*,

pero hai anos cando se andaba ó cerco de xareta de noite (á sardiña e ó xurelo fundamentalmente, pero tamén ás xardas) ese oficio era *andar á barría* ou *vir da barría*; e de aí a expresión *peixe da barría* para o que se tomaba de noite, mentres que cando se traballaba de día ó cerco, co caldeo da raba, nunca se usaba o termo *barría*. E o mesmo no Porto do Son, onde se dicía *ir en barría* para a sardiña que se “mataba” co xeito largado desde o axexo á alborada. A forma non está no *VOLG* nin presenta ningunha documentación na Base Lexicográfica do ILG.

Tampouco está no RAG (1997), que si ten a entrada *cardume* (do *VOLG*), para o ‘conxunto de peixes que van xuntos en gran número, especialmente de sardiñas’, e como sinónimos figuran *banco de peixe*, *manda e touza*, e falta a *barría* galega (e portuguesa do norte). A forma *cardume* rexistrouse en Sada, xunto con *mansío* e *arribazón* (Ríos Panisse 1994: 197), e conta con tradición no galego literario des que o introducira no galego escrito Guerra da Cal en 1959. Ademais é de uso común en publicacións en galego sobre o mar, polo que pode considerarse forma plenamente estándar, a pesar de practicamente non existir nas falas mariñeiras. No *Léxico de los marineros peninsulares* (Alvar 3 1989: 1653) vese que *mada* é o xeral na Mariña de Lugo e na costa da Coruña, mentres que en Pontevedra aparece o castellanismo *manada* e algún *banco de peixe* (e *banco* en falas coruñesas).

Nos puntos do norte de Portugal o rexistrado para ese *Léxico* foi *cardume* e *barra* en Port. 1 Viana do Castelo, *barría* e *cardume* en Port. 2 Vila do Conde e *cardume* e *barría* en Port. 3 Matosinhos. Ningunha destas dúas denominacións se recolle nos outros portos portugueses enquisados desde Afurada e Espinho á desembocadura do Guadiana⁶⁹. No Xerais (2000) hai unha entrada *mansío* que ten como acepción (1) banco de sardiña, que é forma de Sada e Laxe (García 1985: 455) e que tamén o debe ser de Malpica, pois figura no vocabulario de *A ermida do diaño* de Xelucho Abella. É tamén o nome do ‘banco de peixe’ na costa central e occidental de Asturias.

69 No *Atlas lingüístico do litoral portugués* (Vitorino 1987: mapa 2) nos puntos antes do Douro rexistrouse *cardume* e *monte* ‘cardume de sardiñas’ en Vila Praia de Áncora, *manada* como no litoral pontevedrés en Castelo de Neiva e *barría* e *cardume* en Caxinas-Vila do Conde. Pasado o Douro estas dúas formas rexistranse en Aguda (preto de Espinho), en Vagueira (preto de Aveiro), en Buarcos (preto de Figueira da Foz), en Cascais e tamén no Algarve, en Senhora da Rocha. Nos outros portos *cardume* é voz común, xeralmente acompañada doutra forma diferente de *barría*.

3.2.2. Alfolín

Hai formas relacionadas co mar, que tampouco están no *VOLG* pero que no Xerais (2000) aparecen cunha entrada en letra negra redonda en corpo medio, que é como os autores sinalan as formas que son fundamentalmente dialectalismos, popularismos, creacións recentes e expresivas e formas de uso moi específico. Figuran en letra pequena no Xerais (2000) as seguintes: *aforano*, *alcorel*, *alfolín*, *angacia*, *angala*, *arañoto*, *arpoeira*, *arpoeiro*, *arrancbos*, *badeixo*, *bagada*, *baixía*, *baleote*, *baloucazo*, *baluma*, *bance-mento*, *barquear*, *bolicheta*, *bolinear*, *bolineiro*, *brusca* e *burgal*.

Destas formas o arabismo hispánico *alfolí* (ou *alfolín*) debería estar en versal negra no Xerais (2000), como forma plenamente estándar (e debería estar no *VOLG*). En Cambados e no Porto do Son, por exemplo, era voz común para designar un almacén de sal e debía selo en moitas outras vilas da costa. No barrio de Bouzas, en Vigo, consérvase unha casa de pedra con patín que fora alfolín, e nese barrio mariñeiro hai “Rúas dos Alfolíes”⁷⁰. E en Cesures, río Ulla arriba, aínda hai unha casa de cantería que foi alfolín do sal, tal como conta Angueira en *Terra de Iria*.

Segundo Ramón Lorenzo hai documentación de *alfolí(n)* de finais do XII e comezos do XIII en textos leoneses-portugueses, primeiro como ‘celeiro’ e logo como ‘celeiro de sal’ e ‘imposto sobre o sal’. E nun texto galego de 1467 hai varios rexistros de *alfolí(n)* referidos á ría da Arousa (Lorenzo II 1977: s. v. *alfolijs*):

os arrendadores dos *alfolies* del Rey que puñan o sal ena ría de Arauza
e alli tiñan *alfolins* do dito sal arrendadores dos ditos *alfolins*
os arrendadores dos *alfolins* del Rey puñan o sal ena dita ría.

3.2.3. Desguace, bateiro e rañeiro

A análise da información da prensa diaria sobre o mar, tanto en castelán como en galego, permitíume apreciar que hai léxico galego común e algún outro máis ben xornalístico de moito emprego, mesmo en textos en castelán, que non figura no *VOLG* nin nos diccionarios ou nestes non se recolle a semántica da oralidade. E ese é un material que debería terse en conta, porque

⁷⁰ En Pereira (2000: 78) pode verse a placa da “Rúa dos Alfolíes” de Bouzas, a da “Rúa da Pescadería” de Noia e a “Rúa o Con” do barrio mariñeiro de San Tomé, de Cambados. Non se indica o lugar onde está cada placa. A información sobre as vilas a que corresponden as placas dos Alfolíes e da Pescadería deuma o propio Dionísio Pereira.

reflicte unha lingua mariñeira viva, mesmo con algún castelanismo de moito uso aplicado ás cousas do mar e tamén ás de terra como *desguazar* (e *desguace*), que na orixe é un italianismo, que podería substituírse por formas galegas como *desfacer*, *despezar* ou *desmantelar* (e *desfeita*, *despezamento* ou *desmantelamento*) (Fernández Salgado 1991: 191). Aínda así non é fácil substituír e evitar que se use *desguazar* (e *desguace*), como non é fácil desterrar formas como *plantexar* e *plantexamento*, de tanto uso na linguaxe xornalística e política, por moitos equivalentes que aparezan nos dicionarios.

Na fala da costa desguázanse barcos (e coches). No Porto do Son tamén se pode desguazar unha casa, e dunha persoa que está moi cansa pode dicirse que “está para un desguace”, que en Cambados é “estar para o desguace”. Os bailes que hai anos se organizaban para a xente maior nalgunhas vilas mariñeiras (por exemplo en Cambados) comezaron axiña a denominarse “bailes do *desghuase*” ou simplemente o *desghuase*, voz que cos anos foi perdendo aquel ton festivo de máis, se cadra porque socialmente xa se foi admitindo que os vellos tamén teñen dereito a divertirse... e a namorarse. E algo semellante parece que ocorreu noutras zonas da costa co termo *desguace* e con eses bailes.

A información da prensa sobre o mar unhas veces parece simple reprodución ou tradución ó castelán de notas de prensa da Consellería de Pesca da Xunta de Galicia; pero outras veces recolle claramente ou ben adapta a fala viva, particularmente a dos mariñeiros de baixura e da xente que anda a mariscar, con constante presenza nos media por diversos conflitos.

Na información marítima de *La Voz de Galicia* (novembro 2001 a novembro 2002) aparecen formas moi populares nas Rías Baixas como *bateeiro* para o que traballa na batea, moi documentada, ou *desmermar* ‘pesar menos a ameixa por solta-la auga’ (12.9.02, p. 27) . Outras voces son voces do galego do Cantábrico como *rula* ‘lonxa’, de uso común no galego da Mariña de Lugo (e no castelán de Asturias e de Málaga) e que se usa en noticiais en castelán no canto de *lonja* ou como única forma⁷¹. Ou ben se trata de creacións recentes e posiblemente só da linguaxe xornalística, como *gransoleiro* para o barco que anda a traballar no Grande Sole e que se usa en cursiva nos textos en castelán (tres ocorrencias o 13.8.02, p. 22). Formas como *bateeiro*, *desmermar* e *gransoleiro* (e *desguace*) non aparecen no *VOLG*, onde existe *rula* (ave). Outras veces a forma está no *VOLG* pero non a súa semán-

71 En *La Voz de Galicia* (23.7.02, p. 38), con información de Pontevedra, na noticia en castelán úsase *rula* en referencia á lonxa de Pontevedra (“potenciar los recintos de Campelo y Marín a costa de una rula que lleva más de medio siglo funcionando”).

tica nos dicionarios, como *mexón* 'percebe moi largo e de escaso valor comercial' que se di na Costa da Morte (26.9.02, p. 30).

Na consulta que fixen entre o 20 de outubro e o 8 de novembro do 2002 das páxinas da edición electrónica da Arousa do *Faro de Vigo* achei material interesante entre a información diaria sobre o mundo de baixura dos Pósitos do Grove, Cambados, A Illa, Vilanova, Vilaxoán e Carril e sobre o movemento do porto de Vilagarcía. Tamén se informa de Pontecesures e da pesca no Ulla, pero non sobre o que ocorre en Ribeira e nos outros portos do costado de noroeste da Arousa.

Hai léxico referido ó cultivo do mexillón (popularmente tamén *mexilón*⁷²), con formas como o mencionado *bateiro*, moi documentado, e outras como *polígono* (7.11.02) para se referir a un grupo de bateas situadas nun lugar da ría; *barcada* (7.11.02) para o conxunto de 60 cordas de mexillón dunha batea, uns 16.000 kg; e *puntón* (30.10.02) (no *VOLG* hai *pontón*), que é a batea que foi reformada para dispoñer dunha plataforma –e non dunha grella de trabes de madeira– na que se instalan as básculas e outros elementos que teñen que vixia-lo cumprimento das capturas.

Outro léxico refírese ós *rañeiros* (30.11.02), voz agora moi común na Arousa para se referir a quen marisquea desde o barco a frote, ben desde a popa ou desde os costados de arca ou de couso dun barco; pero nunca desde a proa da embarcación, tal como se ve no novo monumento ó rañeiro que hai en Cambados, fronte ó paseo da Calzada, onde o rañeiro rastrea desde a proa da gamela. Hai léxico sobre os tipos de ameixa e en información en castelán aparecen en cursiva formas como *carneiro* e *reloxos* (7.11.02, 8.11.02) para moluscos lamelibranquios cada vez máis apreciados.

72 A forma innovadora *mexilón*, froito da disimilación de palatais en *mexillón*, non figura no *VOLG* nin para ser condenada nin como sinónimo menos recomendado do etimolóxico *mexillón*, forma introducida por Sarmiento no galego escrito. Si está no Xerais (2000) como forma dialectal, non como estándar-normativa.

A forma *mexilón* (e derivados como *mexiloeiro*, -a) está tan viva en portos da ría da Arousa (e tamén noutros do litoral galego; véxase Ríos Panisse 1977: 132-133), onde hai dous tercios das máis de 3.000 bateas de toda a costa galega, que non é raro vela en letra impresa, a pesar de que o normativo sexa *mexillón*. A Opmar (Organización de Productores de Mexilón (*sic*) Galicia), con sede en Vilagarcía, na prensa de 1994 desexaba a "todolos produtores de mexilón [*sic*] de Galicia que disfrutasen das festas de Nadal". A celebración da festa da ameixa e do mexillón do mes de agosto en Vilanova (e agora en Vilanova e na Illa da Arousa) indícase con pancartas na estrada de Cambados a Vilagarcía onde os conductores podíamos ler ben claro a forma *mexilón* (e así foi ata a do 2002, se cadra no 2003 aparece a forma estándar). E non faltan nomes de bares que se denominan *Mexilón*, por exemplo na Illa da Arousa.

Na costa portuguesa do norte tamén se rexistra esa forma innovadora: *mexilão* en Viana do Castelo, Vila do Conde e Matosinhos (Alvar 4, 1989: 2241); *mexilão* en Vila Praia de Âncora e Caxinas-Vila do Conde, *mexilbão* neste punto e en Castelo de Neiva (Vitorino 1987: mapa 155). A forma *mejillón* do castelán ou é lusismo ou é galeguismo.

O primeiro é termo común, no segundo caso é a galeguización do castelán *reló* (e *relojito*).

3.2.4. Baleiros e sequeiras

Na información sobre a pesca da lamprea fábase dos *valeiros* (*Faro de Vigo*, 22.10.02), en referencia ós mariñeiros que en Cesures andan á lamprea nas pesqueiras do Ulla. Existe unha Asociación de Valeiros de Pontecesures, integrada na Confraría de Carril, que antes traballaba con trasmallos e agora faino con artes selectivas como o “butrón” (gal. *voitirón*), que dan menos traballo e maior rendemento (*Diario de Arousa*, 29.3.03, p. 22).

Ese *valeiro* da prensa corresponde ó ‘mariñeiro que empregaba o sistema do balo para pescar’, consonte coa acepción 2 de *baleiro*, *-a²* do Xerais (2000). A explicación da forma *baleiro* dos mariñeiros (de mar e de río) de Cesures recóllea Angueira (2002: 67-68) na súa descrición da *Terra de Iria*, onde subliñei algunhas formas de interese lexicográfico:

–Eu toda a miña vida fun mariñeiro. Mariñeiro de dorna, de meco, de game-la..., de río e de mar (...).

–Nós éramos tamén *baleiros*.

–Andabamos moito ó muxe, peixe fino e rico daquela, e tamén á solla, todo aquí no río e fóra, con redes dun pano só. E andabamos a *balar*. Bum, bum, bato os remos na augua, tódalas noites, a noite enteira, balando no muxe. Tamén andabamos ó muxo co aparello da *tallada* nas marés vivas, unha rede menos *fecheira* cá de balar e con máis chumbo. Andabamos nos lombos do Ulla e nas praias. Cercabamos a quedar en seco na *baixa*. Caían sollas e muxes e robalizas. E o que houbera. Nas marés baixas íamos para Dena, que non tiña tanto cantil [...]. Agora que o muxe daquela aínda se quería mellor cá robaliza. De muxes había catro castes. Os mellores eran o *batalleiro* e o *franco*, que ten a cuncha dou-rada na cabeza. Despois hai o *galludo*, o *bochaco*..., pero xa son máis de fondo, máis de fango. O que pasa é que este río [o Ulla] tiña as auguas limpísimas. Viñamos por el arriba e bebíamos del co *tanque de achicar*. Pero empezaron cos deterxentes, os alcantarillados, a contaminación das fábricas... Todo pró río, e claro.

A finais dos 50 e nos anos 60 teño visto como a xente de Cesures largaba grandes *talladas* entre o peirao de Cambados e o de Fefiñáns, para colleren sollas no fango e muxes que se achegan en *manadas* ó *malecô*, cando non había a contaminación do litoral que veu despois. A xente chamaba *talladeiros* a eses mariñeiros de Cesures.

E na *www.vieiros*, edición do Salnés, anotei a forma *sequeiras* no titular “As sequeiras de Vilanova contra os mozos furtivos” (6.7.02) para se referir

ás mulleres que *andan á seca*, ás que mariscan nas praias e na ribeira. Nunca tal voz oín. E un titular semellante volveu aparecer meses despois, “As sequeiras de Vilanova contra os mozos furtivos” (24.2.03).

3.2.5. Confraría e pósitos

Na prensa consultada na información en castelán hai moitísimas ocorrencias das formas *cofradía* e *pósito*, alternando o uso dunha ou outra nun mesmo texto, e ás veces nos titulares. Na información en galego pasa o mesmo, pero coa forma culta *confraría* e a moi popular *pósito* para referirse á institución que defende os intereses dos armadores, mariñeiros e mariscadoras.

A desaparición forzosa en 1864 dos Gremios do Mar, que tiñan unha función benéfica, de socorros e mesmo de ordenación dos recursos, en palabras de Dionísio Pereira (2001: 10), “produciu un baleiro xeralizado da capacidade asociativa no mar e un agravamento das condicións de vida e traballo dos mariñeiros, xa lamentabéis de seu”. Van persistir algúns Gremios reformados, como os de Mareantes de Pontevedra e os de Mar do Porto do Son, Ares e A Guarda, con tarefas benéficas como enterros e atención ós doentes.

Alfredo Brañas, saudoso dos vellos Gremios, fundou en Cambados en 1894 a “Asociación Cambadesa de Marineros”, baixo a advocación da Divina Pastora e cunha orientación católico-social, que agrupaba mariñeiros, armadores e outra xente. A Asociación Cambadesa, pioneira do asociacionismo mixto no litoral galego, en principio naceu para supri-las necesidades de asistencia médica e socorro ás viúvas dos mariñeiros, o que fixo que, con moita retranca, no xornal pontevedrés *Unión Republicana* se dixese que a Asociación de Cambados debía chamarse “La Funeraria” por ter como obxectivo principal “dar velas para el velatorio y entierro de los que mueran y una cantidad para pagar sacerdotes que asistan a los funerales” (Pereira 2001: 11). Morto Brañas a Asociación foi esmorecendo, pero o seu pendón, con bandeira galega incluída, aínda se puido ver no ano 1910 na procesión da Pastora, popular romaxe que se celebra no castro do monte da Pastora o domingo despois de S. Roque.

En 1917 a “Asociación Cambadesa de Marineros” foi substituída polo “Pósito Pescador de la Ría de Arosa”, fundado polos Irmáns Salgado, que misturaba a defensa corporativa do colectivo mariñeiro co aspecto caritativo da Asociación promovida por Brañas. Nacía en Cambados o primeiro Pósito de Galicia e de todo o litoral español, inspirado nos Gremios de Mareantes que existían no litoral galego desde a Baixa Idade Media e que tiñan unha estrutura moi pechada. Os Pósitos creados no primeiro tercio do século XX eran asociacións cooperativas que procuraban conciliar asemade os intereses de armadores e mariñeiros, o que facía que estes se afastasen das organi-

zacións de clase, tal como ten salientado Dionísio Pereira, excelente coñecedor do mundo mariñeiro da Arousa (e do cambadés en particular) no primeiro tercio do XX.

Logo virían os Pósitos de Teis, Altea, Cartagena, Tortosa, Santa Pola, etc. Na Dictadura de Primo de Rivera, nun momento en que houbo grandes atrancos para o asociacionismo de base, producírase a máxima expansión dos Pósitos. En 1925 creouse a “Federación Gallega de Pósitos Marítimos”, con sede en Cangas do Morrazo desde 1927, na que se integraron 50 Pósitos cando se instaurou a II República. Na maior parte das vilas costeiras galegas, proliferou o sindicalismo de clase nos anos da República, sendo a Federación Rexional de Industria Pesqueira, afiliada á CNT, a que aglutinaba practicamente tódolos mariñeiros galegos sindicados, que en 1932 eran máis de once mil. Antes da guerra de 1936 parece ser que o sindicalismo de clase superou, por primeira vez, en número e influencia social ó sindicalismo mixto, representado polos Pósitos e as sociedades mixtas de pescadores, con maior implantación nos portos pequenos, aínda que as correntes proletarias comezan a disputar tamén eses espazos, como se evidencia nos Pósitos de Murgardos e Pontevedra, baixo a influencia do PCE, e o de Cambados, que estaba na órbita da CNT⁷³.

Nos anos 40 os Pósitos de Pescadores pasan a ser oficialmente Cofradías de Pescadores⁷⁴, que dependen do franquista Sindicato Vertical de Pesca e do Instituto Social de la Marina. A Junta Directiva pasa a ser Cabildo e o Presidente do Pósito pasa a chamarse Patrón Maior da Cofradía, segundo as Ordenanzas reguladoras que reflectían o totalitarismo do Estado e a total ausencia de liberdade sindical e asociativa. O carácter confesional católico

73 Sobre o marco societario na Galicia mariñeira do primeiro tercio do século XX véxase Fernández Casanova (1998: 160 ss). Agradézolle ó amigo Paco Calo que me forneceu unha copia do “Estudio introductorio” da edición do libro *Los pescadores del Norte y Noroeste* (1916) de Benigno Rodríguez Santamaría que preparou para a Sección de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega, onde hai referencia ó nacemento dos pósitos.

74 A memoria do Pósito de Cambados (xullo 1940) correspondente ó 4º trimestre de 1936, ós anos 1937, 1938, 1939 e 1º semestre de 1940 aínda leva no encabezamento “Pósito de Pescadores de Cambados” e no interior séguese falando de Pósito, de Presidente do Pósito e de Junta Directiva. Nas pp. 10-11 faise referencia á creación do Pósito o 27 de outubro de 1917, á súa clausura a raíz do 18 de xullo de 1936 e á reapertura o 6 de outubro de 1936. Menciónanse os diferentes Presidentes, pero silénciase o de Antonio Chaves, que en xullo de 1936 era presidente do Pósito e do Sindicato de mariñeiros da CNT de Cambados. En xuño do 36 houbera un paro de 16 días de toda a flota da sardiña desde Muros á Guarda, porque o prezo do peixe estaba polo chan. A situación en Cambados era explosiva, porque a un inverno malo que impedira ir mariscar seguía unha ceifa da sardiña onde o peixe tiña tan pouco valor que os mariñeiros o levaban en camións ás portas das fábricas de conservas para alí envorcalo. Antonio Chaves quixo que o Pósito tomase parte na folga, o que provocou que despois do golpe militar do 18 de xullo do 36 o presidente do Pósito fose “paseado” por os industriais consideráreno cabeza da folga.

agora era obrigatorio, polo que cada Cofradía terá que se adscribir a efectos relixiosos á parroquia, declarándose festas oficiais a da Virxe do Carme e a do Patrono, á vez que se impón o saúdo fascista ós confrades asociados (Piñeiro / Gómez 2001: 48).

O franquismo tratou de elimina-lo Entroido, substituíndoo por Festas de la Primavera e quixo elimina-los Pósitos de Pescadores substituíndoo por Cofradías de Pescadores (en galego Confrarías de Pescadores). Dado que *mariñeiro* é o termo xeral e non marcado (e o *pescador* pode non ser mariñeiro) e dado que hoxe as mariscadoras van tendo un papel significativo nas Confrarías ó seren hoxe quen semea, coida e marisca nas praias, mellor sería chamarlles Confrarías de Mariñeiros e Mariscadoras.

E conviña ter en conta que unha forma tan mariñeira como Pósito, cultismo que entrou polo castelán, segue sendo forma totalmente popular e carece das connotacións relixiosas (e franquistas) da *Cofradía* e da tradución galega *Confraría*.

4. VOCABULARIO FUNDAMENTAL DO MAR DOS GALEGOS

É urxente redactar un vocabulario fundamental do mar para uso de calquera galego, da costa atlántica ou da costa cantábrica ou das terras interiores, para que calquera que se achegue á beiramar poida nomear cos termos patrimoniais e coa súa semántica case milenaria o que poida ver no peirao ou nas praias: os *cons*, o *arneirón* dos cons e dos barcos que estean varados; os *bochos* e o *argazo* das penas ou das areas; a *babuxa* cando paseniñamente vai enchendo o mar; a *mallante* das praias tranquilas das Rías Baixas, especialmente cando hai mareas vivas, e as *crebas* de praias batidas como as da Costa da Morte. E así moito outro léxico fundamental.

O labor non é doado, pois é moito o léxico por recoller, sobre todo referido a ventos, mareas e a moi diversas accións; e ese material habería que peneiralo e contrastalo coa lingua literaria, para así conservar e transmitirlo patrimonio lingüístico e cultural creado pola xente dos mares de Galicia.

Hai quen en galego fala de *pescos* e *pescadores*, *pescas* e *pescantinas*, *rochas* e *rocas*, *barcas aparcadas*, *montar en barco*, *cordas* e *âncoras* cando a xente da costa xeralmente fala de *mariñeiros*, *peixeiras* (e *regateiras*), *cons* (ou *penas*), *barcos atracados* (e *abarloados*), *embarcar*, *cabos* e *risóns*. Por iso conviña definir e aclarar termos como estes e outros moitos, a poder ser con indicación de se unha forma é literaria (*rocha*, *âncora*) ou popular (*cón*, *risón*) ou se se trata de formas usadas “en terra” que mesmo poden ser pexorativas (*pesca* no canto de *peixeira* ou da “neutra” *regateira*). Trátase de facer visible a versatilidade da lingua galega no relativo ó léxico mariñeiro.

Nese vocabulario fundamental deberían quedar claras, entre outras moitas, distincións como *mariñeiro* e *pescador*; *mariscador(a)*, *rañeiro* e *bateeiro*; *barca* e *barco*; *risón* e *âncora*. A tipoloxía de embarcacións tradicionais é moi grande e moita a nomenclatura, pero non deberían faltar voces como *gamela*, *dorna* ou *tarrafa* (barco de cerco); e por un san diferencialismo deberíanse introducir formas vivas, aínda que sexan minoritarias, como *imo* a carón de *escora* (e por suposto deixar un verbo como *escorarse* co seu valor mariñeiro e as súas acepcións figuradas).

Haberá que tratar de distinguir (e indicar sinónimos) en formas relativas ó movemento das augas (*ondas*, *tombos*, *vagas*, *vagallóns*) e atender ás denominacións dos movementos das mareas indicando formas literarias (*baxamar*, *preamar*) e populares (*devalar*, *enche-lo mar*), xunto con termos das mareas como *socheo* ou *escabezante*.

Cando os mariñeiros estaban varios días fóra pescando e só algúns deles viñan a terra cunha *lancha de enviada* para vende-lo peixe, os que quedaban no mar facían unha *caldeirada* con peixe acabado de matar con aceite e pemento. A voz *caldeirada*, hoxe plenamente incorporada ó vocabulario gastronómico dos galegos, na lingua escrita foi introducida por Cabanillas no seu poemario *No desterro* (1913). O cangrexo ermitaño chámase *mexacán* en Malpica e *carlou* en puntos da Costa da Morte como Camariñas, onde tamén designa un tipo de caramuxo, e en Corme, onde designa un tipo de buguina, igual que en Malpica. Nesta vila a forma *mexacán* vai perdendo uso e vai sendo substituído por *carlou*, e isto parece deberse a que hai algún tempo se comezou a comer cangrexo ermitaño, preparado en salpicón nos bares; e como “comer mexacáns” non soaba ben, a xente parece ser que cata *carloadas* preparadas co *carlou*⁷⁵. Esta forma está no *VOLG* e algún día haberá que incorporar *carloada* cando ese salpicón se popularice, como pasou coa caldeirada, e tamén co polbo á feira que levaron a tódalas feiras de Galicia xente da parroquia de Santa Cristina de Arcos do Carballiño.

A penúltima forma do *VOLG* é *zurro* sin. *xurro* e a derradeira entrada de RAG (1997) é *zurro* cunha soa acepción: ‘Líquido que solta o esterco. *Da porta das cortes saía un rego de zurro*. SIN. *xurro*’. Esa acepción do mundo rural é tamén a que presenta o Xerais (2000): ‘Líquido case negro e de cheiro forte que solta o esterco das cortes; lidro, ludro, xurro’. En futuras edicións debería incluírse unha acepción mariñeira de *xurro*. No Porto do Son *xurro* (e *enxurrada* ou *corso*) é a corrente forte de auga do mar, mentres que na Illa da Arousa *xurro* (e *surro*) e en Cambados *xurro* é a forte corren-

75 A información sobre a *carloada* de Malpica forneceuma Xosé Luis Santos Cabanas.

te de auga doce que traen o Ulla e o Umia en épocas de moita chuvia (como en outubro e novembro do 2002), apreciable pola cor algo escura do barro ou area que arrastraron os ríos e que escumosa aboia sobre a auga salgada, sempre a mercede do vento⁷⁶.

Cando a comezos de decembro do 2002 todo o mundo admirou o esforzo sobrehumano (e asemade patético) dos mariñeiros das Rías Baixas na súa loita contra o piche ou chapapote que estaba na boca das rías, ese heroico esforzo de ben pouco valería se o vento non chega a virar ó norte, o que fixo que no caso da ría da Arousa, a máis grande das rías galegas e a de maior produción marisqueira, o *xurro* levase con forza o apestoso piche para o Pombeiro (entre Sálvora e San Vicenzo do Mar) e para o Carreiro de Sagres (entre Sálvora e Aguiño), tras do cal foron os mariñeiros-cazadores (con planadoras e barcos de cerco) e os mariñeiros-labradores (con barcos da batea) para colléreno con trueiros, salabardos, forcadás e as súas mans, mesmo sen luvás. Este *xurro*, que tanto contribuíu á salvación do patrimonio natural e marisqueiro da ría da Arousa, ben merece ser honrado cunha acepción mariñeira en calquera diccionario da lingua galega.

BIBLIOGRAFÍA

- Alvar, M. (1985-89): *Léxico de los marineros peninsulares*. 4 vols. Madrid: Arco / Libros e Curso de Filoloxía de Málaga.
- Angueira Viturro, A. (2002): *Terra de Iria. Viaxe ó país de Rosalía de Castro*. Vigo: A Nosa Terra.
- Barriuso Fernández, E. (1986): *El léxico de la fauna marina en los puertos pesqueros de Asturias central*. Oviedo: IDEA.
- Barriuso Fernández, E. (1987): *La lengua marinera de Asturias*. Oviedo: IDEA.
- Barriuso Fernández, E. (2002): *Atlas léxico marinero de Asturias*. [Oviedo]: Real Instituto de Estudios Asturianos.
- Cacheiro Varela, M. (1985): *O mar na poesía galega*. Sada / A Coruña: Ed. do Castro
- Calo Lourido, F. (1978): *La cultura de un pueblo marinero: Porto do Son*. Santiago de Compostela: Universidade.

⁷⁶ O *xurro*, mestura de auga doce e salgada, é moi diferente da *forsa da marea*, a forte corrente de auga salgada apreciable en determinadas zonas da ría da Arousa tanto cando enche como cando baixa o mar, especialmente nas mareas vivas.

- Calo Lourido, F. (1996): *Xentes do mar. Traballos, tradición e costumes*. Vigo: A Nosa Terra.
- Capelán, A. (1996): “Un autor nunca esquecido. Da frustrada homenaxe de 1936 á de 1960”, en *Manuel Antonio. Embarcados nun cantar*. Extra de *A Nosa Terra*. Vigo, 25-46.
- Carballo Calero, R. (1981³): *Historia da literatura galega contemporánea 1808-1936*. Vigo: Galaxia.
- Corominas, J. / J. A. Pascual (1980-91): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos.
- Cuíñas, X. (2003): *Proxecto VI Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia*. [Cambados]: Federación Galega pola Cultura Marítima.
- Cumio (1999) = Feixoo, X. (dir.): *Diccionario da lingua galega*. Vigo: Ed. do Cumio.
- Cunha, A. G. da (2001¹⁴): *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro: Nova Fronteira.
- Estravís (1995) = Alonso Estravís, I. (dir.): *Dicionário da língua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Fernández Casanova, C. (1998): “Cambio económico. Adaptacións e resistencias nos séculos XIX (dende 1870) e XX”, en C. Fernández Casanova (coord.): *Historia da pesca en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade, 139-206.
- Fernández Naval, F. X. (1999): *O mundo da pesca na literatura galega*. Oleiros: Centro de Documentación Domingo Quiroga. Casa da Xuventude-Concello de Oleiros.
- Fernández Rei, F. (1999): *Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o Mar da Arousa. Dúas singraduras na construción dun idioma para unha patria*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Fernández Rei, F. (2000): “O mar na obra literaria de Ramón Cabanillas”, *Ponte Norga. Revista de estudos sociolingüísticos* 2, 77-104.
- Fernández Rei, F. (2001): “O mar na literatura galega: ondas, ventos, illas, ribeiras e vagallóns”, en A. Pérez Alberti (coord.): *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. IV. As paisaxes de Galicia*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 219-260.
- Fernández Rei, F. (2002): “Do Ortegál ó Douro e de Fisterra ó Navia e ó Padornelo. Notas sobre léxico moderno da Gallaecia e do seu litoral”, en R. Álvarez / F. Dubert García / X. Sousa Fernández (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 147-192.
- Fernández Rei, F. (2003a): “O noso patrimonio marítimo”, *SOS Prestige. O Correo Galego* (6-1-2003), 12-14.

- Fernández Rei, F. (2003b): "O mar e a poesía galega. Singraduras na construción da patria da lingua", *Revista Galega de Filoloxía* 4, 11-57.
- Fernández Salgado, B. (1991): *Diccionario de dúbidas da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- García Allut, A. (1996): "A 'outra' ciencia: saberes artesanais e adaptación en dúas poboacións mariñeiras galegas", *A Trabe de Ouro* 25, 87-101.
- García, C. (1985): *Glosario de voces galegas de boxe*. Anexo 27 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- González, H. (1993): *De catro a catro. Manuel Antonio*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- González Pérez, C. (1987): *Refraneiro galego do mar*. Sada: Edicións do Castro.
- Lahuerta Mouriño, F. / F. X. Vázquez Álvarez (2000): *Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Termigal.
- Leiras Pulpeiro, M. (1970): *Obra completa*. Estudo crítico de X. L. Franco Grande. Vigo: Galaxia.
- Leiro Lois, A. (1990): *O traballo no mar (Aparellos e artes de pesca e marisqueo)*. Cambados: Colexio Público Castrelo-Cambados.
- Lence-Santar, E. (1999): *Poesía galega*. Edición de X. Freyre / A. Requeixo. Santiago de Compostela: Difux.
- Manuel Antonio (1992): *Poesía galega completa*. Edición de Xosé Luís Axeitos. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Martínez Baleirón, M. (2001a): *Léxico mariñeiro do concello de Ribeira*. Traballo de investigación tutelado (inédito). Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Filoloxía Galega.
- Martínez Baleirón, M. (2001b): "Os estudos do léxico mariñeiro galego", en X. L. Regueira / A. Veiga (eds.): *Da gramática ó diccionario. Estudos de lingüística galega*. Anexo 49 de *Verba*. Santiago: Universidade, 185-195.
- Mörling, S. (1989): *As embarcacións tradicionais de Galicia*. [Santiago de Compostela]: Consellería de Pesca.
- Páramo Aller, S. (1991): *As dornas no marisqueo e na pesca artesanal na Arousa norte*. Santiago: Xunta de Galicia. Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.
- Pena, X. R. (1996a): *Manuel Antonio e a vangarda*. Sotelo Blanco: Santiago de Compostela.
- Pena, X. R. (1996b): *Unha lectura de... "De catro a catro" de Manuel Antonio*. Vigo: Xerais.
- Pereira, D. (1998): "Guerras da sardiña e agrupacións de mariñeiros no Cambados dos tempos idos", en D. Pereira: *Sindicalistas e rebeldes. Anacos da historia do movemento obreiro na Galiza*. Vigo: A Nosa Terra, 193-202.

- Pereira, D. (2001): *O asociacionismo dos pescadores na Galiza de anteguerra: unha ollada de conxunto*. A Coruña: Arquivo Histórico do Ateneu Libertario Ricardo Mella.
- Pereira, D. (2002): “O patrimonio marítimo de Galiza”. Relatorio do Encontro “Patrimonio marítimo como recurso económico”. A Coruña, 13 decembro 2002.
- Pereira, D. / P. Gondar (2000): *O patrimonio marítimo de Galicia*. Federación Galega pola Cultura Marítima, 2003².
- Pintos, X. M. (1865?): *Vocabulario gallego*. Edición de M. Neira e X. Riveiro (no prelo).
- Piñeiro de San Miguel, E. / A. Gómez Blanco (1996): *Xentes dos mares de Ferrol*. Ferrol: Pluma.
- Piñeiro de San Miguel, E. / A. Gómez Blanco (2001): *A pesca e os mariñeiros. Cedeira, Cariño, Ortigueira e Mañón*. Fene: Grafitec.
- Pousa Ortega, H. (2002): “Léxico fronteirizo no Baixo Miño: a pesca con barco”, en R. Álvarez / F. Dubert García / X. Sousa Fernández (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 245-278.
- RAG (1997) = García, C. / M. González González (dirs.): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Xerais / Galaxia.
- Ríos Panisse, M. C. (1974): “Vida mariñeira de Sada. Contribución para un estudio lingüístico”, *Verba* 1, 181-232.
- Ríos Panisse, M. C. (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia I. Invertebrados y peces*. Anexo 7 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Ríos Panisse, M. C. (1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia II. Mamíferos, aves y algas*. Anexo 19 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Rivas, P. (2000): *Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Santamarina, A. (ed.) (2001): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”.
- Sarmiento, Fr. M. (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidade.
- Souto, E. (1991): “A viagem oximórica: *De catro a catro*” en E. Souto: *Viagens na literatura*. Santiago de Compostela: Laivento, 24-67.
- Vilavedra, D. (coord.) (2000): *Diccionario da literatura galega. III Obras*. Vigo: Galaxia.
- Vitorino, G. (1987): *Atlas lingüístico do litoral portugués. Fauna e flora (mapas e notas)*. 2 vols. Lisboa: Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa / INIC.

VOLG [1989] = *Vocabulario ortográfico da lingua galega (Versión provisional)*. Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega. Coord. por Manuel González e Antón Santamarina.

Xerais (2000) = Carballeira Anllo, X. M. (coord.) / C. Ares Vázquez / C. Hermita Gulías / P. Iglesias Sierra / X. M. Lema Suárez / R. López Fernández: *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.

O RECURSO Ó LÉXICO MEDIEVAL NO GALEGO MODERNO

Moisés Barreiro Comedeiro e Fátima Rodríguez Ruibal

Instituto da Lingua Galega. USC

0. INTRODUCCIÓN

O galego permaneceu durante longos séculos alleo ós ámbitos da alta cultura, sen que o adxectivo 'alta' teña aquí o menor significado valorativo, ou da oficialidade. Isto determinou que no momento de recuperarse nos ámbitos dos que estivo anteriormente proscrito presentase importantes lagoas que empecían a súa utilización. Estas faltas apareceron fundamentalmente na parcela do léxico. O español, como lingua teito do galego, era o recurso máis próximo para resolver este problema. Non obstante, a unión entre reivindicación lingüística e política e o feito de que a nosa lingua se tivese que afirmar precisamente fronte ó castelán determinaron que aqueles que teimaban en soergue-lo galego da situación de prostración na que se achaba fuxisen da lingua estatal como vía para o arrequeamento da propia.

Con esta finalidade, exploráronse diferentes vieiros: o recurso á lingua irmá de alén Miño, a utilización de solucións vulgarizantes, a neoloxía, a deformación de termos galegos coincidentes co castelán ou a recuperación do patrimonio lexicográfico medieval. É nesta última fonte na que nos imos centrar no noso traballo. O galego dos trobadores, da literatura tabeliónica e da prosa narrativa tivo un aproveitamento diverso: foi utilizado como fonte de lexitimación ortográfica, de afirmación simbólica, de enriquecemento léxico... Neste ámbito, fixo aflorar no galego escrito vocais dobres, ces con cedilla, solucións sufixais diferenciais ou palabras resucitadas. Nós interesámonos unicamente polos arcaísmos léxicos, isto é, aqueles termos que foron apartados polo paso do tempo e ós que se lles intenta ofrecer, con maior ou menor éxito, unha segunda xuventude.

Antes da metade do século XIX¹, empezan a aparecer noticias sobre a existencia de literatura en galego en épocas afastadas grazas a personaxes

1 Nesta breve cronoloxía da exhumación de textos medievais, seguimos a Fernández Rei (2001).

como José Vereá Aguiar² ou Antonio Neira de Mosquera³. Mais será no terceiro cuartel desta centuria cando se empecen a publicar textos en verso e prosa como as cantigas de Macías o Namorado (1858), unha escolma do cancionero relixioso de Afonso X (en *Galicia. Revista universal de este reino*, 1862) ou a *Historia gótica de D. Servando* (1850). A partir de 1875, este proceso sofre unha aceleración: ese mesmo ano, Monaci publica o *Cancioneiro da Vaticana*, o seguinte aparecen as cantigas de Martín Codax e en 1879 editase un extracto dos *Miragres de Santiago*. Na segunda metade da década dos oitenta, Antonio M^a de la Iglesia publicará *El idioma gallego* (1886), que inclúe textos de varios trovadores, e López Ferreiro editará a *Crónica de Iria* (1888). Finalmente citarémo-la edición da *Crónica Troyana* (1901) por Martínez Salazar xa nos albores do século XX. Todo isto, sen contar coa prosa tabeliónica.

1. METODOLOXÍA

Dada a perspectiva estandardolóxica deste simposio, non acadimos ás fontes medievais ou ós diferentes glosarios que existen sobre a lingua desta época para estudar en qué medida se conserva o patrimonio lexicográfico antigo. O que nos interesa é aquilo que se perdeu e que se pretende poñer novamente en circulación (aínda que, como veremos, a intención non é sempre a de populariza-las palabras que se exhuman).

Xa que logo, a nosa busca desenvolveuse fundamentalmente nos dous dicionarios de dúbidas de que dispón hoxano o galego: o publicado por Galaxia en 1991 (en diante *DDLG*) e o editado por Edicións do Castro en 1992 (en diante *DCDE*). Ámbolos dous teñen un propósito prescritivo xa que foron creados para resolver os problemas cos que máis frecuentemente se atopan os usuarios do galego. Con todo, hai unha diferenza de perspectiva moi importante: *DCDE* concede moita importancia á realidade oral e avisa habitualmente de que, a pesar de que propoña unha solución, a forma do coloquio é outra. Pola súa parte, *DDLG* toma como principal punto de referencia o *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (en diante *VOLG*) mentres que *DCDE* renuncia conscientemente a pivotar sobre unha obra non publicada e de difícil acceso. Complementariamente a estas dúas fontes, tamén extraemos arcaísmos de diferentes artigos de temática lexicográfica.

2 Recolle, en 1838, a afirmación famosa do Marqués de Santillana e di tamén que Afonso X compuxera poesías en galego.

3 Menciona a existencia do *Cancioneiro de Baena*, que inclúe cantigas en galego, en 1841.

En total, xuntamos 350 palabras. Dada a imposibilidade de xestionar un corpus tan amplo, peneirámolo ata reduci-lo aproximadamente a medio cento, tentando que a selección final fose o suficientemente diversa para sermos quen de percibi-los diferentes condicionantes que inflúen no proceso de revitalización destas formas antigas.

Na delimitación deste conxunto de termos, tropezamos cun problema metodolóxico de difícil resolución: cómo saber se unha palabra é un arcaísmo ou non. Unha palabra existente na Idade Media pode estar fóra do estándar pero continuar viva nunha área marxinal do noso sistema lingüístico. Así mesmo, a voz rescatada pode resultar coincidente (sen ter en conta diferencias fonéticas ou solucións morfolóxicas paralelas pero distintas) con outra propia do portugués moderno. A nós énos imposible agora saber con certeza se a intención dun escritor que presenta unha determinada innovación era eventualmente incorporar un medievalismo, elevar á lingua común unha forma popular ou utiliza-lo portugués como vía de actualización léxica. Por outra parte, pódese dar unha confluencia de varias destas causas como, por exemplo, que se utilice un dialectalismo precisamente por estar documentado na tradición medieval. Finalmente entre os diferentes potenciadores non ten por qué haber unha comunión de intencións. Incluso os nosos dous dicionarios de dúbidas diverxían amplamente nas súas explicacións, sendo moito máis proclive *DCDE* a poñérlle-lo cruño de arcaísmo ás súas entradas do que *DDLG*. Desta maneira, atopámonos cun nó gordiano que tivemos que resolver ó xeito de Alexandre Magno: dunha espadada. Decidimos considerar préstamo interno calquera palabra susceptible de selo, independentemente da vontade de quen a introduciu no galego común. Esta solución parece máis aceptable no relativo ó portugués, dado que non hai por qué ir procurar fóra o que hai na propia casa, ca no caso dos dialectalismos, mais foi o prezo que tivemos que pagar para non ter que elaborar un corpus que non estivese sometido a sospeita, que resultaría con toda seguridade reducido e pouco representativo do que supuxo realmente o recurso ás fontes medievais como vía de modernización da lingua de Galicia.

Ademais das informacións recadadas nos textos que nos forneceron do corpus necesario para a realización deste traballo, recollemos e estudiamos os diferentes usos destes vocábulos na tradición escrita moderna. Para isto, servímonos da *Base de datos lexicográfica para un dicionario da lingua galega*. Esta inclúe arredor de doce millóns de rexistros procedentes de toda a historia do galego escrito, agás o período medieval. Como trala Idade Media a nosa lingua viviu unha longa época escura, o groso está constituído por textos do derradeiro tercio do século XIX e do XX. Resulta particularmente interesante o ben provista que está no referente á escrita decimonónica (inclúe a práctica totalidade da produción en galego), polo que permite

datar primeiras aparicións con escasa, por non dicir practicamente nula, marxe de erro. Como referentes do léxico normativo utilizámo-lo *Gran diccionario Xerais da lingua* (2000) (en diante *GDXL*), que a pesar de ser obra dunha empresa privada é de facto a referencia lexicográfica actual polo seu volume; o *VOLG* (1986⁴), listaxe de palabras que poderíamos cualificar como paranormativa; e o *Diccionario da Real Academia Galega* (1997) (en diante *DRAG97*), que legalmente é o depositario do léxico normativo *stricto sensu*. Do campo do reintegracionismo, seleccionamos como máis representativo o *Diccionario da lingua galega* de Sotelo Blanco (en diante *DSB*) pola súa difusión e número de entradas, aínda que conta co atranco de ter unha vocación claramente acumulativa. Ademais consultamos dicionarios portugueses co obxecto de enxergar en qué medida as voces recuperadas tiñan apoio na lingua irmá. Finalmente usamos tamén o *Diccionario de dicionarios* (en diante *DD*) pola facilidade que ofrece para consulta-las obras lexicográficas que sen dúbida deberon utiliza-la maioría dos autores que aquí van ser nomeados. Para coñece-la realidade oral, acudimos ó *Glosario de voces galegas de boxe* (*GVGH*) e, na medida do posible, ó *Atlas lingüístico galego* (*ALGa*).

2. ANÁLISE

Entre os diferentes criterios que consideramos, optamos para presenta-la nosa exposición fundamentalmente polo cronolóxico. Cremos que, a pesar de ser pouco innovador desde o punto de vista metodolóxico, resulta útil pola familiaridade que en xeral se adoita ter con el. Para situa-lo arcaísmo nunha época fixarémonos no momento no que consiga unha certa popularización, non na primeira aparición.

Fernández Salgado / Monteagudo (1995: 125-150), no seu exame do proceso de estandarización na época contemporánea, dividen este en catro fases que denominan popularista, ata fins do século XIX; enxebrista, desde fins do século XIX ata 1936; protoestándar, desde o inicio da Guerra Civil ata os anos setenta; e estándar, desde fins desa década ata a actualidade. No referente á incidencia do recurso á lingua medieval, valoran estas etapas cun 1-4-3-2, correspondendo o valor mínimo á fase popularista e o máximo á enxebrista, diminuíndo desde ese período ata a actualidade. Sen cuestionármola validez desta temporalización, na nosa presentación introducimos uns pequenos cambios. A primeira fase será a anterior á fundación das Irmandas

⁴ O *VOLG* tivo varias versións provisionais. Nós non utilizamos a de 1986 senón unha copia informática co estado deste corpus en 2002.

des da Fala (1916) e a segunda, desde esa data ata 1936. Fernández Salgado / Monteagudo (1995: 133) recoñecen que a procura da enxebreza aumenta coa creación das Irmandades. Coa nosa división, pensamos que se pode axudar a observar con máis claridade a época de maior auxe na entrada de arcaísmos. Despois ampliamos unha migalla a fase protoestándar ata finais dos anos setenta e, consecuentemente, reducímo-la estándar na mesma medida.

2.1. Fases

2.1.1. Voces recuperadas antes da creación das Irmandades da Fala

- *Alén*

Aparece desde moi cedo xa que a usa Pintos en “A usura” (1845), en *A gaita gallega* (1853) por partida dobre e en *La Perseverancia* de Pontevedra en 1859. Xa con Curros (*Aires da miña terra*, 1886) aparece combinada con *de* formando a locución preposicional *alén de*, con moito o uso máis frecuente na actualidade. Parécenos interesante sinalar que figura como título dunha comedia de Xaime Quintanilla⁵ en 1919. Rexístrase en varios dicionarios antigos, comezando polo *Vocabulario gallego-castellano* (ca. 1865) de Pintos e o *Diccionario gallego-castellano* (1890) de Porto Rey, e conta cunha nómina de usuarios que roza a excelencia. Nos que atopamos máis rexistros foi en Xavier Alcalá, Ramón Cabanillas, Darío Xohán Cabana, Ferrín, Margarita Ledo e Vítor Vaqueiro. E, sobre todos eles, Busto Abella *et al.* con 46 ocorrencias en *Noema. Iniciación á filosofía* (1983). Vese, xa que logo, que é unha palabra que penetrou nos eidos do ensaio e da divulgación. Ademais usárona con certa frecuencia moitos outros nomes coñecidos: Manuel Forcadela, Filgueira, Freixanes, Guerra da Cal, Iglesia Alvariño, Risco... Curiosamente o seu uso non fixo máis ca aumentar desde a súa aparición ata hoxe.

Tivo particular fortuna nas combinacións *alén Miño*, desde 1922, e, sobre todo, *alén mar*, desde 1916. Ámbalas dúas aparecen por primeira vez en publicacións periódicas (*A Rexión* e *A Nosa Terra*, respectivamente), nas que a primeira é particularmente ocorrente. A segunda foi empregada por persoeiros como Cabanillas, Antón Vilar Ponte ou, máis modernamente, Darío Xohán Cabana, Antón Castro, Lino Braxe, Nacho Taibo ou Ramón Loureiro.

5 Á parte do título, aparecerá catro veces máis.

É un exemplo clarísimo de palabra exitosa que contou con case tódolos factores ó seu favor: fai eclosión nunha obra influente, xeneralízase pronto, ten unha nómina de usuarios ilustre, é aceptada polos dicionarios, apóiase no portugués e non padeceu polimorfismo nin tivo un competidor claro, ó que case lle poderíamos engadi-la súa eufonía. Non obstante, cremos que se segue percibindo como unha forma afectada, propia do rexistro formal.

- *Amortecer*

Utilízase por vez primeira Antonio Fernández Morales nos seus *Ensaíos poéticos en dialecto berciano* en 1861 e despois, en 1886, Curros Enríquez en *Aires da miña terra*. Nos anos vinte, emprégana fundamentalmente Dieste e Álvaro de las Casas. Aparece unha vez en *Os dous de sempre* (1934). Baixo a dictadura, sairá das plumas de Blanco-Amor ou de Celso Emilio Ferreiro e, nos anos oitenta, por riba de Ferrín ou Darío Xohán Cabana, distínguese no seu uso Martínez Oca, dúas veces en *A escura chamada dos caborcos* (1981) e dez en *Os chapurros* (1983). Ignoramos por qué nos anos noventa non aumenta o seu emprego. En parte son os mesmos usuarios da década anterior, Martínez Oca e Darío Xohán Cabana, ós que se suman outros como Bieito Iglesias ou Ramiro Fonte. Polo visto, parece que a súa longa tradición é estéril e carece de folgos para espallarse, xeneralizarse e impoñerse. Para máis, vén avalada por varios dos nosos dicionarios clásicos (Valladares, Porto, Academia, Eladio e Carré). Este baixo nivel de uso sorprende bastante se o comparamos co seu competidor natural, o castelanismo *amortiguar*, que aparece en todo momento como forma secundaria respecto da patrimonial. O que estraña é que nos últimos anos, nos que se esperaba que fose ficando relegada pola forza da proscripción normativa, máis que manterse, semella incluso gañar terreo. Na década pasada utilizan o castelanismo, por exemplo, Ramón Villares e López Períago *et al.* en textos ensaísticos ou Fernández Ferreiro e Arturo Romaní na literatura.

Unha situación similar parece afectar ó substantivo deverbal *amortecedor*. Un dos valedores do verbo, Martínez Oca, utilízao por primeira vez en 1981 en *A escura chamada dos caborcos*. En diante, aparecerá sistematicamente en textos non literarios: unha vez en *Noema. Iniciación á filosofía* (1983) de Busto Abella *et al.*, oito en *Temas de química* (1989) de Antón Castelo, dúas no *Nomenclátor do Arancel Integrado Comunitario* (1990) do Instituto Galego de Estatística, e catorce en *Prácticas de mecánica* (1992) de Castro Picos *et al.* Neste último caso, refírese sempre ós *amortecedores* dos automóviles. Valoramos especialmente que esta palabra apareza tanto, en comparación cos usos totais, en textos escolares, dada a virtualidade multiplicadora que se lles supón. O seu competidor, o castelanismo *amortigua-*

dor, aparece tamén primordialmente en textos non literarios. Á parte de Os *dous de sempre* (1934), atopámalo, por exemplo, en Ramón L. Suevos (*O papel do excedente agrícola na economía galega*, 1975); Jiménez Casas *et al.* (*As voces de mármore. Autismo e psicoses infantís en Galicia*, 1987), dúas veces; ou López Períago *et al.* (*Tres artigos sobre a contaminación de solos e augas por residuos agropecuarios*, 1991), catro veces.

Outro substantivo derivado do mesmo verbo é *amortecemento*. É voz de uso moi escaso, ligado a temas da área científica. Úsana Antón Castelo, tres veces, en *Física xeral* (1982) e, en 1992, Castelao Gejunde / Díaz Fierros en *Os solos da Terra-Chá. Tipos, xénese e aproveitamento* e Corral Muñiz *et al.* en *Prácticas de auxiliar de enfermería*.

En conxunto, aínda que os castellanismos parecen resistir con saúde, coidamos que a sanción normativa das formas patrimoniais, a coincidencia co portugués e o efecto de arrastre que poidan exercer-las dous substantivos comentados, fundamentalmente desde os textos escolares, sobre o resto da familia léxica provocarán o triunfo das formas patrimoniais a curto prazo, independentemente de que o castellanismo siga sen ser desterrado do coloquio.

- *Ar, áer*

Pintos, que contaba co precedente de Sarmiento no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746), utiliza *ar* en varias obras, incluída *A gaita gallega*, a carón de *aire*. Esta é, conforme ó *ALGa*, a única forma existente na fala, se obviámo-los pouquiños exemplos de *airo*. Non obstante, Schubarth / Santamarina recollen unha ocorrencia de *are* no sexto volume do seu *Cancioneiro popular*. Utilizada seguramente con función estilística e fortalecida pola súa coincidencia co portugués e pola presenza en autores como Amor Meilán, Manuel Lois Vázquez, Francisco M^a de la Iglesia, Aurelio Ribalta, Florencio Vaamonde ou Francisco Tettamancy, entre outros, cobra un enorme pulo trala creación das Irmandades. Nesta época, contribuirán decididamente ó seu espallamento unha pléiade de adaís da nosa cultura como Antón Villar Ponte, Dieste, Blanco-Amor, Otero, Viqueira, Gonzalo López Abente ou Risco. O maxisterio destas grandes figuras fará que sexa unha palabra cada vez máis utilizada ata que decline nos anos noventa, seguramente porque o seu uso se baseaba nun afán diferencialista. Nestes últimos anos, aparecerá en diferentes obras de Fernán-Vello, Darío Xohán Cabana, Vitor Vaqueiro ou Méndez Ferrín (incluída *Breña, Esmeraldina*, 1987).

Esta palabra xerou un plural anómalo *ars*, que tivo unha vida efémera durante a primeira metade do século pasado, con usuarios como Francisco Tettamancy, García Barros, Otero ou *O Tío Marcos da Portela*.

Á parte da competencia da forma coincidente co castelán, *ar* tamén conviviu coa variante *áer*, que xurdiu na Época Nós. Utilizouna por vez primeira Otero en *A lagarada* (1929) e despois máis profusamente en *Devalar* (1935). Tivo o seu momento álxido baixo o franquismo (mais sempre como forma terciaria respecto de *aire* e *ar*) aínda que non rexistramos máis ca tres usuarios: Cunqueiro, Ferrín e Blanco-Amor⁶, que a empregarán copiosamente en obras diversas. Cara a finais dos setenta, desaparece practicamente e só a atopamos en textos de Ferrín, Daniel Cortezón e Cuña Novás. Tendo en conta esta breve lista, podemos afirmar, sen temor a erro, que se trata dunha forma recuperada unicamente con intención estilística, para aproveita-las súas virtualidades connotativas.

- *Cóengo*

Este é un dos exemplos máis claros de polimorfismo. Temos catro formas disputándose un lugar no noso idioma. Contenderon o castelanismo *canónigo*, o vulgarismo *calóndrigo*, o arcaísmo *cóengo* (¿ou deberíamos dicir *coengo*?) e o lusismo *cónego* xunto con a cadansúas variantes⁷. No século XIX, o castelanismo era a forma maioritaria, quedando *calóndrigo* como secundaria. En 1889 aparece por primeira vez *coengo*, en *A Monteira*. Pero será López Ferreiro quen o utilice abondosamente, dez veces en *A tecedeira de Bonaival* (1895) e cinco en *O niño de pombas* (1905), a quen seguirá Francisco Tettamancy con sete ocorrencias en *Diego de Samboulo* (1903). No século XIX, hai aínda unha aparición máis en Eugenio Carré Aldao en 1898, mesmo ano no que Manuel Lago González⁸ fai xurdir a variante *cónego*, aínda que non como forma exclusiva. O tránsito intersecular marca o ocaso inmediato da forma vulgar e un pouco máis demorado de *canónigo*, así como o ascenso de *coengo*, que se converterá en forma practicamente exclusiva a partir da creación das Irmandades. Tras empregala Risco, Aurelio Ribalta ou Filgueira, aparecerá once veces en *Os camiños da vida* (1928).

É particularmente interesante o estudio desta palabra na obra de Otero. En *Os camiños da vida* a forma única é *coengo*. En *Contos do camiño e da ría* (1932) aparece a mesma pero tamén *cónego* (unha vez). En *Devalar*

6 Case tódolos usos de Blanco-Amor en *Xente ao lonxe*.

7 *Canónigo*, *canónego* e *canónegho*; *calóndrigo*, *calándrigo*, *calóndrego*, *colondrego* e *calendrego*; *coengo* e *cóengo*; e *cónego*, sen contarmos *canego*, da que só atopamos unha única ocorrencia en *Contos galegos d'antano e d'bogano* (1920), de Manuel Vidal Rodríguez, a carón de *calendrego*, *canónego* e *calóndrego*.

8 Naceu en Tui en 1865 e foi bispo desta cidade e arcebispo de Compostela. Tal vez esta proximidade con Portugal favoreceu a utilización da forma común co portugués.

(1935) ocorre o mesmo: un *cónego* entre sete da variante predominante. Pero en *O desengano do Prioiro* (1952) decídese polo popularismo *calóndrigo*, que só Otero utiliza despois da Guerra Civil. Oito anos despois, en *O señorito da Reboraina*⁹, pasa a empregar *cónego* (catorce veces), converténdose agora o termo xa xeneralizado en subsidiario (dúas veces). En 1962, volve ó rego utilizando exclusivamente *coengo* (tres veces) en *Xeografía de Galicia*. Interpretamos que os cambios de criterio de Otero non foron quen de somete-lo forte maxisterio que el mesmo exercera en 1928, seguido por figuras como Risco, Blanco-Amor, Celso Emilio Ferreiro ou Filgueira. Neste senso, despois desta novela, *calóndrigo* e *canónigo* quedan virtualmente en desuso.

Como dixemos, o predominio de *coengo* será estable, a pesar de convivir en todo momento con *cónego*. O que acontece é que esta forma se utilizou probablemente coa función literaria de dota-las obras dunha cor arcaizante. Deducimos isto da súa propia historia. Usada unicamente por Manuel Lago González (o primeiro, en 1898), Risco e Álvaro de las Casas antes de *Os camiños da vida*, posteriormente só ousarán empregala o mesmo Otero (dúas veces nos anos trinta e como forma predominante en *O señorito da Reboraina*), Ferrín (catro veces en *Breña*, *Esmeraldina*, exactamente o mesmo ca *coengo*¹⁰) e Darío Xohán Cabana (sete veces en *Morte de rei*, 1996), este como forma exclusiva.

Esta cómoda preponderancia de *coengo* rompeu, segundo os nosos datos, en 1992, cando Pegerto Saavedra a utiliza con acentuación esdrúxula en *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850*, tal e como recomentan tódolos dicionarios de referencia utilizados por nós de acordo coa súa etimoloxía. A partir deste ano, a forma grave vai declinando pero non desaparece inmediatamente. Séguena empregando Vitor Vaqueiro, Manuel Anxo Laxe Freire, Agustín Magán e outros. Semella que nin o modelo de Otero e os seus continuadores nin unha tradición lexicográfica¹¹ que a considerou correcta, composta por Pintos, Valladares, Filgueira, Eladio Rodríguez e Carré, son tan dados de borrar.

9 Segundo nos informou o profesor Henrique Monteagudo, o texto desta obra foi corrixido na editorial.

10 A aparición dunha e doutra formas nesta obra é aleatoria, isto é, non se advirte criterio ningún que determine a escolla en cada momento.

11 Tamén cinco dicionarios inclúen *calóndrigo*. O último é o de don Eladio.




Gráfico 1: Cónego

- *Conquerer*

Este é un dos clásicos que se adoita amentar cando se fala de arcaísmos, tal vez pola súa conxugación entre éxito, carácter libresco e non coincidencia co portugués. Monteagudo (1991: 303-304) sitúa a eclosión deste medievalismo en 1887 con Lamas Carvajal e Curros Enríquez e propón como orixe o feito de que Antonio M^a de la Iglesia publicase un ano antes a súa antoloxía de textos galegos, na que aparece o termo en cuestión. Os datos que manexamos permítenos adiantar un cuarto de século a recuperación. O primeiro usuario sería o propio Antonio M^a de la Iglesia nun texto publicado na revista coruñesa *Galicia. Revista Universal de este Reino* en 1861. Posteriormente atopáremola en Farruco Portela Pérez (*Colección de poesías gallegas*, 1882) e no pontevedrés *O Galiciano* (1886). Obviamente cremos que os rexistros de 1887¹² citados por Monteagudo (os catro de Lamas Carvajal en *Gallgada* e o de Curros Enríquez en *O divino sainete*) teñen unha forza difusora maior cós anteriores. A prensa xogou un papel importante no seu espallamento. En 1889, atopamos catorce ocorrencias en *A Monteiro* ou tres en *O Novo Galiciano*. Neste senso, apareceu tamén repetidamente en *A Nosa Terra* e *O Tío Marcos da Portela* a finais da década dos dez.

Como ben explica Monteagudo, esta voz foi recuperada, xa desde as primeiras ocorrencias, cun contido semántico ampliado:

De certo, en toda a literatura medieval, *conquerer* (con variantes *conquirir*, *conquerir*) é o verbo empregado no senso no que hoxe usariamos *conquistar*

12 Tamén en 1887 rexistramos tres ocorrencias en *Volvoresas* de Alberto García Ferreiro.

(formado sobre o participio daquel, *conquisto*): 'facerse dono dunha praza, posición ou territorio inimigo' (v. RL 362-3). A semellanza fonética de *conquerir* cara ó senso de 'obte-los favores amorosos dunha persoa' e, nunha acepción máis xenérica, 'adquirir algo con esforzo ou dalo feito', conduciron á confusión dos dous verbos. De feito, hai usos concretos nos que é difícil determinar se *conquerir* está empregado nun senso metafórico de 'conquistar' ou xa decididamente como 'conseguir' [...]. Probablemente, o gusto diferencialista estendeu a errónea sospeita de que *conseguir* era un castelanismos que substituíra a forma presuntamente enxebre, *conquerir*, e así este arcaísmo se viu promocionado na literatura ata gañar toda a extensión semántica de *conseguir* (1991: 304).

A súa rápida popularización fai que entre pronto nos dicionarios. Só antes de 1930, Monteagudo (1991: 303) citaa nos de Cuveiro¹³ (1876) e Filgueira (1926), ós que engadimos, gracias a *DD*, o suplemento inédito do de Valladares (1896-1902) e o Porto (1900), que se publicou parcialmente no semanario *Villagarcía Carril*. A pesar de que estes dous dicionarios que engadimos non influíron moito na historia escrita do galego, cremos que contribúen a dar idea do grao de integración que tiña xa este medievalismo no embrionario proceso de elaboración da nosa lingua no século XIX.

Como estamos a ver, o seu éxito foi moi rápido e desprazou, á parte da súa interacción con *conseguir*, *acadar* e sinónimos¹⁴, a *conquistar* a partir da creación das Irmandades. Entre os autores que máis utilizaron este arcaísmo podemos sinalar a Otero¹⁵, Blanco-Amor, Cabanillas, García-Sabell, Castela¹⁶, Piñeiro ou Rof Carballo. Moitos deles empregarán tamén *conquistar*, mais en moita menor medida. Este estado de cousas mudou trala dictadura. Co descenso das arelas diferencialistas, baixou moito o seu uso mentres que aumentou o do seu competidor. *DRAG97* e *DSB* non a recollen e o *VOLG* inclúea como forma desaconsellada e remite a *conquistar*. Con todo, o peso da tradición é tan forte que non conseguiron arrombala. Como se pode ver no gráfico, *conquistar* e *conquerer* mantéñense hoxe en equilibrio. Malia este rexeitamento paranormativo, parécenos que esta palabra non ha desaparecer dado o peso que ten no corpus do galego escrito e a súa admisión en *GDXL*. Proba da súa vitalidade é que *DDLG*, que toma o *VOLG* como referencia fundamental, aconsella que "como arcaísmo renovador da lingua moderna non é desprezable pero si o seu uso abusivo".

13 Vén marcada como antiga.

14 O elevado nivel de uso que acadou, como se observa no gráfico, non se pode explicar unicamente pola substitución de *conquistar* senón que tivo que deberse á utilización con outras acepcións.

15 Exclusiva fronte a *conquistar* en *Os camiños da vida*.

16 28 veces, 12 delas en *Sempre en Galiza*.




Gráfico 2: Conquerer

Outro aspecto deste verbo é o feito de que se incluíse xeralmente trala súa recuperación na terceira conxugación no canto da que lle corresponde etimoloxicamente, a segunda. Como estas dúas conxugacións teñen idénticos morfemas en varios tempos verbais, é difícil saber sempre a cá llela están adxudicando. Á parte dalgúns usos dispersos que non nos permiten asegurar nada sen marxe de erro, o único uso do infinitivo da segunda conxugación encontrámolo en Darío Xohán Cabana (*Galván en Saor*, 1989).

Como creadora dunha familia léxica, xerou unha serie de voces seguramente á imaxe da familia de *conquista*. En *DD* rexístranse *conquerer* (coas variantes *conquerir* e *conquirir*), *conqueredor* (coa variante *conqueridor*), *conqueríbele*, *inconqueribre*, *inconquerido* e *conquerimento*. Na base de datos do ILG, localizamos *reconquerir*, *conqueridor* e *conqueremento*. Aparecen respectivamente en 1887, 1888 e 1918. Obsérvase a precocidade das dúas primeiras, utilizadas xa no momento de popularización de *conquerer* por Lamas Carvajal e Curros Enríquez. Antes de concluí-lo século, aínda atopamos *conqueridor* en Filomena Dato (*Follatos*, 1891) e Eugenio Carré Aldao (*Rayolas*, 1898). Entre os usuarios destas tres formas hai bastante coincidencia: Castelao, Viqueira, Cabanillas, Otero, Rof Carballo, *Logos*¹⁷, *O Tío Marcos da Portela* ou *A Nosa Terra*. Con todo, ningunha delas se popularizou, nin moito menos, como o verbo e todas agonizaron no tardofranquismo. Daniel Cortezón chega a utilizar *conqueridor* en 1981.

17 Boletín católico mensual publicado en Pontevedra entre 1931 e 1936. Tivo periodicidade desigual e mais unha interrupción. Segundo a *Gran Enciclopedia Gallega*, a súa orientación recaía fundamentalmente en Filgueira e Iglesias Vilarelle mentres que Avelino Gómez Ledo, Otero, Risco ou Álvaro de las Casas se contaban entre os colaboradores.

- *Outras cuestións*

Cómpre salientalo papel de López Ferreiro como recuperador temperán de arcaísmos. Como vimos no caso de *cóengo*, co coñecemento que lle daba ser editor de textos medievais, popularizou ou contribuíu a popularizar medievalismos como *ameaza*, *arcebispo*, *lenda*, *avinza* (*aviinça*) ou *entrego*. Noutros casos, el só seguiu a incipiente tradición anterior: *dúbida* ou *moimento*. Dalgúns incluso foi o primeiro usuario, por exemplo: *arcebispado* ou *arrees*.

Seguramente a causa dun rigor filolóxico limitado, como indica Santamarina (1994: 71), así como dun acceso limitado a fontes lexicográficas fiables ou á documentación medieval exhumada, algúns dos arcaísmos sufriron deformacións formais (*antergo* ou *coengo*, creadas sobre *entrego* e *cóengo*) ou de contido (como *conquerer* ou *antergo*). Coidamos que nos cambios semánticos sinalados puido influír máis unha imperfecta transmisión ou copia dos modelos ca unha vontade de extensión do significado por parte do autor.

A pesar de que as palabras presentadas poidan semellar familiares, non esquezamos que o noso traballo parte da actualidade; non estamos procurando os arcaísmos que se utilizaron senón os que ós dicionarios de hoxe lles poden resultar problemáticos. Así e todo, no noso corpus figuran algúns de escaso éxito tras estes anos como *ardido*, *ardimento* ou *moimento*, que malia ser empregado nestes anos por López Ferreiro, Xan de Masma e, sobre todo, Francisco Tettamancy e estenderse rapidamente na Época Nós, trala Guerra Civil entra nun proceso de decadencia tan grande que hoxe nos deixa no padal un sabor inequivocamente reseso. Nos anos noventa¹⁸, o seu uso aparece cinguido unicamente a autores que se corresponden a outra época (Filgueira), arcaizantes (Darío Xohán Cabana) ou propositadamente cultistas (Fiz Vergara Vilariño).

Por suposto, o feito de crearen arredor de si unha familia léxica (*arcebispo* / *arcebispado* / *arcebispal...*, *dúbida* / *dubidoso* / *dubitativo...*) ou de estar fortemente fincados no galego oral (*avó* ou *sinál* en oposición a *ã* ou *achá-dego*) incrementa as súas posibilidades de éxito.

2.1.2. Voces recuperadas desde a creación das Irmandades da Fala ata 1936

- *Ren*, *vegada* e *belido*

Tralo uso precursor de *ren* en *A gaita gallega*, utilizarana Cotarelo Valledor en *Trebón* (1922) e Bouza-Brey varias veces en *Cabalgadas en Salmés*

18 16 usos de Filgueira e unicamente a cadanseu de Darío Xohán Cabana e Fiz Vergara Vilariño.

(1925). Inmediatamente foron seguidos por Filgueira, Cabanillas, Dieste, *A Nosa Terra*, Blanco-Amor e, en 1928, copiosamente por dúas obras cume como *Os camiños da vida* (17 veces) e *O porco de pé* (9 veces).

Vegada e *belido* tiveron unha aparición e éxito fulgurante moi similares a *ren*, co apuntamento de que no segundo caso non foi utilizada por Otero en *Os camiños da vida* mais si en moitas outras obras, especialmente en *Xeografía de Galicia* (1962). Ademais este arcaísmo é o único dos tres que padeceu polimorfismo¹⁹ pero consideráremoslos usos residuais dada a xeneralización de *belido* e xa que é raro que estas variantes non coincidan nos mesmos textos coa forma que aquí damos como principal.




Gráfico 3: Ren / Vegada

As tres teñen en común a competencia con outras formas patrimoniais (*nada*, *vez* e *belo*²⁰), seren iniciativa autóctona, isto é, non comúns co portugués, e apareceren frecuentemente nos dicionarios antigos. Nos modernos que nós utilizamos como referencia, achamos desde a aceptación xeral de *ren* ó rexeitamento de *vegada*, pasando pola admisión parcial de *belido*. Con esta situación, o seu éxito da preguerra acrecentouse baixo o franquismo. Coa reserva fronte ó diferencialismo propia do período democrático, o seu uso mingou moito pero sen chegar a niveis residuais, tal vez defendidas pola forte tradición que as escoltaba. De feito, nos últimos anos *belido* e *ren* parecen comezar a elevar novamente os seus niveis de uso de xeito leve. Ata a forma proscriba por tódolos dicionarios de referencia persiste na

19 *Bellida* e *bélida* (esta concorre sempre coa forma con acentuación grave).

20 Esta competiu en principio tamén con *bello*, que practicamente desapareceu despois de 1936.

década dos noventa, fundamentalmente refuxiada na locución *ás vegadas*. Nos últimos anos empregan este arcaísmo frecuentemente Antón Alonso Ríos (*Nidia*, 1991) ou Antón Castro (*Vida e morte das baleas*, 1997) e, mais episodicamente, Darío Xohán Cabana ou Xabier Frías.




Gráfico 4: Belido

- *Tiduo e capiduo* e variantes

Título e *capítulo* presentan unha historia paralela. Ata mediados da década dos vinte, conviven no medio dun amplo polimorfismo (*título*, *títalo*, *titlo* e *capitlo*, *capítol*, *capitre* e *capítulo*) nunha situación un pouco caótica na que as variantes populares superan en ocorrencias as formas máis cultas. Entre 1926 e 1928, xorden as voces innovadoras con sonorización da oclusiva dental e perda da líquida lateral intervocálicas en *Logos*, *A Nosa Terra*, Otero ou Dieste. Aparecen practicamente asemade as formas rematadas en hiato (*tídoo*, *capídoo*) e en ditongo crecente (*tiduo*, *capiduo*). Esta mudanza no sistema fai que os vulgarismos de *título* e *capítulo* caian inmediatamente en desuso. As formas innovadoras espalláronse velozmente competindo en presenza coas cultas. Trala Guerra Civil, mantivéronse cun nivel de uso alto pero foron esmorecendo a canda a dictadura para virtualmente desaparecer coa chegada dos anos oitenta.




Gráfico 5: Capiduo

Debaixo dos números, sempre fríos, o que se oculta é un tremendo esforzo de potenciación por parte de Otero, que utilizou sistematicamente²¹ estes arcaísmos. Mais neste caso o seu esforzo non foi suficiente trala escolla normativa das formas cultas, habituais, por outra parte, en toda a historia escrita do galego. En tempo de Otero, son máis frecuentes os neoloxismos que compiten con *título*. A grandes trazos, hai unha serie de escritores que son os que empregan todas estas formas durante o franquismo: Castelaio, Laureano Prieto, Risco, García-Sabell, Cunqueiro, Beiras, Carballo Calero, Xaquín Lorenzo ou Filgueira. Pero, sobre todos eles, elévase Otero, que atesoura el só o 62% dos exemplos de *capídoo* desde o seu xurdimento. Estes medievalismos languidecían xa en 1981 con Daniel Cortezón en *A vila sulagada*, aparecendo con posteridade, no mellor dos casos, residualmente.

- *Senlleiro*

Desta vez non semella Otero ser un factor moi importante na difusión deste medievalismo, rescatado para loitar con *señeiro* (a forma de *A gaita gallega*, con presenza residual na nosa historia escrita), que aparece como non estándar en *GDXL* e está ausente en *DRAG97*. De feito, os seus rescataadores non son os máis habituais. Cremos que o principal é Cabanillas que o utiliza, xunto con Villar Ponte, en *O mariscal* (1926) e en solitario en *No desterro* (1913) –primeira documentación– e, por partida dobre, en *Na noite es-*

21 Excepto un exemplo de *capítulos* en *O desengano do Prioiro* (1952) e a forma híbrida *capitoo* tamén unha única vez en *O señorito da Reboraina* (1960).

trelecida (1926). Tivo que ter unha grande virtualidade xeneralizadora o feito de aparecer no título, e catro veces máis, do poemario neotrobadoresco *Nao senlleira* (1933) de Bouza-Brey. Tamén se destaca nestes anos iniciais Castelao, quen a emprega catro veces en *Os dous de sempre* (1934). Quen ten máis ocorrencias na base de datos utilizada é Otero pero case todas son xa na *Xeografía de Galicia* (1962)²².

Como noutros casos, triunfou de contado e popularizouse aínda máis durante o período preconstitucional pero, tras este, non decaeu senón que conservou un alto nivel de emprego, alicerzado na súa admisión polos dicionarios modernos²³. En todo caso, a nómina de máximos usuarios dos últimos anos, encabezada por Ferrín, Darío Xohán Cabana e Freixanes, e na que tamén se inclúen Daniel Cortezón e Vítor Vaqueiro, fálanos dunha palabra moi cinguida ó eido literario. Tamén a usan en obras ensaísticas Vázquez Pintor, Ofelia Rey Castelao, Ramón Villares ou a revista *Tempos Novos*.

- *Persoeiro*

O *DCDE* sinala que

é unha creación da lingua política a partir do termo medieval (talvez a primeira persoa á que politicamente se lle chamou persoeiro foi Porteiro Garea²⁴). Na lingua medieval significaba “procurador, representante” e de aí a acertada extensión de significado.

O primeiro rexistro que atopamos data de 1918 no “Manifesto da Asambleia Nazionalista de Lugo”²⁵. Antes do inicio da Guerra Civil, aparece principalmente nas publicacións periódicas *O Tío Marcos da Portela e Rexurdimento*. Non consegue popularizarse nesta época aínda que a usan algunha vez Risco ou Cabanillas. Baixo a dictadura, estrañamente esmorece esta forma diferencial. Neste período usaraa fundamentalmente Beiras (catro veces en *O atraso económico de Galicia*, 1972), ademais dalgún exemplo en Blanco-Amor, Piñeiro ou Castelao. Nos anos oitenta atopámola moi episodicamente en autores como Ferrín, Freixanes ou Antón Castelo. Paradoxalmente,

22 Os outros usos son: tres en *Fra Vernerio* (1934), tres en *Devalar* (1935) e un en *O señorito da Reboratina* (1960).

23 En *DD* admiten *senlleiro* Filgueira, Eladio e Carré. Inclúen *señeiro* os mesmos e mailos catro máis vellos.

24 Avogado e político galeguista (1889-1918) que pronunciou en 1915 a primeira conferencia en lingua galega: “A transformación do Dereito Civil pola Grande Guerra”.

25 “Os persoeiros das Irmandades da Fala reunidos en Asembleia magna [...]”.

nos anos noventa empeza a utilizarse moito máis frecuentemente, tal vez fortalecida pola súa presenza en dous dos grandes ensaios da historia escrita do galego, *Sempre en Galiza* e *O atraso económico de Galicia*, e pola aceptación xeral nas obras lexicográficas modernas²⁶. Nesta década, aparece en autores como Filgueira, Piñeiro, Felipe Arias Vilas e Ramón Villares e en publicacións periódicas como *A Nosa Terra* ou *Tempos Novos*.

En resumo, parece unha palabra ligada moi fortemente ó ensaio e empregada por unha elite de usuarios, á que non son alleos os galeguistas próximos ó Grupo Galaxia. Semella ter dous momentos de fomento malogrados, arredor de 1920 e a mediados dos setenta, ata popularizarse definitivamente nos anos noventa.

- *Estrada*

As formas que acabamos de ver son xeralmente arcaísmos innecesarios que veñen competir con formas lexitimamente galegas con fortuna desigual. Non obstante, tamén hai outras, que non analizamos polo miúdo por falta de espazo e por non seren as máis representativas desta época, recuperadas para desterraren castelanismos. Entre estas podemos mencionar *amizade*, *castelán* ou *estrada*, que se opoñen a *amistá* e variantes, a *castellano* e a *carretera* e o seu subproduto *carreteira*.

Ímonos deter, pois, neste terceiro caso. A forma predominante no coloquio é *carretera*. Con todo, *GVGH* rexistra *carreteira* en tres puntos: Compostela, Goián e Ramirás. En cambio, só cita *estrada* en Porto (Zamora), xa que logo, nunha área ultraperiférica do noso sistema lingüístico, co significado de ‘cada una de las capas de mies que se tendían en la era para ser trilladas’. Non obstante, non é raro atopar esta entrada en *DD*²⁷.

A situación que atopamos antes da fundación das Irmandades é un dominio do castelanismo, a carón de *carreteira* como forma secundaria e de aparicións esporádicas de *estrada*. Esta última rexistrámola por primeira vez en 1878 na obra poética de Francisco Añón, ó que seguirán, entre outros, Curros Enríquez (*Aires da miña terra* e *O divino sainete*), Alberto García Fereiro, Eladio Rodríguez ou Eugenio Carré Aldao. Pola súa parte, *carretera* aparece desde 1880 e *carreteira* xa nos *Ensaio poéticos en dialecto berciano* de Antonio Fernández Morales, en 1861. Esta será utilizada frecuentemente por Álvarez de Nóvoa (sobre todo en *Pé das Burgas*²⁸, 1896, mais non só) e

26 E, en xeral, nas máis modernas de *DD*.

27 Inclúena os dicionarios de Cuveiro (1876), Porto (1900), Eladio Rodríguez (1958-61) e Carré (1974).

28 Rexistramos nesta obra doce das quince ocorrencias en Álvarez de Nóvoa.

tamén por Marcial Valladares (*Maxina ou a filla espúrea*, 1880), *O Tío Marcos da Portela* (xa na primeira época, 1876-77), Xan de Masma, Francisco Tettamancy, Manuel Amor Meilán ou Otero Pimentel. Aínda é máis extensa a nómina de usuarios de *carretera*, que conta con autores como Heraclio Pérez Placer, Manuel Lugrís, Xan de Masma, Potel Pardal ou Francisco Tettamancy. Como se pode apreciar, algúns dos compoñentes desta serie coinciden cos da anterior. Ademais aparece habitualmente en publicacións como os pontevedreses *O Galiciano* (1886) e *O Novo Galiciano* (1888) ou o fonsagrado *O Tío Pepe* (1913).

A creación das Irmandades marca o desenvolvemento de *estrada*. Entre os seus usuarios máis salientables, podemos sinalar a Otero, Risco ou Castelao. Os tres a utilizarán en obras diversas desta época pero máis frecuentemente en *Os camiños da vida*; “Estudio etnográfico da terra de Melide” en *Terra de Melide* (1933) e *Mitteleuropa* (1934); e *Os dous de sempre*. Ademais aparece normalmente nos anos vinte en autores como Euxenio Montes, Victoriano Taibo, Manuel Bergueiro ou Dieste, xunto con obras temperás xa de Risco e Castelao. Así e todo, *carreteira* e *carretera* non desaparecen, fican nun segundo plano con nivel de uso similar. Entre os usuarios da primeira, podemos citar a *O Tío Marcos da Portela* (1917-18), Xosé Lesta Meis, Manuel García Barros, Taboada Roca ou Manuel García Paz, autores que se repiten parcialmente entre os da segunda: *O Tío Marcos da Portela*, Xabier Prado “Lameiro”, Taboada Roca ou Gonzalo López Abente. Vemos, por tanto, que a situación non está aínda asentada: os mesmos autores saltan dunha á outra sen maior preocupación. Tanto Risco coma Otero, por exemplo, utilizan as tres. O de Trasalba privilexia *carretera* en *A lagarada*, *carreteira* en *Os camiños da vida*²⁹ e *estrada* en *Devalar* (1935). Con todo, esta última é a predominante no conxunto de obras de preguerra.

Despois da Guerra Civil, continúa *estrada* gañando terreo malia que *carretera* tamén incrementa en menor medida o seu uso. Non é o caso de *carreteira*, a cal, non obstante, tampouco desaparece senón que se mantén nun nivel terciario. Este castelanismo utilízano abondosamente autores como Ánxel Fole, Blanco-Amor ou Silvio Santiago en diferentes obras. Tamén o usan en menor medida Risco, Celso Emilio Ferreiro, Otero ou Ferrín. Aínda na década dos setenta aparecen exemplos en Manuel García Barros ou Casares. Pola súa parte, Crecente Vega, Carballo Calero ou Marcial Suárez cóntanse entre os que empregan *carretera*, forma tamén con usuarios nos setenta: Xohana Torres, Blanco-Amor, Bernardino Graña ou Casares. Carballo

29 Aínda que nesta obra aparece *estrada* case co mesmo nivel de uso, á par de dúas únicas ocorrencias de *carretera*.

Calero, Fole, Victoriano Taibo, Ferrín, Silvio Santiago, Blanco-Amor, Xaquín Lorenzo Fernández, Xohana Torres, Piñeiro, Florentino López Cuevillas, Alonso Ríos ou Otero cóntanse entre os que utilizan *estrada*. Como se pode ver, igual ca na época de preguerra, segue habendo bastante coincidencia entre a nómina de usuarios das tres formas. Incluso na mesma obra hai concorrencia de posibilidades: Xohana Torres emprega catro veces *estrada* e tres *carreiteira* en *Adiós, María* (1971) e Ferrín, unha vez *carretera* e vinte-únha *estrada* en *Percival e outras historias* (1959). Silvio Santiago, por exemplo, utiliza as tres posibilidades.




Gráfico 6: Estrada

Co período democrático, *estrada* cómelles completamente o terreo ás outras dúas, ficando estas relegadas a textos de carácter costumista ou popular, en autores como Moure Mariño ou Xosé Manuel Carballo, ou a escritores que utilizan un galego anticuado, como Arturo Romaní.

2.1.3. Voces recuperadas entre 1936 e 1979

A clasificación de Fernández Salgado / Monteagudo sitúa o período proestándar como o segundo en incidencia do arcaísmo. Non obstante, no noso corpus achamos poucos que se retomen nesta fase. O que acontece é que a ditadura é unha época máis de asentamento de medievalismos xurridos antes da Guerra Civil ca de innovacións. Con todo, tamén comentaremos algúns recuperados nesta época. Parte deles, potenciados en datas próximas á Transición, son un preludio do que acontecerá nas dúas derradeiras décadas do século XX.

- *Desleixar*

Rexistrada xa en *O Tío Marcos da Portela* en 1917, ten uso escaso antes da Guerra Civil. Documentámola exclusivamente en Viqueira, Gerardo Álvarez Limeses e Castelao (*Retrincos*, 1934), todos eles na década dos trinta. No período de posguerra, accede xa máis claramente ó estándar pero sen xeneralizarse. Emprégana Celestino Fernández de la Vega e Avelino Gómez Ledo nos sesenta e Beiras, Blanco-Amor e Filgueira Valverde nos setenta. Nos últimos vinte anos, segue tendo un uso moderado, con autores como Freixanes, Francisco Vázquez e José Antonio Martínez Rodríguez nos oitenta e Filgueira Valverde, Anxo Rei Ballesteros, *A Nosa Terra* e Darío Xohán Cabana nos noventa. A pesar de ser manexada por poucos autores, dada a importancia dalgúns deles como Castelao, Beiras, Blanco-Amor ou Freixanes, supónselles moita capacidade de influencia. É por isto estraño que non atopemos un nivel de uso máis alto nos últimos anos. Unha posible explicación estriba en que a maioría das ocorrencias son participios, o que posiblemente nos indique un nivel importante de esclerotización neste verbo.

O substantivo derivado *desleixo* popularízase modestamente no tardo-franquismo. Entre 1972 e 1975, os seus usuarios son Celso Emilio Ferreiro, Ramón Piñeiro, García-Sabell e Avelino Gómez Ledo. Contaban cos antecedentes de Rof Carballo en *Mito e realidade da terra nai* (1957) e, bastante máis afastado, Florencio Delgado Gurriarán en *Bebedeira* (1934). Como se ve, son autores en xeral relacionados co Grupo Galaxia. Nos anos oitenta, semella entrar en declive. Só a utilizan José Antonio Martínez Rodríguez (*Un pequeno favor e outras historias de amor perverso*, 1984), Margarita Ledo (*Trasalba ou Violeta e o militar morto*, 1985) e Lois Diéguez (*O tempo sen saída*, 1986). Na década pasada, parece recuperar terreo minimamente con autores como Margarita Ledo novamente, Anxo Rei Ballesteros, Agustín Magán, Xabier López, Xavier Alcalá, Neves Arza ou Vítor Vaqueiro.

En suma, despois dun periplo discontinuo, non parece ter demasiada vitalidade. Tras ser utilizada inicialmente polos círculos galeguistas de Galaxia nos setenta e despois primordialmente por autores relacionados co nacionalismo nos oitenta, na década pasada empregouna un conxunto algo máis heteroxéneo de usuarios, no que se destacan algúns habituais da lingua arcaizante, como Vítor Vaqueiro ou Agustín Magán.

Eladio Rodríguez e Carré recollen *desleixo* a carón de *desleixamento* pero os dicionarios modernos prefiren esta segunda forma. Pola contra, a preferencia en *DSB* é inversa, situación paralela á portuguesa. A variante co sufixo *-mento* apareceu antes no idioma galego posto que a utilizou Leandro Carré Alvarellos no drama *O pecado alleo* (1920). Non obstante, non a volvemos atopar ata que un autor gustante da lingua antiga como Filgueira a fai

circular no *Adral VI* (1990). Alén destes, só a rexistramos en Anxo Rei Ballesteros (*Loaira*, 1992), como variante secundaria respecto de *desleixo*, e Antón Castro (*Vida e morte das baleas*, 1997). Visto isto, a forma recomendada normativamente non aparenta ser quen de se impoñer.

En conclusión, trátase dunha familia léxica pouco espallada e promovida por uns grupos moi concretos (obsérvese a concordancia de usuarios entre o verbo e os substantivos deverbais), que goza do consentimento normativo, o que posiblemente lle asegure un futuro máis vizoso.

- *Enderezo*

O emprego de *enderezo* débese á revitalización do galego medieval *endereçar* (ou a lusismo). Faise frecuente a finais dos sesenta e nos anos setenta pero, como veremos, non se xeneralizará ata os noventa. En 1968, utilízaa dúas veces Neira Vilas en *Historias de emigrantes* (Montevideo). Previamente xa aparecera un par de veces en *Mitteleuropa* (1934), de Risco, e tres en *O idioma dos animás (opúscaro de enxebreza)* (A Habana, 1937), de Fuco G. Gómez. A partir de Neira Vilas, atoparémola sobre todo en Silvio Santiago pero tamén noutros como Blanco-Amor ou Celso Emilio Ferreiro. Nos anos oitenta, multiplícanse as súas aparicións. Rexistrámola en obras, entre outros, de Penas Patiño ou Neira Vilas. Sen embargo, este *boom* é pura aparencia xa que o 81% dos 85 rexistros corresponden á *Física xeral* de Antón Castelo. Nos anos noventa *enderezo* xa conta cun amplísimo abano de usuarios.

Pero por moitos autores máis ou menos ilustres que a empregasen, non se nos escapa que non son os libros a vía lóxica de penetración deste vocábulo, senón os formularios. Neste senso, indicaremos como información importante que aparece dez veces no *Formulario notarial* (1998) de Victorino Gutiérrez Aller, publicado baixo o selo de Termigal.

Por outra parte, temos que sinalar que se intentou poñer en circulación esta voz tamén coa acepción de ‘camiño ou rumbo que segue un corpo en movemento’. Este contido semántico ten os antecedentes de Fuco G. Gómez en 1937 e mais Blanco-Amor en 1972 (*Xente ao lonxe*). Despois destes dous, o intento máis ousado de popularizalo foi o de Antón Castelo xa que as súas 69 ocorrencias no manual de *Física xeral* se corresponden con esta acepción. Foi unha tentativa baldía de introducir esta palabra na linguaxe científico-técnica, posto que só rexistramos un exemplo máis deste significado: en *Un xogo de apócrifos* (1997), de Xosé Carlos Caneiro, no medio doutros nove casos da acepción máis habitual. O *Diccionario galego-castelán* de Carré é o único dos incluídos en *DD* que acepta os dous significados (ningún outro inclúe *enderezo* como entrada) pero esa acepción de ‘rumbo, dirección’ xa non a rexistran *GDXL* nin *DRAG97*.

- *Sobexo*

Conforme o que di *DCDE*, *sobexo* “aínda sobrevive dialectalmente co significado de bastante, que sobra”. Comenta que foi recuperada polos escritores da Xeración Nós, pero nós só encontramos dúas ocorrencias antes da Guerra Civil: en Aurelio Ribalta (*O pastor de doña Silva*) e Roxelio Rivero (*Fungueirazos*), ambos en 1925. A súa posta en circulación efectiva situarémola nos anos cincuenta, gracias a Ánxel Fole, Rof Carballo e Otero. Non obstante, non foi unha palabra que se xeneralizase como *vegada* ou *ren*. Mantivo un nivel de uso relativamente baixo sen variacións importantes nos últimos anos. Entre os seus usuarios modernos destacan Lois Diéguez, Arximiro Villar e Margarita Ledo, aínda que tamén atopamos habituais dos medievalismos como Daniel Cortezón, Vítor Vaqueiro ou Darío Xohán Cabana.

En conxunto, podemos dicir que foi espallada na posguerra por xente vinculada ó Grupo Galaxia como Rof Carballo, Ánxel Fole, García-Sabell ou Ramón Piñeiro. Esta voz nunca chegou a da-lo salto cualitativo no nivel de uso e seméllanos que se percibe como indicador de lingua moi afectada ou literaria.

De por parte, déuselle a esta palabra por veces o valor de ‘soberbio’³⁰, admitido por *GDXL* e por *DSB* mais non por *DRAG97*. Tamén achamos algún exemplo de utilización con valor adverbial (Andrés Suárez en *Luaña. Mitos, costumes e crencias relixiosas dunha parroquia galega*, 1979) ou do verbo *sobexar* (Roxelio Rivero en *Fungueirazos* 1925, 2ª ed.), incluído como forma non estándar en *GDXL*.

2.1.4. Voces recuperadas a partir de 1980

Na actualidade, a diferenciación á hora de caracteriza-la procedencia dos arcaísmos que entran a formar parte do léxico galego neste período –se se trata de préstamos do portugués ou de préstamos internos– segue sendo difícil. Quizais sexa mellor afirmar que se recorre ó portugués ó tempo que se confirma tamén que son formas xa documentadas na nosa tradición medieval. Isto é o que ocorre con termos coma *albanel*, *estaleiro* ou *mercadoría*.

- *Mercadoría*

A análise conxunta de *mercadoría* e *mercancía* reflicte que aínda que *mercancía* foi a forma máis usada historicamente, na última década os rexistros de *mercadoría* superan claramente os de *mercancía*.

30 Por exemplo, Otero. Ata el, esta acepción é moi minoritaria.

Mercancía xa se documenta desde o século XIX, con grafía única. En cambio *mercadoría* aparece por primeira vez en *A Nosa Terra* en 1916. Como ocorre coa maioría dos arcaísmos despois das Irmandades, preséntase con vacilacións, neste caso morfolóxicas: *mercadeiría*, *mercadería*, *mercadería*. O recurso ó galego antigo está agora motivado pola vontade de substitución dunha palabra lexitimamente galega pero sospeitosa polo simple feito de ter correspondencia idéntica no castelán. No *VOLG* aparecen as dúas sen darlle preferencia a ningunha. En cambio, *DDLG* cre que se debe priorizar *mercadoría* por se-la forma do galego antigo e do portugués moderno. Coa terminación *-oría* é como aparece predominantemente a partir dos anos setenta e nos noventa é cando supera xa na lingua escrita a *mercancía*. Podemos resaltar, por exemplo, o seu uso en obras como *Plan xeral de contabilidade* (1992) e na revista *Tempos Novos* en 1997.




Gráfico 7: Mercadoría

- *Albanel*

Este é outro dos exemplos en que é abondo difícil diferenciar se se trata dun préstamo interno ou dun lusismo. As primeiras aparicións de *albanel* son en 1986 (Miguel Anxo Laxe Freire, *Loita e morte*) e 1988 (Cid Cabido, *O camiño de Middelbarnis*). Úsanlo en 1992 Darío Xohan Cabana e Antón Reixa. A partir deste ano comeza a asentarse *albanel* e desaparece moi velozmente *albañil*, que é forma que queda en recolleitas dialectais e polo tanto a de apoio no galego común.

Tanto *albanel* coma *albanelería* teñen entrada en *GDXL* e en *DRAG97*. Si ten apoio no portugués (*alvanel*), aínda que esta é unha forma de uso restrinxido porque o común é *operário da construção*.

- *Estaleiro*

No caso de *estaleiro*, aínda sendo esta a forma da que temos máis rexistros (55), o seu uso xeral non se dá ata a década dos noventa. As aparicións anteriores só se remontan ós anos sesenta. Entre as primeiras documentacións e o asentamento de *estaleiro*, víñase usando o castelanismo e formas anatematizadas del, *astilleiro* e logo *asteleiro*. *Astilleiro* é termo usado por Otero e Xaquín Lorenzo en 1962. Na década dos oitenta, o común era a variante con -l-, *asteleiro*; é a que recollen Camilo Nogueira en *Industrialización e desenvolvemento agrario* en 1975, Freixanes e aínda Ferrín en 1987 en *Breña, Esmeraldina*. O cambio, é dicir, obras en que conviven *asteleiro* coa forma medieval *estaleiro*, prodúcese en 1989 en *As embarcacións tradicionais de Galicia* de Staffan Mörling. Esta obra tivo moita importancia na codificación de léxico estándar relacionado co mundo do mar. Con ela dáse tamén o cambio á hora de asentarse termos estándar coma *temón*, *temoeiro* ou *confraría*. En *A Nosa Terra* rexístranse *asteleiro* e *estaleiro* en 1993 e a partir de entón *estaleiro* é practicamente termo exclusivo. Esta, ademais de ser forma medieval e ter apoio no portugués, é a recollida como estándar nos dicionarios modernos.

- *Confraría*

Confraría ten un comportamento moi similar ó de *mercadoría*, isto é, presenta vacilación no sufixo ata mediados os anos oitenta. Tamén na base hai vacilacións segundo teña ou non -n-: *confradería*, *confreiría*, *confrería*, *confradaría*, *cofraría*, *cofradía*. O polimorfismo é tónica xeral no uso deste termo, e non só nas Irmandades –que sería o esperable–, senón ata andados os oitenta. O introdutor de *confraría* na escrita é Manuel Mandianes, na obra *Loureses. Antropoloxía dunha parroquia galega* (1984), pero non vai ser aínda forma única. Nos oitenta tamén se rexistra en Casares e outra vez en *As embarcacións tradicionais de Galicia*. A partir dos noventa esténdese rapidamente e convértese en forma case exclusiva respecto das súas variantes e tamén da forma castelá *cofradía*, que sempre foi maioritaria e agora xa ten un uso máis residual. As principais obras en que se recolle son *Cooperativismo e economía social* (1990), *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850* (1992) e *A Galicia clásica e barroca* (1998).

Nos dicionarios modernos está recollida só *confraría* como forma estándar, a cal conta tamén con apoio no portugués.

- *Doador*

Un comportamento similar –entrada nos oitenta e forma exclusiva nos noventa– é o que presenta a forma *doador*.

O castelanismo *donante* foi forma única³¹ no galego escrito ata os anos oitenta. Nesta década alterna con *donador* e *doador*. De calquera delas temos poucos exemplos. A forma hoxe estándar só a documentamos nos libros de física e química de Antón Castelo. Coa entrada nos noventa, quedará só *doador*. Non obstante, nos primeiros anos desta década convive coa forma innovadora *doante*, creada sobre o verbo patrimonial coa sufixación calcada do español. A partir de 1993, úsase case exclusivamente a forma estándar.

Doador está recollida en *GDXL*, *DRAG97* e mais en *DSB*; ademais é a propia do portugués. *GDXL* dálle entrada tamén a *doante*, co tratamento de forma non estándar.

- *Refén*

Outra forma introducida moi recentemente é *refén*. A súa recuperación posiblemente se deba máis ós medios de comunicación ca á literatura.

As primeiras documentacións aparecen en López Ferreiro, cunha variante particular: *arrees*. Saltando este rexistro, temos que esperar ata finais dos oitenta para ver documentada *refén*. Con esta forma, aparece en 1987 en *O ano do cometa* de Bernárdez Villar (sete veces). Antes de que se faga usual *refén*, usou Ferrín *arrafé* en *Bretaña, Esmeraldina*, proposta moi próxima ás variantes medievais *arrafees*, *arrafeens*. E coma nos casos que estamos vendo, os noventa é a época de consolidación de *refén*, que aparece en tódolos dicionarios consultados e conta ademais con apoio no portugués. Debemos apuntar aquí que *GDXL* recolle *arrafé* como termo estándar –cómpre recordar que fora Ferrín quen o usara e que *GDXL* se propón incluír léxico “que usan algúns autores contemporáneos” (p. VIII)– e tamén *arrefén*, esta xa sen carácter normativo.

- *Enquisa*

Aínda que, como estivemos vendo, moitas destas palabras coinciden co portugués, tamén se produciron unha serie de propostas léxicas autónomas. Casos de solucións propias do galego son *enquisa*, *enxalzar* ou *titor*.

Respecto a *enquisa*, a cronoloxía é moi similar ó que vimos presentando: aparece en 1975, en obras como *O crego na Galicia rural* ou *O papel do excedente agrícola na economía galega*; comézase a usar con máis frecuencia

31 Excepto un exemplo de *doante* en 1933 e outro de *donador* en 1963.

nos oitenta (Ferrín, Mandianes ou Rábade Paredes) e aséntase nos noventa. Neste caso ten moito que ver *Tempos Novos*. É palabra que entra polo ensaio e máis ou menos mantense nel debido ó seu significado. Esta é a forma que recollen os dicionarios galegos (*GDXL* e *DRAG97*), xunto coa súa familia léxica. Non aparece nin en *DSB* nin se utiliza en portugués moderno. *GDXL* recolle *inquérito*, dándolle o tratamento de forma non estándar.

- *Enxalzar*

Tampouco ten correspondencia no portugués *enxalzar*. Trátase dun exemplo de léxico galego moi moderno, que compite contra o castelanismo *ensalzar*. Nos datos que tiramos da base, a primeira aparición é de 1996, nunha obra de Xosé Miranda. Como no caso de *enquisa*, *Tempos Novos*, en 1997, tamén apoiará esta innovación léxica, que é unha recuperación da forma medieval *eixalçar*.

Os últimos rexistros son todos de *enxalzar*. Semella entón que se impuxo en canto apareceu. Está incluída nos dicionarios modernos e *GDXL* recolle tamén *enxalzamento*.

- *Titor*

A análise dos datos que nos ofrece a base móstranos que a primeira aparición de *titor* é do ano 1985, nunha obra de Úrsula Heinze, sen contar unha ocorrencia en *A gaita gallega*, na que Pintos dá para o castelán *tutor* as formas galegas *tutor* e *titor*. Úsao logo en 1989 un dos autores modernos máis arcaizantes, Darío Xohan Cabana, e a partir de entón despraza case totalmente a forma con -u-.




Gráfico 8: Titor

Actualmente o uso de *titor* está xeneralizado, aínda que Ferrín segue utilizando sistematicamente *tutor*. Por suposto, está moi presente en obras relacionadas coa educación. Por exemplo, en *Aspectos organizativos e funcionais de orientación do ensino en Galicia* (1998) de Neves Arza documéntase 48 veces.

Vese que, alomenos na lingua escrita, o triunfo de *titor* fronte a *tutor* é indiscutible. Máis ou menos a mediados dos oitenta, foi cando se comezou a usar na Universidade de Santiago *titor* / *titora*, e logo tamén *titoría*, para referirse ó ‘profesor que se ocupa da orientación de cada alumno, ou de atendela relacións dun grupo deles co conxunto dos seus profesores’. Daquela, no curso 1986-87, López Pereira (1986) cualificouno de “fantasma lingüístico” (p. 313) e cría que se tiña que rexeitar por ser “forma vulgar e popular para un contexto sumamente técnico e propio da lingua xurídica, como é o caso dun Profesor Tutor” (pp. 315-316). Sobre esta polémica tamén se pronunciou Monteagudo (1986) no artigo “Titor, forma do galego medieval para o galego moderno”. Nel explícase que *titor* “coñeceu un amplo emprego na Idade Media no territorio lingüístico galego-portugués” (p. 320), alternando con *tutor* / *tetor* –cos seus femininos– e que se preferiu “amplia-lo significado de *titor*” (p. 323) á acepción específica de hoxe –daquela só usada para referirse á persoa que ten a tutela doutra– antes ca habilitar outro termo para o sentido administrativo moderno, primando o criterio do diferencialismo moderado. E desde logo si callou como forma normativa, como evidencian os dicionarios, a pesar de non ter apoio no portugués.

- *Adaíl*

Pódese considerar un préstamo interno incorporado nos anos noventa, década na que atopamos oito rexistros. Con anterioridade, existe un afastado precedente, seguramente sen capacidade ningunha de reprodución, de Dicitinio del Castillo-Elejabeytia en *Lirios de Compostela*, publicado en Murcia en 1949. O seguinte usuario será xa Darío Xohán Cabana en *Galván en Saor* (1989). Antes de 1949, o que aparecía era o pseudogaleguismo *adalide*, pero non podemos trazar unha evolución porque non hai ocorrencia de ningunha delas durante o medio século que xebra os dous devanditos autores. Á parte dunha aparición residual do vello pseudogaleguismo en Manuel Forcadela (*A armada invencible*, 1996), o que si podemos dicir é que na década pasada o medievalismo xa é a forma exclusiva, aínda que é unha aseveración apoiada en moi poucos usos (oito) e por riba en poucos autores (catro).

Realmente a metade das ocorrencias dos anos noventa corresponden a un autor arcaizante como Darío Xohán Cabana (en *O cervo na torre*, 1994, e

Morte de rei, 1996), quedando os outros para Agustín Magán, Xabier López e unha traducción de Emilio Valadé del Río da *Historia do pensamento biolóxico* de Ernst Meyr.

A súa inclusión no *VOLG* e nos dicionarios modernos, o apoio no portugués e a ampliación semántica fóra do ámbito militar deberían garantilo triunfo desta forma non recollida en *DD*, e catalogada de “lusitana” por Eladio Rodríguez, nin existente no galego oral.

2.2. Linguaxe xurídico-administrativa

Estivémonos referindo ata aquí á codificación léxica, ó establecemento de vocabulario común ou xeral da lingua galega. Esta estandarización do léxico común hai que distinguila da actualización terminolóxica ó analizar linguaxes especializadas ou científicas que, por tratarse de vocabulario restrinxido, de termos técnicos, ten que ver máis coa elaboración que coa codificación léxica.

Trataremos agora de xeito breve a particular recuperación de léxico galego medieval para o espazo xurídico-administrativo, que estaba perdido desde a época medieval e que supón a especialización do nivel estándar da lingua no ámbito da vida administrativa moderna.

Cando o galego se reincorporou a terreos dos que secularmente fora apartado, tívose que partir case de cero, como por exemplo, á hora de establecer unha linguaxe administrativa *galega*. Para a fixación deste tipo de léxico especializado establecéronse dous criterios fundamentais:

- (1) a harmonía coas restantes linguas románicas (sen esquecer que se persegue a superación da dependencia do castelán)
- (2) a recuperación do patrimonio léxico galego

Interésanos agora centrarnos neste segundo punto e ver en qué medida foi e é posible recuperar elementos autóctonos. Hai exemplos de aproveitamento do léxico dialectal ou patrimonial: *obriga (de pagamento)* para o castelán *pagaré* ou *avinza* para desterra-lo castelán *igualda*; *rueiro* para a denominación castelá *manzana*, etc. A liña de renovación léxica que a nós nos ocupa ten que ver coa tradición xurídica medieval, que non é tan coñecida nin está tan estudiaada coma a literaria.

No século XIII, e tamén no XIV, o galego emprégase correntemente nos documentos de uso interno do Reino de Galicia polos notarios, concellos, gremios ou confrarías, mentres que o castelán se impoñía nas relacións exteriores. Non conservamos ningún código xurídico íntegro en lingua galega. É dos documentos que antes mencionabamos (contratos, vendas, actas, bandos...) dos que se recuperaron formas –tanto vocábulos coma fraseoloxía–

para o ámbito xurídico-administrativo da lingua galega de hoxe. A seguir, expoñemos algunhas das propostas realizadas nos últimos anos:

- *allear* / *alleamento* (para o castelán *enajenar* / *enajenamiento*) (Monteagudo / Tato 1985)

Na linguaxe xurídica castelá *alienación* e *enajenación* son substantivos sinónimos, derivados respectivamente dos verbos *alienar* e *enajenar*, con dúas acepcións: ‘acción e efecto de transferir a outro, a título lexítimo e por acto entre vivos, a propiedade dunha cousa ou a titularidade dun dereito’ e ‘disturbio ou anormalidade, permanente ou temporal, das facultades mentais que implica a perda da razón e mais do discernimento’. Do latín ALIENARE temos en galego a forma patrimonial *allear*, documentada xa no século XIII. Dela deriva o substantivo *alleamento*. Ó lado das palabras patrimoniais, documéntase no século XIV a forma culta *alienar*. As formas *allear* e *alleamento* teñen apoio no portugués e nas obras lexicográficas galegas modernas. Tanto *GDXL* coma *DRAG97* recollen *allear*, pero o substantivo derivado é *alleación* en *GDXL* (coma no portugués), mentres que *alleamento* é forma non estándar. *DRAG97* só admite *alleamento*, con especificación de linguaxe especializada (Dereito).

Coa acepción que estamos analizando (‘acción e efecto de transferir a outro, a título lexítimo e por acto entre vivos, a propiedade dunha cousa ou a titularidade dun dereito’), son moitos os exemplos que atopamos ó analiza-los rexistros de *allear*, *alleamento* e *alleación*. Como cabe esperar, están documentados en obras de temática específica, sobre todo en *Plan xeral de contabilidade. Introducción ó seu estudio mediante esquemas de contabilidade* (1992) e tamén en *Formulario notarial* e mais en *Tempos Novos*. Hai que destacar, fronte a estes usos moi recentes, un exemplo xa na revista *Logos* en 1931. Aquí recóllese:

administrados pola autoridade eclesiástica, non podendo seren alleados ou confiscados nin destinados a outros fins ou usos

- *recadar* / *recadación* (para o castelán *recaudar* / *recaudación*) (Santamarina 1984)

Nas acepcións ‘xuntar diñeiro’ e ‘xuntar cousas que estaban separadas ou en desorde’, a variante castelá *recaudar* foi a favorecida pola administración castelá. Os textos galegos antigos rexistran a raíz galega *recad-* ou *arrecad-* (aínda que algunhas acepcións difiren das modernas). As formas con esta base seguen vivas no galego moderno no sentido xenérico de ‘recoller, xun-

ta-lo que está disperso', non no sentido fiscal que tiña na Idade Media e que logo se rehabilitou. Fronte á base *arrecad-*, preferiuse *recad-* por se-la común a toda a familia léxica: *recadador*, *recadación* e tamén *recado*. Estas formas recóllense en *DRAG97* e *GDXL*, que ademais dá como non estándar *recadadeiro*, como variante de *recadador*, e *recadãdiva* ('serie ordenada e sucesiva de cousas que deben recadarse').

Cotexando as dúas raíces (*recaud-* e *recad-*) observamos que a patrimonial foi historicamente a máis usada, practicamente en solitario despois da creación das Irmandades da Fala. Pero na acepción particular que estamos analizando documéntase maiormente nas últimas décadas. No sentido de 'cobrar impostos ou reunir certa cantidade de diñeiro' xa hai exemplos en Risco no ano 1962. Os usos recentes rexístranse, por exemplo, na etapa actual de *A Nosa Terra* e tamén en *Tempos Novos*.

- *axuda de custa* (para o castelán *dieta*) (Boullón / Tato 1990: 12-14)

Unha das acepcións da palabra *dieta*, unicamente en castelán, é 'estipendio que se lle dá a un traballador pola realización dun servizo fóra do seu lugar de residencia'. Se se adoptase este sentido en galego, sería un castelanismos semántico. As solucións nas outras linguas son todas dispares. Así, en portugués dise *ajuda de custo* ou *ajuda-de-custa*, aínda modernamente. Boullón / Tato comprobaron que esta expresión *-axuda de custa-* pertence tamén á nosa tradición medieval. Só *GDXL* recolle esta expresión, pero coa outra variante do portugués, *axuda de custo*, que é a que aparece en manuais de linguaxe administrativa.

Os exemplos desta expresión que salvamos da base son dous unicamente, ambos na obra *Competencia de mariñeiro* (1990):

Será obriga da empresa o aboamento dos gastos de locomoción e axudas de custos que puidesen ocasionarse...

...aumentos periódicos, plus de navegación, axudas de custos, etc., ou sexa, tódolos detalles...

- *danos e perdas* (para o castelán *daños y perjuicios*) (Boullón / Tato 1990: 14-15).

Na tradición medieval exprésase de diversas maneiras: *damno ou malfeytoría*, *dapno ou perdida*, *perdas e dapnos*, *mal e dano*, etc. Boullón / Tato optaron por propoñer *danos e perdas* por se-la forma máis transparente e harmonizar coa solución do portugués moderno. Esta locución aparece recollida tanto en *GDXL* coma en *DRAG97*.

Os únicos rexistros que temos na base atópanse en *Formulario notarial* (6):

Os padroeiros responderán fronte á Fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á Lei.

e un no periódico *A Peneira*, que se distribúe no sur de Pontevedra:

Tense dereito a que a comunidade resarza os danos e perdas que se orixinen por esta utilización.

- *a maior abastanza, por máis abastamento* (para o castelán *a mayor abundamiento*) (Boullón / Tato 1990: 14)

A equivalencia galega á locución castelá *a mayor abundamiento* aparecía xa nos nosos textos medievais, con expresións semellantes: *por máis abastamento* e *a maior abastanza*.

Consultada a base do ILG, non se atopou ningún rexistro da locución recuperada da lingua medieval para a linguaxe administrativa moderna.

Estas mostras que aquí recadamos foron no seu día propostas normativizadoras e cremos que podemos certificar a súa aceptación, alomenos nas obras lexicográficas modernas. Exemplifican, así mesmo, que a investigación dos documentos medievais pode achegar nova terminoloxía, por vía do préstamo interno, para as situacións do galego actual. Con todo, como afirma Galanes (2001), a evolución da lingua ata hoxe, así como a Administración e a organización da sociedade, fai que a variedade xurídica medieval vexa reducido o seu aproveitamento na actualidade.

2.3. Léxico militar

Algo similar ocorre no léxico militar. Entre os textos medievais que conservamos, brillan con luz propia os de prosa histórica. Neles nállanse, entre outros, batallas, *razzias* e feitos militares diversos. Blanco (2002) elaborou unha documentada *Aproximación ó estudio do cambio semántico no léxico da guerra na prosa historiográfica medieval*³², na que conclúe que se perderon un gran número de palabras correspondentes ós campos semánticos da indumentaria do guerreiro, da maquinaria militar e das armas. Este fenóme-

32 Utilizou como corpus unha selección de voces tiradas de *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla* e da *Crónica Troiana*, ámbalas dúas editadas por Ramon Lorenzo.

no debeuse a que a evolución da realidade militar deixou obsoletos os referentes extralingüísticos que designaban eses vocábulos. En cambio, esta investigadora cita unha serie de voces que aínda hoxe son habituais mercé a sufrir un proceso de ampliación semántica: *alarde*, *apelidar*, *torneo*, *arrebato*... É tamén o caso do *adaíl*, que comentamos hai un pouco, que mudou o sentido orixinario de ‘xefe ou guía’ polo metafórico de ‘persoa que destaca na defensa dunha idea ou dun proxecto’. Posto que o seu significado non variou desde a Idade Media, certamente hoxe é difícil que tropecemos con palabras como *loriga*, *mesnada* ou *bisarmas* fóra dunha obra como *Galván en Saor*, da que tiramos estes exemplos.

Malia a obsolescencia destes termos medievais, pensamos que non se debe renunciar a recobrar parte deste patrimonio lingüístico ata o de agora perdido. Con motivo dos Xogos Olímpicos de 1992, Termcat elaborou unha serie de vocabularios específicos para os deportes admitidos no programa. No caso do fútbol americano, recorreron, con grande éxito posterior pola fortuna das propostas, ó léxico da indumentaria do guerreiro antigo. Sen propoñer como exemplo que os Estados Unidos utilicen nomes de armas indias para bautizar mísiles e demais armamento moderno, coidamos que existen múltiples vías para a recuperación dese herdo esquecido –tal vez o léxico das fortificacións no eido da enxeñería– e animámo-los terminólogos galegos a exploralas.

3. CONCLUSIÓNS

A pesar de que os medievalismos por veces poden ter apoio minoritario na fala, habitualmente carecen del. De por parte, moitos dos que triunfaron fixérono no galego culto, ou só no escrito, pero non atravesaron os lindeiros que os separan do coloquio e son vistos como indicador de afectación.

A primeira vía de entrada dos arcaísmos foi a literatura. Máis tarde cobrou forza o ensaio e, na actualidade, xogan un papel moi importante os medios de comunicación. Polo seu contido semántico algúns destes arcaísmos non semellan moi aproveitables para a literatura, como por exemplo *enquisa*. Contrariamente outros son difíciles de imaxinar fóra de obras literarias.

A pesar de que os homes da Xeración Nós tivesen a intención común de aproveita-lo herdo medieval, hoxe a recuperación de arcaísmos é moito máis planificada ca daquela.

En relación con isto, nos últimos anos, as formas recuperadas xa non padecen o nivel de polimorfismo que se observa en épocas anteriores. Téñase en conta que normalmente son xa propostas, filoloxicamente rigorosas, nas que os dicionarios se amosan de acordo e ás que a sociedade actual lles

proporciona unha rápida socialización. Hoxe hai moitas máis publicacións, emisións... en lingua galega, que chegan a toda a sociedade.

O maior volume de medievalismos entrou no primeiro tercio do século XX, especialmente trala fundación das Irmandades da Fala e co labor da Xeración Nós. Durante a ditadura introdúcense poucos arcaísmos novos pero seguen empregándose profusamente os recuperados antes da Guerra Civil. Tamén é de salientar, durante o franquismo, a contribución do Grupo Galaxia. Como dixemos, na actualidade o fenómeno mantén certa vitalidade aínda que tal vez sexa, en moitos casos, unha miraxe baseada no recurso ó portugués.

Entre os da Xeración Nós, sobresaie Otero como introductor de arcaísmos, pola frecuencia coa que os usou e polo prestixio que lles deu, que fixo que moitos seguisen o seu maxisterio. Das súas obras, a máis importante é *Os camiños da vida*. Nos casos en que o propio Otero empregou diferentes variantes, normalmente tiveron máis éxito as que usou nesta novela. Así mesmo, arcaísmos non promocionados ou directamente desaconsellados polos dicionarios modernos pero que aparecen en *Os camiños da vida* manteñen aínda nos anos noventa un nivel de uso relativo mentres que outros, sen este apoio, desapareceron.

Ata finais do franquismo, moitos medievalismos recuperábanse cun ánimo absolutamente diferencialista e desprazaban co seu uso outra palabra patrimonial galega, mais no período democrático recupéranse case exclusivamente para desterrar castelanismos, isto é, para depura-lo galego de vocábulos alleos.

Parécenos que a intención á hora de empregar estas palabras antigas non sempre é a mesma. Na Xeración Nós e os seus epígonos, semella que o fundamental é a creación dunha variedade escrita independente do castelán, renunciando en moitos casos para isto a outras voces patrimoniais comúns. En cambio, en autores como López Ferreiro ou Antonio M^a de la Iglesia, que se dedicaron a exhumar textos da Idade Media, probablemente o seu interese fose máis ben arqueolóxico, isto é, amosar en obras do presente reliquias dun pasado esplendoroso. Na actualidade, podemos distinguir dous grupos. Por unha banda, ós arcaísmos recuperados desde as obras lexicográficas e potenciadas polos medios de comunicación, libros de texto, etc., estamos seguros de que os guía un afán normalizador, o de cubrir ocos que foron ocupados polo castelán. Debemos diferenciar destes os utilizados por escritores de claro discurso arcaizante ou cultista como Darío Xohán Cabana, Ferrín ou Freixanes. Coidamos que os move fundamentalmente unha vontade estilística. Tras estes, podemos sinalar unha breve nómina doutros autores que usan habitualmente este tipo de léxico: Vítor Vaqueiro, Daniel Cortezón, Agustín Magán...

Ademais cómpre destaca-lo valor obvio do léxico medieval para anosar obras antigas doutros sistemas literarios. É o caso da utilización de *cor* ou *frume* por Darío Xohán Cabana no *Cancioneiro* de Petrarca ou os *cousimento, toste, entorto* ou *cabedel* que Rodríguez Baixeras emprega en *Os noivos* de Manzoni.

De calquera xeito, animamos a acudir a ese rico tesouro medieval na medida do posible, coa finalidade de contribuír á modernización dunha lingua milenaria á que lle quedan aínda moitas primaveras máis.

BIBLIOGRAFÍA

1. Referencias bibliográficas

- Blanco González, C. (2002): *Aproximación ó estudio do cambio semántico no léxico da guerra na prosa historiográfica medieval*. Traballo de investigación tutelado (inédito). Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Filoloxía Galega.
- Boullón Agrelo, A. I. / E. González Seoane / R. Mariño Paz (1990): “Problemas e métodos para o establecemento do léxico administrativo galego”, *Cadernos de Lingua* 2, 83-91.
- Boullón Agrelo, A. I. / F. R. Tato Plaza (1990): “Tres propostas terminolóxicas para o léxico xurídico-administrativo a partir de fontes medievais”, *Cadernos de lingua* 1, 11-15.
- Cabana, D. X. (1989): *Galván en Saor*. Vigo: Xerais.
- Fernández Rei, Francisco (2000): “Dialectalismos, arcaísmos e empréstitos portugueses na construción da lingua literaria de Ramón Cabanillas”, en J. L. Rodríguez (ed.): *Estudios dedicados a Ricardo Carvalho Calero, I. A obra de Ricardo Carvalho Calero*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade, 507-525
- Fernández Rei, Francisco (2001): “A lingua medieval e a súa importancia na elaboración do galego moderno”, en A. Cortijo Ocaña / G. Perissinotto / H. L. Sharrer (eds.): *Estudios galegos medievais*. Santa Barbara CA: University, 17-42.
- Fernández Salgado, B. / H. Monteagudo (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en H. Monteagudo (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 99-176.

- Galanes Santos, I. (2001): *A lingua galega do dereito: unha achega á súa definición e calidade a partir da tradución xurídica en Galicia*. Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública.
- García Cancela, X. / C. Díaz Abreira (1994): *Manual de linguaxe administrativa*. Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública.
- López Pereira, X. E. (1986): “¿Por qué titor?”, *Verba* 13, 313-316.
- Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Monteagudo Romero, H. (1984): “A oficialidade do galego: historia e actualidade (I)”, *Lingua e Administración* 1, 2.
- Monteagudo Romero, H. / F. R. Tato Plaza (1985): “Allear e alleamento (*Castelán enajenar, enajenación*)”, *Lingua e Administración* 6, 10-11.
- Monteagudo Romero, H. (1986): “Titor, forma galega medieval para o galego moderno”, *Verba* 13, 317-323.
- Monteagudo Romero, H. (1991): “A modernización do léxico galego en *Sempre en Galiza* e a norma léxica do galego culto actual”, en M. Brea / F. Fernández Rei (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Vol. I. Santiago de Compostela: Universidade, 293-320.
- Núñez Singala, X. C. (coord.) [1997]: *Criterios lingüísticos. Cincuenta cuestións rápidas para persoas impacientes*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Pérez Pais, M. C. (1974): “Logos”, en *Gran Enciclopedia Gallega*. Vol. 19. Xixón: Silverio Cañada, 115.
- Petrarca, F. (1989): *Cancioneiro*. Tradución de D. X. Cabana. [Santiago de Compostela]: Consellería da Presidencia e Administración Pública.
- Santamarina, A. (1984): “¿Recuadar, recadar, arrecadar?”, *Lingua e Administración* 2, 7.
- Santamarina, A. (1994): “Galego: norma e estándar”, en G. Holtus / M. Metzeltin / Ch. Schmitt (eds.): *Lexikon der romanistischen Linguistik*. Vol. 6/2. Tübingen: Max Niemeyer, 66-79. Reproducido en H. Monteagudo (1995): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 53-98.

2. Dicionarios de referencia

- Academia das Ciéncias de Lisboa (2001): *Dicionário da língua portuguesa contemporânea*. Lisboa: Verbo.
- Alonso Estravís, I. (1995): *Dicionário da língua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Carballeira Anllo, X. M. (coord.) (2000): *Gran diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.

- Chacón Calvar, R. / M. Rodríguez Alonso (1992): *Diccionario crítico de dúbidas e erros*. Sada: Edicións do Castro.
- Fernández Salgado, B. (dir. e coord.) (1991): *Diccionario de dúbidas da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- García, C. (1985): *Glosario de voces galegas de boxe*. Anexo 27 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- García, C. / M. González González (dirs.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Xerais / Galaxia.
- Instituto Antônio Houaiss de Lexicografía (2001): *Dicionário eletrônico Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objectiva.
- Santamarina, A. (dir.) (2001): *Diccionario de dicionarios*. Versión 2. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

3. Bases de datos de referencia

- Instituto da Lingua Galega: *Base de datos lexicográfica para un diccionario da lingua galega*.
- Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega: *Vocabulario ortográfico da lingua galega*.
- Instituto da Lingua Galega: *Atlas lingüístico galego*.

O PAPEL DOS DICCIONARIOS NA CONFORMACIÓN E DIFUSIÓN DA VARIEDADE ESTÁNDAR DA LINGUA

María Dolores Sánchez Palomino

Universidade da Coruña

É de xustiza felicita-los organizadores deste simposio, que responde non só ó auxe que teñen actualmente a lexicoloxía e a lexicografía, senón tamén ó momento que está a vivi-la lingua galega desde o punto de vista da súa estandarización e a unha das necesidades máis perentorias que presenta hoxe en día a sociedade galega en materia de lingua. En efecto, despois de levar a cabo unha codificación ortográfica e morfolóxica, a gran tarefa na que nos atopamos agora inmersos é a codificación léxica, e sobre ela convén que traballemos, que dialoguemos e que a deamos a coñecer. Estamos, pois, ante un exemplo claro desa conexión entre traballo de investigación e sociedade, que tanto se reclama. Agradezo igualmente a invitación que me cursaron os organizadores para participar nesta xuntanza.

O tema do que se me propuxo falar, a contribución dos dicionarios tanto á configuración como á difusión da variedade estándar da lingua, non foi obxecto ata o momento dunha gran reflexión (escrita) no ámbito galego¹, polo que intentarei facer unha sistematización dalgunhas ideas vertidas a nivel teórico-xeral aplicándoas ó caso galego, e achegar algunhas consideracións que son froito fundamentalmente da miña experiencia en distintas fronteiras da lexicografía. Aínda que realice unha aproximación á terminoloxía, a exposición centrarase sobre todo nos dicionarios “de lingua” (deixo fóra, xa que logo, os dicionarios enciclopédicos e enciclopedias) e, en concreto, nos dicionarios monolingües xerais, sobre os que adoitan basearse os bilin-

1 Non é o único aspecto que queda por abordar con certa profundidade no que se refire á normalización e á normativización do galego. Hai algúns anos, dicía Fernández Salgado (1994: 84): “En Galicia, que eu saiba, ningún reflexionou de momento sobre algo tan elemental coma isto: 1) ¿Cal é a influencia da estandarización no propio ‘ben-estar’ da lingua e dos seus falantes? 2) ¿Quen son os beneficiarios da estandarización dunha lingua coma o galego? 3) ¿Por que en Galicia o problema da normativización é o principal foco de disputas e disensións?”.

gües e plurilingües. Á parte de que a problemática da terminoloxía enchería de seu moitas páxinas, creo que o contido que acabo de especificar se adapta mellor ó título do traballo, dado que cando se fala de “diccionarios” sen máis, normalmente pénsase en primeira instancia nos diccionarios de lingua.

1. A ESTANDARIZACIÓN E A CODIFICACIÓN LÉXICA. A SITUACIÓN GALEGA

Parto da idea, coído que hoxe comunmente aceptada, de que a estandarización, entendida como a suma dos procesos de constitución e propagación social dunha variedade modelo de lingua², é necesaria non xa para a normalización dunha lingua, senón incluso para a súa propia supervivencia a máis ou menos longo prazo, especialmente cando a lingua en cuestión non presenta unha gran distancia estrutural respecto da lingua hexemónica. É evidente que eses dous procesos teñen que acompañarse do apoio institucional e, antes que nada, da vontade popular de conserva-la lingua. O feito de que unha lingua, sobre todo se quere pasar da condición oral á escrita, posúa unha variedade estándar aceptada o máis unanimemente posible (e loxicamente utilizada), fai que sobrepase o nivel da dialectalización, incrementa o seu prestixio e favorece a integración e a cohesión. A codificación aumenta así mesmo a eficacia lingüística polo seu efecto sobre a previsibilidade na comunicación, frea o cambio lingüístico, vehicula mellor as innovacións e desempeña unha función discriminante (sobre estas cuestións, *vid.*, por exemplo, Santamarina 1994 e Lamuela 1994: 116-117, 140).

Pero sería inxenuo pensar que tódolos efectos da estandarización son positivos, e o certo é que tamén pode ocasionar “males menores”. O labor de codificación comporta escollas, polo que hai que procurar que non leve aparelado un empobrecemento da lingua, ou cando menos un empobrecemento significativo. Por outro lado, a adaptación ó “mundo moderno” pode desembocar na perda de certo número de voces patrimoniais. Como vemos, son factores que afectan dun xeito especial ó léxico. No caso do galego, son varias as voces que se teñen pronunciado sobre un presunto empobrecemento léxico, relacionado ou non directamente coa normativización (*vid.* Graña Núñez 1990). Para Santamarina (1994: 70), o proceso de modernización do galego foi en gran medida un proceso de “urbanización”. A consecuencia disto, o galego perdeu certo grao de enxebreza, tal e como opina Fernández Salgado (é o que outros autores, como Baggioni 1994: 46, deno-

2 Ámbolos dous procesos, constitución e difusión (coa consecuencia do emprego xeneralizado) poden caber dentro do concepto de estandarización que, como explican Lamuela / Monteagudo (1996: 259), ten diversas acepcións. *Vid.* tamén Lamuela (1994: 111 ss.).

minan “perda de etnicidade”), quen incide tamén en que todo labor de codificación implica algo de “hibridación” (1994: 85-86):

O problema dende a miña perspectiva é que o galego estaba perfectamente deseñado para vivir no mundo tradicional, no seu hábitat natural, e que aínda non está totalmente acomodado ó novo mundo. O salto cara á modernidade, cara á industrialización sempre ten un prezo.

Sen embargo, tamén é certo que, por outra parte, no proceso de constitución dunha variedade común o léxico enriquecese, sobre todo de voces cultas, e, como apunta González Seoane (1994: 90-91), sempre é posible recuperar algunhas das palabras patrimoniais condenadas ó abandono rehabilitándoas para designar novas realidades. Non hai que esquecer tampouco o enriquecemento que se deriva da expansión cara a novos ámbitos funcionais e da renovación estilística.

A conformación dun modelo de lingua ten tamén un efecto xerarquizador non exento de posibles consecuencias negativas:

Por lo tanto, la constitución de una variedad común de la lengua tiene dos efectos: uno cohesionador, relacionado con su carácter de variedad transdialectal, y otro jerarquizador, relacionado con su carácter de variedad culta y / o característicamente utilizada por un determinado estrato social. Por eso, la constitución de una tal variedad supone en sí misma la diversificación ‘vertical’ de la lengua, o, visto desde otra perspectiva, una jerarquización de la comunidad lingüística correspondiente. El aspecto socio-cultural de ésta es extremadamente interesante: generalmente, uno de los argumentos legitimadores de los procesos de promoción de lenguas subalternas o subdesarrolladas es que contribuyen a la aproximación del idioma culto al habla popular, pero a la hora de la verdad, la construcción de una variedad culta conlleva un mayor o menor extrañamiento respecto a éstas, lo cual es frecuentemente fuente de discusiones y contradicciones (Lamuela / Monteagudo 1996: 261).

Por último, en relación co anterior, pode comportar a longo prazo a conversión das variantes non-estándares en *patois* e a súa desaparición:

En resumidas cuentas, la estandarización conlleva una cierta unificación de la lengua y de la comunidad lingüística; pero no conduce necesariamente a la uniformización de la lengua ni a la homogeneización de la comunidad lingüística, pues las variantes / variedades subestándar pueden conservar su espacio funcional fuera de los contextos formales. Ahora bien, es indudable que en las sociedades modernas la tendencia a la uniformización es muy fuerte, de manera que la

estandarización puede abocar a la desaparición de las variedades no-estándar (caso de los dialectos de la Suíza ‘francesa’) (Lamuela / Monteagudo 1996: 263; sobre o efecto nivelador, *vid.* tamén Lamuela 1994: 116-117).

Sen entrar a detalla-las calidades que ten de reuni-la variedade estándar, considero que debe responder conxuntamente, por un lado, ás necesidades (presentes e futuras) de comunicación e de creación dos usuarios en tódolos ámbitos e, por outro, á fidelidade á cultura e á sociedade que a sustentan, o que equivale a dicir que a constitución dunha variedade estándar, se aspira a ser aceptada, non debe implicar unha transculturación e que, polo tanto, non se pode facer de costas á realidade oral nin tampouco á tradición escrita, á historia e ás manifestacións culturais do pobo. Ha de concilia-la procura da uniformidade lingüística cun certo respecto pola variedade (o que se traduce en ofrecer certa flexibilidade) e ser económica no seu funcionamento. Tamén é importante non perder de vista as linguas veciñas, en particular as do mesmo tronco lingüístico, que comparten boa parte dese marco socio-cultural, ademais de liñas estruturais semellantes; doutro modo, córrese o risco de “illar” a lingua (o que ten especiais repercusións no ámbito da terminoloxía).

No caso galego, optouse, como é sabido, por unha variedade estándar que non se correspondese exactamente con ningunha área dialectal concreta, de xeito que ningún grupo importante de falantes se vise excluído, e a partir de aquí as solucións adoptadas en cada caso concreto conxugaron criterios diversos (tradicón literaria, amplitude demográfica de uso, grao de implantación social, concordancia coas linguas veciñas e en particular co portugués, etc.).

Segundo o modelo de Haugen (1987), a etapa da codificación, dentro da planificación lingüística do *corpus*, pode dividirse á súa vez en tres fases: a da “graphization” (escollo do código gráfico), a da “grammatication” (fixación da morfoloxía flexional) e a da “lexication” (selección do vocabulario)³. No tocante á lingua galega, trala elaboración e a oficialización das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (ILG-RAG 1982), atopámonos na etapa da codificación do léxico⁴. A “lexicalización” propiamente dita, ta-

3 Tauli (1968: 68-126) fala do “vocabulary planning” como etapa enfocada sobre todo á cunha de novas palabras.

4 Cómpre destacar igualmente que o galego foi xa sometido a unha rigorosa descrición e teorización gramatical, se ben de momento non existe unha gramática prescritiva propiamente dita, sancionada pola autoridade lingüística. Quedan outras tarefas pendentes de grande importancia na planificación do *corpus* da lingua galega, como é a fixación dunha ortopeia. *Cfr.* González Seoane (1994: 93): “Tras un longo período de inestabilidade e certa anarquía, no momento presente atinxiuse un grao aceptable de consolidación dos estándares gráfico e morfolóxico. Pero

mén segundo Haugen, debe diferenciarse da “modernización terminolóxica”, xa que pertencen a ámbitos distintos (o da forma e a función respectivamente, *cfr.* Lamuela / Monteagudo 1996: 273-274). Levado ó territorio das disciplinas aplicadas correspondentes, isto reflectiríase nunha “lexicografía” e nunha “terminografía”, distinción que ten que ver co tipo específico de léxico sobre o que se actúa: por unha parte, o que algúns chaman vocabulario dispoñible e outros léxico común (máis ou menos común, como veremos, xa que hai un certo volume de termos técnicos e científicos que pode ser integrado nos dicionarios de lingua); por outra, o léxico especializado, propio de cada un dos numerosos campos profesionais, técnicos e científicos existentes (os tecnolectos ou LSP “Languages for Special Purposes”). Nun caso, o traballo resultante vértese nos chamados “dicionarios de lingua” ou “de palabras”; no outro, nos repertorios chamados especializados ou terminolóxicos. Con todo, é verdade que, desde unha perspectiva máis xeral, a terminografía pode considerarse integrada na lexicografía, na medida en que os termos especializados forman parte tamén do conxunto do léxico.

As dúas actuacións, aínda que loxicamente relacionadas, guíanse por distintos principios, que non corresponde tratar neste momento. Só cómpre lembrar que a terminoloxía, aínda que teña as súas propias directrices (procura de termos unívocos, non connotativos, etc.), en gran medida pautadas a nivel internacional (pensemos en organismos como a ISO, *International Organization for Standardization*⁵), debe someterse en primeiro lugar ás directrices marcadas na codificación do léxico común. Sobre algúns destes aspectos teremos ocasión de volver.

A planificación do *corpus* no nivel léxico consiste primeiro na fixación formal do vocabulario xeral dunha lingua, adaptado á realidade sociocultural do mundo moderno, para o cal é necesario conxugar múltiples aspectos, empezando por concilia-lo purismo, inherente a un labor deste tipo, coa necesidade inevitable de neoloxismos e estranxeirismos, todo isto sen afastarse da realidade viva da lingua. Este último aspecto (*cfr.* Santamarina 1994: 77 e Tauli 1968: 43) é sen dúbida importantísimo: non hai que esquecer que o modelo que se está a elaborar vai dirixido en boa medida ós propios falantes, que o empregarán na medida en que se identifiquen con el. A perda do contacto con esa realidade pode provoca-lo que Rei Doval (1993: 55) denomina un dos grandes “fantasmas” da planificación: a conciencia de artificiosidade por parte dos destinatarios.

quedan aínda pendentes polo menos dúas tarefas fundamentais na planificación do corpus: a fixación dun patrón fonético e a normatización do léxico”. Desde entón, avanzaouse bastante na segunda tarefa, e estase traballando en proxectos de grande alento de cara á primeira (caso dos profesores Manuel González e Xosé Luís Regueira).

5 Para unha presentación dos organismos que se ocupan da lingua, e en particular da terminoloxía, ó nivel europeo e mundial, *vid.* Blanquet (1994).

A planificación léxica debe prestar tamén atención ós principios de economía, claridade e estética, así como ás demandas dos diferentes estilos e linguas especiais (Rei Doval 1993: 58). A fixación e actualización do léxico implica moitas accións: a elección dunha variante (en ocasións, máis de unha) como forma estándar, a depuración de formas e a súa substitución por outras, a elaboración de novas formas e a adaptación de formas previas para novos conceptos, atendendo a múltiples variables en cada un destes casos: así, a etimoloxía e as leis da fonética histórica, as documentacións escritas, a solidariedade con outras linguas, a intelixibilidade, a inexistencia de connotacións negativas na palabra se se trata de adaptacións ou préstamos, a adecuación á estrutura fónica da lingua tamén en caso de préstamos, etc., etc.

Todo isto é perfectamente aplicable ó caso galego, onde foi preciso realizar escollas entre voces dialectais, elimina-los arcaísmos e préstamos foráneos evitables (especialmente, como é ben sabido, castellanismos, tanto léxicos *-silla-* coma semánticos *-desenrolar-*, pero tamén lusismos *-anceiar-*), os vulgarismos, os hiperenxebrismos e hipergaleguismos (*cadeirádego*), e mesmo as invencións (*rubidoiro*), que ó longo do tempo e en maior ou menor medida segundo as épocas históricas, se foron introducindo na lingua. Pero a planificación implica tamén, e velaí gran parte da súa complexidade, manter dialectalismos de amplo uso e recorrer, cando se considere necesario, a algúns dos elementos antes citados, como poden se-los arcaísmos e outros préstamos internos (*vid. supra* González Seoane 1994: 90-91) e os estranxeirismos, así como activar mecanismos de produción léxica inherentes á lingua (o que algúns denominan “creación”, para distinguila da “invención”, que tampouco é allea ó labor codificador), é dicir, practicar innovacións léxicas a partir de formas previamente existentes na lingua.

Polo que se refire á lingua galega, este labor atópase parcialmente realizado, como xa dixemos. No ano 1989 viu a luz en edición non venal e provisional o *Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG)*, dirixido por Antón Santamarina e Manuel González e avalado polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega, que contén un volume de aproximadamente 45.000 voces. Desta obra interésame salientar agora un par de aspectos. O primeiro, que, como é sabido, o dito vocabulario foi base para a elaboración de diferentes repertorios léxicos, algúns dos cales, por este mesmo feito, pasaron por normativos neses momentos iniciais da nova lexicografía sen séreno estrictamente, no sentido de que non estaban sancionados pola autoridade competente na materia. Así ocorreu, por exemplo, co *Xerais* 1986. Como non podía ser doutro modo, unha parte deste léxico constituíu tamén a base do primeiro dicionario académico moderno (e completo), o *DRAG/ILG 90*, dunhas 12.000 entradas, e tras el, do *DRAG 97*, con preto do dobre. Do mesmo xeito, o *DRAG* que se está a elaborar na actualidade integra o léxico completo do *VOLG*.

Isto non significa que o *VOLG* inclúa “todo” o léxico da lingua (o que de seu é imposible), nin sequera “todo” o léxico “admisible” en galego, o que enlaza coa segunda apreciación que quería facer a este respecto. Lembro as palabras de González Seoane (1994: 101-102):

Diciamos ó comezo que o proceso de planificación do corpus no terreo do léxico e a aparición da versión provisoria do *VOLG* produciu algúns efectos negativos por causa dunha interpretación pouco flexible das propostas. Estas consecuencias, que de ningún xeito se deben atribuír ós responsables directos deste traballo, constitúen tamén unha ameaza para a riqueza lexical do galego.

Estes efectos negativos xorden xeralmente dunha confusión non desexable entre o ‘correcto’ e o ‘normativo’. Esta confusión leva a pensar que aquilo que non figura ou que non se recomenda no *VOLG* non é galego correcto e que, polo tanto, debe ser evitado⁶.

Repárese tamén nas afirmacións de Kasbarian (1994: 14), que recolle un concepto máis amplo da lexitimidade extensible a tódolos elementos con funcionalidade sociolingüística:

Normalité pour Manessy et légitimité (registrale, lexicale, identitaire) pour Robillard renvoient à l’acceptabilité des formes dans une communauté linguistique, même lorsque celles-ci s’écartent des normes du standard. Le concept de légitimité a des implications pratiques en matière de description linguistique dans la mesure où il implique une définition de la langue suivant une fonctionnalité sociolinguistique. Font partie d’une langue non seulement les éléments qui ont une valeur et une légitimité formelle suivant les règles qui prescrivent le “bon usage” mais tous les éléments qui ont pour les locuteurs une fonctionnalité, qu’ils servent avec une certaine régularité à la communication, à l’expression d’une expérience du monde ou à la production d’identité.

Por outra banda, cómpre fixar e desenvolver nos repertorios correspondentes todo o relativo ós termos especializados, xa que, se ben é certo que o *VOLG* inclúe bastantes voces deste tipo, non o é menos que ningún vocabu-

6 González Seoane cita os exemplos de “maceira”, forma recomendada como normativa, e “manceira”, “maciñeira”, “macira” ou “mazaira”. Para Lara (1992: 6), trátase dunha tendencia social baseada no valor social de verdade que se lle confire ó dicionario: “la sola presencia de un vocablo como entrada en el diccionario es una certificación de su existencia social: en cambio, si no aparece en la nomenclatura del diccionario, su ‘inexistencia’ adquiere carácter trascendente: se impugna su uso social y aun en ocasiones da lugar a declaratorias de inexistencia de los conceptos mismos. Ninguno de estos dos fenómenos sociales podrían darse, si no existiera la sujeción de que los diccionarios presentan la verdad social del léxico”.

lario ou dicionario de lingua pode incluílos todos, aínda que teña máis o menos completado o labor de selección, primeiro porque é fisicamente imposible e segundo porque non é tampouco o lugar axeitado para facelo. O *VOLG* incorpora xa, como digo, bastantes termos especializados, que son os que normalmente recollen os dicionarios de lingua, ás veces con criterio discutible, posto que non se trata de palabras que pasasen á lingua común ou que sexan medianamente coñecidas. De tódalas maneiras, é xusto recoñecer que non sempre é doado dilucidar cando se debe incluír unha voz especializada nun repertorio xeral e cando non, entre outras cousas porque depende do que se entenda por “voz especializada” e mesmo do que se entenda por “disciplina”, “ámbito técnico”, etc., noción que, por outra parte, non permanece inalterada co paso do tempo (*vid.* Battaner 1996). Rondeau (1984: 23 ss., *apud* Lamuela / Monteagudo 1996: 288-289) alude a esa zona de transición entre a lingua común e os tecnolectos:

La frontera entre los dominios de la lengua común y de los tecnolectos es permeable, de manera que nada impide que una forma lingüística se encuentre a la vez en los dos, o que pase sea de la lengua común a un lenguaje especializado o viceversa: así, en esa zona de transición se encuentran términos como *fase*, *estructura*, *medida* o *grado* que no pertenecen a un dominio particular, y que representan nociones que se aproximan frecuentemente a los sentidos que las mismas formas lingüísticas tienen en la lengua común. [...] Además, las fronteras entre los distintos tecnolectos, especialmente entre dominios conexos, también son permeables.

Ademais, no caso do galego, debe terse en conta a urxencia coa que había que dotar minimamente a maioría dos campos técnico-científicos (para a edición de libros de texto, por exemplo), polo que cómpre agradecer especialmente a inclusión no *VOLG* de moitos destes termos. As seguintes verbas dun dos directores do traballo, González González (1994: 25), ratifican o que acabamos de dicir, aínda que non fagan referencia especificamente á terminoloxía:

Parece que un vocabulario ortográfico unicamente debe dar conta da escritura correcta de cada palabra, pero neste caso sobrepasouse amplamente esta tarefa, porque a situación do galego non era a dunha lingua normalizada. Cumpría dotar á nosa lingua dos recursos léxicos necesarios para expresar tódalas necesidades da lingua moderna. Por iso foi necesario non só face-la escolla léxica do fondo patrimonial entre as variantes dialectais existentes e depura-la nosa lingua dun amplo número de voces espurias innecesarias, senón tamén en moitos casos acuñar novos termos ou mesmo revitalizar arcaísmos cando era mester para mante-la nosa expresión propia.

En ocasións resulta preciso desenvolver ou equilibrar algunhas familias léxicas dentro do *VOLG* (así na listaxe incorpóranse *oleicultor* e *oleicultura*, pero só *olivicultura*), completar algúns campos semánticos (no dos períodos xeolóxicos, aparecen *oligoceno*, *mioceno*, *eoceno*, *plioceno*, pero non *paleoceno*), e mesmo pode considerarse oportuno engadir algún estranxeirismo que adquirise un grao de penetración suficiente como para aconsella-la súa inclusión (*office*). En calquera caso, non hai que esquecer que o *VOLG* sobre o que traballamos segue a ser de momento unha versión provisional, polo que a súa revisión sen dúbida atenderá a estes aspectos e quizais indique a conveniencia de modificar algunha palabra, de incluír ou de suprimir outras, etc., segundo aconsellen criterios diversos, como o uso da lingua en distintas esferas, e mesmo a aceptación ou non dalgúns propostas. Con todo, polo que se refire á modificación e á supresión de formas ou ó engadido doutras previamente desaconselladas, é evidente que os cambios non deben ser numerosos, para non provocar unha reacción contraria á desexada, sobre todo en círculos pouco proclives á normalización da lingua. Neste sentido, é importante ter en conta que algunhas das formas do *VOLG* foron xa sancionadas polos dicionarios académicos.

De tódolos xeitos, é preciso facer varias matizacións a este respecto:

(1) Un certo grao de vacilación, particularmente no nivel léxico, é inherente ó estadio das linguas en vías de estandarización, ou se se quere, ó estadio previo á estandarización completa. Aínda nas linguas nacionais maioritarias, cunha longa tradición lexicográfica e gramatical e séculos de codificación, existen trasacordos, sobre todo ante situacións novas (por exemplo, no tocante ós neoloxismos e estranxeirismos), e novos son, á fin e ó cabo, para o galego moitos dos problemas cos que se han de enfronta-los codificadores desta lingua. A outro nivel, pero que tamén implica cambio, é sabido que a normativa vai por detrás do uso, polo que o que hoxe é considerado incorrecto ou vulgar, mañá, se o uso determina que non hai marcha atrás, pode ser considerado correcto e mesmo normativo⁷.

(2) As modificacións no nivel léxico teñen normalmente menos repercusións sobre o sistema cás que se producen no nivel morfolóxico, por teren un carácter máis puntual, salvo se afectan a elementos como os afixos, e entón trataríase dunha cuestión relativa á formación de palabras, ou se supo-

7 Como exemplo dalgunha destas situacións, tomado ó chou, pode dicirse que na edición do *DRAE* (*Diccionario da Real Academia Española*) de 1950, a palabra *carnet* aparecía aínda con asterisco como "galicismo por tarjeta de identificación"; en cambio definíase *chalet*. A partir de 1956, empeza a aparecer *chalé*, e na entrada *chalet* remítese para aquela, mentres que a forma *carnet* non voltou máis, a favor de *carne*.

ñen o cuestionamento de criterios xerais (adaptación de estranxeirismos, por exemplo). Incluso os cambios da ortografía a un nivel global (pensemos nun suposto cambio da grafía *x* por *g* / *j* en determinados contextos) poden ter unha maior repercusión no conxunto da lingua e da sociedade cós puramente léxicos (*donicela* por *denociña*, por exemplo).

Polo que atinxe ó galego, en realidade os casos de modificación non son tan numerosos como puidese parecer. Se atendemos ás revisións e vacilacións analizadas por Medrano Martínez(?), vemos que non chegan ás trescentas palabras, o que, considerado sobre un volume de 45.000 voces que ten o *VOLG*, supón unha porcentaxe moi inferior ó 1%⁸. O que ocorre é que sempre é noticia o que muda, non o que permanece, sobre todo se a modificación atangue a voces que xa acadaron un certo grao de implantación ou de emprego. Os codificadores saben que deben coidar especialmente este aspecto, xa que ante os falantes sen formación específica neste eido ou ante persoas remisas ó uso do galego, algúns cambios poden ofrecer unha imaxe negativa ou manipularse con este fin. Considero que nestes casos é importante procurar que o acordo de modificación teña un amplo apoio na súa orixe e explica-los cambios convenientemente á comunidade.

2. O DICCIONARIO NO PROCESO DE ESTANDARIZACIÓN. CONTRIBUCIÓNS E CAUSAS DA SÚA IMPORTANCIA

2.1. O dicionario no proceso de conformación da variedade estándar

Aínda que é evidente que a selección do vocabulario e a fixación das formas na liña do que se fixo no *VOLG* non poden desligarse do seu contido semántico, tamén o é que tal proceso non implica unha delimitación semántica concreta e pormenorizada de cada forma, nin o establecemento de relacións sintagmáticas e paradigmáticas dentro do vocabulario. Neste sentido, a codificación léxica é máis ben léxico-semántica, e esta faceta é a que ha de reflectirse nun dicionario. Agora ben, a participación do dicionario normativo na codificación non se limita á delimitación e á definición dos contidos e

8 Todo isto sen contar con que as revisións e vacilacións estudadas nalgúns casos non son tales, pois analízanse discordancias entre algúns textos que non son propiamente normativos ou entre estes, o *VOLG* e os dicionarios académicos. Por outro lado, a ausencia de determinados lemas do *DRAG* 90 e do *DRAG* 97, por poñer un exemplo, non ten por qué significar nada, dado que se trata de dicionarios cun volume de entradas previamente seleccionadas.

ó establecemento de toda unha rede de conexións léxico-semánticas (sinonimia, antonimia, etc., que poden ser explicitadas ou non), xa que o desenvolvemento lexicográfico de cada voz implica que queden fixados asemade outros moitos tipos de información. Referímonos a aspectos tales como a pronuncia (polo menos de determinadas palabras, como os estranxeirismos); a categorización gramatical, que pode presentar certas dificultades polo que se refire especialmente ós réximes verbais, a determinados casos de transcategorización, etc.; a marcación diafásica e diastrática, etc.⁹

Por conseguinte, o *VOLG* correspóndese coa fase de fixación fundamentalmente formal do léxico, tal e como reza o seu título. Á súa vez, os lexicógrafos que elaboran o(s) dicionario(s) normativo(s) teñen que enfrontarse con numerosas tarefas, ademais da delimitación dos contidos e das relacións semánticas, como acabo de expoñer. Paso a enumerar algunhas delas:

(1) Ocasionalmente, os dicionaristas han de realizar algunha actuación no nivel da fixación formal (*cf.* o dito máis arriba sobre aspectos do *VOLG* factibles de desenvolvemento): así ocorre cando hai que completar algunha familia léxica, engadir algún termo técnico que resulta necesario para a definición doutro, equilibrar dun xeito aproximado os termos incluídos nos diferentes tecnolectos e en xeral nos campos semánticos, ou mesmo incluír algún estranxeirismo de uso afianzado nos últimos anos.

(2) Determinación da pronuncia de certas voces¹⁰, en particular estranxeirismos (*jockey*, *hóckey*, etc.). Lembremos a este respecto que unha das grandes tarefas pendentes da lingüística galega é a elaboración dunha ortopeia que permita ofrecer unha pronuncia modelo da que servirse para obras como dicionarios, libros de texto, etc.

(3) Determinación de certas categorías gramaticais, sobre todo en relación coas acepcións correspondentes. Se ben é certo que o *VOLG* indica a clase de palabras á que pertence cada voz, así como o xénero, o número e o réxime verbal segundo corresponda, só a análise pormenorizada de cada palabra permite facer unha correspondencia adecuada entre eses datos e as respectivas acepcións e, en ocasións, pode indica-la conveniencia de completar algún dato (así, *circunvoar* pasou de verbo intransitivo a verbo transitivo e intransitivo).

9 No artigo "Dictionnaire" da *Enciclopedia*, d'Alembert fala dos "seis obxectos principais" do dicionario: a nomenclatura, a ortografía, a pronuncia (moi importante no caso do francés), a significación das palabras, o seu emprego no discurso e a etimoloxía (*apud* Grimaldi 1994: 136-137 e n. 56).

10 Sobre o valor de verdade do discurso lexicográfico no relativo á ortografía e á pronuncia, *vid.* Lara (1992: 6).

(4) A delimitación semántica de cada voz, coas acepcións e subacepcións que correspondan e a relación existente entre elas (por extensión, emprego figurado...). Unha forma galega pode encubrir un castelanismo semántico, por exemplo (son coñecidos casos como *desenrolar*, *pobo*), non sempre fácil de detectar. Outras veces é necesario amplia-lo significado orixinario dunha forma galega para que poida designar un novo referente (por exemplo, *xunguir*, *aquendarse*, *arrollarse*). Por outro lado, hai que enfrontarse igualmente coa delimitación e a definición dun número bastante importante de voces especializadas, para o que non sempre se dispón dun material previo referido ou aplicable ó ámbito galego.

(5) O establecemento de redes semánticas, só posible despois do paso anterior. De maneira implícita ou explícita (como vén sendo habitual nos dicionarios académicos monolingües), sinálanse as relacións de sinonimia, antonimia, proximidade semántica, así como tamén a hiponimia / hiperonimia, meronimia, etc.

(6) A marcación diafásica e diastrática e a indicación das connotacións dos termos (uso popular, culto, pexorativo, etc.). Ata o momento, nos dicionarios académicos modernos non se estableceu unha marcación diatópica (unha das tarefas realizables no futuro) e rara vez se fixo algunha anotación diacrónica (no dicionario monolingüe en preparación van introducidas as marcas “ant.” e “desus.”, pero nos anteriores este tipo de información facíase, en todo caso, mediante as observacións). Dentro do apartado da marcación, hai que incluír igualmente as marcas de ámbito ou dominio especializado, non sempre doadas de delimitar, como se viu arriba.

(7) Outro apartado importantísimo que ha de ser atendido polo autor do dicionario normativo é o da fraseoloxía e as unidades pluriverbais en xeral. Deixando a un lado as locucións adverbiais, preposicionais e conxuntivas, este aspecto só está esbozado no *VOLG*, que é fundamentalmente un vocabulario ortográfico de lexías unverbais ou monoverbais. Non só cómpre determinar en primeiro lugar o que constitúe unha unidade pluriverbal do tipo que sexa (locución, refrán, etc.), senón que en bastantes casos é preciso determina-la galegitude desas unidades, algunhas delas moi instaladas, o que a miúdo é un labor complexo por tratarse dun tipo de secuencias nas que abunda especialmente o calco (do castelán), a pesar da riqueza da lingua galega neste ámbito. Non é raro atopar nos repertorios galegos unidades desta clase de nula ou discutible galegitude que houbo que desterrar dos dicionarios académicos (como *chegar e bica-lo santo*).

Así é como contribúe o dicionario normativo á conformación da variedade estándar da lingua. Para realizar este labor, é necesario dispoñer dun abundante material auxiliar, ademais dunha infraestrutura informática indis-

pensable hoxe en día en lexicografía. Os lexicógrafos non poden perder de vista a realidade da lingua, pero tampouco a súa historia e tradición literaria (textos antigos e modernos, vocabularios históricos e etimolóxicos...), as fontes do galego popular, os repertorios léxicos anteriores e aínda outros estudos realizados sobre a lingua, a situación nas linguas do contorno e, en particular, no portugués, no castelán e nas outras linguas románicas. Tamén serve de apoio a súa propia competencia lingüística e a doutros falantes. Aínda que xa imos contando cun material considerable neste sentido, é xusto recoñecer que as fontes non sempre proporcionan a información todo o completa e precisa que sería de desexar, algo que polo demais é frecuente nas linguas en proceso de estandarización. En moi pouco tempo, o galego foi dotándose dun importante aparato de estudos de todo tipo¹¹, pero cómpre seguir mellorando e, no caso do léxico, actualiza-los nosos coñecementos sobre o mesmo. A existencia dun dicionario histórico e etimolóxico do galego axudaría tamén de maneira inestimable neste campo.

Se, por unha banda, é certo que a lexicalización non esperta polo xeral tanta controversia como a fixación ortográfica e morfolóxica, tamén o é que se trata dun labor moi dificultoso polo propio carácter do léxico, inaprehensible na súa totalidade e mudable máis que ningún outro nivel da lingua (palabras que se impoñen fronte a outras que decaen, ben por unha cuestión de moda, ben porque desaparecen os elementos da realidade que designaban, cambios de significado por ampliación, redución, metáfora, metonimia, etc., introducción de neoloxismos...) e porque, como di Santamarina, a través do léxico circulan os conceptos dunha cultura a outra:

No léxico hai que ter en conta que existen dificultades engadidas, independentes da concepción que se teña do galego. Unha delas é que é moito máis difícil de reducir a norma dado que é un sistema aberto e moi complexo. En segundo lugar, a través das palabras circulan conceptos culturais dunha lingua para outra (especialmente das linguas do mundo occidental ó que pertencemos; *cfr.* Hagège 1987); por iso as contaminacións son moito máis difíciles de detectar aquí do que nos outros niveis da lingua. E por último as propostas do normativador para seren eficaces non dependen máis que en pequena medida do ensino ou da aprendizaxe senón máis ben da difusión e aceptación masiva que teñan; e nisto a experien-

11 Os avances producíronse en tódolos eidos da lingüística, sen contar cos que se deron noutras disciplinas como a crítica literaria, a historia ou a antropoloxía. Para os estudos sobre a lingua, vid. BILEGA (Bibliografía informatizada da lingua galega, dirixida por Francisco García Gondar, e consultable na rede, www.cirp.es).

cia que temos doutras planificacións demostranos que a aceptación é imprevisible e só unha porcentaxe das propostas cristaliza (Santamarina 1994: 76)¹².

Por todo isto, o dicionario é, “por definición”, máis que ningunha outra, unha obra inconclusa e perfectible, máxime na situación actual da lingua galega. O dicionario está sempre suxeito á actualización (pensemos nas vintedúas edicións que leva o *DRAE*, por exemplo). Por outro lado, como xa dixen, é normal que exista un certo grao de vacilación en todo proceso de estandarización. E non hai que esquecer que a normativa léxica é xeralmente conservadora, de xeito que só se acepta unha voz cando está suficientemente sancionada polo uso ou cando se comproba a súa necesidade ou o rexeitamento por parte dos usuarios doutras formas propostas. Non en balde unha das vantaxes de posuír un canon léxico é que contribúe a protexela lingua fronte a unha excesiva penetración externa. Por último, cómpre ter en conta que non sempre nos procesos de estandarización léxica se elabora un vocabulario ortográfico previo, coma no caso galego, e daquela o dicionario normativo ve duplicada a súa función¹³.

Chegados a este punto, cabe preguntarse: ¿a que se debe a importancia que se lle concede ó dicionario no proceso de estandarización lingüística, e en concreto no (sub)proceso de conformación da variedade modelo?

Os repertorios léxicos son concibidos como obras importantes desde antigo pero se nos remontamos a unha fonte máis próxima á situación actual, a valoración do dicionario ha de poñerse en relación coa da gramática, como parte dun proceso global de “gramatización” das linguas vernáculos, consistente en dota-las linguas de, polo menos, unha gramática e un dicionario (Auroux 1994: 20, 22) ou, o que é o mesmo, sometelas a unha regulamentación á maneira latina que lles conferise un prestixio semellante ó da lingua clásica. Para Auroux (1994: 24), a gramatización das linguas vernáculos a partir dunha única tradición lingüística (a “grammaire latine étendue”, GLE) constituíu unha auténtica revolución tecnolóxica.

Así, a relevancia destas obras como piores para a fixación e o coñecemento da lingua podemos retrotraela ós séculos XVI e XVII, como consecuencia da valoración renacentista das linguas vulgares. Deixando a un lado as gramáticas medievais do provenzal, o *Donat françois*, de principios do

12 É certo que a aceptación das propostas é en boa medida imprevisible e que depende en gran parte da súa difusión, pero esta vai estreitamente ligada ó ensino, xuntamente con outros ámbitos, como os medios de comunicación (*vid.* 2.2).

13 Depecker (1996: 3) formula un interesante concepto de “dictionnaire actif, interactif et réactif” (1996: *ib.*): “actif car il est mis à jour constamment; interactif car il est enrichi en commun; réactif car s’il y a une erreur ou un point dur, les personnes de tout horizon sont appelées à réagir”.

século XV, e mesmo a *Grammatica della lingua toscana* (ca. 1450) de Leon Battista Alberti, a primeira gramática de corte moderno adoita situarse a finais do século XV (Elio Antonio de Nebrija, *Gramática de la lengua castellana*, 1492), e tras ela irían outras, como a do portugués e a do francés (*Gramática da linguagem portuguesa*, 1536, de Fernão de Oliveira, e *Tretté de la grammere françoese*, 1550, de Louis Meigret)¹⁴.

Polo que se refire ós dicionarios, a produción é polo xeral algo máis tardía, o que tal vez indique unha certa prelación, no sentido de que fose necesario contar primeiro cunha descrición (orto)gráfica e gramatical da lingua antes de repertoria-lo léxico sobre o que se aplicaban as ditas normas. Nebrija pasa tamén por se-lo primeiro lexicógrafo do español, aínda que o fose na liña bilingüe (o seu dicionario latino-español é do 1492 e o vocabulario español-latino do 1495), xa que, se ben o *Universal vocabulario en latín y en romance*, de Alfonso de Palencia, foi anterior (1490), a súa orientación era máis medieval¹⁵. Posteriormente, Sebastián de Covarrubias publicará o seu famoso *Tesoro* (1611), pero o primeiro dicionario académico do español chegará no século XVIII, o *Diccionario de Autoridades* (1726-1739), base dos sucesivos *DRAE*. No tocante ó portugués, o dicionario de Rafael Bluteau, primeiro do portugués, é do 1712 (*Vocabulario Portuguez et Latino*), e o de Moraes (primeiro feito por un portugués) do 1789. Anteriores son o repertorio italiano da Accademia della Crusca (1612), o primeiro dicionario do francés, o *Trésor de la langue française tant ancienne que moderne* (1606), de Aimar de Ranconnet e Jean Nicot, así como os de Furetière (1690) e o primeiro dicionario académico desta lingua (1694), e tamén do XVII é o primeiro dicionario inglés (*A Table Alphabeticall*, 1604, de Robert Cawdrey; o de Samuel Johnson é de 1755). Para Auroux (1994: 20), o dicionario monolingüe é unha invención do século XVII. Deste xeito, entre os séculos XVII e XVIII as linguas nacionais da nosa contorna tiñan xa unha lexicografía importante, polo xeral primeiro de dicionarios descritivos e logo de normativos ou académicos. Polo demais, o peso da tradición académica non é o mesmo en tódolos países nin para tódalas linguas. O gran predicamento que ten o *DRAE* para o español non é o mesmo có do homólogo francés, que ri-

14 Mencionámo-la primera gramática francesa de corte humanista, escrita en Francia e por un francés; anterior foi a obra do inglés John Palsgrave, *Lesclarissement de la langue françoise*, de 1530 e mesmo a *Isagoge* de Jacques Dubois (1531). En canto ó italiano, hai quen menciona a obra de Giovanni Francesco Fortunio, *Regole grammaticali della volgar lingua*, de 1516 (e incluso as *Prose della volgar lingua*, de Pietro Bembo, de 1525).

15 En Nebrija podemos atopar xa a idea do carácter aberto e ilimitado do léxico, así como o criterio de que o léxico incorporado debe responder ás necesidades da comunicación entre os falantes (Escobedo 1994: 216-217). De Nebrija é tamén a primeira ortografía do castelán (1517).

valiza con excelentes dictionarios promovidos pola iniciativa privada. En calquera caso, é de desexar que o *DRAG* sexa aceptado como modelo pola sociedade no seu conxunto.

Polo que respecta ó galego, con varios séculos de distancia, repetiuse aproximadamente a mesma situación, de modo que primeiro apareceron os dictionarios descritivos (Francisco Javier Rodríguez, 1863; Juan Cuveiro, 1878; Marcial Valladares, 1884) e logo o académico (*DRAG* 1913-1928). É sabido que desde bastante tempo antes da constitución da Academia, houbo voces que se alzaron a favor da creación da dita institución e da necesidade de elaborar unha gramática e un dictionario para a reconstrucción do idioma (Alonso Montero 1988: 13). De feito, cando en 1906 se funda a institución académica, entre os seus obxectivos menciónanse precisamente eses dous (*vid.* Alonso Montero 1988, Cambre García *et al.* 2000). Como é unha historia xa ben coñecida, non insistiremos máis sobre ela.

Desde unha perspectiva máis actual, poden achegarse unha serie de trazos que explican a relevancia do dictionario, en particular do prescristivo, tanto para a estabilización e promoción dunha lingua como para a difusión dos seus usos e da súa estrutura léxico-semántica, de tal xeito que se converte nun instrumento importantísimo non só para a normativización senón tamén para a normalización (*cfr.* Kasbarian 1994: 13).

De entrada, como se ten dito, o feito de que unha variedade lingüística posúa un dictionario confírelle prestixio e elévaa practicamente á categoría de lingua, sobre todo se conta tamén cunha gramática. Tanto se se entende a lingua como un feito cultural e social, coma se se entende principalmente como unha ferramenta de comunicación (concepcións que non son excluíntes), o dictionario é un instrumento de grande alcance. Desde a óptica da función simbólica e da función “definidora ou constructora da realidade” que desempeña a lingua (Lamuela 1994: 38)¹⁶, o dictionario pasa a se-lo compendio, a representación ou o símbolo da cultura dun pobo, pois a través da lingua, e de maneira especial a través do léxico, vehicúlase un modo de vida e de percepción da realidade:

Mediante la función definidora o de representación las lenguas producen una versión de la realidad que se manifiesta en los discursos propios de cada tradición cultural, define las posibilidades expresivas de cada lengua y es al mismo tiempo definida por ellas.

La función simbólica opera a través de las connotaciones asociadas a las formas lingüísticas (Lamuela / Monteagudo 1996: 240).

16 Lamuela (1994: *ib.*) alude ás seguintes funcións da lingua: comunicativa ou instrumental, definidora ou constructora da realidade e simbólica ou connotativa.

Do mesmo xeito que os atlas lingüísticos reflicten a realidade oral da lingua de modo gráfico, sintético e eficaz, podería dicirse desde esta perspectiva que dalgunha maneira os dicionarios reflicten dun modo práctico, sintético e eficaz un tipo de civilización.

En relación con isto, o dicionario presenta unha dimensión social sobre a que Lara (1992: 3) realiza interesantes reflexións; para este autor, o dicionario é en primeiro lugar o depositario da memoria social dunha comunidade lingüística:

Quando una comunidad lingüística toma conciencia de la extensión de su vocabulario y de la imposibilidad de que cada uno de sus miembros conozca sus significados en su totalidad, se vuelve necesaria una memoria léxica y, en comunidades lingüísticas como las nuestras, tal memoria se vale de la escritura y del libro. [...]. Un diccionario monolingüe es, por eso, un libro que sirve de depósito de la memoria social sobre el significado del léxico de una comunidad lingüística y, en consecuencia, es ante todo un catálogo de actos verbales de respuesta sobre el significado de las palabras.

Para Lara, o dicionario, como a enciclopedia, constitúe a resposta social acerca do que son as cousas. Pódesele aplica-la premisa de que “hablante y oyente presuponen que la respuesta que se ofrezca corresponde al significado reconocido o aceptado por el consenso de la comunidad lingüística” (1992: 3 e n. 6). Esta premisa cobra o seu máximo valor nos dicionarios prescritivos, que teñen un grande impacto social porque representan a autoridade na lingua. Só cabe lembrar que, aínda que a delimitación semántica constituía a cerna do dicionario, non é a única que presenta, e nomeadamente convén non esquece-la demarcación dos usos (*vid. supra*).

Precisamente por se-lo dicionario o depositario da memoria social e ser froito dun consenso implícito sobre o que é verdadeiro e o que non o é, ten unha dimensión de obra colectiva importantísima. Neste sentido tamén se manifesta Lara (1992: 4):

El origen de la discursividad lexicográfica, en consecuencia, está en los actos verbales de respuesta sobre el significado de las palabras y en la necesidad social de conservar memoria de esos significados. Si la condición de validez de los actos verbales de respuesta sobre el significado es que lo que se predique en ellos sea verdad, la predicación que constituye el artículo lexicográfico se considera también como verdadera; tanto más, cuanto que el diccionario no tiene sujeto individual de la enunciación, sino que, para cada hablante, el sujeto de la enunciación lexicográfica es la sociedad [...].

El artículo lexicográfico tiende a representar o a reflejar esas verdades sociales, por lo que los diccionarios monolingües vienen a ser, por un lado, registros del conocimiento social de las palabras de la lengua a la que se refieren, por otro, normas de la inteligibilidad social de todo discurso que se produzca en el seno de la comunidad lingüística.

De ahí a dimensión ideológica do diccionario. Toda interpretación da realidade ten un fondo ideolóxico. Leamos de novo as palabras de Lara (1992: 3 e n. 6):

La veracidad de la predicación con un verbo de lengua, del tipo *significar* [...], se refiere a la vez a dos clases de verdad para la sociedad: de un lado, la verdad objetiva acerca del significado reconocido por la sociedad; del otro, la verdad normativa que, nacida precisamente de la aceptación que produce el consenso social, liga la comprensión del significado con los valores sociales que se le adhieren con esa aceptación. Es esta liga la que ideologiza inmediatamente el significado, algo notable en palabras que se refieren al campo de la moral y, en general, al de las relaciones entre seres humanos. El acto verbal de respuesta a la pregunta sobre el significado de las palabras es, en consecuencia, también un acto normativo.

Así é cómo o diccionario (monolingüe) “pasa del depósito a la acción sobre la memoria social” (Lara 1992: 10). Por último, en virtude do seu carácter de representación gráfica da lingua, “ayuda a privilegiar la reflexión sobre la propia lengua” (Lara 1992: *ib.*).

Destá maneira, o diccionario monolingüe convérsese en: “a) un catálogo de la lengua socialmente inteligible, b) una norma de lo que puede ser dicho en el seno de la sociedad, y c) un reflejo de la propia lengua” (Lara 1992: 5).

Ó diccionario como “memoria” refírese tamén Auroux (1994: 23), que prima a consideración da “exterioridade” do diccionario, ou o que é o mesmo o seu carácter de “instrumento” lingüístico, sobre ó seu carácter representativo:

Autrement dit, au lieu de croire que nous avons des dictionnaires dans la tête, il faut plutôt concevoir que les dictionnaires et les grammaires sont en quelque sorte des mémoires externes, des technologies intellectuelles tout à fait nouvelles. Je ne dis pas que ces technologies ne supposent pas des éléments de représentation de la nature du langage mais il est important qu'ils existent dans l'extériorité. Par conséquent, grammaire et dictionnaire sont des outils linguistiques avant d'être des représentations linguistiques.

Je crois que grammaires et dictionnaires doivent être pris comme des outils linguistiques en ce sens, comme prothèses et non pas simplement des représentations de la parole naturelle.

Para Auroux, a concepción da gramática (e do dicionario) como representación dunha lingua, que arrinca do século XVIII, e mesmo como representación do que pensan os homes cando falan (mito substancialista), teoría xurdida a partir de 1957, confunde diversas acepcións do termo “gramática”. Isto non significa que o estudioso negue a idea instalada de que gramática e dicionario supoñen outros tantos modos de análise da lingua, un ó nivel da estrutura fundamentalmente morfosintáctica, o outro ó nivel do léxico. Para Auroux (1994: 22), a gramatización dunha lingua “*raffine encore la construction du schéma abstrait*” desa lingua (un primeiro paso no “refinamento” foi o feito mesmo da escritura).

Por outra parte, desde o punto de vista normativo, ámbalas dúas obras revístense de autoridade por tratarse de “instrumentos de lexitimación”, isto é, por conferir lexitimidade á variedade seleccionada (*cf.* Kasbarian 1994: 11).

En resumo, a identidade múltiple do dicionario, así como o seu triple fundamento, social, cognoscitivo e comunicativo ou instrumental, explican a súa gran repercusión en tódolos ámbitos, incrementada por tratarse dunha obra de amplo emprego, o que a converte nunha arma importantísima para a difusión dos usos e significados lingüísticos e, desde a perspectiva que aquí trataremos (*vid.* 2.2), para a difusión da variedade estándar.

2.2. O dicionario no proceso de difusión da variedade estándar

É evidente que ningún labor de estandarización pode ver cumprido o seu obxectivo final se a variedade estándar permanece descoñecida e se non é aceptada e empregada pola maioría da poboación. De aí a importancia dunha boa planificación da promoción do estándar. No proceso global da normalización lingüística, non abonda con levar a cabo unha planificación do estatus e unha planificación do corpus, senón que son necesarias tamén, por un lado, unha “planificación do prestixio” (Rei Doval 1993: 70-71), que tería como obxectivo conseguir unha predisposición psicolóxica adecuada de cara á propia actividade planificadora, e, por outro, unha planificación da “implementación ou propagación” da codificación, ou que é o mesmo, “el grado de aceptación y de adopción de la variedad estándar” (Lamuela / Monteagudo 1996: 265, retomando o termo de Haugen). Nesta liña, Rei Doval (1993: 72-73) fai referencia a cinco medidas que conviría introducir na estandarización: “dar entrada a criterios de tipo sociolingüístico”, “investigala opinión dos falantes sobre os diferentes tipos de reformas léxicas”, “difundi-las reformas”, “non adoptar nunca unha postura purista ou excesivamente

prescritivista fronte ás outras posibilidades ou solucións existentes na lingua” e “logo de introduci-la(s) reforma(s), avalia-lo éxito das propostas realizadas”¹⁷.

É neste marco onde cobra especial importancia a función que poden exercer os dicionarios no proceso de difusión da variedade estándar da lingua, como consecuencia última e directa do seu amplo uso en moi diversas capas sociais e nos máis variados ámbitos (non só profesionais), amplo uso do que dá boa proba a dimensión comercial que posúe este tipo de obras. Tamén Lamuela / Monteagudo (1996: 245) se teñen referido ó papel do dicionario na difusión lingüística, tanto funcional como demográfica.

Se ben na situación actual da lingua galega é clara a importancia dunha lexicografía prescritiva que determine o canon léxico-semántico da lingua e inspire o suficiente respecto como para facer que se siga maioritariamente ese canon, a lexicografía descritiva xoga un papel especial, sobre todo no aspecto da promoción e difusión do patrón estándar. Na medida en que a lexicografía descritiva siga o modelo fixado, aínda que poida engadir outras cousas (novos lemas, acepcións, etc.), contribuirá de forma máis ou menos decisiva ó seu espallamento. O que nos parece relevante, nun momento como o que viven a lingua e a sociedade galegas na actualidade, é que nos dicionarios descritivos se sinala de xeito claro o que se axusta ó canon lingüístico e o que non (como fai, por exemplo, o *Gran Xerais*), para que os usuarios saiban a qué aterse. O mesmo cabe dicir dos dicionarios de dúbidas, de verbos, de sinónimos, ortográficos, etc.

Cómpre, xa que logo, mellorar e multiplica-lo emprego do dicionario en moi distintos ámbitos sociais, e para iso requírese que se coñezan realmente as enormes posibilidades que esta obra ofrece. Nesta dirección, o labor da escola é fundamental, e por el imos comeza-la nosa análise.

2.2.1. O dicionario no ensino

Se o futuro da lingua pasa polo seu emprego na infancia e na xuventude, é evidente que a difusión do coñecemento e o uso do estándar no ensino é un dos piares para a estabilización e promoción da lingua. O dicionario pode cobrar unha grande importancia neste proceso, non só para a adquisición da competencia lingüística, senón tamén para a súa mellora (repárese en que falamos de competencia lingüística, non léxica; sobre isto volveremos máis

17 *Vid.* tamén Díaz Abreira (1995:74), que recolle as palabras de A. I. Boullón Agrelo *et al.* (“Problemas e métodos para o establecemento do léxico administrativo galego”, *Cadernos de lingua* 2 (1990), 91), sobre a necesidade de promociona-lo uso das propostas.

adiante). As novas tendencias pedagóxicas avogan por potencia-lo emprego do dicionario nas aulas en tódolos niveis educativos, e neste sentido existen xa liñas de investigación implantadas:

La *lexicografía docente* [sic] es un campo especializado de la lexicografía que abarca los diferentes aspectos teóricos y prácticos vinculados al tipo de descripción pedagógicamente orientada del léxico en los diccionarios y otras obras lexicográficas. [...] El objeto principal de la lexicografía docente es el llamado *diccionario docente*, es decir, una obra lexicográfica de cualquier género y volumen especialmente diseñada para contribuir al estudio de una lengua como medio de transmitir los estados informativos propios y percibir los estados informativos de otros (Morkovin 1992: 359).

É preciso, pois, en primeiro lugar, que o colectivo docente estea concienciado da importancia deste emprego, emprego que require un adestramento previo do alumno para poder sacar proveito de tódalas potencialidades da obra. Da mesma maneira que se descoñece bastante en qué consiste realmente o labor lexicográfico,

Aunque no se ha formulado de manera explícita, ha venido funcionando tradicionalmente un principio aceptado por todo el mundo, que reconoce que buscar palabras en un diccionario es una tarea elemental, mecánica y pasiva para la que no hace falta ningún tipo de enseñanza específica, lo que ha llevado a la situación arriba descrita: la investigación lexicográfica va con frecuencia muy por delante (e incluso al margen) de los conocimientos y hábitos de consulta reales de los usuarios (Calderón Campos 1994: 28)¹⁸.

Afortunadamente, esta etapa vaise sobrepasando, de maneira que, se cada vez se coñece mellor a tarefa lexicográfica, tamén se recoñece máis a necesidade dun maior e mellor manexo dos instrumentos lexicográficos. Pero é necesario cambia-los hábitos dos usuarios conforme ás novas correntes da lexicografía, que tal vez comportan un aumento das dificultades do uso en beneficio dun maior rigor.

A importancia da utilización do dicionario no ensino vese duplicada polo feito de que non é só unha obra de consulta, senón tamén de aprendizaxe¹⁹:

18 Sobre esta cuestión incidira previamente, por exemplo, Moulin (1987: 105): "Incidentally, one of the reasons why so many learners never use the dictionary -or use it wrongly- for writing tasks is simply that they have not received the right preparation".

19 "Como es sabido, el aprendizaje de cualquier lengua se sustenta sobre dos pilares: la Gramática y el Diccionario" (Escobedo Rodríguez 1994: 203).

Aprender una palabra no es sólo comprender su significado, sino también conocer su uso gramatical y pragmático correctos. En este sentido, el diccionario adquiere una gran importancia como obra de aprendizaje (Martín García 1999: 13-14).

Aínda que outros autores sinalasen con anterioridade (*cf.* Alvar Ezquerro 1982) que o diccionario serve para ampliar e perfecciona-los coñecementos tanto do vocabulario da lingua como da gramática, interézanos trasladar aquí as palabras de Martín García (1999: 13-14), que as retoma á súa vez de Battenburg (1991), no sentido de que o diccionario é capaz de proporcionar máis información sobre unha lingua que calquera outro tipo de texto. En efecto, nun diccionario non só podemos atopar as diversas acepcións dunha palabra, que é o que os usuarios tradicionais buscan maioritariamente, senón que tamén podemos encontrar información sobre a súa forma (ortografía), pronuncia e mesmo etimoloxía; datos gramaticais (clase de palabras á que pertence e posibilidades de transposición, flexión nominal e réxime verbal, irregularidades...); xénese e frecuencia de emprego das acepcións (figurado, por extensión...); ámbitos de uso (diafásico, diatópico, diastrático, de xerga ou de especialidade); vixencia do mesmo (información diacrónica); contextos de uso e información suplementaria (mediante exemplos); observacións diversas (así, posibilidades connotativas); relacións léxicas (familias) e semánticas (sinónimos, antónimos e voces conexas). O diccionario ofrece, polo tanto, datos semánticos, complexos xa de seu²⁰, pero tamén ortográficos, fonéticos, históricos, estilísticos, morfosintácticos e colocacionais ou pragmáticos: “Nada, como um dicionário, para proporcionar uma visão abrangente da língua” (Vilela 1995: 7).

Cómpre, pois, “ensina-lo alumno” a “aprende-la lingua” mediante o diccionario. Unha proba da importancia do diccionario nesta aprendizaxe é que ultimamente, partindo da base de que esta obra se utiliza máis adoito cá gramática, vense propugnando a necesidade de facer un diccionario que inclúa unha gramática, que a integre realmente, non só ó xeito tradicional en forma de apéndice (como se fai, por exemplo, nos dicionarios bilingües). Por outro lado, o manexo do diccionario non ten por qué limitarse á clase de lingua, senón que, como é lóxico, pode estenderse a calquera outra materia. Outro aspecto salientable do uso do diccionario na aula é que estimula a autonomía do alumno, que desta maneira se habitúa a resolver as dúbidas por si mesmo (Martín García 1999: 18).

20 Vilela distingue entre o significado “denotacional” (que confire a súa identidade á palabra), o “expresivo” (que acompaña sentimentos do falante), o “presuposto” (que sitúa a palabra nun determinado dominio) e o “evocado” (relativo ó dialecto, sociolecto, rexistro, etc.) (1995: 233).

O dicionario pode funcionar como instrumento descodificador (obra de comprensión) e como instrumento codificador (obra de produción) (Martín García 1999: 13), e cabe utilizalo para o ensino da lingua tanto dos nativos coma dos non nativos. Doutra banda, se ben o emprego dun mesmo dicionario pode adaptarse a diferentes niveis de aprendizaxe, tamén é factible realizar distintos dicionarios por niveis a partir dun dicionario xeral, o que nos daría auténticos dicionarios escolares para primaria, secundaria, etc., e non como se veñen facendo normalmente, comprimindo tipograficamente o texto e cambiando a encadernación.

Pensando sobre todo neste tipo de emprego, considero positivo que, polo menos mentres non estea completado o proceso de estandarización, a lexicografía normativa teña un carácter didáctico, e creo que a este didactismo responden bastante ben os dicionarios académicos monolingües publicados ata o momento. De aí a busca da sinxeleza na redacción, sen que isto implique falta de rigor; a claridade na organización, que axude a atopar rapidamente os datos buscados; a indicación da pronuncia nos estranxeirismos e noutros casos que poden resultar dubidosos (*reflexo, jazz*); a exemplificación sistemática; as traslacións gramaticais; as observacións (*cfr. alicerce*); a indicación pormenorizada e en secuencias de uso dos sinónimos e antónimos; a marcación dos castelanismos moi estendidos non asumidos pola norma (**fresa, *tenedor*); a particular insistencia nas palabras homógrafas ou case homógrafas con distinta pronuncia, etc. Mesmo o que pode parecer máis dificultoso para o seu emprego, a marcación dos contornos, é factible dunha eficaz utilización no ensino tanto da semántica como da sintaxe e da pragmática das unidades léxicas.

2.2.2. O dicionario noutras esferas socioculturais

Como é sabido, determinadas esferas sociais e certos colectivos (profesores, profesionais liberais...) constitúen en abstracto outros tantos “falantes-modelo” que, por mor do seu prestixio profesional e social, contribúen a normaliza-la lingua e, na medida en que utilicen o canon prescrito, inflúen sobre a sociedade para que os siga no dito emprego. Ninguén dubida tampouco da importancia do papel dos medios de comunicación (Internet incluído) na nosa sociedade; o dominio da norma nestes casos faise máis dificultoso canto maior é a dose requirida de improvisación e inmediatez na comunicación, como ocorre na radio e na televisión en directo. Outras esferas importantes no emprego da lingua son a administración, en particular a administración de xustiza, o ámbito eclesiástico, etc. Na liña da propagación ou implementación á que antes me referín, sería positiva a realización de campañas a prol do emprego dos textos que vehiculan as propostas norma-

tivas en todos eses ámbitos ou a prol dun aumento dese emprego, con independencia de que algunha desas esferas precise tamén o apoio de repertorios especializados. O diccionario préstase dun xeito especial a unha acción dese tipo (pensemos no que se fai desde a iniciativa privada) por tratarse aparentemente dunha obra de máis fácil acceso cá gramática (*cf.* Lamuela 1994: 89 ss.).

2.2.3. O diccionario na traducción e na produción literaria

Un emprego especial, dalgunha maneira de carácter “metalingüístico”, é o que se fai do diccionario nos dominios da traducción e da produción literaria, que adquiren unha particular importancia para a propagación da norma na medida en que o seu produto pode alcanzar a moita xente. O diccionario convértese aí nunha ferramenta propiamente lingüística para o traballo coa lingua, que debe ser non obstante complementado, en particular no caso da traducción, con dicionarios dos distintos tecnolectos. De feito, cada día se demanda máis o traductor especializado.

En relación coa traducción, cómpre lembra-lo papel do diccionario como punto de partida na elaboración e ampliación dos espazos funcionais da lingua, procesos decisivos de cara a un enriquecemento da mesma, sobre todo na súa dimensión escrita. De aí a importancia de colectivos como os escritores, tradutores, periodistas, autores de literatura didáctica e científica, etc., que moldean a lingua co seu traballo (Dua 1989, *apud* Lamuela / Monteagudo 1996: 281)²¹. Todos eles contribúen á diversificación estilística e funcional:

En general, podemos decir que el enriquecimiento estilístico consiste en un incremento y una relativa especialización de los recursos sintácticos y léxicos en orden a atender a las demandas comunicativas impuestas por los diferentes géneros / tipos de texto, y al mismo tiempo destinados a caracterizar a cada uno de éstos frente a los otros [...] En todo caso, la diversificación funcional y estilística de la lengua se manifiesta de la forma más característica en los aspectos léxico y sintáctico (Lamuela / Monteagudo 1996: 283-284).

Loxicamente, o emprego do diccionario en tódolos ámbitos ata agora sinalados, ós que se poderían engadir outros, non é máis ca unha parte da es-

21 Hai xa case dez anos, Santamarina (1994: 72-73) situaba a lingua galega no nivel 7, segundo unha clasificación numérica por cuadrículas proposta por autores como Kloss e Muljačić para cuantifica-la produción escrita non literaria dun pobo. Sobre estes modelos numéricos, *vid.* tamén Ammon (1989: 78-82) e Joseph (1987: 76).

traxería xeral de promoción do uso e de difusión da variedade estándar da lingua en tódolos sectores sociais. Agora ben, o dicionario ten a particularidade, sobre outro tipo de obras, de que o seu emprego chega á intimidade das casas, á vida diaria, sobre todo como consecuencia da súa presenza na escola. Na medida en que en todos estes ámbitos se siga a norma proposta, poderemos garanti-lo seu éxito.

En canto ó emprego concreto do dicionario nos distintos campos profesionais, a cuestión lévanos ó terreo da terminoloxía.

3. ALGUNHAS OBSERVACIÓNS SOBRE OS REPERTORIOS TERMINOLÓXICOS

Aínda que os dicionarios de lingua inclúan un certo volume de termos, entre outras razóns (*vid.* 1) porque os usuarios esperan atopalos (Battaner 1996: 9), a elaboración de repertorios terminolóxicos específicos converteuse nunha tarefa importantísima pola necesidade de terminoloxía no mundo moderno, tan altamente especializado e tecnoloxizado. Vilela (1995: 36-37) opina que existe unha solidariedade entre o tipo de civilización e o tipo de comunicación, de maneira que a civilización postindustrial actual se correspondería cunha tendencia á homoxeneización e á globalización en termos e conceptos.

A actividade terminolóxica non é recente, xa que desde antigo os grupos profesionais recolleron a súa terminoloxía con fins utilitarios (glosarios farmacolóxicos, xurídicos, etc.). A comunicación internacional viuse dificultada cando o latín deixou de ser *lingua franca*. A finais do século XVIII asociacións científicas de diferentes países uníronse para facelas primeiras clasificacións en química, zooloxía e botánica (Linneo), e durante o XIX a actividade terminolóxica foi avanzando consonte a estandarización noutras esferas (unidades de pesos e medidas, meteorolóxicas, etc.) (*vid.* Ortuño 1992). Hoxe en día, os léxicos especializados son froito dun traballo planificado por organismos oficiais de diferentes países e por organismos supraestatais (ISO- International Organization for Standardization, coa súa comisión TC37, e COCTA- Committee on Conceptual and Terminological Analysis), que velan pola unificación dos principios e métodos terminolóxicos. A terminoloxía adquire unha especial importancia en organismos plurilingües (CE, UNESCO...), en países con contacto de linguas, como ocorre con Galicia, ou preocupados pola propia lingua fronte á entrada masiva de estranxeirismos (Francia).

Aínda que tanto os repertorios xerais coma os especializados coinciden no feito de que, para o seu desenvolvemento, dependen da resolución de problemas lingüísticos comúns á lingua xeral, nin a orientación nin o trata-

mento dos termos son os mesmos nun e noutro tipo de obras (*vid.* 1). Mentres que nos dicionarios de lingua a orientación é semasiolóxica (da palabra ó concepto), os dicionarios terminolóxicos teñen unha orientación onomasiolóxica (do concepto á palabra)²². Tampouco as definicións seguen as mesmas pautas: as definicións dos termos poden ser máis lixeiras nun dicionario de lingua, sen que isto signifique que sexan incorrectas; nun repertorio especializado a noción debe quedar moi clara e precisa²³. Como indica Vilela (1995: 41-42), o concepto de normalización afecta en primeiro lugar ó produto e, polo tanto, á noción, que debe ser única no marco internacional; a seguir, o concepto de normalización afecta ó termo, que debe ser tan fiable e unívoco como a noción que vehicula. A terminoloxía delimita as nocións, establece as relacións semánticas existentes dentro do mesmo tecnoloxía, fortemente sistematizado e xerarquizado (Lamuela / Monteagudo 1996: 288), atribúe un termo a cada noción e, cando é necesario, crea (Ortuño 1992), todo isto, como é natural, axustándose ás pautas normativas do canon léxico. Os ámbitos de difusión das dúas clases de obras son tamén diferentes, dado que os repertorios terminolóxicos se dirixen sobre todo ós especialistas de cada dominio e ós profesionais da lingua, como tradutores (*vid.* 2.2.3) e redactores de enciclopedias, aínda que tamén teñen utilidade no ensino.

Vilela (1995: 91) establece outra distinción un tanto taxativa en razón da finalidade de cada tipo de repertorio. Vimos xa cómo os dicionarios de lingua serven como instrumentos descodificadores e codificadores, polo que a afirmación que segue ten unha validez relativa e en todo caso só parcialmente válida para os dicionarios monolingües:

Esta orientación divergente tem como causa a diferente finalidade dos dois campos: a lexicografia pretende em primeira instância ajudar os leitores a interpretar textos e secundariamente ajudar os consulentes a produzir textos. Ao contrário, a terminografia pretende sobretudo ajudar os leitores a produzir textos.

22 Sobre isto téñense manifestado moitos autores. *Vid.*, por exemplo, Rondeau (1984: 23 ss.), Vilela (1995: 91) e Thomas (1992: 185).

23 Non estou de acordo coa afirmación de Vilela a propósito da lexicografía xeral (1995: 99): "Se a **lexicografía** [*sic*] tradicional se mantém mais ou menos inalterada desde (quase) o seu aparecemento, na formulación das definicións, no carácter vago das súas explicacións e aplicacións, o dicionário técnico não se pode contentar con definicións vagas e tem de utilizar os profissionais das áreas científicas como informantes necessários". É obvio que a lexicografía, sobre todo nas últimas décadas, avanzou moitísimo polo que se refire ós criterios técnicos en xeral, e das definicións en particular, incluídas as das voces especializadas.

Na secuencia da estandarización, a actividade terminolóxica adoita chegar nas últimas fases, unha vez que se produciron certos avances na normalización e na normativización e que parece existir unha certa demanda ou, cando menos, expectativa dunha certa aceptación, entre os potenciais usuarios. A estandarización terminolóxica é un complemento da lexicalización: lembremos que, segundo o modelo de Haugen (1983: 270 ss.), a modernización terminolóxica e o desenvolvemento estilístico constitúen o nivel tres, correspondente á elaboración (trala selección e a codificación e antes da propagación ou implementación) e inciden na lingua e na súa función.

En Galicia contamos desde 1996 co Termigal, servizo xurdido dun convenio entre a Real Academia Galega, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e a Xunta de Galicia, equiparable ós que existen en moitos outros países (así, o Termcat en Cataluña), e que deu xa froitos de consideración (*vid.* González González 2001).

Con todo, non hai que pensar que o problema da terminoloxía atinxe só ás linguas en vías de estandarización, se ben é certo que a tarefa é aquí máis ímproba e urxente. Pola contra, afecta tamén ás linguas plenamente estandarizadas pola rápida evolución que se dá no mundo moderno nas ciencias e nas técnicas, pola aparición frecuente de novos campos e disciplinas e polo feito de que os termos especializados están cada vez máis ó alcance dun maior volume de xente. Neste sentido, a terminoloxía precisa, se cabe en maior medida có léxico xeral, unha actualización constante (Vilela 1995: 98), capaz de responder a esas necesidades mediante solucións propias:

Cabré (1992, 39 ss.) distingue tres orientacións principais en el campo de la Terminología: (a) lingüístico-terminológica, que se dirige a la normalización conceptual y denominativa de cara a la consecución de una comunicación profesional eficaz y precisa, (b) traduccional, dirigida a la fijación de equivalencias terminológicas en diversas lenguas, y (c) planificadora, que considera que la terminología es una de las piezas fundamentales en el desarrollo de una lengua. [...] En esta [última] orientación, uno de los objetivos fundamentales de la actividad terminológica consiste en conseguir el desplazamiento de la terminología importada de lenguas / países dominantes, al tiempo que se favorecen las creaciones de la lengua propia (Lamuela / Monteagudo, 1996: 290-291).

Tamén Maurais (1993: 114 ss., *apud* Lamuela / Monteagudo 1996: 291-292) se refire á importancia da terminoloxía nos procesos de planificación lingüística, pola súa dimensión simbólica (fortalece a confianza dos falantes no futuro da lingua) e a súa repercusión de cara ós préstamos lingüísticos, xa que obriga a adoptar unha postura de cautela pola rapidez con que, cada vez máis, os termos especializados chegan á lingua ordinaria.

Para rematar, a terminoloxía ten notables repercusións no desenvolvemento doutras facetas da lingua, como os instrumentos das tecnoloxías da fala (*vid.* González González 2001).

Se o traballo interrelacionado dos especialistas de cada campo e os filólogos é xa necesario nun diccionario de lingua en virtude do importante volume de léxico especializado que inclúen os dicionarios xerais, ese traballo é imprescindible na elaboración dos repertorios terminolóxicos que, por outro lado, deben servir de base a aqueles, e non ó revés.

4. CONCLUSIONES

Como instrumento de codificación, podemos atribuírle ó diccionario normativo os mesmos efectos benéficos sobre a lingua ca ós demais instrumentos que conforman a variedade modelo (fomento da autoidentificación, favorecemento dunha práctica lingüística estable e unitaria, etc.), aplicados fundamentalmente ás dimensións léxico-semántica e pragmática. En particular, dada a importancia do tratamento do léxico sobre todo na lingua escrita, caracterizada por unha maior densidade neste aspecto e, segundo os xéneros, por unha maior transfiguración (metáforas, alegorías, etc.), considero que o feito de contar cunha norma léxico-semántica e de uso integrada nun diccionario contribúe a posibilita-la diversificación funcional e estilística da lingua, o que sen dúbida representa un grande avance no seu nivel de estandarización e de prestixio.

Por outro lado, o alcance do diccionario (en especial o prescriptivo) na fase de propagación da norma, debido ó seu amplo uso e á autoridade social que se lle concede, confírelle unha relevancia singular e convérteo nun elemento de primeira magnitude no proceso global de estandarización lingüística, concibido polo menos como conxunto de codificación e difusión. De aí que se deba promove-lo seu emprego en moitos ámbitos e incrementa-la súa valoración, se se desexa dispoñer dunha lingua autónoma e completa.

BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Montero, X. (1988): "Prehistoria da Academia Galega. Á procura da norma culta de 1875 a 1905", *Grial* 99, 8-18.
- Alvar Ezquerra, M. (1982): *La Universidad y el diccionario*. Málaga: Universidad.

- Álvarez Blanco, R. / H. Monteagudo Romero / X. L. Regueira Fernández (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez Blanco, R. / X. Xove Ferreiro (2002): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Ammon, U. (1989): "Towards a descriptive framework for the status / functions (social position) of a language within a country", en U. Ammon (ed.): *Status and function of languages and language varieties*. Berlin / New York: Walter de Gruyter, 21-106.
- Auroux, S. (1994): "La grammatisation des vernaculaires européens", en D. Baggioni / E. Grimaldi / J.-M. Kasbarian (eds.): *Genèse de la (des) norme(s) linguistique(s): hommage à Guy Hazaël-Massieux*, suivi du séminaire *Le concept de norme en philosophie et dans les sciences humaines et le concept de "Norme linguistique"*. Aix-en-Provence: Université de Provence, 18-25.
- Baggioni, D. (1994): "Norme linguistique et langue(s) nationale(s): variété des processus de construction des identités linguistiques-nationales dans l'espace européen passé et présent", en D. Baggioni / E. Grimaldi / J.-M. Kasbarian (eds.): *Genèse de la (des) norme(s) linguistique(s): hommage à Guy Hazaël-Massieux*, suivi du séminaire *Le concept de norme en philosophie et dans les sciences humaines et le concept de "Norme linguistique"*. Aix-en-Provence: Université de Provence, 27-53.
- Battaner, M. P. (1996): "Terminología y diccionarios", en *Jornada Panllatina de Terminologia: perspectives i camps d'aplicació (Barcelona, 14 de desembre de 1995)*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra, Institut Universitari de Lingüística Aplicada, 93-117. Cítase por: <http://www.iula.upf.es/cpt/jorb/jp4.htm> (12 pp., última modificación 14-05-2001).
- Battenburg J. D. (1991): *English monolingual learners' dictionaries: a user-oriented study*. Tübingen: Niemeyer.
- Blanquet, M.-F. (1994): "Les ressources langagières : Les réseaux de l'Europe. Les réseaux mondiaux", en D. Baggioni / E. Grimaldi / J.-M. Kasbarian (eds.): *Genèse de la (des) norme(s) linguistique(s): hommage à Guy Hazaël-Massieux*, suivi du séminaire *Le concept de norme en philosophie et dans les sciences humaines et le concept de "Norme linguistique"*. Aix-en-Provence: Université de Provence, 197-207.
- Calderón Campos, M. (1994): *Sobre la elaboración de diccionarios monolingües de producción: las definiciones, los ejemplos y las colocaciones léxicas*. Granada: Universidad.
- Cambre García, C. / X. L. Martínez Allegue / M^a D. Sánchez Palomino / M^a D. Sánchez Vales (2000): "A achega de material léxico ó Dicionario da Real Academia Galega (1913-1928)", en D. Kremer (ed.): *Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos. Un século de estudos galegos fóra de Galicia (Universidade de La Habana, 17-21 de abril de 2000)*. Vol. I. Trier /

- A Coruña: Galicien-Zentrum der Universität Trier - Centro de Documentación de Galicia da Universidade de Trier / Edición do Castro, 35-53.
- Depecker, L. (1996): "Terminologie et standardisation", en *Jornada Panllatina de Terminologia : perspectives i camps d'aplicació (Barcelona, 14 de desembre de 1995)*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra, Institut Universitari de Lingüística Aplicada, 31-37. Cítase por: <http://www.iula.upf.es/cpt/jorb/jp4.htm> (4 pp., última modificación 14-05-2001)
- Díaz Abreira, C. (1995): "Algunhas notas sobre a codificación léxica e terminolóxica", *Cadernos de lingua* 11, 73-81.
- DRAG / ILG 90 = Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1990): *Diccionario da lingua galega*, dirixido por C. García e A. Santamarina Fernández. A Coruña: Real Academia Galega.
- DRAG 97 = Real Academia Galega (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*, dirixido por C. García e M. González González. A Coruña / Vigo: Xerais / Galaxia.
- Dua, H. R. (1989): "Functional types of language in India", en U. Ammon (ed.): *Status and function of languages and language varieties*. Berlin / New York: Walter de Gruyter, 122-152.
- Escobedo Rodríguez, A. (1994): *Estudios de lexicología y lexicografía*. Almería: Universidad.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Fernández Salgado, B. (1994): "Sobre a semántica da estandarización", *A Trabe de Ouro* 19, 79-88. Reed. en H. Monteagudo (ed.) (1995): *Estudios de sociolingüística galega*. Vigo: Galaxia, 231-246.
- González González, M. (1994): "Tratados gramaticais e lexicográficos sobre o galego no séc. XX", *Galicia en Madrid* 50, 23-25.
- González González, M. (2001): "A terminoloxía galega: un labor normalizador", en X. L. Regueira / A. Veiga (eds.): *Da gramática ó diccionario. Estudios de lingüística galega*. Santiago de Compostela: Universidade, 157-172.
- González Seoane, E. (1994): "Variedade e empobrecemento do léxico", *Cadernos de lingua* 10, 89-102.
- Gran Xerais* = Carballeira Anllo, X. M. (coord.) (2000): *Gran Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.
- Graña Núñez, X. (1990): "O léxico patrimonial galego: algúns aspectos do seu empobrecemento", *Cadernos de lingua* 2, 47-58.
- Grimaldi, E. (1994): "Les abréviations : Un outil métalexigraphique", en D. Baggioni / E. Grimaldi / J.-M. Kasbarian (eds.): *Genèse de la (des) norme(s) linguistique(s): hommage à Guy Hazaël-Massieux, suivi du séminaire Le concept de norme en philosophie et dans les sciences humaines et le concept de "Norme linguistique"*. Aix-en-Provence: Université de Provence, 135-153.

- Haugen, E. (1983): "The implementation of corpus planning: theory and practice", en J. Cobarrubias / J. A. Fishman (eds.): *Progress in language planning. International perspectives*. Berlín / New York / Amsterdam: Mouton, 269-289.
- Haugen, E. (1987): *Blessings of Babel. Bilingualism and language planning*. Berlin / New York / Amsterdam: Mouton de Gruyter.
- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Santiago de Compostela: ILG / RAG, 1995².
- Joseph, J. E. (1987). *Eloquence and power. The rise of language standards and standard languages*. London: Frances Pinter Publishers.
- Kasbarian, J.-M. (1994): "La segmentación de l'écrit en situation d'apprentissage du français langue étrangère: un exemple de normalisation des pratiques langagières ?", en D. Baggioni / E. Grimaldi / J.-M. Kasbarian (eds.): *Genèse de la (des) norme(s) linguistique(s): hommage à Guy Hazaël-Massieux, suivi du séminaire Le concept de norme en philosophie et dans les sciences humaines et le concept de "Norme linguistique"*. Aix-en-Provence: Université de Provence, 209-242.
- Lamuela, X. (1994): *Estandardització i establiment de les llengües*. Barcelona: Edicions 62.
- Lamuela, X. / H. Monteagudo (1996): "Planificación lingüística", en M. Fernández Pérez (coord.): *Avances en lingüística aplicada*. Santiago de Compostela: Universidade, 229-301.
- Lara, L. F. (1992): "El discurso del diccionario", en G. Wotjak (ed.): *Estudios de lexicología y metalexigrafía del español actual*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 1-12.
- Martín García, J. (1999): *El diccionario en la enseñanza del español*. Madrid: Arco Libros.
- Maurais J. (1993): "Terminology and language planning", en H. Sonneveld / K. Loening (eds.): *Terminology. Applications in interdisciplinary communication*, Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, 111-125.
- Medrano Martínez, C. L. (?): "Algunhas revisións e vacilacións no proceso de codificación do galego" www.ctv.es/USERS/mforca/Foro (35 pp., última modificación 15-05-2001).
- Morkovin, V. V. (1992). "Fundamentos teóricos de la lexicografía docente contemporánea", en *EURALEX'90 Proceedings. Actas del IV Congreso Internacional, IV International Congress (Benalmádena, 1990)*. Barcelona: Biblograf, 359-368.
- Moulin, A. (1987): "The dictionary and encoding tasks", en A. Cowie (ed.): *The dictionary and the language learner. Papers from the EURALEX Seminar at the University of Leeds, 1-3 April 1985*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 105-114.

- Ortuño, M. (1992): "Els lèxics especialitzats", en J. Solà (ed.): *Sobre lexicografía catalana actual*. Barcelona: Empuries, 41-58.
- Rei Doval, G. (1993): "Sobre planificación léxica na lingua galega. No 25 aniversario de *Introduction to a theory of Language Planning* de Valter Tauli", *Cadernos de lingua* 7, 53-75.
- Rondeau, G. (1984²): *Introduction à la terminologie*. Chicontimi: Gaëtan Morin.
- Santamarina, A. (1994): "Norma e estándar", en G. Holtus / M. Metzeltin / C. Schmitt (eds.): *Lexikon der Romansitischen Linguistik (LRL)*. Tübingen: Max Niemeyer, VI, 2, 66-79.
- Santamarina, A. (dir.) (2001²): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Tauli, V. (1968): *Introduction to a theory of language planning*. Uppsala: Almqvist & Wiksells.
- Thomas, P. (1992): "Treatment of compound terminology entries", en H. Tommola / K. Varantola / T. Salmi-Tolonen / J. Schopp (eds.): *Euralex'92. Proceedings I-II, Papers submitted to the 5th EURALEX International, Tampere, Finland*, Part I. Tampere Yliopisto: Tampere, 185-192.
- Vacheck, J. (ed.) (1983): *Praguiana. Some basic and less known aspects of the Prague Linguistic School*. Praha: Academia.
- Vilela, M. (1995): *Ensino da língua portuguesa: léxico, dicionário, gramática*. Coimbra: Livraria Almedina.
- VOLG = Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1989). *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. Edición provisional dactilografada.
- Xerais 1986 = Ares, M. C. et al. (1986): *Diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.

OS PRÉSTAMOS NA PRODUCCIÓN LEXICOGRÁFICA, TERMINOGRÁFICA E ENCICLOPÉDICA GALEGA ACTUAL

Xusto A. Rodríguez Río

Servicio de Normalización Lingüística. USC

0. PRESENTACIÓN

É unha verdade ben coñecida que o fenómeno do préstamo lingüístico é connatural á propia existencia das linguas, xa que o contacto entre sociedades, por pequeno que sexa, provoca sempre transferencia de unidades entre os seus idiomas. Nembargantes, non é menos certo que na segunda metade do século que acaba de rematar ese proceso de transferencia coñeceu un crecemento exponencial, apoiado nos avances científicos e tecnolóxicos e sobre todo na extensión dos medios de comunicación de masas e dos novos sistemas de telecomunicacións.

Esta situación está provocando que os estudos sobre o fenómeno do préstamo, que teñen unha tradición secular, estean vivindo unha intensificación e en moitos casos unha reorientación na que a análise puramente descritiva deixa paso a outra que atende tamén ás implicacións sociolingüísticas do préstamo e que adopta unha actitude valorativa sobre a lexitimidade de determinadas unidades no corpus dunha lingua¹. Esta segunda perspectiva é especialmente frecuente nas sociedades que loitan pola normalización plena das súas linguas, como é o caso da galega, e maniféstase de xeito destacado na forma en que o préstamo é tratado nos traballos lexicográficos e terminográficos.

O obxectivo deste traballo é describir ese tratamento nunha serie de dicionarios recentes, buscando os padróns comúns que poidan existir entre eles, e analizando en qué medida poden terse en conta como modelos para seguir –ou como exemplos que evitar– nos materiais lexicográficos que poidan elaborarse no futuro.

1 En Corbeil (1994) expóñense as características destas dúas correntes de análise e salientáanse as insuficiencias da liña máis descritiva, sobre todo á hora de estudar linguas que, como as minorizadas, sofren procesos de interposición por parte dun sistema dominante.

Tendo en conta que o obxecto do noso interese é o estudio dos criterios en que se fundamentan os xuízos de lexitimidade que se realizan sobre os candidatos a incorporarse ó estándar léxico do galego actual, imos restrinxir o noso campo de análise en dúas direccións:

- Na cronolóxica.- Centraremos nos dicionarios editados no quinquenio 1997-2001 xa que neste período viron a luz traballos tan relevantes como o *Diccionario da Real Academia Galega*, o *Diccionario Cumio da lingua galega* e o *Gran Diccionario Xerais da lingua*, que supoñen cuantitativa e cualitativamente un salto evidente con respecto á produción anterior a esa data. A análise dunha obra anterior, como é o *Vocabulario ortográfico da lingua galega*, vaise emprender unicamente en función do papel de modelo que desempeñou para os traballos posteriores.
- Na selección de préstamos.- Aínda que o fenómeno do préstamo pode detectarse en todas as unidades lingüísticas, aquí centraremos -como é obvio- na súa vertente léxica. Ademais, interésannos só os préstamos incorporados ó galego en épocas recentes, xa que as formas integradas de vello van estar perfectamente asentadas, e pouco máis poden facer os dicionaristas ca rexistrar ese uso establecido.

Antes de entrar na análise particular de obras lexicográficas faremos unhas consideracións xerais sobre a definición e a tipoloxía dos préstamos e sobre as concepcións xerais que existen con respecto a este fenómeno como vía de actualización léxica para o galego.

1. OS PRÉSTAMOS: DEFINICIÓN E TIPOLOXÍA

Os traballos dedicados á descrición e análise deste fenómeno lingüístico e as súas implicacións nos diversos campos dos estudos lingüísticos darían para dúcias de páxinas de bibliografía, pero aínda hoxe, despois diso, non existe unanimidade entre os estudiosos á hora de darlle un nome ou presentar unha definición del². Con todo, unha caracterización xeral presentaríao como calquera unidade ou trazo lingüístico que unha lingua *x* posúe debido á influencia que outra lingua *y* exerce sobre ela.

2 Unha visión detallada da historia dos estudos sobre o préstamo desde as máis diversas vertentes pode verse en Gómez Capuz (1998).

Esta definición permite incluír dentro do préstamo fenómenos de transferencia moi diferentes entre si. Céntrandonos, por exemplo no noso contexto máis próximo, o fenómeno fonético coñecido como “yeísmo” (a utilización en galego do fonema /j/ –fricativo mediopalatal xordo– no canto de /k/ –lateral palatal sonoro–) pode explicarse como un préstamo do castelán espallado de xeito masivo nos usos lingüísticos dos falantes máis novos. Así mesmo, o uso no castelán de Galicia de frases preposicionais encabezadas con *en* funcionando como obxectos directos (ex. *Estuvo comiendo en el pan y ahora no quiere cenar*) pode encadrarse tipoloxicamente como un préstamo sintáctico do galego sobre o castelán.

Á hora de sistematizar os usos nunha tipoloxía, algúns autores intentan abranguer a práctica totalidade dese espectro. Unha das máis exhaustivas é a que se presenta en Kiesler (1993) [representación e exemplos nosos]:

PRÉSTAMO	importación	préstamo de afixo			<i>-í (xií); -arra (donostiarra)</i>
		préstamo de palabra	estranxeirismo		<i>bippie; savoir faire; smog</i>
			préstamo léxico		<i>fútbol; neceser</i>
	substitución parcial	préstamo híbrido			<i>tour-operador; voz en off</i>
	substitución	calco	traducción prestada	tr. literal	<i>rañaceos; entrada libre</i>
				tr. libre	<i>fuxida de cerebros</i>
			creación prestada		<i>sentada, fútema</i>
		préstamo semántico			<i>rato; servidor (en informática)</i>
	importación de esquemas sintagmáticos	préstamo de modelos de formación de palabras			<i>embarcación a motor, cantidade a entregar</i>
			préstamo sintáctico		<i>caixa contendo libros</i>

Nela, recóllense só fenómenos que afectan a unidades sígnicas (o préstamo fonético fica fóra), pero abrangendo desde unidades inferiores á palabra ata as estruturas sintácticas³.

En paralelo a esta, existe outra tradición tipolóxica que poderíamos denominar “restrinxida” ou “limitada”⁴, que focaliza o estudo sobre o préstamo

3 Outra tipoloxía moi exhaustiva, neste caso centrada na clasificación dos anglicismos, pode verse en Mareschal (1994).

4 Seguen esta liña, entre moitos outros, os traballos de Deroy (1956: 215-234), Pergnier (1989 23-28),

en canto fenómeno léxico e que, tendo en conta os obxectivos deste traballo é a máis acaída para nós.

Por outra parte, as diferencias entre ambas as correntes céntranse máis na delimitación do obxecto de estudio ca na propia clasificación interna pois, se comparamos as análises que cada unha delas fai do préstamo como fenómeno léxico vemos que coinciden ó marcar dous procesos de transferencia: un primeiro no que se transmite tanto o significado como o significante das unidades léxicas e un segundo no que só se transmite o significado do signo, xa que para o plano do significante reutilízanse unidades existentes na lingua receptora.

Tendo en conta ese alto grao de coincidencia, nós empregaremos para a nosa análise os bloques da tipoloxía de Kiesler que clasifican unidades léxicas. Unicamente ignoraremos as subclasificacións que establece dentro do grupo dos calcos, non por seren inadecuadas desde o punto de vista tipolóxico, senón porque non son rendibles para o tipo de análise que aquí imos emprender.

Xa que logo, a tipoloxía quedaría adaptada da seguinte forma:

1. Importacións.- Son unidades que se asentan nunha lingua mantendo inalterado ou con escasas modificacións o significante e o significado que tiñan no idioma do que proceden. Segundo o grao de fidelidade á forma da lingua orixinal divídense en:
 - 1.1. Estranxeirismos.- Conservan íntegro o significante escrito e imitan na medida do posible a pronuncia orixinal do préstamo: *copyright*, *coulomb*, *mezzosoprano*, *rock and roll*, *underground*, *zoom*...
 - 1.2. Préstamos léxicos (tamén chamados “adaptacións”).- Acomodan grafía e pronuncia ás pautas da lingua que os acolle: *bulevar* (fr. *boulevard*), *búmeran* (ing. *boomerang*), *fútbol* (ing. *football*), *lasaña* (it. *lasagna*)...
2. Substitucións.- Son unidades que copian un proceso denominativo empregado noutro idioma recorrendo a significantes que xa existían na lingua receptora. Outra volta, poden distinguirse dous subgrupos:
 - 2.1. Calcos (denominados noutros sitios “calcos semánticos”).- Partindo de dous ou máis significantes preexistentes na lingua receptora

Cabré (1992: 174-177) ou Clavería / Torruela (1993: 335-339), todos debedores dun xeito ou doutro do traballo xa clásico de Haugen (1950).

créase unha combinación inédita copiando as pautas polas que se formou noutra lingua: *arcobotante* (fr. *arc-boutant*), *augaforte* (it. *acqua forte*), *pasodobre* (cast. *pasodoble*), *baloncesto* (ing. *basketball*), *asasino en serie* (ing. *serial killer*)...

2.2. Préstamos semánticos.- Recorren a un significante que xa estaba funcionando na lingua asociado a outro significado: *rato* (ing. *mouse*) –informática–, *abertura* (fr. *ouverture*) –música–, *espiritual* (ing. *spiritual*) –música–...

3. Substitucións parciais ou préstamos híbridos.- Son unidades, normalmente compostas de máis dunha palabra, nas cales só un dos seus elementos se transferiu por importación; o outro pode ser o resultado dun proceso de substitución ou incluso non tratarse dun préstamo: *voz en off*, *mánager xeral*, *estar out*, *tour-operador*...

2. AS CONCEPCIÓNS XERAIS SOBRE O GALEGO E A ACTITUDE PERANTE OS PRÉSTAMOS

A actitude que as distintas obras lexicográficas galegas manifesten con respecto a determinados préstamos, en función sobre todo da orixe e da forma que presenten, vai estar moi condicionada pola súa posición no debate sobre a consideración do galego como lingua autónoma ou como variedade da lingua galego-portuguesa.

As dúas correntes existentes, denominadas habitualmente “reintegracionismo” e “autonomismo” defenden uns postulados xerais que conducen por camiños diverxentes os procesos de actualización léxica e modernización terminolóxica desenvolvidos en galego. A continuación veremos as características básicas de ambos, prestando especial atención ó segundo, por ser nel onde se integran os produtos lexicográficos que imos analizar no apartado 3.

2.1. Na concepción reintegracionista

Os estudos realizados desde posicións reintegracionistas sobre as vías de elaboración do corpus léxico do galego aséntanse na consideración de galego e portugués seren dúas variedades dunha única lingua, a primeira das cales sufriu por contacto co español un proceso de degradación e dialectalización. Partindo desta premisa, parece lóxico que o proceso de restau-

ración e modernización do galego se organice arredor da importación masiva das solucións da variedade portuguesa, por medio dun proceso de préstamo interno que pode combinarse, se cómpre, cunha pequena adaptación ortográfica. Como se afirma graficamente en Garrido / Riera (2000: 26 e 29), este procedemento é “o criterio natural e económico para restaurar e modernizar o léxico galego”, e como tal “tem de aplicar-se de modo exclusivo e exhaustivo (de forma constante)”⁵.

En principio, estes postulados preséntanse explicitamente para o léxico técnico e científico, pero se temos en conta que cada vez con máis frecuencia os tecnolectos son a vía de entrada dos préstamos, que as fronteiras entre linguas de especialidade e lingua xeral son cada vez máis difusas e que nas linguas que se enfrontan ós traballos terminolóxicos cunha vontade normalizadora as actividades non poden limitarse ás áreas científico-técnicas, senón que se estenden a todas as vertentes da actividade humana; tendo en conta todo isto, dicimos, é doado chegar ó corolario de que o explicitado para o ámbito da terminoloxía pode extrapolarse tamén á lingua xeral, como de feito ocorre nos traballos de elaboración léxica desenvolvidos dentro deste marco teórico.

2.2. Na concepción autonomista

Desde este punto de vista deféndese a independencia actual de galego e portugués, aínda recoñecendo a súa identidade histórica e a súa relación xenética. Xa que logo, desbótase o recurso exclusivo ó portugués como vía de elaboración e modernización da norma léxica galega, e inténtase fundamentar estes procesos nunha serie de principios xerais, establecidos polas entidades dotadas de autoridade normativa, e baseados en aspectos básicos da visión que os falantes galegos actuais teñen da súa lingua. Hai que aclarar que estes principios, basicamente recollidos na “Introducción” das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (pp. 7-8) están dirixidos explicitamente a aspectos ortográficos e morfolóxicos, pero na práctica usáronse tamén na elaboración e modernización do léxico. Para os nosos fins poderíamos destacar os seguintes:

- Aceptar o galego vivo (a “lingua falada pola comunidade”) como base da que partir nese proceso de elaboración.

5 Para unha visión máis detallada dos fundamentos en que se basean as propostas desta corrente, e das críticas que se verten sobre os postulados e as solucións defendidas desde a concepción autonomista, *vid.* Carvalho Calero (1983), Garrido (1999) e Garrido / Riera (2000), especialmente a “Parte I”.

- Protexer especificamente o galego contra a influencia do castelán (“un galego fiel a si mesmo e limpo de canto de espurio hai incrustado na fala viva pola presión do castelán”).
- Buscar a harmonización en dous sentidos: cara a fóra, no referente ás vías de elaboración e modernización seguidas por linguas veciñas, especialmente o portugués e sobre todo en ámbitos como a adaptación de cultismos e a terminoloxía científica e técnica; e cara a dentro, buscando que casos con semellanzas entre si reciban un tratamento coherente en galego.
- Valorar como un aspecto relevante a difusión espacial e demográfica das formas, buscando que “o maior número posible de falantes galegos se identifiquen coas solucións acordadas”.
- Entender a coincidencia entre solucións antigas e propostas modernizadoras como un aval da galeguidade das propostas (o que trae consigo que “as formas tradicionais sexan preferidas ás máis innovadoras e evolucionadas”), sempre que “sexan compatibles coa maneira de ser moderna da lingua”.

As entidades que os enunciaron nunca desenvolveron estes principios xerais nunhas propostas de actuación máis concretas⁶, o que provocou un alto grao de indefinición á hora de aplicalos a situacións puntuais de elaboración léxica. Se a isto lle unimos a presión do castelán e a situación de minorización que vive o galego, que lle confiren a este idioma unha tradición feble e descontinuada como lingua escrita de cultura, especialmente en determinadas áreas da vida social e económica, non pode estrañar que existan vacilacións entre os usuarios á hora de escoller a vía de arrequentamento do corpus léxico máis aconsellable para un caso en particular.

3. O TRATAMENTO DOS PRÉSTAMOS NA PRODUCCIÓN LEXICOGRÁFICA E ENCICLOPÉDICA GALEGA ACTUAL

A partir de aquí intentaremos ver cómo os dicionarios de lingua publicados en Galicia no quinquenio que nos ocupa aplican as liñas xerais que sobre o tratamento dos préstamos se marcan desde os postulados autonomistas.

6 Nembargantes, algúns estudiosos particulares si intentaron facelo, pero a difusión e incidencia das súas propostas foi practicamente nula. *Vid.* por exemplo Rodríguez Río (1996) e Dosil (1997: 42-46).

O noso modelo de análise segue o presentado en Cabré (1994) e descompón as decisións relacionadas coa inclusión de préstamos nun dicionario de lingua en tres etapas, cada unha das cales se estudia por separado:

- (1) Selección e admisión de préstamos.
- (2) Procedemento de integración elixido para cada un dos préstamos admitidos.
- (3) Representación deses préstamos no dicionario.

3.1. *Fontes seleccionadas*

Para poñer en práctica esta análise seleccionamos as catro fontes lexicográficas ou enciclopédicas que desde o noso punto de vista son as máis relevantes das publicadas no período que nos interesa, e que a continuación describimos brevemente:

- (1) *Diccionario da Real Academia Galega (DRAG)*.- Dicionario publicado en 1997, e especialmente significativo, non tanto polo seu volume de entradas (unhas 25.000) ou polas súas características intrínsecas como produto lexicográfico, senón polo feito de posuír carácter normativo, o que lle outorga carimbo de calidade en galego a todas e cada unha das entradas e acepcións nel recollidas.
- (2) *Diccionario Cumio da lingua galega (DCLG)*.- Este traballo viu a luz en 1999, e no momento da súa publicación era o máis completo dos existentes para o galego, con máis de 44.000 entradas e 100.000 acepcións. Como os propios autores indican na “Introducción” (pp. xi-xii), para acadar ese volume víronse obrigados a innovar en cuestións como o “tratamento acentual de estranxeirismos e latinismos” ou a “achega de propostas novidasas para conceptos e realidades ós que aínda non se lles dera unha solución consistente en galego”, as dúas estreitamente relacionadas co fenómeno do préstamo. Desde un punto de vista extralingüístico (aínda que tamén relevante á hora de valorar a súa difusión e recepción) hai que apuntar que tamén se pode acceder a el en soporte dixital, gracias ó CD-Rom que se entregaba canda a versión en papel.
- (3) *Enciclopedia galega universal (EGU)*.- Trátase da primeira obra enciclopédica escrita en galego e ordenada alfabeticamente, que comezou a publicarse en 1999. As súas dimensións (está concibida como

unha publicación en 14 volumes, dos que 7 xa están editados) deixan ben claro ata qué punto vai incorporar léxico non presente en ningunha das outras fontes analizadas. A nosa análise limitarase ós catro primeiros tomos, unha cantidade abondo grande como para poder tirar conclusións extrapolables ó resto da obra.

- (4) *Gran diccionario Xerais da lingua (GXLG)*.- Este diccionario, publicado no ano 2000, supuxo un gran salto para a produción lexicográfica galega, polo menos desde o punto de vista cuantitativo, pois recolle nas súas páxinas arredor de 95.000 entradas. Estas dimensións, unidas ó gran prestixio da entidade editora como productora de traballos lexicográficos, van converter este diccionario na obra de referencia no ámbito galego. Mirado desde unha perspectiva puramente lingüística, non cabe dúbida de que os autores dunha obra de tales dimensións tiveron que enfrontarse a préstamos non recollidos en ningún traballo precedente, e tomar decisións con respecto ó seu tratamento.

3.2. *Análise*

3.2.1. Trazos comúns ás catro obras

Ó final do epígrafe 2 apuntamos que no proceso de elaboración do corpus léxico, así como na difusión e implantación de moitas das propostas denominativas, podían detectarse con frecuencia vacilacións ou inconsistencias, ben entre fontes distintas, ben dentro dunha mesma fonte. As razóns que explican isto indicámolas no seu momento, pero o que agora queremos destacar é que como consecuencia do devandito os traballos lexicográficos galegos intentan apoiar as súas propostas sobre modelos dotados da “autoridade” suficiente para fixar claramente a fronteira entre o que é “correcto” e o que non o é.

En principio, parece que eses modelos deberían provir do labor lexicográfico da Real Academia Galega, que é o organismo no que recae a potestade normativa, pero a obra máis voluminosa que deu ó prelo -e iso no ano 1997- foi o *Diccionario da Real Academia Galega*, o cal non supera, como xa vimos, as 25.000 entradas.

Diante desta precaria situación, os dicionarios galegos recorreron a outros referentes de autoridade, maioritariamente ó *Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG)*, como xa indicamos nun traballo anterior (Rodríguez Río 1998: 298-299). Este *Vocabulario*, realizado polo Instituto da Lingua Ga-

lega e a Real Academia Galega e difundido exclusivamente a través dunha edición policopiada do ano 1989, etiquetada como “versión provisional”, non é un dicionario en sentido estricto senón unicamente unha listaxe de máis de 45.000 entradas que só inclúe unha mínima información léxica en contadas ocasións⁷.

Aínda que ningunha das catro obras que analizamos manifesta explicitamente a súa débeda co *VOLG*, esta é facilmente detectable ó observar os *corpora* de préstamos que recollemos en cada unha delas, que presentan unha coincidencia case total coas solucións propostas por aquel:

En *DCLG*, dun total de máis de 1700 préstamos recollidos, só nuns 50 se detectan diverxencias.

En *EGU* as diferencias non van máis alá de 11 casos entre máis de 550 préstamos detectados nos catro volumes analizados.

En *GXLG* recollemos case 1900 préstamos, e deles só 19 contradín explicitamente o *VOLG*.

Xa que logo, é posible afirmar que o tratamento dos préstamos realizado polo *VOLG* é o mínimo denominador común de todos os dicionarios e a base a partir da cal desenvolveron pautas propias para tratar os casos non recollidos naquela fonte. Por este motivo, parécenos rendible presentar de xeito breve as liñas xerais da análise sobre o tratamento dos préstamos no *VOLG*, que desenvolvemos con máis amplitude en Rodríguez Río (1998: 300-316).

Das tres etapas indicadas nas que desagregamos a análise, só se poderán estudar as dúas primeiras, xa que ó non tratarse dun dicionario, senón dunha listaxe, será imposible ver de qué maneira se representan os préstamos nas súas páxinas.

Canto á selección e admisión de préstamos, obsérvanse en liñas xerais tres actitudes básicas:

- (1) Unha vontade de depuración de castelanismos⁸, que se practica a través de dúas vías básicas:
 - (a) restaurando as formas tradicionais galegas, se é que se coñecen (*billa, bispo, estada...*)

7 As súas características limitan a utilidade que pode ofrecer como referencia normativa, xa que salvo casos excepcionais non pode amosar ningunha valoración sobre os préstamos semánticos, na medida en que aproveitan significantes previamente existentes en galego, e polo tanto recollidos no seu corpus de entradas.

8 Este purismo fronte ó castelán non se mantén cando os préstamos desa lingua se estenderon a outros idiomas veciños, especialmente ó portugués (*armadillo, flotilla, guerrilla, pastilla...*), ou cando denominan obxectos ou conceptos propios da cultura de expresión castelá (*banderilla, mantilla, morcilla, plateresco...*).

- (b) buscando a fonte orixinaria do préstamo co fin de avanzar a influencia do castelán (*bolxevique, minestra, goma de mascar...*).
- (2) Un maior grao de tolerancia fronte ós préstamos doutras orixes, aínda que con algunhas salvidades, pois
 - (a) evítase a admisión do préstamo se xa existe unha denominación galega para o mesmo concepto⁹ (**revancha > desquite, *melée > loita*),
 - (b) percíbese unha tendencia non-sistemática a potenciar o emprego de préstamos por substitución no canto de importacións directas (**obertura > abertura, *stres (sic) > tensión, *feed-back > retroacción; *play-back > son pregravado; *récord > marca...*).
- (3) Unha aceptación xeneralizada dos préstamos por substitución xa asentados no uso (*rato, disco duro, sida, balonmán, autoservicio...*).

Con todo, cómpre ter presente que o que acabamos de apuntar son unicamente pautas xenéricas, e que descendendo ó terreo do concreto, é doado atopar casos que parecen fundamentarse en criterios contrapostos ós indicados¹⁰.

Naqueles casos en que se decide incorporar un préstamo ó corpus deste traballo, a forma en que esta incorporación se realice vai estar condicionada pola confluencia de varios factores:

- (1) A vinculación do préstamo cunha cultura ou sociedade concreta.- Canto máis evidente sexa esta, maior é a posibilidade de que a importación sexa o método elixido, como vemos en *apartheid, abertzale, kamikaze, aiatolá, bolxevique...*
- (2) O momento da súa chegada ó galego.- Os préstamos chegados en épocas afastadas do presente teñen máis probabilidades de verse adaptados ás pautas ortográficas ou fonotácticas do galego, como podemos comprobar ó comparar formas como *iate, ponche, tanque, estai* ou *esterlina* (que desenvolveron ó final ou ó comezo unha vocal

⁹ Esta categoría de préstamos recibiu durante moito tempo a etiqueta de “préstamos de luxo”, partindo do suposto de que non denominaban un concepto novo, senón que simplemente supuñan unha nova etiqueta para un referente xa coñecido. Nestes últimos anos, a existencia desta categoría vén sendo criticada por diversos autores, que parten dunha visión do préstamo que inclúe tamén aspectos pragmáticos. Segundo eles un préstamo como *show*, achega con respecto a *espectáculo*, matices novos que impiden considerar o primeiro como unha forma “de luxo”. *Vid.* máis amplamente este debate en Gómez Capuz (1998: 255 e ss.).

¹⁰ Por indicar algúns exemplos: *jockey* ou *show* admítense a pesar da existencia das formas galegas *xinete* ou *espectáculo*. Así mesmo, a presenza dos préstamos por substitución *supervendas* ou *afecions* non impide que se acollan tamén os estranxeirismos *best-seller* e *bobby*.

- de apoio para naturalizar unha pronuncia estraña) con outras máis modernas como *sándwich*, *fagot*, *boicot*, *spónsor*, *spray* ou *stock*, que non naturalizan a pronuncia. Así mesmo, a integración por substitución é pouco habitual nos préstamos antigos, xa que con frecuencia a escolla desta vía é o resultado dun esforzo consciente de intervención sobre o corpus da lingua que é máis xeneralizado na actualidade.
- (3) O grao de difusión do préstamo nas linguas veciñas e a forma con que se integrou nelas.- O tipo de integración que un préstamo coñece noutras linguas (sexa esta importación ou substitución) tende a ser imitado na medida en que é máis xeneralizado. Préstamos como *adagio*, *golf*, *jazz*, *soprano*, *rock*, *twist*, *rato* (informática), *rañaceos* ou *autoservicio*¹¹ presentan esta forma en galego por ser estas -coas adaptacións correspondentes a cada sistema ortográfico- as empregadas nas restantes linguas de cultura occidentais.
- (4) A facilidade de tradución do préstamo.- Se o préstamo posúe na lingua emprestadora un significante que o é tamén doutro signo, o cal remite a un referente ben coñecido e con nome propio nas dúas sociedades, aumentan as probabilidades de que o préstamo se realice a través dun procedemento de substitución. Este consistiría en reutilizar como significante do novo signo o que se viña empregando para designar ese referente común. É este proceso o que explica que o dispositivo informático que en inglés se denomina *mouse*, sexa coñecido en galego como *rato*, aproveitando a denominación que o galego emprega para denominar o animal que en inglés se coñece como *mouse*.
- (5) O grao de deformación que implicaría a súa importación como préstamo léxico.- Nalgúns casos (*copyright*, *playboy*, *sketch*, *underground*...) a posibilidade de integración a través do procedemento do préstamo léxico desbótase á vista do elevado grao de deformación que produciría na súa forma externa. Nesas circunstancias, as dúas únicas vías posibles son a integración como estranxeirismo ou por medio da substitución.

Partindo deste abano de factores non se pode ofrecer un protocolo exhaustivo de integración, pero si é posible sinalar algunhas situacións que favorecen que un préstamo concreto entre no galego a través de un ou doutro dos camiños posibles.

11 Nestes tres últimos exemplos non é o significante do préstamo o que coincide co das outras linguas, senón o mecanismo de integración, consistente en traducir a cada unha delas as palabras inglesas *mouse*, *skyscraper* e *self-service*.

Así, óptase xeralmente pola importación se:

- É o sistema escollido na maioría das linguas veciñas, especialmente en portugués e castelán.
- O termo que se vai tomar emprestado posúe un significado estreitamente vinculado a unha cultura ou sociedade.
- O proceso de integración é xa antigo en galego.
- O termo que se quere integrar emprega na lingua emprestadora un neoloxismo de forma, ou un significante para o que o galego non posúe unha equivalencia xeralmente coñecida.

A escolla entre os dous subtipos de integración por importación (esranxeirismo ou préstamo léxico) vai estar condicionada pola antigüidade do préstamo, que favorece o préstamo léxico, e polo grao de deturpación derivado da adaptación deste ás pautas ortográficas ou fonotácticas do galego –canto maior sexa, máis frecuente vai ser a integración como estranxeirismo.

Pola contra, a integración a través da substitución úsase con máis frecuencia cando:

- É o sistema escollido na maioría das linguas veciñas, especialmente en portugués e castelán.
- O significante do préstamo na lingua emprestadora é doadamente traducible ó galego, e o resultado desa tradución non lle engade connotacións inadecuadas ó novo signo que se crea neste idioma.

As pautas que acabamos de describir de xeito sumario van ser detectables nas catro obras estudadas na medida en que incorporaron de xeito masivo as unidades léxicas recollidas no *VOLG*. Por iso, na análise de cada unha delas atenderemos especialmente ós aspectos que aquí non puidemos estudar ou ó tratamento dos préstamos que o *Vocabulario* non recolleu.

3.2.2. O Dicionario da Real Academia Galega (DRAG)

A análise do tratamento dos préstamos no *DRAG* ofrécenos os mesmos resultados que acabamos de ver no *VOLG*, algo lóxico se temos en conta que o volume deste case dobra o do *Diccionario*, e que a Real Academia Galega figura como entidade editora e polo tanto avaladora da calidade e da normatividade de ambas as obras.

Aínda así, antes de centrarnos en cómo este dicionario presenta os préstamos nas súas páxinas, queremos sinalar dúas cuestións puntuais nas que o

DRAG alterou conscientemente o sentido das propostas recollidas no *VOLG* ou noutras fontes normativas ou paranormativas.

A primeira delas é o modo de integración das unidades físicas pertencentes ó Sistema Internacional. Aínda que tanto un como outro traballo citan só algunhas delas, xuntamos exemplos abondos para concluír que no *VOLG* se apostaba polo préstamo léxico, adaptando as denominacións internacionais do mesmo xeito que fai o castelán e afastándose de todas as outras linguas veciñas (*amperio, belio, culombio, faradio, henrio, hercio, vatio...*)¹². Pola contra, o *DRAG* opta por potenciar a harmonización coas outras linguas do contorno e por separarse do castelán, integrando esas unidades como estranxeirismos (*ampere, watt, volt, ohm, hertz, coulomb, newton*) e marcando a pauta que se debería seguir no tratamento das unidades que nel non se recollen.

A segunda cuestión salientable é o feito de que o *DRAG* aumenta o nivel de permisividade con respecto ós calcos do castelán. Se observamos algunhas das acepcións que presenta, por exemplo en relación co léxico xurídico-administrativo, e as comparamos co apuntado en traballos como García Canela / Díaz Abraira (1991) ou Boullón Agrelo (1991) (o primeiro deles avalado polo Instituto da Lingua Galega e o segundo por esta mesma entidade e pola Real Academia Galega), observaremos que estes últimos recomentan non empregalas pola súa procedencia castelá. Nunha revisión superficial descubrimos case vinte exemplos deste tipo, entre os que salientamos a modo de mostra¹³:

- O feito de que *anchura* inclúa o significado de 'dimensión menor por oposición á maior ou lonxitude [dun corpo de dúas dimensións]', para o que os traballos citados propuñan *largura*.
- A inclusión de *aparato* co sentido de 'obxecto, mecánico ou non, constituído por varias pezas combinadas para executar un traballo ou

12 Algunhas desas adaptacións, como por exemplo *xulio*, nin tan sequera derivan da forma internacional (*joule*) senón do castelán *julio*, que é unha falsa tradución do antropónimo (*Joule*) que está na orixe do nome desa unidade de enerxía.

13 Outras palabras para as que tamén se admiten acepcións ou esquemas sintácticos coincidentes co castelán, e que as obras mencionadas rexeitaban son: *contemplar* (coa acepción de 'considerar'), *convocar* (con complemento directo de cousa e non de persoa), *crédito* (como sinónimo de 'creto'), *cursar* (como sinónimo de 'tramitar' ou 'transmitir'), *dictaminar* (como verbo transitivo), *impoñer* (coa acepción de 'depositar cartos nun banco'), *informar* (como sinónimo de 'emitir un informe'), *ingresar* (coa acepción de 'depositar cartos nun banco'), *parte* (como substantivo masculino e sinónimo de 'comunicado'), *ponderar* (como sinónimo de 'encarecer') ou *uxir* (como verbo transitivo).

realizar unha función' e de 'conxunto de órganos que nos animais e plantas concorren para a realización dunha determinada función', para os que anteriormente se recomendaba en exclusiva *aparello*.

- A admisión na norma léxica galega de *ingresos* como denominación do concepto 'cantidade que alguén percibe regularmente', para o que anteriormente se aconsellaban as formas *remuneración* ou *ganancias*.

A representación dos préstamos no DRAG

A maneira en que os préstamos se presentan dentro dos dicionarios vai estar determinada, polo menos en parte, polos criterios que guiaron a selección e admisión deste tipo de unidades léxicas, e polas súas propias características.

Os dicionarios normativos transforman calquera palabra neles recollida nunha unidade correcta nesa lingua; polo tanto, partindo dunha actitude "precavida" tocante á admisión de préstamos, o tratamento das formas admitidas non debería ser en xeral diferente do que recibe calquera outra entrada. Pola contra, os dicionarios con vocación máis descritiva poden admitir préstamos no seu corpus polo feito de estaren presentes nos usos reais, independentemente de que exista algún xuízo académico sobre eles, ou incluso do sentido dese xuízo; pero como contrapartida, ós autores pode interesarlles distinguir dalgún xeito as entradas ou acepcións que contan co aval académico das que non o posúen.

Pero ademais, os propios préstamos poden presentar características tan diferentes que xustifiquen o uso de pautas diferenciadas de representación. Así, mentres os préstamos léxicos ou os integrados por substitución posúen grafías e pronuncias asentadas e ben adaptadas ás pautas gráficas e ortofónicas do galego, boa parte dos estranxeirismos presentan unha alta inestabilidade nestes dous aspectos.

Centrándonos xa no *DRAG*, este trata os préstamos igual ca calquera outra entrada: non se indica procedencia nin pronuncia de ningunha delas e márcanse cun asterisco [*] formas que se consideran incorrectas no corpus léxico do galego pero que teñen unha presenza relevante na fala ou na escrita. A única particularidade con respecto a calquera outra entrada do dicionario vai ser a presenza de transcrición fonética canda un grupo concreto de estranxeirismos (*adagio, ballet, geysers, bándicap, bobby, hóckey, jazz, jockey, júnior, maharajah, pedigree, sándwich, smóking e squash*), extremo anunciado na "Guía para a consulta" de maneira bastante imprecisa¹⁴. Pero o

¹⁴ Na p. xi dise que "en caso de grafías bifonemáticas, neoloxismos e palabras homógrafas ou case homógrafas aparece a información fonética entre corchetes ([]), inmediatamente despois da

realmente relevante é que ese criterio non se aplicou de xeito sistemático e que formas como *apartheid*, *best-seller*, *copyright*, *bippy*, *pub*, *shérif*, *show*, *underground* ou *windsurf* non posúen ningunha información sobre a súa pronuncia a pesar de posuír as mesmas características cós casos en que esta aparece.

Esta asistematicidade pode provocar confusión entre os usuarios, que poden chegar a pensar que para o segundo grupo de estranxeirismos se recomenda unha pronuncia “á galega”. Pero ademais, cabería preguntarse se a maneira de representar esa información (a través dunha transcripción fonética que segue as convencións do Alfabeto Fonético Internacional) é a máis adecuada para unha obra que non se dirixe a un público especializado.

3.2.3. O Dicionario Cumio da lingua galega (DCLG)

A selección e admisión dos préstamos

De todos os dicionarios que estudiamos neste traballo, é o único que non sinala formas que cómpre evitar. Esta ausencia dificulta a análise dos criterios de admisión e selección de préstamos aquí aplicados, pois a non-presencia dunha entrada non ten por qué ser sinónimo do seu rexeitamento.

Observando as formas presentes confirmamos que, tal como xa indicamos, o tratamento aplicado no *VOLG* é aceptado case sen excepción. Só nos poucos préstamos alí recollidos (uns 60 ou 70) quedan fóra do *DCLG*, decisión que por veces pode xustificarse no alto grao de especificidade destes (*cipolino*, *crup*, *elzevir*, *gavota*, *néroli*, *reps...*), pero que noutras ocasións (*croissant*, *cucurucho*, *modem*, *perlé*, *rocalla*, *tanga*, *zulo...*) parece deberse máis ben a esquecementos puntuais.

Cando nas notas introductorias os autores do *DCLG* falan do tratamento dos estranxeirismos manifiestan explicitamente a súa vontade de “cubrir lagoas” e de “arriscar achegando posibles solucións antes ca permanecer no terreo da vaguidade e da indefinición”. Este principio xeral póneno en práctica admitindo no dicionario un importante volume de préstamos sobre os que non se pronunciaron aínda as fontes normativas, indicando explicitamente (p. xv) o seu carácter transitorio e a posibilidade de que estudos posteriores desaconsellen o seu emprego en galego¹⁵ (*bafle*, *barman*, *bock*,

entrada”, pero como acabamos de apuntar, esa información acompaña a unicamente a estranxeirismos, ou se se quere, a “estranxeirismos neolóxicos”.

15 Nembargantes, no texto do dicionario non se emprega marca ningunha que lles indique ós

chartreuse, cléaring, crampón, dâncing, décatblon, escâner, fair play, ferry-boat, full-time, háppening, hît-parade, jack, jai-alai, know-how, lífting, líving, lobby, lock-out, lóok, magazine, poni, spântiel, telecadeira...)

Polo tanto, con respecto ós préstamos non tratados no *VOLG*, o *DCLG* adopta un enfoque puramente descritivista¹⁶ e límitase a recoller novas palabras en función do seu grao de presenza no galego, sen establecer ningunha reflexión sobre a súa pertinencia ou a súa necesidade.

O modo de integración dos préstamos

Outra vez máis, percíbese unha gran diferenza entre o tratamento das formas presentes nalgunha das dúas obras normativas e o das unidades non tratadas nelas. No primeiro dos casos *DCLG* segue basicamente o *VOLG*, e se non o fai é porque atende as indicacións do *DRAG* (por ex. no tratamento das unidades físicas do Sistema Internacional) ou porque desenvolve unha liña de actuación propia baseada nas prescricións xerais das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (NOMIG)*.

O tratamento aplicado ás unidades físicas pertencentes ó Sistema Internacional ou ó CGS oscila entre o respecto ás denominacións recollidas no *VOLG* -que combinaba a integración por estranxeirismo e por préstamo léxico de maneira idéntica ó castelán-, e o seguimento das formas propostas polo *DRAG*, que segue fundamentos opostos, como indicamos en 3.2.2. Isto provoca que o conxunto ofrezca unha impresión de amálgama bastante descoordinada na que se combinan entradas como *ampere, angstrom, faraday, henry / henrio, hertz, joule, maxwell, newton, roentgen, siemens, sievert, still, tesla, volt, watt, wéber* con outras como *belio, faradio, fonio* ou *oerstedio*.

As indicacións das *NOMIG* serven para fixar o tipo de integración que se segue cos estranxeirismos, sen dúbida o trazo máis característico deste dicionario no que ten que ver co tratamento dos préstamos. Nas páxinas XIII-XV descríbese con todo detalle a metodoloxía seguida, que parte da afirmación das *NOMIG* (1995:26) de que “os latinismos e palabras estranxeiras de circulación corrente, aínda que non estean plenamente adaptadas ó galego, seguen as regras de acentuación enunciadas anteriormente [as xerais da lingua galega]”, e que se concreta nas cinco pautas seguintes:

usuarios que a fiabilidade desas formas é menor cá de moitas outras que están avaladas noutras obras lexicográficas.

16 Unicamente se percibe un afán por intentar evitar significantes do castelán, o que provoca a inclusión de *cana, escano* ou *telecadeira*, no canto dos castelanismos presentes na lingua diaria (**caña, *escano, *telesilla*).

- Respetar, se é posible, a carga acentual da lingua de orixe.
- Aplicar as regras de acentuación xeral, tratando o estranxeirismo como unha palabra máis do corpus galego.
- Cando dúas grafías vocálicas correspondan a un único son, a carga acentual recae sobre a primeira delas (por iso *cléaring* pero *pedigree*).
- Nos estranxeirismos que eran compostos na lingua prestadora, e que separaban os dous lexemas por medio dun guión, cada unha das partes recibe un tratamento acentual independente (por iso *bitparade* pero *input-óutput*).
- Non se conservan os tiles grave ou circunflexo que os préstamos podían posuír na lingua orixinaria.

Como resultado da súa aplicación, atopamos un número relativamente alto de estranxeirismos que contradín as propostas do *VOLG*, como *best-séller*, *cópyright*, *foie-grás*, *fóoting*, *géyser*, *jéep*, *jóckey*, *léasing*, *óffset*, *péppermint*, *pfénnig*, *pláýboy*, *póinter*, *quásar*, *róund*, *shérif*, *sóviet*, *tícket*, *únderground*, *wíndsurf*, *yíddish* ou *zóom*.

Na práctica totalidade dos casos non analizados nas fontes normativas, os autores seguen mantendo unha actitude puramente descritiva, como poñen de manifesto na páxina xv, na que indican que optaron por recoller os préstamos “na súa forma de circulación máis habitual”, mentres estes non “reciban un tratamento terminolóxico no que se procuren formas non espurias ó noso idioma”.

A representación dos préstamos

Á hora de plasmar no papel os préstamos integrados inclúense dúas informacións que non aparecen nas outras entradas; trátase das representacións gráficas da pronuncia (non transcrisións fonéticas) e da indicación da lingua de procedencia.

Nembargantes, a presenza destas non é xeral en todos os préstamos, xa que as representacións aproximadas da pronuncia aparecen unicamente cando esta non se corresponde coa grafía¹⁷. E ademais, as marcas do idioma de orixe do préstamo, que deberían acompañar as “palabras ou locucións tomadas doutras linguas” (p. xxvii), aparecen unicamente con aqueles es-

¹⁷ De por parte, esta información ten unicamente unha vontade referencial, non sancionadora, tal como os autores afirman explicitamente na p. xiv.

traxeirismos que presentan unha forma estraña para as pautas ortográficas do galego ou nos que a grafía non corresponde á pronuncia (*squatter*, *pizzicatto*, *long play*, *leitmotiv*, *lied*...) ou con outros que, coincidindo formalmente coas pautas do galego, poden aínda ser percibidos como estranxeiros (*fan*, *moderato*, *vendeta*...).

3.2.4. A Enciclopedia Galega Universal (EGU)

A selección e admisión dos préstamos

Igual que ocorría nas obras anteriores, o tratamento aplicado no *VOLG* volve ser o modelo xeralmente aceptado, tanto no que atinxe ós préstamos recollidos –practicamente ningún dos presentes nel queda fóra da *EGU*–, como se atendemos ás formas especificamente desaconselladas –a coincidencia é case total.

En todo o que supera as indicacións das fontes normativas, os autores da *EGU* apostan tamén polo enfoque puramente descritivo, e inclúen sen ningunha modificación un amplo número de préstamos como *above the line*, *a capella*, *ace*, *acceptor*, *action painting*, *adbusters*, *aggiornamento*, *airbag*, *aliasing*, *ambigú*, *ampersand*, *baby-boom*, *baguette*, *balance*, *banner*, *billón* (co significado de ‘mil millóns’), *biscuit*, *blister*, *cártel*, *bazooka*, *cana* (co valor de ‘cantidade que se serve de certas bebidas’), *canard*... bastantes deles de necesidade abondo discutible en galego.

O modo de integración dos préstamos

Novamente, a fidelidade ó *VOLG* é practicamente sistemática, coa única excepción do tratamento das unidades físicas do Sistema Internacional, aspecto no cal a *EGU* explicita na Presentación (p. 19) o criterio que segue:

Tamén se respectaron as normas internacionais sobre o nome e os símbolos das unidades (Sistema Internacional de Unidades, SI) e así desígnanse coa forma establecida internacionalmente. Ex: *coulomb*, *joule*, etc.

Sen embargo, e ó revés do que ocorría en *DCLG*, os estranxeirismos non se acentúan seguindo as normas xerais da lingua galega, probablemente entendendo que o seu grao de circulación é aínda limitado de máis como para que lles sexa aplicable a indicación xa citada das *NOMIG*.

A concepción descritiva rexe tamén á hora de decidir con qué forma se van representar os préstamos aceptados e non recollidos en fontes normativas. Na inmensa maioría dos casos óptase por reproducir a forma máis usa-

da na lingua real, o que provoca a inclusión masiva de estranxeirismos, e limita a presenza de préstamos léxicos ou por substitución a aqueles tamén usados no castelán. Soamente se percibe un talante crítico cando o significante do signo que se toma emprestado é unha palabra do castelán; nese caso, propónse a palabra equivalente do galego, co fin de evitar a importación do castelanismo. Podemos comprobalo vendo exemplos como *cana* ‘cantidade que se serve de certas bebidas’, *aeroescorregador* ou *buscapersoas*, que intentan substituír a *caña*, *aerodeslizador* e *buscapersonas*, a pesar de ter unha presenza máis ca dubidosa na lingua viva.

A representación dos préstamos

Nesta enciclopedia, todas as entradas presentan unha serie de elementos comúns, como un tamaño de letra semellante, ou informacións como a etimoloxía ou a palabra raíz en galego, no caso de unidades formadas por derivación. Partindo desta base uniforme, certas entradas reciben un tratamento gráfico diferenciado segundo as súas características, de maneira que se poden ir segmentando bloques máis pequenos, cada un deles dotado dunhas particularidades que se describen nas pp. 13 e 14 da Presentación. Desas marcas, a nós interésannos as tres seguintes:

Os préstamos, é dicir, as palabras de orixe non galega, pero incorporadas á lingua común e que teñen unha flexión galega [levan] a indicación da lingua de orixe e, ás veces, tamén a forma orixinal. Ex: *falla* [galic faille], *piano* [ital].

As palabras non galegas ou estranxeirismos, é dicir, que o galego tomou doutras linguas, levan un asterisco á dereita e, a continuación entre corchetes, a indicación da lingua da que proceden. Ex: *demodê** [galic], *oblast** [ruso].

Se se trata dunha forma incorrecta en galego [moitas das cales van ser préstamos, especialmente castelanismos] a entrada remite á forma normativa correspondente, pero presenta un asterisco á esquerda. Ex: **almidón* [cast] s m V amidón.

Nembargantes, se analizamos o corpus de préstamos que recolleemos, vemos que a aplicación práctica que se fai deses criterios non se corresponde totalmente coa indicación teórica, xa que se recorre a unha concepción moi restrinxida da categoría préstamo, que deixa fóra os préstamos por substitución. En consecuencia, entradas como *aeroescorregador*, *alta fidelidade*, *aire-aire*, *aire-terra*, *altorrelevo*, *arcobotante*, *autoservicio* ou acepcións como *audiencia* (‘cantidade de oíntes que ten unha emisora de radio ou televisión, un programa, etc.’), *balance* (‘dispositivo que permite regular a intensi-

dade de saída do nivel acústico por cada unha das vías estereofónicas dun equipo sonoro') ou *caravana* ('remolque de automóbil acondicionado para vivenda') non presentan ningunha indicación que explicita a súa dependencia de signos doutros idiomas.

Na Presentación, tampouco se aclara qué finalidade se busca ó marcar especialmente os estranxeirismos, xa que non parece lóxico pensar que se intente indicar que esas unidades teñen en galego un carácter provisional, cando moitos deles xa figuran recollidos no *VOLG* e en todos os dicionarios que aquí analizamos (*africáner*, *apartheid*, *andantino*, *allegro*, *allegretto*, *abertzale*, *abertzalismo*, *brandy*, *best-seller* ou *adagio*). Máis razoable sería que o sinal servise para indicar que a pronuncia ou a grafía desas entradas pode sufrir vacilacións, debido ós problemas que lles crea ós padróns gráficos e fonéticos do galego¹⁸.

Tamén botamos a faltar que esa estrutura de marcas non se aproveitase para indicar o carácter de proposta provisoria que teñen determinadas entradas, especialmente aquelas que figuran por vez primeira nun traballo lexicográfico galego e que desde unha perspectiva clásica poderían considerarse préstamos de luxo (*acquis communautaire*, *acting out*, *adbusters*, *canard*, *amateur*, *at*, *batch*, *bibelot*, *bill*, *bowling*...).

3.2.5. O Gran dicionario Xerais da lingua (GXLG)

A selección e admisión dos préstamos

Nas entradas admitidas polo *VOLG* o consenso entre as dúas fontes é total. As escasísimas diverxencias que se detectan (a ausencia de *footing* ou *weltanschauung* en *GXLG*, por exemplo) só se poden interpretar como esvaróns puntuais nunha liña xeral de respecto pola fonte normativa.

O mesmo se pode dicir dos préstamos que o *VOLG* rexeita explicitamente. A actitude xeral é de respecto a esas decisións, como parece lóxico se temos en conta que na "Introducción" (pp. vii-viii) os autores do *GXLG* mencionan a data de aparición do *Vocabulario* como o momento a partir do cal cambia para ben o enfoque e a calidade da produción dicionarística galega. Por iso mesmo chaman máis a atención os poucos casos en que se contradí explicitamente esa fonte, recollendo como entradas galegas (por veces

18 O *Diccionari* do Institut d' Estudis Catalans aplica un sistema parcialmente parecido, pois indica a lingua de orixe só para aquelas palabras que se integraron sen sufrir ningún tipo de adaptación co fin de advertir que se pronuncian segundo unhas regras propias e en moitos casos vacilantes, tal como se conta en Cabré (1994: 56-57).

principais e por veces secundarias) unhas poucas unidades que o *VOLG* (e aínda tamén o *DRAG*) rexeitaba explicitamente, como por exemplo *andamio*, *andén*, *antifaz*, *apromar*, *buzón*, *mildeu*, *récord*, *mariguana* ou *feedback*. Tendo en conta o seu escaso número, cremos que volven ser desviacións non advertidas polos autores antes ca propostas efectuadas con vontade de ofrecer un camiño alternativo ó das solucións académicas.

De todos os xeitos, a maior innovación do *GXLG* é a súa postura tocante á admisión de préstamos non tratados nas fontes normativas. O enfoque puramente descritivista que viamos nos outros traballos deixa paso aquí a un espírito crítico –non entraremos agora a valorar se aplicado con maior ou menor acerto– que explicita a súa condena sobre determinadas unidades.

Por veces, esa condena viña xa implícita no *VOLG* e o que aquí se fai é explicitala no papel, como ocorre por exemplo con **baseball*, **cassette*, **dandy*, **gincana*, **jemer*, **jota*, **loggia*, **pachá*, **ski*, **standard*, **yak*, **yarda*, **yate* ou **swabili*, formas para as que se podía aventurar unha valoración negativa despois de comprobar que o *VOLG* recollía exclusivamente variantes como *béisbol*, *casete*, *dandi*, *xincana*, *khmer*, *xota*, *loxa*, *paxá*, *esquí*, *estándar*, *iac*, *iarda*, *iate* e *suabili*.

Pero en moitos outros casos ese talante crítico aplícase a préstamos sobre os que non se pronunciaron as obras normativas, proceso que en boa medida se basea na extrapolación das liñas xerais de selección que se podían percibir nos traballos académicos.

- Así, mantense unha especial prevención contra os castelanismos, sobre todo os que presentan lexemas ou morfemas desa lingua ou os que compiten con solucións propias vixentes nos usos reais. Por ese motivo, formas como **contedor*, **bandeirín*, **banquillo*, **crucigrama*, **cumpreanos*, **epatar*, **bincha*, **lentellola*, **lentilla* ou **tirabuzón* / **tirabuxón* son desaconselladas, e recoméndase no seu lugar *seareiro*, *bandeiriola*, *banco*, *encrucillado*, *aniversario*, *impactar*, *seareiro*, *abelorio*, *lente de contacto* ou *rizo*.
- Tamén é perceptible unha tendencia a evitar os denominados préstamos de luxo (**barman*, **bloc*, **casting*, **clown*, **crepe*, **dribbling* / **regate*, **glamour*, **ball*, **manager*, **match*, **menaxe*, **slip*, **stand*, **sweater*...) e a propoñer no seu lugar a extensión semántica das formas que en galego denominan conceptos practicamente idénticos (*camareiro*, *caderno*, *proba*, *pallaso*, *filloa*, *caneo*, *encanto*, *vestíbulo*, *preparador* / *director*, *partido*, *enxoval*, *calzón*, *pavillón* / *caseta*, *xersei*...). Pero a aplicación deste criterio peca de falta de sistematicidade, pois estranxeirismos como *bit*, *boutique*, *dossier*, *input*, *input-output*, *output*, *lock-out*, *look*, *mousse*, *sex-appeal*, *top*, *wéstern*..., de

características moi semellantes ós antes rexeitados, acóllense no corpus de entradas sen ningunha reticencia.

- Outras veces, o que se propón é o cambio de préstamos por importación por préstamos por substitución, en principio menos “agresivos” para a estrutura do galego. É este o camiño que se segue para desaconsellar **airbús*, **golaveraxe*, **entreviú*, **jeans*, **márketing*, **self-service*, **sbock*, **sponsor*, **sprinter* ou **tour operator* e propor no seu canto *aerobús*, *diferencia de goles*, *entrevista*, *vaqueiros*, *mercadotecnia*, *autoseruicio*, *choque*, *patrocinador*, *velocista* ou *operador turístico*.

As formas que se propoñen para substituír os préstamos non xorden dun creacionismo *ex nihilo*¹⁹, nin de forzar en exceso os usos vivos das unidades lingüísticas, senón que son o resultado de considerar tamén como fontes de creación de estándar, ademais das obras académicas, outra serie de traballos lexicográficos e terminográficos que contribuíron á elaboración do corpus do galego en determinados ámbitos especializados.

O modo de integración dos préstamos

O respecto polas propostas do *VOLG* volve ser a nota común; unicamente se poden detectar vacilacións puntuais á hora de marcar ou non con til determinados estranxeirismos, ou ó empregar guión para separar os constituíntes dalgunhas palabras compostas²⁰. Ese respecto mantense incluso en casos en que os outros dicionarios optaban por posicións distintas, como é o tratamento das unidades físicas: o *GXLG* segue reproducindo exactamente as propostas do *VOLG* e presentando formas como *amperio*, *belio*, *coulomb* / *culombio*, *decibelio*, *faradio*, *fermio*, *fonio*, *henrio*, *bercio*, *oerstedio*, *obmio*, *wat* / *vatio* ou *xulio*, aínda que nalgúns casos recolle como alternativas secundarias as denominacións internacionais (*bel*, *fon*, *henry*, *hertz* ou *ohm*).

Na integración de préstamos non recollidos nas fontes académicas, a pauta xeral é a de non forzar os usos asentados, aínda que iso supoña pre-

19 O feito de que nas páxinas do *GXLG* se poidan atopar préstamos desaconsellados, para os que non se ofrece unha proposta alternativa, senón unicamente unha definición -como ocorre con **booligan*, **bot dog*, **bovercraft*, **jogging*, **lifting*, **music-ball*, **nike*, **remake* ou **tacilla*- amosa esa escasa vontade creacionista, aínda que ó usuario do dicionario lle cree un problema, pois non pode saber qué palabra debe usar nun texto galego para designar calquera deses conceptos.

20 Como exemplo do primeiro caso podemos presentar *winchester*, *ticket*, *siux*, *shérif*, *quásar*, *pulsar*, *póinter*... (*GXLG*), pero *winchester*, *ticket*, *siux*, *sherif*, *quasar*, *pulsar*, *pointer*... (*VOLG*). Para o segundo caso sérvennos os exemplos *yeyé*, *striptease*, *big bang*... (*GXLG*) fronte a *ye-yé*, *strip-tease*, *big-bang*... (*VOLG*).

sentar o préstamo cunha forma gráfica ou fonética que pode dificultar a súa integración nas estruturas do galego. Só se detecta un proceder distinto, que se aplica de forma non sistemática, nos seguintes casos:

- Se o estranxeirismo incorpora grafemas alleos representando sons para os que o galego posúe grafemas propios, substitúese o primeiro polo segundo, como ocorre co paso de <y> a <i> en *pónei* ou *kaiak*, ou de <w> a <u> en *ualabí* ou *uapiti...*.
- Se préstamos moi integrados no noso sistema manteñen como trazo alleo máis salientable unha consoante reduplicada sen implicacións fonéticas é frecuente que esta se simplifique (*búfer*, *confeti*, *culote*, *séter*, *souflé...*).
- Os exemplos xa sinalados en que se propón o abandono de préstamos por importación e o emprego de préstamos por substitución.

A representación dos préstamos

Este diccionario presenta un corpus de entradas constituído por tres subtipos distintos delas, graficamente diferenciadas en función do seu grao de sintonía co estándar léxico do galego:

- (a) Palabras galegas estándares.
- (b) Palabras galegas non estándares.- Recóllense aquí “dialectalismos, popularismos, creacións recentes e expresivas e formas de uso moi específico”, segundo se indica na p. VIII da “Introducción”.
- (c) Palabras non galegas.- Este subgrupo non pretende facer agrupamentos en función da orixe, senón recoller aquelas entradas que non deben formar parte do corpus léxico do galego.

En principio, esta clasificación tripartita podería ser moi útil á hora de representar os préstamos, pois permitiría incluír no primeiro grupo os avalados en traballos normativos ou noutros que os autores consideren xeradores de estándar léxico; deixar no segundo formas usuais na lingua común pero aínda en vías de asentamento e susceptibles, xa que logo, de sufrir modificacións, ou incluso propostas neolóxicas que desde o propio diccionario se puidesen potenciar; e desprazar para o terceiro préstamos desaconsellados, que remitirían sempre a formas galegas das outras dúas categorías. De feito, en casos puntuais como *champlevé*, *cloisonné*, *gourmet*, *nique*, *pailebote*, *paparazzo*, *play-off* ou *premier* parece que se intenta aplicar un sistema semellante, presentando estas entradas co formato propio do segundo subgrupo. Nembargantes, noutros casos semellantes, a práctica é diferente, xa que

se presentan coas características das palabras galegas estándares entradas como *gentleman*, *bit*, *lobby*, *look*, *mousse*, *sex-appeal*, *single*, *walkman* ou *yuppie*, de características e implantación semellantes ás anteriores. Polo tanto, tampouco neste dicionario queda claro o grao de instalación no estándar que se lles atribúe á gran maioría dos préstamos recollidos.

Polo resto, os préstamos non reciben ningunha marca específica que os identifique fronte ás outras entradas do *GXLG*, xa que non se recollen nin as etimoloxías nin as linguas de procedencia. A única indicación que podería servir de axuda é a transcripción fonética²¹ que acompaña os estranxeirismos, e que podemos ver en entradas como *boogie-boogie*, *boom*, *boy-scout*, *bridge*, *by-pass*, *byte*, *clergyman*, *cow-boy*, *crawl*, *feed-back*, *gentleman*, *green*, *hardware*, *bit*, *input*, *input-output*, *jacuzzi*, *jet*, *jet stream*, *jiujitsu*, *knock-down*, *knock-out*, *larghetto*, *lock-out*, *look*, *mousse*, *punk*, *sex-appeal*, *sforzando*, *shab*, *single*, *slum*, *slump*, *software*, *stringendo*, *swing*, *taekwondo* ou *walkman*. Nembargantes, esa mesma información fonética non acompaña a outros moitos estranxeirismos que tampouco posúen a pronuncia esperable segundo a súa grafía, como se pode ver en *decrescendo*, *fabrenheit*, *firmware*, *foie-gras*, *flysch*, *binterland*, *intermezzo*, *lapilli*, *mezzosoprano*, *sotto voce*, *suite*, *twist*, *yiddish* ou *yuppie*.

4. CONCLUSIONES

Da análise das distintas obras despréndese un panorama caracterizado pola falta de sistematicidade, tanto á hora de seleccionar e admitir préstamos no corpus dos dicionarios como no momento de escoller a vía de integración. Este problema percíbese tanto nas obras académicas como nas que non o son, e é independente do enfoque maiormente descritivo ou prescritivo en que se basee o traballo.

Tendo en conta ese condicionante, é posible apuntar como tendencias presentes dun xeito ou doutro en todos os traballos o purismo moderado fronte ós castelanismos e o escaso aproveitamento das posibilidades que ofrece a naturalización de préstamos, quer potenciando o préstamo por substitución, quer animando ó uso de préstamos léxicos no canto de estranxeirismos.

Nas obras non académicas asúmense as decisións tomadas nos dicionarios e vocabularios normativos, pero non se extrapolan as liñas alí aplicadas

21 Igual ca no *DRAG* os autores optaron pola precisión técnica que ofrece o Alfabeto Fonético Internacional, decisión máis razoable neste caso se temos en conta as características do dicionario e o tipo de usuario a que vai destinado.

ás unidades léxicas que aqueles non recollían -coa excepción parcial do *GXLG*-. Esta aposta polo descritivismo, así como a pouca atención prestada a outras fontes de produción de estándar no traballo de elaboración dos dicionarios non académicos invitan a reflexionar sobre o papel dos traballos lexicográficos en contextos como o galego e a preguntarse se é factible optar polo descritivismo nun contexto en que os usuarios entenden os dicionarios como depositarios do canon de corrección lingüística e consideran, por iso, como adecuada calquera unidade que se recolla nel.

De por parte, a representación dos préstamos nos dicionarios tamén presenta deficiencias xa que se tratan da mesma maneira formas con graos de implantación na fala moi diversos, e moitas delas de necesidade bastante discutible. Ademais, as informacións que en teoría acompañan a diversos subtipos de préstamo (normalmente os estranxeirismos) non aparecen na práctica de xeito sistemático.

BIBLIOGRAFÍA

1. Bibliografía consultada

Actes du Colloque sur les anglicismes et leur traitement lexicographique.

Québec: Gouvernement du Québec, 1994.

Alves, I. M. (1990): *Neologismo. Criação lexical*. São Paulo: Ática.

Aracil, Ll. V. (1983): "Sobre la situació minoritaria", en *Dir la realitat*. Barcelona: Països Catalans, 171-206.

Duckworth, D. (1977): "Zur terminologischen und systematischen Grundlage der Forschung auf dem Gebiet der englisch-deutschen Interferenz: Kritische Übersicht und neuer Vorschlag", in H. Kolb / H. Lauffer (eds.): *Sprachliche Interferenz. Festschrift für Werner Betz zum 65. Geburtstag*. Tübingen: Niemeyer, 36-56. Citado por Kiesler (1993).

Fernández Salgado, B. (coord.) (1991): *Diccionario de dúbidas da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Galanes Santos, I. (2002): "O galego como lingua de especialidade (I)", en *Actas dos IV Encontros para a Normalización Lingüística*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 221-237.

González Calvo, J / M. L. Montero Curiel / J. Terrón González (eds.) (1999): *V Jornadas de Metodología y Didáctica de la Lengua Española*. Cáceres: Universidad de Extremadura.

- Gutiérrez Rodilla, B. (1998): *La ciencia empieza en la palabra: análisis e historia del lenguaje científico*. Barcelona: Península.
- Kannas, C. (1994): "Le traitement des anglicismes dans les ouvrages de la Maison Larousse", en *Actes du Colloque sur les anglicismes et leur traitement lexicographique*. Québec: Gouvernement du Québec, 247-253
- Muljačić, Ž. (1989): "The emergence of the Florentine > Italian language", en T. D. Whalsh (ed.): *Synchronic and diachronic approaches to linguistic variation and change*. Washington D.C.: Georgetown University Press, 221-226.
- Payratò, Ll. (1984): "Barbarismes, manlleus i interferències. Sobre la terminologia dels contactes interlingüístics", *Els Marges* 32, 45-58.
- Poirier, C. (1994): "L' anglicisme dans les dictionnaires de langue québécois: le point de vue de l'équipe du *Trésor de la langue française* au Québec", en *Actes du Colloque sur les anglicismes et leur traitement lexicographique*. Québec: Gouvernement du Québec, 223-246.

2. Bibliografía citada

- Boullón Agrelo, A. I. (coord.) (1991): *Léxico da administración castelán-galego*. A Coruña / Santiago: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Cabré, M. T. (1992): *La terminologia. La teoria, els mètodes, les aplicacions*. Barcelona: Empúries.
- Cabré, M. T. (1994): "Sobre manlleus i dictionaris", en *Estudis de lingüística i filologia oferts a Antoni M. Badia i Margarit*. Barcelona: Publicacions de l' Abadia de Montserrat, 39-61.
- Carballeira Anllo, X. M. et al. (2000): *Gran diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.
- Carvalho Calero, R. (1983): "O idioma galego e os problemas da language técnica", en *Da fala e da escrita*. Ourense: Galiza Editora, 36-43.
- Clavería, G. / J. Torruela (1993): "Formación de términos en los léxicos especializados en lengua española", en J. C. Sager: *Curso práctico para el procesamiento de la terminología*. Madrid: Fundación Sánchez Ruipérez, 335-340.
- Corbeil, J.-C. (1994): "L'emprunt comme indice de la concurrence linguistique", en *Actes du Colloque sur les anglicismes et leur traitement lexicographique*. Québec: Gouvernement du Québec, 15-23.
- Deroy, L. (1956): *L'emprunt linguistique*. Paris: Les Belles Lettres.
- Dosil, B. (1997): *Palabras novas e nomes propios*. Santiago: Xunta de Galicia.
- Feixó, X. (dir.) (1999): *Diccionario Cumio da lingua galega*. Vigo: Edicións do Cumio.

- Fernández Rodríguez, M. / M. Rodríguez Neira (coord.) (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia. Compendio do III volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega (Seminario de Sociolingüística).
- García Cancela, X. / C. L. Díaz Abreira (1991): *Manual de linguaxe administrativa*. Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública.
- García, C. (dir.) (1990): *Diccionario da lingua galega*. A Coruña / Santiago de Compostela: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Garrido, C. (1999): "Estado actual e perspectivas da norma lexical", *Agália* 57, 3-25.
- Garrido, C. / C. Riera (2000): *Manual de galego científico*. Ourense: Asociación Galega da Língua.
- Gómez Capuz, J. (1998): *El préstamo lingüístico. Conceptos, problemas y métodos*. València: Universitat de València.
- Haugen, E. (1950): "The analysis of linguistic borrowing", *Language* 26, 210-231.
- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1989): *Vocabulario ortográfico da lingua galega. Versión provisional*. Texto policopiado. Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Kiesler, R. (1993): "La tipología de los préstamos lingüísticos: no sólo un problema de terminología", *Zeitschrift für Romanische Philologie* 109, 5/6, 505-526.
- Mareschal, G. (1994): "Étude typologique et comparative de l'anglicisation et des anglicismes dans quatre aires de la francophonie", en *Actes du Colloque sur les anglicismes et leur traitement lexicographique*. Québec: Gouvernement du Québec, 25-37.
- Pergnier, M. (1989): *Les anglicismes*. Paris: PUF.
- Perozo, X. A. (dir.) (1999): *Enciclopedia galega universal*. Vigo: Ir Indo.
- Rodríguez Río, X. A. (1996): "O tratamento dos empréstitos: unha proposta de actuación", en *Actas do I Congreso Internacional "A lingua galega: historia e actualidade"*, Santiago de Compostela, setembro de 1996 (no prelo).
- Rodríguez Río, X. A. (1998): "O tratamento dos préstamos na norma léxica do galego", *Verba* 25, 293-322.

O TRATAMENTO DO LÉXICO CIENTÍFICO E TECNOLÓXICO NOS DICCIONARIOS GALEGOS

Luís Daviña Facal

I.E.S. Fernando Wirtz. A Coruña

1. INTRODUCCIÓN

Quixera agradecer aos organizadores deste Simposio o seu amable convite para que interveña neste foro unha persoa coma min, profesor de secundaria e, por riba, “de ciencias”, que se sente un algo coutado ao ter que compartir tribuna con tan ilustres lexicógrafos. Se cadra, algo tería que ver a miña modesta, pero continuada ao longo dos últimos anos, dedicación ao estudio do que os técnicos dirían o tecnolecto científico galego. Por iso aceptei de contado o reto, xa que me deron a oportunidade, unha vez máis, de insistir na miña teima favorita.

Despois de cumprido este elemental deber de cortesía, cómpre así mesmo facerlles ver aos membros do Comité organizador, e a todos vostedes, o grave compromiso no que me puxeron. Porque o asunto do que me toca falar, o estado do léxico científico nos dicionarios galegos, é, dito en poucas palabras, máis ben malo. Polo tanto non vou ter máis remedio que referirme ás eivas que, no ámbito científico-técnico, presentan os nosos dicionarios. Pero, por outra parte, despois dos anos que levo ocupándome destes problemas, son xa non poucos os lexicógrafos e dicionaristas cos que fun establecendo lazos de amizade. De xeito que, ¿como vou facer hoxe para dicir o que teño que dicir, sen perder o seu afecto? Pois, en primeiro lugar, acolléndome á súa benevolencia e, en segundo, empregando na miña exposición un ton un algo distendido, quizais non demasiado adecuado para utilizar nesta douta casa, pero necesario para quitarlle algo de ferro ás miñas –penso que inevitables– críticas e, de paso, facer un pouco menos pesado para vostedes este relatorio.

Ten moita razón o Comité organizador deste Simposio cando, no tríptico de presentación, di que “das diversas tarefas que implica a planificación do corpus dunha lingua minorizada, a codificación e estandarización do léxico é seguramente unha das máis complexas e problemáticas”. E tamén que “a pesar diso, foron moitos os avances neste terreo conseguidos ó longo dos

últimos vinte anos”. Sobre todo, digo eu, dos alcanzados nos últimos doce. Algo se ten avanzado desde que a dicionarista Rosa López Fernández (1990) se lamentaba de que “a lexicografía e maila lexicoloxía eran as irmás eivadas da lingüística no noso idioma”. Basta con botarlle unha ollada á *Guía bibliográfica de lingüística galega* editada polo Instituto da Lingua Galega (ILG) e coordinada por Xosé Luís Regueira, onde se recollen os traballos publicados sobre o tema ata 1995, aos que lles hai que engadir os numerosos aparecidos entre esa data e o 2002.

Pero, e seguindo co tríptico, “con todo, e maila estes avances, é moito aínda o camiño que queda por percorrer”. O que é absolutamente certo, e moi especialmente no campo da miña actividade. Porque, se é certo, que o é, o que di Manuel González (1994), de que “a plena normalización do corpus dunha lingua debe abranguer, entre outros aspectos, a fixación dun modelo estándar que abarque os ámbitos fonético-fonolóxicos, morfosintáctico e léxico”, debendo este último dar resposta “ás necesidades expresivas e comunicativas da vida actual”, non é menos certo que o científico-técnico constitúe unha parte importante do léxico dunha lingua moderna e, como xa tiven ocasión de dicir noutra oportunidade, cada día o é máis polo crecente interese que amplas capas da sociedade amosan sobre asuntos relacionados coa natureza, en particular, e coas distintas ramas da ciencia, en xeral. Non é tampouco, concluía, un secreto para ninguén que, no caso do galego, este léxico é o máis descoidado. Por iso insisto, sempre que podo, unha e outra vez, nesta lería.

Polo tanto, e dado que os avances neste campo foron máis ben escasos, non vou ter máis remedio que repetir algunhas cousas xa ditas noutras ocasións. A ver se, a forza de insistir, conseguimos entre todos depurar algo o noso léxico científico-técnico. Tan certo é isto que afirmo que o presente relatorio podería ser un calco, actualizado, do primeiro artigo que publiquei sobre o asunto, na *Trabe de Ouro*, xa en 1991.

Canto aos dicionarios aos que me vou referir son, obviamente, os de lingua, sobre todo os que máis usan os escolares, aqueles que poderíamos denominar “os dunhas 1000 páxinas”, xa que os estudantes son os máis asiduos usuarios deste tipo de obras, tendo en conta, ademais, que segundo a lexislación vixente, a maior parte das áreas e materias de Ciencias Naturais no ensino primario e secundario son de obrigada impartición en galego. Pero tamén será necesario referirse aos máis “grandes” e recentes, o *Diccionario Cumio da lingua galega* e o *Gran diccionario Xerais da lingua*, así como ao misterioso *Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG)* e a algún dos repertorios terminolóxicos dos máis usados, como pode ser o *Vocabulario das ciencias naturais (VCN)*. Porque a outros, como o *Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos (VMOA)*, non vou ter tempo de referirme, aínda que o merecía.

Para ordenar un pouco a exposición vou dividila en varios apartados (aínda que moitos dos exemplos aos que me vou referir poderían incluírse en varios destes): as ausencias nos dicionarios de termos científicos de uso frecuente, as vacilacións morfolóxicas e os problemas derivados da incorrecta adaptación de cultismos grecolatinos, os erros nas definicións, as consecuencias de todo isto e as posibles solucións que, ao meu modo de ver, poderían ter todos estes problemas. Quedan fóra, por falta de tempo, outros que xa tratei anteriormente (vid. Daviña Facal 1993). Como son moitos os capítulos, e o tempo do que dispoño escaso, limitareime a expoñer tan só algúns exemplos dos casos que me parecen máis graves ou significativos.

2. AUSENCIA DE TERMOS CIENTÍFICOS DE USO FRECUENTE

Existen algunhas voces científicas ás que os lexicógrafos galegos parece que lles teñan medo, e non as inclúen nos dicionarios, sobre todo nos que chamei “os de 1000 páxinas”. Por exemplo, *plasto*. Os *plastos* (tamén denominados *plastidios*) son orgánulos típicos do protoplasma das células vexetais que, atendendo ao seu contido ou ás súas funcións, se clasifican en *cloroplastos*, *cromoplastos* e *leucoplastos*. Os *cromoplastos* conteñen pigmentos de varias cores, e áchanse especialmente nos pétalos das flores e tamén no pericarpo (na pel) dos froitos, aos que lles dan a súa cor típica. Os *leucoplastos* carecen de pigmentos, polo que –loxicamente– non teñen coloración; algúns serven para almacenar amidón e, daquela, reciben o nome de *amiloplastos*. Pero os máis interesantes, especialmente para os alumnos de Educación Secundaria (Obrigatoria e Postobligatoria) son os *cloroplastos*, así chamados por conteren *clorofila*, pigmento de cor verde indispensable para a *fotosíntese*, é dicir, para a importantísima función que permite aos vexetais e a outros organismos autótrofos, como as algas, a transformación da materia mineral en materia orgánica, á que os alumnos de primaria chaman *función clorofilica*. A clorofila é a molécula á que lle deben as follas das plantas, e os caules ou talos novos, a súa típica cor verde.

A pesar da familiaridade que os alumnos de ensino secundario deben ter cos *cloroplastos* (e cos outros *plastos*), estas voces non lles deberon parecer o suficientemente importantes aos redactores do *Diccionario da Real Academia Galega (DRAG)*, xa que non as recollen, nin sequera *cloroplasto*. E iso que, na introducción do dicionario, se afirma que, nesta obra, “incorporouse un número considerable de termos de tipo técnico e científico, procurando que non faltasen os que teñen uso habitual nos estudos de ensino primario e de bacharelato”. Como tamén deben representar ben pouco para os autores dos demais dicionarios galegos que usan adoito os nosos rapaces,

xa que tampouco non aparecen no *práctico* de Ir Indo, no *Xerais da lingua*, nin no de Obradoiro / Santillana. Só se recolle *cloroplasto* no *normativo* de Galaxia, pero cunha definición tan incompleta, ‘plasto impregnado de clorofila’, que é totalmente inútil; sobre todo porque a voz *plasto* non figura nese dicionario (nin, por suposto, en ningún dos outros).

No *Vocabulario das ciencias naturais*, que é o que manexamos os (poucos) profesores que damos as nosas clases de bioloxía e xeoloxía en galego (e que cumprimos, por tanto, e voluntariamente, o ordenado nos decretos que desenvolven a Lei de Normalización Lingüística), aprécianse vacilacións neste termo. Na sección de bioloxía fundamental recóllese *cloroplasto*, substantivo masculino, forma coincidente coa castelá, e concorde, como veremos, coa etimoloxía. Pero no apartado de botánica a forma escollida como equivalente á castelá *cloroplasto* é *cloroplasta*, substantivo feminino, coincidente coa portuguesa (na forma, pero non no xénero, que na lingua irmá é masculino, pese á terminación en *-a*). Coa portuguesa do portugués continental, porque en Brasil din, como en castelán, *cloroplasto*.

Tendo en conta a etimoloxía de *plasto*, que deriva do grego πλαστός ‘modelado’, parece que esta forma, masculina e rematada en *-o*, é máis axeitada para o galego. E se *plasto* é masculino e remata en *-o*, tamén así será *cloroplasto* (do grego χλωρός ‘verde’ + *plasto*). E como *cloroplasto*, outras voces como as anteriormente citadas *cromoplasto*, *leucoplasto* e *amiloplasto*, e tamén aqueloutras, non tan usuais, formadas con *plasto* como primeiro compoñente: *plastócromo*, *plastoxel*, *plastoxénese*, etc.

A forma portuguesa *plasta*, da que derivan *cloroplasta*, *leucoplasta* e *cromoplasta* procede do grego πλάστης ‘modelador’ e, por tanto, daría en latín moderno un substantivo masculino rematado en *-a*, igual que todos os tirados de termos gregos rematados en *-tes* (cando o *e* corresponde a un eta), como en *atleta* ou *planeta*, como veremos máis adiante. No caso de estimarse como válida esta etimoloxía para a voz galega –o que é dubidoso– daquela teríamos o *cloroplasta*, de xénero masculino, como no portugués continental, pero nunca a *cloroplasta*, feminino, como vén na sección de botánica do ementado *Vocabulario*.

Si aparece *cloroplasto*, faltaría máis, no *Diccionario Cumio da lingua galega*, definido como ‘orgánulo das células vexetais verdes que conteñen clorofila’, definición á que unicamente se lle pode achacar unha falta de concordancia entre *orgánulo* e *que conteñen*, e no *Gran Xerais*, que o define como ‘corpúsculo propio da célula vexetal que, nos vexetais verdes, contén as moléculas de clorofila para a fotosíntese’, que ben poderían corrixir para a segunda edición poñendo, por exemplo, algo así como ‘orgánulo [no canto de corpúsculo] propio da célula vexetal que contén clorofila’, porque o dos *vexetais verdes* sobra (todos son verdes), como sobraría tal vez a expre-

sión *as moléculas de clorofila para a fotosíntese* se viñera no dicionario correctamente definida a voz *clorofila*, en vez de ‘pigmento que dá a cor verde ás plantas e que intervéñ no fenómeno da fotosíntese’.

Outra palabra imprescindible nos dicionarios é *mitocondria* (ou *mitocondrio*, como digo eu, xa explicarei máis adiante por qué). Trátase do nome dos orgánulos celulares encargados de producir enerxía utilizable, mediante a oxidación da glicosa con oxíxeno (ou *osíxeno*, como queren o *VOLG* e os dicionarios normativos) na chamada respiración celular, a auténtica respiración. Esta voz, que teñen que empregar adoito os alumnos de secundaria, non vén rexistrada nin no *Diccionario Xerais da lingua*, nin no *normativo* de Galaxia, nin no de Obradoiro / Santillana, nin no da Real Academia Galega. Incomprensible. Onde si aparece, pero na forma castellanizada e feminina, *mitocondria*, espuria en galego, e tal vez así porque así é como figura na última, que non derradeira, versión do misterioso *VOLG*, é no *Cumio da lingua galega*, pero definida como ‘corpúsculo citoplasmático celular, de forma granular ou alongada, que contén enzimas respiratorias (*sic*) e realiza a síntese proteica’. Menos mal que os alumnos de secundaria non adoitan consultar este groso dicionario, e se consultan o que está dirixido especialmente para eles, o de *secundaria e bacharelato*, naturalmente non encontrarán a voz. Pero se van á biblioteca do Instituto e se fían do que lles di o “grande”, se cadra suspenden o control de bioloxía, dado que aínda que efectivamente os mitocondrios teñen enzimas respiratorios xa que, como dixen, é nestes orgánulos onde se realiza a respiración celular, é totalmente falso que neles se realice a síntese proteica. Esta importantísima función é competencia dos *ribosomas*. O mesmo *Cumio* (grande) define (mal) *ribosoma* como ‘estrutura (*sic*) do citoplasma que intervéñ na síntese das proteínas’. Así que este exemplo tamén podería figurar no capítulo de *erros nas definicións*, así como no de *problemas derivados da adaptación de cultismos grecolatinos*, onde si me referirei a el.

Tamén figura *mitocondria*, á castelá, no exhaustivo *Gran Xerais*, e cunha definición algo menos incorrecta: ‘órgano celular, de estrutura microscópica, onde se produce a respiración e a produción de enerxía da célula’. Aquí o que cabería dicir é, en primeiro lugar, que as células non teñen *órganos*, senón *orgánulos*; en segundo, que estrutura microscópica téñena todos os obxectos materiais (algúns, ademais, tamén a teñen macroscópica), pero no caso dun orgánulo celular, e tendo en conta que practicamente todas as células son de *tamaño* microscópico, a estrutura dos mitocondrios forzosamente terá que ser microscópica e, finalmente, que a *respiración celular* e a *producción de enerxía da célula* veñen sendo expresións sinónimas, como se deduce do que expliquei anteriormente, e tal como figuran estas expresións na definición dáse a entender que son dúas funcións diferentes.

Hai, nos nosos dicionarios, algunhas ausencias algo curiosas. Por exemplo, de voces referidas ao *universo*. Ademais da propia palabra *universo*, aparecen outras de carácter xeral, como *estrela*, *planeta*, *satélite* (agás no de Ir Indo), *cometa*, *meteorito*, *nebulosa* (que non rexistran nin Ir Indo nin o da Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega -RAG / ILG-), *galaxia* e *constelación*. O que escasean son os nomes propios. Constelacións famosas a penas figuran: os *Cans maior e menor*, *Balea* e *Lira* en *Xerais*, ademais das *Osas maior e menor*, que veñen en todos os dicionarios, agás no de Galaxia. Si adoitan estar as correspondentes aos signos zodiacais, aínda que con ausencias inxustificables: ou non se recolle ningunha –de adoptar ese criterio, que hoxe, co auxe que están volvendo a ter a astroloxía e as demais ciencias máis ou menos ocultas, sería pouco menos que un pecado– ou hai que metelas todas, ¿ou é que algunhas son máis importantes cás outras? Así, en *Xerais* aparecen todas agás *Escorpión*; en Galaxia faltan *Aries* ou *Ariete* e *Escorpión*, mentres que en Ir Indo si figura *Escorpión*, pero non *Acuario*, *Leo* ou *León*, *Libra* ou *Balanza*, *Pisces* ou *Peixes*, *Saxitario* e mais *Xémini* ou *Xemelos*. Só veñen as doce no Obradoiro / Santillana e no *DRAG* que, por outra parte, son os que menos voces recollen (unhas 20.000 o primeiro e 24.000 o segundo, contra as 30.000 do *Xerais da lingua*, as 40.000 do de Ir Indo e entre 35.000 e 40.000 –que seica non as contaron ben– do *normativo* de Galaxia). Non sei se terá algo que ver o feito de que estes dous últimos dicionarios se editaron en 1995 e 1997, respectivamente, e eu xa me queixara deste pecado, por escrito, en 1993. Pero non quero ser tan presuntuoso, e pecadento, porque na 4ª edición do *Xerais*, corrixida e actualizada, publicada no mesmo ano, apareceu por fin o desaparecido *Escorpión*. O acerto de incluílas a todas pertence, exclusivamente, aos autores destes dicionarios.

O que se bota máis en falta son os nomes das estrelas máis famosas, que ademais adoitan ter nomes moi eufónicos. A penas vemos *Sirio* en Galaxia, pero non aparecen *Aldebarán*, *Altaír*, *Andrómeda*, *Antares*, *Betelgueuse*, *Castor* e *Pólux*, etc. Nin sequera no *Cumio* (44.000 voces) nin no *Gran Xerais* (95.000). Claro que, se cadra, a non introducción de nomes de estrelas (pero si de nomes de constelacións) é un criterio dos chamados “dicionarios de lingua”, porque tampouco non se rexistran as anteriormente citadas no Zingarelli nin no Petit Robert, que son dous dos dicionarios que nos dixó o profesor Santamarina que utilizaran como referencia para construír o *VOLG*, nin no *Diccionari de la llengua catalana* do Institut d’ Estudis Catalans. O que non deixa de sorprenden, porque se todos eles traen nomes de minerais, rochas, animais, vexetais, planetas, etc., ¿por que non de estrelas? Se un rapaz ve no programa de televisión que van botar a película *A ameaza de Andrómeda* e é curioso e quere saber quen será a tal Andrómeda, ¿on-

de vai buscar? Só no *Dicionário da língua portuguesa* de Porto Editora aparecen todas as que puxen como exemplo (excepto *Andrómeda* –curiosamente– e *Betelgeuse*).

Por faltar, ata falta a *Vía Láctea*, a nosa galaxia, en Ir Indo. E do sistema solar están, en todos, o *Sol*, a *Terra* e mais a *Lúa* (menos mal). Pero do resto dos planetas, nin en Ir Indo nin en Obradoiro / Santillana hai rastro deles. Ben, en realidade algún hai, porque no último destes dicionarios, na frase coa que aclaran o uso da voz *planeta*, ‘corpo sólido que xira arredor do Sol ou doutra estrela, e que non ten luz propia’ (entre parénteses, hai planetas que non son sólidos, senón gasosos e, por outra parte, non hai corpos sólidos –nin líquidos, nin gasosos– que xiren arredor do Sol, ou doutra estrela, e que teñan luz propia), afirman que “*a Terra e Marte son dous planetas*”. E na que ilustra a segunda acepción de *lúa*, ‘satélite natural dun planeta’, din “*as lúas de Marte*”. Co que os rapaces, para saberen que *Marte* é un planeta, teñen que consultar as voces *planeta* ou *satélite*. Algo complicado, ¿non si?

Nos outros *normativos*, os de Galaxia e Xerais (na primeira edición), recóllense só algúns dos planetas do sistema solar, pero outros non. E, xa é casualidade, son os mesmos nos dous dicionarios: veñen en ambos (ou en *ámbolos*, como diría un certo periodista deportivo da Televisión galega) *Mercurio*, *Venus*, *Marte*, *Saturno* e *Urano*, e faltan, así mesmo en ambos, *Xúpiter*, *Neptuno* e *Plutón* (na cuarta edición do *Xerais*, apareceron os desaparecidos). Só acolle a todos nove o da Real Academia, e todos con inicial maiúscula, como corresponde a nomes propios, excepto *mercurio* que, non sei se é por ser un dos máis pequeniños (máis pequeno aínda é *Plutón*), ou por ser o primeiro, ten que conformarse coa inicial minúscula.

Queixábame de que nos dicionarios viñeran poucas estrelas. Pero, se cadra, isto é o mellor que puidera ocorrer porque, se todas as definicións foran como a do *sol* en *Xerais*, quizais fose peor o remedio cá enfermidade. Di *Xerais* que o Sol é a ‘estrela principal do noso sistema planetario, arredor da que xiran os demais planetas’. Gracias a *Xerais* decatámonos de dúas cousas que non sabiamos: que no noso sistema planetario non hai unha soa estrela, o Sol, senón varias, aínda que, iso si, as outras deben ser menos importantes, porque non xira arredor delas ningún planeta; e tamén de que o Sol é un planeta. En troques, gracias a Galaxia, e na definición de *día*: ‘día, espacio de tempo que tarda el sol en dar una vuelta completa alrededor de la Tierra’, sabemos, con Ptolomeo, que é o Sol o que xira arredor da Terra (non sei se tamén dos outros planetas). Creo que non lle deberan ter tanto medo os dicionaristas de Galaxia ao Santo Oficio; con todo, a Galileo Galilei –despois de catrocentos anos, iso si– xa lle levantaron a excomuñón.

E chegados a esta altura aínda (case) non me metín co *VOLG*, que é un dos meus pasatempos preferidos. Sorprende que este vocabulario non rexis-

tre (polo menos na versión que manexo eu, que é bastante recente) o verbo *abducir*, do que derivan o substantivo *abducción* ‘acción e efecto de abducir’ e o adxectivo (que tamén ten uso como substantivo) *abductor* ‘que abduce’, voces ambas que si figuran no vocabulario.

Así como que non se recolla o termo *aglomerante* ‘substancia que serve para aglomerar’ ao lado doutras voces derivadas de *aglomerar* ‘amontoar, amorear, xuntar, especialmente reunir nunha masa compacta partículas de pequenas dimensións’, que si inclúe, como tamén *aglomeración* ‘acción e efecto de aglomerar ou aglomerarse’, *aglomerado* ‘rocha clásica constituída por fragmentos rochosos, angulosos ou rolados, compactados, pero sen cemento de unión’. Tampouco non aparece *aglomerador* ‘que aglomera ou serve para aglomerar’ e que, usado como substantivo, é sinónimo de *aglomerante*. Estas dúas ausencias estrañan, sobre todo, porque noutra familia léxica, que aparece no *VOLG* inmediatamente debaixo da anterior, si que veñen as voces homólogas a *aglomerante* e *aglomerador*. En efecto, ao lado de *aglutinable*, *aglutinación* e *aglutinar*, podemos ver *aglutinador* e *aglutinante*.

Na mesma páxina tampouco aparece *agnostozoico*, termo usado en xeoloxía para designar os tempos precámbricos (o que se chamaba antes *era arcaica*), en virtude de non se coñecer vestixios de seres vivos desa época en forma de fósiles. Como tampouco non figura *paleozoico* ou ‘época dos animais antigos’. Pero dando unha mostra (máis) de contradicción, si que se recollen *mesozoico*, ‘época dos animais intermedios’, e *neozoico*, ‘época dos animais novos’.

Así mesmo pódese botar en falta que, ao lado de *alcanfor* e *alcanforar*, non se inclúa *alcanforado* ‘[medicamento] feito con alcanfor’, *alcanforeira* ‘árbore da que se obtén o alcanfor’ e mesmo a máis rara *alcanforismo* ‘intoxicación por alcanfor’.

Estraña moito tamén que, recollendo palabras tan raras como *anadiplose*, que en medicina significa ‘repetición dun paroxismo febril’ (e que case non se usa), non rexiste unha voz tan común como *anádromo*, voz que pode manexar con soltura calquera estudante de secundaria (se é bo alumno, claro). Porque *anádromo*, ademais de querer dicir, de acordo coa etimoloxía, ‘en sentido contrario’ (e, con este significado, tampouco case non se utiliza), é un adxectivo que se refire aos peixes que, na época da reprodución, deixan o mar onde vivían e migran cara ao río onde naceran, para nel poñer os ovos, como fan, entre outros, o salmón e mais o reo; tamén, por extensión, dise que son *anádromos* os peixes exclusivamente mariños que realizan a desova en augas menos profundas ca aquelas onde viven habitualmente, e os peixes *dulciacuícolas* (voz tampouco recollida) que se desprazan cara a zonas lacustres máis superficiais, ou que remontan os ríos

coa mesma finalidade (a de desovar). E como non se rexistra *anádro*, tampouco non se recolle o seu antónimo *catádro* (literalmente 'que vai cara abaixo') adxectivo co que se cualifican os 'peixes que se desprazan dos ríos para o mar para desovar' como as anguías e, por extensión, os 'peixes de mar que van desovar a augas profundas', e os 'peixes de auga doce que para desovar se desprazan cara a zonas profundas dos lagos ou descenden polos ríos'.

Claro que, se cadra, a *anadiplose* incluída non se trataba dun termo científico, senón "de letras". E xa sabemos que, nos dicionarios, teñen mellor acollida estes cós "de ciencias". Porque, en retórica, *anadiplose* é a 'figura que se produce repetindo ao principio de cada frase ou verso a palabra final da frase ou verso anterior', que tampouco, penso eu, debe ter moito uso este raro termo, xa que falar deste xeito non é moi frecuente que digamos. Tanto é así que o seu equivalente castelán, *anadiplosis*, non vén nunha enciclopedia de vinte tomos que teño eu.

Sorprende tamén que non se inclúa *anafásico*, 'propio da anafase ou relativo a ela', porque si se recolle *anafase* (que é a terceira fase da mitose e da meiose), e *anafásico* é un adxectivo facilmente derivable de *anafase*. E hai que ter en conta que todos os estudantes de secundaria teñen que saber qué son, e cómo son, os *cromosomas anafásicos*.

O que é aínda moito máis raro é que se inclúa un adxectivo derivado e non se recolla o substantivo do que deriva. Que é o que ocorre con *analéptico*, que quere dicir 'pertencente ou relativo á analepsia', ou 'que restablece as forzas' ou, finalmente, 'referido ao fármaco estimulante do sistema nervioso central' (nesta última acepción tamén usado como substantivo), xa que a *analepsia* é, precisamente, como se di tecnicamente en medicina o 'restablecemento das forzas despois dunha enfermidade', sendo neste senso sinónimo de *convalecencia*, e tamén a 'propiedade que posúen certos medicamentos de estimular determinadas funcións'.

Tampouco non figura no *VOLG* o termo *arcosa*, que é o nome dunha 'rocha sedimentaria, do grupo das areíscas, composta fundamentalmente por cuarzo e feldspatos, ás veces tamén por mica, e que deriva xeralmente da alteración do granito ou de rochas similares'. E como non vén *arcosa*, tampouco non figura *arcósico*, 'relacionado coa arcosa, ou que ten a composición da arcosa'. Dixen que a arcosa era unha areísca (tamén se pode denominar *areísca arcósica*). Pois ben, tampouco non figura no noso repertorio ortográfico a voz *areísca*. Son as areíscas rochas sedimentarias clásticas formadas, polo menos, por un 80% de areas cementadas con arxila, carbonato cálcico, óxido de ferro ou outro axente cementante. Son relativamente abundantes, empregándose na construción e en pavimentación e, cando son de gran fino, como pedras de afiar.

Pero non é o *VOLG* o único lugar onde non se rexistra *areísca*. Ningún dos dicionarios galegos inclúe esta voz (seguramente porque non vén no vocabulario ortográfico), nin tampouco outra para designar este tipo de rochas. O termo *areísca* é unha adaptación ao galego do castelán *arenisca*, solución achegada xa hai anos por Pedro Brañas no *Vocabulario das ciencias naturais*, e amplamente utilizada polos (poucos) profesores destas ciencias que, cumprindo voluntariamente o ordenado, damos as nosas clases en galego. Porque outra posible solución, a adaptación da forma portuguesa *arenito* como *arenita* non parece moi adecuada.

Finalmente, que este capítulo xa se vai alongando en demasía, tamén se bota en falta que, ao lado da incluída *aréola*, que é unha ‘pequena zona circular, ben diferenciada, que rodea algunha estrutura’, como tal, a *aréola mamaria*, non se inclúan os adxectivos *areolado* (‘que ten aréolas’ ou ‘que está rodeado por unha aréola’) e *areolar* (‘pertencente ou relativo ás aréolas’, e que se aplica tamén ao círculo irisado que se observa ás veces rodeando á Lúa, ou así mesmo a certo tipo de erosión que se produce na superficie das rochas). Tampouco se recolle o substantivo *areolite* (‘inflamación da aréola mamaria’).

Pero non quixera deixar de comentar, aínda correndo o risco de pasarme de tempo, a ausencia da voz *centríolo*, que precisan manexar os alumnos de bacharelato e que adoito vén nos textos como *centriolo*, á castelá, na mesma páxina na que se recolle outro termo, así mesmo usado en citoloxía, *centrómero*.

3. VACILACIÓNS MORFOLÓXICAS E ADAPTACIÓN DE CULTISMOS GRECOLATINOS

Un asiduo e atento consultante dos nosos dicionarios decátase de contado dos innumerables casos de vacilacións que se rexistran no tratamento das voces científicas, incluso dentro da mesma obra. A maior parte dos casos débense á incorrecta aplicación dos criterios que, nas linguas romances, hai que seguir para a adaptación dos termos cultos de orixe grecolatina que, en ciencias (e tamén noutros campos), son a maioría, a causa, tal vez, da escasa información que sobre estes subministran as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (NOMIG)*: a penas unhas notas sobre o mantemento, ou non, de grupos consonánticos cultos.

A consecuencia é que cada dicionarista, e cada escritor de textos científicos, cada vez que non atopa nos dicionarios as palabras que necesita, que non son poucas, resolve o problema como mellor lle parece. As máis das veces botando man do castelán. E convén recordar que o castelán adaptou numerosos tecnicismos directamente do francés, no século XIX e na primeira metade do XX, e do inglés na segunda metade deste último.

Os criterios para adaptar termos cultos, nas linguas románicas, son basicamente tres: o etimolóxico, o da universalidade da linguaxe científica e o do uso tradicional, citados por orde de importancia decrecente (*vid.* Daviña Facal 2001). En galego, por razóns obvias, utilizaremos sobre todo os dous primeiros. A Real Academia Galega e mais o Instituto da Lingua Galega seguen, xa que logo, estes criterios, pero, ao meu modo de ver, con notoria timidez e con non pouca calma (que, se cadra, é necesaria). Recordemos, por exemplo, os cambios de *médula* por *medula*, *parásito* por *parasito*, *reptil* por *réptil* ou *rumiante* por *ruminante*. Aínda a semana pasada escoitabamos aquí falar ao profesor Santamarina da prudencia, á hora de usar estes criterios (especialmente o etimolóxico) na preparación do *VOLG*, en determinados casos, admitindo, por exemplo, o emprego do prefixo *gluc-* (derivado do grego γλυκύς ‘doce’) en determinados casos (*glucemia*, *glúcido*, *glucinio*, *glucosa*, *glucósido* e *glucosuria*) ao lado do recomendado (e etimolóxico) *glic-*, alegando algo así como que non querían molestar á xente que di habitualmente *glucosa* ou *glúcido*, por influencia do castelán ao que están afeitos. (Entre parénteses, eu non coñezo, e iso que son químico de formación, a moita xente que use *glucinio* no canto de *glicinio*, entre outras cousas porque o nome oficial deste elemento é, desde hai unha chea de anos, *berilio*).

Aínda que xa se dixo moitas veces, quizais fose conveniente insistir en que os neoloxismos grecolatinos se introducen no galego, e nas demais linguas fillas do latín, en xeral, e igual que moitas voces patrimoniais, a partir do acusativo latino ou latinizado (caso de o étimo ser grego). E que para a colocación do acento tónico é regra (sacando o francés) manter a prosodia latina. Polo tanto non debe haber, salvo razóns de uso de moito peso, voces polisílabas agudas. Aquelas serán graves, a non ser que a vocal da penúltima sílaba do étimo latino sexa breve, xa que, daquela, teríamos unha palabra esdrúxula.

Por iso non entendo cómo o *VOLG*, e con el todos os dicionarios *normativos*, admiten o termo *peroné*, copiado do castelán e calco do francés. Eu proponho *perone*, como en italiano, xa que esta voz deriva do grego περόνη ‘broche’. Ou tal vez *pérone* (forma tamén admitida en italiano), porque o *o* é un ómicron (o breve) e, como non teño formación filolóxica, non sei cá é a forma latinizada. Non seguiu aquí o *VOLG* o criterio etimolóxico que empregou no nome doutro óso, *omoplata*, no canto do castelán *omóplato*. O *Diccionario de dúbidas da lingua galega*, de Galaxia, dános unha explicación: “prefírese a forma *omoplata*, con acentuación grave e xénero feminino (do grego *omopláte*, composto de *ômos* ‘lombo’ e *platys* ‘plano’), de acordo coas outras linguas: port. *omoplata*, it. *omoplata*, fr. *omoplate* pero cat. *omòplat*”.

A regra da acentuación rexe tanto nos termos simples coma nos compostos. Nestes o acento do segundo compoñente actúa, der ser o caso, sobre o

primeiro. Por iso Santamarina ilustrábanos o xoves pasado coa serie *aerólito*, *coprólito*, *crisólito*, *electrólito*, etc., serie de voces formadas co segundo coñecemento *-lito* derivado, nos máis dos casos, do grego λίθος ‘pedra’, a través do latín *-lithus* e, nuns poucos (como *electrólito*), do grego λυτός ‘soluble’, latinizado como *lytos*.

Sendo tan clara esta regra, sorprende ver (aínda se cadra máis que o citado *peroné*) en case todos os libros de ciencias naturais, e tamén nos dicionarios, voces como *bronquiolo*, que é a forma castelá, no canto do correcto *bronquíolo*, xa que en latín científico é *bronchiolum*, diminutivo de *bronchium* ‘bronquio’. Rexistran *bronquiolo* os dicionarios de Galaxia, o *Cumio*, o *Xerais da lingua* e o *Gran Xerais*. Só López Dobao, no pioneiro *Vocabulario do medio físico*, admite a forma correcta *bronquíolo*. Por outra parte, e sorprendentemente, non se rexistra esta voz no *Vocabulario das ciencias naturais*. A razón da inclusión de *bronquiolo* nos dicionarios normativos seguramente é consecuencia de que así é como figura no *VOLG*, aínda que ao lado doutro termo anatómico de semellante importancia e correctamente adaptado, como é *arteríola*. Tamén sorprende que, figurando *arteríola* (‘arteria de moi pequeno calibre’), non figure o seu homólogo *vénula* (‘vea de moi pequeno calibre’). ¿A que se deben estes cambios de criterio? ¿Quizais a que os pneumólogos se negan a usar *bronquíolo*, mentres que os especialistas no aparello circulatorio non protestan por nada, nin por ter que dicir *arteríola* en vez de *arteriola*, que é o que usan, e tampouco porque non veña no *VOLG vénula*, que si usan, porque en castelán tamén se di así?

Un caso semellante témolo no nome das cavidades existentes no citoplasma celular que, aínda que cheas de líquido, os microscopistas que as descubriron crían que estaban baleiras e, por iso, bautizáronas en latín científico como *vacuolus*, diminutivo do latín clásico *vacuus* ‘baleiro’. O acusativo será *vacuolum* e, polo tanto, en galego debe dar *vacúolo*, masculino, como en portugués, en italiano (*vacuolo*) ou en catalán (*vacúol*). Pero como o castelán adaptou *vacuola*, feminino e mal acentuado, seguramente directamente do francés *vacuole*, feminino, vemos en Galaxia, *vacuola*, á castelá, e no *Xerais da lingua* (1ª edición, de 1986), *vacuolo* á portuguesa, pero co acento cambiado. Obradoiro / Santillana non rexistra o termo, e no *Vocabulario das ciencias naturais* temos un auténtico cúmulo de variantes: no capítulo de bioloxía fundamental, dá como equivalente á castelá *vacuola* a forma galega *vacúola*, co acento correcto e o xénero equivocado, pero no listado galego-castelán do mesmo capítulo vemos, en galego, *vacuola*, como en castelán; no capítulo de botánica a *vacuola* castelá transformouse no *vacuolo* galego; de consultarmos o vocabulario castelán-galego, porque se miramos o galego-castelán veremos *vacúolo*; só aparece correctamente *vacúolo*, en ambas as seccións, no capítulo de zooloxía. En obras máis recentes,

como a 4ª edición do *Xerais da lingua* (1993), no *Cumio* (1999) ou no *Gran Xerais* (2000), aparece en todas o correcto *vacúolo*. ¿Por que este cambio? Sen dúbida porque en data indeterminada entrou así no misterioso *VOLG*.

Outro exemplo de termo adaptado dun latinismo científico neutro rematado en *-um*, que debe dar en galego un masculino acabado en *-o*, témolo en *cecidio*, do latín científico *cecidium*, tirado do grego *κηκίς, κηκίδος* ‘bugalla’. Os dicionarios de Ir Indo, de Obradoiro / Santillana e da Real Academia non rexistran esta voz. Pero o de Galaxia, o *Xerais da lingua*, o *Cumio* e o *Gran Xerais* recollen *cecidia*, que é a forma castelá. ¿Por que? Sen dúbida porque esta é a forma (mal) consagrada no *VOLG*.

Podería, se tivese tempo, poñer moitos exemplos máis, pero aínda quedan puntos por tratar. Ademais, este último (e tamén o de *bronquiolo*) dáme paso para o cuarto capítulo.

4. DISCREPANCIAS COA AUTORIDADE DA LINGUA

No idioma galego a institución encargada de sancionar a norma culta é, por lei, a Real Academia Galega. Pero o *Diccionario da lingua galega* desta douta institución ten aínda poucas voces (unhas 24.000) e, como vimos, entre elas non abundan as referidas aos campos das ciencias e das técnicas. Como facer un dicionario, e máis un prescriptivo, non é tarefa doada (que mo digan a min, que estou traballando nun –non prescriptivo– de ciencias da natureza e da saúde desde 1993 e aínda ando polos inicios da letra “G”) han pasar algúns anos ata que poidamos dispoñer do ansiado *Gran diccionario da Real Academia Galega*. Por iso, como comentou a semana pasada o profesor Santamarina, hai xa varios anos que no ILG el, e mais o profesor González, comezaron o aínda inacabado labor de construír o *VOLG*, e que o dito vocabulario foi amplamente utilizado polos *fabricantes* (esa foi a palabra que empregou) de dicionarios.

De xeito que, a falta dun amplo dicionario da Academia, o *VOLG* veu converterse nunha especie de *Biblia* do galego normativo, seguramente sen que esa fose a única intención dos seus directores, que deron proba de gran flexibilidade. Pero os seus exexetas (ou *eséxetas*, como recomenda o propio *VOLG*), que algunhas veces adoitan ser máis papistas có Papa, utilizan argumentos tan peregrinos para rexeitar o uso dunha palabra como dicir, simplemente, que a dita voz non está recollida no *VOLG*. É o que ocorre, por exemplo, co termo *achacable*, que o *Diccionario de dúbidas da lingua galega*, de Galaxia, rexeita –seguramente ben rexeitado– pero dando, como única explicación, “é forma non rexistrada no *VOLG*”. Coma se neste repertorio figura sen absolutamente *todas* as palabras correctas en galego (ademais dalgunhas

consideradas incorrectas e oportunamente marcadas con asterisco), e sen darse de conta de que este vocabulario vai crescendo en número de voces ano a ano, polo que algunhas palabras poden pasar, de usarmos ese criterio, de seren “incorrectas” a convertérense en “correctas” simplemente se deixamos pasar un pouco de tempo. E daquela, ás veces pasa o que pasou co tecnicismo *urina*, rexeitado polo antedito dicionario, a pesar de que figura no *normativo* da mesma editorial, porque se trata “dun lusismo sen fundamento ningún no galego”; tamén condena *orina* porque “é palabra castelá derivada do lat. URINA (utilizado dentro da terminoloxía médica)”. En ambos os casos recomenda “reasumi-la forma con evolución patrimonial *ouriños* (*s.m.pl.*), que é a denominación tradicional viva aínda nalgunhas zonas de Galicia”. Daquela, zen galego non podemos ter termos cultos para utilizar na “terminoloxía médica”? En castelán, ao lado de *orines*, voz popular equivalente a *ouriños*, temos *orina*; en francés, ademais da forma vulgar *pisse*, e a familiar *pipi*, teñen a culta *urine*; en portugués, xunto cos populares *mijo*, *mijinha* e *mijoca*, contan co culto *urina*, e en italiano, por riba do vulgar *piscio*, dispoñen dos cultos *urina* e –menos recomendado– *orina*. ¿Por que vou ter eu que ir facer unha “análise de ouriños”? ¿Podemos falar de alguén que teña “retención de mexo”? ¿Ou doutro que sufra “infección de pis”? E agora resulta que o *VOLG*, e mais o *DRAG*, inclúen a voz *urina*. ¿Para iso pasaron tantos esforzos en condenala os autores do de dúbidas de Galaxia?

Neste apartado, dada a dupla autoridade (Real Academia, por un lado, e Instituto da Lingua, vía *VOLG*, polo outro), temos que facer unha distinción: entre os termos consagrados polo *DRAG*, que son oficiais, e os prescritos polo *VOLG*, que son oficiosos mentres non pasen para o dicionario académico. De entre os primeiros destacaría as voces *bacteria*, *batracio*, *electrodo*, *gameto*, *osóxeno* e *esóxeno*. Dos segundos elixiría o xa comentado *bronquiol*, *mitocondria*, o rexeitamento de *seiva* e *selacios*.

O caso de *bacteria* é moi ilustrativo. Trátase dun calco do castelán e, neste idioma, do francés *bactérie*, feminino, non concordante coa etimoloxía. Porque este termo deriva do latín científico *bacterium*, neoloxismo tirado do grego βακτηρίον ‘bastonete’, diminutivo de βᾶκτρον ‘bastón’. E por iso en inglés, que non adapta os latinismos, úsase, en singular, *bacterium*, e en plural, como corresponde, *bacteria*. Polo tanto, un neutro latino rematado en *-um* debe dar en galego un masculino acabado en *-o*, isto é, *bacterio*. Como masculino é o termo en italiano (*batterio* ou, menos recomendado, *bacterio*) e en catalán (*bacteri*). Non sei por qué razón mudou en francés o primitivo *bacterium*, masculino, introducido así en 1838, polo un pouco máis moderno (1842) e feminino *bactérie*. O que si sei é que a Real Academia Española, tratando de xustificar o inxustificable, falsifica a etimoloxía desta voz, que fai derivar do grego βακτηρία ‘báculo’.

En *batracio* a forma correcta, etimoloxicamente falando, sería *batraquiuo*. Porque procede do grego βάτραχος ‘ra’, a través do latín científico plural *Batrachia* ‘os batraquios’. Convén recordar que o khi grego translitérase en latín como *ch*, con pronuncia [k]. Sen embargo, quizais haxa algunha razón para quebrantar aquí a regra, que só seguen o inglés (*batrachian*) e o portugués (*batráquiuo*). En castelán é *batracio*; en catalán, *batraci*; en francés, *batracien* e en italiano pódese escoller entre *batraci* (pronunciado *bàtraci*, preferentemente, pero tamén *batràci*), *batracio* (grave) e *batraco* (esdrúxulo). Tendo en conta o dito anteriormente para o inglés, o máis probable é que estes idiomas que non cumpren a regra se “inspiraran” no francés.

Electrodo é un claro exemplo de vacilación á hora de aplicar a regra da acentuación. Este é un termo introducido no inglés, en 1834, como *electrode*, derivado da raíz *electr-*, de *electricidade*, e do segundo compoñente *-odo*, tirado do grego ὁδός ‘camiño, vía’ (transliterado en latín como *hodós*). Como o primeiro *o* de *hodós* (tamén o segundo) é un ómicron, que é breve, o acento debe recaer na sílaba anterior, como o fai noutros termos formados co mesmo segundo compoñente, por exemplo en *ánodo* (do grego ἀνά ‘cara arriba’ + ὁδός) ou en *cátodo* (do grego κατά ‘cara abaixo’ + ὁδός) que, o que son as cousas, veñen correctamente recollidos no *DRAG*. E se miramos os idiomas do noso contorno, polo aquel da universalidade da linguaxe científica, veremos en portugués *eléctrodo*, en catalán *elèctrode* e en italiano *elettrodo*. Incluso para o castelán a Real Academia Española recomenda *eléctrodo* sobre *electrodo*.

En *gameto* temos dúas faltas á regra da adaptación. O termo deriva do grego γαμέτης ‘esposo’. E quizais conveña recordar que todos os cultismos tirados de voces gregas rematadas en *-tes* (cando o *e* corresponde a un eta), pasan para o galego (e para as outras linguas romances, agás ás veces para o castelán) a través de formas latinas acabadas en *-ta*, terminación que se conserva en galego, aínda que sexan todas elas voces masculinas (ou dos dous xéneros). Por exemplo:

Étimo grego	Transl. latina	Latín	Galego
ἀθλητής	athletés	athlĕta	atleta
αἰσθητής	esthetés	esthĕta	esteta
ἐξηγητής	exegetés	exegĕta	exexeta (ou eséxeta)
κομήτης	cométes	comĕta	cometa
πλανήτης	planétes	planĕta	planeta
θεραπευτής	therapeutés	therapĕuta	terapeuta

Por outra parte, ao ser en γαμέτης breve a vocal da penúltima sílaba (é un épsilon), en latín científico debe dar *gamĕta* e en galego, polo tanto, *gámeta*,

esdrúxulo e rematado en *-a*, como o é en portugués (*gâmeta*) e en catalán (*gâmeta*), idiomas máis coidados có castelán á hora de adaptar cultismos.

Sobre o *osíxeno* xa teño protestado moito. Pero insisto. Unha simple recomendación das *NOMIG* (§ 7.7, pp. 46-47) sobre as excepcións á norma do mantemento do grupo culto [ks] (grafía *x*) acabou converténdose nun artigo de fe, e todo o mundo escribe *osíxeno* (que é ademais a forma incluída no *VOLG*), aínda os que pronuncian “oksíxeno”. Chócame algo esta “recomendación” sobre todo tendo en conta que, para xustificar o mantemento do grupo [ks] di a *norma*, entre outras cousas, que non se debe romper a coherencia nunha mesma familia léxica, como no caso, por exemplo, de *galaxia* / *galáctico* ou *profilaxe* / *profiláctico* (que son dúas familias que só teñen dous membros). Pois miren o que rompemos na familia do *osíxeno*: temos, entre outros, *antioxidante*, *desoxidar*, *dióxido*, *inoxidable*, *monóxido*, *oxiacetilénico*, *oxiácido*, *oxibiose*, *oxibiótico*, *oxicorte*, *oxidable*, *oxidación*, *oxidar*, *óxido*, *oxidorredución*, *oxihemoglobina*, *oxisal*, *peróxido*, *peroxo*, *peroxisal*, *protóxido*, *sesquióxido*, etc., fronte a *osixenable*, *osixenación*, *osixenar* e *osixenoterapia*.

O caso de *esóxeno* é semellante, pero aínda peor. Porque na devandita *norma*, outra das razóns aducidas para manter o [ks] etimolóxico, aínda que “poida haber algúns casos de lectura equívoca”, é que “na maioría das palabras nas que aparece *x* co valor [ks] se trata de elementos ben coñecidos: *ex-*, *exo-*, *extra-*, *taxi-*, *xeno-*, *xilo-*”. Daquela, ¿en que quedamos? ¿É ou non é o elemento *exo-* suficientemente coñecido? Aínda por riba remata a *norma* insistindo: “noutros casos a grafía pode levar a unha dobre lectura” (supoño que se referirán, por exemplo, a [oššeno]) “sen que, por outra parte, isto afecte á identificación e ó significado da palabra”. Creo que sobran máis comentarios.

E imos cos exemplos tirados do *VOLG*. Saltando o xa comentado *bronquiolo*, que debe ser *bronquíolo*, pasamos a *mitocondria*. Aquí temos un caso semellante ao de *bacteria*. O termo, tal como vén recollido no vocabulario ortográfico, é un calco do castelán *mitocondria*, e este do francés *mitochondrie*, feminino. ¿E de onde o sacou o francés? Pois, segundo o Robert, entrou nesta lingua en 1898 como *mitochondria* (non di cando cambiou para o actual). Este *mitochondria* é o plural neutro do inglés (e do latín científico) *mitochondrion*, tirado do grego μίτρος ‘urdimento’ e χόνδρος ‘partícula redonda, gran’. Polo tanto en galego debe dar *mitocondrio*, masculino, como é masculino en italiano (*mitocondrio*) e en catalán (*mitocondri*). En portugués debeu de pasar algo semellante ao que ocorreu co castelán, de xeito que din *mitocôndria*.

A pesar da tradición literaria que, en galego, ten a voz *seiva* ou as súas variantes *seiba*, *saiba* ou *saiva*, co significado de ‘líquido nutritivo das plan-

tas' e, sobre todo, no figurado de 'forza vivificadora', e a pesar de que na primeira das formas citadas, e con esas dúas acepcións, figura nos dicionarios de don Eladio e mais no de Carré e, dentro dos modernos e "normativos" no de Ir Indo e no *Xerais da lingua* (1ª edición), neste último na forma *saiba*, que segundo parece é máis concordante coa suposta etimoloxía (seica deriva do latín *sapea*, e este de *sapa* 'viño ou mosto cocido'), así como no *normativo* de Galaxia, que rexeita *saiva* como incorrecto, remitindo para *saiba*; igualmente o de *dúbidas* da mesma editorial recomenda usar *saiba* no lugar de *saiva*, por razóns etimolóxicas, aconsellando ademais evitar a variante con ditongo palatalizado *seiva*, "de certo uso literario" (abundante, diría eu); de todos os xeitos remata suxerindo, dado que ningunha destas formas está no *VOLG* (outra vez *con la iglesia hemos topado, amigo Sancho*), utilizar como sinónimos a forma *zume* na acepción de 'líquido que circula polos vasos de certos vexetais' e *enerxía* ou *alento* no senso de 'elemento vivificador ou renovador'. En realidade, de todas as formas citadas si que hai unha recollida no *VOLG*, que é *seiva*, pero para rexeitala expresamente con asterisco, recomendando a "correcta" *zume*.

Non me explico a teima que teñen no *VOLG* contra esta voz. Desde logo, non imaxino a ningún profesor de bioloxía ou de botánica falándolle aos seus alumnos do *zume bruto* e o *zume elaborado*, nin tampouco vería normal ler nas páxinas deportivas do *Correo Galego* que a ficha de Valerón veu dar un novo *zume* ao Dépor. Non debo de ser eu o único caprichoso, porque o *Vocabulario das ciencias naturais* admite *saiba* como tradución do castelán *savia*. Se os botánicos franceses usan (seica desde 1265) a palabra *sève* e, desde un pouco máis tarde, os ingleses *sap*, os casteláns *savia*, os portugueses *seiva* e os cataláns *saba* (os italianos din *linfa*) para referirse ao 'líquido nutritivo que circula polos vasos conductores dos vexetais', ¿por que os galegos deben deixar de utilizar *saiba* e teñen que pasar a dicir *zume*?

Finalmente, ao termo *selacios* (s.m.pl.) débesele dar un tratamento semellante ao do xa comentado *batracio*. *Selacios* é un grupo de peixes cartilaxinosos que comprende a maioría das súas especies, as *raias* e os *tiburóns* (¿ou teremos que seguir dicindo *quenllas*, como ordenan o *VOLG* e mais o *DRAG*?).

E como en *batracio*, tamén temos vacilacións nos dicionarios. O *Xerais da lingua* inclínase por *selacio*, aínda que na entrada *raia* lemos que é o 'nome xenérico duns peixes *selaquios*' (que corrixe para *selacios* na 4ª edición, seguro porque no *VOLG* esta é a forma rexistrada). O de Galaxia só dá entrada a *seláceo*, á castelá, o que non obsta para que, na definición de *raia*, asegure que esta é un '*selaquio* de la familia de los *raíídeos*'. (Entre parénteses cómpre dicir que nin *selaquio* nin *raíídeos* son palabras do idioma castelán, no que veñen redactadas as definicións do Galaxia).

Os dicionarios de Ir Indo e de Obradoiro / Santillana non inclúen esta voz, aínda que si *batraquío* e *batracio*, respectivamente. O “non normativo” de Alonso Estravís inclúe *seláquío*, á portuguesa, admitindo tamén a forma castelá *seláceo* (pero non *batracio* ao lado de *batráquío*). Finalmente, no *DRAG* non se recolle *selacio*, nin *seláceo*, nin *selaquío*, pero no *VOLG* figura, como dixen, *selacios*.

Os idiomas do noso contorno dan a este termo o mesmo tratamento que a *batracio* / *batraquío*: francés *sélacien*, castelán *seláceo* (forma esta un pouco rara), italiano *selaci*; como en *batraquío*, só portugués e inglés seguen a regra etimolóxica: *seláquío* e *selachian*, respectivamente. Porque esta voz parece que deriva dun grego *σελάχιον*, que seica era o nome dun certo peixe cartilaxinoso, tal vez derivado de *σέλαχος* ‘brillante’, aínda que do que non hai dúbida ningunha é de que en latín científico é *Selachii*. Consecuentemente, e de non haber razóns de tipo histórico que aconsellen outra cousa, debemos dicir en galego *selaquios*.

5. ERROS NAS DEFINICIÓNS

Este Simposio é sobre “léxico e estandarización en Galicia”, e polo tanto só deberíamos tratar dos termos que é preciso incluír no galego estándar, pero ao ser o título do meu relatorio “O tratamento do léxico científico e tecnolóxico nos dicionarios galegos”, sería un *pecado* que non me referise, aínda que sexa só por riba, ás definicións que deste tipo de voces nos dan os dicionarios galegos. Que non son, en xeral, demasiado adecuadas. Os que teñan curiosidade polo asunto poden consultar, aínda que sexa inmodestia dicilo, os capítulos 6 a 9 do meu libro *Problemas do léxico científico*. Hoxe voume limitar a dar uns poucos exemplos de cada un dos tipos de erros ou deficiencias que se poden observar:

5.1. Definicións extravagantes (ou surrealistas)

Quizais un dos exemplos máis paradigmáticos sexa a definición de *quilográmetro* en Galaxia: ‘kilográmetro, unidad de traballo mecánico capaz de levantar un kilogramo de peso a un metro de altura en un segundo’. Cómpre dicir, á parte de que o que é capaz de levantar un peso de un quilogramo sería o *traballo*, non a *unidade*, que a definición de Galaxia sería, en todo caso, a de *quilográmetro por segundo*, que non é unha unidade de *traballo*, senón de *potencia*; o mesmo dicionario recoñece que a *potencia* é o ‘traballo producido en (la) unidade de tempo’. Claro que o que ocorre é que en

Galaxia non teñen tampouco moi claro o significado da magnitude *traballo mecánico*, xa que a definen como ‘trabajo, valor físico equivalente al producto de la fuerza por el camino recorrido y por el coseno formado entre la fuerza y su punto de aplicación’ (outra definición surrealista). Deixando de lado o de ‘valor físico’, que non sei o que será, a forza non forma un coseno, senón un ángulo, e non co punto de aplicación, senón coa dirección do movemento do corpo ao que se lle aplica a forza. Unha definición, máis ou menos correcta, de *traballo mecánico* podería ser algo así como: ‘producto da forza que, aplicada sobre un corpo, fai mover a este, polo camiño percorrido polo corpo e polo coseno do ángulo formado pola dirección da forza coa dirección do movemento do corpo’. En canto á de *quilogrametro*, valería ‘unidade de traballo do sistema técnico de unidades, que equivale ao que realiza unha forza de un quilogramo cando se despraza un metro’.

Tamén é bastante surrealista a definición que de *macrófago* fai Galaxia: ‘macrófago, cierta variedad de célula que atrae los cuerpos extraños de digestión difícil’. O termo *macrófago* ten dous significados. Por un lado, o máis corrente, e como substantivo, refírese ao nome que se lle dá a certas células do sistema retículoendotelial (monócitos e histiócitos) que teñen a propiedade de fagocitar partículas de gran tamaño (como bacterios). Na bibliografía consultada non achei información sobre a dixestibilidade dos bacterios. Por outro lado, e menos frecuentemente, úsase como adxectivo (que tamén pode utilizarse como substantivo) para cualificar aos animais que se alimentan de presas moi grandes en relación ao tamaño do depredador, como poden ser o león ou a donicela.

5.2. Definicións falsas

Podemos incluír aquí a xa comentada de *día* de Galaxia: ‘día, espacio de tiempo que tarda el sol en dar una vuelta completa alrededor de la Tierra’. Ou a de *ciclóstomo*, así mesmo de Galaxia: ‘ciclóstomo, dícese de los peces de organización primitiva de aletas pares, mandíbulas y escamas’ na que o seu redactor, ao esquecer cando a pasou a limpo a expresión *que carecen*, que debía estar situada entre “primitiva” e “de aletas”, resulta que define aos ciclóstomos xusto ao revés do que son. Os ciclóstomos (as *lampreas*, para entendernos), son os vertebrados máis primitivos, que se caracterizan pola súa boca circular (de aí o nome), desprovista de mandíbulas (por iso tamén se chaman *ágnatos*), e polo seu corpo anguilliforme, *sen aletas pares*, e coa pel espida, *sen escamas*.

No dicionario da RAG-ILGA, do ano 90, dicíase –xa corrixiron no DRAG– que unha *gavota* era unha ‘ave de plumas brancas e grises, ás lon-

gas e dedos en forma de palma'. Desde logo que os dedos (dos pés) das *gaivotas* ou *gavotas* teñen forma de dedo, aínda que os tres dirixidos cara a adiante estean unidos por unha membrana natatoria, o que lle dá ao pé un aspecto de palma.

Pero no *DRAG* veñen outras como a de *aluminio* 'elemento químico de cor prateada, brillante, inoxidable e lixeiro, que se pode descompoñer en láminas moi finas (...)' que é absolutamente falsa. O aluminio *non é inoxidable*; máis ben é un dos metais máis fáciles de oxidar; o que ocorre é que a capa de óxido que se forma na súa superficie é continua, de xeito que non deixa entrar ao aire, co que non se oxida en toda a súa masa, como ocorre co ferro, por exemplo. Por outra parte, ao tratarse dun *elemento*, non se pode *descompor*; en todo caso podemos dicir que é fácil de *dividir* en láminas moi finas (e tamén estirar en arames moi finos).

Tamén do *DRAG* é esta de *ámbar gris*: '1. Substancia perfumada que se atopa no intestino dos cachalotes. 2. Perfume extraído a partir desa substancia'. Non sei o que entenderán no *DRAG* por *perfumado*, pero o certo é que o *ámbar gris*, ou *ámbar cincento*, ten un cheiro nauseabundo; e cando se usaba (agora xa non se usa, porque está prohibida a caza do cachalote), usábase como *fixador* de perfumes, pero non, desde logo, como *perfume*.

A definición de *univalvo*, na 1ª edición do *Xerais*, era: 'dise dos moluscos que teñen unha soa cuncha', definición na que semella que os dicionaristas esqueceron que a palabra univalvo é un termo composto polo prefixo *uni-*, que quere dicir 'un, unha', e *valva*, polo que o normal é que signifique 'que ten só unha valva'. Os moluscos que teñen cuncha, só teñen unha, que pode estar constituída por unha ou máis pezas denominadas *valvas*. Tamén esqueceron iso os de *Xerais*, xa que definen correctamente *valva* como 'cada unha das pezas que forman a cuncha dalgúns moluscos'. Menos mal que, na 4ª edición, modificaron correctamente a definición de *univalvo*.

O que non modificaron foi a definición de *chupóptero*, adxectivo que se aplica, segundo eles, aos 'animais que se alimentan chupando doutros animais ou dos vexetais e, en sentido figurado, á 'persoa que vive á conta das demais'. Non sei de onde sacarían os dicionaristas de *Xerais* tal definición que, ademais de falsa, tamén poderíamos considerar como surrealista. Porque os animais (especialmente os insectos) que se alimentan chupando líquidos doutros animais, ou de vexetais, non se cualifican como *chupópteros*, senón simplemente como *chupadores*. *Chupóptero* é unha voz de creación popular (basta con fixarse na etimoloxía híbrida que dá *Xerais*: *chupar* + gr. *ptero* = á: ¿ás que chupan?) que se utiliza ironicamente (sobre todo por certo comentarista deportivo da radio madrileña, asturiano e pequeneiro el) e que está formada co verbo *chupar* (no sentido de 'chupar do bote'), e o sufixo *-ptero*, derivado do grego *πτερόν* 'á', usado en zooloxía para formar os no-

mes de moitas ordes de insectos (*afanípteros*, *coleópteros*, *dípteros*, *bemípteros*, *bimenópteros*, *lepidópteros*, *ortópteros*, etc.), e que se aplica á persoa que, sen prestar servizos efectivos, dispón de un ou máis soldos.

5.3. Definicións perfectas, pero inútiles

Algúns dicionaristas galegos gastan moito papel en ofrecer definicións perfectas, pero que son perfectamente inútiles. Só vou dar dous exemplos, ambos do *Cumio*. A de *urina*: 'líquido resultante da depuración do sangue que realizan os riles, que se almacena na vexiga e logo se expulsa pola uretra'. Definición correcta, pero que vale para ben pouco (polo menos para os dicionaristas do *Cumio*), porque nas definicións doutros termos cultos onde debería figurar esta voz, temos: *urea* 'composto orgánico presente no sangue, que se elimina principalmente polos ouriños'; *uréter* 'calquera dos conductos polos que pasan os ouriños desde os riles ata a vexiga'; *uretra* 'conducto por onde se expelen os ouriños desde a vexiga ata o exterior'; *ácido úrico* 'substancia que se atopa no sangue; elimínase polos ouriños e a súa retención orixina trastornos físicos'; *urinario* 'pertencente ou relativo ós ouriños ou ós órganos relacionados con estes'. ¿Para que queren os dicionaristas do *Cumio* a voz *urina*? Neste sentido, é moito máis coherente o *Gran Xerais*.

A segunda é a de *antipartícula*: 'Partícula elemental de igual masa, *spin* e vida media ca outra partícula, agora que de carga, momento magnético e número bariónico ou leptónico de igual valor absoluto pero de signo contrario'. Perfecta. O malo é que un experto en física non a vai consultar. E un que non o sexa, está aviado. Porque resulta que nin *spin*, nin *bariónico*, nin *leptónico*, nin *momento magnético* figuran como entradas no *Cumio*. ¡Ai, aquel vello principio lexicográfico de que as palabras usadas nas definicións dun dicionario debían estar, á súa vez, definidas nel!

5.4. Definicións redundantes

A redundancia é un chamémoslle "recurso retórico" que tivo certo uso, e abuso, na época barroca e, máis tarde, entre algúns (malos) escritores románticos. Pero hoxe en día, e sobre todo nos dicionarios, sobra. Sen embargo, algúns dicionaristas galegos non se privan de usar abundantemente esta figura. Vexan só uns poucos exemplos:

araña (en Galaxia): Araña, nome aplicado a distintas especies de arácnidos con oito patas (...).

¿Que nome reservará Galaxia para os arácnidos con máis (ou con menos) patas? Porque o propio diccionario define *arácnido* como ‘arácnido, dícese de los artrópodos sin antenas, de respiración aérea, con cuatro pares de patas y la cabeza unida al tórax’.

árbore (en Galaxia): Árbol, planta de tronco leñoso que se ramifica a cierta distancia del suelo.

¿Onde verían os de Galaxia un *tronco herbáceo*? Eles mesmos definen *tronco* como ‘tronco, tallo leñoso de los árboles y arbustos’.

cobra (en *Xerais*): Reptil ofidio sen pés (...).

Non sei se os de *Xerais* coñecerán algún ofidio con pés. Eles mesmos definen os *ofidios* como ‘reptís de corpo cilíndrico e sen extremidades’. Na 4ª edición cambiaron o antigo *reptil* polo moderno *réptil*, pero seguen co *ofidio sen pés*.

hipopótamo (en Galaxia): *Hippopotamus amphibius*, hipopótamo, mamífero paquidermo de piel muy gruesa, patas y cola cortas y cabeza muy grande.

Menos mal que, ademais de ‘paquidermo de piel muy gruesa’, non é ‘macrocéfalo de cabeza moi grande’, ‘parvípede de patas curtas’ nin ‘braquiúro de rabo pequeno’.

lavanco (de *Xerais*): Parrulo bravo acuático (...).

¿Haberá *parrulos* terrestres? ¿Quizais o *pato* sexa un ‘parrulo doméstico terrestre’?

monógamo (de *Xerais*): Aplícase ós animais que viven formando parella de macho e femia.

Ten moita razón *Xerais*. Porque aos animais que viven formando parella de macho e macho podería aplicárselle outro adxectivo que tamén empeza por *m*, pero que non vou dicir aquí. ¿Ou é que *Xerais* insinúa que hai animais, como o león ou o galo, por exemplo, que viven en *parellas* formadas por un macho e varias femias?

melanoma (de Galaxia) Melanoma, tumor melánico de color oscuro cuyas células contienen depósito de pigmento melánico.

Definición que tamén collería no subapartado de surrealistas. Porque tendo en conta que *melánico*, segundo informa (ben) Galaxia, quere dicir ‘de color negro’, o raro sería que o *melanoma* fose un tumor *melánico*, con células con depósito de pigmento *melánico*, de “color claro”. Co sinxelo que sería dicir que *melanoma* é o ‘nome xenérico que se aplica aos tumores formados por células que teñen melanina’; sobre todo tendo en conta que Galaxia define ben *melanina*.

xiringa (de *Xerais*): Instrumento formado por un tubo oco de cristal dentro do que se move outro tubo en forma de émbolo que se emprega para absorver (*sic*) un líquido, xeralmente medicinal, e despois expulsalo ou inoculalo a presión.

Pois mira que se os tubos non fosen ocos, a ver qué practicante era quen de poñer unha inxección. Fóra da redundancia, cómpre dicir, primeiro, que o tubo da xiringa tamén pode ser de plástico (actualmente adoitan ser deste material); segundo, que o que se move dentro do tubo non é “outro tubo en forma de émbolo”, senón un émbolo (que pode ser un tubo ou ter outra forma) e terceiro, que “absorver” vén do latín *absorbere*, polo que debe escribirse con dous bes. Na 4ª edición, corrixida e actualizada, *Xerais* cambiou o *v* de *absorver*, pero o demais deixou como estaba.

6. CONSECUENCIAS

A principal consecuencia de todas estas eivas, á parte da vergonza allea que a un lle produce moitas veces consultar os dicionarios galegos, é que estes están a contribuír á construción do que eu chamei o *castrapo científico*, como se non abundase co da lingua común. Os textos científicos galegos, especialmente os libros de texto e outros materiais que teñen que usar os nosos estudantes de primaria e secundaria, están, como non podería ser doutra maneira, cheos de vacilacións, hiperenxebrismos e, sobre todo, castellanismos, que ás veces chegan a constituír auténticos disparates. E convén non esquecer que o (pouco) que os rapaces aprenden na escola quedalles gravado na memoria na forma na que o viron escrito por primeira vez.

Como exemplos de vacilacións, valen todas as que xa levo comentadas hoxe, ás que lle podemos engadir, por exemplo, a ampla familia de termos construídos co segundo elemento *-fito*, derivado do grego *φυτόν* ‘vexetal’, como:

Termos casteláns	Termos galegos
antofitas	antófitos
bacilariofitas	bacilariófitos
briofitas	briófitos
cormofitas	cormófitos
espermatofitas	espermatófitos
talofitas	talófitos
etc.	etc.

Ou a de voces compostas nas que o segundo compoñente é *-cito*, tirado do grego κύτος ‘cavidade’, usado aquí co significado de ‘célula’:

Termos casteláns	Termos galegos
leucocito	leucócito
eritrocito	eritrócito
linfocito	linfócito
mastocito	mastócito
trombocito	trombócito
etc.	etc.

Como exemplo de barbaridade por calco do castelán podemos poñer o termo *chisqueiro de Bunsen*, *isqueiro de Bunsen*, *mecheiro de Bunsen* ou ata *quisqueiro de Bunsen* para designar un aparello que non é senón un *quemador de Bunsen*, usado nos laboratorios precisamente para *queimar* gas, non para prendelo.

E de hiperenxebriismo podo citar *erlenmeier* (con *i* latino), por “[frasco ou matraz] de *Erlenmeyer*” que, na linguaxe dos científicos, se simplifica a *erlenmeyer*, no que lle cambian o apelido a Herr Erlenmeyer, famoso químico alemán do século XIX.

7. POSIBLES SOLUCIÓNS

Para tratar de poñer algo de orde en todos estes despropósitos vou expoñer, brevisamente xa, o que penso eu que se podería facer. Algunhas das miñas suxestións creo que serán fáciles de realizar; outras, non tanto. Vou dividir este punto da “orde do día” en dous apartados, rogos e preguntas, como cómpre a toda orde do día *comme il faut*.

Os rogos son para os “fabricantes” do *VOLG*. ¿Non poderían mandar a algún dos bolseiros que traballan nel que gastasen uns poucos días en revisar as contradicións que implican a inclusión de voces como *arteriöla*, *agluti-*

nante, mesozoico, neozoico, etc., e a ausencia de *vénula, aglomerante, agnostozoico, paleozoico, etc.*?

¿Non poderían os seus directores, dando unha vez máis proba da súa flexibilidade, admitir as formas concordantes coa etimoloxía e coas regras de adaptación de cultismos, ao lado das que xa están máis ou menos consagradas, pero que non cumpren estes requisitos? Ao cabo, xa admiten *glucosa / glicosa, glúcido / glícido, etc.*

A mesma Real Academia Española que, sen dúbida, ten moita máis inercia á hora de corrixir o equivocado cá que teñen os autores do *VOLG*, admite, por exemplo, ao lado da incorrecta *anémona*, a menos incorrecta *anemona* e a correctísima *anemone*. Ou canda *parásito*, autoriza *parasito*. Ou mesmo recomenda o uso do correcto *eléctrodo* sobre o incorrecto *electrodo*. Así, poderíamos ter parellas como *anémona / anemone, bacteria / bacterio, biotipo / biótipo, electrodo / eléctrodo, eritrocito / eritrócito, esóxeno / exóxeno, gameto / gámeta, leucocito / leucócito, mitocondria / mitocondrio, osíxeno / oxíxeno, prototipo / protótipo, etc.*

E xa, abusando un pouco do rogo, nos casos nos que non haxa poderosas razóns de uso e nos que o erro sexa evidente, ¿non poderían eliminar a forma incorrecta e substituíla pola correcta, como fixeron con *médula e rumiante*?

As preguntas son para todas as institucións, tanto públicas coma privadas, relacionadas coa lingua e coa cultura galegas e son, desde logo, de non tan doada realización porque exixen (ou esixen) diñeiro e vontade política e, se o primeiro sempre escasea, a segunda, case sempre.

¿Non podería haber unha maior coordinación da que xa hai entre as diferentes entidades que se dedican ás cuestións terminolóxicas, como o Seminario de Lexicografía da Real Academia, o ILG, o Termigal, os Servicios de Normalización Lingüística das universidades, TVG, as Deputacións provinciais, etc.?

¿Non podería a Xunta de Galicia, a Fundación Barrié, Caixa Galicia, Caixanova, ou quen fose, ou todas elas, subvencionar xenerosamente a creación de equipos interdisciplinarios que colaborasen cos lexicógrafos do Instituto da Lingua e cos da Real Academia para, por un lado, fixar a forma correcta dos tecnicismos e, por outra, redactar correctamente as súas definicións para a súa inclusión na próxima ou próximas edicións do *DRAG*? Por poñer un exemplo próximo, no *Diccionari de la llengua catalana* do Institut d' Estudis Catalans figuren, se non contei mal, 195 colaboradores dos distintos ramos do saber, dos que 70 son especialistas de diferentes campos das ciencias e as técnicas.

Coido que xa abusei abondo da súa paciencia, así que remato. Moitas gracias pola súa atención. Se alguén quere facer algunha pregunta, con sumo gusto, se son capaz, lla contestarei.

BIBLIOGRAFÍA

- Almeida Costa, J. / A. Sampaio e Melo (1988⁸): *Dicionário da língua portuguesa*. Porto: Porto Editora.
- Alonso Estravís, I. (1986): *Dicionário da língua galega*. 3 vols. Madrid: Alhena.
- Ares Vázquez, M. C. / X. M. Carballeira Anllo / P. Iglesias Sierra / X. M. Lema Suárez / R. López Fernández (1986): *Diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais, 1993⁴.
- Brañas Pérez, P. / M. A. Fernández Domínguez / M. P. Jiménez Alexandre / A. Sanjuan (1991): *Vocabulario das ciencias naturais*. Santiago: Xunta de Galicia.
- Carballeira Anllo, X. M. / C. Ares Vázquez / C. Hermida Gulías / P. Iglesias Sierra / X. M. Lema Suárez / R. López Fernández (2000): *Gran diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.
- Carré Alvarellos, L. (1972⁴): *Diccionario galego-castelán*. A Coruña: Moret.
- Daviña Facal, L. (1991): “Necesidade (urxente) dun léxico científico (I)”, *A Trabe de Ouro* 7, 97-107.
- Daviña Facal, L. (1991): “Necesidade (urxente) dun léxico científico (II)”, *A Trabe de Ouro* 8, 115-124.
- Daviña Facal, L. (1993): *Problemas do léxico científico*. Santiago: Edición do autor coa colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Daviña Facal, L. (2001): “O problema da adaptación ó galego de cultismos científicos de orixe grega e latina”, *Viceversa. Revista galega de tradución* 6, 113-129.
- Feixó Cid, X. G. / X. M. Enríquez Rodríguez / R. Rocamonde Gómez / C. Parada Fernández (1986): *Diccionario da lingua galega. Práctico*. Vigo: Ir Indo.
- Feixó, X. / X. A. Pena / C. López / V. Arias / M. I. Ferreiro (1999): *Diccionario Cumio da lingua galega*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Feixó, X. / X. A. Pena / C. López, / V. Arias / M. I. Ferreiro (2000): *Diccionario Cumio da lingua galega. Secundaria e bacharelato*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Fernández Salgado, B. / X. A. Fernández Salgado / M. Puga Moruxa / X. C. Sousa Fernández (1991): *Diccionario de dúbidas da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- González González, M. (1994): “A lingua galega: situación actual e perspectivas”, en *Xornadas de formación en lingua galega para os Equipos de Normalización Lingüística dos Centros Educativos (22-24 de setembro de 1993)*. Santiago: Xunta de Galicia, 17-49.

- Institut d' Estudis Catalans (1995): *Diccionari de la llengua catalana*. Barcelona / Palma de Mallorca / València: Edicions 3 i 4 / edicions 62 / Editorial Moll / Enciclopèdia Catalana / Publicacions de l'Abadia de Montserrat.
- Instituto da Lingua Galega (sen data): *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. Versión fotocopiada.
- Lahuerta Mouriño, F. / F. X. Vázquez Álvarez (2000): *Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos*. Santiago: Termigal / Xunta de Galicia.
- López Dobao, X. A. (1988): "Vocabulario médico", en *Vocabulario do medio físico*. Pontevedra: Xunta de Galicia.
- López Fernández, R. (1990): "Sobre os dicionarios galegos", *A Trabe de Ouro* 3, 47-61.
- Monteagudo Romero, H. / X. García Cancela / A. I. Boullón Agrelo / B. Fernández Salgado / E. González Seoane / C. Hermida Gulías / M. D. Lagarón Ron / R. Mariño Paz / H. Pousa Ortega / X. Riveiro Costa / M. X. Vázquez López (1988): *Diccionario normativo galego-castelán*. Vigo: Galaxia.
- Real Academia Española (1992²¹): *Diccionario de la lengua española*. Madrid: Real Academia Española.
- Real Academia Galega (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Xerais / Galaxia.
- Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1990): *Diccionario da Lingua Galega*. A Coruña / Santiago: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1995²): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Regueira Fernández, X. L. (1996): *Guía bibliográfica de lingüística galega*. Vigo: Xerais.
- Robert, P. et al. (1990²): *Petit Robert 1. Dictionnaire de la langue française*. Paris: Dictionnaires Le Robert.
- Rodríguez González, E. (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. 3 vols. Vigo: Galaxia.
- Xove Ferreiro, X. / E. M. Moscoso / X. C. Sousa (1995): *Diccionario da lingua galega*. Vigo: Obradoiro / Santillana.
- Zingarelli, N. et al. (1996¹²): *Il nuovo Zingarelli. Vocabolario della lingua italiana*. Bologna: Zanichelli.

NEOLOXÍA, NEOLOXISMOS E DICCIONARIOS

Eloi Gestido de la Torre e Xosé María Gómez Clemente

Observatorio de Neoloxía. Universidade de Vigo

Neoloxía: Emprego de palabras novas nunha lingua co fin de enriquecela.

Neoloxismo: 1. Palabra, expresión nova creada ou adaptada modernamente nunha lingua. 2. Aceptión, senso novo dunha palabra.

(Gran Dicionario Xerais da Lingua)

1. INTRODUCCIÓN

A capacidade que ten unha lingua de anova-lo seu léxico convértese nunha cuestión fundamental nestes momentos en que os cambios na sociedade se fan dunha maneira vertixinosa. Adoito, contemplamos como xorden novas palabras para denominar novos conceptos e tamén vemos como para responder a estas necesidades se bota man dos procedementos internos de creación de palabras e mesmo dos préstamos. A neoloxía estudia estes recursos da lingua e analiza a súa vitalidade (Cabré 2000). En palabras de Bernard Quemada (1971), “unha lingua que non coñeza ningunha forma de neoloxía é unha lingua morta, xa que ó cabo a historia de tódalas nosas linguas é a historia da súa neoloxía”.

Neste traballo pretendemos achegar algún dato sobre un aspecto moi concreto da neoloxía: a súa relación cos dicionarios. Esta relación non é máis ca unha especie de tensión entre o uso e a prescrición, entre o uso e a información sobre ese uso. Nós analizaremos-la importancia que ten o dicionario para definir un concepto de neoloxismo e, facendo unha comparación entre o que se recolle nas obras lexicográficas galegas e o léxico utilizado na prensa, tentaremos ver cales son os criterios que regulan a admisión ou o rexeitamento de novas palabras. Tamén, veremos como a análise da neoloxía espontánea pode ser interesante para elaborar aplicacións lexicográficas específicas como o dicionario de neoloxismos.

2. CUESTIÓNS PREVIAS: O OBSERVATORIO DE NEOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DE VIGO


O proxecto do Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo naceu en 1998 co obxectivo de recolle-las novas unidades léxicas que se rexistraban en textos de prensa galegos. Preténdese recompilar, dunha maneira o máis sistemática posible, aquelas unidades consideradas neoloxismos para analiza-los procedementos de anovamento do léxico galego, mediante unha descrición morfolóxica, e para te-lo material necesario que vaia constituíndo un dicionario de neoloxismos da lingua galega.

Este proxecto, coordinado por Alexandre Rodríguez Guerra e por Xosé María Gómez Clemente (e mais por Raúl Araya Tauler ata o ano 2000), está vinculado ó Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Facultade de Filoloxía e Traducción. Co código de grupo FG2 e os códigos da Unesco 570599, 570504, 570106, 570199, dende o ano 1999 ata a actualidade o proxecto recibe financiamento da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

2.1. Obxectivos

Os obxectivos básicos son os que aparecen nos seguintes puntos:

- (a) Dispoñer dun corpus de neoloxía da prensa en galego. Actualmente cóntase cunha base de datos que contén as ocorrencias de 8484 fichas¹. Corresponden ó baleirado de textos galegos de aparición periódica (diaria, semanal ou mensual) do período 1997-2001. A distribución de fichas por anos é a seguinte:



¹ Parte destes datos están tirados do artigo titulado "Neoloxismos na lingua xornalística galega", da autoría de Alexandre Rodríguez Guerra e Xosé María Gómez Clemente (2003).

- (b) Describi-los procedementos internos e externos que utiliza o galego na creación espontánea para anova-lo seu léxico.
- (c) Elaborar un dictionario de neoloxismos.

2.2. Metodoloxía

A nosa metodoloxía baséase nos principios teóricos da investigación neolóxica (*cf.* Teresa Cabré 1993) e na experiencia de centros como o Observatori de Neologia do Institut Universitari de Lingüística Aplicada da Universitat Pompeu Fabra de Barcelona (Observatori de Neologia 1998, Freixa *et al.* 1998). O que aparece a seguir resume as fases do traballo que realizamos.

2.2.1. Fase de baleirado

Nunha primeira etapa, cómpre identifica-los neoloxismos en textos de prensa. Os colaboradores do proxecto aplican nesta primeira fase “un criterio psicolóxico” que lles fai aplicar unha especie de “xuízo neolóxico” (Rey 1976). Isto permite que se faga unha primeira peneira dos datos, xa que non se recollen aquelas unidades que non se entenden como “neolóxicas”. Somos conscientes de que este criterio non é exacto e que, dependendo do que entenda cada colaborador como “novo”, poden entrar determinadas unidades nos nosos rexistros. Para tentar mingua-los efectos de aplicación dun criterio “psicolóxico”² de identificación, recomendamos que se sexa o máis exhaustivo posible na recolla, para despois poder aplica-lo criterio “lexicográfico”. Este criterio consiste na comprobación da ausencia ou presenza da unidade seleccionada nos dictionarios que forman parte do corpus de exclusión (*vid. infra*). Polo tanto, nesta fase aplícanse dous criterios para a identificación de neoloxismos.

Faise un baleirado o máis sistemático posible das seguintes publicacións:

- *O Correo Galego* (OCG)
- *Tempos Novos* (TN)
- *A Nosa Terra* (ANT)

2 O criterio psicolóxico aválase tradicionalmente partindo de enquisas sistemáticas. Para ve-las vantaxes e inconvenientes da súa aplicación, consúltese Gardin *et al.* (1974: 45-72).

A publicación máis representada é *O Correo Galego*, da que se recolle aproximadamente o 63% dos exemplos. Séguelle en importancia a revista *Tempos novos* e o semanario *A Nosa Terra*.

2.2.2. Fase de análise

Na fase de análise os colaboradores e coordinadores do proxecto realizan as seguintes tarefas:

- (1) Compróbase nos dicionarios que forman parte do corpus de exclusión a marca de neoloxía provisional atribuída polos colaboradores na fase de baleirado trala aplicación do criterio lexicográfico.
- (2) Revísanse tódolos datos incorporados polos colaboradores, especialmente aqueles referidos á clasificación tipolóxica. Esta tarefa é especialmente importante porque unha correcta clasificación nos permite detectar cáles son os procedementos que utiliza a lingua para crea-lo seu léxico. Estes datos son interesantes para unha posible actualización das gramáticas (Freixa / Solé 2003).
- (3) Inclúense novas marcas que permitan a depuración do criterio lexicográfico. Interézanos especialmente o que ocorre noutras linguas da nosa contorna coma o portugués e o español. Daquela, facemos unha comprobación en dicionarios coma o de Aurélio Buarque de Holanda Ferreira (1986) e o de Manuel Seco (1999) para atopar datos sobre a incorporación nesas linguas das palabras que nós rexistramos. Estes datos permiten enxergar dependencias do noso léxico con respecto a outras linguas, dependencias que poden afecta-la avaliación da “vitalidade” da lingua.

3. TIPOLOXÍA DAS UNIDADES

3.1. Tipoloxía

- (a) Neoloxismos de forma.- Son todos aqueles creados por procedementos formais internos: sufixación, prefixación, parasíntese, composición (compostos sindéticos e asindéticos), composición culta (dúas bases cultas) e híbrida (unha base culta e unha base patrimonial), variación (gráfica, fonética ou morfolóxica dunha forma normativa), abreviación, acronimia e siglación.
- (b) Neoloxismos creados por préstamo.- Neste grupo inclúense tódolos préstamos, estean adaptados ou non. Clasificamos estas unidades po-

la lingua emprestadora. Consideramos, en principio, os castelanismos como préstamos, aínda que este grupo analizámolo á parte polo feito de seren estas unidades interferentes no galego en moitos casos. A neoloxía semántica que provén do préstamo considerámola no grupo seguinte.

- (c) Neoloxismos semánticos.- Os neoloxismos semánticos teñen unha orixe variada xa que hai unidades que reciben un novo significado por causas internas (tamén por conversión sintáctica) e outras recíbennas por influencia de linguas alleas.

3.2. Resultados

No gráfico que aparece a seguir preséntanse os datos que posuímos clasificados por procedementos de formación.

	N. formais	N. semánticos	Empréstitos
Sufixación	1969 (23,20%)		
Prefixación	1171 (13,8%)		
Parasíntese	230 (2,71%)		
Composición patrimonial	1150 (13,5%)		
Composición culta	781(9,2%)		
Sintagmación	246 (2,9%)		
Abreviación	104 (1,2%)		
Acronimia	80 (0,9%)		
Siglación	73 (0,9%)		
Variación	210 (2,5%)		
Préstamos adaptados			458 (5,4%)
Préstamos sen adaptar			1552 (18,3%)
Conversión		92 (1,1%)	
Semánticos		368 (4,3%)	
TOTAL [8484]	6014 (70,6%)	460 (5,4%)	2010 (23,7%)

Pódese ver que os procedementos internos xeran un 70% dos nosos rexistros. Isto ten unha serie de explicacións e implicacións:

- (a) Na neoloxía espontánea, non planificada, é normal que se poñan en funcionamento os procedementos que máis relevancia tiveron na historia da lingua. Sufixación e prefixación, por exemplo, son recursos que activan afixos tradicionais e que permiten, en menor medida, que aparezan sufixos e prefixos novos.

- (b) Os falantes perciben as unidades creadas por procedementos internos cun grao de “neoloxidade” menor cá que se lles atribúe ós préstamos. Isto pode ser unha das causas da recorrencia das unidades formadas con estes recursos morfosintácticos, xa que ó seren percibidas como menos “novas” os usuarios teñen unha certa tendencia a empregalas máis.
- (c) Con estes datos podemos dicir que o galego é unha lingua que se mostra cun grao suficiente de vitalidade, xa que activa os seus procedementos internos para responder a necesidades expresivas e denominativas (véxase Gómez Clemente / Rodríguez Guerra 2003).

Tamén son significativos os datos do préstamo (23, 7%) e, sobre todo, os que se refiren ós préstamos por importación sen adaptación. Unha lingua que non adapta os seus préstamos nunha proporción significativa pode estar nunha situación de “pasividade” que afecta a súa vitalidade. É certo que non é conveniente adaptar nin substituír tódolos préstamos pero tampouco se pode permitir que entren no léxico dunha lingua sen ningún tipo de intervención. A situación que se ve na neoloxía espontánea provén posiblemente do que acontece no léxico planificado (véxase Rodríguez Río 1998, e Araya Tauler / Gómez Clemente 2000).

4. NEOLOXÍA, NEOLOXISMOS E DICCIONARIO

A relación que existe entre a neoloxía, os neoloxismos e o dicionario é estreita pero tamén pouco fluída e, se cadra, conflictiva. Estreita porque a noción de neoloxismo nace no dicionario (criterio de identificación lexicográfica) e acaba no dicionario (unha unidade deixa de ser neoloxismo cando se rexistra nunha obra lexicográfica); pouco fluída e conflictiva porque as obras lexicográficas non se actualizan frecuentemente e, ademais, os criterios que se utilizan para elaboraren os lexicógrafos as súas nomenclaturas están tinguidos de conservadorismo, xustificable ou non.

Polo tanto, cando nos referimos a neoloxía e dicionarios, facémolo en dous sentidos:

- (1) O dicionario define o concepto de neoloxismo.
- (2) O dicionario define a súa nomenclatura cunha serie de criterios que afectan á aceptación ou ó rexeitamento das novas unidades léxicas.

A estes dous sentidos podemos engadir outro dunha grande importancia: a recolla sistemática de neoloxismos permite elaborar aplicacións lexicográficas específicas que pretenden enche-lo baleiro que deixa a ausencia de moitas das novas palabras nos dicionarios de lingua.

4.1. O dicionario define o concepto de neoloxismo

No proxecto que estamos a realizar, partimos dunha definición xeral de neoloxismo como a de Cabré (1993: 444) (“o neoloxismo pódese definir como unha unidade léxica de formación recente, unha acepción nova dun termo xa existente ou, finalmente, un termo emprestado hai pouco dun sistema lingüístico estranxeiro”); a de Rey (1976: 4) (“une unité nouvelle, de nature lexicale, dans un code linguistique défini”), ou a de Boulanger (1989: 202) (“[o neoloxismo é o] resultado tanxible da operación de produción lingüística inédita [...], é dicir, a unidade nova capaz de encher cada baleiro detectado introducándose no uso corrente ou socioprofesional”), pero establecémo-lo criterio de novidade con respecto ós dicionarios. Polo tanto, como xa se dixo, séguese o criterio da comprobación sistemática da aparición da unidade léxica nunha serie de dicionarios: as que non se rexistran neles son consideradas como “neoloxismos lexicográficos”. A recollida de neoloxismos lexicográficos permítenos ver como funciona o léxico nos textos de prensa e, asemade, tamén nos facilita información sobre os criterios que rexen na confección das obras lexicográficas. Utilizamos un conxunto de dicionarios de lingua para decidir sobre o carácter neolóxico dun determinado rexistro: a noción de neoloxismo así creada sabemos que é limitada, xa que se exclúen outros posibles criterios (psicolóxico e diacrónico) (véxase Boulanger 1979). Con todo, o criterio de exclusión lexicográfica ten unha vantaxe que é a da obxectividade na obtención dos datos e, dende logo, a facilidade de aplicación. Ademais del, existen outros dous: o *diacrónico*, consistente na comprobación da data de aparición dunha palabra nun dicionario ou nun corpus textual, e o *psicolóxico*, que avalía o sentimento “neolóxico” que un grupo de persoas ten acerca dunha determinada unidade léxica. Estes son máis difíciles de aplicar có primeiro xa que, por un lado (criterio diacrónico) non se usan marcas temporais nos dicionarios galegos nin tampouco dispoñemos dun corpus textual amplo (aínda que o *Corpus de Referencia do Galego Actual* do Centro Ramón Piñeiro se está revelando como moi útil) e, polo outro (criterio psicolóxico) tampouco sería factible facer enquisas a un número significativo de usuarios da lingua para nos daren a súa opinión sobre un determinado candidato a neoloxismo. Aínda así, debémolos ter en conta, na medida das nosas posibilidades, á hora de corrixi-las eivas do uso do dicionario como filtro dos neoloxismos.

Para nós, o criterio lexicográfico ten outras vantaxes adicionais:

- (a) a avaliación da difusión das solucións normativas codificadas ó longo dos últimos anos: podemos compara-las propostas normativas para

- certos usos coas palabras que se utilizan realmente e que son recollidas por non cumpriren o criterio de exclusión lexicográfica;
- (b) a extensión do castelanismo, especialmente o que consideramos interferente.

Somos conscientes, sen embargo, de que o criterio lexicográfico causa unha serie de problemas. Xa Corbeil (1971: 135-136) afirmaba que un dicionario nunca pode recoller tódalas palabras dunha lingua e polo tanto o carácter neolóxico dunha unidade recollida con este criterio pode ser posto en dúbida. Se unimos a isto o feito de non termos dicionarios cun número elevado de entradas (se exceptuamos nos últimos anos o *Gran diccionario Xerais*) podemos atopar que cumpren o criterio lexicográfico unidades como (a) castelanismos, (b) palabras comúns con presenza comprobable na lingua pero non recollidas nos dicionarios e non percibidas polos falantes como “novas” e (c) outras unidades como dialectalismos, unidades de valor especializado, erros tipográficos, etc. Todas elas limitan a eficacia da nosa metodoloxía pero non a invalidan.

O corpus de exclusión lexicográfica utilizado ata o ano 2000 foi o seguinte:

- *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* (versión provisional 1989//Corrixe 1.0-1.2): é realmente o documento máis importante de todo o corpus de exclusión. Establece o léxico normativo e está realizado por unha institución que ten autoridade lingüística, derivada da Academia. Non serve para a análise da neoloxía semántica.
- *Diccionario Xerais da Lingua* (1993, 4º ed. corrixida e aumentada): define léxico normativo, aínda que é unha obra dunha editorial privada sen autoridade lingüística. Ten unhas 30.000 entradas.
- *Diccionario da Real Academia Galega* (1997): Non ten un número elevado de entradas (aproximadamente 25.000), pero ten a vantaxe de se-la única obra lexicográfica que ten un carácter normativo recoñecido e serve para analiza-la neoloxía semántica.

A partir do ano 2000 utilizouse o *Gran Diccionario Xerais da Lingua* (2000) que recolle un número moi elevado de entradas (95.000).

Tamén se fai unha comprobación tanto no *Dicionário Sotelo Blanco da Lingua Galega* coma no *Diccionario Cumio da Lingua Galega*, pero sen que ningunha destas dúas obras lexicográficas se incorpore ó corpus de exclusión.

4.2. O dicionario define a súa nomenclatura con criterios que afectan ás novas palabras

Neste apartado imos facer unha pequena análise de cáles son os criterios que se utilizan para establece-las nomenclaturas de varios dicionarios galegos. Para entendelos centrarémonos nos seus prólogos e compararemos estes datos cos da nosa base de neoloxismos, que intenta ser unha pequena mostra do uso común do léxico na prensa.

Os lexicógrafos adoptan unha postura fronte ás novas unidades que se rexistran no uso. Normalmente, non fan neoloxía e o seu papel consiste en rexistra-las palabras e en dar fe da súa utilización antiga, moderna ou contemporánea. Verbo desta actitude, Mejri (1995: 127) establece unha distinción entre *nova entrada dun dicionario* e un *neoloxismo* xa que considera as primeiras como unidades que “les élaborateurs de l’ ouvrage on jugé bon d’ajouter à l’ancienne nomenclature. Ils peuvent la choisir parmi les mots anciens ou les mots nouveaux, les mots des vocabulaires spécialisés ou du vocabulaire général, les mots argotiques ou dun niveau de langue jugé plus élevé, etc.”, mentres que as segundas “reflètent le mouvement réel du lexique de la langue”. É dicir, o lexicógrafo escolle, para actualiza-lo dicionario, novas unidades léxicas que non teñen por qué ser novas na lingua e tampouco teñen por qué ser recorrentes no uso; tamén pode incluír outras que si reflicten ese uso. Con respecto ás primeiras, coidamos que non existen especiais condicionamentos: son palabras do fondo común da lingua que acaban, ou non, recollidas nunha obra lexicográfica. No que atinxe ás segundas, os neoloxismos para Mejri, si pode haber algún tipo de condicionamento, sobre todo polo feito de que o lexicógrafo pode ter unha opinión formada sobre elas ou pode esperar a que o seu uso se estabilice. A utilización do criterio lexicográfico permite recoller ámbolos tipos de unidades e catalogalas como neoloxismos.

A definición da nomenclatura dun dicionario e a súa actualización depende dunha serie de condicionamentos lingüísticos, sociais, económicos e comerciais. Estas condicións fixeron que na nosa tradición lexicográfica, na dos últimos anos sobre todo, os lexicógrafos non se enfrontasen directamente co enorme caudal léxico que se estaba xerando. O labor de fixación do léxico galego esixía certas doses de purismo e prudencia e non debemos esquecer que os factores económicos e humanos configuraron uns produtos lexicográficos moi limitados na súa extensión. Non pretendemos ser críticos con esta situación moi concreta e posiblemente inevitable. Os dicionarios galegos son froito dun grande esforzo de moitas persoas e non se lles pode pedi-la perfección, tampouco no que atinxe á recolla de vocabulario novo. Ademais, en realidade, unha obra como o *VOLG* significou, a finais da déca-

da de 1980, unha verdadeira revolución neolóxica para a lingua galega polo feito de introducir un numerosísimo grupo de cultismos e tamén de solucións para baleiros denominativos.

Para comenta-los criterios que rexen a redacción dos dicionarios galegos, partimos da base de que os lexicógrafos definen os seus dicionarios con total liberdade e que manexan criterios totalmente obxectivos. Igualmente, partimos da base de que moitas unidades léxicas que nós recollemos teñen dificultades reais para poderen entrar na nomenclatura dun dicionario de lingua. Referímonos ós múltiples neoloxismos expresivos, efémeros, de autor e mesmo ás unidades de valor especializado que enchen as páxinas dos xornais. Con todo, pensamos que existe unha certa desadecuación entre o uso real da lingua e o léxico definido nos nosos dicionarios, e intentaremos demostralo máis abaixo, comentando algúns aspectos que se poden observar principalmente nos dicionarios que utilizamos como corpus de exclusión.

4.2.1. Dicionario Xerais da Lingua (1993)

Unha obra deste tipo hai que facela partindo da realidade viva e histórica do noso idioma, expurgando dela todo o que sexa vulgarismo ou barbarismo, no que se refire ó tesouro de voces patrimoniais, e partindo das fontes comúns a tódalas linguas románicas no referente ó léxico culto que, con todo, debe ser adaptado ás características propias do galego [...]. Neste aspecto proporcionounos unha boa axuda, ademais das obras de consulta manexadas, a tarefa que se está levando a cabo no Instituto da Lingua Galega, onde se está a elaborar un Vocabulario da Lingua Galega con pretensións normativas, no que figuran as voces que merecen ser recomendadas, é dicir, un vocabulario exhaustivo que elimina con rigor as variantes vulgares, os estranxeirismos e as voces pantasma, e no que se inclúen os cultismos adecuados e propios e canta palabra galega está a disposición do lexicógrafo.

Deste prólogo infírese a intención normalizadora e purista que cumpría no momento en que se estaba a fixa-lo estándar léxico do galego. Na edición que nós manexamos, a cuarta de 1997, as relacións entre a nomenclatura deste dicionario e a do *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* son evidentes e lóxicas. Este feito leva a supoñer que o vocabulario elaborado por unha autoridade como é o Instituto da Lingua Galega conforma o esqueleto desta obra lexicográfica. Ó mesmo tempo, pensamos que fan un uso recorrente do léxico patrimonial xa que afirman que “non podemos deixar de salientar a importante axuda que nos proporcionan as papeletas do *Tesouro Lexicográfico do Galego Vivo* arquivadas no Instituto da Lingua Galega”. Non

podemos afirmar nin negar que se utilizasen outras fontes que levarían a incluír palabras de uso común que non corresponden exactamente ó fondo patrimonial e ó fondo culto da lingua; con todo, recoñecemos que o dicionario se actualizou con respecto a edicións anteriores. Sen embargo, o certo é que rexistramos un alto número de candidatos a neoloxismos cando, no seguimento da neoloxía espontánea na prensa, utilizamos este dicionario como corpus de exclusión. Isto quere dicir que neste dicionario non se fixo un esforzo salientable para actualizala súa nomenclatura, polo menos un esforzo do nivel que se observa no *Gran Dicionario Xerais*.

No cadro que segue, mostrámo-las unidades léxicas, neoloxismos lexicográficos con respecto a este dicionario, que nós recolleamos cunha ocorrencia superior a 10 rexistros na nosa base de datos entre o ano 1997 e o 2000. Evidentemente, os 7170 rexistros da nosa base ata o ano 2000 non aparecen no dicionario. As cifras que aparecen indicadas ó lado de cada un dos neoloxismos son as da primería datación do *Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA)*. Con isto queremos dar a entender que algunhas destas palabras xa tiñan un uso relativamente corrente no momento da actualización da nomenclatura deste dicionario e que puideron entrar a formar parte dela.

<i>internet</i> [OCG 20/12/98, (1995)]	<i>euro</i> [OCG 14/03/99 (1996)]	<i>deportivista</i> [TN, 1/06/97, (1993)]	<i>lebendakari</i> [OCG, 26/12/98, (1989)]	<i>web</i> [ANT, 24/09/98, (1996)]
<i>popular</i> [OCG, 20/12/98, (1995)]	<i>multimedia</i> [ANT, 18/06/98, (1995)]	<i>medioambiental</i> [TN 1/06/97, (1995)]	<i>medioambiente</i> [TN, 1/6/97, (1990)]	<i>mediático</i> [OCG, 1/6/97, (1995)]
<i>eurodeputado</i> [OCG, 17/01/99, (1995)]	<i>Rede</i> [OCG, 5/12/98, (1996)]	<i>coche bomba</i> [OCG, 11/01/99, (1991)]	<i>internauta</i> [OCG, 26/12/98, (1999)]	<i>neoliberal</i> [ANT, 17/09/98, (1993)]
<i>biotecnoloxía</i> [TN, 1/07/98, (1991)]	<i>correo electrónico</i> [OCG, 28/02/99, (1995)]	<i>CD-Rom</i> [OCG, 3/12/98, (1995)]	<i>derbi</i> [OCG, 23/01/99, (1993)]	<i>ciberspacio</i> [OCG, 26/12/98, (1996)]
<i>contrarreloxo</i> [OCG, 7/03/99, (1995)]	<i>plurinacional</i> [TN, 1/09/98, (1991)]	<i>biodiversidade</i> [OCG, 26/11/99] (1990)	<i>thriller</i> [TN, 1/06/97, (1995)]	<i>software</i> [OCG, 27/12/98, (1989)]
<i>rolda de prensa</i> [OCG, 24/12/98, (1991)]	<i>gardamallas</i> [TN, 1/10/97, (1995)]	<i>e-mail</i> [OCG, 14/03/99, (1997)]	<i>contraprogramación</i> [TN, 1/12/97, (1996)]	<i>boom</i> [OCG, 27/12/98, (1985)]
<i>mundialización</i> [ANT, 23/01/97, (1988)]	<i>sinistralidade</i> [OCG, 20/12/98 (1995)]			

Na lista anterior, hai unidades que responden a distintos procedementos de formación (sufixación, composición, préstamo, neoloxía semántica) e que pertencen a dominios cun grao medio de especialización que as fan susceptibles de entrar, se se decide o lexicógrafo, na nomenclatura do dicionario.

Todas teñen, tamén, unha característica en común: se fixesemos unha enquisa sobre o uso real destas unidades, poderíamos comprobar sen ningunha dúbida que un número elevado de falantes as recoñecen como parte integrante do léxico galego actual. Este é un primeiro exemplo das relacións pouco fluídas entre o uso do léxico e a nomenclatura dun dicionario, xa que esta tarda en facer propias as novas unidades léxicas que se van rexistrando na lingua. Semella que o lexicógrafo sitúa nunha especie de limbo aquelas palabras que non teñen unha tradición constatable na lingua, mesmo que sexan de un uso recorrente.

4.2.2. Dicionario da Real Academia Galega

Non se pode esquecer que este é un dicionario da Academia, que aínda que se pretende facer un dicionario de uso, conta sempre coa restricción do seu carácter normativo. De aí que haxa moitas palabras empregada decote no galego, de moitos habitantes de Galicia, que non aparecen recollidas ben por seren voces espurias innecesarias (sobre todo castelanismos) ou por tratarse de palabras cun marcado carácter dialectal [...].

Non obstante, ás veces introduciuse algunha destas voces non recomendables, pero sempre debidamente marcadas cun asterisco e remitindo para a forma máis correcta en galego. Deste xeito, o dicionario cumpre unha función didáctica, ó advertir da incorrección de certos usos presentes na fala e orientar sobre a utilización correcta do léxico galego [...].

Ás veces a entrada leva unha indicación sobre o ámbito da ciencia ou da técnica á que pertence a palabra (astronomía, botánica, zooloxía, física) e sobre o nivel de lingua de que é propia (vulgar, culto, literario).

O prólogo do dicionario da Academia define claramente a súa posición fronte ó léxico de uso común que nós consideramos neoloxismo lexicográfico. En primeiro lugar, maniféstase algo que é evidente: a nomenclatura do dicionario está fortemente restrinxida polo carácter normativo da obra. Ademais, existe unha intención purista que incide, sobre todo, no problema do castelanismo.

O feito de ser un dicionario que recolle léxico que pretende definirlo estándar do galego, xunto co de ter un número relativamente reducido de entradas fai que esteamos perante unha obra lexicográfica que permite a recolla dun grande número de candidatos a neoloxismos.

A importancia deste dicionario é moi grande no conxunto da lexicografía galega xa que se erixe en autoridade para cuestións referidas ó léxico galego. Sería moi interesante que esta obra puidese ser actualizada dunha maneira relativamente rápida, e mesmo continuada, porque axudaría tamén ó

traballo da análise da neoloxía espontánea. Verbo das críticas que se lle poden facer, cremos que son as mesmas que indicamos para o *Diccionario Xerais* (falta dunha relación fluída co léxico de uso común), coa salvidade de que é un dicionario onde o criterio de purismo se entende dunha maneira máis doada.

4.2.3. Gran dicionario Xerais da lingua (2000)

Vistas e comprobadas, como usuarios, as deficiencias que, no sentido indicado, presentaban os dicionarios actuais, deseñouse un proxecto que acollese no seu seo a maior cantidade posible de léxico galego contemporáneo. A pretensión é que este dicionario poida resolver calquera dúbida sobre o léxico que aparece nas obras escritas contemporáneas e que recolla tódalas palabras de uso común no idioma actual, sexan estas galegas ou non, normativas ou non, estándares ou non, e que sempre sexa posible saber para calquera forma non normativa cál é a proposta como tal. (...)

As palabras galegas non estándares, fundamentalmente dialectalismos, popularrismos, creacións recentes e expresivas e formas de uso moi específico, márcanse cunha entrada en letra negra redonda en corpo medio.

O *Gran dicionario Xerais da lingua* comezouse a empregar como parte do corpus de exclusión a partir do ano 2001. Supuxo unha variación significativa nos resultados da aplicación do criterio lexicográfico xa que se incorporaron á nomenclatura unha serie de unidades que están descritas no prólogo: as “palabras de uso común no idioma actual sexan estas galegas ou non, normativas ou non, estándares ou non”.

O prólogo tamén nos dá algunhas claves sobre o tratamento do neoloxismo, xa que parece que se utiliza o criterio diacrónico cando se fala de “creacións recentes”. Polo tanto, entendemos que este dicionario, en comparación cos dicionarios Xerais anteriores, acepta unha serie de unidades léxicas novas independentemente de que coincidan coas defendidas no estándar léxico do galego. Isto non quere dicir que se acepten sen máis, xa que funcionan dentro do dicionario tres tipos de tipografías nas entradas, e mesmo a marca do asterisco para indicar entradas que se condenan explicitamente, que orientan sobre a adecuación das novas entradas ó concepto de “normativo”.

A seguir, imos comentar algunhas das entradas que aparecen no dicionario Xerais a partir do ano 2000 e que nós consideramos, ata ese momento, como neoloxismos lexicográficos. Para isto, fixemos unha comprobación sistemática de 2282 entradas da nosa base (ó redor dun 31,8% do total ata o ano 2000). Destas, 377 aparecen no *Gran dicionario Xerais* (16,5% do total

de entradas analizadas). Pensamos que esta porcentaxe é moi aceptable e implica unha actualización salientable da nomenclatura.

Con estes datos podemos incluso ver qué tipo de unidades se aceptan con máis facilidade no dicionario. Na táboa que aparece abaixo, están clasificadas estas novas entradas segundo o seu procedemento de formación:

Sufixación	145	(38,5 %)
Prefixación	85	(22,5 %)
Parasíntese	8	(2,1 %)
Composición	16	(4,2 %)
Composición culta	43	(11,4 %)
Abreviación	4	(1,1 %)
Préstamo	57	(15,1 %)
Neoloxía semántica	19	(5 %)

Como se pode ver, as palabras creadas por *sufixación* e *prefixación* son as que máis facilmente se incorporan ó dicionario. Isto pode ser doadamente explicado polas seguintes razóns:

- (a) As palabras formadas por procedementos internos presentan un menor grao de neoloxidade, é dicir, identifícanse, en principio, tanto polos lexicógrafos como polos usuarios, como parte do fondo léxico dunha lingua. A presenza de sufixos e prefixos na formación de novas entradas é síntoma da vitalidade da lingua. Este feito, unido ó de que as palabras formadas por procedementos internos teñen un certo aire de “tradicionalis”, leva a que pasen dunha maneira máis doada ás nomenclaturas dos dicionarios, sempre que cumpran un nivel mínimo de “satisfacción” denominativa e conceptual. Por exemplo: *apreixamento* [OCG, 8/03/00], *artellamento* [ANT, 3/09/98], *autocensura* [TN 1/02/00], *autoidentificarse* [OCG, 8/03/00], *cartelismo* [OCG, 17/03/00], *cenobial* [OCG, 2/01/00], *contracultural* [OCG, 2/12/99], *contrapoder* [TN, 1/03/00], *cooperativista* [TN, 1/11/97], *continuísta* [OCG, 11/01/99], *endemismo* [OCG, 2/01/99], *esquerdismo* [ANT, 3/09/98], *funcionalidade* [TN, 1/10/97], *hibridación* [TN, 1/06/97], *multidimensional* [OCG, 25/01/00], *muralista* [ANT, 8/04/99], *neofascista* [ANT, 8/04/98], *subsector* [OCG, 3/12/99], etc.
- (b) Os procedementos da prefixación e da sufixación son extremadamente rendibles tanto á hora de completa-las familias léxicas que aparecen nos dicionarios como para nomear novos conceptos e para crear variación denominativa, dunha maneira sinxela que non precisa inescusablemente de planificación.

A *composición culta* e a *non culta*, malia seren tamén procedementos internos de formación, implican un grao superior de elaboración que leva moitas veces á necesidade dunha planificación previa. Ademais, moitas das entradas que corresponden coa composición culta forman parte das linguas de especialidade. Exemplos: *tecnólogo* [TN, 1/06/97], *teleconferencia* [OCG, 28/02/99], *teletexto* [OCG, 24/01/99], *cromolitográfico* [OCG, 20/12/98], *etnocentrismo* [TN, 1/10/97], *macroprograma* [OCG, 13/12/98], etc.

Os *préstamos* son percibidos polos falantes como unidades con alto contido neolóxico debido ás súas características formais e semánticas. Este feito quizais explique a porcentaxe reducida (15,1%) deste tipo de unidades que se aceptan na nova nomenclatura, aínda que non podemos esquecer que a falta de normas para a adaptación de préstamos na norma léxica do galego pode facer que este tipo de unidades sexan rexeitadas nunha proporción superior á que sería normal (*vid.* Rodríguez Río 1998).

Neste dicionario, nótanse varios procedementos para incorpora-los préstamos:

- (1) Importación (con ou sen adaptación).- O préstamo queda inalterado ou experimenta cambios na súa grafía, morfoloxía e fonética. Algúns casos de importación no Xerais 2000 son: *apresentar* [TN, 1/11/97], *attrezzo* [OCG, 8/03/00], *banxo* [TN, 1/10/97], *boutique* [OCG, 17/03/00], *dossier* [OCG, 7/03/00], *escáner* [OCG, 25/02/00], *hamada* [TN 1/02/00], *kilim* [OCG, 28/02/99], *módem* [OCG, 26/12/98], *paparazzo* [TN 1/10/97]. Nestes casos de importación morfolóxica, nótase que hai unha tendencia a acepta-lo préstamo sen adaptacións ou con adaptacións mínimas que atinxen ó nivel gráfico ou fonético.
- (2) Substitución.- A unidade doutro sistema lingüístico é substituída por outra preexistente na lingua de chegada. Nos exemplos que aparecen vemos, por un lado, a eliminación do préstamo de luxo: *cartaz (cartel)* [ANT, 17/01/99], *cheminé (cbeminea)* [OCG, 10/09/98], *entrecot (entrecosto)* [OCG, 24/12/98], *treinador (adestrador)* [ANT, 5/11/98]; por outro, o calco semántico *capo (cabeza)* [TN, 1/08/98], *cásting (proba)* [OCG, 27/12/98], *estrés (tensión)* [OCG, 7/03/00], *booligan (siareiro violento)* [TN, 1/10/97], ou a substitución neolóxica *márketing* [OCG, 24/01/99] e *márqueting (mercadotecnia)* [OCG, 24/12/98].

Cos datos anteriores vemos que funciona o proceso da substitución morfolóxica dunha maneira bastante recorrente xa que, de certo, se intenta “protexe-la lingua” da excesiva influencia doutras.

Como xa comentamos, o *Gran dicionario Xerais* funcionou como corpus de exclusión a partir de 2000. O seu uso reduciu o número de neoloxis-

mos lexicográficos que rexistramos, feito positivo porque axudou a precisar un concepto de neoloxismo máis acorde co que se entende normalmente. Con todo, aínda rexistramos un número elevado de unidades léxicas que os redactores do dicionario non tiveron en conta:

- (a) por seren moitas delas neoloxismos expresivos, de autor, efémeros, que teñen moi poucas posibilidades de entrar no dicionario. Exemplos desto son *amadocarbballista* [TN, 1/06/01], *celivoto* ('voto que se fai voluntariamente') [TN, 1/06/01], *farsesco* (< *farsa*) [TN, 1/06/01], *fraguismo* [TN, 1/11/01], *galegués* ('galego aportuguesado') [OCG, 5/12/01], *infantoxuvenil* [TN, 1/11/01], *infoestudioso* [TN, 1/07/01], *infoescéptico* [TN, 1/07/01], *infopredicador* [TN, 1/07/01], *interimperialista* [TN, 1/06/01], *insticompetente* [OCG, 8/09/01], *operófilo* [TN, 1/11/01], *paparazzismo* [TN, 1/03/01], *partidizar* [TN, 1/11/01], *posfraguismo* [TN 1/07/01], *puntocom* [OCG, 1/12/01], *rumoroloxía* [TN, 1/06/97], *seguidismo* [TN, 1/11/01], *telefilmesco* [OCG, 16/02/01], *teleonauta* ('espectador que pode participar no deseño de certos programas televisivos') [OCG, 20/11/01], *vazquismo* [TN, 1/11/01], *vladivideo* [OCG, 4/03/01], *xoldrista* [OCG, 14/01/01];
- (b) por seren préstamos de luxo ou que non teñen unha solución clara en galego: *after hours* [OCG, 16/02/01], *blockbuster* [TN 1/07/01], *buggy* [OCG, 14/01/01], *cartoon* [OCG, 5/12/01], *casting* [OCG, 25/11/99], *catering* [OCG, 14/01/01], *dream team* [OCG, 17/01/99], *merchandising* [TN, 1/07/01], *spot* [OCG, 17/12/00], *spónsor* [OCG, 5/12/01].

Outras moitas son unidades léxicas recorrentes na prensa e que pertencen a dominios cunha incidencia moi grande no léxico que se manexa diariamente. A razón de non as incluíren pode ser que as considerasen pouco estabilizadas no uso ou simplemente non axeitadas para o dicionario.

Informática: *buscador* [OCG, 17/12/00], *ciberespacio* [OCG, 26/12/98], *banner* [OCG, 2/01/00], *email* [OCG, 14/01/01], *comercio electrónico* [OCG, 17/03/00], *conta de correo* [TN, 1/11/01], *publicación electrónica* [TN, 1/11/01], *ordenador portátil* [OCG, 1/12/01], *páxina web* [OCG, 8/09/01], *sitio web* [OCG, 8/09/01].

Economía: *antimonopolio* [OCG, 17/11/01], *antinacionalista* [ANT, 18/06/98], *burbullas financeira* [TN, 1/06/01], *déficit público* [OCG, 31/01/01], *desinvestir* [OCG, 31/01/01], *eurozona* [OCG, 31/01/01], *interbancario* [OCG, 31/01/01], *globalizador* [TN, 1/03/01], *libremercado* [TN, 1/02/99], *privatizador* [OCG, 31/01/01], *moeda única* [TN, 1/06/97], *mundializador* [TN, 1/11/01], *neoliberal* [OCG, 16/02/01], *turoperador*

[OCG, 25/01/00].

Ecología: *biodiversidade* [OCG, 26/11/99], *medioambiental* [TN, 1/06/97].

Deportes: *deportivista* [OCG, 11/01/99], *mediofondista* [OCG, 5/12/01], *surfeiro* [OCG, 31/01/01].

Política: *antiautonomista* [TN, 1/10/97], *antidisturbio* [ANT, 10/09/98], *antiglobalización* [OCG, 31/01/01], *comunitario* [OCG, 156/03/00], *eurocámara* [OCG, 16/11/01], *popular* (< Partido Popular) [OCG, 20/12/98], *precampaña* [ANT, 23/01/97].

Sociedade: *maltratador*, *parella de feito* [OCG, 16/02/01], *multicultural* [OCG, 16/02/01], *multiculturalismo* [TN, 1/03/01], *multiétnico* [ANT, 8/04/99], *violencia doméstica* [OCG, 14/01/01].

4.2.4. Dicionario Cumio

Este dicionario nunca formou parte do noso corpus de exclusión. Sen embargo, e para este traballo, consideramos necesario facer un pequeno estudo para comprobar cál era o seu posicionamento fronte ás unidades rexistradas no noso proxecto.

Cuantitativamente, pois dámoslles solución a moitas lagoas que demandaban resposta; pero, ademais, na medida do posible, incrementamos tamén o número de acepcións de moitas entradas, sen tratarmos, non obstante, de ser exhaustivos [...].

Noutras cuestións tivemos que innovar, entre as que destacamos: a) tratamento acentual dos estranxeirismos e latinismos [...], c) tratamento de termos que forman parte da taxonomía científica biolóxica (animais e plantas), d) achega de propostas novidosas para conceptos e realidades ós que aínda non se lles dera unha solución consistente en galego.

O Dicionario Cumio da lingua galega presenta un prólogo que fai unha referencia máis explícita ó concepto de neoloxismo que nós manexamos. En primeiro lugar, fala do concepto de neoloxía planificada porque se anuncia que se inclúen solucións a lagoas denominativas. En segundo lugar, empregan o concepto de neoloxía semántica porque se pretende incluír novas acepcións ás entradas do léxico galego. Tamén hai unha intención de intervir sobre a adaptación dos préstamos en galego. Segundo este prólogo, estamos perante unha obra lexicográfica que pretende incorporar na súa nomenclatura unidades que nós marcamos como neoloxismos.

Fixemos unha comprobación sobre 1350 entradas, que son as que precisamente van aparecer no noso dicionario de neoloxismos. Delas, aproximadamente o 6,5 % (90 entradas) están recollidas no dicionario Cumio. Na lista que segue aparecen algúns exemplos delas:

<i>aculturización</i> [ANT, 17/01/99]	<i>americanizar</i> [OCG, 16/02/01]	<i>anarcosindicalismo</i> [ANT, 20/08/98]	<i>anticlericalismo</i> [TN, 1/12/97]	<i>antidopaxe</i> [OCG, 26/02/00]
<i>antigubernamental</i> [OCG, 26/12/98]	<i>biotecnoloxía</i> [TN, 1/07/98]	<i>blues</i> [OCG, 20/12/98]	<i>boom</i> [TN, 1/10/97]	<i>canteira</i> [TN, 1/09/98]
<i>central</i> [OCG, 7/03/00]	<i>climatizador</i> [ANT, 8/04/99]	<i>clonación</i> [ANT, 18/06/98]	<i>clonar</i> [OCG, 13/03/00]	<i>coautor</i> [TN, 1/10/97]
<i>compacto</i> [OCG, 23/01/99]	<i>contracultural</i> [OCG, 2/12/99]	<i>contraprestación</i> [OCG, 7/03/00]	<i>conurbano</i> [OCG, 17/03/00]	<i>coparticipación</i> [OCG, 7/03/99]
<i>coproducción</i> [OCG, 17/01/99]	<i>crono</i> [OCG, 14/12/98]	<i>dacha</i> [OCG, 2/01/00]	<i>intersindical</i> [ANT, 18/06/98]	<i>land</i> [TN, 1/10/97]
<i>lobby</i> [ANT, 23/01/97]	<i>magazine</i> [TN, 1/10/97]	<i>mass media</i> [TN, 1/10/97]	<i>medio campo</i> [OCG, 11/01/99]	<i>móbil</i> [OCG, 16/03/00]
<i>monocolor</i> [TN, 1/03/00]	<i>neoliberalismo</i> [ANT, 10/09/98]	<i>Posmodernismo</i> [OCG, 9/03/00]	<i>sociocultural</i> [OCG, 7/03/99]	<i>software</i> [OCG, 5/12/98]
<i>sport</i> [OCG, 5/12/98]	<i>subcampión</i> [OCG, 13/12/98]	<i>teatralizar</i> [TN, 1/12/97]	<i>teletexto</i> [OCG, 24/01/99]	<i>tráiler</i> [OCG, 26/12/98]
<i>transnacional</i> [ANT, 8/04/99]	<i>Travelling</i> [OCG, 28/02/99]	<i>vedette</i> [TN, 1/11/97]		

Está claro que o *Diccionario Cumio* fixo un esforzo para introducir na súa nomenclatura unidades que se recollen adoito nos textos de grande difusión como son os da prensa. Vemos, por unha parte, que hai unha significativa tendencia a incorporar préstamos polo procedemento da importación (con ou sen adaptacións). Por outra parte, acepta entradas formadas polos recursos máis tradicionais para a innovación do léxico (prefixación, composición, sufixación, etc.) polas mesmas razóns que se explicaron no *Gran diccionario Xerais* (*vid. supra*).

Aínda que o número de entradas recollidas, sempre facendo unha comparación cos datos que nós posuímos, sexa limitada, notamos que o concepto de normativo para establecer a nomenclatura do diccionario non foi utilizado como criterio exclusivo, circunstancia que debe ser valorada positivamente nun diccionario deste tipo.

5. NEOLOXÍA E DICCIONARIOS

No Observatorio de Neoloxía facemos neoloxía descritiva que analiza a neoloxía de creación espontánea. Os neoloxismos lexicográficos que identificamos non teñen doado acomodo nos dicionarios de lingua: algúns neoloxismos non pasan nunca a formar parte da nomenclatura do diccionario e outros, se o fan, incorpóranse moito tempo despois de seren detectados. Por outra banda, tampouco se utilizan marcas específicas que poidan orientar o usuario sobre o uso destas unidades. Aínda así, se houbera marca, como por

exemplo *neol.*, sería conflictiva porque pode motivar que se vexan estas palabras cunha prevención ás veces xustificada e ás veces non.

Polo tanto, a actualización de dictionarios moitas veces non é posible ou é difícil (Freixa / Solé 2000: 156 ss.) e a neoloxía descritiva debe apostar por outro tipo de aplicacións lexicográficas que son os dictionarios de neoloxismos. Esta práctica ten unha tradición en linguas como o catalán (*Diccionari de paraules noves*, do IULA 2000), o español (*Diccionario de voces de uso actual* de Alvar Esquerri 1994) ou o francés (*Les mots nouveaux apparus depuis 1985*, de Merle 1989 e o *Mots nouveaux contemporains* de Quemada 1993).

No caso do galego e partindo da experiencia do Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo, estamos a redactar un *Diccionario de Neoloxismos* que presenta as seguintes características e estrutura:

- (1) Contén un total aproximado de 1350 entradas ordenadas alfabeticamente. Trátase dun dictionario de carácter específico pola natureza das unidades lexicográficas (recollemos unicamente neoloxismos léxicos) seleccionadas para formar parte da nomenclatura. Os criterios empregados para escolle-las entradas son os seguintes:
 - (a) *Criterio da representatividade.*- Utilízase en dous sentidos: (1) Son unidades que pretenden ser representativas da neoloxía espontánea rexistradas na prensa galega. (2) Son unidades que tentan ser representativas do conxunto das entradas recollidas nos cinco anos do proxecto. É dicir, quixemos mostrar aqueles “neoloxismos lexicográficos” que se repetían durante este período de tempo.
 - (b) *Criterio de frecuencia.*- Inclúense as unidades que aparecen con maior recorrencia, aínda que, polas características do proxecto, que non nos permitiu facer un seguimento sistemático, tamén se inclúen unidades que só aparecen recollidas unha vez pero que si consideramos representativas.
- (2) Tódalas entradas foron neoloxismos lexicográficos ata o ano 2000. A partir deste momento, coa inclusión do *Gran dictionario Xerais* como parte do corpus de exclusión, deixaron de selo preto dun 9% delas. Con todo, decidimos manter este 9% na nomenclatura, coa marca *Xer00*, porque as consideramos significativas no traballo realizado dende 1997.
- (3) Os neoloxismos lexicográficos aparecen ordenados alfabeticamente de xeito ascendente (A ó Z). Cada unha das entradas aparece en minúsculas, resaltada en negriña, sen espaciado nin numeración. Para os substantivos, preséntase a forma neolóxica en masculino e singu-

lar. Os verbos aparecen representados baixo a forma de infinitivo e os adxectivos preséntanse na forma de masculino singular e flexionada ó feminino.

- (4) O dicionario ofrece información gramatical, semántica e contextual (prensa e internet). As definicións realízanse partindo do propio contexto de uso en que aparece a entrada recollida. De se-lo caso, optamos por contrasta-la nosa definición coa doutros dicionarios de neoloxismos existentes noutras linguas. Os contextos figuran sinalados coa indicación da data de primeira detección na prensa ou na páxina web en que se recolleron. Este feito permítenos certifica-lo uso actual da palabra na acepción correspondente, garanti-la comprensión da definición que se acaba de facer e mostra-las restricións de uso que poida ter.

Actualmente, atópase nunha primeira fase de redacción. Vai ser publicado en versión escrita a principios do ano 2003 e en versión electrónica a través de internet. Neste segundo caso, o dicionario incorporará a novidade de que, a medida que nós introduzamos na base de datos novos neoloxismos lexicográficos, estes automaticamente se incorporarán ó dicionario de internet, sempre que cumpran as condicións de frecuencia e representatividade.

A seguir, podemos ver unha mostra da letra *c* do dicionario:

cibersexo, *sm.* Conxunto dos servicios sexuais que se ofrecen, de forma virtual, pola rede Internet.

[Prensa]

Equipos introducidos nas casas de cidadáns maiormente anónimos ou nas habitacións onde se desenvolven sesións pornográficas protagonizadas nun 98 por cento dos casos por mulleres. O cibersexo págase con Visa, pero o acceso ás outras webcams é de balde.

TN, 1-12-99

cibervoluntariado, *sm.* Conxunto de persoas que se ofrecen voluntarias para traballar nun proxecto que se desenvolve na rede Internet.

[Prensa]

Sen esquecer o traballador traductor do proxecto Rianxo de Roberto Abalde, consecuencia do cibervoluntariado. OCG, 5-12-98

ciberxornal, *sm* Xornal que se difunde pola rede Internet.

[Prensa]

O Correo, que puxo na Internet o primeiro ciberxornal galego no ano 1995, presentará dentro de tres meses unha edición electrónica completamente anovada con novas seccións e opcións interactivas. OCG, 17-01-99

[Internet]

Bill Gates xa tiña creado unha ciberrevista, Slate (O encerado), sofisticada e orixinal, e vai lanzar un ciberxornal, Cityscape, especializado en información de proximidade cidadá e en anuncios por palabras.

<http://www.nodo50.org/enciclopediaespejos/biblioteca/esperanza.htm>. 5-6-02

cientifista, *adx* Relativo ó cientifismo ou cientismo, ideoloxía que lle concede prioridade á ciencia e ó método científico como maneira de achegarse ó coñecemento da realidade e, así, satisfácelas necesidades da intelixencia humana.

[Prensa]

Para esta teoría na primeira parte da triloxía, Animal sentimental, comeza a segunda, Dialéctica sentimental, cunha análise crítica do coñecemento racional e cientifista que asolagou o pensamento occidental.

OCG, 27-12-99

cinclubismo, *sm*. Movemento asociativo de afeccionados ós cineclubs.

[Prensa]

Asociacións de apaixonados pola sétima arte e desde aquela ata a morte de Franco o cinclubismo vive a súa etapa dourada.

OCG, 20-12-98

[Internet]

Ourense, città aperta é un libro reportaxe, como cómpre ao seu autor, un xornalista, arredor da apaixonante experiencia do cinclubismo catacumbístico dos 60, se cadra -e valla o símil- moito máis cos cineclubes.

http://www.culturagalega.org/espectaculos/0402/esp_04042_1.htm, 5-6-02

civilizatorio, *-a*, *adx*. Referido á civilización.

[Prensa]

O que parece indubidable é que vivimos nunha situación de tránsito civilizatorio, especialmente marcado polas dinámicas globalizadoras, e non contamos aínda con respostas, máis

alá de iniciativas puntuais como a Taxa Tobin.

TN, 1-2-2000

[Internet]

Nestas coordenadas, a decisión do COI é positiva por canto contribuirá a unha maior aproximación entre os mundos occidental e chinés, propiciará un diálogo civilizatorio e incidirá no fortalecemento daqueles sectores internos partidarios dunha modernización económica e social que non solape a principal promesa política da Revolución.

<http://www.igadi.org/index.html> 24-07-01

clientelar, *adx*. Referido ó clientelismo, ideoloxía daqueles que propugnan manter relacións de clientela na política, na Administración ou na empresa.

[Prensa]

Pedro Pacheco, asegurou onte en Sevilla que algunhas consellerías xestionadas polo PSOE seguen maniatadas por redes clientelares do partido que presentan un pulso ó goberno e que por iso é ineficaz o labor dos conselleiros.

OCG, 27-02-00

[Internet]

Noche faleceu a pouco de regresar a Cuba dun ataque ao corazón e tanto a organización, coma o criterio de reparto e concesións de viaxes así como os obxectivos das axudas foron axustados deseguida ao modelo clientelar

<http://www.fillos.org/fillos/mundogalego/art0013.htm> 13-9-01

6. CONCLUSIÓN

Este pequeno estudo que acabamos de presentar sobre a relación biunívoca entre neoloxía e dictionarios lévanos a reflexións como as seguintes que presentamos a modo de conclusións:

A relación entre neoloxía e neoloxismos por unha parte e neoloxía e dictionarios por outra non é fluída. Os dictionarios defínense establecendo unha

serie de criterios que van dende o purismo normativo ata a prevención espectante fronte ás novas unidades léxicas que xorden no uso da lingua. Estes dous feitos son perfectamente explicables en tódalas linguas e, se cadra, aínda máis na nosa por atoparse en proceso de estabilización do seu léxico normativo. Malia isto, consideramos que se debería facer un esforzo para valorar, na súa xusta medida, os fenómenos da creación non planificada do léxico. Aínda que notamos certo inmovilismo nos dicionarios analizados, valoramos moi positivamente os esforzos do *Diccionario Cumio* e, sobre todo, do *Gran diccionario Xerais* por recoller unidades que nós consideramos adecuadas para a nosa lingua mesmo que non teñan polo de agora a “sanción normativa”. Notamos que se está producindo un cambio necesario, por ser normal, na valoración que se ten do léxico galego. Pasamos dunha moi necesaria e xustificada preocupación polo carácter normativo do léxico a unha reacción máis positiva fronte ós fenómenos de creación espontánea.

Nesta tendencia que se enxerga, coidamos que o pequeno labor que se realiza analizando a neoloxía no léxico galego pode ser de axuda para as actualizacións futuras dos dicionarios. Esta colaboración entre os observatorios de neoloxía e os lexicógrafos está comezando a dar froito noutras linguas, inmersas tamén en procesos de normalización, como é o catalán (Freixa / Solé 2000 e Freixa / Solé 2003).

A lingua galega está nun momento interesante, quizais crucial, no que se están decidindo cuestións que poden afectar á súa supervivencia. A capacidade que teña esta vella lingua de adaptarse ós novos retos será clave para determina-lo seu futuro. O léxico é un espello tamén desa capacidade de adaptación e, polo tanto, concluímos con Louis Deroy (1971) que “só quedan vivas as linguas que se modifican ó longo do tempo, que se adaptan ás circunstancias e ás novas necesidades, sen que as poida modificar un conservadorismo e un purismo excesivos”.

BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Estravís, I.: *Diccionario Sotelo Blanco da Lingua Galega*. Santiago: Sotelo Blanco.
- Araya, Raúl / X. M. Gómez Clemente (2000): “La neología de préstamo en la prensa gallega”, en M. T. Cabré / J. Freixa / E. Solé (eds.): *La neología en el tombant de segle*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra, 133-146.
- Ares Vázquez, M.C. *et al.* (1986): *Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.

- Boulanger, J.-C. (1979): "Problématique d' une méthodologie d' identification des néologismes en terminologie", en *Néologie et lexicologie. Hommage à Louis Guilbert*. Paris: Librairie Larousse, 36-46.
- Boulanger, J.-C. (1989): "L'évolution du concept de *néologie* de la linguistique aux industries de la langue", en C. de Schaetzen (ed.): *Terminologie diachronique. Actes du Colloque organisé à Bruxelles les 25 et 26 mars 1988*. Paris / Bruxelles: Conseil International de la Langue Française / Ministère de la Communauté Française de Belgique, 193-211.
- Boulanger, J.-C. (1990): "La création lexicale et la modernité", *Le langage et l'homme* 25/4, 233-240.
- Cabré, M. T. (1993): *La terminología. Teoría, metodología, aplicaciones*. Barcelona: Empúries.
- Cabré, M. T. (2000): "La neologia com a mesura de la vitalitat interna de les llengües", en M. T. Cabré / J. Freixa / E. Solé (eds.): *La neologia en el tombant de segle*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra, 85-108.
- Carballeira Anxo, X. M. (coord.) (2000): *Gran dictionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais
- Castro Macía, L. (1995): *Diccionario Xerais de Sinónimos*. Vigo: Xerais.
- Corbeil, J.-C. (1971): "Aspects du problème néologique", *La Banque des Mots* 2, 123-136.
- Deroy, L. (1971) "Néologie et néologismes: essai de typologie générale", *La Banque des Mots* 1, 5-12.
- Feixó, X. (dir.) (1999): *Diccionario Cumio da lingua galega*. Vigo: Cumio.
- Fernández Salgado, B. (coord.) (1991): *Diccionario de dúbidas da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Ferreira Buarque de Holanda, A. (1986): *Novo dictionario Aurélio da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Nova Fronteira.
- Freixa, J. / E. Solé / M. T. Cabré (1998): "Interès de la neologia en el marc de la traducció: l' Observatori de Neologia", en P. Orero (ed.): *Actes del III Congrés Internacional sobre Traducció. 28-30 de març de 1996*. Bellaterra: Universitat Autònoma de Barcelona, 637-648.
- Freixa, J. / E. Solé (2000): "Neologia descriptiva i aplicacions lexicogràfiques: el *Diccionari de paraules noves*", en M. T. Cabré / J. Freixa / E. Solé (eds.): *La neologia en el tombant de segle*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra, 155-163.
- Freixa, J. / E. Solé (2003): "Neoloxismos para a actualización de gramáticas e dictionarios", en X. M. Gómez Clemente / A. Rodríguez Guerra (coords.): *Neoloxía e lingua galega: teoría e práctica*. Vigo: Universidade, 179-190.
- Gardin, B. et al. (1974): "À propos du 'sentiment néologique'", *Langages* 36, 45-72.

- Gómez Clemente, X. M. / A. Rodríguez Guerra (2003): “Neoloxismos na lingua xornalística galega”, en X. M. Gómez Clemente / A. Rodríguez Guerra (coords.): *Neoloxía e lingua galega*. Vigo: Universidade, 95-168.
- Mejri, S. (1995): *La néologie lexicale*. Tunis: Publications de la Faculté des Lettres de la Manouba.
- Monteagudo Romero, H. / X. García Cancela (coords.) (1988): *Diccionario normativo galego-castelán*. Vigo: Galaxia.
- Observatori de Neologia (1998): *Diccionari de paraules noves*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana.
- Quemada, B. (1971): “A propos de la néologie: essai de délimitation des objectifs et des moyens d’action”, *La Banque de Mots* 2, 137-150.
- Real Academia Galega (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Galaxia / Xerais.
- Rey, A. (1976): “Le néologisme: un pseudoconcept?”, *Cahiers de Lexicologie* 28, 3-17.
- Rodríguez Río, X. A. (1998): “O tratamento dos préstamos na norma léxica do galego”, *Verba* 25, 293-322.
- Seco, M. (1999): *Diccionario del español actual*. 2 vols. Madrid: Santillana.
- VOLG = Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1989): *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*. Santiago: ILG / RAG.
- Xove Ferreiro, X. *et al.* (1995): *Diccionario da lingua galega*. Vigo: Obradoiro.

MESA REDONDA “PROXECTOS LEXICOGRAFICOS EN CURSO”

Xosé M. Carballeira Anllo
(Gran diccionario Xerais da Lingua)

Manuel González González
(Seminario de Lexicografía da RAG)

Xosé A. Pena Romay
(Diccionario Cumio da lingua galega)

Parece evidente que o tipo de usuario a que se dirixen as novas obras lexicográficas galegas mudou substancialmente con respecto ó que viña sendo habitual nos textos máis antigos. ¿Cales son, na súa opinión, as principais necesidades dos usuarios dos dicionarios galegos actuais e en que medida o cambio de destinatario influíu sobre a composición das obras no plano micro e macroestructural?

X. M. CARBALLEIRA

Desde a nosa perspectiva, non mudaron as necesidades do usuario, senón que mudaron as necesidades da lingua, isto é, cambiou a situación sociolingüística. Transformáronse as condicións intrinsecamente lingüísticas. A situación lexicográfica en 1986 era absolutamente diferente da que se dá hoxe. Entón era totalmente imposible elaborar un diccionario das características do *Gran diccionario Xerais da lingua (GDXL)* porque non existía o substrato lexicográfico que o fixese posible, aínda que as necesidades do usuario fosen idénticas naquel momento.

Precisamente son as necesidades dese novo usuario as que nos levan a deseñar un diccionario do tipo do *GDXL*. Nel establécense tres tipos de entradas que se estruturan do xeito que segue:

- (a) As palabras que teñen consideración estándar-normativa.
- (b) As palabras galegas non estándares, fundamentalmente dialectalismos, popularismos, creacións recentes e expresivas e formas de uso moi específico.
- (c) As palabras non galegas.

Probablemente sexa un tipo de diccionario que non sobraría noutras linguas nunha situación diferente da nosa (p. ex.: o *DRAE* non inclúe as formas

non admitidas ou consagradas pola Academia; o *Diccionario del español actual* de Manuel Seco non ofrece indicacións sobre a corrección ou non de determinados usos).

M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Ata aproximadamente os anos 70 as demandas de carácter lexicográfico dos usuarios centrábanse na consulta de dicionarios bilingües español-galego, ou galego-español, porque o dicionario era utilizado de maneira practicamente exclusiva para *interpreta-lo significado* dalgunha palabra galega coa que o usuario se atopaba lendo algún texto; ou ben, no grupo minoritario que se animaba a *escribir en galego*, o usuario, partindo da voz en español, quería saber cómo se dicía en galego, e, sobre todo, se había algunha palabra galega máis *enxebre* ou máis diferenciadora con respecto ó castelán, e en canto se descubría algunha destas voces procurábase utilizar repetitivamente canto máis se puidese mellor. É o momento en que todo bo galeguista debía comeza-lo seu discurso dunha maneira parecida a: *Cómpre decatarse, xa que logo, que neste intre o anceio...* Pouco importaba que a palabra fose correcta ou non ou que correspondese exactamente ó significado que se pretendía transmitir. Deste xeito acadaron certa difusión voces como *anceio*, un derivado portugués de *ansia*, que como os portugueses escribiron en certa época con *z*, algún dicionarista galego adaptou con *c*, porque en galego o *z* e o *c* representan a interdental, e non lles parecía moi correcto escribir *z* seguido de *e*. De igual maneira, estendeuse o uso de *antergo*, como sinónimo de *devanceiro*, cando non é máis ca unha variante de *entergo*, e esta unha forma metatizada de *entrego*, que significa ‘completo’, ‘feito’, ‘maduro’, e que por paronimia, como recordaba algo a “antigo”, pasou a utilizarse co significado desta voz. *Antergo* é unha palabra cunha historia moi curiosa: nos textos do XIX e primeira metade do XX aparece usada xeralmente co seu significado correcto, e era moi frecuente a súa utilización, referida a persoa, para indicar que xa era unha persoa “feita e dereita”, por exemplo *un mozo antergo* era xa un mozo completo, e utilizábase particularmente, aplicado a *moza*, para indicar que xa estaba madura, e mesmo que xa lle pasara o sol pola porta. Pois ben, para indicar isto, Valladares define *antergo* como ‘ya de años’, e esta definición foi mal interpretada por outros dicionaristas e escritores que traduciron o ‘ya de años’ como ‘viejo, antiguo’, e a partir de aquí pasou a utilizarse para designar tamén os ‘vellos’ os ‘antigos’, é dicir, os antepasados. Son igualmente os tempos de *perante* co valor de ‘durante’ e de moitos outros usos semellantes, por fortuna cada vez menos frecuentes.

Nesta época ninguén se preocupaba de se un verbo era transitivo ou intransitivo, de se era ou non correcto o uso pronominal, nin de se un substantivo era en galego masculino ou feminino, de aí que esa información nos dicionarios, cando existía, era totalmente marxinal. O importante era a palabra.

Coa recuperación da democracia e o incipiente proceso de normalización lingüística as funcións do galego ampliáronse. O galego introduciuse na escola, na administración, nos medios de comunicación, na investigación e noutros ámbitos, co que as necesidades do usuario do dicionario van cambiando:

(a) Aparece por primeira vez a necesidade do criterio de corrección, tanto corrección semántica coma corrección gramatical. Isto ten repercusión tanto na macroestrutura das obras lexicográficas coma na súa microestrutura:

- Polo que se refire á macroestrutura, desaparecen como entradas os hipergaleguismos, pseudogaleguismos, etc., e, se aparecen, é cunha finalidade didáctica, para indicar que son formas incorrectas. Xeralmente, nestas entradas remítese para a forma alternativa correcta galega.
- Na microestrutura prodúcese un tratamento cada vez máis afinado da parte gramatical, e tamén unha depuración das acepcións propias da palabra galega. Por exemplo, hoxe, en ningún dicionario, baixo a entrada *adoecer*, aparece a acepción de 'senti-la falta de', flagrante castelanismo semántico que aínda se escoita hoxe na fala dalgúns profesionais dos medios de comunicación.

(b) Desaparece o criterio de subsidiariedade con respecto ó castelán. A maioría das obras lexicográficas ata mediados dos 70 recollían fundamentalmente as palabras galegas que eran distintas do castelán, ou que, coincidindo con esta lingua, ofrecen algún tipo de información de carácter etnográfico ou popular diferente do castelán. Isto nótase en menor medida ca nos outros nos dicionarios de Eladio Rodríguez e de Carré Alvarellos. Por exemplo, é escusado ir buscar en ningún destes dicionarios palabras como *ficheiro* ou *corrupción*, porque non aparecerán recollidas. Ou poderemos atopar hipergaleguismos como *pubricar* e *púbriico*, pero nunca *publicar* e *público*.

Desde o momento en que o galego se converte en lingua das relacións de tipo formal, e entra na administración ou na escola, o funcionario pode necesitar saber qué significa exactamente *corrupción*, e o neno dunha escola qué é un *ficheiro*. Hoxe un usuario normal necesita entrar en contacto con léxico pertencente a campos semánticos que estiveron tradicionalmente auses da expresión en galego: medicina, matemáticas, automóbil, dereito, fi-

sica, etc., que ata un determinado nivel de uso deben estar presentes nun dicionario de lingua.

(c) O neno da escola estudia galego, e aprende gramática en galego. A escola debería ser un lugar de enriquecemento progresivo e estruturado do léxico, pero por desgracia cumpre pouco e mal esta función (pero este é outro problema que non é agora o caso de tratar). En todo caso o alumno estudia conceptos como a *sinonimia* ou a *antonimia*, que debe ver ilustrados nun dicionario, e isto non só como exercicio para unha comprensión máis ou menos teórica dos conceptos, senón como procedemento de enriquecemento estilístico á hora de falar ou escribir. Hoxe case tódolos “bos” dicionarios galegos introduciron na microestrutura do artigo lexicográfico información sobre sinónimos, antónimos, e mesmo voces con distintos graos de vinculación semántica.

Na escola aprende conceptos desde o propio galego como os das clases de palabras (qué é un substantivo, un verbo, un adxectivo...), ou os de transitividade e intransitividade, que debe ver perfectamente reflectidos na consulta do dicionario. E non só iso, senón tamén a información pertinente sobre o réxime preposicional, que cada vez se incorpora máis ós dicionarios de lingua, pero aínda de maneira insuficiente. Ofrécese con frecuencia esta información referida ós verbos (por ex., *tirar*: *o cabalo tirou co home; devercer por algo*, pero *cobizar algo*), pero raramente referida a adxectivos (*fiel a*) ou a substantivos. Aspecto este que ás veces pode parecer baladí para certos usuarios, pero que resulta imprescindible para outros. Poñámonos no caso dun estudante estranxeiro, que atopa no dicionario o verbo *devercer*, pero sen indicación do réxime preposicional, ou o verbo *mirar* co significado de ‘coidar a alguén’, pero sen indicación de que se constrúe coa preposición *por*. Dificilmente podería construír un enunciado con sentido sen esta información.

d) Moi relacionado con isto están tamén as chamadas marcas lexicográficas, que indican unha restricción de uso dunha determinada acepción, sexan estas marcas de rexistro, diastráticas, diatópicas, diacrónicas, temáticas, etc. Imaxínense que chegue un home ó médico con dor de testículos e lle diga “sinto unha dor nas *bólas*”, ou que un médico do servizo de oncoloxía do hospital chame ó director do SERGAS e lle diga “necesitamos unha partida extraordinaria de dous millóns de euros porque se nos *escarallou* a bomba de cobalto”. A utilización de *bólas* e *escarallou* pertence a un nivel de lingua que non se corresponde coa situación formal en que se emiten estes enunciados, e este tipo de información débea fornecer tamén o dicionario.

e) Todos, mesmo os que teñen un coñecemento máis fondo da lingua galega, necesitamos acudir ó dicionario para coñece-la pronunciación correcta dalgunha voz que nos resulta descoñecida ou inhabitual, naqueles ca-

nos que non hai unha correspondencia unívoca grafema-fonema. Pero á información fonética referireime máis abaixo.

X. A. PENA

É visto que, gracias a Deus, a situación da lingua galega a nivel xeral, e a do seu ámbito lexicográfico en particular, mudou substancialmente de hai unhas décadas para acá, e que a dita mudanza foi para ben, malia que aínda (non nos enganemos nin vendamos fume de pallas) queda un mundo por facer, por traballar e por avanzar.

Así, as primeiras obras lexicográficas "limitábanse" a dar a coñecer, sen moitas máis pretensións, léxico galego (ás veces acompañado de comentarios ou apuntamentos de carácter gramatical) do que botar man á hora de escribir na nosa lingua ou á hora de ler, entender e descodifica-la lingua de diversos autores que traballaban en galego. E, obviamente, a lingua de traballo e de referencia era practicamente sempre o castelán (o que parece totalmente lóxico e xustificable desde un enfoque de funcionalidade e pragmaticidade), como o demostra o feito de que, bardante da entrada en galego –fraseoloxía incluída–, o resto do dicionario ía en castelán, ben a xeito de definicións, ben a xeito de simple equivalencia do lema ou entrada galegos. Alén disto, o público a quen ían dirixidas estas obras reducíase, en principio, a un espectro bastante limitado e delimitado conformado por un grupo de xente ilustrada (moita da poboación era analfabeta) que amosaba un certo grao de compromiso na defensa dos valores culturais do país. Deste xeito, en non poucas ocasións se daba o paradoxo de que persoas educadas e instruídas en castelán –e que tiñan como lingua nai o castelán– eran as receptoras deste tipo de obras, mentres que, pola contra, a máis da xente do país –que posuía, efectivamente, a competencia oral en galego, pero non así a escrita– quedaba á marxe deste movemento lingüístico-cultural galego e en galego.

Hogano, en cambio, a oferta en dicionarios é moi variada. Isto repercute nunha especialización e diversificación das estratexias lexicográficas que hai que adoptar en función do tipo de obra: parece claro que non se poden articular-los mesmos criterios para a elaboración dun dicionario de peto ca para a dun dicionario dirixido a nenos de primaria ou para a dun dicionario xeral e amplo de lingua, por poñer tres exemplos ben diferenciados. Xa que logo, dun a outro tipo de dicionarios apreciaranse variacións no número de entradas, no número de acepcións de cada entrada e no tratamento e desenvolvemento dos distintos artigos lexicográficos (remisións de antonimia ou sinonimia, exemplificacións, observacións, notas ou apuntamentos de carácter gramatical...), e isto sen entrar xa no apartado que atinxe á plas-

mación efectiva, material e visual do dicionario en si (medidas físicas do volume, estruturación interna da información, discriminación visual das distintas partes dunha entrada ou artigo lexicográfico...).

Para un maior abastamento nisto que acabo de comentar, e para que se poidan observar con maior claridade as diferentes estratexias que se poden seguir en función das peculiaridades de cada obra, vou apuntar a seguir unha serie de criterios base dos que se podería partir para a elaboración de cada un dos tres tipos de dicionario nomeados (criterios que, por outra banda, *non son rixidos e poden ser máis ou menos flexibles* segundo os casos e circunstancias):

Diccionario de peto

1. Número limitado ou reducido de entradas escolmadas en función de diversas variantes, con predominio, en principio, dunha hipotética importancia destas baseándose na súa porcentaxe de aparición nun rexistro “normal” de lingua.

2. Desenvolvemento dun número limitado e reducido de acepcións partindo do mesmo criterio có seguido no punto 1.

3. Notable limitación do número de remisións sinonímicas e antonímicas.

4. Ausencia de exemplos, bardante dalgún caso en que se consideren necesarios para unha correcta interpretación da definición e do seu uso ou contexto.

5. Notable limitación no número de observacións e de notas ou apuntamentos de carácter gramatical.

6. Non discriminación entre núcleo e contorno nas definicións.

7. Inexistencia dunha necesidade imperativa de que a definición poida substituí-la entrada nun contexto dado (por poñer un exemplo, non creo que sexa morte de home comeza-la definición dos adxectivos por “dise de” ou “aplicase a”).

8. Non necesidade de discriminación entre comportamentos actanciais do verbo cando estes, semanticamente, expresan un mesmo significado xeral.

9. Conveniencia da introducción dun pequeno apéndice gramatical con cuestións básicas de lingua.

Diccionario de primaria

1. Número limitado ou reducido de entradas escolmadas en función de diversas variantes, con predominio, neste caso, do criterio de dar conta dos contidos básicos que se tratan neste ciclo educativo (mesmo se poderían diferenciar dous “subciclos” dentro do de primaria: un que fose dos seis ós oito anos e outro que fose dos nove ós once anos).

2. Desenvolvemento dun número limitado e reducido de acepcións partindo do mesmo criterio prioritario có seguido no punto anterior.

3. Notable limitación do número de remisións sinonímicas e antonímicas (parece axeitado reflectir só algúns casos de sinónimos moi claros –e, de ser posible, completos– e, quizais, algunha remisión antonímica).

4. Maior inserción de exemplos ca para o dicionario de peto, intentando axeitalos a realidades ou contidos propios deste ciclo educativo.

5. Ausencia de observacións e notable limitación de notas ou apuntamentos de carácter gramatical (e, inda neste caso, referidos a cuestións básicas, como plurais en –*is* ou semellantes).

6. Non discriminación entre núcleo e contorno nas definicións.

7. Non necesidade de que a definición poida substituí-la entrada nun contexto dado.

8. Non necesidade de discriminación entre comportamentos actanciais do verbo cando estes, semanticamente, espremen un mesmo significado xeral.

9. Conveniencia da introducción dun pequeno apéndice gramatical con cuestións básicas de lingua.

Diccionario xeral e amplo de lingua

1. Extenso número de entradas (considero que o *VOLG* é unha boa base da que partir, o que non implica que non se poida ir máis alá ou introducir novas entradas, inda que estas requirirían dun rigoroso e completo estudo no que se establecese se realmente se trata de voces que poden formar parte do noso sistema de lingua ou se son voces alleas ó noso sistema e prescindibles nel).

2. Alta precisión e discriminación á hora de desenvolver ou articula-lo número de acepcións. Noutras palabras: deberíase xebrar ó máximo o espectro semántico cuberto pola entrada partindo da premisa de que os sinónimos nun contexto de uso dunha determinada acepción deben ser válidos para tódolos outros contextos de uso desa mesma acepción (creo que non lle escapa a ningún que na práctica é absolutamente utópico pretender aplicar este criterio de xeito uniforme e perfecto, pero coído que debe constituír un parámetro de traballo básico do que se debe partir e que habería que intentar apurar na medida das nosas posibilidades e do noso coñecemento e competencia).

3. Alto número de remisións, pero partindo da base de que estas lle deben achegar información pertinente ó consultor da obra ou de que deben contribuír a unha maior clarezza da definición, e nunca encerellala máis. Deste xeito, creo que se deberían evitar casos coma o seguinte (tirado da última versión do *Diccionario da Real Academia Galega* [en adiante, *DRAG*]):

licitar *v.t.* Vender [algo] nunha poxa. *Licitaron tódolos seus bens.* CF. **poxar**.

poxar *v.t. 1.* Vender [algo] nunha poxa. *Poxou a casa con mobles incluídos.* CF. **licitar**. // (...).

Eu, a verdade, non atopo diferenza entre as dúas acepcións e os seus respectivos exemplos.

4. En principio o ideal (repito, o ideal, xa que, bardante do *DRAG*, creo que ningún dicionario cumpre este criterio) sería que todas e cada unha das acepcións fosen acompañadas de cadanseu(s) exemplo(s). E xa, para lle poñer-lo ramo, que estivesen documentadas dalgún xeito, ben oralmente ou ben por escrito nalgunha publicación.

5. Inclusión –cando se considere pertinente ou necesario– de todo tipo de observacións e de notas ou apuntamentos de carácter gramatical que poidan axudar ó correcto uso da palabra que constitúe a entrada na(s) acepción(s) que se indique, ou que fornezan información de engadido. Ex.:

chamar *v.t.* [...] Comunicar con [alguén], ou tratar de facelo, por medio do teléfono. **OBS.:** Rexe tanto pronome átono acusativo coma dativo. *Chameina/lle por teléfono para felicitalle o día de anos.*

6. Discriminación entre núcleo e contorno nas definicións.

7. Necesidade de que a definición, na medida do posible, poida substituí-la entrada nun contexto dado.

8. Necesidade de discriminación entre comportamentos actanciais do verbo. Mesmo considero –e isto é unha opinión persoal– que dentro do que tradicional ou habitualmente se vén indicando como comportamento pronominal habería que diferenciar tres –chamémoslles así– “subcomportamentos”: o propiamente pronominal, o reflexivo e o que eu denomino (descoñezo se existe algún termo específico en lingüística para sinalalo) pronominal-indeterminativo. Por poñer algún exemplo práctico, e partindo da última versión do *DRAG*, creo que tal vez non se deberían meter no mesmo saco actanciais comportamentos de verbos como *suicidar* (claramente pronominal), *mirar* (comportamento reflexivo en “mirarse no espello”) ou *corroborar* (comportamento pronominal-indeterminativo en “con ese novo descubrimento corrobórase a súa hipótese”).

9. Conveniencia da introducción dun apéndice gramatical máis extensa para o dicionario de primaria, e onde se recollan de xeito resumido todos aqueles aspectos da norma que se consideren pertinentes.

10. E, por último, e a máis con respecto ás outras dúas obras lexicográficas, penso de min que tamén sería importante a inclusión da etimoloxía das palabras, ou da súa orixe no caso de voces creadas a través de procesos de

derivación, de composición ou de formación de novos termos partindo de elementos cultos de composición de palabras:

aerólito (do elemento de composición de palabras *aero-* [<gr. *aēr*, *aéros*, ‘aire’], ‘aire’ + elemento de composición de palabras átono *-lito*, ‘pedra’)

atmosfera (do elemento de composición de palabras *atmo-* [<gr. *atmós*, ‘gas, vapor’], ‘aire; gas’ + elemento de composición de palabras tónico *-sfera* [<gr. *sphaíra*, polo lat. *sphaera*], ‘esfera terrestre’)

xaspe (do gr. *íaspis*, polo lat. *aspide* [con “i” breve])

xaspeado (de *xaspe* + suf. *-ado*, ‘semellante ou parecido a’)

xastre (probabl. do cat. *sartre* <lat. tardío *sartore* [“o” breve] <lat. *sartu*, participio perfecto de *sarcire* [“i” longo], ‘remendar’)

xastrería (de *xastre* + suf. *-ería*, que indica arte ou oficio de, e tamén local ou establecemento comerciais relacionados co oficio de)

xeneralato (de *xeneral* + suf. *-ato*¹, que indica dignidade, cargo, función ou emprego de)

Todo isto polo que atingue ás mudanzas fundamentais que se produciron no mundo da lexicografía galega e en galego, tanto no plano microestructural coma no macroestructural.

Pola súa banda, polo que fai á cuestión de cáles son as principais necesidades dos actuais usuarios de dicionarios galegos, persoalmente téño bastante claro e, inda que poida soar moi forte, non vou andar con panxoliñas: o que poderíamos denominar usuario tipo ou usuario máis corrente (isto é, xente non especialista en galego, xente da rúa, por así chamarlle) o que procura fundamentalmente nun dicionario de galego é unha información de carácter normativo ou prescitivo, pero unha información que vén case sempre filtrada en función do castelán, xa que este é o sistema lingüístico que actúa, a nivel xeral, como lingua de partida e de referencia; en definitiva, e falando claro, o que o usuario adoita demandar é que se lle ofrezan opcións para poñer no noso idioma tal ou cal palabra que coñece e usa en castelán. Non fai máis falla ca escoita-las preguntas tipo de case toda aquela persoa que escribe en galego ou que traduce un texto desde o castelán: “¿isto existe en galego?”; “¿isto vale en galego?”; “¿isto pódese dicir en galego?”; “¿como se di en galego ‘x’ palabra?”. Daquela, creo que, optando por un enfoque pragmático –necesario en moitas ocasións mesmo para xente licenciada en galego–, ás veces hai que artellar estratexias que partan de que a lingua de referencia é o castelán, e é precisamente por mor disto polo que, cada vez en maior medida, nos dicionarios en galego se opta por marcar con asterisco aquelas voces castelás ou castelanizadas rexeitadas pola norma, remitíndoas á súa correspondente equivalencia en galego. Persoalmente creo que non

nos queda xa outra opción e que, lamentablemente, o futuro –cando menos o futuro próximo– encamiñárase cada vez máis nesta dirección, tomando como lingua inescusable de partida –ou, alomenos, de referencia fundamental– o castelán.

En relación coa pregunta anterior, e segundo o seu criterio, ¿o abano tipolóxico que cobre a lexicografía galega actual satisfai adecuadamente as novas necesidades? ¿Cales cre que son as carencias máis prementes?

X. M. CARBALLEIRA

Nos últimos anos, especialmente a partir de 1986 (*Diccionario Xerais da lingua*), produciuse unha proliferación de obras lexicográficas que abranguen moi diversos campos e que, en certo xeito, parecen cubrir as necesidades básicas dos usuarios.

As necesidades do usuario común están suficientemente cubertas (aí están, entre outros, os traballos lexicográficos de Edicións do Cumio e os de Edicións Xerais), pero seguramente non tanto as do estudioso ou do curioso da lingua.

Sempre se bota en falta un diccionario onomasiolóxico (ideolóxico) e un diccionario xeral da lingua galega, aínda que pensamos que este campo é cuberto bastante axeitadamente polo *GDXL*. Probablemente para os estudiosos da lingua sería moi importante contar cun diccionario etimolóxico e un diccionario histórico (un *Thesaurus*). Son imprescindibles, neste senso, traballos sobre o léxico da lingua viva e da literaria, vocabularios específicos e un vocabulario fonético.

M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Ó meu ver, hai que seguir traballando en varias liñas:

(1) Hai que *supera-la liña prescritivista*, polo menos nun gran thesaurus que recolla a maior parte do léxico utilizado no galego moderno. Espero que esta obra sexa o resultado final da explotación da base de datos lexicográfica do galego moderno que está dirixindo o Dr. A. Santamarina. Unha obra que recolla formas do galego común, pero tamén as voces dialectais, os castelanismos máis frecuentes no uso, os pseudogaleguismos..., enfocada sobre todo cara á decodificación. Alguén pode pensar que xa existe algunha obra deste tipo, que dá cabida a dialectalismos, alomorfías, etc. É verdade

que hai algunha obra deste tipo, pero realizada sen ningún criterio científico, produto máis da ignorancia ca de buscar unha ferramenta que cubra un tipo determinado de necesidades. Unha obra así debe ser coherente e orientadora para o usuario. Nela poderían aparecer, por ex., *laverca* e *laberca*, porque hai documentacións textuais das dúas grafías, pero ademais debe indicarse cuál é a grafía correcta, e o que non pode facerse de ningunha maneira é definir dunha maneira a forma con *v* e doutra distinta a forma con *b*. Digo isto porque casos deste tipo son frecuentes nalgún dicionario do galego. Debería levar ademais indicacións de carácter diatópico e diastrático, cando sexan pertinentes.

(2) É necesario investir un forte esforzo en *diccionarios bilingües*. Temos que acabar canto máis antes, cando traducimos de linguas coma o francés, o inglés, o alemán ou o ruso, coa necesidade de acudir ó castelán como lingua intermediaria. Ata este momento non temos sequera un bo diccionario bilingüe galego-castelán, castelán-galego. A lexicografía bilingüe está moito menos desenvolvida neste momento cá monolingüe.

(3) Outra liña na que hai que avanzar é nos *diccionarios especializados*. Xa contamos neste momento con algúns, pero é ámbito no que cómpre seguir afondando, porque as lagoas son aínda moi grandes, sobre todo se queremos que o galego sexa a lingua vehicular da chamada comunicación especializada. E aquí adentrámonos xa no campo da terminoloxía.

Neste momento contamos cuns 120 vocabularios de linguas de especialidade, de moi diferente valor, e destacan especialmente os traballos terminolóxicos levados a cabo en Termigal (Servicio de Terminoloxía Galega), no SNL da Universidade de Santiago, na Universidade de Vigo, nalgunhas editoriais, nos servicios de tradución da Xunta de Galicia, do Parlamento de Galicia, do TSXG e das Audiencias Provinciais. En Termigal existe ademais un servizo de consultas que trata de resolver as dúbidas terminolóxicas de carácter puntual que se lle presentan a calquera usuario. Ó meu ver, un dos aspectos que debe prever o futuro Plan de Normalización Lingüística que se está empezando a elaborar é un forte esforzo no desenvolvemento dos traballos terminolóxicos, totalmente imprescindibles para a normalización do galego na sociedade do terceiro milenio, e na súa difusión.

(4) Outra liña na que hai que traballar é na de lexicóns estruturados en trazos semánticos, que digan por ex., dun substantivo, se é concreto ou abstracto, animado ou inanimado, humano ou non humano, contable ou non contable, ou dun verbo se é de movemento ou estático, se ten restricións semánticas con respecto ó suxeito ou ó complemento directo... ¿Para qué? Sobre todo para ferramentas de enxeñería lingüística (síntese de voz, recoñecemento de voz, tradución automática) que esixan un determinado nivel de análise morfosintáctica e semántica automatizada. As análises sintáctica e se-

mántica automáticas aliméntanse mutuamente. Na práctica, unhas veces é a sintaxe a que axuda á interpretación semántica dunha voz, e outras veces é a semántica a que permite facer unha análise sintáctica correcta. Por ex., o verbo *comer* ten dous significados: a) 'inxerir alimentos', e b) 'proer', 'picar'. Nunha análise automática, podemos dicir que se o suxeito é [+animado] trátase do primeiro verbo e, polo tanto, nun sistema de tradución automática débesele asigna-lo significado de 'inxerir alimentos' (por exemplo *o neno come chocolate*), pero se o suxeito é [-animado] e non posúe obxecto directo, terá o segundo significado (por ex., *a ferida comíalle moito*).

(5) Falta aínda un diccionario etimolóxico galego. E hoxe, por primeira vez na historia, contamos xa cos instrumentos suficientes para emprender unha obra deste tipo dunha maneira rigorosa.

X. A. PENA

Desde unha óptica xeral, coido que o actual abano lexicográfico si que cobre as necesidades máis básicas ou comúns. Así e todo, considero que se debería facer máis fincapé nas solucións que o galego ten de seu para dar conta de vocábulos ou termos casteláns que se usan sen ningún tipo de reparo á hora de falar ou de comunicarse no noso idioma, máis ca nada por parte dos medios de comunicación (e refírome, é visto, principalmente á Radio Galega e á Televisión de Galicia).

Así, penso de min que nun diccionario non abonda con dicir, sen máis, que *relevo* ou *releva* non se poden empregar en galego cando remiten a acepcións relacionadas con *substitución* ou *substituír*. Hai que fornecer, daquela, as formas que se deben –ou, tan sequera, que se poden– empregar no noso sistema lingüístico: *remuda* e *remudar*, palabras inda vivas hogano na fala (e tamén existentes, por outra banda, en castelán e en portugués). E alén diso, nun diccionario xeral e amplo hai que discrimina-los diferentes usos e acepcións para que non se dea lugar a equívocos ou a enganos¹, co

1 En relación con isto dos equívocos por mor da falta de discriminación de acepcións ou de palabras homógrafas (ou sexa, palabras distintas que presentan o mesma forma significante), poderíanse reflectir varios exemplos reais. Vounos reducir a un, do que fun testemuña (e mesmo dunha volta vítima por causa da miña falta de rigorosidade) máis dunha vez. No *Léxico da administración castelán-galego* publicado polo ILG aparece a entrada *sillería*, e achégase como equivalente galega a forma *cadeirado*. Pero velaquí que en castelán existen dúas voces *sillería* coincidentes no significante: unha relacionada co castelán *silla* (que sería á que lle correspondería, para as dúas primeiras acepcións do *Diccionario da Real Academia Española* [en adiante, *DRAE*], o galego *cadeirado*) e outra relacionada co castelán *sillar* (*perpiaño* en galego). E, como resultado de todo isto, non é a primeira vez que vexo que a expresión castelá *obra de sillería*

cal se podería articular unha entrada do verbo *relevar* semellante á que a seguir amoso de xeito sintético (e só a modo de exemplo, xa que, feita como Deus manda, debería presentar máis acepcións e, probablemente, unha maior discriminación de usos):

relevar v.t. **1.** Facer [algo –como esculpir, pintar, etc.–] en relevo, ou dando sensación de relevo. Ex.: *Nótese como, neste cadro, o autor relevou a figura dos dous antagonistas en actitude de loita e empuñando cadansúa arma.* **2.** Pór de relevo [algo ou a alguén]. Ex.: *Os estudos en profundidade realizados postumamente sobre a súa obra relevaron a súa gran calidade literaria e puxeron de manifesto a súa influencia sobre outros autores.* Sin. **realzar, resaltar, salientar.** **3.** Liberar [a alguén] [dunha obriga, carga, compromiso ou semellante]. Ex.: *O xuíz, vistas as especiais circunstancias, relevouno de prestar declaración.* Sin. **eximir, exonerar.**
OBS.: Rexe a preposición *de*.

E xusto a seguir, marcándoo cun asterisco para indicar que se trata de usos non admitidos ou “condenados”, e a ser posible con letra máis miúda para unha mellor discriminación visual:

***relevar** v. tr. **1. V. relegar** [neste caso, na acepción de “quitar a alguén dun cargo ou posto”, coma en “lo han relevado del mando”]. **2. V. remudar** [neste caso, na acepción de “substituír nun posto ou servicio”, coma en “el siguiente turno nos releva a las once”].

Do mesmo xeito habería que proceder con voces como *esquilmar* (en galego relacionada con *esquilmo*, e non coa acepción de ‘esgotar unha fonte de riqueza’), fornecendo, tal vez, a opción de *escamiñar*; ou con *desquiciarse* e *desquiciado*, fornecendo, tal vez, as opcións de *(d)estartelar* e *(d)estartelado* (no DRAG óptase por *desnortarse*), respectivamente. Como se pode apreciar, persoalmente prefiro priorizar, sempre que poida, voces propiamente galegas e recolleitas da fala viva (nestes casos que veño de indicar, tódalas opcións son formas utilizadas con estes significados na zona de Santa Uxía de Ribeira, inda que supoño que tamén se utilizarán en máis sitios), fronte a formas sinónimas que tamén se poidan empregar en castelán.

En fin, que, en resumo, penso que resulta fundamental ofrece-las posibilidades de equivalencia que temos en galego para aquelas formas condenadas no noso sistema por se trataren de castelanismos.

(ou expresións semellantes) se traduce en galego como *obra de cadeirado* (o cal, é visto, é unha auténtica barrabasada), no canto de *obra de cantería* ou *obra de peipiaño*, que serían dúas posibles traducións.

E, á parte de todo isto, tamén acho que a nivel de produtos lexicográficos en galego temos dúas grandes eivas:

(1) A referente a materiais terminolóxicos relacionados con ámbitos de coñecemento específicos. Falo, é visto, non de pequenos vocabularios –nos que mesmo ás veces só se fan constal-as equivalencias, sen máis– que serven para ir saíndo do paso, senón de obras realizadas con criterios de amplitude ou extensión, rigorosidade e profunda concreción e discriminación nas definicións e contextos de uso de cada termo².

Sobra dicir que non é este un labor doado, pois cómpren lingüistas cunha sólida base e preparación terminolóxicas, ademais –e non me cabe a máis mínima dúbida de que esta é unha condición esencial e *sine qua non*– de contar co apoio, colaboración e asesoramento de especialistas no ámbito específico de que se trate. E todo isto debería estar sustentado nunha colaboración cun organismo –digámolo así– “oficial”, como pode ser hoxe en día o Termigal, unha vez que se reforme o seu status e composición (non me parece de xeito que un organismo que debería –ou, alomenos, que pode– xogar un papel fundamental no desenvolvemento da aínda en vías de logro terminoloxía galega estea constituído exclusivamente por bolseiros).

(2) A segunda eiva radica nas grandes diverxencias que se poden observar, segundo se consulten unhas ou outras obras, entre o corpus de lemas no que atingue á súa aceptación ou non como entradas válidas en galego, e mesmo tamén ó desenvolvemento destes mesmos lemas no que se refire á aceptación ou non de diferentes usos ou acepcións.

Sen entrar aquí en ningún caso concreto (e non porque sexan precisamente poucos), o que resulta evidente é que isto descoloca a calquera posible usuario ó que se lle dea por manexar varios dicionarios, pois non saberá a qué se ater ou a qué carta quedar, a non ser que o lema ou acepción en cuestión apareza no *Diccionario da Real Academia Galega*, xa que en principio o que aparece nesta obra está sancionado como normativo. Con todo, non deberíamos esquecer que unha das grandes tachas que presenta o DRAG é a do seu bastante reducido número de entradas, á parte de que, nalgúns casos, tamén se poden percibir erros abondo evidentes³.

2 Con este comentario creo que tamén se responde en parte á cuestión de se a lexicografía actual galega cobre as novas necesidades expresivas, cando menos no que fai ó ámbito terminolóxico.

3 Por poñer algún exemplo, non me parece de xeito que apareza a expresión *tocarse o carallo*, sintacticamente allea á nosa lingua (cando, ademais, é moi común escoitar esta mesma expresión co pronome átono dativo: *tócallo o carallo*). Así mesmo, non cabe dúbida de que se trata dun erro (ou, en todo caso, dun despiste) a recolleita de *desestimar* na acepción de “rexeitar [unha autoridade] [algo que se lle solicita]” cando na entrada *estimar* non se recolle a acepción de “acceptar, acoller ou admitir [unha autoridade] [algo que se lle solicita]”, xa que a primeira das formas verbais se ten necesariamente que formar sobre a base desta última.

¿Que como se pode solucionar isto? Pois coa elaboración dunha obra lexicográfica normativa, sancionada pola RAG e polo ILG, que servise de referencia inescusable e a partir da cal puidesen traballar cunha maior solidez e fiabilidade as diferentes editoriais.

Este é un punto que me parece fundamental, e creo que certo sector da sociedade o demanda xa case a berros, polo que van sendo moito horas de se pór mans ó carro. Ademais, de se levar a cabo a dita obra, repercutiría favorablemente no concepto de lingua que ten moita xente que, nos seus respectivos ámbitos de traballo, reclama solucións lexicográficas e/ou terminolóxicas fiables, e que atopa a escusa perfecta nesta ausencia de homoxeneidade e fiabilidade das solucións para seguir traballando en castelán ou para manter –inda que traballe en galego– certos termos en castelán (cousa que, por outra banda, me parece totalmente lóxica, pois eu faría o mesmo no seu caso).

Pensamos que a aparición do Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLG) repercutiu notablemente na elaboración dos dicionarios máis recentes. ¿Cales considera vostede que foron os efectos, tanto negativos como positivos, que trouxo consigo a súa publicación? Ou dito doutro xeito, ¿cre vostede que existe actualmente unha excesiva dependencia da norma á hora de selecciona-lo vocabulario lematizado nos dicionarios? ¿En que medida esa dependencia vai en detrimento da función do dicionario como instrumento de axuda para a descodificación de textos?

E, en relación con isto, se alguén está a pensar que o que veño de dicir constitúe unha crítica aberta a esta obra, non me queda outra ca responder que si. E éo porque considero que unha obra que leve o cuño ou selo da Real Academia Galega debe, necesariamente, ser máis coidadosa e rigorosa nas súas escollas normativas, xa que estas van te-lo rango de "lei" no que se refire á nosa lingua.

Ademais, e inda que se me poida retrucar que se trata da obra, de todas cantas hai en Galicia (e mesmo de todas cantas eu persoalmente coñezo de fóra do noso país), que segue uns criterios lexicográficos máis modernos e que reflicte un tratamento lexicográfico máis axeitado, rigoroso, exhaustivo e preciso no desenvolvemento das súas entradas (cousas ambas coas que concordo: a cada un o que é o seu), considero que non se deben vulgar ou avaliar en pé de igualdade os dicionarios que elaboran diversas editoriais –partindo en moitos casos do traballo e esforzo colectivo de xente allea á propia editorial que lle ten que sacar tempo ó tempo como boamente poida para participar nestas obras– e o dicionario dunha institución na que recae o peso da normativa en galego.

¿Que todo isto é moito máis complicado do que eu o estou a expor aquí e que necesitaría dun estudo e reflexión máis profundos? É visto que si. ¿Que para realizar dunha vez un dicionario completo, exhaustivo e rigoroso que marque as pautas do léxico normativo cómpre un forte investimento de cartos por parte de alguén? ¿Que ese alguén parece que debería se-la Administración, porque, se non, imos dados? ¿Que para iso fai falla vontade política? ¿Que etc., etc., etc.? Pois probablemente si, pero supoño que para iso haberá órganos, instancias, colectivos, etc. que se terán que mover e demandar xa esa obra referencial básica, procurando afastar e deixar a un lado todos estes posibles atrancos.

X. M. CARBALLEIRA

A aparición do VOLG supuxo unha achega importantísima e fundamental no camiño da fixación da norma á que aludía antes como imprescindible. En certo xeito foi a fonte na que bebemos en maior ou menor medida todos os que nos últimos anos viñemos traballando en lexicografía.

Efectivamente, é posible que un dos efectos negativos fose a excesiva dependencia da proposta do *VOLG* (máis exactamente da interpretación que del se fixo) á hora de seleccionar o léxico que se lematiza nos dicionarios, como xa indicamos na introducción ó *GDXL*.

Esta solución (a de ofrecer léxico normativo), que é xustificable e que tivo uns efectos beneficiosos sobre o modelo de lingua, tamén ten consecuencias negativas para os usuarios. Ó ofrecerem soamente solucións normativas, esas obras non lles proporcionan respostas a aquelas persoas que queiran saber, por exemplo, o significado de *amoxetar*, *cabozo*, *gaiolar*, *galistrar*, *gallear*, *biouteiro*, etc., formas de uso común na fala e na literatura. Que termos usuais da fala e da escrita non aparezan recollidos nestas obras lexicográficas porque o modelo de lingua que se reproduce é o estándar crea desamparo e inseguridade no usuario que, non entendendo as razóns, acaba descualificando o dicionario que ten nas mans e, por extensión, a lingua. Hai que pensar, por exemplo, que foron recollidas moi poucas das palabras utilizadas por Otero Pedrayo ou Cunqueiro. E, para non recuar tanto no tempo, tamén se poden encher varias follas co léxico non recollido nos dicionarios modernos que usan algúns autores contemporáneos.

A nosa proposta, por esa razón, foi máis alá da que fai o *VOLG*, non só no número de entradas (tecnicismos, cultismos, neoloxismos...), senón tamén en palabras patrimoniais galegas. *Bioelectroxénese*, *cantonés*, *secreción*, *concreción*, *fáctico*, *sepelio*, *tertulia*, *semisoto*, *feirón*, *siareiro*, *sesear*, *seseo* son algúns exemplos dos moitos termos non incluídos no *VOLG* que figuran na nosa obra.

Parece, xa que logo, evidente que esa dependencia deixa bastante limitada a capacidade de que o dicionario se converta nunha axuda á hora descodificar textos. A existencia dunha literatura, nalgúns casos distante e mesmo allea á norma, demanda unha maior flexibilidade/liberdade. Non se trata de incluír termos-invento nin solucións persoais, senón de darlles cabida a formas perfectamente léximas non recollidas.

M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ

O *VOLG* contén unha proposta de vocabulario normalizado da lingua galega, que foi seguida en xeral por case tódolos dicionarios posteriores, e non só polos dicionarios. Foi utilizado tamén noutras ferramentas importantes para a normalización lingüística, como por exemplo os correctores ortográficos de aplicacións informáticas. Isto foi positivo en moitos aspectos:

1. Propiciou a selección e priorización de formas dialectais.

O galego, como lingua durante moitos anos afastada dos ámbitos máis formais e mantida fundamentalmente no nivel oral, non sufriu un proceso histórico de estandarización que favorecese a imposición dunhas formas sobre outras. De aí que hoxe nos atopemos en moitos casos cunha proliferación de variantes dialectais entre as que é necesario establecer certo tipo de xerarquización, e recomendar unha delas como propia desa coine que é o estándar léxico dunha lingua. Por exemplo, ante unha situación dialectal actual na que, para designa-la *Betula alba* ou a *Betula verrucosa*, atopamos, entre outras, as denominacións: *bidueiro*, *bedueiro*, *bidoeiro*, *bidoeira*, *budueira*, *abedoeira*, *abedueira*, *abidueira*, *abidueiro*, *bedugo*, *bedul*, *bedulo*, *dulo*, *abedú*, *bídalo*, *bido*, *budio*..., escolleuse como forma recomendable *bidueiro*. Evidentemente as escollas non poden facerse arbitrariamente, senón que deben se-lo resultado final da aplicación de criterios previamente establecidos. Algúns destes criterios foron os seguintes:

a) A autenticidade da forma.- Como consecuencia do contacto lingüístico co castelán, frecuentemente introduciuse a voz castelá ó lado das tradicionais galegas, provocando mesmo nalgún caso a desaparición das denominacións propias. Cando na realidade lingüística actual atopamos voces castelás ó lado de voces propiamente galegas, sempre se lles dá prioridade a estas últimas, mesmo que o nivel de uso sexa menor ou que diatopicamente ocupen un territorio máis reducido. Procurouse aplica-lo principio de "ante dúas formas concorrentes, unha das cales é historicamente galega e a outra é castelanismo, recomendar sempre a forma galega aínda que a súa vitalidade actual sexa menor".

b) A extensión xeográfica.- Existen voces que teñen unha ampla difusión xeográfica, mentres que outras ocupan áreas máis reducidas ou son denominacións de ámbito máis ou menos local. Neste caso, sempre que se trate de voces inequivocamente galegas, préfirese a voz con maior extensión xeográfica ou a utilizada por maior número de usuarios.

c) A tradición literaria.- Non podemos esquecer que a lingua utilizada polos escritores foi un elemento fundamental na creación do nivel culto da

lingua galega, de aí que a tradición literaria dunha palabra sexa un factor que se tivo en conta con certo peso no momento de proceder a unha escolla léxica entre distintas variantes.

d) Coherencia interna da familia e coherencia cos principios da gramática histórica.- Nalgún caso excepcional revitalizouse unha forma fonética xa inusual na fala de hoxe, para mante-la coherencia interna dentro dunha familia e para mante-la coherencia con solucións tomadas noutras voces que presentaban unha situación fonética similar. Por exemplo, en galego existe un adxectivo formado a partir do substantivo *soar* (< lat. SOLARE) coa adición do suf. *-ego*. Na lingua de hoxe só se documentaron as formas *suarego* e *sarego*, pero a pesar diso recoméndase *soarego* por dúas razóns: para mante-la coherencia coa forma do substantivo primitivo *soar*, e porque o resultado máis xeral en galego da secuencia latina -OLA- é *oa* (tal como en lat. CO-LARE > gal. *coar*).

2. Levou a cabo unha depuración de castelanismos e voces espurias innecesarias.

O préstamo lingüístico é un fenómeno presente na historia de tódalas linguas, e en determinadas doses é enriquecedor para a lingua receptora. Pero en Galicia, debido á copresencia do castelán e do galego na sociedade producíronse dous fenómenos de signo distinto que levan consigo unha certa desnaturalización do galego. Por un lado, a substitución da voz tradicional galega por outra invasora castelá. Pero, aínda que en menor medida, tamén se produce, sobre todo na lingua de certos escritores, como actitude compensatoria que acentúe a diferenciación con respecto ó castelán, a incorporación de certos lusismos que nunca tiveron presenza na historia do galego e que igualmente entran en colisión con outras voces tradicionais galegas para designa-lo mesmo concepto.

De aí que se tivese especial coidado na eliminación de voces espurias innecesarias, aínda que teñan unha forte presenza na fala, particularmente dos castelanismos, tales como *abonar*, *rasgo*, *revocar*, *enfriar*, etc., que foron relegados en favor das voces propias galegas *aboar*, *trazo*, *revogar*, *arrefriar*; o de lusismos como **aceitona* fronte á voz tradicional galega *oliva*, ou *anceio* fronte a voces galegas do mesmo significado como *ansia*, *devezo*, *degoiro* ou *arela*.

Pero non só se depurou o castelanismo que afecta á forma da palabra, senón tamén o que afecta ó seu significado (por ex., *largo* en galego non posúe o valor de 'longo' que aparece ás veces nos usos populares; e *adocer* non ten en galego o valor de 'carecer' que atopamos por veces na lingua culta).

O castelanismo pode afectar tamén a aspectos da morfoloxía, coma o xénero dos substantivos; de aí que no noso dicionario aparezan condenados usos coma **a leite*, **a costume*, **a nariz*, **o síndrome*, **o fraude* presentes frecuentemente na fala, en vez dos correctos *o leite*, *o costume*, *o nariz*, *a síndrome*, *a fraude*.

3. Constituíu unha proposta de ortografía correcta do léxico galego.

Debido ós modelos gráficos do castelán e do portugués, non é frecuente utilizar grafías aberrantes desde o punto de vista da tradición gráfica do galego moderno, que foi necesario depurar. Estas aberracións afectan fundamentalmente ó uso correcto dos grafemas *b* e *v* e do grafema *b*. En canto ó primeiro caso, foi necesario rexeitar grafías coma **cobarde*, **barrer*, **basura*, **acibro*, **Estebo*, **trebo*, **abogado*, **povo*, etc. e poñer en circulación as grafías máis acordes cos criterios das nosas escollas gráficas *covarde*, *varrer*, *vasura*, *acivro*, *Estevo*, *trevo*, *avogado*, *pobo*, etc.

4. Orientou sobre a acentuación correcta de certas voces con acentuación incorrecta debida á influencia do castelán.

A presión do castelán xeneralizou practicamente no galego as acentuacións antietimolóxicas **ósmose*, **diócese*, **atmósfera*, **coengo*, **aerólito*... que aparecen como non recomendables no DRAG fronte á *osmose*, *diocese*, *atmosfera*, *cóengo*, *aerólito*.

5. Significou un esforzo importante na actualización e modernización do léxico.

O galego, como lingua afastada durante longos períodos históricos dos ámbitos comunicativos de carácter máis formal, non xerou o léxico necesario para expresa-las ideas da ciencia, da técnica e da cultura urbana. Para capacita-la lingua para a expresión de tódalas funcións que esixe a sociedade moderna foi necesario proceder á actualización e modernización do léxico, valéndose dos distintos procedementos existentes para este obxectivo, entre os que cómpre salientar:

a) O préstamo doutra lingua, tanto os xenismos ou préstamos introducidos sen adaptación (*kbmer*, *kibbutz*, *windsurf*, *walkie-talkie*...) coma os préstamos integrados, é dicir, palabras introducidas con adaptación ó sistema fonolóxico e morfolóxico da lingua receptora (*control*, *bisté*, *chalé*, *estándar*, *caolín*, *quiosco*...).

b) O cultismo latino ou grego.- Trátase fundamentalmente de voces do ámbito da ciencia e da tecnoloxía. Existe a crenza de que estas voces non presentan problemas de adaptación, pero isto non sempre é verdade. Por exemplo, no momento de introduci-las voces de orixe grega co nominativo en *-sis*, suscitouse a dúbida de se acepta-lo procedemento seguido polo español, que as adapta a partir do nominativo (*elipsis, crisis, diuresis, metátesis, apófisis...*) ou se segui-lo criterio da maior parte das linguas de face-la adaptación a partir do acusativo. Optouse polo segundo criterio por consideralo máis en consonancia co resto das linguas e máis acorde coa orixe da maior parte das palabras galegas que son continuación do caso acusativo; por iso se preferiu *elipse, crase, diurese, metátese, apófise...*

c) A retroalimentación: revitalización de arcaísmos.- En ocasións decidíuse poñer de novo en circulación algún arcaísmo desaparecido totalmente da fala actual, ben coa finalidade de encher un baleiro terminolóxico ou para recupera-lo lugar que lle usurpou a imposición dunha voz castelá. Son exemplos disto casos coma os de *cóngo, aboar, ousia, almafí* ('marfil'), *azote* (ó lado de *nitróxeno*), *azougue* (ó lado de *mercurio*), *taxa, xaxuar, doazón...*

d) O calco ou tradución literal.- É un procedemento do que non convén abusar, xa que se trata de materia propia con espírito alleo. É o caso de voces como *altofalante* ou *autoestrada*. A primeira a imitación do fr. *haut-parleur*, port. *altofalante*, it. *altoparlante*, ing. *loud-speaker*, al. *Lautsprecher* (e de maneira diferente ó esp. *altavoz*). A segunda a imitación do fr. *autoroute*, port. *autoestrada*, it. *autostrada* (e de modo diferente ó esp. *autopista*).

e) A creación autóctona, mediante a derivación, a composición ou o cambio de sentido. Son abundantes os casos de novas creacións mediante o procedemento da derivación: por exemplo, os substantivos *mostraxe* ou *listaxe* son novas formacións mediante a adxunción do suf. *-axe* ás bases respectivas *mostr-* e *list-*; e *lastro* (para expresa-lo concepto designado polo esp. 'adoquín' formouse co morfema *-o* sobre a base *lastr-*⁴). Tamén frecuente é o procedemento da composición, como en *beirarrúa, beiravía, pousatubos*. Unha modalidade especial de composición é a sinapse ou unidade complexa de significación, do tipo *resguardo de aboamento, rede de sumidoiros, boca da rúa...*; este procedemento é especialmente utilizado nas linguas de especialidade, particularmente nas de carácter técnico e científico. Ás veces botouse man dunha denominación que se aplicaba a un obxecto xa ob-

⁴ En certas parellas de palabras, en galego, a oposición *-o* / *-a* indica diferenza de tamaño, designando a voz acabada en *-o* obxecto de menor tamaño có designado pola forma en *-a* (*portelo* / *portela, cancelo* / *cancela, leiro* / *leira...*). Sobre este modelo creouse, a partir da voz patrimonial *lastra* o derivado *lastro*.

soleto e desusado para denominar outro novo cunha función semellante; as voces *vasoira* e *xesta* poden ser exemplos ilustrativos deste procedemento de ampliación ou cambio de sentido.

X. A. PENA

Particularmente considero que a existencia do *VOLG* representa unha valiosísima axuda para toda aquela persoa que traballa e/ou traballou en obras lexicográficas, xa que, para o meu ver, constitúe unha ferramenta clave que serve como base paradigmática da que partir. Mesmo iría máis alá: se de aquí a uns anos se consegue chegar a un certo grao de estabilidade e extensión social nos procesos de normalización e normativización (cousa que non teño nada clara, por certo), a perspectiva que nos vai da-lo tempo creo que fará que se aprecie na súa xusta medida o gran valor desta obra e o importante papel que está a xogar na fixación da variedade estándar.

¿Que por que foi –e aínda é– unha axuda fundamental? Pois porque fornece un vocabulario base que xa, de entrada, se dá por normativamente correcto sen ter que pasalo por ningunha peneira ou estudio previos. Con todo e isto, o que si creo que debería ter claro a xente que o manexa (e os propios autores do *VOLG* teñen feito comentarios neste sentido) é que, por suposto, a lingua galega non se reduce só ós lemas que nel se reflicten.

Daquela, creo que o posible problema que trouxo consigo o *VOLG* non é unha pexa intrínseca ou inherente á obra en si mesma, senón que foi un problema suscitado pola incorrecta interpretación do *VOLG* por parte de certos usuarios que o manexaron.

Deste xeito (e tendo sempre en conta que o *VOLG* tampouco é a biblia e que na propia obra se fai constar que, polo de agora, se trata dunha versión provisional –susceptible, polo tanto, de modificacións, correccións e/ou ampliacións–), penso de min que o que nos permite face-lo *VOLG* é centrarnos no estudio de todas aquelas voces non presentes nel para ver se se deben, ou non, introducir no corpus lexicográfico da nosa lingua. Xa que logo, para estas voces "novas" haberá que ter en conta a posible etimoloxía da palabra, a posible orixe partindo de procesos de derivación ou composición, de procesos de formación de novos elementos léxicos a partir de elementos de composición de palabras, etc⁵.

Con isto o que intento dicir é que non polo simple feito de termos voces recolleitas oralmente as temos que reflectir tal cal como lemas nun dicionario. Poño, sen ir máis lonxe, un exemplo práctico dunha zocada que metín eu persoalmente no *Diccionario de expresións e frases feitas*: resulta que pa-

ra a expresión castelá “chupar la sangre a alguien” [= explotar a alguén] recollín oralmente a expresión *comerlle a usamia*, e velaquí que, todo cheo de razón, reflectín tal cal esta expresión, sen me decatar de que realmente o substantivo *usamia* viña sendo un derivado de *óso* formado a partir desta base léxica + suf. *-amia* (inda que normativamente se prioriza *-ame*), que indica “conxunto ou colectivo de”, polo que desde un enfoque normativo debería reflectilo como *osamia* ou *osame*. Unha cousa semellante me pasou coa forma *templa* na expresión *estar de mala temple* [= *estar de mala leche*, en castelán], inda que neste caso tiven claro que normativamente debería facer consta-la forma *témpera* (no *DRAG*, *tempero*).

Deste xeito, e para resumir, direi que, para o meu ver, a existencia do *VOLG* foi, e é, notablemente positiva e mesmo fundamental, inda que os dicionarios xerais non poden nin deben reduci-lo seu corpus lexicográfico ó desta obra e teñen que ir inserindo máis voces (iso si, tal e como veño repetindo e reiterando, logo de pasalas pola peneira dun estudio serio e rigoroso).

¿Cal é a metodoloxía de traballo que se empregou na realización do seu dicionario (fontes lexicográficas, corpora textuais, ferramentas informáticas...)? Insistindo en aspectos metodolóxicos, ¿cal é a importancia da interdiscipliniedade na conformación de equipos de traballo e que eivas presentan os dicionarios galegos a este respecto?

5 De tódolos xeitos, que ninguén pense que o que estou dando a entender é que non se deben incluír aquelas voces das que se descoñece a etimoloxía ou a orixe, sobre todo cando están recolleitas oralmente: simplemente digo que non as hai que incluír ás toulolas ou sen xeito nin eito, senón que hai que actuar cun mínimo de criterio e de rigor.

E, iso si, tamén creo que, cando menos en principio, se deberían incluír todas aquelas que sirvan para dar conta de vocábulos casteláns (volvo ó exemplo de *escamiñar* por *esquilmar*; ou engado o de *necha* [con “e” pechado] para dar conta de *brecha* na súa significación de “ferida aberta nunha parte do corpo por mor dun golpe ou dun corte, e nomeadamente na cabeza”; ou o de *cagastallo* como equivalente do castelán *estropicio*; ou o de *freganzo* como sinónimo tradicional de *estropallo*; etc.) ou de realidades ben delimitadas e diferenciadas, inda que descoñeza se teñen equivalencia en castelán (poño, por caso, o exemplo de *sesta* –obviamente, recolleito oralmente como *sesta* [habería que ver se, quizais, se debería adoptar xa con esta forma patrimonial *sesta*, sen a consoante dobre culta], con “e” aberto–, que designa cada unha das dúas partes do día, e nomeadamente do día de traballo [a *sesta* da mañá e a *sesta* da tarde, xa que logo], e que era moi utilizado –e inda o é– na zona de Ribeira á hora de pagarlle a un traballador ou de cobrar este, pois ás veces un obreiro nunha semana só faltaba ó traballo unha *sesta*, ou tres *sestas*, e había que descontarllas –non se falaba, como se pode apreciar, de medio día ou de día e medio).

X. M. CARBALLEIRA

A recollida de todo o léxico que constitúe o conxunto de lemas ou entradas do dicionario fíxose nas seguintes fontes lexicográficas:

(a) Os dicionarios ou vocabularios publicados con anterioridade, fosen estes xerais ou específicos dunha determinada materia, asunto, etc. e especialmente o *VOLG*.

(b) Os traballos de recollida de léxico popular.

(c) Léxico de máis de noventa obras literarias de vintedous autores (aproveito para agradecerlle a Antón Santamarina o proporcionarnos o material informatizado destas obras literarias).

(d) O saber lingüístico de cada unha das persoas que compoñen o equipo do dicionario e o doutras persoas que fixeron chegar as súas suxestións.

Todo o material acumulado nas citadas fontes deu como resultado unha estraña mestura. A carón de formas normativas, aparecían outras que non o eran por dúas razóns: por seren variantes dunha solución historicamente ideal ou por non seren galegas (castelanismos, anglicismos, lusismos) ou por seren, mesmo, inventos.

Dado que o que se pretendía coa obra era que todo o léxico estivese recollido, non se podía renunciar á inclusión de ningunha das formas, pero a situación do idioma e o propio convencemento do equipo non aconsellaban localas no mesmo nivel. Adoptouse, pois, unha solución que permitise distinguir as formas non galegas das que o son e, dentro destas, as formas que teñen carácter estándar-normativo daquelas que non o teñen. O mecanismo escolleito foi fundamentalmente gráfico e baséase en marcas e na tipografía das letras.

Non houbo ferramentas informáticas específicas. Simplemente se empregaron aplicacións normais: un procesador de textos. En calquera caso, si resultaron de moita utilidade procesos informáticos previos que nos permitiron acceder ó léxico literario das obras sinaladas.

Con respecto á interdisciplinabilidade, é un factor fundamental á hora de elaborar unha obra lexicográfica e máis aínda nunha situación tan peculiar coma a nosa. É bastante evidente que o lexicógrafo non é quen de abranger áreas de coñecemento alleas á súa propia e, moitas veces, necesita de especialistas que precisen e delimiten termos e conceptos; é relativamente frecuente atopar nos dicionarios incongruencias históricas, científicas e doutro tipo porque, xeralmente, un dicionario é fillo de tódolos que o antecederon e, ás veces, reproduce os seus erros de xeito mimético. A comprobación por parte dun especialista faise imprescindible á hora de determinar se ese peixe é realmente peixe ou non, se lle corresponde tal nome científico ou se o termo químico está correctamente definido ou non.

O problema está en atopar as persoas que realicen ese traballo. No noso dicionario tratamos, na medida do posible, de evitar estes problemas consultando moi frecuentemente as dúbidas que ían xurdindo con especialistas.

Consideramos, con todo, que na elaboración dese futuro “dicionario xeral da lingua” habería que incluír no equipo de redacción especialistas dos diferentes campos, aínda que o traballo de “redacción” fose tarefa específica dos lexicógrafos.

M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Como director da obra, referireime ó *Diccionario da Real Academia Galega*. Non podemos obviar que o Dicionario da RAG non é un dicionario descritivo da lingua galega. É un dicionario normativo, e que polo tanto, á parte de cubri-las funcións doutros dicionarios de lingua, debe orientar sobre o uso correcto da nosa lingua, na grafía das palabras, na pronunciación, nos seus significados, nas súas características morfosintácticas e no seu rexistro. Esta función orientadora esíxelle moita máis prudencia ca a calquera outro dicionario, e unha análise moito máis depurada das fontes de que se nutre.

Hoxe non se entende a elaboración dun dicionario de lingua sen un corpus que lle sirva de apoio. Claro que se ten discutido moito sobre a constitución do corpus que debe de servir de base a unha obra lexicográfica deste tipo. No caso do *DRAG* podemos dicir *grosso modo* que a información está elaborada a partir de tres tipos fundamentais de fontes: as obras lexicográficas anteriores (dicionarios, vocabularios, léxicos...), corpus representativos da lingua escrita do galego moderno e corpus representativo da lingua oral do galego actual.

(1) Os dicionarios e obras lexicográficas elaboradas con anterioridade

O galego conta hoxe cun número xa notable de obras lexicográficas de todo tipo que, evidentemente, son consultadas na redacción do noso dicionario, pero non me vou referir particularmente a cada unha destas obras. Si quero dicir unhas palabras sobre dúas empresas que me parecen importantes no labor de recuperación e difusión dos traballos lexicográficos anteriores a 1970: a elaboración do dicionario de dicionarios, e o labor de recuperación de dicionarios inéditos por parte da RAG.

(a) O *Diccionario de diccionarios*⁶

É unha obra editada en CD-ROM que reúne, na segunda edición, deza-seis dictionarios galegos, de características moi distintas. O formato en CD-ROM permite unha utilización moi áxil da información: pode verse cómo a información foi pasando duns dictionarios a outros, cómo foi reelaborada e ás veces mal interpretada; son especialmente útiles as opcións de busca (por lemas, por sinónimos, por referencias en galego, por referencias en castelán, por voces afíns, por exemplos, por poemas e por refráns.

(b) O labor de recuperación de dictionarios inéditos por parte da Real Academia Galega.

Nos últimos anos a Real Academia Galega realizou un grande esforzo por recuperar do esquecemento e facilita-la publicación dunha serie de recoleccións de léxico galego, algunhas delas descoñecidas e outras totalmente inaccesibles mesmo para os especialistas, co fin de contribuír á recuperación do patrimonio cultural galego e de facilita-lo acceso a estes datos ós estudosos da nosa lexicografía. Merecen especial atención dentro destas obras "recuperadas":

Pensado, X. L. (ed.) (1995): *Traducción de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de agricultura al castellano (1840-1858)* (de autor desconocido).

Gómez Clemente, X. M. / X. B. Arias Freixedo (1990): "O *Vocabulario gallego-castellano* de Eduardo Pondal", *Cadernos de lingua* 2, 11-46.

Ferreiro, M. (1994): "Contribución á lexicografía histórica do galego. O vocabulario de Payzal", *Cadernos de lingua* 9, 55-88.

Bugarín López, M^a. X. / B. González Rei (2000) (eds.): *Diccionario gallego-castellano de F. Porto Rey*. A Coruña: Real Academia Galega.

García Ares, M. C. (2000) (ed.): *Nuevo suplemento al diccionario gallego-castellano de M. Valladares*. Anexo 4 de *Cadernos de lingua*. A Coruña: Real Academia Galega.

Neira López, M. / S. Riveiro Costa (2000) (eds.): *Vocabulario gallego-castellano de J. M. Pintos*. Anexo 5 de *Cadernos de lingua*. A Coruña: Real Academia Galega.

Romero Lema, F. (2000): *Vocabulario de Soneira*. Anexo 6 de *Cadernos de lingua*. A Coruña: Real Academia Galega [ed. a cargo de Xosé M^a Rei Lema].

⁶ A. Santamarina (ed.) (2000): *Diccionario de diccionarios*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza (Biblioteca Filolóxica. Instituto da Lingua Galega)

Todos estes traballos, que podemos cualificar de “históricos”, de lexicografía galega conteñen un número non pouco importante de voces galegas aínda non recollidas nas obras lexicográficas actuais, e que sen dúbida é necesario incorporar. Isto non é de estrañar se temos en conta que o contido destes pequenos tesouros non estaba accesible ata este momento para os lexicógrafos galegos.

(2) O Tesouro lexicográfico da lingua galega

Trátase dun ficheiro léxico con voces recollidas fundamentalmente da lingua oral. Este proxecto foi comezado a finais dos anos sesenta no primitivo Departamento de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago, baixo a dirección de Constantino García, e posteriormente foi incorporado ó Instituto da Lingua Galega, onde se continuou o labor de recollida léxica. Neste momento consta dunhas 800.000 fichas de tres tipos, que se corresponden a tres cores distintas, para facilita-la clasificación da orixe dos datos:

(a) as fichas brancas conteñen léxico procedente de teses de doutoramento, memorias de licenciatura e outras investigacións de campo realizadas por especialistas de calidade contrastada;

(b) as fichas amarelas conteñen léxico procedentes de enquisas realizadas por alumnos ou colaboradores. A información contida nelas non se considera dunha fiabilidade total, de aí que se teña en conta principalmente como complemento ós datos que figuran nas fichas brancas ou azuis;

(c) as fichas azuis conteñen léxico extraído da transcripción de gravacións de textos orais.

(3) A Base de datos lexicográfica do galego moderno

É unha base de datos elaborada cunha finalidade principalmente lexicográfica, aínda que pode ser utilizada proveitosamente tamén con outros obxectivos (estudios gramaticais, estudos dialectais...). A confección deste proxecto está dirixida por Antón Santamarina no Instituto da Lingua Galega, e abrangue o ámbito temporal comprendido entre 1671 e a actualidade, e nela están representados:

(a) textos literarios (prosa, poesía, teatro, traducións...);

(b) textos xornalísticos (desde o séc. XIX ata a actualidade);

(c) textos de carácter técnico e científico;

(d) textos de literatura oral (relatos, baladas, cancións, refráns...); e

(e) textos orais sen carácter literario.

Neste momento conta cun volume de ó redor de 12 millóns de rexistros, cunha alta porcentaxe de formas léxicas, xa que se eliminou unha parte importante das formas gramaticais máis comúns, como artigos, algunhas preposicións e algunhas conxuncións.

Os textos foron introducidos de maneira manual ou ben a través de escáner, e foi depurado de erros nunha primeira revisión. No proceso de preedición procedeu a certas manipulacións do texto:

(a) Demarcación de antroponimos, topónimos e nomes de institucións, para evitar que sexan consideradas voces do léxico común. Esta marcaxe permitirá nunha fase posterior facer un ficheiro particular con cada un destes grupos de palabras.

(b) Separación de elementos enclíticos.- O galego une directamente ó verbo as formas átonas enclíticas do pronome persoal (*cántolle*); nesta fase do proceso, sepárase o verbo do pronome persoal (*canto-lle*).

(c) Modernización ortográfica.- Para facilita-lo proceso de lematización procedeu naqueles casos de vacilación ortográfica, que non afectan á fonética, a unha uniformización de acordo coa tendencia ortográfica máis actual. Por exemplo:

- *unba, un-a, un-ba, umba...* unificanse en *unba*.
- uniformización do uso de *b* e *v*: *avó* e *abó* uniformízanse en *avó*.
- uniformización do uso de *b*: *boso* e *óso* uniformízanse en *óso*.
- uso do acento *gráfico* de acordo coas normas ortográficas actuais: *cantei* e *cantéi* uniformízanse en *cantei*; *pèrtega* e *pértega* uniformízanse en *pértega*, etc.

Sobre estes textos preparados realízanse as concordancias cun formato estándar no que aparece a forma, un contexto anterior de 60 caracteres, un contexto posterior de 50 caracteres, e un campo de referencias (autor, obra, data...). Cando o contexto non é suficiente para a interpretación correcta do sentido dunha palabra, pódese botar man dunha opción que permite amplia-lo contexto tanto anterior como posterior.

A fase seguinte é a de lematización, na que se procede á agrupación das distintas formas flexivas dunha palabra (*nenó, nena, nenos, nenas* agrúpanse baixo o lema *nenó*; *collo, collín, collera, colleremos...* agrúpanse baixo a forma do infinitivo *coller*), á agrupación de apreciativos (*pequeniño* lematízase baixo *pequeno*), á agrupación de variantes fonéticas (*noite, nuite, noute* e *nute* agrúpanse baixo o lema *noite*), á discriminación de homógrafos (*casas*, do verbo 'casar', discrimínase do substantivo 'casa'). Por último

procédese á asignación da categoría gramatical que se fai dunha maneira manual, pero auxiliada mediante un diccionario máquina que presenta as distintas opcións previsibles que poden corresponder a unha forma determinada.

(4) *Corpus de referencia do galego actual (CORGA)*

É un proxecto dirixido por Guillermo Rojo, que se está levando a cabo no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Trátase dunha base de datos que presenta moitas semellanzas coa anterior, pero da que difire no ámbito temporal de que se ocupa e en importantes aspectos metodolóxicos. Referireime brevemente a aqueles aspectos máis importantes en que se diferencia da anterior.

Recole textos a partir do ano 1970, recolle xa que logo o léxico do galego actual. Conta na actualidade tamén cuns 12 millóns de rexistros, pero preténdese chegar no ano que vén ós 25 millóns, polo que, a pesar de abranguer un espazo temporal máis restrinxido cá anterior é máis exhaustiva ca esta.

Unha primeira diferenza importante é que os textos non son manipulados; respéctase escrupulosamente o orixinal. Este modo de proceder ten o inconveniente de dificulta-la lematización automática, pero ten a gran vantaxe de permitir citar textualmente a fonte a través da información fornecida pola propia base de datos.

Pero o que marca realmente a diferenza nesta base de datos é o desenvolvemento paralelo dunha ferramenta de análise gramatical e de desambiguación que permite a lematización automática cunha marxe de erro realmente baixa. Isto, amais do valor intrínseco do propio programa de análise gramatical e de desambiguación, facilita o engrosamento da base de datos e a súa actualización cun custo económico realmente baixo, e ademais permite unha utilización moito máis flexible da información contida nela. Por exemplo, se queremos estudar a rexencia preposicional dun verbo concreto, podemos solicitar que nos dea tódalas ocorrencias do verbo seguido doutra palabra que sexa preposición, ou que sexa adverbio, e mesmo facilita o estudo estatístico de cada tipo de construción.

(5) *Datos do Atlas Lingüístico Galego*

A finais do ano 1974 deseñouse a realización do *Atlas Lingüístico Galego*, do que ata este momento se publicaron tres volumes (o primeiro dedicado á morfoloxía verbal, o segundo á morfoloxía non verbal e o terceiro á fonética). Neste momento estase traballando na redacción de nove volumes destinados ó léxico, para os que contamos xa con aproximadamente un 80% do

material informatizado e organizado nunha base de datos que permitirá a cartografía automática, pero que será susceptible doutras utilizacións, entre elas a da explotación lexicográfica. Tamén están totalmente transcritas as gravacións orais recollidas en cada punto de enquisa, e feitas as concordancias do léxico contido nelas. Trátase dun material valiosísimo que ofrece, respecto da información proporcionada polo resto das fontes, o valor engadido da precisión xeográfica.

(6) O *Arquivo do galego oral*

Aínda que este proxecto, realizado no Instituto da Lingua Galega e dirixido por Francisco Fernández Rei, non está enfocado directamente con fins lexicográficos, non hai dúbida de que proporciona unha información realmente interesante tamén neste ámbito.

Recolle gravacións de 4.434 informantes de máis de 2.000 puntos de todo o territorio galego. Conta neste momento cunhas 1.200 horas de gravación, conservadas unha parte delas en formato analóxico e outra parte en formato dixital. De momento só está transcrito e clasificado tematicamente algo máis dun tercio do material, pero esperamos que nun prazo non moi dilatado de tempo estea totalmente disposto para a súa utilización tamén como corpus susceptible de utilización lexicográfica. Evidentemente, cando os materiais do arquivo estean totalmente organizados e sistematizados, estes serán susceptibles de utilización para finalidades moi diversas, como o estudo do léxico popular, estudos dialectolóxicos, fonéticos, morfosintácticos e, sobre todo, pragmáticos.

Interdisciplinariedade na conformación dos equipos de traballo.

Os dicionarios xerais dunha lingua representan a visión do mundo e as vivencias dunha sociedade en toda a súa extensión, aínda que só con certo grao de profundidade. E as sociedades son realidades moi complexas. O seu coñecemento é totalmente imposible para unha persoa, ou para un grupo de persoas. De aí que para levar a cabo unha obra como un dicionario, sexa necesaria a participación de persoas (lexicógrafos) que teñan un coñecemento o máis amplo posible da realidade lingüística, e que ademais coñezan unha serie de técnicas e métodos necesarios para levar a cabo unha obra deste tipo. Pero necesitan, sen dúbida, a colaboración de moitas persoas que sexan coñecedoras en profundidade de determinados ámbitos da realidade, sobre os que o lexicógrafo non pode ter máis ca un coñecemento ás veces moi superficial, ou sobre os que ten mesmo un descoñecemento absoluto. Con isto quero dicir que a interdisciplinariedade é necesaria.

O dicionario non debe dicir mentiras, e as definicións deben corresponder a conceptos correctos. Para asegurar isto cómpre moitas veces a presenza do especialista nunha determinada materia ou nunha área do saber. Se houberse máis especialistas non só se melloraría a información proporcionada no artigo lexicográfico, senón que mesmo se evitarían moitos disparates.

Pero dito isto, e recoñecendo a importancia do especialista, non se pode perder de vista que estamos falando de dicionarios de lingua, non de dicionarios técnicos ou de dicionarios enciclopédicos, onde a información que hai que ofrecer é doutro tipo. E unha cousa é a taxinomía antropolóxica e outra distinta é a taxinomía científica, que en xeral non constitúe obxecto dos dicionarios de lingua. Por poñer un exemplo, en Galicia e Portugal téñense descrito ducias de clases de pínegas ou salamandras, cada unha das cales ten a súa caracterización científica que as diferencia, pero para o falante normal dunha lingua non son animais distintos, ou polo menos este falante do común non ten conciencia de que así sexa. Pois ben, o dicionario de lingua o que ten que ofrecer é a idea que ten o falante normal da lingua do que el considera unha pínega, por máis que saiba que unhas teñen só pintas e outras teñen franxas ou bandas continuas, etc. E, en puridade, os nomes científicos non deberían formar parte da microestructura dun dicionario de lingua, polo menos de maneira habitual. Entre outras razóns, porque, a pesar do que moitos pensan, é fonte de informacións incompletas e de fortes incoherencias.

X. A. PENA

Inda que a primeira parte desta cuestión está parcialmente contestada nas miñas respostas anteriores, creo que se poden engadir outros comentarios. Así, cómpre dicir que persoalmente parto dun concepto amplo do que é –ou debe ser– o galego, con intención de pólo en pé de igualdade con outras linguas tradicionalmente consideradas “de cultura” por mor do seu extenso cultivo, emprego e uso a tódolos niveis desde hai séculos (refírome fundamentalmente, neste caso, ós dous idiomas estatais cos que trabamos máis relación: o portugués e mailo castelán).

Deste xeito, e en trazos moi xerais, considero que o corpo básico do noso idioma (ó igual có de todo o resto de idiomas) nos ten que vir dado por aquelas voces, acepcións e usos tirados da lingua oral, logo de sometelos –repito– a unha peneira e estudos previos que nos permitan encadralos dentro dos lindes estruturais, funcionais e semánticos abranguidos polo sistema lingüístico galego (lindes que, por outra banda, non podemos nin de-

bemos interpretar como ríxidos, senón que debemos pensar que se trata dunhas estremas variables ou flexibles ata certo punto)⁷.

Considero, amais, que, conferíndolle a importancia que merece a este corpus básico, en moitas ocasións se deberían priorizar (ou, tan sequera,

7 Dado que posiblemente a terminoloxía que estou a utilizar non sexa a máis axeitada, creo que cómpre indicar que cando falo dunha palabra ou voz que non se encadra dentro dos lindes estruturais ou de conformación interna do galego, estoume a referir a aqueles vocábulos que non teñen xustificación nin desde un punto de vista etimolóxico, nin desde un punto de vista da súa posible orixe a través de procedementos internos de creación de palabras, nin desde un enfoque de creación de novas formas por medio de elementos cultos de composición de palabras, nin, por último, desde unha perspectiva de calco ou adaptación dunha voz que, procedente dunha determinada lingua, fose tamén asumida e integrada por outros idiomas á parte do galego.

E visto que, aínda así, a cousa pode estar bastante encerellada, parécese pertinente amosar algúns exemplos concretos que permitan unha máis doada interpretación do que denomino –quizais de xeito incorrecto, volvo repetir, xa que non son sabedor de se hai algún tipo de terminoloxía xa fixada para o caso– lindes estruturais, funcionais ou de uso e semánticos:

(1) **testifical** *adj.* Referente a los testigos (DRAE). [Adóitase empregar na locución *prueba testifical*].

Velaquí un caso do que considero un vocábulo que non entraría dentro dos límites estruturais ou de conformación interna do idioma. ¿Por que? Pois porque se trata dunha voz que, en principio, só se pode explicar na nosa lingua como préstamo directo do castelán, xa que non se recolle noutras linguas románicas (falo, neste caso concreto, do portugués, italiano e francés) e é de moi difícil xustificación en canto á súa orixe a partir dunha hipotética evolución natural en galego ou a partir dunha base etimolóxica asumible e aceptable.

Así, e inda que de primeiras se puidese pensar que se trata dun derivado da forma verbal *testificar*, parece que hai que desbotar esta opción, xa que os derivados adxectivos en *-al* se crean a partir dunha base léxica substantiva ou adxectiva, pero non verbal. E mesmo nas obras que consultei de castelán non se fornece ningunha xustificación da súa orixe, inda que tal vez se poida pensar que provén dunha antiga forma substantiva **testifico* (creada a partir de *testificar* de xeito análogo a como *testigo* se creou a partir de [*al*testiguar, cun proceso de substantivación desta forma de primeira persoa singular do presente de indicativo).

Pero en resumo, e en definitiva, parece que a priori non se axeitaría ás características estruturais do galego, polo que, para dar conta dela, teríamos que optar por unha locución do tipo *de testemuña(s)* ou dunha forma adxectiva *testemuñal*, tal e como fan as tres linguas románicas antes mencionadas.

Outro exemplo que podería servir para exemplificar este tipo de casos podería ser, perfectamente, o substantivo masculino *cupo* [= cota], xa que ten a súa orixe nunha forma verbal conxugada que non forma parte da estrutura lingüística interna do galego.

(2) **pueblo** *m.* 1. Ciudad o villa. 2. Población de menor categoría. [...] (DRAE). [Trátase dun vocábulo que se correspondería estruturalmente coa forma galega *pobo*].

Este é un exemplo do que denomino vocábulo que non se encadra dentro dos lindes funcionais ou de uso do galego. A diferenza fundamental con respecto ó terceiro dos exemplos que amosarei radica en que, neste caso, as dúas acepcións indicadas designan realidades extralingüísticas que forman parte da vida cotiá da comunidade, e para as que a propia comunidade articulou ou desenvolveu de xeito natural na norma (entendendo *norma* como o conxunto de expresións lingüísticas que serven para dar conta das situacións comunicativas normais ou comúns dunha comunidade) as súas propias formas: 1. Vila, cidade. 2. Aldea, lugar, vilar, poboación...

Daquela, e inda que a palabra *pobo* forma parte do patrimonio lingüístico galego como “conxunto de persoas que ocupan un determinado espacio xeográfico e presentan características

destacar) formas propiamente galegas no caso de confluencia con outras formas castelás. Deste xeito, e partindo novamente do *DRAG*, tanto na acepción 1 de *garrote* (“pao curto con que se retorce unha corda, cordel, cadea, etc. para tensala e apertala”) coma na 2 de *agarrotar* (“apertar fortemente as ligaduras de [unha cousa] tensándoas dándolle voltas a un pao que se lles entrecruza”), persoalmente optaría por priorizar *arrocho* e *arrochar*, respectivamente. O mesmo acontecería cunha forma xa comentada anteriormente: *freganzo*, como sinónimo tradicional de *estropallo* (descoñezo se esta última forma está realmente documentada na fala).

Tamén lles daría preferencia (ou, todo o menos, poríaa en relación de igualdade con outras opcións) a formas documentadas de xeito oral no idioma, inda que non teñan xustificación desde un punto de vista da estrutura do galego e inda que quizais na súa orixe procedan do castelán⁸. Refírome, por exemplo, a casos como *achuela* (o sufixo diminutivo parece claramente castelán) para dar conta da forma castelá *destornillador* (parece que *desaparafusador* se nota, a nivel xeral, como palabra “rara”, allea e importada, inda

culturais comúns” ou como “xente común” (por oposición ás clases con máis poder económico ou social), parece que o seu uso para designa-las anteditas realidades extralingüísticas responde, máis ben, á influencia da correspondente voz castelá *pueblo*, de aí que se opte por rexeita-la súa utilización nestes casos.

(3) *dieta* *f.* [...] 2. Honorario que un juez u otro funcionario devenga cada día mientras dura la comisión que se le confía fuera de su residencia oficial. Ú. m. en pl. // [...] 5. *pl.* Estipendio que se da a los que ejecutan algunas comisiones o encargos por cada día que se ocupan de ellos, o por el tiempo que emplean en realizarlos (*DRAE*).

E, por último, este sería un vocábulo que, nestas acepcións, non se encadraría dentro dos lindes que delimitan a parte do espectro semántico cuberta pola forma significante; noutras palabras: inda sendo esta unha forma integrada no noso sistema, parece que a cobertura semántica das dúas acepcións indicadas por parte deste significante é propia do castelán, e non ten correspondencia noutras linguas. Ademais, e fronte ó exemplo anterior, semella que nos atopamos ante unha discriminación de dous espazos ou compartimentos semánticos non existente na norma galega e que, polo tanto, non tiña plasmación real ou efectiva en ningunha forma significante propia do noso sistema.

Daquela, en principio habería que rexeita-la utilización desta palabra para dar conta destas dúas acepcións. Pero, claro, no mundo actual faise necesaria a articulación dalgunha forma lingüística que dea conta delas: a solución que máis rolou foi a de *axudas de custo* (non recolleita aínda no *DRAG*), tamén utilizada en portugués. De tódolos xeitos, quizais se podería estudar algunha outra que fose máis económica e de máis fácil asimilación, partindo, ó mellor (e só é un exemplo ou conato de proposta), por vía culta, de *diaria(s)*, forma que xa en latín (como neutro plural de *diariu*) presentaba o significado de “ración diaria; xornal, salario de cada día”, que en italiano cobre as acepcións aquí mencionadas e que en portugués tamén presenta o mesmo significado (“3. Importância paga aos viajantes e funcionários públicos ou de firmas particulares en servizo fora da sua sede, para estada, alimentação, transporte, etc.” [*Novo Dicionário Aurélio da Língua Portuguesa*]).

8 Téñase en conta, en relación con isto, que formas normativamente admitidas e que en aparencia poden semellar moi galegas, tales como *malia*, *medrar* ou *maniotas*, parece ser que teñen a súa orixe no castelán.

que neste caso preciso teña ó seu favor a analogía formal co verbo *desapara-rafusar*, ou á forma *perreira* (cunha terminación que dá que pensar e cunha base léxica de orixe dubidosa: ¿quizais relacionado con *perruca*?) para dar conta do castelán *flequillo*⁹.

E a partir de aquí, e fóra do que sería xa ese corpo básico no que descansa a esencia do que é a alma ou a cerna do idioma, entraríamos¹⁰ no terreiro do que son os novos vocábulos non existentes de xeito efectivo na lingua (ou, cando menos, non existentes nalgunha das acepcións que pasan a cubrir). Trátase de vocábulos creados fundamentalmente por medio de procesos de derivación e/ou composición, por medio de calcos ou adaptacións de estranxeirismos ou por medio de procesos de formación de novos elementos léxicos botando man dos chamados “elementos de composición de palabras”, á parte, claro está, de todas aquelas voces tomadas directamente por vía culta a partir do latín ou do grego. E en todos estes casos o que hai que ter moi presente é que a súa creación non é arbitraria, senón que se rexen por unha serie de regras que, moitas veces –inda que non se coñezan na súa vertente teórica–, se aplican de xeito natural ou inconsciente por analogía con outras voces; así e todo, creo que para un lexicógrafo resultaría moi conveniente dispor do seu dominio ou coñecemento teórico para poder aplicalas na práctica con certo rigor.

Está claro que non é este o foro axeitado para se pór a falar destas regras, pero, con todo, quixera reflectir algún exemplo para que máis ou menos se vexa por onde van os tiros:

(1) Caso de creación dun neoloxismo ou dunha nova forma mediante un proceso de derivación.

Partamos dun hipotético caso no que, quizais por necesidades dunha traducción, teñamos que crear unha palabra que designe a “condición de sicario” de alguén, ou dun grupo de persoas. Xa que logo, é obvio que temos que partir de *sicario* e engadirlle un elemento sufixal que achegue a idea ou significación de “calidade de, condición de ou carácter de” (este sufixo podería ser, perfectamente, *-dade*). Pero, daquela, pódese presentar un problema: ¿que forma deberíamos elixir, *sicaridade* ou *sicariedade* (imagine-

9 E ademais, neste caso, creo que sería unha opción de máis doada asunción xeral cá de *floco*, proposta en diversos dicionarios.

10 Como se pode notar, estou intentado resumir na medida do posible –e da miña limitada competencia– o concepto que teño do que é, e do que debería ser, a nosa lingua no ámbito léxico, polo que prego que non se tome ó pé da letra este intento de explicación e que se parta da base de que non se lles está a dar cabida a moitos aspectos tamén importantes que se deberían abordar nun tratamento máis polo miúdo.

mos, por exemplo, un enunciado como “la sicaridad/sicariedad de los elementos más influyentes de la banda mafiosa los hacía todavía más peligrosos”)? Pois se xa dispomos do coñecemento teórico da regra que di que en galego o sufixo *-dade* adopta, a nivel xeral, a forma *-edade* naqueles casos en que a base léxica sobre a que se forma o derivado remata en *i* + vocal, formando normalmente ditongo (p. ex., *solidariedade* [< *solidario*]; *notoriedade* [< *notorio*]; *obviedade* [< *obvio*]), parece que o que deberíamos facer é optar por *sicariedade*.

Ou partamos doutro hipotético caso (como se pode apreciar, estou forzando moito os exemplos en prol dunha explicación ou argumentación que intenta ser clara e de doada recepción por parte do lector) en que teñamos que articular un neoloxismo adxectivo en *-al* a partir da forma *adepto* (por exemplo, nunha locución como “actitudes y comportamiento adeptales/adeptuales” [= actitudes e comportamentos propios dos adeptos]): ¿como o adaptamos, como *adeptal* ou *adeptual*? Pois en principio parece que a base léxica da que partiríamos sería o cultismo latino *adeptus*; de ser así, e tendo en conta que a nivel xeral o sufixo *-al* adopta a forma alomórfica *-ual* naqueles casos en que temos unha base latina rematada en dúas consoantes + u, parece que o máis normal sería escolle-la forma *adeptual*¹¹.

Ou, para rematar, ¿por que non se acepta normativamente a forma, por exemplo, *incertidume*? ¿Por amolar e toca-la badana? Pois non, señores, e a explicación é ben sinxela: *incertidume* formaríase a partir dun prefixo *in-* que indica a negación ou o contrario do significado pola base léxica + *certidume*; e o que resulta bastante evidente é que, se esa base léxica non existe no idioma, non ten moita traza optar pola forma derivada, máxime cando témo-la voz *incerteza*, que cobre perfectamente o espectro semántico do castelán *incertidumbre*¹².

(2) Caso de creación dun neoloxismo a partir de elementos cultos de composición de palabras.

Nesta ocasión imos partir dun vocábulo xa efectivamente existente en castelán: *dextrógiro* [= *adj. Quím.* Dícese del cuerpo o substancia que desvía a la derecha la luz polarizada. U. t. c. m. (*DRAE*)]. Trátase dunha voz que aparece recolleita no *VOLG* como *dextroxiro*, pero botemos de conta que

11 Acho que é este, precisamente, o principio que se segue á hora de priorizar normativamente *procesual* fronte a *procesal*, xa que se parte de que (ó igual ca noutras linguas) a base léxica de orixe é o latín *processu* (como se ve, rematada en dúas consoantes –neste caso, dous eses– + u).

12 Un caso moi semellante a este sería, por exemplo, o da forma verbal *reanudar*: se non témo-lo verbo *anudar*, non podemos formar *reanudar*.

non aparecese, ou que ó noso VOLG lle faltase xusto a folla en que se reflicte a palabra e tivesemos que optar por articular unha opción para ela porque nos sae nunha tradución desde o castelán: daquela, en principio, estou case certo de que os máis de nós reflectiríamos **dextróxiro* en galego, con acentuación proparoxítona.

En cambio, de sabermos que existe un elemento de composición de palabras culto –*xiro*¹³, adaptado tamén como tónico en linguas como o portugués, o italiano ou o francés, non me cabe dúbida de que a opción escolleita sería *dextroxiro*. Así, poderíamos xustificarla orixe e maila escolla desta opción do seguinte xeito:

dextroxiro -a (<do el. comp. *dextro-*, 'dereita, lado dereito' + el. comp. *-xiro*, 'que fai xirar ou fai virar')

(3) Desenvolvemento dun neoloxismo –normalmente terminolóxico– para dar conta dun termo ou acepcións casteláns.

Seguindo aínda no terreo dos vocábulos non existentes de xeito efectivo na lingua, podémonos atopar tamén co caso de ter que desenvolver un neoloxismo (normalmente no eido da terminoloxía) para dar conta dun termo ou acepción casteláns (sigo a facer unha continua mención do castelán porque creo que é a realidade máis habitual da que temos que partir en todos estes casos). Para este tipo de circunstancias é preferible tamén, sempre que sexa posible (e sen forzar nunca a situación), acudir a unha solución que parta dunha voz galega –ou que, en todo caso, estea recolleita en dicionarios galegos– a recorrer a elementos cultos.

Sinalemos un exemplo:

alcorque² *m.* Hoyo que se hace al pie de las plantas para detener el agua en los riegos. (*DRAE*)

A partir de aquí esta voz pasou a designar, no eido da construción e da urbanística, a "focha ou burato que se fai arredor do toro das árbores que están nas vías públicas para que poidan reter mellor a auga".

13 De feito, no propio dicionario poderíamos ter unha entrada como:

–**xiro -xira** (do gr. *gyros*, 'círculo; xiro', polo lat. *gyru* [con "y" longo, de aí que o acento recaía na sílaba "gy-"]) *el. comp.* Elemento de composición de palabras de orixe grega, tomado a través do latín, que entra na formación de certos elementos léxicos achegando a idea ou significación de *que xira ou vira* (p. ex., *sinistroxiro*) ou *que fai xirar ou fai virar* (p. ex., *dextroxiro*).

¿Como denominar esta realidade en galego? Pois resulta que no *VOLG* aparece o verbo *ablaquear*¹⁴, recolleito tamén no diccionario de Eladio Rodríguez e no *Diccionario da Real Academia Galega* (1913-28) co seguinte significado: “Hacer un hoyo ó excavación alrededor de un árbol ó de una planta para retener el agua en él, ó para exponer las raíces de dichas plantas á la acción del aire. Lo mismo que ABLAQUECER”.

Parece, xa que logo, que designa unha acción que podería dar como efecto ou resultado o denominado *alcorque* en castelán, co cal xa podemos ter unha forma da que partir. Pero velaquí que o que nos cómpre é unha forma substantiva, e non unha forma verbal, e temos que o substantivo que designa a acción e efecto de ablaquear é *ablaqueación* (recolleito no *VOLG*, no *Diccionario da Real Academia Galega* (1913-28) e en portugués, e tamén xa existente en latín). Podemos, xa que logo, recorrer a este substantivo; sen embargo, usada en diversos contextos nos que en castelán se recolle *alcorque*, pódese pensar que é unha forma que podía presentar unha non demasiado fácil asimilación ou asunción no galego actual, e que ó mellor conviña articular un neoloxismo: ¿tal vez *ablaquea*?, ¿tal vez *ablaqueo*? Pois, considerando que no noso idioma se constata un elemento sufixal *-eo* que indica “acción e/ou efecto de [formas verbais rematadas en *-ear*]” (p. ex., *caneio* [*<canear*], *cabreo* [*<cabrear*], *paseo* [*<pasear*], etc.), tal vez o máis conveniente fose optar por *ablaqueo*¹⁵.

Alén de todo isto, e como xa comentei anteriormente, parto dun concepto amplo de lingua. Isto é, parto dun concepto no que acho fundamental do-ta-lo galego (sobre todo no ámbito verbal, que creo que é o que máis se presta a isto) dunha diversidade e variedade expresivo-léxica que lle permita cubri-las máis das acepcións que presentan as linguas de referencia no noso devir cotián: falo, é visto, do portugués e, máis ca nada, do castelán (sociolingüísticamente, e queiramos ou deixemos de querer, non nos queda outra ca referirmos ó castelán a cada canto). Así pois, estou a favor dunha visión

14 Non é este o mellor exemplo de priorización de palabra galega fronte a un cultismo, xa que o verbo *ablaquear* está –ó igual ca en portugués– tomado por vía culta a partir do lat. *ablaquare* (= “Cava-lo chan arredor da árbore para arrinca-las raíces inútiles e para conserva-la auga na base da planta”), pero pode servir como referencia para ver unhas teóricas pautas de actuación.

15 Obviamente, trátase dunha simple proposta (que, é visto, non ten por que se-la única) que logo poderá, ou non, ser aceptada normativamente. É máis, creo que de haber (cousa que neste momento descoñezo) unha forma realmente patrimonial que máis ou menos dea conta da mesma idea ou realidade ca *alcorque*, habería que optar por ela. De tódolos xeitos, o que si atopo fundamental á hora de crear novas palabras ou neoloxismos é o feito de que calquera proposta de solución que se faga debe estar previamente argumentada, xustificada e defendida de xeito coherente, e a partir de aí a decisión final da súa aceptación ou rexeitamento normativos xa a deberán toma-los órganos ou institucións a quen lles compete.

ampla e integradora da nosa lingua na que teñan cabida as formas e/ou acepcións que, malia non estaren documentadas, sexan comúns ó portugués e ó castelán e sexan perfectamente defendibles desde un punto de vista etimolóxico ou da súa orixe interna, nomeadamente cando estas formas sirvan para ocupar baleiros léxicos do galego en parcelas que teñan cubertas tanto o castelán coma o portugués.

E penso de min que, adoptando esta estratexia (con moito tento, coidado e rigor, iso si, e sendo perfectamente conscientes do que se está a facer), podemos conxugar de xeito non traumático nin forzado a cerna da identidade lingüística galega coas necesidades expresivas dunha lingua de cultura en tódolos ámbitos de uso, respectando sempre a base esencial que ó longo do tempo deu lugar ó noso idioma. Coido, ademais, que é o que desde as propias instancias normativas se está a facer, inda que nun nivel bastante básico (véxase, se non, o exemplo de *participar* na súa acepción de "facer partícipe de [algo] a alguén"). En resumidas contas, e salvando as diferencias, trataríase de aplicar en lexicografía parámetros de estratexia propios da terminoloxía.

Reflicto a seguir o que considero que podería constituí-lo artigo lexicográfico dunha serie de lemas verbais para que se poida apreciar mellor o que intento argumentar ou explicar:

abalanzar (do pref. *a-*², utilizado en moitos casos sen significación precisa para crear unha forma verbal parasintética a partir dun substantivo + *balanza* + suf. de verbalización *-ar*) *v. tr.* **1.** Poñer no fiel [unha balanza] engadindo ou quitando peso, facer que [unha balanza] quede nivelada ou equilibrada engadindo ou quitando peso. *O froteiro abalanzou a romana engadindo un par de mazás.* (Pouco us.) **2.** Determina-lo peso de [algo] utilizando a balanza. *Por favor, ¿podíame abalanzar esta bolsa de fariña?* Cf. **pesar.** (Pouco us.) **3.** Facer que [algún obxecto] teña ou manteña niveladas ou equilibradas as partes que o compoñen engadindo peso, quitándoo, levantando unha parte, etc. *Se non conseguimos abalanza-lo cadro por abaixo, non imos poder encaixalo nas alcaiatas.* Sin. **equilibrar, nivelar.** (Pouco us.) **4.** Impulsar ou lanzar con forza e/ou violencia [algunha cousa ou persoa]. *Abalanzou a seu irmán contra a parede.* Sin. **arrebolar, guindar.** **5.** Facer que [un obxecto] se dirixa con forza contra [algo ou alguén]. *Abalanzou o coche contra a multitude.* **6.** Ser [algo ou alguén] o motivo que provoca que [algunha persoa] se decida a [facer algo]. *O seu sentimento de culpa abalanzouno a presentarse perante a policía.* Sin. **impulsar, mover.** **OBS.:** Rexe a preposición *a.* **7. v. pr.** Ir ou botarse decididamente e con forza [unha persoa ou animal] contra, ou en dirección a, [algo ou alguén]. *A carraxe fixo que se abalanzase contra o seu xefe e o tirase ó chan.* Sin. **botarse, lanzarse, saltar.** **8.** Tomar [alguén] de súpeto, resoltamente e con firmeza a decisión de [facer algo], levándoo a cabo nese mesmo momento. *Ó que escoitou esas inxustas críticas contra a súa persoa no programa,*

*abalanzouse a colle-lo teléfono e chamar á radio. Estaban todos facéndolle o conto ó director cando, de repente, teu curmán se abalanzou a dicirlle catro cousas. Cf. **atreverse, decidirse**. OBS.: Rexe a preposición *a*.*

acusar (do lat. *accusare*, ‘acusar; reprochar’) *v. tr.* **1.** Atribuírle a [alguén] [o defecto, tacha ou calidade negativa que se expresa]. *A prensa acusa o novo ministro de corrupto e fascista. Sin. **tachar**.* **2.** Atribuírle a [alguén] [a culpa ou responsabilidade de algo negativo]. *Agora acusan o administrador do mal funcionamento da empresa. Sin. **culpar**.* **3.** Atribuírle a [alguén] [un determinado crime, delicto ou falta punible pola lei]. *Antes de entregarse quere saber de qué o acusan. Sin. **incriminar**.* **4.** Revelar(lle [a alguén]) que [unha persoa é a autora] d[unha acción censurable]. *Se me acusas (ó profesor) de copiar no exame, mátese. Cf. **delatar**.* **5.** Revelar(lle [a unha autoridade competente]), sen ser parte obrigada do xuízo, que [unha persoa é a autora dalgún delicto ou falta punible pola lei]. *Xurounos que así que saia do cárcere comezará a facer pescudas para descubrir quen o acusou. Sin. **delatar**.* **6.** Experimentar [alguén ou algo] [os efectos dun golpe ou suceso negativo]. *O campión acusou o gancho de dereita do aspirante. A economía occidental está acusando os efectos das guerras orientais.* **7.** Pór [algo ou alguén] de manifesto [algunha cousa], deixar ver [algo ou alguén] [algunha cousa], nomeadamente cando se trata de algo que se pode considerar negativo. *O seu xeito de comportarse acusa unha notable inseguridade. Nestes campionatos o base da selección acusou unha preocupante baixa forma.* **8.** Facer máis intenso ou acusado [algo]. *O accidente aínda acusou máis a coxeira que tiña de nacemento. Sin. **acentuar, agudizar, pronunciar**.* **9.** Comunicarlle, participarlle ou notificarlle [a recepción dunha carta, documento, oficio, etc.] [a quen o enviou]. *Acúsolle a recepción do seu último talón.* **10. Der.** Expoñer [o fiscal ou a parte demandante] de xeito definitivo, no xuízo, ([os cargos contra o acusado achegando as probas pertinentes]). *O fiscal acusou o presunto violador cunha seguridade e contundencia tales que nos fai concibir moitas esperanzas de que o condenen.* **11. v. refl.** Confesarse [alguén] culpable [de algo]. *Ningún dos dous detidos se acusou do asasinato.*

contrafacer (do lat. tard. *contrafacere* <lat. *contra*, ‘contra’ + lat. *facere*, ‘facer’) *v. tr.* **1.** Reproducir, ou tratar de reproducir, [algo] do xeito máis aproximado posible. *Quen mellor contrafai a súa sinatura é Brais. Levou o primeiro premio do concurso, e hai que recoñecer que contrafixo a voz de Luz Casal case á perfección. Sin. **imitar**.* **2.** Reproducir, ou tratar de reproducir, [a alguén] nos seus xestos, movementos, falares, etc., nomeadamente coa intención de facer rir. *Se ves a Meixide contrafacendo o profesor, escachas á risa. Sin. **imitar, remedar**.* **3.** Reproducir [algunha cousa] do xeito máis aproximado posible e intentar facer pasala por boa ou auténtica para, de xeito fraudulento, tirar algún tipo de beneficio ou causar prexuízo. *Está no cárcere por contrafacer carnés e pasaportes. Sin. **falsificar**. Cf. **adulterar**.* **4.** Mudar voluntariamente [a voz, o aspecto, os xestos, etc.] coa inten-

ción de facerse pasar por outra persoa ou de facer rir. *Contrafixo o andar para facerse pasar por coxo, e como levaba a face case tapada non fomos quen de recoñecelo.* **5.** Mostrar [alguén, ou a aparencia externa de alguén], [unha calidade, sentimento, estado de ánimo, etc. que realmente non ten]. *Co seu comportamento pretendía contrafacere alegría, pero notábase triste. Estaba nervioso, pero a súa faciana contrafacía serenidade.* *Sin.* **aparentar.**

dexenerar (do lat. *degenerare*, ‘[i.] dexenerar, degradarse; [tr.] corromper; envilecer’) *v. i.* **1.** Perder [un espécime animal ou vexetal –ou unha raza ou variedade, respectivamente–] a súa xenuidade, autenticidade ou pureza, as súas calidades primitivas. *Des que tivo aquela enfermidade, a planta dexenerou. Os brutais cambios das condicións ambientais fixeron que algunhas destas razas fosen dexenerando e mesmo desaparecesen.* *Sin.* **abastardarse.** **2.** Ir [alguén] a peor nos seus costumes, comportamento, carácter, etc. *O seu contacto cos capos da droga fixo que dexenerase. Ti dirás que evolucionamos, pero eu creo que involucionamos e que o xénero humano dexenera máis rápido que á présa.* *Sin.* **abastardarse.** **3.** Mudar [algo] para peor ó perder algunha das súas primitivas calidades. *Sostén que o xénero das películas de vaqueiros dexenerou nos últimos tempos. A conversa dexeneraba por momentos.* *Sin.* **abastardarse.** **4.** Mudar [algo ou alguén] para peor ó perder algunha das súas características primitivas, e converterse n[aquilo que se expresa]. *Parece mentira que un home tan afouto coma el dexenerase nun tipo tan apoucado e covarde. O altruísmo do que sempre se gababa acabou dexenerando no máis cruel e radical dos egoísmos.* *Sin.* **abastardarse.** *Ant.* **rexenerarse.**

igualar (de *igual* + suf. de verbalización –*ar*) *v. tr.* **1.** Facer que [unha cousa] sexa externamente igual a [outra], ou facer que [varias cousas] sexan iguais externamente. *Fai como queiras, pero iguálame esta carauta con estoutra. Hai que iguala-las molduras das portas.* *Ant.* **desigualar.** **2.** Facer que [unha persoa ou cousa] sexa igual ou teña o mesmo nivel [ca outra], ou facer que [varias persoas ou cousas] se volvan iguais ou teñan o mesmo nivel. *Para formar un bo equipo vai haber que iguala-la cadencia de pedalada do ciclista de atrás coa do que vai adiante. A formación intelectual colectiva pode iguala-la xente e levamos a un futuro mellor. O novo goberno quere iguala-las pensións.* *Sin.* **equiparar, nivelar.** **3.** Chegar a pórse [unha persoa ou cousa] ó mesmo nivel ca [outra], tornarse [unha persoa ou cousa] igual a [outra] en canto a nivel. *Cría que era o mellor guitarrista, pero o seu discípulo non tardou nin un ano en igualalo e mesmo superalo. En menos dun lustro os nosos productos igualarán os das mellores empresas americanas.* **4.** Facer que [unha superficie desigual ou irregular] fique co mesmo nivel en tódalas súas partes. *Antes de construír, queren iguala-lo terreo.* *Sin.* **achaiar, achandadar, alisar, aplanar, nivelar, rasar.** **5.** Considerar ou tratar como igual [unha cousa ou persoa] con respecto a [outra], ou considerar ou tratar como iguais [va-

rias cousas ou persoas]. *Se realmente estás pretendendo iguala-lo xogo do Celta co do Valencia, é que non tes nin idea de fútbol. Non iguales nunca a riqueza coa bondade. Un psiquiatra nunca pode igualar tódolos pacientes que padecen a mesma patoloxía, xa que lles pode cumprir cadanseu tratamento personalizado e especializado. Sin. equiparar. 6. Dep. Conseguir un resultado ou marca igual a [outro, propio ou alleo, que se expresa]. Igualou a súa mellor marca. Igualou a marca de Sebastian Coe nos xogos olímpicos dos Ánxeles. 7. v. i. e pr. Ser [unha cousa] igual a [outra], ou seren iguais entre si [dúas ou máis cousas]. Fixéronme unha chafallada de moito carallo, que ningunba das follas das ventás (se) iguala coa súa folla par. ¿Ti cres que estes dous pantalóns (se) igualan, ou nótasles algunba diferenzia? 8. v. pr. Chegar a pórse [unha persoa ou cousa] ó mesmo nivel ca [outra], tornarse [unha persoa ou cousa] igual a [outra] en canto a nivel. En saborería xa se iguala co pai, pero en humildade aínda lle queda moito por percorrer. Co paso das xornadas o xogo do Valencia foise igualando ó do Celta. 9. v. pr. ind. Volvérense externamente iguais [dúas ou máis cousas que eran distintas]. A acción de axentes externos fixo que estas rochas se chegasen a igualar.*

imaxinar (do lat. *imaginari*, ‘imaxinar, concibir na imaxinación’) *v. tr. 1.* Representar, crear ou formar na mente [a imaxe ou situación que se expresa]. *Imaxina un mundo sen guerra. Imaxina que quedamos sen árbores, ¿que futuro nos agardaría? Sin. figurarse. OBS.:* Naqueles casos en que segue unha cláusula tamén se poden empregar como sinónimos as expresións verbais *facer de conta, botar de conta, facer conta de, botar conta de: Fai de conta (= Fai conta de) que quedamos sen árbores. Bota de conta (= Bota conta de) que non hai ninguén observándote e compórtate con naturalidade. 2.* Representar, crear ou formar na mente [a imaxe de alguén] [facendo algo que se expresa, ou sendo algo que se expresa]. *Ti imaxíname dando un discurso pola televisión e bótate a rir. ¿Imaxínalo de millonario? 3.* Te-la idea, opinión, suposición ou sospeita [laquilo que se expresa]. *Imaxino que virá. Imaxino que non terá problemas para contestar. ¡Home!, imaxino que traerías saco de durmir, ¿non? Sin. figurarse, supor. 4.* Te-la idea, opinión ou íntima convicción de que nun futuro [alguén] acabará, ou acabaría, [facendo algo en concreto que se expresa, sendo algo concreto que se expresa ou estando de determinado xeito que se expresa]. *Sempre te imaxinamos como o líder que nos levaría á victoria, e agora non es máis ca un fracasado. Dentro duns anos imaxínote nos países do Terceiro Mundo, axudando a xente a sobrevivir. 5.* Chegar á conclusión de [algo que se expresa] como consecuencia de [coñecer, observar, ver, etc. algo que tamén se expresa]. *Imaxinei que chegaras en canto vin a luz acesa. Imaxinou que non había exame ó non ver ninguén nos corredores da facultade. 6. v. refl.* Representar, crear ou formar [alguén] na mente [a imaxe de si mesmo facendo algo que se expresa, ou sendo algo que se expresa]. *¿Imaxínaste baixando a fume de carozo en zorra unha pendente nevada? Imaxínome casada*

e con meniños e dáme a risa. 7. Ter [alguén] a idea, opinión ou íntima convicción de que nun futuro acabará [facendo algo que se expresa, sendo algo que se expresa ou estando de determinado xeito que se expresa]. *Polo camiño que imos, imaxínome no paro en menos de dous anos.* *Sin. ver. 8.* Crer [alguén] que é [aquilo que se expresa], sen selo realmente. *Imaxínase o novo redentor do mundo. María non comer un roscó, séguese a imaxinar obxecto de desexo feminino.*

Téñase en conta que non estou avogando por facer un galego artificial, e que en todos aqueles espazos de uso en que xa haxa unha forma de noso que dea conta deles optaría, sen ningún tipo de dúbida, por priorizala nosa forma¹⁶. Pero o que si hai que ter en conta é que en tódalas linguas aparecen reflectidas acepcións cultas que practicamente non son utilizadas –ou a canto son utilizadas– polos seus usuarios, mais, así e todo, si forman parte do acervo lingüístico desa lingua e nun momento dado unha persoa pode botar man delas. Desde aquí o que pretendo é darlle ó galego tamén esa opción ou conferirlle ese status (mantendo, como veño reiterando, o que é a nosa alma ou cerna lingüística), de xeito que poida mirar en pé de igualdade cara a todas estas linguas tradicionalmente consideradas “de cultura”.

E logo de todo este lerio para expor, en trazos xerais, a que considero que é unha correcta metodoloxía de traballo, abordo xa a cuestión de qué ferramentas de traballo se terían que utilizar. E considero que –e o que vou dicir é unha verdade da eida puxa– con canto máis material bibliográfico e lexicográfico se conte, e canto máis avanzadas e complexas sexan as ferramentas informáticas con que traballemos, mellor.

No que atingue ó material lexicográfico de manexo e uso, creo que –á parte do *VOLG*– se debería contar cunha versión informática do *Diccionario de dictionarios* e con obras lexicográficas e/ou terminolóxicas de bo nivel

16 Por poñer outro exemplo que resulta altamente clarificador, pensemos (neste caso fóra do que é o eido dos verbos) na forma castelá *cobecho*, que a nivel xeral é traducida ó galego por *suborno*. A tradución, en principio, non é que sexa incorrecta (inda que *soborno* sexa hiperónimo de *cobecho*, xa que esta última voz só se aplica a subornos realizados por funcionarios públicos), pero, pregunto eu, ¿non sería, cando menos, interesante *estudiar* unha voz como *comechura*, recolleita no dicionario de Eladio Rodríguez?:

Comechura. Vocablo vulgar, que denota lo que se obtiene por el cohecho y soborno repetidos; y lo que se gana por medio de manejos inmorales y reiterados.

Comechar *v.n.* Dedicarse a la COMECHADA o COMECHURA el funcionario público que mediante dádiva dispensa favores legales o no legales.

¡Ollo!: non estou a dicir que haxa que adoptar estas formas, pois tal vez o *comechar* sexa unha deturpación do *cobechar* castelán. Simplemente estou a dicir que habería que estudar esta posibilidade, ver se aparece recolleita ou documentada en máis sitios, ve-la súa orixe (neste caso parece clara, xa que parece que a base léxica da que se parte en orixe é *comer*), etc. E se realmente é así, e se chega á conclusión de que non é nin deturpación de *cobechar* nin un “invento”, senón unha palabra galega ¿non sería máis axeitada ca *suborno*?

feitas noutras linguas (fundamentalmente castelán e portugués, pero tamén italiano, francés e catalán, e a maiores, se tamén podemos dispor de obras noutros idiomas, mellor ca mellor). E isto, por suposto, sen esquece-los diferentes dicionarios galegos xa elaborados e mailo acceso ó material lexicográfico coñecido como “Tesouro”, presente a xeito de fichas no Instituto da Língua Galega.

E, por último, polo que respecta á importancia da interdiscipliniedade na conformación de equipos de traballo, creo que se trata dunha necesidade cada vez máis premente e imperiosa, xa que a un lingüista ou lexicógrafo non se lle pode esixir que sexa coñecedor de toda canta entrada e acepción apareza reflectida nun dicionario, e o que si parece claro é que de canta máis competencia, coñecemento e información dispoña o redactor respecto daquilo que pretende definir, maiores posibilidades terá de facer unha definición máis precisa e correcta. Así, e máis ca nada para aqueles lemas e/ou acepcións pertencentes a ámbitos de coñecemento específicos (marcados moitas veces nos propios dicionarios a través de abreviaturas como *Der.*, *Mat.*, *Fís.*, *Quím.*, etc.), conviría contar cun equipo de apoio e/ou asesoramento conformado por especialistas en cada unha das materias, o que, con todo seguridade, repercutiría favorablemente na claridade e precisión das definicións.

Nos últimos anos houbo un notable avance das técnicas lexicográficas que afectou tanto ó tratamento das definicións como á estrutura do artigo lexicográfico. ¿En que medida os dicionarios galegos souberon aproveitar ese avance?

X. M. CARBALLEIRA

No noso traballo non se introduciu de maneira premeditada ningún dos novos avances en materia lexicográfica. En certo xeito habería que dicir que traballamos “pola vella”. Por outra parte, o feito de tratarse do encargo dunha entidade privada, obrigou, por esixencias de tempo, a determinadas renuncias. Entre elas, a de incorporar algunha das novas técnicas lexicográficas (diferenciar o contorno do núcleo da definición, etc), aínda que é probable que no noso proxecto a súa inclusión engadise un factor de maior barullo tipográfico.

M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ

En xeral produciuse un avance notable na incorporación das técnicas lexicográficas tanto na estruturación do artigo lexicográfico coma no tratamento da definición. Non é agora o momento de expoñer cómo debe de organizarse un artigo lexicográfico ideal, pero si quixera sinalar algunhas eivas, que se observan aínda neste aspecto, referidas principalmente á ausencia ou insuficiencia de información e a deficiencias derivadas da falta de dominio de certas técnicas lexicográficas.

(1) Ausencias de información

(a) En canto á fonoloxía.- Non sei se o ideal sería ofrece-la transcripción fonolóxica de tódalas entradas: esta pode resultar redundante para o falante dunha lingua, pero pode ser importante, por exemplo, para a información que busca un estranxeiro (se houberse unha transcripción fonolóxica no dicionario, evitaríase que cando un usuario non galego que ten algún coñecemento de portugués, se atopa coa palabra *algunha* lea *alguña*). En todo caso, se non se opta pola transcripción fonolóxica integral da palabra, deberíase polo menos incluír aqueles casos de falta de univocidade na relación dun grafema cun fonema, é dicir, cando un mesmo grafema pode representar fonemas distintos, porque esta información é fundamental para practicamente tódolos usuarios do dicionario galego. Trátase fundamentalmente de dous casos: (a) a realización das vocais *e* ou *o* cando van en sílaba acentuada; (b) a realización do grafema *x* como "fricativo prepalatal xordo" ou como representante do grupo difonemático *ks* (un usuario normal non sabe se debe pronunciar *taxa* ou *taksa*).

(b) Á información gramatical referireime no próximo punto.

(c) Os exemplos.- O exemplo é un elemento fundamental no artigo lexicográfico, porque axuda ó usuario a percibir un ou máis contextos concretos de uso real da acepción. Tense dito moitas veces que un bo exemplo aclara máis ca unha definición. Pois ben, a exemplificación é algo do que carecen moitos dos nosos dicionarios, e o máis frecuente nos que a utilizan é que non o fagan sistematicamente, pero o grave é que precisamente non aparece naqueles casos en que a presenza do exemplo é máis necesaria. Dos dicionarios actuais, só o da RAG é sistemático na utilización do exemplo.

(2) Deficiencias

A principal deficiencia refírese á técnica da definición lexicográfica. Hai dicionarios que non ofrecen definicións propiamente ditas, senón que, ba-

seándose en situacións comunicativas, exhiben unha serie de notas que permiten ó usuario do dicionario identifica-la palabra cun significado determinado. Por ex., para *chover*: “cando cae auga e imos co paraugas aberto, dicimos que chove”; ou para *preservar*: “se preservas algunha cousa, tomas medidas para conserva-la ou protexela para que non se estrague, non se perda ou non a rouben”. O exemplo máis popular deste tipo de obras, e que tivo un éxito espectacular, é o COBUILD. Este tipo de información é útil cando se trata de palabras referidas á esfera da vida da que ten experiencia o usuario, pero resulta pouco práctica ou nula cando se refire a conceptos sobre os que o usuario non ten experiencia. Non hai ningún dicionario galego con esta orientación.

A maior parte dos dicionarios do mundo encádranse dentro doutra orientación, a chamada teoría clásica da definición lexicográfica, que no fondo se basea na concepción aristotélica de xénero próximo + diferenza específica ou, se preferimos en terminoloxía máis actual, hiperónimo + sema específico. Pero este tipo de definicións debe reunir unha serie de requisitos, entre eles, responder ó principio de substituíbilidade, para o que é necesario que cumpran a condición de identidade de contidos, pero tamén os de identidade categorial e identidade funcional.

(a) Non principio de substituíbilidade.

Neste aspecto, algúns dicionarios galegos moi populares (e por outra parte moi apreciados) son un verdadeiro desastre, e vese que están feitos con moito esforzo, mesmo con bastante coñecemento do léxico galego, pero por persoas faltas da suficiente formación lexicolóxica e lexicográfica. Vexamos algún exemplo:

FORMALINA *s.f.* Nome (sic) da disolución acuosa do formol.

Os autores non proporcionan ningún exemplo porque, de o poñeren, verían con total nitidez que o principio de substituíbilidade quedaba polo chan.

FORMIGANTE: *Aplicase* ó que formiga.

FORABORDA: *adx. Dise do motor dunha embarcación que está montado fóra do casco.*

(b) Falta de coherencia no tratamento da técnica lexicográfica nas palabras dunha mesma categoría. Por exemplo, nos adxectivos: **Aplicase, *dise de, que...* Isto é aínda máis grave cando algún destes retrousos se aplican a categorías distintas. Por exemplo:

FÓSIL. *Adx.* e s. 1. Dise do organismo, completo ou incompleto, que viviu en tempos pasados e que conservou a súa forma primitiva petrificada nos materiais da codia terrestre.

O “dise de” podería entenderse aplicado ó *adx.* (aínda que é totalmente redundante desde o punto de vista da información metalexicográfica, porque xa sabemos que os adxectivos expresan algo que se di dun substantivo, e empece o principio de substituíbilidade), pero resulta totalmente inadecuado para un substantivo: un fósil (substantivo) non é un “dise de”, senón simplemente un “organismo...”.

(c) Relacionado co anterior, está a falta de delimitación entre núcleo e contorno da definición. Nunha definición lexicográfica hai que distinguir entre o núcleo (que debe recolle-los semas que identifican un concepto, e que non pode faltar nunca nunha definición) e o contorno (onde se deben incorporar todos aqueles elementos que o lexicógrafo considera pertinentes pero que entorpecería a substitución do definido polo *definiens*, ou ben aqueles elementos que implican unha restricción nos elementos ós que se aplica o definido). Pois ben, moitos destes introdutores da definición do tipo “dise de...”, “aplícase a” teñen como función indicar certas restricións deste tipo, pero, como dixeran, estas restricións deben facerse no contorno da definición. Mesmo así, con moita frecuencia fanse mal, e fanse mal por dous motivos, ou porque están mal explicitadas (por exemplo, “FOTOXÉNICO. *adx.* Dise das persoas ou obxectos que teñen boas condicións para seren reproducidos en fotografía”. ¿Por qué se di das persoas ou dos obxectos? ¿É que non se pode dicir dos animais que non sexan persoas? ¿Pódese dicir *unha pedra fotoxénica*, pero non *unha cadela fotoxénica*?). Ou porque son innecesarias (coma “dise de persoa ou cousa..., ou dise de algo...), o que non deixa de ser verborrea inútil.

(d) Falta de suficiente xeneralización na definición lexicográfica.- A documentación dunha palabra aparece nun uso concreto, pero a definición lexicográfica debe te-la suficiente xeneralidade como para que o mesmo concepto sexa aplicable en tódolos usos, non só nun uso concreto en que aparece exemplificado. Por exemplo,

FORRA. *s.f.* 2. Especie de apoio ou cuña que adoita poñerse ás pipas para que non se movan, ós bancos ou mesas para que asenten ben, e ós carros para que non rinchén..4. Pedra labrada en forma rectangular (?), que serve de reforzo nas paredes feitas de cachote. 5. Elemento de apoio.

Estas tres acepcións son a mesma, que se podería definir como “apoió que se pon debaixo ou ó lado dun obxecto para inmovilizalo ou para que

asente ben”, e os usos concretos poñelos como exemplos: *Puxo unha forra na roda do carro. Calzou o perpiaño cunha forra.*

(e) Aplica-la mesma definición ó verbo transitivo e intransitivo. Por exemplo,

REXUVENECER *v.t e v.i.* **1.** Darlle a alguén a fortaleza ou enerxías propias da xuventude ou aspecto de novo.

Definición que resulta claramente incorrecta se se pretende que inclúa os dous réximes verbais. Compárese, por ex., co tratamento moito máis axeitado que fai o *DRAG*, onde queda perfectamente delimitado o significado transitivo e o intransitivo:

REXUVENECER *v.t.* **1.** Facer que [alguén] recupere parte da vitalidade e do vigor de cando era novo, ou facer que aparente máis novo. *O descanso e o cambio de ambiente rexuvenecérona. Esa roupa e ese peiteado rexuvenécete. // v.i.* **2.** Sentirse ou aparentar máis novo. *Coa boa vida rexuveneceu.*

X. A. PENA

Parece claro que en calquera orde da vida non nos queda outra ca avanzar cos novos tempos e adaptarnos a eles. No eido da lexicografía é visto que non podía ser menos, así que, botando man do dito, entre o “renóvate ou morre” coido que a lexicografía galega optou, a nivel xeral, polo primeiro.

Deste xeito (e aínda que creo que só o *DRAG* acolleu e aplicou de maneira estricta e meticulosa todas estas novas técnicas e achegas), obsérvanse, en conxunto, avances nos seguintes aspectos:

(1) Suficiencia léxica da obra lexicográfica en si mesma.- Isto é, a obra constitúe un corpus pechado no que todas e cada unha das palabras empregadas nas definicións están recolleitas como lemas ou entradas, e no que os usos ou sentidos con que as ditas voces se empregan na obra están desenvoltos dentro do artigo lexicográfico que lle corresponde.

(2) Respecto ou suxeición ó principio básico de que a definición dunha palabra ou dunha acepción debe poder substituír aquelas, ou conmutarse por aquelas, nun contexto dado. Este aspecto está especialmente coidado no *DRAG*, ó que axuda o feito de que nesta obra se discrimine entre núcleo e contorno nas definicións (lembremos que o núcleo é, precisamente, esa parte da definición que pode substituí-la voz definida, mentres que o contorno está conformado por aquelas informacións que, formando parte da propia

definición, non pertencen ó núcleo pero si son importantes para a utilización correcta do vocábulo).

(3) Inserción de, polo menos, cadanseu exemplo nas definicións.

(4) Non definición mediante o emprego exclusivo de sinónimos.

(5) Maior inclusión de sinónimos, antónimos e remisións para conferir ou confrontar con outros lemas e/ou acepcións.

(6) Maior inclusión de información gramatical e pragmática.

(7) Discriminación do comportamento actancial dos verbos en acepcións diferenciadas.

(8) Inclusión de voces condenadas marcando visualmente a súa non-aceptación por medio, por exemplo, de asteriscos e con remisión ás correspondentes normativas.

(9) Ausencia, dentro do artigo lexicográfico, de definicións ou acepcións que poidan reflectir algún tipo de idea ou noción sexista ou clasista.

(10) Respecto, dentro do que é o contido do artigo lexicográfico, ó principio de neutralidade ou asepticidade, evitando así a reprodución de calquera clase de idea que vaia en contra do principio de igualdade entre tódolos seres humanos.

De tódolos xeitos, como xa dixen anteriormente, e inda que se notou unha melloría a nivel xeral en todos estes aspectos, creo que o único dicionario que cumpre á liña os criterios sinalados é o *DRAG*, mentres que o resto os acolleron en maior ou menor medida. Xa que logo, cumpriría que se fosen asumindo e introducindo para melloral-la calidade das nosas obras lexicográficas (estoume a referir, claro é, ás obras lexicográficas conformadas polos dicionarios xerais de lingua, xa que os outros poden requirir doutras estratexias lexicográficas en función do tipo de destinatario para o que estean pensadas).

En relación coa pregunta anterior, ¿considera vostede que a información gramatical e pragmática que ofrecen os dicionarios galegos é suficiente?

X. M. CARBALLEIRA

Habería que cuestionar se nun dicionario debe aparecer información gramatical. Non obstante, tendo en conta a situación do galego e o uso común dos dicionarios, xeralmente inclúese información gramatical, que, probablemente, debería ser aínda máis ampla (especialmente nos verbos deberían fornecerse máis datos sobre a conxugación, os modelos, etc.). Unha información que nos parece importantísimo incluír –e que nos dicionarios

galegos está moi descoidada e resulta moi escasa— é a información fonética, que só se ofrece en casos puntuais.

En canto á información pragmática, hai que recoñecer que é insuficiente. Nós intentamos introducirmos neste campo coa clara conciencia de estar comezando a rozar esta tenza. Aí están as indicacións de uso, información sobre niveis de uso ou rexistros. Non hai, aínda e por desgracia, traballos que establezan unha base sólida que permita funcionar con certa garantía nese eido.

M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Non se pode xeneralizar, e hai dicionarios e dicionarios.

En canto á información gramatical, esta ofrécese a través de dous procedementos:

(a) Por medio das marcas propiamente gramaticais: *a, s, vt, vi, vp...*, que nalgúns dicionarios son en xeral correctas, e noutros son incompletas.

(b) Pero tamén por medio da propia definición. Todos sabemos que non pode levar unha mesma definición un verbo transitivo e un intransitivo, non pode leva-la mesma definición un adxectivo ca un substantivo. E neste aspecto si que hai fortes deficiencias nos dicionarios galegos.

Se tivese que sinalar algún dos aspectos máis deficitarios en canto ó tratamento gramatical, sinalaría o problema do réxime dos verbos, e tamén a información sobre o seu paradigma. Sería conveniente, polo menos en certo tipo de dicionarios, a introducción dun apéndice cos modelos de conxugación ós que se puidese remitir desde cada verbo tratado no dicionario. Aínda dentro do verbo, é xeralmente incompleta a información sobre a rexencia verbal, ou se se prefire sobre as valencias.

En canto ás etiquetas pragmáticas en xeral non son suficientes, por exemplo na indicación do nivel de lingua, ou na falta de sistematicidade en canto á información tecnolectal.

X. A. PENA

Como tamén mencionei con anterioridade, o carácter da información que se ofrezca debería ir en consonancia co tipo de obra lexicográfica a que nos esteamos a referir (non se lle pode, ou non se lle debe, fornecer-la mesma información pragmática e gramatical a un posible usuario dun dictiona-

rio de primaria ca a un usuario dun dicionario xeral). Tomando novamente como punto de referencia este último, penso que, debido ás moitas carencias e/ou dúbidas que presentan moitas veces os posibles usuarios no que atingue a cuestións de gramática e de uso concreto e efectivo de moitas formas ou voces, si se debería ampliar un pouco este campo; de tódolos xeitos, sempre tendo en conta que unha obra lexicográfica non pode abordar en profundidade determinados temas, pois para iso están, precisamente, outro tipo de obras máis especializadas, como poden ser gramáticas, volumes especializados en ortografía, morfoloxía ou sintaxe, etc.

Así e todo, creo que os dicionarios, á hora de achegar este tipo de informacións, deben ter un sustento teórico no que poder basearse, e en determinadas cuestións este apoio teórico non aparece por ningunha parte ou, se aparece, faino en artigos, folletos, teses, etc. que non chegan ó máis do público. Vou poñer algún exemplo do que, en principio, poden parecer “perrechadas” (se se quere, “nimiedades” nun rexistro máis formal), pero nos que hai moita confusión por mor de non seren tratados, por exemplo, nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* ou nunha gramática dun organismo “oficial”:

(1) ¿A terceira persoa singular do presente indicativo de *prohibir* (isto é, *prohibe*), debe levar acento gráfico? ¿Onde se di que dúas vocais en situación de hiato, separadas por un “h”, non precisan do acento gráfico, xa que o propio “h” é delimitador de fronteira silábica? Obviamente, no dicionario non aparece como lema esta forma conxugada, pero si pode aparecer nun exemplo, co cal sería susceptible deste tipo de explicación; ou, sen ir máis lonxe, poderíase aplicar isto mesmo na entrada *aldebido* (palabra, por certo, que en moitas ocasións diversos autores transcriben co acento gráfico).

(2) ¿Onde se di se *sos* se acentúa (por exemplo, nun enunciado como “estamos sos”)? A nivel xeral practicamente sempre a vin acentuada. Pero se actuamos de xeito estricto e temos en consideración o principio ortográfico de que se deben evitar acentos redundantes, ¿por que o acentuamos? Porque, claro, o adxectivo ou adverbio si leva acento, pero, lembremos, trátase dun acento diacrítico para diferencialo da preposición *so* (= “debaixo de”); xa que logo, podemos preguntar: ¿cal é a forma que se pode confundir co plural *sos*? En resumo, ¿acentúase ou non?

(3) ¿Que acontece co *mesmo -a -os -as* anafórico [por ex., en: “Van construír un polideportivo. O coidado *do mesmo* correrá a cargo do Concello”? ¿É incorrecto o seu uso ou simplemente se recomenda non facer un uso excesivo e abusivo del?

(4) E indo xa a un terreo un bocado máis complicado, ¿en que parte das normas se di que en galego o pronome átono de terceira persoa dativo –isto

é, *lle* ou *lles*– pode funcionar como obxecto directo? Porque, desde logo, o que está moi claro é que enunciados como “Eu xa *lle* avisei de que o seu mozo era un lerchán”, “Se *lle*¹⁷ molestan este tipo de preguntas, díganolo”, “Chámalle aí (por teléfono) a María”, ou mesmo o retranqueiro “A rapaza éche ben guapa, o que *lle* mata é a cara”, entre outros moitos enunciados, forman parte do acervo sintáctico galego sen ningún tipo de dúbida (outra cousa é que, desde instancias normativas, se proscriba o seu uso).

Así, e de xeito totalmente persoal, no *Diccionario Cumio da lingua galega*, na acepción de *chamar* que sería sinónima de *telefonar*, optei por facer unha observación na que se di que rexe tanto pronome átono acusativo como dativo. Obviamente, o que fixen foi constatar unha realidade do acervo lingüístico galego, pero o que realmente me cumpriría nese momento era ter un sustento teórico-normativo onde se me dixese se se reproba, ou non, a rección do dativo.

O que pretendo dar a entender con todo isto é que, efectivamente, si me parece conveniente amplia-la aparición deste tipo de información nas obras lexicográficas, pero partindo da base de que non se trata dun labor ou responsabilidade que deba recaer nestas, senón que esa tarefa lle corresponde a outro tipo de obras, e tendo tamén sempre en conta que, desde un punto de visto normativo, inda quedan cousas por facer, por tratar e por explicar.

¿Cal é a súa valoración do papel que desempeñaron e están chamados a desempeñar os dicionarios actuais no proceso de estandarización do galego?

X. M. CARBALLEIRA

A estandarización dun idioma é un produto da sociedade, que fai as súas escollas. A experiencia demóstranos que, por moitos esforzos que se fagan para modificar unha escolla, adoitan resultar inútiles (así no castelán: *élite*, malia a censura constante da prensa dos anos sesenta sobre a súa pronuncia, segue sendo a única forma en vigor na fala e na escrita; *bikini* non aparece no diccionario da RAE ata a última edición...).

17 En varios dicionarios xa se indica que este uso de *molestar* se corresponde cunha acepción intransitiva, co cal se está dando a entender que o *lle* é obxecto indirecto. Persoalmente, e inda que non son, nin moito menos, un experto na materia, non concordo con esa opinión (de feito, este mesmo enunciado habería xente galega que o diría como “Se *o/a* molestan este tipo de preguntas, díganolo”, o que me parece moi significativo).

Na actualidade, se un falante ten unha dúbida sobre a corrección ou incorrección dunha palabra acode ó dicionario para ver se está ou cómo está. Unha vez que obtén a información é a persoa quen decide se asume, memoriza e difunde a solución que se lle ofrece. E nesa toma de decisión os dicionarios non poden influír. Por iso os dicionarios teñen importancia como instrumentos de referencia, pero vai ser o falante o que decida sobre a vida e a forma dunha determinada palabra (*cf.* *alonxar ...).

M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Os dicionarios xerais de lingua desempeñaron xa un papel importantísimo na estandarización do galego, sobre todo no léxico, e isto pódoo comprobar calquera comparando a calidade dos textos escritos en galego hai quince anos cos escritos actualmente. É verdade que a aprendizaxe escolar tamén contribuíu en gran medida a esta mellora, aínda que estou convencido de que o léxico é o eido menos cultivado nos estudos regrados de lingua galega. Pero, aínda que non sexa máis ca pola mellora da calidade lingüística dos libros de texto, a escola exerceu un papel importante na depuración do léxico, e na elaboración dos libros de texto tense ou debe terse en conta a información proporcionada polos dicionarios en canto á corrección do léxico utilizado.

Os dicionarios contribuíron á estandarización do galego por moitas outras vías:

(a) A través das editoriais.- Nunca houbo tanta preocupación no mundo editorial galego pola corrección lingüística, e nesta corrección lingüística son instrumentos obrigados de referencia os dicionarios. Cómpre salientar de maneira particular a influencia, nalgúns casos mesmo abusiva, por mal comprendida, do *VOLG*.

(b) A través dos medios de comunicación social, onde os profesionais (se ben non todos) e sobre todo os asesores lingüísticos teñen os bos dicionarios como instrumentos básicos para o seu labor.

(c) A través dos Servicios de Normalización Lingüística ou dos Servicios Lingüísticos das distintas administracións, particularmente da autonómica, da local e da de xustiza.

De cara ó futuro, quixera facer unha mención especial dos vocabularios de linguas de especialidade, que empezaron xa a ocupar un papel importante, pero que están chamados a ser instrumentos fundamentais na corrección léxica en ámbitos nos que o galego inda está insuficientemente implantado e ós que haberá que dedicar esforzos normalizadores especiais.

X. A. PENA

Creo que, ata o de agora (e subliño: *ata o de agora*), hai que valorar positivamente o papel desempeñado polos dicionarios (e sobre todo polo *VOLG*) neste sentido. Aínda así, volvo repetir que, chegados a este punto, o que cómpre é a unificación de esforzos e a homoxeneización de criterios, porque, se non, ó mellor non facemos pano para mangas.

Ademais, e esta é unha cuestión que me parece fundamental e que practicamente nunca se tratou de xeito serio (non coma outras, como por exemplo a da normativa, coa que se leva dando a roncha non sei cantos anos, como se fose culpa da actual norma a perda de falantes), hai que traballar moi en profundidade e polo miúdo no eido dos medios de comunicación que se “dignan” –ou ós que obrigan a– traballar en galego. E é que, por moito que nos empeñemos en reflectir termos, usos e acepcións nun dicionario, se estes despois non chegan ó gran público non van valer case de nada.

Así, por moito que se comente nun dicionario que os ciclistas non fan *relevos*, senón que fan *remudas*, se na radio e televisión galegas non utilizan o termo, vou alá e xa veño¹⁸, porque che imos estar case na mesma. O mesmo pasa, por exemplo, se queremos fornecer unha forma galega para dar conta da voz *carajillo*: por moito que digamos que –por achegar unha suxestión– a forma *calloubada*¹⁹ xa estaba recolleita no dicionario de Eladio Rodríguez e no *Diccionario da Real Academia Galega* (1913-28), se nos medios de comunicación –ou, neste caso, cun traballo de normalización feito no eido da hostalería– non se lle dá cancha, calquera se atreve a entrar nun bar e dicirlle ó camareiro: “unha calloubada, por favor”. E é que, na miña opinión, fai tanto Currás o percebeiro dicindo *xuís* coma cen dicionarios nos que apareza esta voz.

18 Dado que se trata dunha expresión que non vin reflectida en ningún sitio, e como inda a recollín hai ben pouco de xeito oral, para todos aqueles que non a entendán debo dicirlles que vén sendo moi semellante (e en moitos contextos equivalente) á castelá *apaga y vámonos*.

19 Eladio Rodríguez:

Calloubada *s. f.* [...] En Lugo y otras localidades, café muy cargado de aguardiente, que por lo regular se prepara quemándolo con éste en una vasija de barro en el momento de tomarlo.

Diccionario da Real Academia Galega (1913-28):

Calloubada *s. f.* [...] 2. En algunas localidades de Lugo se llama así al café muy cargo de aguardiente quemado. Prepárase, por lo regular, en una vasija de barro.

PALABRAS DE CLAUSURA DO SIMPOSIO
“LÉXICO E ESTANDARIZACIÓN EN GALICIA”

Ernesto Xosé González Seoane

Comité Organizador do Simposio

Excelentísimo Sr. Presidente do Consello da Cultura Galega
Queridos amigos e compañeiros:

Quero comezar a miña intervención neste acto de clausura agradecendo a axuda que nos prestaron diversas institucións para a realización deste Simposio, nomeadamente o Departamento de Filoloxía Galega, a Facultade de Filoloxía, o Vicerrectorado de Investigación e Innovación, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o Ministerio de Ciencia y Tecnología e o Consello da Cultura Galega. Ó mesmo tempo, quero manifestarlles a tódalas persoas presentes a nosa gratitude pola boa acollida que dispensaron a esta iniciativa.

Cando matínabamos na idea de celebrar este Simposio, o noso obxectivo era crear un espacio para a reflexión crítica verbo do proceso de estandarización do léxico, dos avances atinxidos, dos erros cometidos, das tarefas aínda pendentes.

Ó longo destas catro semanas tivemos a ocasión de escoitar análises e valoracións sobre algúns aspectos centrais na planificación do léxico (empréstitos, interferencias, incorporación do léxico terminolóxico, etc.) e sobre o seu tratamento nos textos lexicográficos.

Sen embargo, visto desde o acto de clausura, coído que o programa do Simposio presenta unha carencia importante. E é que nel se bota en falta unha intervención orientada a explicar ónde estábamos por volta de mediados dos anos 80, é dicir, cál era o punto de que partiamos e cáles as condicións obxectivas en que se tivo que desenvolver o traballo de planificación. Se non se programou unha conferencia destas características foi probablemente porque para as persoas que elaboramos o programa aquilo forma xa parte das nosas vidas. Sen embargo, á vista da insultante mocidade de boa parte do público, tal vez sexa aconsellable botar por un momento a vista atrás para lembrar aqueles tempos.

Non se preocupen, que non os vou abafar cunha morea de datos, porque o estado da estandarización do léxico arredor de mediados dos 80 pode resumirse doadamente cunha soa palabra: nada, ou cero, como prefiran. En 1985 non tiñamos un só dicionario moderno de que botar man. Minto. Tiñamos un pequeno dicionario bilingüe, o dicionario Nós, no que traballaron algunhas persoas que están aquí presentes, que nos sacou de máis dun apuro. Para que teñan unha idea da actividade desenvolvida nos últimos quince anos direilles que neste curto período –quince anos non son nada na vida dunha lingua– o número de títulos publicados representa bastante máis do triplo dos aparecidos ó longo de todo o século XIX e dos tres primeiros cuarteis do século XX. Esta cifra é unha mostra elocuente da magnitude do traballo realizado ó longo destes poucos anos.

Por outra banda, as condicións de traballo distaban moito de ser as ideais. E non me refiro xa ós recursos materiais ou económicos, senón á urxencia con que tiñan que desenvolverse os traballos. O locutor que tiña que retransmitir, por primeira vez na súa vida e tal vez tamén por primeira vez na historia, un partido de fútbol, ou o xornalista que tiña que ler pola radio un parte meteorolóxico non podían esperar pacientemente a que o lingüista de garda estudiasse de vagar as posibles solucións para os termos que precisaba. O lingüista convertíase deste xeito nunha especie de bombeiro entolecido que non daba abasto para apagar cunha soa manguera un cento de lumes que se lle acendían aquí e acolá.

E todo isto nunha atmosfera de gran crispación provocada polas liortas normativas que, como ocorre en xeral con tódalas contendas fraticidas, foron extraordinariamente cruentas e custosas, e non só no plano intelectual ou académico, senón mesmo na esfera persoal.

Así e todo, penso que tódalas persoas que participaron neste proceso, uns desde postos de certa responsabilidade, outros desempeñando labores máis modestos, fixérono coa ilusión e co entusiasmo de quen está convencido de estar a realizar un traballo útil para a lingua e para o país. É seguro que se cometeron erros debidos ás presas, á inexperiencia, á mocidade, á falta de formación... Aí están os trasacordos para testemuñalo.

En calquera caso, penso sinceramente que contemplados desde a distancia de só quince anos, a magnitude e a calidade do traballo feito asusta por increíble. Sería inxusto que o ILG pretendese apropiarse de todo este traballo, porque foi unha obra de moitos, unha obra colectiva, na que participaron, por suposto, os membros do ILG, pero tamén os bolseiros que ó longo destes anos pasaron pola casa de López Ferreiro, uns facendo traballos máis creativos, outros realizando un labor máis escuro, os profesores de ensino medio que dedicaron o seu tempo libre a acometer proxectos lexicográficos, os lingüistas do *DOG*, do Parlamento, do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade, etc.

Non pretendo converter este discurso nunha evocación nostálxica dos bos tempos pasados, nin moito menos nun exercicio de autocomplacencia. O dito non debe entenderse, pois, como unha xustificación das carencias ou dos erros que hoxe presenta a estandarización do léxico, por máis que sexa a explicación certa de moitos deles.

O que quero dicir é que hoxe estamos nunha situación incomparablemente mellor que nos permite fixar para o noso traballo obxectivos máis ambiciosos, partindo da revisión crítica do traballo feito mais tamén do lexítimo orgullo de ter contribuído ó avance do proceso de estandarización. Temos razoablemente cubertas as necesidades básicas, dispoñemos de máis medios, de máis información, dunha formación máis sólida. En calquera caso, para a consecución destes obxectivos, hoxe coma daquela, é preciso o concurso de tódalas persoas que estean dispostas a arrimar o ombreiro.

Como saben, estas xornadas sobre *Léxico e estandarización* representan a continuidade dun programa posto en marcha o curso pasado coa organización dun ciclo semellante sobre *Léxico e dialectoloxía*. Trátase dunha iniciativa que pretende abordar sucesivamente o estudo do léxico galego desde diferentes perspectivas. A boa acollida que se lles dispensou ás dúas primeiras edicións constitúe desde logo un estímulo para acometermos unhas terceiras e, se vostedes o permiten, unhas cuartas e unhas quintas. Se vostedes están dispostos, nós trataremos de non defraudalos. Xa que logo, deica o ano próximo.

Moitas grazas.

ÍNDICE DE VOCES CITADAS¹

- á 361
- a capella 437
- a feixe 274
- a lúa está no couce 158
- a maior abastanza 380
- a muller, a escopeta e o cabalo,
non prestalo 158
- a partires de 124
- a pesares de 124
- a yalma 169
- aaso 60
- aazo 60
- ábaco 57
- abadeixo 331
- abadejo 331
- abadexa 330
- abadexo 87, 327, 328, 330, 331
- abafante 233, 234, 249, 250
- abafar 234, 250
- abalanzar 535
- abalsar 333
- abarloado 341
- abarloar 327, 328
- abater 60
- abater 56, 60
- abater a piparía 56
- abater a tenda 56
- abducción 454
- abducir 454
- abductor 454
- abedoeira 222, 515
- abedú 515
- abedueira 515
- abelaira 115
- abelorio 440
- abeluria 89, 90
- abertura 423, 429
- abertzale 429, 439
- abertzalismo 439
- abesta 63
- abidueira 515
- abidueiro 515
- ablaquea 534
- ablaqueación 534
- ablaquear 534
- ablaqueo 534
- aboar 516, 518
- abogado 517
- abonar 516
- abordar 328
- above the line 437
- abra 328

¹ Este índice inclúe palabras, expresións e elementos morfolóxicos galegos, así como préstamos e pseudogaleguismos.

- abrente 172
 abrir a boca 136
 abrollar 172, 262, 272
 abrotoñar 57, 60
 abrula 70, 89
 abrupción 68
 abrupzón 57, 60
 absolución 68
 absoluzón 68
 absono 61
 abstinencia 60
 abuelo 202
 abular 61
 jabur! 149
 acadar 213, 215, 359
 academia 59, 77
 acaer 247
 acaidamente 247
 acaído 247
 acalefo(s) 57, 333
 acantopterixio 328
 acaracochado 220
 acardumarse 333
 acaule 58, 60
 ace 437
 acedía 328
 acefalia 79
 aceitona 516
 aceptor 437
 acera 85
 acercarse 247
 acevo 86, 332
 acevro 332
 achacable 459
 achádego 361
 achega 231, 247, 250
 achegamento 230, 231, 247, 248,
 250
 achegar(se) 231, 247
 achuela 530
 acibro 517
 ácido úrico 467
 acineto 333
 acipenséridos 328
 acipenseriforme 333
 acivro 332, 517
 acordarse 213
 acostumbrado 247
 acostumar 247
 acoubado 226
 acoubar(se) 225, 226
 acoubillar 225
 acougado 225, 226
 acougador 225
 acougante 225
 acougar 211, 225, 226, 249
 acougo 211, 225, 226, 236, 249
 acquis communitaire 439
 acrobacia 78
 acrotorácico 333
 acting out 439
 actiniario 333
 actino- 333
 actinopterixio 333
 action painting 437
 Acuario 452
 acubillar 225
 acuicultor 328
 acuicultura 328
 aculturización 492
 acusar 536
 adagio 430, 433, 439
 adaíl 376, 381
 adalide 376
 addbusters 437, 439
 adecuación 247
 adecuadamente 247
 adecuado 247
 adecuar(se) 247
 adeprender 222
 adeptal 532
 adepto 532

- adeptual 532
adestrador 115, 489
adestrar 85
adicanza 216
-ado 220
adoecer 501, 516
adoitado 247
adoitar 247
adoito 247
adourado 182
adro 172
áer 355, 356
aerobús 441
aerodeslizador 438
aeroescorregador 438
aerolito 517
aerólito 74, 458, 507, 517
afacer 247
afanípteros 467
afastado 247
afastar(se) 227, 247
afección 429
afeito 247
afeizado 223, 250
afervoado 236, 249
afervoar 236, 249
afitar 228
aforano 335
afótico 333
africán 180
africáner 439
africano 180
after hours 490
agacha-las costas 158
agacha-lo lombo 158
agarrotar 530
aggiornamento 437
aglomeración 454
aglomerado 454
aglomerador 454
aglomerante 454, 471
aglomerar 454
aglutinable 454
aglutinación 454
aglutinador 454
aglutinante 454, 470
aglutinar 454
agnostozoico 454, 471
agomar 332
agonía 76
agrafín 318
agromar 172, 241, 250, 262, 264,
272, 332
aguación 307, 308
aguaneira 307
aguia 88
agulla 133, 137, 146
agurgullante 219, 249
aiatolá 429
aiga 88
aínda 88
aira 88
airbag 437
airbús 441
aire 355, 356
aireada 327, 328
aire-aire 438
aire-terra 438
airexa 328
airo 355
-al 529, 532
alabar 115
alacea 223
alambar 63
alambre 63, 81, 82, 83, 85
alame 64
alamio 64
alapeador 219
alarbio 222
alarde 381
albanel 371, 372
albanelería 372

- albañil 372
 albaroque 88
 albatro 328
 albedro 88
 albeigante 210, 219, 249
 albeigar 219
 albeirante 219
 albeixante 219
 albiscar 212, 250
 álbore 64, 65, 66
 albre 64, 65, 66
 alcanfor 454
 alcanforado 454
 alcanforar 454
 alcanforeira 454
 alcanforismo 454
 alcanzar 213, 215
 alcipreste 222
 alcón 223
 alcontro 222
 alcorel 335
 alcrique 328
 alcroque 89
 alcroqueyro 89
 alcume 88
 alcuño 88
 Aldebarán 452
 aldehido 547
 aldeia 223
 alegoría 76
 aleixar 180
 alén 353
 alén de 353
 alén mar 353
 alén Miño 353
 alenmar 333
 alentía 321
 alento 463
 alerxia 78
 aletexar 223
 alevín 333
 alexa 319
 alfolí 335
 alfolín 335
 alga 313
 algabizo 70
 algairar 222
 algazo 307, 313
 algueirante 219, 248
 aliasing 437
 alicerce 409
 alienar 378
 alimaria 222
 alistidora 318
 alleación 378
 alleamento 378
 allear 378
 allegretto 439
 allegro 439
 almafi 518
 almea 64, 223
 almena 64
 almeya 64
 almidón 438
 alonxar(se) 227, 549
 alopecia 77
 aloumiñante 233, 249
 aloumiñar 233
 alpeo 329
 alquimia 77
 alta fidelidade 438
 Altaír 452
 altofalante 518
 altorrelevo 438
 aluarado 220
 aluminio 466
 -alxia 78
 amacelo 64
 amadocarbballista 490
 amaecer 134
 amaeser 134
 ámago 88

- amaicer 134
amancer 134
amañecer 88
amaraxe 333
amarelo 332
amarra 327, 328
amarrar 327, 328
amateur 439
ambar 63
ámbar 63
ámbar cincento 466
ámbar gris 466
ambarada 64
ambarado 64
ambarar 64
ambarina 63
ambarino 63
ambigú 437
ambre 63
ambreada 63
ambreado 63
ambrear 63
ambreina 63
ambreíno 64
ambrosía 77
-ame 520
amea 64
ameaza 361
ameia 64
ameiser 134
amena 64
amencer 88, 134
ameneiro 156, 157
americanizar 492
-amia 520
amidón 438
amieiro 156, 157
amiforme 333
amiloplasto 449, 450
amistá 366
amizade 366
ammocetes 333
ammonítido 333
amnesia 77
amocelo 64, 327
amorear 255, 262, 267, 268
amortecedor 354
amortecemento 355
amortecer 354
amortiguador 354
amortiguar 354
amoxetar 514
ampere 432, 435
amperio 432, 441
ampersand 437
amucelo 64
amura 319
amura de proa 300
anader 64
anadiplose 454, 455
anadir 64
anádromo 454, 455
anafase 455
anafásico 455
analepsia 455
analéptico 455
anarcosindicalismo 492
anceiar 392
anceio 223, 250, 500, 516
ancel 64
ancelo 64
anchoa 328
anchura 432
áncora 312, 321, 322, 341, 342
andadeiro 180
andador 180
andamio 440
andantino 439
andar á barría 334
andar á seca 339
andar bolinando 298
andarica 328

- andén 440
 andias 222
 -ando 220
 Andrómeda 452
 anedir 64
 anemia 77
 anémona 471
 anemone 471
 angacia 335
 angala 335
 angstrom 435
 anguílidos 328
 angureto 220
 anguria 233
 anguriente 233, 235, 249
 angurioso 220
 anhelante 220
 anicar 87
 anicrar 87
 anidir 64
 animalia 222
 aniversario 440
 ánodo 461
 anomuros 328
 anorexia 78, 79
 ansia 516
 Antares 452
 -ante 233, 248
 antepasados 247
 antergo(s) 210, 222, 247, 361, 500
 antiautonomista 491
 anticlericalismo 492
 antidisturbio 491
 antidopaxe 492
 antifaz 440
 antiglobalización 491
 antiguo 210, 222
 antigubernamental 492
 antimonopolio 490
 antinacionalista 490
 Antioquía 77
 antioxidante 462
 antipartícula 467
 antófitos 470
 antoxo 223, 224
 ánxel 223
 -anza 216
 añidir 64
 año 134
 ao acougo de 225, 226
 apagar 227
 apañar 241, 257
 aparato 432
 aparellar 328
 aparello 433
 apariguar 326
 apartar do medio 158
 apartheid 429, 434, 439
 apelar 381
 apófise 518
 aportar 328
 apostasía 76
 apreciación 82
 apreciar 82, 83
 aprecio 83
 apreixado 239
 apreixamento 488
 apreixar 239, 250
 apresentar 489
 aprezar 82
 apricar 182
 aproar 328
 aprobación 217
 aprobanza 216, 217
 apromar 440
 aproximación 247
 aproximarse 247
 aquecente 211, 219, 249
 aquecer 207, 211
 aquendarse 398
 ar 355, 356
 arambre 63

- arame 64, 88
arámeo 64
aramio 64, 88
araña 467
arañoto 335
arao 328
arar 263, 277
arau 314
araxe 299, 300, 302
araxiña 300
árbol 64, 65
árbole 64, 65
árbor 64, 65, 66
árbore 64, 65, 66, 68, 81, 468
arboredo 328
arbre 64, 65, 66
arca 309, 310, 328
arcebispado 361
arcebispal 361
arcebispo 361
arcén 85
arcila 223
arcobotante 423, 438
arcosa 455
arcósico 455
ardecasas 333
ardentía 295, 305, 306, 325, 328
ardido 361
ardimento 361
ardora 312, 314, 315, 317, 319, 328
are 355
area 313
areal 328
areeira 328
areíscas 455, 456
areíscas arcósicas 455
arela 233, 235, 249, 516
arelante 220, 233, 235, 249
arelar 233, 235, 249
areloso 220
arenita 456
aréola 456
aréola mamaria 456
areolado 456
areolar 456
areolite 456
argazo 305, 307, 310, 322, 328, 341
-aría 76
Aries 452
Ariete 452
arinque 328
ariolada 223
ariolar 223
ariolo 223
armadillo 428
armoñoso 182
arneirón 328, 341
arneiroso 220
arnela 326, 328
arpeo 329, 330
arpeu 329, 330
arpoeira 335
arpoeiro 335
arquetipo 79
-arra 421
arrafé 374
arrafeens 374
arrafees 374
arrafén 374
arranchar 319
arranchos 335
arrastreiro 317, 333
arrebato 381
arrecad- 378, 379
arreciar 82
arreconchegamento 230, 249
arredado 247
arredamento 230, 247, 248
arredar(se) 230, 247
arredío 247
arrees 361, 374
arrefén 374

- arrefriar 516
 arreguizamento 230, 249
 arreguizar(se) 230, 249
 arreguizo 230, 249
 arrepiente 233, 249
 arrepíar 233
 arrepío 233
 arribación 318
 arribada 295
 arribar ó porto 321
 arribazón 318, 334
 arritmia 79
 arroán 330
 arroarte 330
 arroás 330
 arroaz 328, 330
 arroazo 330
 arrochar 530
 arrocho 530
 arrodar 332
 arroldarse 398
 arruá 330
 arruán 330
 arruás 330
 arruaz 330
 arrufo 325
 ars 355
 artellado 247
 artellamento 211, 488
 artellar 211, 244, 247
 artello 211, 244
 artemón 324, 325
 arteriola 458
 arteríola 458, 470
 arume 137, 146
 aruñar 223
 arvor 64, 66
 arvore 64, 66
 arxe 146
 ás agachadas 148
 ás atoutiñadas 147
 ás claras 148
 ás escuras 148
 ás vegadas 363
 asasino en serie 423
 asepsia 79
 asfixia 78
 asimán 310
 asina 222
 asoballador 268
 asoballamento 268
 asoballante 233, 234, 235, 248
 asoballar 172, 210, 234, 262, 264,
 268, 278
 asocalcado 220
 asoellado 222
 asoellar 222
 asolagado 241, 247, 250
 asolagar(se) 241, 247, 250
 asteleiro 373
 astenia 78
 astilleiro 373
 astreverse 222
 at 439
 atadora 321, 328
 atar 328
 ateigado 239, 247
 ateigar 239, 247, 250
 atinado 207
 atinar 207
 atleta 450, 461
 atmosfera 507, 517
 atmósfera 517
 atracar 317, 328
 atracción 247
 atractivo 231
 atraemento 230, 231, 247
 atraer 247
 atranco 212, 245, 247
 atreboado 224
 atreboar(se) 224
 atribulado 224

- atrofia 79
attrezzo 489
atuneiro 317
audiencia 438
augaforte 423
augamar 328
aúdo 223, 224
aurela 87
auriolo 69
ausolución 68
ausoluzón 68
austinencia 56, 60
autocensura 488
autoestrada 518
autoidentificarse 488
autopsia 77
autoservicio 429, 430, 438, 441
avante 307
aveluria 89
avencellado 247
avencellamento 230, 231, 232, 247
avencellar(se) 231, 232, 247, 265
avieirado 333
aviinça 361
avinza 361, 377
avó 149, 202, 361
avoenza 230, 250
avogado 517
ávrego 328
axada 326, 328
-axe 518
axeitadamente 247
axeitado 211, 247
axeitar(se) 211, 247
axiotaxe 222
axordar 221
axote 222
axuda de custa 379
axuda de custo 379, 530
axuntamento 151
ayer 202
azo 60, 68
azote 518
azogue 518
babexa 327
babexiña 307, 308
babocas 89
babor 309
babosa 327
babuña 307
babuñar 89
babuxa 307, 341
babuxar 89
baby-boom 437
baca 317, 320
bacharel 62
bachelor 62
bachiler 62
bachiller 223
bacía 288
bacilariofíceo 333
bacilariófito(s) 333, 470
bacilo 60
bacteria 460, 462, 471
bacterio 460, 471
baculites 333
badeixa 331
badeixo 317, 330, 331, 335
badelar 222
badexa 330, 331
badexo 87, 330, 331
badía 323
baesta 62, 223
baesteiro 62
bafle 434
bafo 234
bagada 335
baguette 437
baixa 338
baixa-las costas 158
baixa-lo lombo 157, 158

- baixamar 342
baixía 335
baixío 295
baixo 306, 325
baixura 328
baka 317
balance 437, 438
balandro 292, 293, 300
Balanza 452
balar 338
balata 58
balba 146
balbordante 242
balda 58
balde 147
baldear 327
balea 322, 328
Balea 452
baleiro 210, 233, 338
baleote 335
balesta 62
balesteiro 62
balestilla 62
balista 62
balizada 303
ballesta 62, 83
ballesteira 62
ballesteiro 62
ballestería 62
ballestrinque 328
ballet 433
balloco 89
ballón 84
balo 328
baloca 89
balocas 89
baloco 89
baloncesto 423
balonmán 429
baloucazo 335
baluma 335
balumada 316
balume 316
bancada 327, 328
bancario 71
bancemento 335
banco 334, 440
banco de peixe 333, 334
bandeirín 440
bandeirola 440
banderilla 428
bandullo 169
banner 437, 490
banquillo 440
banxo 489
baña 58
baptizar 223
barba 136, 142
barbadela 136
barbante 136
barbarote 136
barbela 136
barbirote 136
barbo 328
barbuñar 89
barbuzar 89
barca 299, 313, 328, 342
barca aparcada 341
barcada 337
barcaza 323
barco 328, 342
barco areeiro 293
barco atracado 341
barco de Cesures 293
baremo 71
bariónico 467
barlovento 304, 328
barman 434, 440
barómetro 71
barquear 335
barquiña 299
barra 294

- barrallar 89
barrazar 89
barrer 517
barría 333, 334
barrufar 89
barruñar 89
barruzar 89
baruma 146
baseball 440
basura 517
batalleiro 338
batch 439
batea 328
bateeiro 335, 336, 337, 342
bater 212
batiscafo 333
batracio 460, 461, 463, 464
batraquio 461, 464
batráquio 464
batume 323
bauprés 324, 328
bauxita 75
bazooka 437
bedueiro 515
bedugo 515
bedul 515
bedulo 515
beesta 62
beestaría 63
beesteiro 62
beiramar 85, 313
beirarrúa 85, 115, 518
beiravía 85, 518
béisbol 440
beixar 169
beizo 169
bel 441
bélida 362
belido 361, 362, 363
belio 432, 435, 441
belitroque 89
bellida 362
bello 362
belo 362
beluga 333
bentos 328
berberecho 333
berete 317
berilio 457
bertán 318
besta 63
bésta 64, 83
besteiro 63
bestería 63
bestra 63
best-seller 429, 434, 439
best-séller 436
Betelgueuse 452
bibelot 439
bico 136, 142
bídalo 515
bido 156, 515
bidoeira 515
bidoeiro 515
bidueira 70
bidueiro 156, 515
big bang 441
bígara 328, 333
big-bang 441
bilicloques 89
bilicroque 89
bilitroque 89
bill 439
billa 428
billón 437
bilirico 328
bio- 79
biodiversidade 485, 491
bioelectroxénese 514
biopsia 77
biotecnoloxía 485, 492
biótipo 471

- biotipo 79, 471
 biouteiro 514
 bisarma 381
 biscuit 437
 bispo 428
 bisté 517
 blandón 326
 blister 437
 bloc 440
 blockbuster 490
 blues 492
 ¡bo proveito! 149, 158
 boca da rúa 518
 bocareo 332
 bocareu 314, 328, 332
 bocarte 332
 bocarteira 333
 bocexar 136, 143
 bochaco 338
 bóchegas 69
 bocho 341
 bock 434
 boia 328
 boicot 430
 bólas 502
 bolichada 333
 boliche 333
 bolicheiro 333
 bolicheta 335
 bolinante 310
 bolinar 298, 328
 bolinear 298, 335
 bolineiro 335
 bolxevique 85, 429
 bombilla 81
 boniteiro 319, 328
 bonito 328
 boogie-boogie 443
 boom 443, 485, 492
 boquear 136
 boquexar 136
 boquilla 84
 bóreas 328
 borleta 89, 90
 boraxeira 323
 ¡bos días! 158
 bosta 86
 bota 89
 bota-la lingua a pacer 156, 157
 bota-la lingua ó orballo 156, 157
 bota-la lingua ó sol 156, 157
 botar maraxes 154
 botar unha man 154
 bote 314, 328
 bote da leña 292
 bote do barro 292
 botexo 89
 boto 89, 317
 boutique 440, 489
 bowling 439
 boy-scout 443
 boza 327, 328
 brandy 439
 branquiópodo 328
 branquiúro 328
 braveza 218
 breca 317
 brecar 89
 bridge 443
 briófitos 470
 briozoo 327
 bronquíolo 458, 459, 462
 bronquiolo 458, 460, 462
 broque 89
 broza 146, 263, 277
 bruar 220
 bruidar 221
 bruído 220, 221
 bruidoso 220, 221
 bruma 146
 bruño 321, 328
 brus 320

- brusca 335
bruso 327
bruzo 327
bucareo 332
bucareu 332
buceta 317, 328
budio 515
budueira 515
búfer 442
buggy 490
buguina 295, 315, 321
buisas 146
buleira 86
bulevar 422
bulleiro 146
bullo 146
búmeran 422
bunitura 169
buque 323
burás 332, 333
buraz 332, 333
burbulla financeira 490
burgal 335
buscador 490
buscapersoas 438
buscapersonas 438
buzón 81, 440
by-pass 443
byte 443
- cabedel 383
caberna 310
caberna de arca 308, 309
caberna de couso 308, 309
cabeso 325
cabeza 88, 489
cabeza de ameneiro 156, 157
cabeza de amieiro 156, 157
cabezo 306, 307, 318
cabo 341
cabozo 514
- cabrear 534
cabreo 534
cabrito 134
cacha 321
cachalote 322
cachoeira 242
cachogas 89
cachopa 326
cadeirádego 392
cadeirado 510
cadena 180
caderna 309
caderno 440
cadro de persoal 210
caer na conta 247
cagastallo 520
caír 222
cairel 324, 325
cais 304
caixa contendo libros 421
caixa de depósitos 84
calabaza 89
calabrote 324
calafate 293
calamar 83
calamita 75
calándrigo 356
calar 320
calaveira 81
calavera 81
caldeirada 342
calear 320
calendrego 356
calexón 223, 224
calime 289
calimne 290
calivera 223, 224
calloubada 550
calondrego 356
calóndrego 356
calóndrigo 356, 357, 358

- caludo 326
 calzón 440
 camada 212, 245, 250
 camareiro 440
 campana 223
 campanela 90
 campo 275
 camponés 223
 Can maior 452
 Can menor 452
 cana 146, 435, 437, 438
 canard 437, 439
 cancela 518
 cancelo 518
 cancileiresco 223
 cancellleiría 223
 candea 133, 146
 cando menos 149
 canear 534
 canego 356
 caneo 440, 534
 canfornio 222
 canfurnio 222
 cangar 172, 262, 270
 cangorza 70
 cangrexo 331
 canónegho 356
 canónego 356
 canónigo 356, 357, 358
 canta-las cuarenta 151
 canteira 492
 cantidade a entregar 421
 cantín 296
 cantonés 514
 caña 81, 82, 435, 438
 cañorco 319
 caolín 517
 capelo 244, 245
 capído 363, 364
 capiduo 363, 364
 capitol 363
 capítol 363
 capítulo 363
 capíto 364
 capitre 363
 capítulo 363, 364
 capo 115, 489
 capoeira 87
 capoeiro 87
 capucha 136
 caramuxa 333
 caramuxo 333
 caranguexo 332
 carapao 312
 caravana 439
 carbunco 81, 83
 cardenal 223
 -cardia 78
 cardiopatía 76
 cardume 334
 carlinga 325
 carloada 342
 carlou 342
 carneiro 333, 337
 carneirolo 333
 carregar 223
 carreteira 366, 367, 368
 carretera 366, 367, 368
 carromeiro 307, 310, 315
 carrumeiro 307, 310
 cartaz 489
 cártel 437
 cartel 489
 cartelismo 488
 cartoon 490
 caruma 146
 casa 147, 149, 213
 casar a escota 302
 caseta 440
 casete 440
 cassette 440
 castelán 366

- castellano 366
castimonia 222
casting 440, 490
Castor 452
catádro 455
catering 490
cativeza 218
cátodo 461
cauda 223
caverna 309, 310
caverna damura do couso 310
caverna damura do meo 310
caverna do meo do couso 310
cavudo 292
caza-la vela 302
CD-Rom 485
ceavoga 323
ceba 295, 314
cebado 314
cecidia 459
cecidio 459
-cefalia 79
ceibar 172, 262, 264, 270, 271
ceibeza 218
celda 223
celigras 69, 89
celivoto 490
celme 207, 236
celmoso 236
cencia 169
cenobial 488
centelear 223
centeleo 223
centola 321
central 492
centriolo 456
centríolo 456
centrómero 456
cercella 307
cerne 222
certidume 532
chagarito 319
chalé 517
chamadoiro 218
chamar 506, 548
champlévé 442
chan 86, 202, 214
chanura 223
chanzo 172
chao 86, 315
chapapote 322, 324
chaparrón 84
chapodar 279
charamela 146
charol 81, 84
charón 84
charpazo 319
chartreuse 435
chegar e bica-lo santo 398
cheirar 137, 144, 169
cheirar ben 145
cheminé 489
cheminea 489
cheo 247
chicharro 333
chicle 84
chicote 300, 303
chilar 169
chilrán 222
chinés 84
chino 84
chirlán 222
chisqueiro de Bunsen 470
chó 318, 319
chona 319
chopo 90
choque 441
chover 542
chumbo 83
chupador 466
chupar 466
chupóptero 466

- churuma 146
 chuviñar 89
 chuiscar 89
 -ciar 82
 ciavoga 323
 cibdadán 222
 cibdade 222
 ciberespacio 485
 ciberespacio 490
 cibersexo 494
 cibervoluntariado 494
 ciberxornal 494
 ciclóstomo 465
 cielo 180
 cientifista 495
 cineclubismo 495
 -cinesia 79
 cinto de seguranza 210
 -cio 82
 -ción 211
 cipolino 434
 circunvoar 397
 cisco 146
 -cito 470
 civilizatorio 495
 cizaña 81, 83
 clarear 320
 cléaring 435, 436
 clergyman 443
 clientelar 495
 climatizador 492
 clixé 85
 cloisonné 442
 clonación 492
 clonar 492
 cloques 89
 clorofila 451
 cloroplasta 450
 cloroplasto 449, 450
 clown 440
 coar 516
 coautor 492
 cobarde 517
 cobizar 502
 cobra 468
 cobreada 319
 cócegas 69
 coche bomba 485
 cóchegas 69, 89
 cóchicas 69
 cóchigas 69
 cocheo 135, 136, 142
 códea 212, 213
 coengo 356, 357, 358, 361, 517
 cóengo 356, 358, 361, 517, 518
 cofradía 339, 341, 373
 cofraría 373
 cogomelo 136
 cogordo 143
 cógueas 69
 coído 304, 305, 318, 325
 coisa 223
 cóixelas 69
 colector 440
 coleiro 87
 coleópteros 467
 colla 317, 324
 colleita 263, 276
 colleitar 263, 276
 colondrego 356
 coma a calderilla 152
 comechura 539
 comentario 213
 comento 213
 comer 149, 510
 comercio electrónico 490
 comerlle a usamia 520
 cometa 452, 461
 comezar 82
 comiso 84
 compacto 492
 comparación 217

- comparanza 216, 217, 230, 250
compasión 223
comprender 88
comprobanza 230
comulgar 81
comunitario 491
cón 299, 306, 313, 314, 315, 341
con todo 149
cona 289
cónchegas 69
concreción 514
conecer 182
cónego 223, 356, 357, 358
conejo 81
conexo 81, 151, 180
confeti 442
confort 115
confradaría 373
confradería 373
confraría 339, 341, 373
confreiría 373
confrería 373
congorsa 308
conqueredor 360
conqueremento 360
conquerer 358, 359, 360, 361
conqueríbele 360
conqueridor 360
conquerimento 360
conquerir 115, 213, 215, 227, 358,
359, 360
conquirir 358, 360
conquista 360
conquistar 227, 358, 359, 360
conquisto 359
conseguir 213, 215, 226, 227, 359
consiña 182
constelación 452
conta de correo 490
contedor 440
contemplar 432
contía 84
continuista 488
contracultural 488, 492
contrafacer 536
contrapoder 488
contraprestación 492
contraprogramación 485
contrarreloxo 485
contraseña 84
contrasinal 84
contribución 247
contribuír 247
control 517
conurbano 492
convocar 432
cónxegas 69
conxelador 317
coñece-la agulla de marear 155
cooperativista 488
copada 318
coparticipación 492
cope 295
coproducción 492
coprólito 74, 458
copyright 422, 430, 434
cópyright 436
cor 383
coraza 223
corbata 84
corbelo 331
corcho 81, 83
corcovo 319
corda 341
corenta 169
cormófito 470
corobelo 331
corochas 69
corredor 310
correntada 313
corrente 313
correo electrónico 485

- correspondente 84
 corresponsal 84
 corroborar 506
 corrupción 501
 corso 342
 cortesía 76
 cortiza 83
 corvelo 330
 cóscaras 69
 coscas 69, 89
 coscras 69
 cosquias 69
 cósquiras 69
 costume 517
 costureira sen dedal cose pouco e
 cose mal 158
 cotovía 70
 couca 309
 coulomb 422, 432, 437, 441
 courel 305, 325
 couse 310
 cousimento 383
 couso 310, 321
 coutar 262, 271
 covarde 517
 covardía 76
 cow-boy 443
 cóxecas 69
 cóxegas 69, 70, 89
 cóxicas 69
 cóxigas 69
 crampón 435
 crase 518
 crawl 443
 creba 311, 320, 322, 341
 crebar 227
 crecedoiro 218
 crecer 82, 213, 214
 crédito 432
 cregoleón 69
 crepe 440
 criba 263, 274
 cribar 262, 263, 273, 274
 crisólito 74, 458
 croa 169
 crochas 69
 croissant 434
 -cromía 76
 cromolitográfico 489
 cromoplasto 449, 450
 crono 492
 croque 89, 90
 cróquel 89
 croquetas 89
 cruce 84
 crucigrama 440
 cruel 223
 crudelidade 223
 cruño 87
 crup 434
 cruzamento 84
 cuaderna 297, 309, 310
 cuantía 84
 cuarcita 75
 cuchilo 115
 cuchumilla 222
 cuchumillada 222
 cuco 89
 cucurucho 434
 culeiro 87
 culombio 432, 441
 culote 442
 cume 239, 250
 cumpreanos 440
 cumprir 247
 cuño 87
 cupo 223, 529
 curricacho 326
 cursar 432
 custodia 76
 dacha 492

- dade 217, 531, 532
- daguerrotipo 79
- dáncing 435
- dandi 440
- dandy 440
- danno ou malfeytoria 379
- danos e perdas 379
- danza 218
- danzal 218
- danzalidade 217, 218
- dapno ou perdida 379
- dar espío 320
- darse (de) conta 247
- de balde 147
- de boas 148
- de debaixo 245
- de dentes para fóra 154
- de malas 148
- de nada 149
- de rapar e peinar 152
- debacle 115
- debruzar 172
- debullar(se) 172, 262, 272, 273, 278
- decatarse 247
- décathlon 435
- decibelio 441
- decomiso 84
- decrebado 217
- decrebamento 217, 249
- decrebar 217, 222
- decrecendo 443
- decrúa 212, 213
- dedaleira 90
- defesa 223
- déficit público 490
- degaro 238, 249
- degaroso 220
- degoiro 516
- degrau 223, 250
- deixamento 217, 249
- delgado coma un can 159
- deligras 89
- deluvio oniversal 182
- demarcadoiro 218
- demia 79
- democracia 76
- democrático 73
- demodé 438
- demoucado 244
- demoucar 243
- demudamento 217, 249
- dendes que vén o cuco, fóra o pulpo 152
- denociña 396
- deportivista 485, 491
- depositaría 84
- depreciación 82
- depreciar 83
- deputado 169
- derbi 485
- derramar 180
- derrota 313
- derroteiro 320
- desacomparar 304
- desacougado 225, 236
- desacougador 211
- desacougante 211, 225, 249
- desacougar 211, 225, 236, 249
- desacougo 211, 225, 236, 249
- desagolletando 220
- desagolletar 220
- desapacible 84
- desaparafusador 530
- desaparafusar 531
- desapracible 84
- desarbolar 302
- desartellado 244, 247
- desartellamento 211
- desartellar 211, 244
- desatracar 304
- desaxeitado 211
- descalbro 84

- descer 223, 250
 desenrolar 392, 398
 desenrolo 231
 desenvolvimento 230, 231, 249, 250
 desenvolver(se) 210, 250
 desestimar 512
 desfacer 336
 desfeita 84, 336
 desghuase 292, 336
 desguace 335, 336
 desguazar 336
 desinvestir 490
 desleixamento 369
 desleixar 369
 desleixo 207, 369, 370
 desmantelamento 336
 desmantelar 336
 desmermar 336
 desnortar 511
 desoxidar 462
 despeçamento 336
 despezar 336
 despir 88
 despoixa 222
 despreciable 82
 despreciar 82
 despreciativo 82
 desprezador 219
 desprezar 83
 desprezo 83
 desquiciado 511
 desquiciar 511
 desquite 429
 destacado 237, 247
 destartelado 511
 destartelar 511
 detentar 84
 deter 84
 deus 115
 devalar 342
 devalo 313
 devanceiro(s) 247, 500
 devecer 502
 devezo 516
 dexenerar 537
 dexergar 212, 250
 dextroxiro 532, 533
 dextróxiro 533
 día 453, 465
 diaria(s) 530
 dicionario 169
 dictaminar 432
 diferenca de goles 441
 dificultade 247
 diminuír 84
 diocese 517
 diócese 517
 dióxido 462
 diplopía 79
 dípteros 467
 dique 313
 director 440
 disco duro 429
 disminuír 84
 dispepsia 79
 distancia 247
 distanciado 247
 distante 247
 diurese 518
 doado 247
 doador 374
 doante 374
 doar 223
 doazón 518
 dobra-las costas 157, 158
 dobra-lo lombo 158
 -doiro 218, 219
 domingo lirón 69
 donador 374
 donante 374
 donceleza 218

- donicela 396
donostiarra 421
-dor 211, 219
doris 318
dorna 289, 293, 300, 313, 314, 342
dorna carreirana 289
dorna de calime 289
dorna de escarva 289
dorna de tope 289
dorna meca 289
dorna polbeira 289
dossier 440, 489
dragao 223
dream team 490
drento 169
dribbling 440
driza 302
dúbida 361
dubidoso 361
dubitativo 361
duda 223
dulciacuícolas 454
dulo 515
duro leste 298
- ear 534
ebrieza 218
eco- 79
ecotipo 79
-ectomía 76
-edade 532
-ego 516
eido 172, 241, 250, 263, 275
eiquí 169
eira 88
eirexe 222
-eiro 76
eixalear 375
eixe 263, 274
eixido 88
eixo 262, 263, 274
- electr- 461
electricidade 461
electrodo 460, 461, 471
eléctrodo 471
electrólito 74, 75, 458
elipse 518
elzevir 434
e-mail 485
email 490
embalocado 89
embarcación a motor 421
embarcar 341
embocadura 84
embornal 324, 325
emborneira 325
embrancuzado 220
-emia 77
empacar 319
empeixar 318
emperador 220
empesar 169
emproar 304
en balde 147
en bolina 298
en seguida 148
en terra de lobos, ouvear coma to-
dos 149, 158
encanto 209, 440
encetar 172
enche-lo mar 342
enchousar 243
encina 223
encinal 223
encirrar 172
encrucillado 440
endemismo 488
endereçar 370
enderezo 370
éndez 70
endoscopia 79
endriago 223, 224

- enebro 223
enerxía 463
enfervorizado 236
enfriar 516
engader 64
engado 207, 209
engaiolante 210, 233, 234, 237, 249
engaiolar 234, 249
engorrobello 222
engra 87
engraiar 83
engranar 84
engranzado 243
engranzar 243
engrasado 223
engrenar 84
engroba 70
enlea-lo palangre 154, 155, 156
enmallar 303
enquisa 374, 375, 381
enrolar 319
ensalzar 375
ensiñar 223
ensoar 223
ensonar 224
ensono 224
entalado 242
entender 88
entergo 500
anterior 182
-ento 220
entorto 383
entrada libre 421
entrambilado 236
entrambillar 236
entranas 182
entrecosto 489
entrecot 489
entrego 361, 500
entreteer 222
entrevista 441
entropía 76
enviar 87
enxalzamento 375
enxalzar 374, 375
enxebre 233
enxebreza 233
enxel 239
enxergar 172, 212, 250
enxertar 263, 276
enxerto 263, 276
enxido 88
enxoiteza 218
enxoval 440
enxurrada 172, 342
-eo 534
eoceno 395
epatar 440
epidemia 79
equinoccial 320
equinoccio 320
equinosio 320
equivocarse 153
érbedo 88
erguedor 219
-ería 76
eritrócito 470, 471
eritrocito 471
erlenmeier 470
erlenmeyer 470
esbagullar 169
esbrancuxado 220
escabezante 342
escamallo 294
escamiñar 511, 520
escandallo 317
escáner 435, 489
escano 435
escaño 435
escarallar 502
escarba 290
escoba 214

- escolla 227
escoller 226, 227
escolma 210, 227, 262, 264
escolmar 172, 227, 260, 262, 264
escora 342
escorarse 342
Escorpión 452
escorrentador 219
escota 300, 302
escotilla 84
esculca 238, 249
esculcador 211, 219
esculcar 211, 238, 249
escumexar 221
eséxeta 461
esfarelar 262, 269, 270
esfragar 243
esgarrafizar 222
esgazado 242
esgaza-lo corazón 158
esgazamento 230, 232, 249, 250
esgazar 232, 250, 262, 269, 270
esgotar 210, 237
esgrevieza 218
eslogan 115
esmacelado 222
esmaciado 222
esmagador 236, 237
esmagar 236, 237, 250
esmigallado 243
esmorecemento 230, 232, 249, 250
esmorecer 207, 232, 250
esóxeno 460, 462, 471
espallado 239
espallamento 230, 232, 248, 250
espallar 172, 232, 250, 262, 264,
269, 270, 278
esparar 326
esparavanado 220
espectáculo 429
esperencea 169
espermatófito 470
espía 146
espiga 134
espíño 320
espir 88
espiritual 423
espita 146
esplandecente 219
esplendente 219, 249
esplendor 219, 224
esplendoroso 219
esporante 222
esprandor 182
esprendecente 219
espricar 182
esprito 169
espuma 313
espumallo 306
esquecemento 210, 230, 248
esquecer 219
esquerdismo 488
esquí 440
esquila 224
esquilar 511, 520
esquilmington 146, 511
esquilomo 146
estada 428
estai 429
estaleiro 371, 373
estalote 89, 90
estándar 440, 517
estar de Deus 152
estar de Dios 151, 152
estar de mala templa 520
estar out 423
estartelado 511
estartelar 511
Estebo 517
estela 299
esteo 263, 276
esterco 316

- esterlina 429
 esteso 222
 esteta 461
 Estevo 517
 estimanza 230
 estimar 512
 estomballado 169
 estordegar 243
 estoria 76
 estoufo 90
 estoupallo 90
 estoupallón 90
 estoupar 223
 estoupizo 90
 estoupón 90
 estoupona 90
 estourar 223
 estrada 366, 367, 368
 estraladeira 89
 estralante 89
 estraloque 81, 89, 90
 estraneza 182
 estrano 182
 estrapexar 222
 estrar 262, 270
 estrave 324
 estrela 452
 estrela (de mar) 307
 estrés 489
 estribor 309
 estrincón 90
 estroleque 89
 estropada 320
 estropallo 520, 530
 estroqueiro 89
 estrozador 219
 estrozar 224
 estumballado 174
 Etiopía 77
 etnocentrismo 489
 eu nese peto nin saco nin meto 154
 euforia 79
 euro 485
 eurocámara 491
 eurodeputado 485
 eurozona 490
 eutanasia 77
 ex- 462
 exexeta 461
 exo- 462
 exóxeno 471
 explodir 223
 exteriorización 231
 exteriorizamento 230, 231, 249
 extra- 462
 -eza 218
 facareño 242
 facer frente 151, 152
 facer fronte 152
 facer novelos 150, 151
 faciana 222
 fácil 247
 fáctico 514
 fagot 430
 fahrenheit 443
 fair play 435
 faísca 133, 146
 faladoiro 218
 falla 438
 familia 76
 fan 437
 faraday 435
 faradio 432, 435, 441
 farallón 326
 farmacia 77
 farricoque 89
 farsesco 490
 fartanza 216, 217
 farún 87
 fasco 146
 fasquía 239

- fasto 146
fava 88
favo 88
feblecer 221
febra 88
fecheira 338
fedehondo 224
fedenchoso 222
feder 137, 144
feed-back 429, 440, 443
feirón 514
feixe 261, 262, 274
fel 218
feleza 218
fenda 88
feno 224
fento 156
feo coma un can 159
fermio 441
ferrete 326
ferruxe 87
ferry-boat 435
ferún 87
fervente 236
ferver 236
fervoroso 236
ficar 169
ficar á lúa de Valencia 150, 151
ficheiro 501
fieito 156
fiel 502
figuranza 216, 250
figurar 227, 228
fijurar 169
-filia 79
filloa 70, 440
filoloxía 76
fin de semana 210
fiollo 86
firmware 443
fisga 325
fitar 228
-fito 469
fiúncho 86
fixarse 247
flamenco 224
flanear 219
flanexante 210, 219, 249
fletán 318
flocó 531
flotilla 428
flyph 443
-fobia 79
fogada 326
fogo 169
foie-grás 436, 443
fol 88
fole 88
folgo(s) 239, 250
folio 312
folla 146
folla de sapo 90
fon 441
fondear 317
fonio 435, 441
footing 115, 439
fóoting 436
foraborda 542
formalina 542
formigante 542
forra 543
forsa da marea 343
forte 221
fortecer 221
fortecido 221
forteza 221
fortúa 182
fosco 218
foscuro 218
fósil 543
fotolito 74
fotolitografía 74

- fotoxenia 79
fotoxénico 543
foula 300, 303
foupa 146
fraguismo 490
franco 338
fraude 517
freba 88
frecuentemente 247
freganzo 520, 530
freitada 319
fresa 409
frigorista 317
froallar 89
froito 257
frol 169
fronza 146
frotar 224
froula 146
frouma 133, 137, 146
frume 383
full-time 435
fumareu 317, 318
fumazo 306, 307, 320
funcionalidade 488
furna 294, 305
furnal 305
fúrnea 294
furruxe 87, 331
fútbol 421, 422
fútema 421
fuxida de cerebros 421
- gado 86, 88
gafedade 217
gago 89
gaiola 234, 237, 249
gaiolar 514
gaioleiro 237
gaivota 314, 323, 465, 466
galáctico 462
- galaxia 452, 462
galegués 490
galeiría 84
galeón 292, 293
galería 83, 84
galiña 135, 136, 141
galipote 322
galistrar 514
gallear 514
galludo 338
galpón 84
gamela 288, 289, 292, 300, 314,
317, 321, 322, 342
gamela coruxeira 288
gámeta 461, 471
gameto 460, 461, 471
-gamia 79
ganancias 433
gándara 88
gando 86, 88
gandra 88
garamelo 243, 246
garavinha 246
gardamallas 485
garfelo 243
garmalleira 88
garrote 530
garuma 146
gaseosa 84
gasosa 84
gasto 146
gaudioso 223
gavota 300, 434, 466
gentleman 443
geyser 433
géyser 436
ghaleón 292
gincana 440
glamour 440
glic- 72, 73, 457
glicemia 71, 72, 73

- glicémico 71, 72
glicérico 71, 72
glicerina 71, 72
glícido(s) 71, 72, 73, 471
glicina 71, 72
glicinia 71, 72
glicinio 72, 73, 457
glico- 72, 75, 80
glicol 71, 72
glicólise 71, 72
glicolítico 71, 72
glicosa 71, 72, 73, 471
glicósido 71, 72, 73
glicosuria 71, 72, 73
glicoxénese 71, 72
glicoxenético 71, 72
glicóxeno 71, 72
globalizador 490
gluc- 73, 457
glucemia 73, 457
glúcido 73, 457, 471
glucinio 73, 457
glucosa 73, 457, 471
glucósido 73, 457
glucosuria 73, 457
golaveraxe 441
goldría 305, 307, 308, 310
golf 430
golfe 307
golfeiro 307
golfo 307
goma de mascar 84, 429
gonio 317
goniómetro 317, 319
gorar 333
gostante 219, 248
gourmet 442
gradicela 307
gramalleira 88
granar 83
gransoleiro 336
grañoto 90
grao 87
gravata 84
green 443
gorria 169
grúa 84
gueivota 313
gueldo 146
guerrilla 428
guindastre 84
gullo 146
gulosidade 217
gunisar 169
gurgullante 219
gurrias 89
habitador 219
halar 295, 303
hall 440
hamada 489
hándicap 433
háppening 435
hardware 443
hazaña 224
hematuria 77
hemípteros 467
hemorragia 79
henrio 432, 435, 441
henry 435, 441
hercio 432, 441
herenza 224
herói 223
hertz 432, 435, 441
hestoria 169
hibridación 488
hidroterapia 79
himenópteros 467
hincha 440
hinterland 443
hiperglicemia 71, 72
hipoglicemia 71, 72

- hipopótamo 468
 hipotermia 79
 hippie 421
 hippy 434
 historia 76
 hit 440, 443
 hit-parade 435
 hit-parade 436
 hobby 429, 433
 hóckey 397, 433
 home 147
 homem 223
 homildeza 218
 homildoso 220
 honradeza 218
 hooligan 441, 489
 horquilla 146
 hot dog 441
 hourizonte 182
 hovercraft 441
 humildanza 182

 -í 421
 -ía 76, 77, 80
 -ia 77, 80
 iac 440
 iarda 440
 iate 429, 440
 ideia 223
 igualar 537
 illa 237, 322
 illado 237
 illar 237
 imaxen 223
 imaxinar 538
 imbar 87
 imitante 233, 249
 imo 320, 342
 impactar 440
 impar 89
 imperante 219
 imponer 432
 imposible 169
 in- 532
 inadecuado 247
 inaxeitado 211
 incerteza 532
 incertidume 532
 inconquerible 360
 inconquerido 360
 inda 88
 inesgotable 210, 237
 inesquecente 213, 219, 249
 inesquecible 213, 219
 ineusorabre 182
 infantoxuvenil 490
 infoescéptico 490
 infoestudioso 490
 infopredicador 490
 informar 432
 inglés 182
 ingresar 432
 ingresos 433
 inmerso 247
 inmorredoiro 218, 235, 247
 inmorrente 219, 233, 235, 247, 248
 inmortal 235, 247
 inoxidable 462
 input 440, 443
 íinput-óutput 436
 input-output 440, 443
 inquedante 210, 211, 217, 233, 249
 inquedanza 211, 216, 217, 230
 inquedar 211, 217
 inquedo 211, 217
 inquérito 375
 inserir 276
 insticompetente 490
 íntemo 182
 interbancario 490
 interimperialista 490
 intermezzo 443

- internauta 485
internet 485
interromper 227
intersindical 492
entreviú 441
introducir 276
invencible 182
inxel 239, 250
inxenio 224
inzar 172, 255, 262, 271
-iño 167
iñar 182
ir á ronsa 300
ir a Vigo para ver Cangas 154
ir cos da feira e volver cos da festa 157
ir cos da feira e volver cos do mercado 157
ir en barría 334
irexe 222
isca 146
iso 169
isolado 237
isqueiro de Bunsen 470
- jack 435
jacuzzi 443
jai-alai 435
jallejo 169
jazz 409, 430, 433
jeans 441
jéep 436
jemer 440
jet 443
jet stream 443
jiujitsu 443
jockey 397, 429, 433
jóckey 436
jogging 441
jonio 319
jota 440
- joule 435, 437
grande 169
jras 333
jrase 333
júnior 433
jurás 332
- kaiak 442
kamikaze 429
khmer 440, 517
kibbutz 517
kilim 489
knock-down 443
knock-out 443
know-how 435
- laberca 509
laboura 222
lacustre 73
ladilla 83
lagarteira 321
lagoa 81
laguna 81
lamia 261
lamigoso 220
lamiguento 220
lámpara 224
lanchar 294, 300, 313, 317, 321
lanchar de enviada 342
lanchar xeiteira 292, 312
land 492
lanzal 218
lañar 322
laño 308
lapilli 443
lapiñar 89
lápiz 81
larganza 216
larghetto 443
largo 516
largura 432

- lasaña 422
 lastra 518
 lastro 518
 latexante 233, 249
 latexar 212, 213
 lava-la cara 154
 lavanco 468
 laverca 509
 léasing 436
 lediciar 221
 legumanza 216
 lehendakari 485
 leira 279, 518
 leiro 518
 leite 517
 leitmotiv 437
 lembradoiro 218
 lembranza 213
 lembrar 213
 lembrarse de Santa Bárbara cando
 arrola o trono 159
 leme 302
 lenda 361
 lene 207
 lente de contacto 440
 lentellola 440
 lentilla 440
 lentreto 220
 Leo 452
 León 452
 lepidópteros 467
 leptónico 467
 lesta 137
 leste duro 298
 leucócito 470, 471
 leucocito 471
 leucoplasto 449, 450
 levar a cabo 149
 lexía 81
 lexos 180
 Libra 452
 libracións 89
 librar 271
 libras 89
 libremercado 490
 libreta 81
 libro 147
 libro de familia 147
 licitar 506
 lied 437
 lifting 435
 lifting 441
 limiao 87
 limiar 256
 linaxe 224
 linfócito 470
 lingua 169
 linguaxen 223
 lipotimia 79
 Lira 452
 listaxe 518
 -lito 74, 75, 80, 458
 líving 435
 lizgairo 240, 250
 llanta 261
 llanura 180
 lluita 223
 lluitador 223
 lluitar 223
 lobby 435, 443, 492
 locideza 218
 lock-out 435, 440, 443
 locusta 223
 loggia 440
 logomaquia 79
 logotipo 79
 loireza 218
 loita 429
 loma 224
 long play 437
 lóok 435
 look 440, 443

- loriga 381
lostregante 219, 249
loxa 440
lúa 453
lucecú 88
lúgubre 73
lura 83
luzada 299
- macanazo 319
macareu 332
maceira 393
machorra 134
maciñeira 393
macira 393
macrófago 465
macroprograma 489
mada 334
madeiro 297, 309, 310
madrasta 223
maduración 231
madurador 219
madurecemento 211, 230, 231, 249
madureza 218
maga 236
magazine 435, 492
mágoa 234
magoante 233, 235, 249
magoar 234
maharajah 433
máis mala que Ánxela 155
mal e dano 379
malecó 338
malencónico 222
malia 530
malla fecheira 312
mallante 303, 341
mallar 260
mallente 304
malpocado 169
maltratador 491
- mamoria 169
manada 334, 338
manager 440
mánager xeral 423
-mancia 79
manda 334
¡manda truco! 155
manillar 81
maniobra 224
maniotas 530
mansío 318, 334
mantilla 428
manxar 223
mao 87
-maquia 79
maquiar 222
mar 313
mar raso 299
maravalla 146
maraxe 326
marca 429
mareán 323
marear 155
marelo 81, 332
mareta 303
marfim 223
mariguana 440
mariñeiro 313, 341, 342
mariscador 342
márketing 441, 489
marmallar 89
marmañar 89
márqueting 489
marrán 136
marrao 135
Marte 453
maruca 317
marusía 297, 315, 320, 321
maruxía 317
mascarón de proa 323
mascato 303

- maseira 288
 mass media 492
 mastectomía 76
 mástil 224
 mastócito 470
 mastro 302, 313
 matar cun tiro dúas lebres 159
 match 440
 matinar 240, 250
 mau 169
 maxwell 435
 mazaira 393
 mazanceira 393
 mecheiro de Bunsen 470
 meco 289, 290, 293
 mediático 485
 medio 310
 medio campo 492
 medioambiental 485, 491
 medioambiente 485
 mediodondista 491
 medra 146
 medrar 82, 213, 214, 530
 medula 457
 médula 457, 471
 medusa 300, 307
 megálico 74
 megalito 75
 meio 223
 melánico 469
 melanina 469
 melanoma 468, 469
 meleciña 182
 melée 429
 melfa 300, 302, 307
 membrilleiro 224
 membrillo 224
 memelo 322
 menaxe 440
 mencer 134
 menospreciar 82
 menosprecio 82
 menosprezo 83
 -mento 211, 217, 230, 231, 248, 369
 mercadeiría 372
 mercadería 372
 mercadoría 371, 372, 373
 mercadotecnia 441, 489
 mercadería 372
 mercancía 371, 372
 merchandising 490
 Mercurio 453
 mercurio 518
 merecedor 235
 merecente 234, 235, 248
 merecer 235
 mergullado 240, 247, 250
 mergullar(se) 240, 241, 247, 250
 meridián 304
 mesa 209, 213
 mesmo 547
 mesnada 381
 mesozoico 454, 471
 mesturar galgos e podengos 150,
 151
 metátese 518
 mete-la pata 157
 mete-la zoca 147, 157
 mete-lo fociño 158
 mete-lo nariz 158
 mete-lo zoco 153, 157
 meteorito 452
 meterse en camisas de once varas
 155
 -metría 76
 mexacán 342
 mexilla 322
 mexillón 322, 337
 mexiloeiro 337
 mexilón 322, 337
 mexo 460
 mexón 337

- mezzosoprano 422, 443
mico 331
micrólito 74
microscopio 71
mildeu 440
milicrocas 89
milicroque 90
milicroques 89
mílite 223
míllaras 322
milpéndora 69
milpréndiga 69
minestra 429
mingoleirón 69
minueta 295
miocardite 71
mioceno 395
miopía 76, 79
miradoiro 218
miragre 223
mirar 218, 228, 502, 506
miraxe 223, 250
misturanza 216
mitocondria 451, 460, 462, 471
mitocondrio 451, 462, 471
moame 146
moaña 146
móbil 492
mocareo 332
mocareu 332
mocarte 332
modem 434
módem 489
moderato 437
modus vivendi 147
moeda única 490
moimento 361
molestar 548
molleiro 288
momento magnético 467
monaguillo 224
monocolor 492
monogamia 79
monógamo 468
monólito 74
monolito 75
monóxido 462
morcilla 428
morea 262, 267
morrer 235
morse 304
morte do percebeiro 321
mostraxe 115, 518
mousse 440, 443
muíña 146
muito 169
multicultural 491
multiculturalismo 491
multidimensional 488
multiétnico 491
multimedia 485
mundialización 485
mundializador 490
muña 146
muralista 488
murquio 146
musgo 146
musgoso 220
musguento 220
music-hall 441
muxir 134

nacer 153
nacida 83
nada 362
namorouzo 222
nariz 517
nasa 321
nau 313
naufraxio 313
nave 299, 323
navigar 223

- navío 313, 323
 nebulosa 452
 necesario 247
 neceser 421
 necesitar 247
 necha 520
 nécora 321
 nefrólito 74
 nemigo 222
 neofascista 488
 neoliberal 485, 490
 neoliberalismo 492
 neozoico 454, 471
 Neptuno 453
 néroli 434
 newton 432, 435
 nicolao 69
 nike 441
 nique 442
 níqui 81
 nítróxeno 518
 nivel 245
 non cabe-lo corazón no peito 157
 non dar pancada, 157
 non facer branca 157
 non ir por aí a auga ó rego 157
 non ir por aí a auga ó río 157
 norai 317
 nordés 305
 nordesía 294, 305
 nordeste 298, 303
 nortada 305
 norte 303
 nostalxia 78
 notoriedade 532
 notorio 532
 -nte 211, 219, 235
 nuben 223
 -nza 211, 230
 ó chou 147
 o meu can pillou unha mosca 159
 obertura 429
 obispo 81
 oblast 438
 obra de cadeirado 511
 obra de cantería 511
 obra de perpiaño 511
 obramorta 310
 obriga (de pagamento) 377
 obviedade 532
 obvio 532
 océano 322
 -odo 461
 oerstedio 435, 441
 office 395
 óffset 436
 ohm 432, 441
 ohmio 441
 oleicultor 395
 oleicultura 395
 oligarquía 76
 oligoceno 395
 oliva 516
 olivicultura 395
 ollar 169, 228
 ollo de boi 147
 omoplata 457
 onda 294, 305, 307, 313, 315, 342
 onte 202
 ontem 223
 oólito 74
 operador turístico 441
 operófilo 490
 -opía 76
 orballar 89
 orcelado 220
 ordear 182
 ordenador portátil 490
 ordre 223
 orela 87, 313
 -oría 372

- orina 460
oriol 69
orneadas de burro non chegan ó ceo 157
ortópteros 467
Osa maior 452
Osa menor 452
osame 520
osamia 520
osixenable 462
osixenación 462
osixenar 462
osíxeno 460, 462, 471
osixenoterapia 462
osmose 517
ósmose 517
-oso 220
óso 520
osteotomía 76
otólito 74
otorgar 224
oucéano 182
ouriños 460
ouriol 70
ousia 518
outaneiría 224
output 440
ouvir 222
oxiacetilénico 462
oxiácido 462
oxibiose 462
oxibiótico 462
oxicorte 462
oxidable 462
oxidación 462
oxidar 462
óxido 462
oxidorreducción 462
oxihemoglobina 462
oxisal 462
osíxeno 471
pa 125
pabellón 125
pabillón 125
pacente 125
pachá 125, 440
pacotilla 125
padastro 125
padería 126
padrastro 124
pagaduría 125
pagano 125
pagaré 125
pago 127
pai 127
paiaso 125
pailebote 292, 300, 303, 322, 442
País Vasco 125
Pakistán 125
pakistaní 125
pala 125
palabra 215
palada 125
paladar 125
palafito 126
palanca 126
palangana 126
palanqueta 126
palavra 125
paleadora 125
palear 125
páledo 125
paleoceno 395
paleozoico 454, 471
palidez 218
palillo 125
palista 125
palitroques 89
paliza 126
pallaso 440
palluso 146

- palmexar 324, 325
 palo 224, 302
 palometa 126
 palude 223
 pamplonica 126
 pan 143
 pan de cobra 136
 pan de raposo 136
 pan de sapo 136
 panadería 88
 panchó 314
 pandilla 126
 panga 318
 pangueiro 318
 panterma 295
 pantocazo 319
 pantoque 324, 325
 pao 87
 paparazzismo 490
 paparazzo 442, 489
 papo 136, 142
 paquebote 303
 paquistaníes 126
 para 127
 paraíso 210, 223
 paradoxa 125
 paradójico 125
 paralisar 126
 parasito 457
 parásito 457
 paraugas 136, 143
 pardao 124
 pardela 326
 parduco 126
 paré 125
 parecer 226, 227, 228
 parella de feito 491
 paréntese 127
 paréntesis 126
 parexa 125, 151, 224
 parias 89
 pariente 126
 parisino 126
 parking 126
 parladoiro 218
 parloteo 126
 parolar 218
 parquet 126
 párrafo 126
 parrilla 126
 parrocha 64, 88, 333
 part time 126
 parte 432
 partenaire 126
 participar 535
 partidizar 490
 partido 440
 Partido Laborista 127
 parti-lo corazón 158
 partixa 125
 party 126
 pasado mañá 125
 pasear 534
 paseo 85, 534
 pasillo 126
 pasión 125
 paso 127
 pasodobre 423
 pasou un anxo 158
 passe-partout 126
 pastilla 428
 patache 300
 patadas de burro non chegan ó ceo
 157
 patalexar 224
 paternóster 127
 -patía 76
 patñar 89
 pátrea 169
 patrocinador 441
 patronato 125
 patrullero 125

- pau 87, 124
paulina 125
paulo 146
pavillón 440
paxá 440
páxaro 124
páxina web 490
pazo 127
pé de muño 326
peatón 125
peatonal 125
peca 125
pecata minuta 125
pecio 323
pedigree 126, 433, 436
pedofilia 79
pegatiña 125
pegaxoso 125
peilebote 292
peine 125
peirado 125
peirán 124, 300, 303
peirao 303, 315, 323
peixador 305
peixadora 305
peixar 305, 318
peixe 313
peixe da barría 334
peixe de pouca sonada 154
peixeira 321, 341
peixeiro 305
Peixes 452
Pekín 125
pelea 125
pelear 125
pelengrín 222
pelengrino 222
peleriño 222
peligro 125
pelliza 125
pelo 146
pelra 169
peluca 125
peluche 126
peluqueiro 125
peluquería 126
pelvis 126
pena 314, 321, 341
penalty 126
penas 288
pendello 84
pendiente 126
penedo 288, 299, 315
peneira 263, 274, 326
peneirar 262, 263, 273, 274
penica 146
penichaira 125
península 182
penitenciaria 126
penna 223
penol 302, 304
pensatibre 222
pente 124
pentear 124
Peñón 126
pepino 126
pepita 126
péppermint 436
-pepsia 79
perante 127, 500
perance 126
perdas e dapnos 379
perde-la cabeza 154
pérdida 126
perdonar 126
perene 125
perestroica 125
perezoso 126
pergamino 126
pergamiño 124
pericia 76
perigrar 125

- perigro 125
 periodo 124
 perlé 434
 permanecer 125
 pérola 126, 223, 250
 perone 457
 peroné 457
 pérone 457
 peróxido 462
 peroxisal 462
 peroxo 462
 perpiaño 510
 Perpignan 125
 Perpinyá 125
 perrera 125, 126, 531
 perruca 531
 persoalidade 125
 persoalismo 125
 persoarse 125
 persoaxe 125
 persoeiro 365
 persona 126
 personal 126
 personarse 125
 pertecer 125
 pertencener 125
 pertencencias 125
 pértiga 125
 perto 124
 pertrechos 125
 pervertir 125
 perxudicar 125
 perxuicio 125
 pesadela 125
 pesca 321, 341
 pescado 127
 pescador 341, 342
 pescantina 341
 pescar area de Porto 154, 156
 pesco 305, 341
 pescuda 207, 210
 pescudar 207, 210
 pese a que 125
 pesebre 124
 pesqueiría 125
 pestaña 125
 pestañar 125
 petición 127
 petón 325, 326
 petrolero 125
 petromas 319
 petrucio 222
 pexa 260, 262, 263, 268, 269
 pexar 262, 263, 268
 péxego 124
 pez 125, 127
 pfénnig 436
 pialla 318
 Piamonte 125
 piamontés 125
 piano 438
 pibida 124
 pica 146
 picaño 146
 picapreitos 125
 pícaro 167
 piche 322
 pichi 324
 pichón 126
 pic-nic 125
 pico 146
 picón 146
 pidir 124
 pieitar 124
 pieite 124
 piel 126
 pigmeu 126
 pilar 126, 224
 píldora 124
 pilro 146
 pílula 127
 pimenta 124

- pimento 124
pimentón 126
píncaro 222
pincheiro 318
pinchorra 89
ping-pong 125
pingüe 127
pingüino 126
pino 124
píntega 89
pinzón 126
piñuca 146
piollo pato 83
pior 124, 169
piquenique 126
pirómano 71
pis 460
Pisces 452
piscis 126
pita 135, 136, 141
pitillo 126
pitorro 126
pívtot 126
pizarra 81, 126
pizarreira 125
pizzicatto 437
placenteiro 125
placer 126
plácet 126
plaga 126
plaia 125
plancha 126
planeadora 126
planear 127
planeta 450, 452, 453, 461
planexar 125
planta 127
plantexamento 125, 336
plantexar 125, 336
plantilla 126
plastidio 449
plasto(s) 449, 450
plastócromo 450
plastoxel 450
plastoxénese 450
plata 125
plateau 126
plateresco 428
play-back 126, 429
play-boy 126
playboy 430
pláyboy 436
play-off 126, 442
plaza 125
plazo 125
pleamar 125
plebeio 125
plegar 125
plegue 125
pleistoceno 125
pleitear 125
pleito 125
pleo 125
pliegue 125
plioceno 395
plomo 83
pluma 146
plumón 125
plurinacional 485
Plutón 453
pó 125
poallar 89
población 125
pobo 115, 127, 398, 517, 529
Póboa de San Xulián 125
Póboa do Brollón 125
Póboa do Caramiñal 125
podente 219
pódium 126
póinter 436, 441
pointer 441
póker 126

- polas boas 148
polas malas 148
poliandria 79
policíaco 125
policromía 76
polido 169
polígono 337
polilla 125
póliza 127
polizón 126
pollo 124
polo San Martiño, trompos ó cami-
ño 152
Pólux 452
polvo 126
polvorento 125
polvorín 126
poma 133, 146
pomada 146
pompa 127
ponche 429
ponderar 432
pónei 442
ponencia 126
ponente 126
poney 126
poni 435
ponla 124
ponta 126
ponte 127
ponto 126
pontón 337
poñe-lo dedo na chaga 154
población 125
popular 485, 491
popurri 126
por 127
pór 127
por contra 125
por máis abastamento 380
por todas partes 126
por unha hora en popa un ano en
bolina 298
porche 126
porco 135, 136, 142
portanto 125
portar 223
portavións 125
portela 518
portelo 518
porto 313
pose 127
poseedor 126
poseer 126
posfraguismo 490
posibre 125
pósito 339, 341
posmodernismo 492
postela 124
pósters 126
postgraduado 125
postguerra 125
postor 126
postproducción 125
postración 126
postrarse 126
potencia 464
pou 146
pousar 127
pousatubos 518
poutada 312
povela 146
povo 125, 517
poxa 146
poxar 506
praia 313, 326
pranchar 127
pranta 124, 169
prantexar 125
pratino 125
preacordo 127
preamar 342

- precampaña 491
precepto 127
precio 82, 124
preciosismo 82
precioso 82, 83
precisar 247
preciso 247
predecir 126
predicción 125
preestreno 126
premier 126, 442
première 126
premura 126
prenda 126
prendería 125
preparador 440
preparativo 211
preparo 211, 222
prescribirse 125
preseiro 319
presenza 126
preservar 542
presidente 127
perspectiva 125
préstamo 127
prestar 127
presupuesto 127
presupuestario 125
presupuesto 125
pretencioso 125
preveer 125
prevenido 125
prevenir 125
prexuício 124
prezar 83
prezo 82, 83
prima 127
primaveira 125
primeir 125
primer 125
priorato 125
prisa 125
prisma 127
privatizador 490
pró 125
proba 217, 440, 489
probanza 216, 217, 250
probe 115, 125, 169
procedimento 126
procesal 125, 532
procesual 532
proel 125, 300
profiláctico 462
profilaxe 462
profildonar 223
profisión 126
profesional 126
profundo 245
prohibir 547
prohome 125
proiección 125
próisimo 125
promedio 125
promocionar 125
pronombre 125
pronóstico 125
pronto 127
proprio 126
prorratar 126
prosperar 127
protótipo 471
prototipo 79, 471
protóxido 462
proveedor 126
proviniente 125
provinte 125
provinza 125
proxecto 127
pruído 124
pruír 124
pruma 125
psicoanálise 124

- psicoanalítico 124
 psicoanalizar 124
 psiquedelia 124
 -ptero 466
 púa 126
 pub 434
 pubis 124
 publicación electrónica 490
 publicar 501
 público 501
 pubricación 125
 pubricar 501
 púbrico 125, 182, 501
 pucheiro 82
 pucherazo 126
 pudding 126
 podía 146
 Puebla do Caramiñal 125
 pueblo 126
 Puenteareas 125
 puerro 126
 puísca 146
 pular 172
 pulazo 146
 pulgada 126
 pulgar 126
 Pulgarcito 126
 pulir 124
 pull-over 126
 pulo 240, 250
 pulpa 126
 pulpeira 125
 pulpería 126
 pulpo 83, 126
 pulsar 127, 441
 púlsar 441
 punk 443
 puntalousa 70
 puntiagudo 126
 puntocom 490
 puntón 337
 puntualizar 126
 puñetazo 126
 pupitre 126
 purín 126
 puxa 124
 puxante 127
 puxar 124
 puzo 222
 quásar 436, 441
 quasar 441
 quebramento 230, 249
 quebranto 325
 quedo 211, 216, 232
 queimada 331
 queimador de Bunsen 470
 queixelo 136
 queixo 134, 136, 142
 quenda 262, 267
 quenlla 463
 quieto 216
 quilla 309
 quilogrametro 464, 465
 quiñón 319
 quiosco 517
 quiromancia 79
 quisqueiro de Bunsen 470
 quitar do medio 158
 quitas 89
 raba 297, 314
 rachadoiro 218
 rachamento 217, 249
 rachar 227
 racú 289, 313, 314
 radioescoita 304
 raeira 312
 rafega 300, 302
 raia 463
 raiola 234, 249
 raiolante 234, 235, 249

- raiolar 234, 249
rama 133, 137, 146
ramada 146
randeeira 70
rañaceos 115, 421, 430
rañeiro 335, 337, 342
rapaz d'abordo 300
rapiña 224
rasgo 516
raspa 146
raspeta 321
rato 421, 423, 429, 430
rebentar 242, 245
recad- 378, 379
recadación 378, 379
recadadeiro 379
recadádiva 379
recadador 379
recadar 378
recado 379
recalar 317
recender 137, 145
recibidor 219
recodo 319
reconquerir 360
récord 429, 440
recordar 213
recordo 213
rede 313, 485
rede de sumidoiros 518
redeira 321
redondeza 218
refacho 305
refaijeiro 69
refén 374
reflexador 219
reflexo 409
refugar 207
regaña 88
regate 440
regateira 341
rego 263, 277
rela 146
relampo 242
relevar 510, 511
relevo 510
relinga 325
relingador 325
relingar 325
rella 146, 318
rella da auga 318
rello 88
reló 338
relojito 338
reloucante 234, 249
reloucar 234
reloxo 337
remadoira 309
remake 441
remolcador 313
remuda(s) 510, 550
remudar 510
remuneración 433
ren 361, 362, 371
renchemento 210, 217, 249
renunzamento 217, 249
reparar 247
reps 434
reptil 457, 468
réptil 457, 468
resbar 224
resgardo de aboamento 518
resina 146
resón 329
resplandecente 219
retroacción 429
reutonar 56
revancha 429
revocar 516
revogar 516
rexurdimento 230, 249
rexuvenecer 544

- ría 294
 ribazón 318
 ribeira 300
 ribosoma 451
 rifar 300, 302
 ringaleirón 69
 risón 312, 329, 341, 342
 rizo 440
 rizoma 73
 rizón 329, 330
 robra 88
 roca 313, 341
 rocalla 434
 rocha 313, 321, 323, 341
 rochedo 299, 305, 313
 rock 430
 rock and roll 422
 roda de proa 309
 rodear 332
 roecán 319
 roentgen 435
 roita 223, 250
 rol 304
 rolda de prensa 485
 romao 182
 romirón 69
 rompe-lo corazón 158
 romper 226, 227
 roncallo 308
 ronda 224
 ronsel 299, 300, 303, 307, 313, 321
 rosa dos ventos 304
 rosada 318
 rosel 307
 rota 319
 roteiro 223, 250, 304
 róund 436
 -rraxia 79
 -rritmia 79
 rubida 227
 rubidoiro 392
 rubir 182, 227
 rueiro 377
 ruído 220
 ruidoso 220
 rula 336
 rumiante 457, 471
 ruminante 457
 rumoroloxía 490
 runfante 234, 235, 249
 runfar 234
 rústeco 182
 ruta 313
 rutía 326
 sábanos 90
 sabedente 219, 249
 sabencia 233, 250
 sabiduría 233
 sacabeira 89
 sacarrancha 89
 saguntiño 182
 saiba 462, 463
 saí-lo corazón do peito 157
 saír dun souto e meterse noutro
 154
 saiva 462, 463
 salamántiga 89
 salgazo 321
 saloucar 89
 salseiro 294, 297, 320
 salucar 89
 saludadoiro 218
 salvas 89
 sámago 88
 sándwich 430, 433
 sangue 82
 sanjuais 90
 sansillaos 90
 sanxoán 90
 sanxoáns 90
 sanxuais 90

- sanxuán 90
sapagueira 89
sapaqueiro 90
sarego 516
sarreta 330, 331
satélite 452, 453
Saturno 453
savane 90
savoir faire 421
Saxitario 452
sceario 223
-scopia 79
sear de couso 310
sear de meo 310
seareiro 440
seba 295, 314
sebe 81
secreción 514
seguidismo 490
seguranza 216, 217, 230, 250
seguridade 217
seiba 462
seiva 223, 250, 460, 462, 463
seixoáns 90
seláceo 463, 464
selacio(s) 460, 463, 464
selaquio(s) 463, 464
seláquio 464
self-service 441
semellar 228
semisoto 514
sen embargo 149
senior 115
senlleiro 364, 365
sensuais 90
sensuán 90
sentada 421
señal 224
señeiro 364, 365
seoane 90
separación 247
separar(se) 226, 227, 247
sepelio 514
sepiolita 75
-sepsia 79
sequeira 338
ser necesario 247
ser preciso 247
serfa 300
servidor 421
sesear 514
seseo 514
sesquióxido 462
sesta 520
séter 442
sex-appeal 440, 443
sesta 520
sforzando 443
shah 443
shérif 434, 436, 441
sherif 441
shock 441
show 429, 434
siareiro 514
siareiro violento 489
sicaridade 531
sicariedade 531, 532
sicario 531
sida 429
siderólito 74
siemens 435
siéns 224
sievert 435
sílabo 71
silla 392
silvar 224
simetría 76
simpatía 76
sinal 361
síndrome 517
sinfonía 71
singladura 300

- single 443
- singradura 300
- sinistralidade 485
- sinxeleza 218
- siñificanza 216
- siñor 169
- Sirio 452
- sitio web 490
- siux 441
- síux 441
- sketch 430
- ski 440
- slip 440
- slum 443
- slump 443
- smog 421
- smóking 433
- so 547
- soana 90
- soane 90
- soar 516
- soarego 516
- soberbo 223
- sobexar 371
- sobexo 371
- sobrança 237
- sobrancelheiro 237, 247, 250
- socalcado 220
- socheo 305, 310, 342
- sociocultural 492
- soficar 225
- sofico 225
- sofincamento 217, 225, 249
- sofincar 225
- sofinco 225
- software 443, 485, 492
- soilo 222
- sol 453
- solasmentres 182
- soleira 172
- soliano 90
- solidariedade 532
- solidario 532
- solidez 218
- solouzar 182
- sombreiro 143
- sombrilla 136, 143
- sombroso 220
- son pregravado 429
- soprano 430
- soro 134
- sorridente 223
- sorrío 306, 307
- sos 547
- sotarrego 243
- sotavento 304
- sotelar 89
- sotto voce 443
- souflé 442
- sóviet 436
- spániel 435
- spin 467
- spónsor 430, 490
- sponsor 441
- sport 492
- spot 490
- spray 430
- sprinter 441
- squash 433
- squátter 437
- stand 440
- standard 440
- stasía 76
- stillb 435
- stock 430
- stres 429
- stringendo 443
- striptease 441
- strip-tease 441
- suahili 440
- suarego 516
- subcampión 492

- subida 227
subir 226, 227
subir de ton 152
subir de tono 151
suborno 539
subsector 488
substitución 510
substituír 510
suelo 202, 214
sueste 300, 305
suicidar 506
suite 443
sul 223
summidade 223
supervendas 429
surada 300
surfeiro 491
surro 342
surtir 223
swahili 440
sweater 440
swing 443
- tacilla 441
taekwondo 443
tafona 88
tallada 338
talladeiro 338
tallamar 324, 325
tallante 307
tallo 224
talófito 470
tamo 146
tanga 434
tanque 429
tanque de achicar 338
taquicardia 78, 79
tarrafa 295, 315, 342
tarrela 244, 245
tarrelo 246
tartamudo 89
- tatabexo 89
tatexo 89
tato 89
taxa 518
taxi- 462
taxo 224
teatralizar 492
tecnólogo 489
teebras 222
telecadeira 435
telecinesia 79
teleconferencia 489
telefilmesco 490
telefonar 548
telenauta 490
telesilla 435
teletexto 489, 492
teligras 69
temoeiro 373
temón 373
témpera 520
tempero 520
templa 520
tenebrento 220
tenebroso 220
tenedor 409
tensión 429, 489
tentadoiro 218
teodolito 74
ter en conta 149
ter moito que remar 154
terapeuta 461
-terapia 79
-termia 79
terra 453
terreo 241, 250, 263, 275
tertulia 514
tesla 435
testa 88
testemuña 529
testemuñal 529

- testifical 529
 testificar 529
 tetor 376
 thriller 485
 tiburón 463
 ticket 436, 441
 ticket 441
 tidoar 222
 tídoo 222, 363
 tiduo 363
 tiligras 69
 -timia 79
 timidez 218
 tingue 222
 tioupeira 222
 -tipo 79, 80
 tipografía 79
 tirabuxón 440
 tirabuzón 440
 tirar 502
 tirar co árbol 152
 tirar coa árbore 152
 título 363
 título 363
 título 363
 titor 374, 375, 376
 titoría 376
 título 363, 364
 tivemos 169
 tixeira 307
 tocante a 147
 tocarse o carallo 512
 toller 242
 tomo 304, 305, 325, 342
 -tomía 76
 top 440
 tope 290
 torneo 381
 toste 383
 toupón 90
 toupos 90
 toupós 90
 tour operator 441
 tour-operador 421, 423
 touza 334
 traballar para Aldán 154
 traballo mecánico 465
 tráiler 492
 trainera 295
 traíneira 295
 tramallo 321
 trancanil 324, 325
 tranquilo coma Amancio 155, 156
 transbordar 313
 transnacional 492
 trapela 84, 246
 trapo 293
 trasatlántico 313
 trascos 90
 trávelling 492
 trazo 516
 trebo 517
 trebón 224
 treidor 169
 treinador 489
 treiteado 222
 treito 222
 trelo 88
 tremadoiro 218
 tremar 222
 tremoroso 220
 trevo 517
 triglicéridos 72
 trílito 74
 trinidad 224
 trócoles 89
 -trofia 79
 trollera 319
 trombócito 470
 tróndea 244, 246
 trondeado 244, 246
 tronzar 242, 250

- tropía 76
- tróqueles 89
- troques 89
- trunfo 222
- tumbo 305
- turafaia 324
- turno 267
- turoperador 490
- tutor 375, 376
- twist 430, 443

- ual 532
- ualabí 442
- uapití 442
- ubre 134
- ulir 144
- ultimatum 115
- underground 422, 430, 434
- únderground 436
- uni- 466
- unidade 247
- unido 247
- unión 247
- univalvo 466
- universo 452
- jupa! 149
- ura 218
- Urano 453
- urbán 115
- urea 467
- uréter 467
- uretra 467
- uría 77
- urina 460, 467
- urinario 467
- urxir 432
- usamia 520
- utente 115

- vacío 233
- vacuola 458
- vacúola 458
- vacuolo 458
- vacúolo 458, 459
- vaga 294, 305, 315, 342
- vagada 307, 308
- vagallón 294, 305, 315, 342
- vagalume 88
- vagamundo 222
- vagra 324, 325
- valedeiro 237
- valeiro 338
- valemento 230, 231, 233, 248
- valer 233, 237
- valía 231
- validenza 182
- válido 237
- valor 231, 233
- valva 466
- vao 87
- vapor 313
- vaqueiros 441
- varapao 224
- varar 313
- varear 155
- varela 83
- varilla 83
- varrer 517
- vasoira 214, 519
- vasura 517
- vatio 432, 441
- vazquismo 490
- vedette 492
- vegada 361, 362, 371
- vela 313
- ve-la luz 153
- velame 295
- velear 292, 305, 320
- vella facendo as papas 88
- vello 167
- velocista 441
- vencellamento 249, 250

- vencellar(se) 210, 247, 250, 262, 265
 vencillo 210, 217, 231, 232, 247, 250, 260, 262, 265
 vencemento 217, 248
 vendeta 437
 vento 313
 vento mareiro 297, 300, 308, 314, 321
 vénula 458, 471
 Venus 453
 ver 226, 228
 verba 215
 verdello 310
 verza 171
 vestíbulo 440
 vez 362
 vezo 82
 Vía Láctea 453
 vibradoiro 218
 vichelocrego 69
 vicio 82
 vinculación 232
 vincular 232
 vínculo 232
 vingatibre 182
 violencia doméstica 491
 vir da barría 334
 vir ó rego 154
 viveiro 316
 vizoso 172
 vladivideo 490
 voghar de couso 310
 voghar de medio 310
 voghar de meo 310
 voitirón 338
 volanta 312
 volanteira 292
 volanteiro 288
 volt 432, 435
 voltaghear 298
 vouces 169
 voz en off 421, 423
 walkie-talkie 517
 walkman 443
 wat 441
 watt 432, 435
 web 485
 wéber 435
 weltanschauung 439
 wéstern 440
 winchester 441
 wínchester 441
 windsurf 434, 517
 wíndsurf 436
 xabreiro 244, 246
 xaramiño 326
 xardón 86
 xaspe 507
 xaspeado 507
 xastre 507
 xastrería 507
 xaxuar 518
 xeba 295, 314
 xebe 314
 xebra 295, 313, 314
 xeito 211, 312
 Xemelgos 452
 Xémini 452
 xenciva 224
 xeneralato 507
 xeno- 462
 xenofobia 79
 xeodesia 77
 xerele 312
 xerfa 299, 300, 301, 323
 xerme 257
 xerminadoiro 218
 xerminar 218
 xermolar 212, 213, 262, 265

- xermolo 262, 265
xeroglífico 71
xeroulifo 182
xersei 440
xesta 519
xií 421
xilaba 85
xilo- 462
xincana 440
xinete 429
xintoísmo 85
xiringa 469
-xiro 533
xoanas 90
xoaniña 70
xoiel 224
xoio 83
xoldrista 490
xota 440
xouba 64, 88, 333
xugo 262, 266
xulio 432, 441
xunca 87
xunguir 172, 262, 265, 270, 398
xuntadoiro 218
xuntanza 230
Xúpiter 453
xurdio 211
xurdir 256
xurel 314
xurelo 333
xurro 342, 343
xusgar 224

yak 440
yarda 440
yate 440
yeyé 441
ye-yé 441
yíddish 436
yiddish 443
yuppie 443

-zar 82
zarabeto 89
zarreta 331
zarrote 143
zarzallar 89
zarzallo 89
-zo 82
zoólito 74
zoom 422
zóom 436
zugar 242
zulo 434
zume 463
zume bruto 463
zume elaborado 463
zurdo 319
zurro 342



9 788495 415752

Das diversas tarefas que implica a planificación do corpus dunha lingua minorizada, a codificación e estandarización do léxico é seguramente unha das máis complexas e problemáticas, e o galego é un exemplo abondo ilustrativo a este respecto. Tras varios anos de innegables avances neste eido, probablemente era chegado o momento de abrir un proceso de reflexión que permitise realizar un balance dos logros atinxidos e das tarefas pendentes. Foi este o obxectivo que moveu á celebración do Simposio *Léxico e estandarización en Galicia*, celebrado en novembro de 2002 na Universidade de Santiago de Compostela e no que numerosos especialistas foron convidados para expoñer as súas ideas sobre diversos aspectos relacionados coa estandarización do léxico. Este volume reúne as contribucións presentadas no Simposio, coas revisións e ampliacións que os autores consideraron necesarias para a edición dos textos.



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

